



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Bioloxía

Curso Académico: 2023/2024

Control da elaboración e aprobación

Versión	Unidade/Órgano	Data de aprobación
V.1.-	Comisión de Calidade do Centro	23/07/2025
V.2.-	Xunta de Facultade	05/11/2025
V.3.-	Comisión de Calidade e Planificación, delegada de Consello de Goberno	26/11/2025

Índice

1.	Introdución	2
2.	Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	18
	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade	18
	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	74
	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado	157
	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	218
	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	246
	Directriz 6. Información pública	272
3	Plan de Melloras do centro	277
4	Modificacións nos diferentes títulos	311
5	Listaxe de evidencias e indicadores	313

1. Introducción

1.1. Presentación da Memoria de Calidade.

Breve referencia ao documento e ao curso de referencia.

1.2. O Centro.

- *Orixe e estrutura orgánica do Centro.*
- *Catálogo de Titulacións oficiais: graos, máster e doutoramentos.*

1.3. Sistema de Calidade do Centro: Sistema Interno (SIGC) ou Sistema de Garantía de Calidade (SGC).

- *SGIC, histórico e indicación da certificación vixente SGC, no caso de tela.*
- *Acreditación institucional, no caso de estar vixente ou en proceso de adquisición.*
- *Documentación de referencia do SIGC/SGC e Regulamentación interna.*
- *Estrutura organizativa do SIGC/SGC. Desenvolvemento e cambios.*
- *Memoria de Calidade do Centro (MCC):
Procedemento de elaboración, órganos competentes e persoal participante.*
- *Información pública da Memoria e do SIGC/SGC.*

1.4. Plan Estratéxico de Centro (PE)

- *Presentación do PE vixencia: obxectivo xeral, antecedentes, período de vixencia, proceso de elaboración e participación e participantes (grupos de interese).*
- *Plan estratéxico de Centro - Cadro de Mando Xeral: liñas estratéxicas, obxectivos estratéxicos e accións.*
- *Plan Estratéxico da USC (referencia breve).*

1.1.- **Presentación da Memoria de Calidade**

De acordo co proceso PE-02 *Revisión e Mellora* do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), a Memoria de Calidade da Facultade de Bioloxía é o documento que recolle a análise do funcionamento do SGC da Facultade e os resultados dos programas formativos oficiais adscritos e coordinados polo centro. A Memoria de Calidade tamén recolle o grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro e o Plan de Melloras Anual. Neste último actualízanse os obxectivos de calidade e determináanse as accións de mellora propostas para logralos, así como a información sobre as modificacións introducidas nos títulos e a listaxe de evidencias e indicadores utilizados para o seguimento interno e/ou externo. Deste xeito, a Memoria de Calidade atinxe a todas as titulacións impartidas e coordinadas polo centro, tanto de grao como de mestrado, e a todas as persoas que desenvolven o seu traballo na Facultade: estudiantado de grao e máster, persoal docente e investigador (PDI) e persoal de administración e servizos (PAS). A continuación preséntanse os datos correspondentes ao curso 2023-24.

1.2.- **O Centro**

1.2.1.- *Orixe e Estrutura Orgánica do Centro*

A Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela é un centro universitario que desenvolve as súas funcións como servizo público mediante a actividade docente, de estudo e investigación para a creación, desenvolvemento e transmisión crítica da ciencia e da cultura, coa finalidade de preparar para o exercicio das actividades profesionais nos ámbitos da Bioloxía.

Foi creada en 1977 ao amparo do Decreto 1975/1973, de 26 de xullo (OM de 14 de outubro/BOE/11-XI-77) e na actualidade as súas dependencias están localizadas no edificio da Facultade de Bioloxía e no Centro de Investigacións Biolóxicas da USC (CIBUS), vinculado parcialmente a ela. Estes edificios, situados no Campus Vida, dispoñen dunha serie de aulas, laboratorios e biblioteca perfectamente equipados para docencia nos distintos títulos que ofrece a facultade, pero tamén posúe espazos de encontro como os locais das Asociacións de Estudantes, salas polivalentes, salón de graos, salas de conferencias, salón de actos e cafetería, esta última compartida coa Facultade de Matemáticas. Tamén dispón doutras importantes instalacións para a investigación e docencia, como son os invernadoiros e o acuario. Deste xeito, a Facultade de Bioloxía é o núcleo dunha contorna na que se promove a formación universitaria integral.

De acordo cos Estatutos da USC, os órganos de goberno e xestión da Facultade de Bioloxía se compoñen de órganos unipersoais (Decano/a, secretario/a, e dúas/dous vicedecanas/os) e colexiados (Xunta de Facultade). O Centro, de acordo co seu Regulamento de Réxime Interno (RRI) vixente (aprobado en Xunta de Facultade o 12 de marzo de 2018 e ratificado en Consello de Goberno o 9 de novembro de 2018), conta actualmente coas seguintes comisións:

- Comisión Permanente
- Comisión de Calidade do Centro
- Comisións de Título (unha por cada titulación coordinada polo Centro)
- Comisión de Docencia, Recoñecemento de Estudos e Actividades Culturais.
- Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazos e Equipamentos.
- Comisión de Xénero
- Comisión de Normalización Lingüística
- Comisión de Biblioteca

Os departamentos con encargo docente na distintas titulacións que se imparten na Facultade de Bioloxía no curso 2023-24 son 23 (que se indican no listado seguinte), nos que se inclúen 34 áreas participantes (sen contar as áreas externas):

- 1 - Bioloxía Funcional (3 áreas: [050] Bioloxía Celular, [220] Ecoloxía, [412] Fisioloxía Vexetal)
- 2 - Bioquímica e Bioloxía Molecular (1 área: [060] Bioquímica e Bioloxía Molecular)
- 3 - Botánica (1 área: [063] Botánica)
- 4 - Ciencias Morfolóxicas (1 área: [027] Anatomía e Embrioloxía Humana)
- 5 - Dereito Público Especial e da Empresa (1 área: [165] Dereito Mercantil)
- 6 - Economía Financeira e Contabilidade (1 área: [230] Economía Financeira e Contabilidade)
- 7 - Edafoloxía e Química Agrícola (1 área: [240] Edafoloxía e Química Agrícola)
- 8 - Enxeñaría Química (1 área: [555] Enxeñaría Química)
- 9 - Estatística, Análise Matemática e Optimización (1 área: [265] Estatística e Investigación Operativa)
- 10 - Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica (2 áreas: [310] Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica, [315] Farmacoloxía)
- 11 - Filosofía e Antropoloxía (1 área: [383] Filosofía Moral)
- 12 - Física Aplicada (2 áreas: [385] Física Aplicada, [647] Óptica)
- 13 - Física de Partículas (1 área: [395] Física da Materia Condensada)
- 14 - Fisioloxía (1 área: [410] Fisioloxía)

- 15 - Matemática Aplicada (1 área: [595] Matemática Aplicada)
- 16 - Matemáticas (2 áreas: [005] Álgebra, [440] Xeometría e Topoloxía)
- 17 - Microbioloxía e Parasitoloxía (2 áreas: [630] Microbioloxía, [660] Parasitoloxía)
- 18 - Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría (2 áreas: [705] Producción Vexetal, [720] Proxectos de Enxeñaría)
- 19 - Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina (2 áreas: [610] Medicina, [615] Medicina Preventiva e Saúde Pública)
- 20 - Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía (2 áreas: [750] Química Analítica, [780] Tecnoloxía de Alimentos)
- 21 - Química Física (1 área: [755] Química Física)
- 22 - Química Orgánica (1 área: [765] Química Orgánica)
- 23 - Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física (3 áreas: [028] Antropoloxía Física, [420] Xenética, [819] Zooloxía)

Catro dos departamentos teñen a súa sede no centro: “Bioloxía Funcional”, “Botánica”, “Edafoloxía e Química Agrícola”, e “Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física”. Na docencia dos másteres tamén participan profesionais de prestixio como profesorado de área externa.

1.2.2.- Catálogo de Titulacións oficiais: graos, másteres e doutoramentos

No curso 2023/2024 as actividades docentes desenvolvéronse de xeito totalmente presencial e normal. Na Facultade de Bioloxía, no curso 2023-2024, impartíronse as seguintes titulacións de Grao:

- **Grao en Bioloxía (2ª ed) (GB).** Código RUCT 2504140; código USC G1022V01
- **Dobre Grao Química Bioloxía (GQB).** Código RUCT 7000611. Coordinado pola Facultade de Química da USC.
- **Grao en Biotecnoloxía (1º ed) (GBT).** Código RUCT 2503766; código USC G1051

Na Facultade de Bioloxía, no curso 2023-2024, impartíronse as seguintes titulacións de Máster:

- **Máster Universitario en Acuicultura (3ª ed.) (MA).** Código RUCT 4310351; Código USC P1073. Interuniversitario, participando as tres Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG): USC, UVigo e UDC. Coordinado pola USC.
- **Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: caracterización, conservación e xestión (MBio).** Código RUCT 4313638; Código USC P1241. Interuniversitario, participando as tres Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG): USC, UVigo e UDC. Coordinado pola USC.
- **Máster Universitario en Neurociencia (2º ed.) (MN).** Código RUCT 5310595; Código USC P2012. Interuniversitario, participando as tres Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG): USC, UVigo e UDC. Coordinado pola USC.
- **Máster Universitario en Bioloxía Mariña (MBM).** Código RUCT 5600116; Código USC P1171. Interuniversitario, participando as tres Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG): USC, UVigo e UDC. Coordinado pola UVigo.

Os títulos de máster son interuniversitarios, participando as tres Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG). O Máster Universitario en Acuicultura, o Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre e o Máster Universitario en Neurociencia están O Máster Universitario en Bioloxía Mariña está coordinado pola Universidade de Vigo.

O número de estudantes matriculados en cada unha das titulacións e o número de profesores/as que impartiron docencia nelas no curso 2023-2024, preséntase na Táboa 1:

Táboa 1. Número de estudantes matriculados en cada unha das titulacións e o número de profesores/as que impartiron docencia nelas no curso 2023-2024		
Titulación	Nº de estudantes ¹	Docentes ²
Grao en Bioloxía (2ª ed)	416	119 docentes, incluíndo Titulares de Universidade (25), Profesor/a Interino/a substitución (3), Contratados/as Doutores (12), Axudantes Doutores LOU (5), Catedráticos/as de Universidade (27), Predoutorais Xunta (4), Predoutorais Doutoramento Industrial (3), Predoutorais Ministerio (11), Posdoutorais Xunta (5), Posdoutorais Outros (4), Posdoutorais USC Campus Terra (1), Investigadores/as Ramón y Cajal (3), Investigadores/as Distinguidos/as (6).
Grao en Biotecnoloxía	206	110 docentes, incluíndo Titulares de Universidade (32), Profesor/a Interino/a substitución (1), Contratados/as Doutores (11), Axudantes Doutores LOU (9), Catedráticos/as de Universidade (20), Asociados/as de Universidade LOU (2), Predoutorais Xunta (4), Predoutorais Doutoramento Industrial (1), Predoutorais USC (8), Predoutorais Ministerio (8), Posdoutorais Xunta (4), Posdoutorais_outros (1), Investigadores/as Ramón y Cajal (2) e Investigadores/as Distinguidos/as (5).
Dobre Grao Química-Bioloxía (RUCT 7000611)	27	Coordinado pola Facultade de Química da USC
MU Acuicultura	22	No curso académico 2023/24, participaron un total de 58 profesores/as: 44 profesores/as universitarios/as (18 da USC, 9 da UDC e 17 da UVI) e 14 profesores/as non universitarios/as. En canto ás categorías de profesores universitarios, 12 son catedráticos (27,2 %), 25 son profesores titulares (56,8 %) e 7 son profesores contratados con doutoramento

		(15,9 %). O profesorado non universitario é maioritariamente doutores.
MU Biodiversidade Terrestre	Foi cursado a tempo completo por 62 estudantes, 30 no primeiro curso (10 matriculados en cada unha das universidades participantes) e 28 no segundo (10 en UDC y USC y 8 en UVigo).	A docencia foi impartida por 72 profesores/as dos que un 10% son investigadores posdoutorais (contratos da Xunta de Galicia, do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades e da convocatoria Ramón y Cajal), un 1% axudantes doutores, 26% profesores contratados doutores, 42% titulares de Universidade e 19% catedráticos.
MU Neurociencia	Neste curso matriculáronse un total de 32 alumno/as, dos cales 21 foron da USC, 5 da UDC e 6 da UVIGO. Dos matriculado/as na USC, 18 estudantes foron de novo ingreso, e a taxa de ocupación (90 % na USC) foi superior á do ano anterior (80 %). Na UVIGO matriculáronse 6 novos alumnos/as mediante pre-inscrición, e na UDC 3 alumnos/as foron de novo ingreso.	52 (38 USC, 9 UDC, 5 UVI). USC: 1 Investigador Distinguido, 1 Investigador Ramón y Cajal, 3 Profesionais de áreas externas, 5 Profesores/as Asociados da LOU, 8 Profesores Catedráticos/as de Universidade, 1 Profesor/a Axudante Doutor, 4 Profesores/as Contratados Doutor e 15 Profesores/as Titular de Universidade. UDC: 3 Profesores Catedráticos/as de Universidade, 4 Profesores/as Titular de Universidade e 1 Profesor/a Contratado Doutor. UVIGO: 1 Profesor Catedrático/a de Universidade, 3 Profesores/as Titular de Universidade e 1 Investigador Ramón y Cajal.
MU Bioloxía Mariña	26	Coordinado pola Universidade de Vigo

¹ Panel de indicadores, indicador IN02G, matrícula global; ² Indicador E15_2022-2023

En canto ao persoal de administración e servizos, no curso 2022/23 desenvolveron as súas funcións na Facultade de Bioloxía e no edificio CIBUS un total de 26 traballadores, dos que 8 corresponden a área de administración (secretaría do decanato, 1; unidade de xestión do centro 3; unidade de asuntos económicos 1; apoio administrativo aos departamentos, 3), 6 ao persoal da biblioteca, 6 a área do Punto de Atención, Información e Servizos (PAIS) e 6 ao persoal técnico de investigación.

1.3.- Sistema de Calidade do Centro: Sistema Interno (SIGC) ou Sistema de Garantía de Calidade (SGC).

1.3.1.- SGIC, histórico e indicación da certificación vixente SGC, no caso de tela.

A implantación do SGC da Facultade de Bioloxía foi certificada pola Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG) o 25 de xuño de 2018, O 3 de outubro de 2023 tivo lugar a visita da Comisión de Avaliación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) en relación coa renovación do certificado de implantación de SGC (PROGRAMA FIDES AUDIT). O informe final da auditoría foi desfavorable, o que implica que perdeuse a certificación de implantación do SGC.

1.3.2.- Acreditación institucional, no caso de estar vixente ou en proceso de adquisición.

O Centro recibiu a Acreditación Institucional por Resolución do *Consejo de Universidades*, dependente da *Secretaría General de Universidades do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades*, o 28 de xaneiro de 2019. Como acabase de comentar, o 3 de outubro de 2023 tivo lugar a visita da Comisión de Avaliación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) en relación coa renovación do certificado de implantación de SGC (PROGRAMA FIDES AUDIT). Unha vez recibido o informe definitivo desfavorable emitido pola Comisión Avaliadora da ACSUG no proceso de renovación da certificación de implantación do SIGC da Facultade de Biología, foi preciso atender á seguinte normativa: A) O artigo 14.7 do Real decreto 640/2021, que establece que os centros acreditados institucionalmente deberán renovar a súa acreditación institucional no prazo de seis anos desde a data da última resolución de acreditación; B) O artigo 14.10 do Real decreto 640/2021, segundo o cal no caso de que o Consello de Universidades dite resolución desestimatoria da acreditación institucional ou da súa renovación, o centro universitario implicado deberá solicitar a renovación da correspondente acreditación de cada un dos títulos oficiais que oferta, no prazo establecido en relación ao inicio da súa actividade ou a última renovación da acreditación; C) O Protocolo para o procedemento de avaliación para a renovación da acreditación institucional dos centros universitarios (Resolución do 3 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se ditan instrucións sobre o procedemento para a acreditación institucional de centros universitarios de universidades públicas e privadas) segundo o cal a solicitude de renovación da acreditación institucional do centro deberá ir acompañada dun certificado de implantación do SGIC do centro que teña vixencia na data da solicitude. Neste marco, e tras facer o Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica as correspondentes consultas ao Ministerio de Universidades, as actuacións a realizar foron as seguintes: A) Solicitar a renovación de acreditación dos seguintes másteres universitarios seguintes: *Máster Universitario en Acuicultura*, *Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión* e *Máster Universitario en Neurociencia* (as titulacións de grao -3ª ed Grao e Biología e 2ª ed Grao en Biotecnología recibiron resolución de verificación o 09/07/2024, polo que a renovación terá lugar no prazo de seis anos desde esa data); B) Solicitar formalmente a renovación da acreditación institucional da Facultade de Biología co obxecto de dispoñer da resolución oficial do Consello de Universidades (sabendo que vai a ser negativa ao non dispor de certificación de implantación do SGC). Ambos os dous procesos foron iniciados desde o SXOPRA a través da Sede do Ministerio, e en xuño de 2025 nos dispoñemos de ningún tipo de notificación ao respecto.

1.3.3.- Documentación de referencia do SIGC/SGC e Regulamentación interna.

Como documentación de referencia, ademais da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a correspondente ao SGC da Facultade de Biología (Manual do SGC, Manual de Procesos, e Protocolos), considérase a documentación que se inclúe a continuación:

- Memoria do Grao en Biología da USC
- Memoria do Grao en Biología da USC (2ª edición)
- Memoria do Grao en Biotecnología da USC
- Memoria do Dobre Grao en Química e Biología
- Memoria do Dobre Grao en Química e Biología (2ª edición)
- Memoria do Máster Universitario en Acuicultura (3ª ed.)
- Memoria do Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: caracterización, conservación e

xestión

- Memoria do Máster Universitario en Neurociencia (2ª ed.)
- Memoria do Máster Universitario en Bioloxía Mariña
- Regulamento de Réxime Interno (RRI) da Facultade de Bioloxía
- RRI dos departamentos adscritos a Facultade de Bioloxía
- RRI do Máster Interuniversitario en Acuicultura
- RRI da Comisión Académica do Máster Universitario en Bioloxía Mariña
- RRI da Comisión Académica do Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: caracterización, conservación e xestión
- RRI da Comisión Académica do Máster Interuniversitario en Neurociencia

1.3.4.- Estrutura organizativa do SIGC/SGC. Desenvolvemento e cambios.

No desenvolvemento do SGC interveñen tanto os órganos de goberno unipersonais (Vicedecano responsable de Calidade e Coordinadores dos Títulos) como o Equipo Decanal, as Comisións dos Títulos coordinados polo centro e a Comisión de Calidade do Centro (CCC).

As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGC poden consultarse no Manual do SGC e no RRI da Facultade de Bioloxía. Os órganos do SGC son os seguintes: Comisión de Calidade do Centro, Comisión do título de Grao en Bioloxía, Comisión do título do Grao en Biotecnoloxía, Comisión Académica do Máster en Neurociencia, Comisión Académica do Máster de Acuicultura, Comisión Académica do Máster de Bioloxía Mariña, e Comisión Académica do Máster Biodiversidade Terrestre. As composicións de todas estas comisións poden consultarse na páxina web da Facultade de Bioloxía, no apartado Órganos do Sistema de Garantía da Calidade.

No nivel máis elevado está a Xunta de Facultade, que é o órgano colexiado de goberno da Facultade, responsable da aprobación da Memoria de Calidade así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións.

1.3.5.- Memoria de Calidade do Centro (MCC):

Na Comisión de Calidade do Centro (CCC) analízase o funcionamento global do SGC do centro e os resultados dos distintos programas formativos, en base ás reflexións e propostas de mellora achegadas polas súas comisións. Esta análise queda recollida na memoria de calidade do centro (MCC), un documento que contén, cando menos, información sobre: A) A vixencia da política de calidade; B) a evolución e grao de cumprimento do plan estratéxico da Facultade; C) o funcionamento e resultados dos distintos procesos considerados no SGC (evolución dos indicadores); D) a evolución e grao de cumprimento do plan de melloras da anualidade anterior (obxectivos de calidade e seguimento das accións de mellora); E) a proposta de plan de melloras anual onde se recollen os obxectivos de calidade para o seguinte ciclo e as accións de mellora previstas para o seguinte curso; F) cambios nos procesos que conforman o sistema.

O documento final da MCC 2023-24 foi aprobado pola CCC da Facultade de Bioloxía o día 23 de xullo de 2025 (V1), avaliada con informe técnico favorable (SCVTI. MCC 23-24. Fac. Bioloxía) pola Sección de Calidade –Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización para a Calidade, e presentada a continuación na Xunta de Facultade celebrada o

05/11/2025, onde foi aprobada (V2). Finalmente, deuse traslado á Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno da USC para a súa aprobación final (V3; data 26/11/2025).

1.3.6.- Procedemento de elaboración, órganos competentes e persoal participante.

A MCC da Facultade de Bioloxía, correspondente ao curso académico 2023/2024, foi elaborada de acordo co procedemento establecido no SGC do centro (PE-02 *Revisión e mellora*). As Comisións de Título achegaron á Comisión de Calidade do centro (CCC) as súas análises do desenvolvemento e resultados dos programas formativos, así como as propostas de accións de mellora, despois da análise dos distintos informes e indicadores subministrados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC e da información recollida a través dos informes propios da Facultade de Bioloxía. A CCC analizou estes documentos e realizou a análise do funcionamento e resultados do SGC, integrando toda esta información na presente memoria; tamén elaborou o Plan de melloras anual.

1.3.7.- Información pública da Memoria e do SIGC/SGC.

Unha vez aprobada, a Memoria e o resto de documentación relativa ao SIGC/SGC faise pública a través da web da Facultade

1.4.- Plan Estratéxico de Centro (PE)

1.4.1.- Presentación do PE vixente

O proceso PE-01 ten como finalidade establecer a planificación estratéxica da Facultade, definindo a súa misión, visión e valores, e aliñando esta planificación cos obxectivos xerais da Universidade de Santiago de Compostela. Para iso, é necesario realizar consultas cos distintos grupos de interese, garantindo a participación e a coherencia institucional.

A elaboración do Plan Estratéxico do centro (PE) é responsabilidade dunha comisión designada polo equipo decanal, que tamén selecciona os grupos de interese a consultar. O PE debe ter o mesmo horizonte temporal ca o da USC e non precisa revisión, salvo que o PE da USC se reformule; a súa actualización faise mediante os plans de mellora anuais, segundo o proceso PE-02.

Para elaborar o PE, requírese unha diagnose estratéxica que inclúa a análise DAFO e CAME, unha exposición pública para recoller suxestións, a verificación de congruencia co Plan Es da USC por parte da vicerreitoría competente, e a aprobación por parte da Xunta de Centro e da Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno. O documento debe recoller a misión, visión, valores e obxectivos estratéxicos, seguindo a guía da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.

En abril de 2022 propúxose como acción de mellora a elaboración do PE 2023–2026, pero a falta dun Plan Estratéxico da USC, tívose que adiar esta acción. O proceso foi finalmente iniciado o 17 de xaneiro de 2024. Dado que a USC aínda non tiña aprobado o seu Plan Estratéxico 2024–2026, o PE da Facultade foi aliñado coa Programación Plurianual 2023–2026 e as súas liñas xerais, seguindo as recomendacións da guía elaborada pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización.

Entre o 28 de febreiro e o 6 de marzo de 2024 realizouse a exposición pública da proposta inicial, incluíndo

a participación do Comité Consultivo do Centro, formado por profesionais externos á Facultade de Bioloxía, que valoraron positivamente o documento. A versión final do PE foi aprobada pola CCC o 7 de marzo de 2024, informada favorablemente pola ACMP o 27 de setembro, aprobada pola Xunta de Facultade o 21 de novembro, e finalmente ratificada pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno o 29 de novembro.

1.4.2.- *Obxectivo xeral, antecedentes, período de vixencia, proceso de elaboración e participación e participantes (grupos de interese).*

Si ben o ámbito temporal de actuación do novo PE 2024-2026 da Facultade de Bioloxía é moi curto, o seu obxectivo xeral é promover o desenvolvemento integral do centro a través da excelencia na docencia, a investigación, e a calidade institucional, fortalecendo a implicación da comunidade universitaria e a súa relación coa sociedade.

En canto aos antecedentes, a Facultade de Bioloxía contou cun Plan Estratéxico 2017-2020 (PE), finalizado en decembro de 2020. De acordo coa resolución reitoral do 7 de outubro de 2020, a CCC celebrada o 15 de decembro de 2020 acordou estender a vixencia do PE ata 2022, seguindo o procedemento simplificado recomendado pola ACMP da USC (Prórroga do PE da Facultade de Bioloxía 2021-2022). Dita prórroga foi revisada pola ACMP o 16 de decembro de 2020, aprobada por Xunta de Facultade o 22 de xaneiro de 2021, e finalmente aprobada pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno o 3 de marzo de 2021. A prórroga do plan estratéxico tiña como vixencia dende o 3 de marzo de 2021 ata o 3 de marzo de 2022. En abril de 2022, na memoria de calidade 2020/21, propúxose como acción de mellora AM-01 a “Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía 2023-2026”. Sen embargo, en maio de 2023, momento da elaboración da Memoria de Calidade 2021/22, seguíase aínda sen Plan Estratéxico da USC, polo que a acción de mellora AM-01 tivo que ser prorrogada para o curso 2022-2023.

En relación ao proceso elaboración do novo Plan Estratéxico 2024-2026 da Facultade de Bioloxía, a posta en marcha foi iniciada pola Comisión de Calidade do Centro (CCC) o 17 de xaneiro de 2024 sen dispoñer aínda do Plan Estratéxico 2024-2026, xa que este foi aprobado polo Consello de Goberno na sesión ordinaria do día 25 de xuño de 2024. Debido á falta de PE 2024-2026 da USC cando foron iniciados os traballos de elaboración do PE do centro por parte da Comisión de Calidade, tanto as liñas estratéxicas como os obxectivos que as desenvolven foron aliñados coa Programación Plurianual 2023-2026, as Liñas Xerais da Programación Plurianual 2023-2026 da USC, ademais de seguir as recomendacións da Guía para a elaboración do Plan Estratéxico de Centro 2024 – 2026, elaborada pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización. Entre o 28/02/2024 e o 06/03/2024 fíxose a exposición pública da proposta inicial elaborada pola CCC para asegurar a participación de todos os grupos de interese, incluíndo o Comité Consultivo do Centro (proceso PS-06, Información pública), constituído por persoal externo a Facultade de Bioloxía de diversos ámbitos profesionais e que valorou moi positivamente o PE. A elaboración final do PE do centro foi aprobada pola CCC na súa reunión do 07 de marzo de 2024. Posteriormente foi informado positivamente pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) o 27 de setembro de 2024, e aprobado pola Xunta de Facultade de Bioloxía o 21 de novembro de 2024. A aprobación final do PE foi realizada pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno o 29 de novembro de 2024. O mesmo que o PE 2024-2026 da USC, o PE 2024-2026 da Facultade de Bioloxía ten un período de execución/vixencia de tres anos: 2024, 2025 e 2026.

1.4.3.- Plan estratéxico de Centro - Cadro de Mando Xeral: liñas estratéxicas, obxectivos estratéxicos e accións.

No PE 2024-2026 da Facultade de Bioloxía faise unha fonda reflexión acerca das forzas, debilidades, oportunidades e ameazas que ten actualmente o Centro, e se recollen as principais liñas estratéxicas, cos seus correspondentes obxectivos, que deben guiar a xestión da Facultade de Bioloxía durante os próximos anos. Nestas liñas estratéxicas plásmanse os avances nos que debese traballar e que afectan á propia Universidade e aos diferentes grupos de interese, tanto internos (estudantes, profesores, investigadores, e persoal de servizo e administración do Centro) como externos (futuros estudantes e as súas familias, egresados, contorno empresarial e á sociedade en xeral).

O PE da Facultade de Bioloxía 2024-2026 estruturarase en 5 liñas estratéxicas (LE). Catro delas son unha continuación de LE xa existentes nos plans estratéxicos previos da Facultade de Bioloxía (PE 2017-2020 e prórroga PE 2021-2022), e soamente unha LE (LE 1, estudantado e comunidade universitaria) é totalmente nova. As tres primeiras LE definidas están en consonancia coas liñas xerais da Programación Plurianual 2023-2026 da USC, namentres que as dúas últimas son propias da Facultade de Bioloxía (LE 4, Sistema de Garantía de Calidade do Centro; LE 5, Relacións coa sociedade). A continuación preséntase o cadro de mando do PE 2024-2026:

CADRO DE MANDO PE 2024-2026 FACULTADE DE BIOLOXÍA						SEGUEMENTO (curso 2023-2024)		
LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO	Obxectivo estratéxico	Período de execución	Acción	Indicador	Meta	Data final de execución	Porcentaxe de Execución	Observacións
LE 1. Estudantado e comunidade universitaria	OE 1.1. Dinamización da facultade	abril 2024- decembro 2026	AC 1.1.1. Incrementar a participación do PDI e alumnado nas distintas accións do Programa A Ponte	Nº de PDI e de estudantes (titores) da facultade que participan no Programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC"	Incremento nun 10% no número de profesores/as e estudantes participantes.	Abril 2024- decembro 2026	0%	
		abril 2024- decembro 2026	AC 1.1.2. Incrementar o número de actividades culturais e deportivas así como participación dos diferentes grupos de interese da facultade e de fóra dela	Nº de actividades culturais e deportivas realizadas	Incremento nun 20% no número de actividades realizadas	Abril 2024- decembro 2026	100%	
		abril 2024- decembro 2024	AC 1.1.3. Revitalizar as asociacións estudantís	Nº de asociacións de estudantes activas na facultade	Manter a asociación de estudantes "Bota e Bata"	Abril 2024- decembro 2024	100%	
	OE 1.2. Promoción de hábitos de economía circular	abril de 2025- decembro de 2026	AC 1.2.1. Promover hábitos de economía circular	Nº de campañas de concienciación e Nº de espazos equipados con contedores de recollida	Dotar o 100% dos laboratorios para docencia práctica con contedores de reciclaxe selectiva	Abril de 2025- decembro de 2026	50%	

LE 2. Formación e docencia no novo contexto	OE 2.1 - Reforzar a función docente do PDI	abril 2024- decembro 2026	AC 2.1.1.: Apoiar desde a Facultade de Bioloxía as solicitudes dos departamentos de estabilización do PDI contratado	selectiva de refugallo Cartas de apoio	O 100% das solicitudes de estabilización de profesorado vaian apoiadas pola Facultade de Bioloxía	Abрил 2024- decembro 2026	0%	
		abril 2024- decembro 2026	AC 2.1.2.: Organizar actividades docentes dentro das horas expositivas/interactivas das materias en colaboración con grupos e institutos de investigación, REBUSC ou PDI de universidades nacionais/estranxeiras	Nº de actividades realizadas	Incrementar o número de actividades nun 10%.	Abрил 2024- decembro 2026	100%	
		abril 2024- decembro 2026	AC 2.1.3.: Fomentar a actualización do PDI en novas metodoloxías docentes, formación en destrezas/competencias e na aplicación da IA na docencia	Nº de actividades de formación realizadas	Incrementar o Nº de actividades de formación realizadas polo PDI nun 10%.	Abрил 2024- decembro 2026	0%	
		abril 2024- decembro 2026	AC 2.1.4.: Fomentar a participación do PDI en programas de intercambio	Nº de estancias realizadas polo PDI	Incrementar o número de estancias nun 10%.	Abрил 2024- decembro 2026	0%	
	OE 2.2 - Mellorar a formación do alumnado	xuño 2024- decembro 2026	AC 2.2.1. Desenvolver un marco normativo que facilite a incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación a maiores do TFG/TFM e prácticas externas	Elaboración do marco normativo	Elaboración do marco normativo	Xuño 2024- decembro 2026	0%	
		abril 2024- decembro 2026	AC 2.2.2.: Mellorar o financiamento e as infraestruturas de prácticas (laboratorio/campo)	Cantidade invertida en prácticas e Nº de infraestruturas conseguidas.	Aumentar nun 10% o financiamento das prácticas e o número de infraestruturas.	Abрил 2024- decembro 2026	25%	
		abril 2024- decembro 2026	AC 2.2.3.: Fomentar a participación do alumnado en diferentes programas de intercambio	Nº de alumnos/as que participan en diferentes programas de intercambio (SICUE, ERASMUS)	Aumentar nun 10% o número de alumnos/as que participan en programas SICUE ou ERASMUS	Abрил 2024- decembro 2026	50%	
		abril 2024- decembro 2026	AC 2.2.4.: Incrementar a oferta de prácticas externas	Nº de convenios de prácticas externas	Aumentar nun 10% o Nº de convenios de	Abрил 2024- decembro 2026	50%	

					prácticas externas			
		abril 2024- decembro 2026	AC 2.2.5.: Acción 5: Organizar actividades docentes extra curriculares en colaboración con institutos de investigación, BUSC, Bioga, AMIFE, GalBioTec, COBGA, REBUSC ou PDI de universidades nacionais/estranxeiras	Nº de actividades docentes extracurriculares	Incremento do 10% no número de actividades docente extracurriculares	Abril 2024- decembro 2026	100%	
LE 3. Potenciar e facilitar a investigación na Facultade	OE 3.1 - Reforzamento da actividade investigadora	abril 2024- decembro 2026	AC 3.1.1.: Facilitar, na medida do posible, a redistribución dos espazos de investigación e a mellora das infraestruturas	Nº de espazos re-assignados e Nº de infraestruturas conseguidas	Incrementar en polo menos 1-2 o número de infraestruturas dispoñibles para investigación na Facultade/CIBUS así como que o 80% das peticións de espazo realizadas polos investigadores á Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazo e Equipamentos sexan atendidas.	Abril 2024- decembro 2026	80%	
		abril 2024- decembro 2026	AC 3.1.2.: Fomentar as relacións entre os grupos que investigan na Facultade/CIBUS así como con grupos de investigación externos ou empresas biotecnolóxicas co fin de promover a actividade investigadora na facultade e as infraestruturas de investigación	Nº de accións (Nº de charlas de investigadores do centro ou externos sobre os seus proxectos de investigación, Nº de charlas de empresas biotecnolóxicas, Nº de convocatorias presentadas en conxunto polos grupos da facultade/CIBUS para a adquisición de infraestruturas científicas, etc.).	Incrementar nun 10% ditas accións	Abril 2024- decembro 2026	100%	

		abril 2024- decembro 2025	AC 3.1.3.: Estudiar a posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía	Nº de reunións realizadas entre os investigadores do CIBUS	Explorar a posibilidade de facer unha solicitude de creación dun centro de investigación e, de ser posible, executala	Abril 2024- decembro 2025	0%	
		abril 2024- decembro 2026	AC 3.1.4.: Atraer novos investigadores á Facultade de Bioloxía/CIBUS	Nº de investigadores principais e os seus grupos de investigación	Incremento en 1-2 investigadores/ grupos de investigación	Abril 2024- decembro 2026	100%	
LE 4. Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC)	OE 4.1 - Reforzar o funcionamento do SGC	abril 2024- maio 2025	AC 4.1.1.: Crear o posto de coordinador/a de calidade	Nomeamento	Nomeamento	Abril 2024- maio 2025	0%	
		abril 2024- maio 2025	AC 4.1.2.: Evitar duplicidades do persoal nos órganos do SGC	Nº de duplicidades eliminadas	Eliminar todas as duplicidades	Abril 2024- maio 2025	0%	
		abril 2024- decembro 2026	AC 4.1.3.: Creación dun de protocolo de coordinación vertical nos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía	Protocolo de coordinación	Conseguir dous protocolos de coordinación vertical, un para cada Grao	Abril 2024- decembro 2026	100%	
		abril 2024- decembro 2024	AC 4.1.4.: Intensificar a relación coa ACMP para mellorar a formación en cuestións de calidade do PDI/PTXAS implicados no SGC.	Nº de solicitudes feitas	Compromiso por parte da ACMP de impartir os cursos de formación con certa regularidade	Abril 2024- decembro 2024	50%	
	OE 4.2 - Mellorar a información dos/as egresados/as	abril de 2024- decembro de 2026	AE 4.2.1.: Aproveitar as convocatorias de existentes de financiamento para a realización de estudos sobre estudantes egresados (grao e mestrado)	Enquisa online realizada por unha empresa externa ao alumnado egresado.	Conseguir datos actuais da situación laboral dos egresados dos graos e mestrados impartidos na nosa facultade.	Abril de 2024- decembro de 2026	100%	
LE 5. Relacións coa Sociedade	OE 5.1 - Potenciar a divulgación, promoción e difusión	abril de 2024- decembro de 2026	AC 5.1.1.: Aumentar o número de actividades de divulgación ofertadas polo PDI e estudantes á sociedade ou a centros da USC ou ensino secundario.	Nº de actividades realizadas	Aumentar nun 10% o número das devanditas actividades	Abril de 2024- decembro de 2026	50%	
		abril de 2024- decembro de 2026	AC 5.1.2.: Aumentar as canles de difusión (redes sociais) para dar a coñecer á sociedade as actividades docente- investigadoras realizadas por PDI e alumnado.	Nº de redes sociais, Nº de noticias colgadas, e Nº de interaccións en cada rede social	Aumentar nun 20% o Nº de redes sociais, o Nº de noticias colgadas, e o Nº de interaccións	Abril de 2024- decembro de 2026	100%	

		abril de 2024- decembro de 2026	5.1.3.: Incrementar o número de actividades de promoción dos estudos de Bioloxía e Biotecnoloxía en centros de educación primaria.	Nº de visitas de profesores/as a centros de educación primaria	1 actividade/ano	Abril de 2024- decembro de 2026	100%	
	OE 5.2 - Reforzar as relacións co COBGA	abril de 2024- decembro de 2026	AE 5.2.1.: Potenciar a colaboración co COBGA para apoiar o recoñecemento social e regularización profesional dos biólogos e aumentar as actividades que reforcen as taxas de inserción laboral do alumnado egresado.	Nº de accións desenvolvidas, evolución das taxas de inserción	Incremento dun 10% no número de actividades desenroladas en conxunción co COBGA	Abril de 2024- decembro de 2026	100%	

1.4.3.- Plan Estratéxico da USC

O Plan Estratéxico da USC para o período 2024-26 foi aprobado polo Consello de Goberno na sesión ordinaria do día 25 de xuño de 2024. Dito Plan Estratéxico da USC 2024-2026 definiuse baixo tres condicións de contorno: i. Un período de execución de tres anos (2024, 2025 e 2026 e monitorizado anual) revisable ao remate nun novo contexto de goberno da USC. ii. Recolle as formulacións da Programación Plurianual vixente e dos diferentes plans sectoriais aprobados polo CG. iii. Ser o marco xeral onde se acollen os plans estratéxicos das escolas e facultades. En función da misión, visión e valores desenvólvense as liñas e obxectivos estratéxicos, que pivotan sobre os seguintes aspectos:

Liña estratéxica 1. O estudantado e a comunidade universitaria

- 1.1 Impulsar a visión integral na educación
- 1.2 Dinamizar a participación do estudantado na vida universitaria
- 1.3 Construír unha USC plural e diversa que garanta a igualdade e inclusión
- 1.4 Promover o uso da lingua galega
- 1.5 Adquirir os hábitos da economía circular e o compromiso fronte ao cambio climático
- 1.6 Impulsar o proxecto cultural da USC
- 1.7 Impulsar proxectos no ámbito do benestar e a saúde
- 1.8 Transmitir os valores e o sentido de pertenza á USC
- 1.9 Reforzar a orientación vocacional e laboral do estudantado

Liña estratéxica 2. A formación e a docencia no novo contexto

- 2.1 Robustecer e mellorar as titulacións e a súa calidade
- 2.2 Adaptar e actualizar a oferta formativa ás necesidades da sociedade
- 2.3 Potenciar a transversalidade e cooperación interdisciplinaria da oferta normativa
- 2.4 Explorar estruturas curriculares específicas e de innovación docente
- 2.5 Formar en competencias dixitais, de igualdade e de inclusión
- 2.6 Revisar os sistemas de avaliación

Liña estratéxica 3. Os retos na política de persoal

- 3.1 Renovar, estabilizar e promocionar os cadros docentes da Universidade

- 3.2 Adaptar as estruturas de PTXAS e os servizos de apoio
- 3.3 Formular a cuantificación efectiva das actividades docentes investigadoras e de xestión e integralas no horario de traballo
- 3.4 Desenvolver a carreira investigadora

Liña estratéxica 4. A investigación e a innovación como motor do desenvolvemento sostible e o benestar. Obxectivos estratéxicos:

- 4.1 Estructurar a investigación en centros universitarios e interuniversitarios
- 4.2 Definir e impulsar a política de transferencia da I+D+i e o emprendemento
- 4.3 Consolidar o Campus Terra
- 4.4 Promover a ciencia aberta, a ciencia cidadá nun marco de interdisciplinariade
- 4.5 Consolidar as bibliotecas como referencia na investigación

5. A senda da internacionalización

- 6. A procura de infraestruturas ecoeficientes. Obxectivos estratéxicos:
- 6.1 Optimizar a eficiencia enerxética
- 6.2 Implementar o Plan de Infraestruturas
- 6.3 Racionalizar o uso das infraestruturas

7. A USC na era da transformación dixital

- 7.1 Fomentar a cultura da seguridade da información e da ciberseguridade
- 7.2 Transformar a xestión dos procesos e procedementos
- 7.3 Evolucionar cara ao uso de programas multicampus na nube sempre que sexa posible en código aberto a través de contornas accesibles e inclusivas
- 7.4 Crear aulas polivalentes
- 7.5 Potenciar os mecanismos dixitais de xestión documental

8. A xestión eficiente dos recursos. Obxectivos estratéxicos:

- 8.1 Reafirmar a USC como entidade pública transparente e xestionar eficazmente a información
- 8.2 Estructurar o orzamento
- 8.3 Renovar o modelo de gobernanza dos servizos e axilizar a produción normativa
- 8.4 Promover a participación da comunidade universitaria na gobernanza da universidade
- 8.5 Descentralizar a xestión académica
- 8.6 Simplificar os procesos no ámbito de calidade

O informe técnico sobre o PE 2024-2026 da Facultade de Bioloxía, remitido pola Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización do 27/09/2024, fixo unha serie de observacións, entre as cales se atopaba a inclusión dunha táboa e unha explicación da correlación entre as liñas estratéxicas do Centro e as do Plan Estratéxico da USC. Polo tanto, decidiuse a incorporación ao Plan Estratéxico a seguinte táboa:

LIÑAS ESTRATÉXICAS-USC	LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO -BIOLOXÍA
LE1- Estudantado e a comunidade universitaria	LE1- Estudantado e comunidade universitaria LE5- Relacións coa Sociedade
LE2- Formación e docencia no novo contexto	LE2- Formación e docencia no novo contexto
LE3- Retos na política de persoal	LE1- Estudantado e comunidade universitaria LE4- Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC)
LE4- Investigación e a innovación como motor do desenvolvemento sostible e de benestar	LE3- Potenciar a investigación na Facultade
LE5- Senda da internacionalización	LE2- Formación e docencia no novo contexto LE3- Potenciar a investigación na Facultade
LE6- Procura de infraestruturas ecoeficientes	
LE7- A USC na era da transformación dixital	LE 2: Formación e a docencia no novo contexto
LE8- A xestión eficiente dos recursos	LE4- Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC)

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Política de Calidade. Vixencia.
- Plan Estratéxico do Centro (PE).

Evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.

- Obxectivos de calidade.

Evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.

- Plan de Melloras Anual do Centro (PMAC). (Situación: resultado curso anterior ao da Memoria).

Evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse:

- se o SGC permite introducir melloras nos títulos,
- se se realiza correctamente o seu seguimento,
- se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e
- se inclúen as recomendacións dos procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
 - Coordinación titulacións interuniversitarias e Inter-centros.

No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.

- Sistema SIGC/SGC.

Vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC.

Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.

- Análise da satisfacción.

Adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

2.1.1.- POLÍTICA DE CALIDADE. VIXENCIA

A Política de Calidade da Facultade de Biología mantense vixente e actualizada (17 de abril de 2023). Foi proposta polo equipo decanal e aprobada pola Xunta de Facultade; dita Política de Calidade está accesible na web do centro para o coñecemento dos distintos grupos de interese e da sociedade en xeral.

A Política de Calidade da Facultade de Biología tamén se pon de evidencia a través da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) así como a Acreditación Institucional do Centro. A implantación do SGC da Facultade de Biología foi certificada pola Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG) o 25 de xuño de 2018. Sen embargo, o 3 de outubro de 2023 tivo lugar a visita da Comisión de Avaliación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) en relación coa renovación do certificado de implantación de SGC (PROGRAMA FIDES AUDIT). O informe final da auditoría foi DESFAVORABLE, o que implica que perdeuse a certificación de implantación do SGC.

Por outro lado, o Centro recibira a Acreditación Institucional por Resolución do *Consejo de Universidades*, dependente da *Secretaría General de Universidades do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades*, o 28 de xaneiro de 2019. Como acabase de comentar, o 3 de outubro de 2023 tivo lugar a visita da Comisión de Avaliación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) en relación coa renovación do certificado de implantación de SGC (PROGRAMA FIDES AUDIT). Unha vez recibido o informe definitivo desfavorable emitido pola Comisión Avaliadora da ACSUG sobre o proceso de renovación da certificación de implantación do SIGC da Facultade de Biología, as actuacións realizadas foron as seguintes: **A)** Solicitouse a renovación de acreditación do seguintes másteres universitarios dependentes da nosa facultade: *Máster Universitario en Acuicultura*, *Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión* e *Máster Universitario en Neurociencia*; as titulacións de grao -3ª ed Grao e Biología e 2ª ed Grao en Biotecnología recibiron resolución de verificación o 09/07/2024; **B)** Solicitouse formalmente a renovación da acreditación institucional da Facultade de Biología, co obxecto de dispoñer da resolución oficial do Consello de Universidades (sabendo que vai a ser negativa ao non dispor de certificación de implantación do SGC). Ambos os dous procesos foron iniciados desde o SXOPRA a través da Sede do Ministerio. En xuño de 2025 aínda nos dispoñemos de ningún tipo de notificación ao respecto.

2.1.2.- • A EVOLUCIÓN E GRAO DE CUMPRIMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DO CENTRO

A Facultade de Biología contou cun Plan Estratéxico 2017-2020 (PE), cuxa vixencia finalizou en decembro de 2020, polo que na Memoria de Calidade do curso 2018/19 xa se incluíu no Plan de Melloras do Centro como obxectivo de calidade OC-1 (Preparar a elaboración dun novo Plan Estratéxico da Facultade de Biología debido a finalización do actual) e a acción de mellora AM-1 (Elaboración dun novo Plan Estratéxico: iniciar a discusión sobre as directrices a seguir). A proposta do equipo decanal, a CCC celebrada en xullo de 2020 fixo unha reflexión do que deberían ser as bases para a elaboración dun novo Plan Estratéxico ou para a prórroga do mesmo, á espera de que a Vicerreitoría de Calidade facilitase as directrices para a súa elaboración. Dita revisión puxo en evidencia que os obxectivos do PE continuaban a manter a súa vixencia e a guiar as accións encamiñadas á mellora continua das actividades do Centro, o que fixo posible a súa prórroga, con axustes nos que se inclúen a supresión das liñas ou obxectivos xa finalizados ou dificilmente realizables por inadecuados á realidade do Centro. Tamén evidenciou a necesidade de seguir mantendo certas liñas estratéxicas, así como incorporar novas accións que, non estando presentes no plan estratéxico actual, considérase recomendable incorporar en base á evolución das circunstancias ou a novas necesidades detectadas, procurando que estivesen aliñadas cos obxectivos da Planificación Plurianual da USC 2019-2022. Así, de acordo coa resolución reitoral do 7 de outubro de 2020, a CCC celebrada o 15 de decembro de 2020 acordou prorrogar a vixencia do PE actual ata 2022, seguindo o procedemento simplificado recomendado pola ACMP da USC (Prórroga do PE da Facultade de Biología 2021-2022). Dita prórroga foi revisada pola ACMP o 16 de decembro de 2020, aprobada por Xunta de Facultade o 22 de xaneiro de 2021, e finalmente aprobada pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno o 3 de marzo de 2021. Sen embargo, como se

acaba de comentar, a prorroga do plan estratéxico tiña unha vixencia de un ano (2021-2022), dende o 3 de marzo de 2021 ata o 3 de marzo de 2022.

En abril de 2022, o novo equipo decanal comezou os seus traballos, entre os cales estaba a elaboración da memoria de calidade 2020/21, na que estaba proposta como acción de mellora AM-01, "Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía 2023-2026". Dado que o novo Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía debería estar aliñado co Plan Estratéxico marco da USC, dende o Decanato da Facultade de Bioloxía remitiuse un correo electrónico o mércores 22 de xuño de 2022 á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. Nese correo se indicaba que o equipo decanal fora renovado recentemente e, entre as varias tarefas por diante, atopábase a de elaborar o novo Plan Estratéxico da Facultade, xa que o plan vixente era unha prorroga que abranguí a o período 2021-2022. Sen embargo, para elaborar dito novo Plan Estratéxico, era necesario aliñalo co novo Plan Estratéxico da USC, polo que desexábase saber a previsión temporal aproximada de aprobación deste. En resposta a dito correo, indicóusenos o 30 de xuño de 2022 que o próximo Plan Estratéxico da USC estaba sendo elaborado por parte de diversos Vicerreitorados, e que a previsión era que fose aprobado polo Claustro en novembro de 2022. Sen embargo, en maio de 2023, momento da elaboración da Memoria de Calidade 2021/22, seguíase aínda sen Plan Estratéxico da USC, polo que a acción de mellora AM-01 (Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía 2023-2026) tivo que ser prorrogada. Como ser verá máis adiante, a posta en marcha do proceso de elaboración do Plan Estratéxico (PE) da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o período 2024-2026 foi iniciada pola Comisión de Calidade do Centro (CCC) o 17 de xaneiro de 2024 sen dispoñer aínda do Plan Estratéxico para o mesmo período da Universidade. Entre o 28/02/2024 e o 06/03/2024 fíxose a exposición pública da proposta inicial elaborada pola CCC para asegurar a participación de todos os grupos de interese, incluíndo o Comité Consultivo do Centro. (proceso PS-06, Información pública). A elaboración final do Plan foi aprobada pola CCC na súa reunión do 07 de marzo de 2024. Actualmente (maio 2024) estamos a espera de que o novo plan estratéxico sexa informado positivamente pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP), como paso previo a súa aprobación pola Xunta de Facultade de Bioloxía e finalmente pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno. Polo tanto, no curso 2023/24 comezouse xa a funcionar co Plan Estratéxico 2024-2026, e os obxectivos e accións de mellora estaban aliñadas con este.

LE 1. Estudantado e comunidade universitaria

OE 1.1. Dinamización da facultade.

AC 1.1.1. Incrementar a participación do PDI e alumnado nas distintas accións do Programa A Ponte. Indicador: Nº de PDI e de estudantes (titores) da facultade que participan no Programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC". **Obxectivo:** Incremento nun 10% no número de profesores/as e estudantes participantes. **Data final de execución:** Decembro 2026. **Porcentaxe de Execución:** 0%.

Observacións: Esta acción estratéxica aínda non foi iniciada.

AC 1.1.2. Incrementar o número de actividades culturais e deportivas así como participación dos diferentes grupos de interese da facultade e de fóra dela. Indicador: Nº de actividades culturais e deportivas realizadas. **Obxectivo:** Incremento nun 20% no número de actividades realizadas. **Data final de execución:** Decembro 2026. **Porcentaxe de Execución:** 100 %.

Observacións:

A continuación indícanse as actividades culturais como exposicións, concursos, etc. organizados desde o Decanato ou a Biblioteca da Facultade de Bioloxía.

Curso 2022-23: 3 actividades realizadas.

- [1]. **21/11/2022. BIOPOSTAIS.** Convocatoria lanzada o día 21 de novembro. Presentáronse 5 biopostais. Resultou gañadora a presentada polo alumno Manuel García Amado. O premio foi comunicado o día 16 de decembro de 2022. O diploma entregouse no Acto de Nadal en decembro.



[2].

- [3]. **02/12/2022. Actividade cultural de biblioteca da Facultade.** Con motivo do Día Internacional do Solo, a Biblioteca da Facultade de Bioloxía montou unha pequena exposición de libros e artigos dos primeiros traballos sobre a análise do solo en Galicia.
- [4]. **14/12/2022. Actividade de coaching dirixido aos alumnos que levaba por título “Cómo mejorar tus notas sin sufrir”.** Impartida por Óscar Martínez Pérez (alumno do dobre grao de Bioloxía-Química) e Aaron Morales (Coach Profesional). A Charla estaba centrada en presentar as vantaxes da meditación para a superación persoal e liberar ansiedade, con exercicios prácticos de relaxación e meditación dirixida polos dous poñentes.

Curso 2023-24: 15 actividades realizadas.

- [1]. **3/11/2023-1/12/2023. Concurso BIOpostal NADAL 2023.** Lanzouse a convocatoria o día 21 de novembro. Presentáronse 15 biopostais (fronte as 5 do curso 2022/23). O xurado . constituído por D. Jesús López Romalde, Decano da Facultade de Bioloxía, Dña. Otilia Reyes Ferreira e D. Francisco Javier Salgado Castro (en representación do PDI) e Dña. Pilar Nogueira Diz (en representación do PAS), e reunido o 5 de decembro de 2023 no Decanato da Facultade de Bioloxía, acordou outorgar o premio BIOPOSTAL NADAL BIOLOXÍA 2022 a María Bernárdez García.



[2].

- [3]. **13/12/2023 Faíscas Culturais de Bioloxía.** O programa Faíscas Culturais é unha iniciativa da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura que ten como obxectivo prender a reflexión cultural nas aulas da USC e complementar a formación do estudantado a través de intervencións e actividades de carácter cultural: <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/cultura/extension/faiscas-culturais> No Acto Faíscas Culturais de Bioloxía, celebrado o 13 de decembro de 2023 na facultade, presentáronse cinco obras artísticas elaboradas polo alumnado

de primeiro curso do grado de Bioloxía; dúas eran obras individuais e tres foron colectivas, sendo mulleres tódalas autoras. Cada unha das obras foi comentada por unha autora ante o público presente. En xeral, todas as obras trataban de denunciar os problemas ocasionados polo cambio climático, ou mellor aínda polo cambio global (cambio climático, contaminación, cambio de usos...), sobre o medio ambiente e incluso como eses cambios van máis aló da vida cotiá dos humanos. O remate do Acto cada autora foi agasallada con un libro.


- [4]. **08/03/2024. Exposición “Ciencia x mulleres”**. O 8 de marzo de 2024, coincidindo co Día Internacional das Mulleres, tivo lugar na Facultade de Bioloxía da USC a inauguración da exposición “Ciencia x Mulleres”, organizada pola Comisión de Igualdade de Xénero da facultade. A mostra foi inaugurada ás 12:00 h e estivo dedicada a dar visibilidade ao traballo científico realizado por biólogas, tanto no ámbito académico como no profesional. A través de paneis informativos, perfís de investigadoras e exemplos de achegas científicas relevantes, a mostra contribuíu a fomentar a igualdade de xénero, a diversidade e a inclusión no ámbito científico.
- [5]. **Marzo 2024. Vídeo “Biólogas Españolas”**. Elaborado en conmemoración do Día da muller e da nena na ciencia pola biblioteca da facultade de Bioloxía
- [6]. **04/03/2024-19/03/2024. Exposición “Nosas amigas as cegoñas”**. Exposición cedida temporalmente pola Asociación “Amigas das cegoñas” coa colaboración de “Ecologistas en Acción-Ourense”. O 5 de marzo de 2024 as 17:00h tivo lugar a inauguración a cargo da Dra. Zulema Varela Río, Investigadora María Zambrano (CRETUS, Departamento de Bioloxía Funcional) e socia de Amigas das Cegoñas.
- [7]. **08/03/2024 Exposición itinerante “Vacinando, dous séculos e sumando”**. As 12 da mañá, acompañados polo equipo de FarmaMundi, inaugurouse nos corredores da Facultade de Bioloxía a exposición itinerante “Vacinando, Dous séculos e sumando!”. Esta exposición, baseada no libro homónimo dos autores Raquel Carneiro Gómez e Luís Marcos Nogueiras, consta dunha serie de paneis que abordan diferentes cuestións relativas ás vacinas, como a súa historia, as loidas e mentiras ao redor delas, ou o calendario de vacinas actual.
- [8]. **07/03/2024. Vídeo homenaxe á labor das mulleres biólogas españolas**. Realizado pola biblioteca da Facultade de Bioloxía e colgado en Instagram (busc_bioloxia)
- [9]. **08/03/2024. Exposición nas instalacións da biblioteca da Facultade de Bioloxía e vídeo colgado no Instagram (busc_bioloxia) sobre las biólogas españolas máis relevantes**.
- [10]. **11/04/2024-11/05/2024. Exposición “O desastre ambiental do Prestige”**. A exposición “O desastre ambiental do Prestige” situouse na entrada da Facultade de Bioloxía. Exposición cedida temporalmente pola asociación Ecologistas en Acción sobre as consecuencias ambientais, sociais e políticas do afundimento do petroleiro en 2002.
- [11]. **17/04/2024. Exposición bibliográfica do Prestige**. Organizada pola biblioteca da Facultade de Bioloxía. Vídeo complementario á exposición bibliográfica no Instagram da biblioteca (busc_bioloxia)
- [12]. **17/04/2024. Exposición bibliográfica sobre Vacinas**. Organizada pola biblioteca da Facultade de Bioloxía. Vídeo complementario á exposición bibliográfica no Instagram da biblioteca (busc_bioloxia)
- [13]. **08/04/2024-08/05/2024. Concurso “Pílulas da Bioloxía”**. En conexión co día do libro (23 de abril). Esta actividade, organizada pola biblioteca da Facultade de Bioloxía, foi realizada con motivo das exposicións “O desastre ambiental do Prestige” e “Vacinando, dous séculos e sumando”. A actividade consistiu nunha exposición de bibliografía sobre o tema. Ademais, o 8 de maio, en conexión co día das aves migratorias, houbo un sorteo de tres libros (Los lugares secretos de los insectos, de José Carlos Otero; Cadros da Natureza, de Alexander Von Humboldt; e Bioloxía de Scott Freeman) entre o estudantado que respondían as preguntas dun cuestionario online (dispoñible ata o 7 de maio) seguindo unha serie de pílulas con pistas que foron deixadas nas mesas da biblioteca.
- [14]. **15/05/2024. Ciclo de exposicións EUREKA. Exposición I: O lobo ibérico**. O 15 de maio de 2024 celebrouse na Facultade de Bioloxía a inauguración desta exposición, unha iniciativa ideada e desenvolvida polo propio

alumnado. Esta mostra centrouse na bioloxía, ecoloxía e conservación do lobo ibérico, abordando tamén os conflitos derivados da súa interacción co ser humano e o seu papel clave nos ecosistemas como especie reguladora. O ciclo EUREKA, ao estar protagonizado polo propio alumnado, fomentou a súa implicación activa na vida académica da facultade e contribuíu a consolidar unha formación integral, conectada cos desafíos ambientais e sociais actuais.

- [15]. **31/05/2024-30/06/2024. Ciclo de exposicións EUREKA. Exposición II: Situación da fauna na Península Ibérica.** Esta foi unha iniciativa creada polo alumnado da Facultade de Bioloxía e inaugurada o 3 de xuño de 2024 as 12:00 h polos/as estudantes responsables diante da propia exposición, situada no corredor principal da facultade. Permaneceu aberta ao público desde o 31 de maio ata o 30 de xuño, en horario de 8:30 a 20:30. Esta actividade forma parte dun ciclo de exposicións divulgativas que tiveron como obxectivo fomentar a participación activa do alumnado na comunicación científica, ofrecéndolles a oportunidade de investigar, sintetizar e presentar información relevante sobre temas de interese biolóxico. Neste caso, a exposición centrouse na análise da situación actual da fauna ibérica, abordando aspectos como a perda de biodiversidade, as especies ameazadas e os factores de risco ecolóxico.

Curso 2024-25. 16 actividades realizadas.

- [1]. **30/09/2024. Exposición “Liñas de investigación na facultade de Bioloxía”.** Do 30/09/24 ata o 15/10/24, organizada polos alumnos representantes de Bioloxía e incluída dentro da actividade de dinamización cultural EUREKA.
- [2]. **01/10/2024. Vídeo homenaxe aos grupos de investigación da Facultade de Bioloxía/CIBUS.** Realizado pola biblioteca da Facultade de Bioloxía e colgado no seu Instagram (busc_biologia). Actividade realizada de xeito coordinado co OutonoBioFest 2024.
- [3]. **04/10/2024. Actuación do grupo musical Whynot no corredor da planta 1 da Facultade de Bioloxía.** Esta actividade formou parte do remate do OutonoBioFest2024.
- [4]. **29/10/2024. Concurso “Día da biblioteca”.** Organizado pola biblioteca da Facultade de Bioloxía. O sorteo tivo lugar o xoves 31 as 12:00 nas instalacións da propia biblioteca. Vídeos asociados colgados no seu Instagram (busc_biologia) os días 29 e 31 de outubro de 2024.
- [5]. **06/11/24-20/12/24. Exposición “Flora ameazada de Galicia”.** Organizada polos alumnos representantes de Bioloxía e incluída dentro da actividade de dinamización cultural EUREKA. Inauguración da exposición “Flora ameazada de Galicia” a cargo de Roberto Mourente Blanco, estudante de Máster en Biodiversidade Terrestres o día 06/11/24 as 14:00 fronte a exposición
- [6]. **01/11/2024-01/12/2024. Concurso BIOpostal NADAL 2024.** Lanzouse a convocatoria o día 1 de novembro ata o 1 de decembro. Presentáronse 16 biopostales. Ganadoras: primeiro premio: Marta Pego Niño, Accésit: Fabiana Martín Caramés. Comunicouse o premio o día 11/12/2024. O diploma entregouse o 19 de decembro no Acto de Nadal.



- [7]. **29/11/2024-20/12/2024. Exposición “Empresas biotecnolóxicas”.** Organizada polos alumnos representantes de Bioloxía e incluída dentro da actividade de dinamización cultural EUREKA. 29/11/24. Inauguración da exposición “Empresas Biotecnolóxicas” a cargo de Maira Martínez Lourido e Desiree Rodríguez Álvarez, estudantes de Biotecnoloxía o día 29/11/24 as 14:00 fronte a exposición
- [8]. **04/12/2024. Exposición “8 libros 8 mulleres que cambiaron o mundo”.** Situada no corredor do nivel 1 da Facultade de Bioloxía. Esta exposición organizada pola biblioteca da facultade destacou a obra de 8 mulleres moi relevantes en diferentes ámbitos, como a ecoloxía, a literatura e a política. Vídeos asociados a esta exposición no Instagram da biblioteca da Facultade de Bioloxía (busc_bioloxia) o 4/12/2024 e 5/12/2024. A inauguración da exposición tivo lugar o mércores 11 as 10:45 na propia biblioteca da Facultade de Bioloxía, e conectouse cun coloquio con 4 mulleres da facultade as 11:00 no corredor da planta 0 da facultade, que contaron a súa traxectoria científica.
- [9]. **07/02/2025. Acto na biblioteca para recibir a doazón do xeólogo belga George Stoops (1937-2022).** O acto tivo lugar na biblioteca da Facultade de Bioloxía e nel a familia deste prestixioso edafólogo especializado en micromorfoloxía do solo acudiu desde Bélxica para traer o fondo bibliográfico que foi incorporado ao Centro SECS de Documentación en Ciencias del Suelo, situado na planta superior da biblioteca. Ao acto asistiron varios representantes da SECS (delegación de Galicia) así como o Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación, o equipo decanal e persoal da biblioteca universitaria. Vídeos asociados no Instagram da biblioteca da Facultade de Bioloxía (busc_bioloxia) o 6/02/2025 e 10/02/2025.
- [10]. **11/02/2025 Inauguración da exposición Mulleres x Ciencia.** A exposición permaneceu exposta ata o 10 de marzo.
- [11]. **12/02/2025. Exposición conmemorativa do “Día de Darwin”.** En conexión co Día de Darwin realizouse na biblioteca da Facultade de Bioloxía unha liña do tempo sobre “Evolución e Bioloxía”, así como unha exposición bibliográfica cos libros existentes na biblioteca sobre Darwin. Esta exposición foi realizada en colaboración coa Biblioteca Concepción Arenal, que proporcionou os soportes que sustentaban a liña de tempo. Ademais, elaboráronse dous vídeos que foron colgados no Instagram da biblioteca da Facultade de Bioloxía (busc_bioloxia) o 12/02/2025.
- [12]. **26/02/2025-27/03/2025.** Exposición bibliográfica sobre distintos animais en conmemoración dos días internacionais de animais esenciais para os ecosistemas, algún en perigo de extinción. Expuxéronse unha serie de libros sobre cada un destes animais así como colgouse un vídeo promocional en Instagram (busc_bioloxia) o 26 de febreiro.
- [13]. **03/03/2025.** Convocatoria de 1º Concurso de artigos en galego para a 1ª edición do boletín “Xermolos de Ciencia”.
- [14]. **27/03/2025-30/04/2025. Exposición “Encoro do Con”.** No espazo expositivo da facultade do nivel 1, expoñeráse unha serie de 14 paneis sobre diferentes aspectos da bioloxía das augas continentais galegas. A exposición está

organizada pola Estación de Hidrobioloxía "Encoro do Con" e inclúese dentro das actividades extra académicas complementarias da materia "Biología da Augas Continentais" do Grado de Biología."

- [15]. **Marzo de 2025.** A comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Biología lanza o primeiro número da revista "*Xermolos de Ciencia*", o Boletín Galego da Facultade de Biología. Trátase dun boletín trimestral que pretende promover o uso do galego como lingua de comunicación científica, académica e cultural na Facultade de Biología, reforzando a identidade lingüística da comunidade universitaria e visibilizando proxectos e actividades relacionadas coa biología. Consta de 4 seccións: 1) **Novidades e actividades:** Información sobre congresos, conferencias ou eventos celebrados recentemente ou previstos para o seguinte trimestre. Notas sobre proxectos destacados da facultade ou logros de estudantes e profesorado. Publicacións relevantes do persoal investigador. 2) **Ciencia en galego:** Pequenos artigos divulgativos de 300-400 palabras sobre temas de interese en biología, redactados en galego, para visibilizar o vocabulario científico na lingua. Propostas como "Sabías que...?" cun dato curioso ou descubrimento relevante explicado de forma sinxela. 3) **Lingua e cultura:** Recomendacións de libros, artigos ou recursos en galego relacionados coa biología. Entrevistas curtas a profesionais ou estudantes que empregan o galego na súa práctica académica ou profesional. Reflexións sobre o uso do galego no ámbito científico. 4) **Participa!:** Convocatorias de premios, concursos ou proxectos nos que o estudantado poida participar. Espazo para que os lectores acheguen preguntas, temas ou artigos para o próximo número. Nesta actividade pode participar tanto o estudantado como o PDI, e é reforzada periodicamente con concursos de artigos en galego nos que poden participar ambos colectivos.
- [16]. **03/04/2025. Exposición "Percorrido bibliográfico polos encoros".** Organizada pola biblioteca da Facultade de Biología, e en conexión coa exposición sobre o "Encoro do Con" presente no espazo expositivo do corredor do nivel 1 da Facultade de Biología, a biblioteca realizou unha pequena exposición de material bibliográfico relacionado cos encoros. Asemade, colgáronse dous vídeos o 3 de abril de 2025 no Instagram da biblioteca (busc_bioloxia) en relación con dita actividade cultural.
- [17]. **30/04/2025. Convocatoria do 2º Concurso de artigos en galego para a 2ª edición do boletín "Xermolos de Ciencia".**
- [18]. **23/04/2025- 04/05/2025. Taboleiro de Libros Favoritos.** En conmemoración do Día do Libro (25 de abril), desde a biblioteca da Facultade de Biología lanzouse unha iniciativa colaborativa para a creación dun taboleiro electrónico formado polos libros favoritos do estudantado. Esta actividade requiría que os estudantes escaneasen un código QR existente na biblioteca ou en instagram, poñer o título, autor, a imaxe do libro e o centro/facultade de pertenza dentro da USC. Acadáronse máis de 180 publicacións incluídas.
- [19]. **07/05/2025-19/05/2025. Exposición "8 mulleres galegas que moveron os marcos"** organizada pola rede de Bibliotecas da USC. Dentro da biblioteca da Facultade de Biología expuxéronse tanto libros destas mulleres como algunha noticia ou artigo onde se destacaba a súa labor, xunto con un cartaz cronolóxico que amosaba unha breve descrición de cada unha destas mulleres xunto cun código QR a súa ficha na guía existente en liña sobre a exposición. Asemade, no corredor do nivel 1 da Facultade de Biología foi situada a exposición. Realizouse un vídeo asociados a esta exposición, que colgouse no Instagram da biblioteca da Facultade de Biología (busc_bioloxia) o 09/05/2025.

Polo tanto, dado que pasouse de 3 actividades no curso 2022-23 a 15 actividades no curso 2023-24 e 18 actividades no curso 2024-25. Consecuentemente, podemos dicir que produciuse un incremento maior do 20% no número de actividades realizadas antes da data final de execución en decembro de 2026.

AC 1.1.3. Revitalizar as asociacións estudiantís. Indicador: Nº de asociacións de estudantes activas na facultade. **Obxectivo:** Manter a asociación de estudantes "Bota e Bata". **Data final de execución:** Decembro 2024. **Porcentaxe de Execución:** 100%.

Observacións: A AC 1.1.3. xurdiu pola constatación da desaparición nos últimos anos de asociacións estudiantís como

“BioSant” na nosa facultade, pero sobre todo polo alto risco de desaparición doutras como de máis fonda tradición como por exemplo “Bota e Bata”. Esta asociación ten como obxectivos a divulgación científica, a formación extra académica e acción universitaria. Tendo en conta a súa importancia para o estudantado, deseñouse, dentro da LE 1. Estudantado e comunidade universitaria e do OE 1.1. Dinamización da facultade, unha acción de mellora (AM-05.01) que tiña como propósito *revitalizar e promover a continuidade de “Bota e Bata* e que formaba parte do Plan de Melloras 2023-24 (Memoria de Calidade 2022-23). Deste xeito, si no curso 2022-23 o número de activades nas que participou Bota e Bata foi de 4 (Acto de benvida do 7 de setembro de 2022 para os/as alumnos/as de primeiro de Bioloxía, Biotecnoloxía e do Dobre Grao de Química-Bioloxía; Charla do 22/09/2022 con Rebelión científica; Charla do 15/11/2022 coa plataforma de defensa da Serra do Galiñeiro sobre “Estratexias na defensa do territorio”; 23/11/2022, Andaina Microlóxica en colaboración coa Asociación Poupariña), no curso 2023-24 conseguiuase que Bota e Bata que estas actividades tivesen continuidade. Así, esta asociación participou no acto de benvida aos/as alumnos/as de primeiro (G. Bioloxía, G. Biotecnoloxía e DG. Química-Bioloxía) do 13 de setembro de 2023, co fin de que os estudantes se interesasen por esa asociación. Tamén participaron con mesmo fin nunha mesa de exposición nos corredores da facultade durante a 1ª ed Outono Biofest (23-27/10/2023). Finalmente, e máis importante, en marzo de 2024 púxose en contacto dende o Decanato aos representantes dos estudantes interesados en continuar coa asociación (encabezados pola estudante Laura García Méndez) e os membros anteriores de Bota e Bata, Marc Romero Estonillo e María do Carme Pacín Salvador. Deste xeito, o relevo xeracional tivo lugar e no curso 2024-25 a asociación “Bota e Bata” segue a estar activa. Así, participou en actividades de divulgación que son apoiadas polo Facultade de Bioloxía, como a charla “Estudio Poblacional del Lobo: Metodología de Muestreo” que con grande éxito tivo lugar o 13 de marzo de 2025 no salón de Grados e que foi impartida por Fernando Palacios, biólogo e enxeñeiro de montes. Máis recentemente, colaborou con COBGA e o decanato da facultade na organización da charla do 23/04/2025 sobre “Saídas profesionais”. Tamén na charla do programa EUREKA (actividade de dinamización sociocultural financiada pola USC) “A erradicación da herba da fortuna no bosque de ribeira ullán” (06/05/2025, salón de graos da facultade), e nunha xornada de voluntariado ambiental o 10 de maio para o seguimento e eliminación de flora invasora e formación sobre as invasións biolóxicas no centro ictiolóxico de Ximonde, esta última en colaboración coa asociación Amabul (Vedra, Galicia). Polo tanto, a AC 1.1.3. dáse por pechada, o mesmo que a acción de mellora (AM-05.01) do Plan de Melloras 2023-24 (Memoria de Calidade 2022-23)

OE 1.2. Promoción de hábitos de economía circular.

AC 1.2.1. Promover hábitos de economía circular. Indicador: Nº de campañas de concienciación e Nº de espazos equipados con contedores de recollida selectiva de refugallos. Obxectivo: Dotar o 100% dos laboratorios para docencia práctica con contedores de reciclaxe selectiva. Data final de execución: Decembro 2026. Porcentaxe de Execución: 50%.

Observacións:


En relación coa acción estratéxica AC 1.2.1 realizáronse catro actividades.

Actividade 1: Por un lado, en xuño de 2024 falouse coa cafetería de Matemáticas-Bioloxía para que fose adaptada a máquina de café do corredor do nivel 1 da Facultade. Como parte da campaña de concienciación, o 11 de outubro de 2024 remitiuse un correo ao PDI, PTXAS e estudantes da Facultade de Bioloxía no que se informaba de que *“co fin de reducir o uso de vasos de papel desbotables e contribuír á xeración dun menor número de residuos na nosa facultade infórmase que a máquina de café que se atopa no nivel 1 da Facultade de Bioloxía está habilitada para o emprego de vasos ou tazas re utilizables”*.

Actividade 2: Por outro lado, en novembro de 2024 foron adquiridas 100 tazas co logo da USC/Facultade de Bioloxía (ver foto) e postas a disposición do PDI/PTXAS/estudiantado da facultade, que as podía recoller no decanato. O anuncio foi realizado en Xunta de Facultade e o número de tazas recollidas ata xuño de 2025 polo PDI/PTXAS/estudiantado foi de 48, polo que será necesario seguir a realizar campañas de concienciación. Tamén se repartiron entre os investigadores e o alumnado do curso de verán da “Bioloxía das Pequenas e Grandes Cousas, 3ª ed” no curso 2024-25 (41 tazas). O obxectivo é reducir o uso de vasos de papel desbotables e realizar unha actividade de concienciación sobre a importancia de reducir a xeración de residuos na facultade.



Actividade 3: En xuño de 2024, na 2ª edición do curso de verán “A Bioloxía das Pequenas e Grandes Cousas”, foron repartidas entre os 29 estudantes e os 17 docentes do curso tazas co logo da USC e do curso de verán co obxectivo de salientar a importancia de reducir a xeración de residuos na facultade.



Actividade 4: Nunha primeira fase, dotáronse con contedores de recollida selectiva de refugallos os corredores do nivel 1 e 0 (ver fotografía). Nunha segunda etapa está previsto dotar deste tipo de contedores os laboratorios empregados para docencia na facultade.



LE 2. Formación e docencia no novo contexto

OE 2.1 - Reforzar a función docente do PDI.

AC 2.1.1.: Apoiar desde a Facultade de Bioloxía as solicitudes dos departamentos de estabilización do PDI contratado. Indicador: Cartas de apoio. Obxectivo: O 100% das solicitudes de estabilización de profesorado vaian apoiadas pola Facultade de Bioloxía. Data final de execución: Decembro 2026. Porcentaxe de Execución: 0%.

Observacións:

No curso 2023/24 o Servizo de Xestión de Persoal comunicou as tomas de posesión como catedráticos/as dos/as seguintes profesores/as: M^a Carmen Monterroso Martínez (data de posesión 13/12/2024), Carlos Rodríguez Osorio (data de posesión 15/11/2024), Celia M^a Pombo Arias (data de posesión 23/03/2023) e Óscar Javier Cordero Santamaría (data de posesión 26/10/2023). Tamén comunicou o paso dos seguintes PDI contratados a titulares de universidade: Carola Gómez Rodríguez (que pasou de Profesor Contratado Doutor a Titular de Universidade na área de Ecoloxía; data de posesión 09/12/2024), Pilar Díaz Tapia (que pasou de Profesor Axudante Doutor a Titular de Universidade na área de Botánica; data de posesión 11/12/2024) e Sabela Balboa Méndez (que pasou de Investigadora do Programa Ramón y Cajal a Titular de Universidade na Área de Microbioloxía; data de posesión 13/12/2024). Sen embargo, a táboa que segue describe mellor a evolución do profesorado con perfil polo menos de investigador pos doutoral (>R2) que estaba non estabilizado nos cursos 2022-

2023/2023-2024 e que daba clase na Facultade de Bioloxía ao mesmo tempo que desenvolvía as súas actividades investigadoras na Facultade de Bioloxía/CIBUS; é dicir, a táboa soamente se refire aos profesores/as das áreas que teñen espazos na Facultade de Bioloxía/CIBUS:

Nome	Categoría (>R1)			Área
	2022-2023*	2023-2024	2024-2025	
BALBOA MENDEZ, SABELA	INV-RyC	INV-RyC	TIT-UN	Microbioloxía
BARREIRO IGLESIAS, ANTON	PAXU-DOU	TIT-UN	TIT-UN	Bioloxía Celular
BOQUETE SEOANE, MARIA TERESA	Investigador Distinguido	Investigador Distinguido		Ecología
BUJAN GOMEZ, NOEMI	-----	Posdoutoral Xunta	Posdoutoral Xunta	Microbioloxía
CARRILLO BARRAL, NESTOR	-----	-----	AXU-FS	Fisioloxía Vexetal
CRUZ DE LA FUENTE, ÓSCAR	Posdoutoral USC Campus Terra	Posdoutoral USC Campus Terra	Posdoutoral USC Campus Terra	Ecología
DIAZ TAPIA, PILAR	-----	PAXU-DOU	TIT-UN	Botánica
DOMINGUEZ GERPE, MARIA LOURDES	SX-RD	SX-RD	SX-RD	Bioquímica e Bioloxía Molecular
FERNANDEZ SANABRIA, JOSE ANTONIO	-----	Posdoutoral_outros		Zooloxía
FERRADAS RIAL, YOLANDA	PAXU-DOU	PAXU-DOU	PAXU-DOU	Fisioloxía Vexetal
GONZALEZ CAMPOY, JOSEFINA	Posdoutoral Xunta			Ecología
LORENZO CARBALLA, MARÍA OLALLA	-----	SX-IT	AXU-FS	Zooloxía
NIETO FONTARIGO, JUAN JOSE	Investigador/a Sara Borrell	INV-RyC	INV-RyC	Bioquímica e Bioloxía Molecular
POLO MONTERO, DAVID	Investigador Distinguido	Investigador Distinguido		Microbioloxía
ROBLEDO SANCHEZ, DIEGO	-----	Investigador Distinguido	Investigador Distinguido	Xenética
RODRÍGUEZ PARRA, JONATAN	Posdoutoral_outros	Posdoutoral_outros		Ecología
RODRIGUEZ VAZQUEZ, RAQUEL	-----	Posdoutoral Xunta		Xenética
ROMAUS SANJURJO, DANIEL	Investigador/a Sara Borrell	INV-MC	INV-MC	Bioloxía Celular
ROMERO BERNARDEZ, MANUEL	Investigador Distinguido	Investigador Distinguido	PPL	Microbioloxía
SANCHEZ VILAS, JULIA	Investigador Distinguido	Investigador Distinguido		Ecología
SANMARTIN SANCHEZ, PATRICIA	INV-RyC	INV-RyC	INV-RyC	Edafoloxía e Química Agrícola
SERRANO PEREZ, LUIS MIGUEL	SX-IT	INTV-T3	AXU-FS	Botánica
TRAORE, MOHAMED	Posdoutoral Xunta			Edafoloxía e Química Agrícola
VARELA RIO, ZULEMA	Investigador Distinguido	Investigador Distinguido		Ecología
*Profesorado non estabilizado no curso 2022-2023 ou 2023-2024 con perfil polo menos de investigador posdoutoral (>R2) que da clase na Facultade de Bioloxía e que desenvolve as súas actividades investigadoras na Facultade ou no CIBUS				

Como se pode ver, desde o curso 2022-23 ata o 2024-25 o número de profesores en situación non estable en cada área e a porcentaxe estabilizada foi o seguinte: Bioloxía Celular (2; 50%), Bioquímica e Bioloxía Molecular (2; 0%), Botánica (2; 50%), Ecología (6; 0%), Edafoloxía e Química Agrícola (2; 0%), Fisioloxía Vexetal (2; 0%), Microbioloxía (4; 50%), Xenética (2; 0%) e Zooloxía (2; 0%). Isto non significa que estas áreas non captasen PDI estable. Así, a modo de exemplo, o profesor Antón Leira Campos, procedente da UDC, incorporouse directamente como Profesor Contratado Doutor na área de Ecología no curso 2023-24, e o profesor Francisco Javier Martín Cora (Profesor Contratado Doutor), procedente do CIMUS, ocupou os espazos da área de Fisioloxía na Facultade de Bioloxía; ambos profesores non aparecen na táboa ao ser prazas estables. Na memoria da 3ª ed do Grao en Bioloxía, e máis en concreto no apartado “5.4 Perfil del profesorado necesario y no disponible y plan de contratación”, indicouse que a maior parte das áreas presentaban suficiente profesorado altamente especializado e formado para impartir as materias do Grao en Bioloxía, pero que algunhas áreas como Fisioloxía

Vexetal (ECTS a impartir/ECTS dispoñibles: 16.5/13.3), Xenética (ECTS a impartir/ECTS dispoñibles: 20.25/11.3) ou Zooloxía (ECTS a impartir/ECTS dispoñibles: 24/-11.1), presentaban un déficit puntual; esta situación non se daba na 2ª ed do Grao en Biotecnoloxía. Como pódese ver, está a haber dificultades na estabilización do profesorado das áreas de Xenética, Zooloxía e Fisioloxía Vexetal. A situación agrávese no caso por exemplo da Área de Xenética, xa que este investigador distinguido do programa Oportunus da GAIN non impartiu docencia de Grao no curso 2024-25 ao atoparse fóra de España, contando sen embargo para os cálculos de profesorado. Polo tanto, aínda que a porcentaxe de execución da AC 2.1.1 considerase que é do 0%, xa que en ningún dos casos que aparecen na táboa realizáronse cartas dende a Facultade de Bioloxía para apoiar as solicitudes dos departamentos de estabilización deste PDI contratado, si que será necesario facer este tipo de actuacións no futuro. Para intentar completar máis a información, en correo electrónico do 19 de xuño de 2025 solicitouse ao Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador a provisión de prazas para os cursos 2022-23, 2023-24 e 2024-25 para as áreas con espazos na facultade de bioloxía: Bioloxía Celular, Bioquímica e Bioloxía Molecular, Botánica, Ecoloxía, Edafoloxía e Química Agrícola, Fisioloxía Vexetal, Microbioloxía, Xenética e Zooloxía. E dicir, queríase coñecer as solicitudes de prazas para profesorado asociado as instalacións da facultade ou do CIBUS (que desenvolverían a súa actividades como investigadores e docentes neses espazos). O día 25 de xuño de 2025, José Luís Braña Rey, Xefe do Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador da USC, remitiu un correo de contestación sinalando que *“o Servizo ten recursos moi limitados e debido á prioridade que se debe dar aos concursos en marcha, non poderíamos obter os datos nun prazo razoable. Poño en copia desta mensaxe ao Centro de Datos e Procesos da USC por se poden desde alí dar resposta á súa petición”*. Por outro lado, mediante chamada por teléfono esa mesma mañá, o Centro de Datos e Procesos indicounos que tampouco dispoñían de tal información. Polo tanto, a Facultade de Bioloxía non dispón da información necesaria para coñecer a provisión de prazas solicitadas para os cursos 2022-23, 2023-24 e 2024-25 nas áreas que teñen espazos na Facultade de Bioloxía.

AC 2.1.2.: Organizar actividades docentes dentro das horas expositivas/interactivas das materias en colaboración con grupos e institutos de investigación, REBUSC ou PDI de universidades nacionais/estranxeiras. Indicador: Nº de actividades realizadas. Obxectivo: Incrementar o número de actividades nun 10%. Data final de execución: decembro 2026. Porcentaxe de Execución: 100%.

Observacións:

Esta é a evolución do número de actividades docentes organizadas dentro das horas expositivas/interactivas das materias en colaboración con grupos e institutos de investigación, REBUSC ou PDI de universidades nacionais/estranxeiras e comunicadas ao decanato:

- **Curso 2022-2023:** 0 eventos
- **Curso 2023-2024:** 3 eventos
 - **22/02/2024 e 29/02/2024. Os alumnos da materia G1051226 – Inmunoloxía visitan as instalacións de ADOS.** Os días 22 e 29 de febreiro de 2024, o alumnado da materia G1051226 – Inmunoloxía realizou visitas formativas ás instalacións da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), organizadas pola profesora Pilar Arias Crespo en colaboración co persoal técnico da axencia e coa súa directora, Marisa López García. A actividade permitiu ao estudantado do grao en Biotecnoloxía, coñecer de forma aplicada os contidos da inmunoloxía e comprender como se integran os coñecementos en bioloxía molecular, bioquímica e tecnoloxías biomédicas na práctica clínica, ofrecendo unha experiencia enriquecedora que reforza a súa formación profesional, vocacional e investigadora no ámbito da saúde e da biotecnoloxía sanitaria.
 - **29/02/2024. Charla “Proxerxa: ter un neno ancián”.** Realizada co gaio do Día Internacional das Enfermidades Raras, tivo lugar no Salón de Graos da Facultade de Bioloxía esta charla impartida polo Dr. Ricardo Villa Bellosta, investigador do Centro Singular de Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS). Organizada en conexión coa materia de “Bioquímica Clínica e Patoloxía Molecular do Grao en Bioloxía. O evento estivo aberto a todo o alumnado dos títulos impartidos na facultade.

- **20/03/ 2024. Charla “O esquecido xenoma materno”.** O 20 de marzo de 2024, ás 12:00 h no Salón de Graos da Facultade de Bioloxía, tivo lugar a charla titulada “O esquecido xenoma materno”, impartida pola doutora Aurora Gómez-Durán, investigadora do Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular e líder do grupo MitoPhenomics Lab do CIMUS. Esta actividade foi organizada polo propio alumnado dentro dos seminarios da materia “Bioquímica Clínica e Patoloxía Molecular” do Grao en Bioloxía e en conexión coa conmemoración do 8M, Día Internacional da Muller. A charla estivo aberta ao estudantado dos graos en Bioloxía, Biotecnoloxía e o Dobre Grao en Química-Bioloxía.
- **Curso 2024-2025: 3 eventos**
 - **10/12/2024.** As 17:00 tivo lugar no salón de graos da Facultade unha interesante charla a cargo de Simón Pereira Bouzas, Doutor con Mención Industrial e Senior Scientist en Johnson & Johnson Innovative Medicine. O título da charla foi "Que se necesita para ser investigador na industria biotecnolóxica?" O evento estivo organizado coa materia Microbioloxía II do Grao de Biotecnoloxía. A charla estivo aberta a todo o alumnado dos títulos impartidos na facultade.
 - **23/04/2025** Charla de Dr. Abraham L Moure (Immunology & Biologics, Medical Affairs, MSL Lead, GSK. Título: “Canto define a miña titulación o meu futuro laboral?. 12:00-13:00. Aula 6 da Facultade de Bioloxía. Aberta ao estudantado dos diferentes graos da facultade, Organizada no contexto dos seminarios da materia “Bioquímica Clínica e Patoloxía Molecular” do Grao en Bioloxía.
 - **25/04/2025.** Visita do estudantado da materia de Inmunoloxía do segundo curso do Grao en Biotecnoloxía as instalacións do Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas de Galicia da man da Responsable de Control de Calidade do Centro, a Dra. Mariona Baliu-Piqué, así como do resto do equipo.

Polo tanto, o obxectivo estratéxico está a cumprirse, xa que se pasou de 0 actividades no curso 2022-23 a 3 actividades no cursos 2023-24 e outras 3 no curso 2024-25. A tendencia é positiva e mostra un compromiso claro coa colaboración con grupos de investigación e PDI. Se consideramos que o obxectivo era comezar a facer actividades e aumentar progresivamente, e xa se fixeron 6, poderíamos estimar unha execución do 100%. A data final de execución é decembro de 2026, polo que aínda hai tempo para seguir mellorando.

AC 2.1.3.: *Fomentar a actualización do PDI en novas metodoloxías docentes, formación en destrezas/competencias e na aplicación da IA na docencia.* Indicador: Nº de actividades de formación realizadas. Obxectivo: Incrementar o Nº de actividades de formación realizadas polo PDI nun 10%. Data final de execución: Decembro 2026. Porcentaxe de Execución: 0 %.

Observacións: Non iniciada.

AC 2.1.4.: *Fomentar a participación do PDI en programas de intercambio.* Indicador: Nº de estancias realizadas polo PDI. Obxectivo: Incrementar o número de estancias nun 10%. Data final de execución: Decembro 2026. Porcentaxe de Execución: 0 %.

Observacións: Non iniciada.

OE 2.2 - Mellorar a formación do alumnado.

AC 2.2.1. *Desenvolver un marco normativo que facilite a incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación a maiores do TFG/TFM e prácticas externas.* Indicador: Elaboración do marco normativo. Obxectivo: Elaboración do marco normativo. Data final de execución: Decembro 2026. Porcentaxe de Execución: 0 %.

Observacións: A acción estratéxica AC 2.2.1 non presenta avances significativos ata a data, mantendo unha porcentaxe

de execución do 0%. Esta situación débese a diversos factores de carácter organizativo e estrutural. Por exemplo, déuselle prioridade a outros obxectivos estratéxicos centrados en accións cun impacto máis inmediato sobre o estudantado, como a mellora da participación en programas de mobilidade e a consolidación do Plan de Acción Titorial. Ademais, a elaboración dun marco normativo que regule a participación do alumnado en actividades de investigación fóra do TFG/TFM non presenta referentes previos/modelos normativos consolidados noutras facultades ou centros da universidade que poidan ser adaptados directamente, polo que é necesario un traballo de análise e deseño desde cero.

AC 2.2.2.: *Mellorar o financiamento e as infraestruturas de prácticas (laboratorio/campo)*. Indicador: Cantidade invertida en prácticas e Nº de infraestruturas conseguidas. Obxectivo: Aumentar nun 10% o financiamento das prácticas e o número de infraestruturas. Data final de execución: Decembro 2026. Porcentaxe de Execución: 25 %.

Observacións:

En canto aos recursos destinados as prácticas (tanto de laboratorio como de campo), estes son escasos, sofren recortes continuos. A modo de exemplo, os datos do co financiamento obtido para a realización de PRÁCTICAS DE CAMPO durante o 1º e 2º semestre dos cursos académicos 2022-23, 2023-24 e 2024-25, dependentes da Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo, indican que a cantidade total dedicada sufriu unha redución nos últimos anos, pasando de 119892 € (22/23) a 103043,36 € (24/25). A facultade de Bioloxía obtivo entre un 10,25% e un 15,69% destes cartos, dependendo do curso académico, polo que a porcentaxe tivo unha certa variación. Isto supuxo que no relativo ao valor absoluto o co-financiamento das prácticas de campo na Facultade de Bioloxía sufriuse grandes cambios dun curso a outro: 12283 € (22/23), 17728,09 € (23/24) e 14265,44 € (24/25). Hai que ter en conta que o dato do 1ª semestre do curso 2024/25 incrementouse grazas a un reparto adicional de co-financiamento aprobado o 17 de outubro de 2024. O dato é máis ilustrativo cando se ten en conta o prezo do crédito nas Titulacións encadradas nas ramas de Ciencias, Ciencias da Saúde e Enxeñaría e Arquitectura (13,93 €) e nas Titulacións encadradas nas ramas de Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas (9,85 €).

Curso	Semestre	Facultade de Bioloxía	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría	Facultade de Xeografía e Historia	Facultade de Veterinaria	Total
2022-23	1º	7163 €	8427	10100	22000	59892
	2º	5120 €	9473	8700	25254	60000
	Total	12283 € (10,25%)	17900 € (14,93%)	18800 € (15,68%)	47254 € (34,41%)	119892 €
2023-24	1º	5900 €	16700 €	15800 €	-	63000 €
	2º	11828,09 €	13500,5 €	8903,75 €	-	50,000 €
	Total	17728,09 € (15,69%)	30200,5 € (26,73%)	24703,75 € (21,86%)	-	113,000 €
2024-25	1º	3365,33 €	5375,83 €	9801,65 €	-	28043,36 €
		3000,11 €	4792,45 €	8737,85 €	-	25000 €
	2º	7900 €	12150 €	11505 €	-	50,000 €
	Total	14265,44 € (13,84%)	10168,28 € (9,87%)	30044,5 € (29,16%)	-	103043,36 €

En relación co gasto en docencia, como se pode ver na seguinte táboa existiu unha certa flutuación no reparto nos exercicios de 2022, 2023 e 2024, namentres que o gasto imputado foi incrementándose paulatinamente.

Por outro lado, o crédito inicial relacionado co capítulo VI foi moi estable, pero houbo importantes diferenzas en canto ao % destinado á compra de aparatos de laboratorio ou docencia (27,03%-73,81%). Isto debeuse a que no Capítulo VI de gasto nos orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que son investimentos reais orientados a mellorar ou ampliar o patrimonio da universidade, inclúe non soamente a compra de equipamento e material inventariable (mobiliario, equipos informáticos, maquinaria científica), senón tamén cuestións como construción, reforma ou mellora de infraestruturas (edificios universitarios, laboratorios, bibliotecas, etc.) e outros investimentos materiais ou inmateriais (software, licenzas, etc.). Así, en xaneiro de 2023 houbo que acometer obras urxentes debido as filtracións de auga a través das cubertas da facultade.

GASTOS FACULTADE DE BIOLOXÍA (DOCENCIA/CAPÍTULO VI)

Exercicio		Crédito inicial	Reparto	Gasto imputado	% Destinado a aparatos de laboratorio ou docencia	Importe que corresponde a capítulo VI
2022	Docencia		25.800,64 €	20.737,88 €		442,73 €
	Capítulo VI	24.910,00 €		18.386,05 €	73,81 %	
2023	Docencia		23.999,79 €	20.856,54 €		605,22 €
	Capítulo VI	24.910,00 €		6.733,14 €	27,03 %	
2024	Docencia		24.999,99 €	21.139,00 €		1.550,46 €
	Capítulo VI	24.941,00 €		14.881,25 €	59,74 %	

En canto a infraestrutura dos laboratorios de docencia, a cargo do capítulo VI, foron comprados os seguintes equipos en cada curso académico:

Curso 2022-23: 27 equipamentos

A cargo do capítulo VI foron comprados:

- **5 microscopios** CX23LED-BIU Evident para equipar os laboratorios de Microbioloxía (3) e de Bioquímica (2)
- **3 estereomicroscopios** modelo 253N con pantalla dixital e cámara profesional XCAM241080 (Dodisa) para o laboratorio de Producción Vexetal (foran solicitadas inicialmente pola área 5 equipos)
- **6 lupas bionoculares stereozoo** (Cienytech) para substituír parte das existentes no laboratorio de Zooloxía
- **2 vórtex, 1 axitador calefactado e 1 baño de precisión** (Proquinorte) para equipar o laboratorio 8 de Bioquímica,

Asemade, ese mesmo curso 2022-23 foron adquiridos os seguintes equipos no marco do **Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a USC** para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i (2022). O propósito destes equipos foi o de mellorar a dotación do laboratorio 12, unhas instalacións dedicadas sobre todo ás prácticas do Grao en Biotecnoloxía. Especificamente, solicitouse equipamento para a realización de análises proteómicos e inmunolóxicos, que se empregarán nas prácticas de materias de 3º e 4º cursos do grao como *Cultivos celulares e Enxeñaría tisular, Estrutura e enxeñaría das proteínas, Nanotecnoloxía, ou Proteómica e metabolómica*, entre outras. Así, mercouse:

- 2 cabinas de alta seguridade biolóxica clase II 2022 Euro Aire BBC 700 (TDI), que atópanse no laboratorio 12 da Facultade de Bioloxía (Laboratorio de Biotecnoloxía). Ambas cabinas foron mercadas co obxectivo de mellorar as prácticas da materia obrigatoria do primeiro semestre do Grao de Biotecnoloxía “Cultivos celulares e Enxeñaría tisular” (G1051323). Tamén 2 sistemas de aspiración BS-040108-AAG “FTA-1”. Na **figura** pódese ver a localización das dúas cabinas de seguridade biolóxica así como os dous sistemas de aspiración mercadas, todos eles no laboratorio 12 da Facultade de Bioloxía.



- 1 FSAFEVIEW-MINI2 BLUE Light Transilluminator Fisherbrand, situado no Laboratorio 12 (laboratorio de biotecnoloxía) para prácticas de diversas materias. Tamén 1 microcentrífuga General Lab Centrifuge 5425G da marca Eppendorf 5405000310, ubicada no Laboratorio 12 e que substituíu a un modelo máis vello. Tanto os transiluminador como a centrífuga foron mercados a Fisher Scientific e poden verse na **figura**.



- 1 unidade CSL-APPS-U4 APPLICATOR SEMI MICRO (4 SAMPLES) FOR UNSUPPORTED MEMBRANE + accesorios para electroforeses en acetato de celulosa. O aparato de electroforese principal xa se mercara previamente, pero non se adquirira o aplicador de mostrás no seu momento. O equipo está sendo empregado en prácticas de Inmunoloxía no Grao de Biotecnoloxía e no Grao de Bioloxía (Laboratorios 8 e 12). Mercouse á empresa GenoChem World (C.I.F.: B98858616)
- 2 unidades dun 51074 AXITADOR VORTEX MODELO CLASSIC, situados ambos no laboratorio 12. Estes equipos completan os vórtex dispoñibles nese laboratorio. Ademais, cada vórtex mercado conta cunha plataforma para 19 microtubos de 1.5 ml e unha plataforma para placas microtiter. Foron mercados á empresa Celta Ingenieros (CIF B15066392).



Curso 2023-24: 7 equipamentos

Con cargo ao capítulo VI foron mercados os seguintes equipamentos para os laboratorios de docencia da Facultade:

- 5 lupas binoculares stereo zoom microscope StereoBlue (Cienytech) mais sistema de iluminación LED para renovar e completar as existentes no laboratorio de prácticas de Zooloxía. Coas 6 mercadas o ano anterior completouse un número total de 11 lupas (das 12 solicitadas pola área de Zooloxía).
- 1 x estereomicroscopio con cámara profesional e pantalla dixital (Dodisa) para completar a dotación existente no laboratorio de prácticas de Mellora Vexetal/Fisioloxía Vexetal. Este estereomicroscopio engadiuse aos 3 mercados no curso anterior, facendo un número total de 4 (foran solicitadas inicialmente pola área 5 equipos).
- 1 microondas para a biblioteca da facultade de Bioloxía para uso de estudantado, PAS e PDI (R Costoya SL)

Curso 2024-25: 7 equipamentos

- 1 Lector de microplacas con 5 filtros de absorbencia (405, 450, 492, 540 e 630 nm). NB-12-0035 + NB-12-0035-07 (CliniSciences). Uso compartido das áreas de Fisioloxía Vexetal e Bioquímica.
- 1 Centrífuga refrixerada Digicen 22R (Ref CE259) (Cienytech).+ Ref RT316 Rotor oscilante para 4 tubos de 50 ml + 1 x Ref. RT325 Rotor angular 45°, capacidade 6 x 50 ml + Reductores. Mercada en substitución da estragada no laboratorio 8 no curso 2023-24.
- 1 LCACHN20XIPC. Obxectivo C Acromático de Contraste de Fases para microscopio do laboratorio 4 (Microbioloxía) (Evident)
- 1 28615901742 Multifunción Láser HP Laserjet M140W + 1 x 28647404566 Cable USB 1,5m Prolinx. Necesaria para a docencia na materia de Bioquímica II, Grao de Bioloxía.
- 1 Ref. 07175514 PLACA RECTANGULAR PLACFIN - Ref. 7000497 (marca Selecta) (Proquinorte). Necesaria para o laboratorio de Bioloxía Celular.
- 1 Taladro Skil con percutor (Boel SL) para portaría/PAIS.
- 1 TV 98" Ref. 148.424.11119 TV LED 98" marca TCL 98p745. + 1 unidade Soporte de Pared Fijo para TV de 100" Fonestar STV-636N. Ref. 148.521.07946 + Montaxe en parede Ref 154.111.00082. Este equipamento foi instalado na aula 7.

Polo tanto, excluindo 3 equipamentos que non tiveron como destino os laboratorios de prácticas existentes na Facultade de Bioloxía, o resto (38) foron destinados aos seguintes laboratorios: Microbioloxía (Nº 4), Zooloxía (Nº 5), Bioquímica (Nº 8), Fisioloxía Vexetal/Producción Vexetal (Nº 2), Biotecnoloxía (Nº 12) e Bioloxía Celular (Nº 3). Isto debería supoñer unha mellora nas infraestruturas destes laboratorios prácticas da facultade. Sen embargo, esta foi a evolución do equipamento en 2022/23, 2023/24 e 2024/25 nos laboratorios de destino das infraestruturas que poden ser compradas a través do capítulo VI (foron incluídas aquelas en reparación, pero excluídas as consideradas obsoletas, retiradas ou non en uso):

- Laboratorio de Microbioloxía (Nº 4): 2022/23 (43), 2023/24 (46), 2024/25 (41)
- Laboratorio de Zooloxía (Nº 5): 2022/23 (58), 2023/24 (35), 2024/25 (34).
- Laboratorio de Bioquímica (Nº 8): 2022/23 (74), 2023/24 (79), 2024/25 (sen datos)
- Laboratorio de Fisioloxía Vexetal/Producción Vexetal (Nº 2): 2022/23 (29), 2023/24 (21), 2024/25 (40).
- Laboratorio de Biotecnoloxía (Nº 12): 2022/23 (64), 2023/24 (63), 2024/25 (sen datos)
- Laboratorio de Bioloxía Celular (Nº 3): 2022/23 (80), 2023/24 (75), 2024/25 (65)

Aínda que estes datos deben ser interpretados con cautela, xa que existe un certo grao de mobilidade no equipamento entre diferentes laboratorios e existen equipamentos compartidos, o que fai complicado facer un inventario exhaustivo, si podemos observar que as compras feitas non compensan a perdas de equipamento en algúns laboratorios, como pode ser os de Microbioloxía, Zooloxía, Biotecnoloxía ou Bioloxía Celular.

En conclusión, a acción estratéxica AC 2.2.2. cumpriuse parcialmente: o financiamento da docencia (incluíndo prácticas)

non acadou un incremento do 10% en ningún dos cursos analizados, mentres que o investimento en infraestruturas de laboratorio (Capítulo VI) si experimentou un incremento significativo no curso 2024/25 tras unha forte caída no 2023/24. A porcentaxe de execución global da acción estratéxica, considerando ambos indicadores, é como moito do 25%, polo que se pode considerar que a acción está en camiño de cumprimento, aínda que con marxe de mellora ata decembro de 2026.

AC 2.2.3.: *Fomentar a participación do alumnado en programas de intercambio*. Indicador: Nº de alumnos/as que participan en diferentes programas de intercambio (SICUE, ERASMUS). Obxectivo: Aumentar nun 10% o número de alumnos/as que participan en programas SICUE ou ERASMUS. Data final de execución: Decembro 2026. Porcentaxe de Execución: 50%.

Observacións:

Para tentar mellorar a participación do estudantado nos programas de mobilidade estanse facendo esforzos en incrementar a información ofrecida ao alumnado coa convocatoria de reunións informativas sobre as opcións, destinos e as condicións da mobilidade saínte. Estas charlas levan tempo facéndose na Facultade de Bioloxía no curso 2023-24, pero desde xaneiro de 2024 forman parte do Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Bioloxía. O obxectivo deste PAT é que o estudantado coñeza de xeito temporalmente programado as sesións informativas existentes na facultade sobre aspectos académicos relacionados co desenvolvemento dos plans de estudos, horarios, actividades académicas, programas existentes (ERASMUS, SICUE, títulos, prácticas externas) e materias (Traballo Fin de Grao, Prácticas Externas). En concreto, a Sesión informativa sobre o Programa ERASMUS para o estudantado de 2º e 3º curso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía e do Dobre Grao Química-Bioloxía está programada para novembro-décembro de cada ano, participando nela o/a Xestor/a Académica, o/a Responsable Académico de Mobilidade (RAM) dos Programas de mobilidade, e alumnos/as de anos precedentes. No caso do programa SICUE, esta sesión está enfocada ao estudantado de 2º e 3º curso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía e do Dobre Grao Química-Bioloxía, está programada para mediados-finais de marzo de cada ano, e nela participan o/a Xestor/a Académica, o/a Responsable Académico de Mobilidade (RAM) dos Programas de mobilidade, e alumnos/as de anos precedentes. Os datos que temos de *Mobilidade saínte* son os seguintes:

Curso 2022-23 (indicador INF 03 -Procedencia-Destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade):

- 11 estudantes do Grao en Bioloxía que participaron no programa ERASMUS e 2 no SICUE (tendo en conta que IN02G Matrícula global = 476, $11/476 = 2.31\%$).
- 2 estudantes da 1ª ed do Grao en Biotecnoloxía que participaron no programa ERASMUS e 4 no SICUE (tendo en conta IN02G Matrícula global = 6, $6/201 = 2.98\%$)

Curso 2023-24 (indicador INF 03 -Procedencia-Destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade)

- 14 estudantes da 2ª ed do Grao en Bioloxía que participaron no programa ERASMUS, e 9 no SICUE (tendo en conta que IN02G Matrícula global = 23, $23/416 = 5.53\%$)
- 2 estudantes da 1ª ed do Grao en Biotecnoloxía que participaron no programa ERASMUS e 2 no SICUE (tendo en conta IN02G Matrícula global = 4, $4/206 = 1.94\%$)

En conclusión, o Grao en Bioloxía está a mostrar un progreso moi positivo (+76.9%), superando con creces o obxectivo do 10%. O Grao en Biotecnoloxía, pola contra, experimentou unha baixada na participación desde o curso 2022-23 ata o curso 2023-24 (-33.3%). Polo tanto, consideramos que o grao de execución é do 50% (estimación cualitativa), tendo en conta que no Grao de Bioloxía o obxectivo está máis que cumprido e no Grao de Biotecnoloxía non se acadou.

AC 2.2.4.: *Incrementar a oferta de prácticas externas*. Indicador: Nº de convenios de prácticas externas. Obxectivo: Aumentar nun 10% o Nº de convenios de prácticas externas. Data final de execución: Decembro 2026. Porcentaxe de Execución: 50%.

Observacións:

En relación co Grao de Bioloxía, o número de convenios no curso 2023-24 era de 83, dispoñendo de datos de comezo do convenio en soamente 50 deles. Nestes últimos, a evolución no número acumulado de convenios por ano foi a seguinte:

2019 (6), 2020 (8), 2021 (19), 2022 (28), 2023 (44) e 2024 (50). Polo tanto, no relativo ao Grao de Bioloxía desde o ano 2023 ao ano 2024 produciuse un aumento >10% no N° de convenios de prácticas externas (concretamente do 13,64%). En canto ao Grao de Biotecnoloxía, o número de convenios no curso 2023-24 era de 39. A evolución no número acumulado de convenios por ano foi a seguinte: 2019 (2), 2020 (3), 2021 (26), 2022 (35), 2023 (39) e 2024 (39). Polo tanto, no relativo ao Grao de Biotecnoloxía non se produciu un aumento de polo menos no 10% no N° de convenios de prácticas externas.

AC 2.2.5.: *Organizar actividades docentes extra curriculares en colaboración con institutos de investigación, BUSC, Bioga, AMIFE, GalBioTec, COBGA, REBUSEC ou PDI de universidades nacionais/estranxeiras.* Indicador: N° de actividades docentes extracurriculares. Incremento do 10% no número de actividades docente extracurriculares. Data final de execución: Decembro 2026. Porcentaxe de Execución: 100 %.

Observacións:

En 2022 realizáronse as seguintes accións:

- 10/10/2022. Charla presentación do proxecto Plantando cara ó lume. De 18:00 a 19:30 Presentaron Agustín Merino, Otilia Reyes e 6 alumnos de 4º de Bioloxía (David González, Ana Seijas, Rebeca Rodiño, Roberto Mourente, Verónica Vázquez) e a alumna de Ciencias da Comunicación Iria Souto. 10 dos asistentes solicitaron incluírse no proxecto durante este curso. Tamén se ofertou a visita ao laboratorio de Ecoloxía do lume, esta actividade tivo moito éxito, mais de 50 alumnos apuntados que farán a visita en quendas de 5 alumnos durante 15 min ó longo de outubro e novembro.
- 21/10/2022. Charla sobre saídas profesionais (BIR e xeración de empresas). Organizada polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) e a Facultade de Bioloxía.
- 18/11/2022. Xornadas sobre oposicións de secundaria. Organizada polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) e a Facultade de Bioloxía.
- 2/12/2022. Xornadas de celebración do día mundial do solo 2022 co título: Os solos: orixe dos alimentos, que foron organizadas polo profesor X.L. Otero e se celebraron o 2 decembro 2022 na aula Magna, da Facultade.

En 2023 realizáronse as seguintes accións:

- 15/02/2023. Mesa redonda “Biólogas: tres experiencias no estudo da natureza”, celebrada o día 15 de febreiro de 2023 na Facultade de Bioloxía, con motivo da conmemoración do Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia. Estiveron como relatoras na mesa 2 profesoras e unha investigadora predoutoral.
- 29/03/2023 tivo lugar a charla “PCL. Experiencias 2022-23”, nas que os alumnos do proxecto plantando cara ao lume explicaron e debateron co público as actividades realizadas. 17:00-19:00. Houbo unha boa acollida polo público.
- 2/05/2023. Charla “As resistencias a antibióticos: investigando e divulgando”, cuxos relatores foron Raquel Carnero Gómez e Luís Marcos Nogaes.
- 19-21/06/2023. 1ª ed do curso de verán a Bioloxía das Pequenas e Grandes Cousas. Este curso de verán, celebrado na Facultade de Bioloxía da USC do 19 ao 21 de xuño de 2023, é unha actividade docente extra curricular que ofrece unha visión ampla e integradora da bioloxía aplicada a distintos ámbitos: saúde humana, medio ambiente, agricultura, industria e investigación. Organizado en colaboración con profesionais do ámbito académico e investigador, o curso contou con: A) 18 horas lectivas e recoñecemento dun crédito optativo; B) Conferencias temáticas sobre terapias avanzadas, vacinas, biotecnoloxía ambiental, industrial, médica e agrícola; C) Mesa redonda interdisciplinaria sobre o enfoque “One Health”; D) Participación de PDI de universidades e centros de investigación; E) Visita técnica a unha bodega como exemplo de aplicación biotecnolóxica no sector agro alimentario. Este curso promove a formación transversal do alumnado e o contacto directo con expertos, reforzando a súa orientación profesional e investigadora.
- 23-27/10/2023 1ª ed Outono Biofest. O Outono Biofest é unha actividade docente extra curricular organizada pola Facultade de Bioloxía da USC que se celebra anualmente a comezos de outubro. Ten como obxectivo principal achegar o alumnado á realidade investigadora e profesional da bioloxía, promovendo a súa participación activa e

o contacto directo con: A) Persoal docente e investigador (PDI) e grupos de investigación da propia facultade e doutros centros (como o CIBUS); B) Institutos e asociacións científicas (COBGA, GalBioTec, BIOGA, AMIFE). A programación inclúe visitas a laboratorios, presentacións de pósteres científicos, charlas divulgativas, mesas informativas, e coloquios con investigadoras novas, fomentando así a orientación profesional e a vocación científica do estudantado.

- 22/12/2023 Acto Académico de Nadal. O 22 de decembro de 2023 celebrouse na Aula Magna da Facultade de Bioloxía o Acto Académico de Nadal, unha actividade institucional que contou coa participación do estudantado, do persoal docente e investigador (PDI) e do persoal de administración e servizos (PAS). O programa incluíu unha conferencia titulada “¿Qué es la vida?”, impartida polo profesor Jaime Gómez Márquez do Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular.

En 2024 realizáronse as seguintes accións:

- 06/02/2024. Charla “Plants in a warmer world”. As 12:00 horas no Salón de Grados de la Facultade de Bioloxía. Charla do investigador Raimundo Bermúdez, que realizou a súa tese doutoral na área de Ecoloxía baixo a dirección do profesor Rubén Retuerto Franco, Impacto do cambio climático nas plantas, investigacións que está a realizar no grupo do profesor Peter Reich na Universidade de Minnesota.
- 22/02/2024 e 29/02/2024. Os alumnos da materia G1051226 – Inmunoloxía visitan as instalacións de ADOS. Os días 22 e 29 de febreiro de 2024, o alumnado da materia G1051226 – Inmunoloxía realizou visitas formativas ás instalacións da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), organizadas pola profesora Pilar Arias Crespo en colaboración co persoal técnico da axencia e coa súa directora, Marisa López García. A actividade permitiu ao estudantado do grao en Biotecnoloxía, coñecer de forma aplicada os contidos da inmunoloxía e comprender como se integran os coñecementos en bioloxía molecular, bioquímica e tecnoloxías biomédicas na práctica clínica, ofrecendo unha experiencia enriquecedora que reforza a súa formación profesional, vocacional e investigadora no ámbito da saúde e da biotecnoloxía sanitaria.
- 29/02/2024. Charla “Proxerita: ter un neno ancián”. Realizada co gaio do Día Internacional das Enfermidades Raras, tivo lugar no Salón de Graos da Facultade de Bioloxía esta charla impartida polo Dr. Ricardo Villa Bellosta, especialista nesta enfermidade rara e investigador do Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular da USC, Centro Singular de Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS) así como no Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS).
- 19/03/2024 Conferencia “Unha carreira en Antropoloxía Física Forense: das fosas da guerra civil ás momias exipcias”. As 12,30 h, tivo lugar na Aula Magna da Facultade de Bioloxía esta charla impartida pola Dra. María Benito Sánchez, da Escola de Medicina Legal de Madrid- Dpto. Medicina Legal, Psiquiatría e Anatomía Patolóxica.
- 20/03/ 2024. Charla “O esquecido xenoma materno”. O 20 de marzo de 2024, ás 12:00 h no Salón de Graos da Facultade de Bioloxía, tivo lugar a charla titulada “O esquecido xenoma materno”, impartida pola doutora Aurora Gómez-Durán, investigadora do Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular e líder do grupo MitoPhenomics Lab do CIMUS. Esta actividade foi organizada polo propio alumnado do Grao en Bioloxía, en conexión coa conmemoración do 8M, Día Internacional da Muller. A charla centrouse na importancia do xenoma mitocondrial, un compoñente esencial da herdanza materna que adoita quedar relegado nas narrativas tradicionais da xenética. A través dunha perspectiva científica e divulgativa, a doutora Gómez-Durán puxo en valor o papel das mitocondrias na saúde, na evolución e nas enfermidades humanas, ofrecendo ao estudantado unha visión actualizada e crítica sobre este campo de estudo. Esta actividade tivo unha gran relevancia formativa para os graos en Bioloxía, Biotecnoloxía e o Dobre Grao en Química-Bioloxía, ao combinar contidos científicos de alto nivel cun enfoque de igualdade e visibilización das mulleres na ciencia. Ademais, ao ser organizada polo propio alumnado, promoveu a súa participación activa, a capacidade de xestión e a implicación na vida académica da facultade, reforzando así unha formación integral, crítica e comprometida coa sociedade.
- 22/04/2024-25/04/2024. Curso COBGA sobre Ferramentas técnicas na xestión de recursos marisqueiros. Módulo 1. Avaliación dos recursos e caracterización do medio. O curso organizado polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) titulado “Ferramentas técnicas na xestión de recursos marisqueiros. Módulo 1: Avaliación dos recursos e caracterización do medio”, desenvolveuse nas instalacións do CIBUS e da Facultade de Bioloxía en Santiago de Compostela, en horario de tarde (16:30 a 19:45 h).

- 24/04/2024. Xornada formativa “As actividades profesionais dos biólogos”. Organizada polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) e a Facultade de Bioloxía. Lugar: Aula Magna da Facultade de Bioloxía. Horario: 13:00-14:00. Nesta xornada interviñeron como poñentes o Dr. José Gómez Rial, Facultativo Especialista de Inmunoloxía-CHUS, D^a Cristina García Carballas, Bióloga auditora xefe, e D. Miguel Suárez Couselo, Técnico de Cartografía de Hábitats Terrestres-Tragsatec.
- 30/04/2024. Charla do Dr. Lucian HRITCU “Natural compounds for enhancing memory and antioxidant application in neurodegenerative disorders: mechanistic approach”. O día 30 de abril de 2024 tivo lugar no Salón de Graos da Facultade de Bioloxía unha charla impartida polo Dr. Lucian Hritcu, profesor de Fisioloxía Animal na Alexandru Ioan Cuza University of Iasi (Romanía). Esta actividade contou cunha boa asistencia de estudantes, especialmente dos graos en Bioloxía e Biotecnoloxía. A conferencia centrouse no estudo de compostos naturais con potencial para mellorar a memoria e combater o estrés oxidativo, abordando o seu posible uso terapéutico en trastornos neurodexenerativos desde unha perspectiva mecanicista. A participación en actividades deste tipo permite ao alumnado ampliar os seus coñecementos máis alá do currículo académico, coñecer liñas de investigación internacionais e establecer contacto con investigadores de prestixio, o que contribúe a fomentar vocacións científicas e a internacionalización da súa formación. Salón de Graos da Facultade de Bioloxía.
- 11/05/2024-13/05/2024. Curso de verán “A bioloxía das pequenas e grandes cousas”. O Curso de Verán 2024 titulado “A Bioloxía das pequenas e grandes cousas”, celebrado na Facultade de Bioloxía da USC do 11 ao 13 de xuño de 2024, constitúe unha actividade formativa de alto valor académico e divulgativo, recoñecida con 1 crédito optativo. O curso estruturouse en catro sesións temáticas que abordaron a bioloxía desde diferentes perspectivas: saúde humana, biotecnoloxía, medio ambiente e divulgación científica, combinando conferencias impartidas por profesionais e investigadores de prestixio con actividades prácticas como visitas guiadas á Estación de Bioloxía Mariña da Graña e ás Fragas do Eume. A programación incluíu temas de actualidade como a biotecnoloxía aplicada á saúde e á industria, a biodiversidade, a contaminación por micro plásticos ou a saúde mental, ofrecendo ao alumnado unha visión ampla, interdisciplinaria e aplicada da bioloxía. Esta actividade resultou especialmente relevante para os estudantes dos graos en Bioloxía, Biotecnoloxía e do Dobre Grao en Química-Bioloxía, xa que lles permitiu complementar a súa formación teórica con coñecementos prácticos e actualizados, fomentar o pensamento crítico e establecer contacto directo con profesionais do ámbito científico e tecnolóxico. A participación neste curso contribúe tamén a reforzar competencias transversais como a comunicación científica, o traballo en equipo e a sensibilización ambiental e social, consolidando así unha formación integral e conectada cos retos actuais da ciencia e da sociedade.
- 30/09/2024- 04/10/2024. 2ª ed Outono Biofest. O Outono Biofest é unha actividade docente extra curricular organizada pola Facultade de Bioloxía da USC que se celebra anualmente a comezos de outubro. Ten como obxectivo principal achegar o alumnado á realidade investigadora e profesional da bioloxía, promovendo a súa participación activa e o contacto directo con: A) Persoal docente e investigador (PDI) e grupos de investigación da propia facultade e doutros centros (como o CIBUS); B) Institutos e asociacións científicas (COBGA, GalBioTec, BIOGA, AMIFE). A programación inclúe visitas a laboratorios, presentacións de pósteres científicos, charlas divulgativas, mesas informativas, e coloquios con investigadoras novas, fomentando así a orientación profesional e a vocación científica do estudantado.
- 22/11/24 Charla de José María Fernández Palacios, profesor de Univ. La Laguna co título “Extinción en islas oceánicas: el caso de la Macaronesia”
- 05/12/2024. Xornadas internacionais de celebración do día mundial so solo 2024 co título: Coidando do solo: Medir, Monitorizar, Xestionar, aula Magna, 9:30-14:00. moitos asistentes as 9:30. Organizadas por X.L. Otero, Montserrat Díaz Raviña, David Fernández Calviño, Carmen Monterroso Martínez , Recio Millán, Xosé Luís Otero e Juan Antelo
- 19/12/2024. 12:30h. Acto de Nadal. Incluíu a conferencia “Avances e retos no estudio taxonómico das macro algas mariñas”, a cargo da Profa. Pilar Díaz Tapia, do Departamento de Botánica.

En conclusión, excluindo as exposicións realizadas na Facultade de Bioloxía e outras actividades culturais, o número de actividades docentes extra curriculares realizadas en colaboración con institutos de investigación, BUSC, Bioga, AMIFE, GalBioTec, COBGA, REBUSC ou PDI de universidades nacionais/estranxeiras tivo a seguinte evolución: 4 (2022), 6 (2023), 13 (2024). Polo tanto, desde 2022 ata 2024 incrementouse nun 295,45% o número de actividades docentes extracurriculares, o que significa que o obxectivo de incrementar nun 10% o número de actividades docentes

extracurriculares respecto ao ano base (2022) foi amplamente superado xa en 2024, a dous anos da data final de execución (decembro de 2026).

LE 3. Potenciar e facilitar a investigación na Facultade

OE 3.1 - Reforzamento da actividade investigadora.

AC 3.1.1.: *Facilitar, na medida do posible, a redistribución dos espazos de investigación e a mellora das infraestruturas.*

Indicador: Nº de espazos re-assignados e Nº de infraestruturas conseguidas. **Obxectivo:** Incrementar en polo menos 1-2 o número de infraestruturas dispoñibles para investigación na Facultade/CIBUS así como que o 80% das peticións de espazo realizadas polos investigadores á Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazo e Equipamentos sexan atendidas. **Data final de execución:** Decembro 2026. **Porcentaxe de Execución:** 80 %.

Observacións:

No curso 2022-23 fixéronse as seguintes reunións da Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazos e Equipamentos.

- **07/09/2022. Houbo 4 solicitudes:** (1) Solicitud de despacho no CIBUS da investigadora distinguida do Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía Sabela Balboa Méndez (foi retirada); (2) Solicitud de despacho na área de Botánica da Facultade de Bioloxía do profesor Miguel Serrano (profesor substituto de Javier Guitián) e do becario pos doutoral da Xunta Gonzalo Pérez de Lis; (3) Solicitud de despacho na Área de Fisioloxía Vexetal da Facultade de Bioloxía realizada pola profesora Victoria González e o profesor Marcos Viejo; (4) Solicitud de despacho na Facultade de Bioloxía pola investigadora Mar Sobral. A comisión aprobou a concesión das 3 últimas peticións de espazos (75% das peticións atendidas)
- **11/05/2023. Houbo 2 solicitudes:** (1) A Profesora Axudante Doutora Yolanda Ferradás solicitou despacho e laboratorio na Área de Fisioloxía Vexetal da Facultade de Bioloxía. (2) A investigadora Ramón e Cajal, Sabela Balboa, solicitou despacho e laboratorio no CIBUS. A comisión aprobou a concesión de ambas peticións de espazos (100% das peticións atendidas)

No curso 2023-24 fixéronse as seguintes reunións da Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazos e Equipamentos:

- **28/09/2023. Houbo 4 solicitudes de espazos:** (1) O Profesor Contratado Doutor A. Manuel Leira Campos, investigador integrado no grupo de investigación BiBiCI, solicitou un despacho anteriormente ocupado por postdocs, así como os laboratorios do devandito grupo e parte do usado polo grupo ECOTOX na Facultade de Bioloxía; (2) O Investigador Oportunus Diego Robledo Sánchez solicitou o despacho antigamente asignado á profesora Belén Gómez Pardo (2.05 CIBUS), así como acceso aos laboratorios que compartiría cos profesores Ana Viñas e Román Vilas; (3) A Profesora Contratada Doutora Pilar Díaz Tapia solicitou o despacho antes etiquetado como "Laboratorio de Biotecnoloxía" na área de Botánica; (4) Os profesores Andrés Baselga e Carola Gómez solicitaron facer uso do laboratorio antigamente utilizado polo profesor Ramón Mascato como un espazo de acumulación, máis que de traballo. A comisión aprobou as catro solicitudes de espazos (100% das peticións atendidas).
- **23/01/2024. Houbo 3 peticións de espazos:** (1) Solicitud da profesora titular de Fisioloxía Animal María José Mancebo Seoane, con despacho e laboratorio na Facultade de Farmacia, do uso do antigo despacho do profesor Aldegunde co fin de atender aos alumnos de Bioloxía e facilitar a súa actual colaboración co grupo de investigación EcoPast; (2) Solicitud da investigadora pos doutoral na área de Xenética Raquel Rodríguez Vázquez do uso do despacho 2.03 do CIBUS; (3) Solicitud do profesor contratado doutor na área de Medicina Legal, Xulio Maside,

de espazo para desenvolver a súa investigación sobre a avespa velutina na Facultade de Bioloxía debido á natureza da súa investigación e ao feito de que colabora coa investigadora da Facultade Carola Gómez. A Comisión aproba as 3 solicitudes de espazos feitas (100% das petición atendidas).

- **03/07/2024. Houbo 1 solicitude de espazos: (1)** O profesor Óscar Martínez Troncoso para ocupar o antigo despacho do profesor Antonio Segura na Área de Fisioloxía Vexetal. A Comisión aproba esta solicitude de espazo (100% das petición atendidas).

Polo tanto, o obxectivo de que o 80% das peticións de espazo realizadas polos investigadores á Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazo e Equipamentos sexan atendidas estase a cumprir.

En canto ao obxectivo de Incrementar en polo menos 1-2 o número de infraestruturas dispoñibles para investigación na Facultade/CIBUS, na reunión da Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazo e Equipamentos do 23/01/2024 o decano informou de que un dos espazos outrora pertencentes a TPP ía dedicarse a unha sala común de conxeladores. Dado que o devandito espazo carece de xanelas orientadas ao sur, está previsto que dito espazo leve instalado un sistema específico de refrixeración, cuxa dimensión dependerá dos conxeladores trasladados. Priorizarase o traslado de conxeladores de -80 °C sobre os de -20 °C. En marzo de 2025 foi remitido un correo electrónico para recoller as necesidades de traslado de conxeladores de -20°C/-80°C a esta sala de uso ocasional e que conteñan mostras moi importantes/valiosas de proxectos, xa que estarán controlados en todo momento ao ter unha conexión individual con aviso a correo electrónico e móbil en caso de que houberse algunha incidencia. Solicitouse o número de equipos a trasladar, así como as súas características técnicas: tipo horizontal/vertical, dimensión, temperatura de traballo (-80, -20), potencia (W) e consumo enerxético (KWh/año), voltaxe/frecuencia (V/Hz) de traballo ou dispoñibilidade de rodas para facilitar o transporte. Obtivéronse as seguintes solicitudes: BiBICI, 5 conxeladores -20°C e 1 conxelador -80°C; BIOTEC, 2 conxeladores -20°C; GEMAP, 1 conxelador -20°C; AMBIOSOL, 4 conxeladores -20°C. En total serían 13 equipos a trasladar á nova sala de conxeladores. En xuño de 2025 os traballos de instalación de dita sala aínda non comezaron. Polo tanto, a porcentaxe de execución do global desta acción estratéxica AC 3.1.1. considerase ao 80%.

AC 3.1.2.: Fomentar as relacións entre os grupos que investigan na Facultade/CIBUS así como con grupos de investigación externos ou empresas biotecnolóxicas co fin de promover a actividade investigadora na facultade e as infraestruturas de investigación. Indicador: Nº de accións (Nº de charlas de investigadores do centro ou externos sobre os seus proxectos de investigación, Nº de charlas de empresas biotecnolóxicas, Nº de convocatorias presentadas en conxunto polos grupos da facultade/CIBUS para a adquisición de infraestruturas científicas, etc.). **Obxectivo:** Incrementar nun 10% ditas accións. **Data final de execución:** Decembro 2026. **Porcentaxe de Execución:** 100%.

Observacións: Tomando como curso base 2022-23, no que realizouse 1 actividade co fin de fomentar as relacións entre os grupos que investigan na Facultade/CIBUS así como con grupos de investigación externos ou empresas biotecnolóxicas, o obxectivo de incrementar nun 10% o número de actividades cumpriuse un 100% xa que estas foron as actividades realizadas: 2022-23 (1), 2023-24 (7; 600%), 2024-25 (8; 14,29%). Esta sería unha descrición máis detallada:

Curso 2022-23 (1 actividade)

- **19-21/06/2023. 1ª ed do curso de verán a Bioloxía das Pequenas e Grandes Cousas.** Actividade formativa de alto valor académico e divulgativo, recoñecida con 1 crédito optativo. O curso estruturouse en tres sesións temáticas que abordaron a bioloxía desde diferentes perspectivas: A) Bioloxía na saúde humana e concepto One Health (día 19, 9:00-14:00 e 16:00-18:00); B) A Bioloxía no eido medioambiental e visita guiada á Bodega Mar de Envero (día 20; 9:30-14:00 e 16:30-18:30); C) Arcos da vella en Biotecnoloxía (día 21; 9:30-14:30). O curso de verán constou de conferencias impartidas por profesionais e investigadores de prestixio tanto da propia facultade/CIBUS como de fóra de ela, unha mesa redonda sobre o concepto unha soa saúde (One Health) e actividades fóra da Facultade de Bioloxía como unha visita guiada.

Curso 2023-24 (7 actividades)

- **23-27/10/2023. 1ª ed Outono Biofest.** Actividade estratéxica para a proxección da facultade e o enriquecemento formativo do estudantado dos graos en Bioloxía, Biotecnoloxía e o dobre grao Química-Bioloxía. Durante cinco días, o evento combinou mesas informativas dos grupos de investigación da facultade e do CIBUS, visitas a laboratorios, charlas especializadas, mesas redondas e proxeccións audiovisuais. Participaron numerosos grupos de investigación da facultade (como BIOAPLIC, ECOTOX, NEURODEVO, BIOLINFO, AQUABIOTEC, entre outros), así como entidades externas como o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA), BIOGA e Galbiotec.
- **06/02/2024. Charla “Plants in a warmer world”.** As 12:00 horas no Salón de Grados de la Facultade de Bioloxía. Charla do investigador Raimundo Bermúdez, que realizou a súa tese doutoral na área de Ecoloxía baixo a dirección do profesor Rubén Retuerto Franco, Impacto do cambio climático nas plantas, investigacións que está a realizar no grupo do profesor Peter Reich na Universidade de Minnesota.
- **29/02/2024. Charla “Proxeria: ter un neno ancián”.** Realizada co gaio do Día Internacional das Enfermidades Raras, tivo lugar no Salón de Graos da Facultade de Bioloxía esta charla impartida polo Dr. Ricardo Villa Bellosta, especialista nesta enfermidade rara e investigador do Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular da USC, Centro Singular de Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS) así como no Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS).
- **19/03/2024 Conferencia “Unha carreira en Antropoloxía Física Forense: das fosas da guerra civil ás momias exipcias”.** As 12,30 h, tivo lugar na Aula Magna da Facultade de Bioloxía esta charla impartida pola Dra. María Benito Sánchez, da Escola de Medicina Legal de Madrid- Dpto. Medicina Legal, Psiquiatría e Anatomía Patolóxica.
- **20/03/ 2024. Charla “O esquecido xenoma materno”.** O 20 de marzo de 2024, ás 12:00 h no Salón de Graos da Facultade de Bioloxía, tivo lugar esta charla impartida pola doutora Aurora Gómez-Durán, investigadora do Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular e líder do grupo MitoPhenomics Lab do CIMUS. Esta actividade foi organizada polo propio alumnado do Grao en Bioloxía.
- **30/04/2024. Charla do Dr. Lucian HRITCU “Natural compounds for enhancing memory and antioxidant application in neurodegenerative disorders: mechanistic approach”.** Tivo lugar no Salón de Graos da Facultade de Bioloxía. O Dr. Lucian Hritcu é profesor de Fisioloxía Animal na Alexandru Ioan Cuza University of Iasi (Romanía).
- **11-13/05/2024. 2ª ed do Curso de verán “A bioloxía das pequenas e grandes cousas”.** Constitúe unha actividade formativa de alto valor académico e divulgativo, recoñecida con 1 crédito optativo. O curso estruturouse en catro sesións temáticas que abordaron a bioloxía desde diferentes perspectivas: saúde humana, biotecnoloxía, medio ambiente e divulgación científica, combinando conferencias impartidas por profesionais e investigadores de prestixio tanto da propia facultade como de fóra de ela e actividades prácticas como visitas guiadas á Estación de Bioloxía Mariña da Graña e ás Fragas do Eume. A programación incluíu temas de actualidade como a biotecnoloxía aplicada á saúde e á industria, a biodiversidade, a contaminación por microplásticos ou a saúde mental.

Curso 2024-25 (8 actividades)

- **30/09/2024 ao 04/10/2024. 2ª ed do Outono Biofest.** Actividade estratéxica para a proxección da facultade e o enriquecemento formativo do estudantado dos graos en Bioloxía, Biotecnoloxía e o dobre grao Química-Bioloxía. O evento combinou mesas informativas dos grupos de investigación da facultade e do CIBUS, visitas a laboratorios, charlas, etc. Participaron grupos de investigación da facultade (BIOAPLIC, ECOTOX, NEURODEVO, BIOLINFO, AQUABIOTEC, entre outros) e entidades externas como o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA), BIOGA e Galbiotec.

- **25/10/2024. Dr. Saúl da Pena Lastra. Charla "Laurisilvas atlánticas: Hotspots de biodiversidade de macrohongos?** Profesor da Universidade de Estremadura. 12:30 horas na aula Magna da Facultade de Bioloxía, Na charla falouse sobre as particularidades da investigación micolóxica, sobre as novas especies e xéneros descritas en laurisilvas, sobre a riqueza específica das comunidades de fungos nestes bosques e sobre as súas afinidades bioxeográficas.
- **22/11/2024 Charla de José María Fernández Palacios**, profesor de Univ. La Laguna co título “Extinción en islas oceánicas: el caso de la Macaronesia”
- **12/12/2024. Conferencia de Mauro F. La Russa. The Conservation of Cultural Heritage from Subaerial to Underwater Environments: Case Studies.** Aula 03. Carl Linneo. 12:00-12:55 h. Primeira Parte (ambiente subaéreo). 13:10 -14:00 h. Segunda Parte (ambiente subacuático)
- **13/03/2025. Charla “Estudio Poblacional del Lobo: Metodología de Muestreo”.** Salón de Grados. Impartido por Fernando Palacios e organizada por Bota e Bata.
- **30/04/2025. Conferencia "Entre el Agua y la Tierra: El Valor Estratégico de las Turberas en el Cambio Global".** Aula Magna da Facultade de Bioloxía. Impartida pola Enxeñeira do Medio Natural Aniela Stachnik. Programa HORIZON da UE.
- **07/04/2025. Sesión Informativa sobre o TFG: Liñas temáticas.** Tivo lugar na aula magna da Facultade de Bioloxía. A sesión estivo dirixida a Estudantado de 3º curso dos Graos en Bioloxía e Biotecnoloxía e do 5º curso do Dobre Grao de Química-Bioloxía, e nela os diferentes grupos de investigación da facultade/CIBUS presentaron as súas liñas de investigación tanto ao estudantado como a outros profesores.
- **10-12/05/2025. 3ª ed do Curso de verán "A bioloxía das pequenas e grandes cousas".** Actividade formativa de alto valor académico e divulgativo, recoñecida con 1 crédito optativo. O curso estruturouse en catro sesións temáticas que abordaron a bioloxía desde diferentes perspectivas: A) Bioloxía na saúde humana (día 10, 9:00-14:00); B) mesa redonda sobre Bioloxía e Intelixencia Artificial (día 10; 16:00-18:00); C) biotecnoloxía (día 11; 10:00-14:00); D) Bioloxía Ambiental (día 11; 16:00-20:00) e visita guiada á Estación Biolóxica do “Encoro do Con” e a Illa de Arousa (día 12; 09:00-18:00). O curso de verán consta de conferencias impartidas por profesionais e investigadores de prestixio tanto da propia facultade/CIBUS como de fóra de ela, e actividades prácticas como visitas guiadas.

En canto ao Nº de convocatorias presentadas en conxunto polos grupos da facultade/CIBUS para a adquisición de infraestruturas científicas, este foi 0 nos cursos 2022-23 e 2023-24.

AC 3.1.3.: *Estudiar a posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía.* **Indicador:** Nº de reunións realizadas entre os investigadores do CIBUS. **Obxectivo:** Explorar a posibilidade de facer unha solicitude de creación dun centro de investigación e, de ser posible, executala. **Data final de execución:** Decembro 2026. **Porcentaxe de Execución:** 0%.

Observacións: O edificio CIBUS (Centro de Investigación en Bioloxía da USC) é unha infraestrutura da Universidade de Santiago de Compostela deseñada para reforzar a investigación a docencia no ámbito das ciencias biolóxicas e biotecnolóxicas. A construción do centro de investigación foi financiada, entre outras, a través de Fondos europeos FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional), respondeu á necesidade de dotar á USC cun centro de investigación moderno, funcional e adaptado ás esixencias científicas do século XXI. Foi inaugurado oficialmente no ano 2009 como un centro de investigación dependente da Facultade de Bioloxía, non do Vicerreitorado de Investigación. Consecuentemente, non foi considerado como un centro de investigación ou centro singular desde o principio, o cal dificultou desde os inicios o seu funcionamento, a captación de persoal investigador, e a mellora/actualización das súas infraestruturas de investigación.

As áreas de coñecemento que desenvolven a súa actividade investigadora no CIBUS e trasladaron a súa actividade investigadora desde a Facultade de Bioloxía a este centro no ano 2009 foron catro: Bioquímica e Bioloxía Molecular (plantas 2 e 3), Bioloxía Celular (planta 3), Xenética (plantas 1 e 2) e Microbioloxía (planta 1). A maiores, existen espazos de

investigación na planta 0 (parte de eles ocupados por investigadores do CIQUS), así como zonas comúns no soto -1. A acción estratéxica AC 3.1.3. do PE 2024-26 da Facultade de Bioloxía aprobado en aprobado pola Xunta da Facultade de Bioloxía o 21/11/2024 e pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno o 29/11/2024 tiña previsto “Estudiar a posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía”; é dicir, explorar a posibilidade de facer unha solicitude de creación dun centro de investigación e, de ser posible, executala. O prazo previsto era de abril 2024 a decembro 2025.

Sen embargo, o Instituto de Acuicultura da Universidade de Santiago de Compostela (USC), activo desde 1997, pasou a denominarse en xullo de 2024 iARCUS (Instituto de Investigación do Medio Acuático para unha Saúde Global). iARCUS ten como misión investigar os ecosistemas acuáticos desde unha visión holística, integrando aspectos ambientais, sanitarios, biotecnolóxicos e sociais. Este centro de investigación ten a súa sede maiormente no Instituto de Acuicultura, situado na Rúa de Constatino Candeira, Campus Vida. Desde a súa transformación, a maioría dos grupos de investigación con sede no CIBUS pasaron a formar parte de iARCUS. Así, das áreas de Microbioloxía GIPA e DITAPREIN; da área de Bioloxía Celular NEURODEVO e PARAQUASIL; e da área de Bioquímica e Bioloxía Molecular SISMOL. Sen embargo, dentro da Área de Bioquímica e Bioloxía Molecular os grupos BioLinfo e o grupo GI-1196 non están incluídos en iARCUS e as súas temáticas de traballo diverxen notablemente en relación coa de iARCUS. A maiores, algúns membros do grupo GIPA (Área de Microbioloxía) non están en iARCUS senón no centro singular CRETUS, e outros do grupo ACUIGEN (área de Xenética) aínda non están incorporados a iARCUS pero é presumible que o fagan no futuro inmediato.

Tamén influíu na situación do CIBUS a creación do grao de Intelixencia Artificial da USC, que materializouse no curso 2022-23 despois de aprobar a súa proposta en xaneiro de 2020. Este grao interuniversitario (USC, UDC, UVigo) impártese na Escola Técnica Superior de Enxeñería e no edificio Emprendia. Isto último supuxo a reestruturación dos espazos de Emprendia e o desprazamento provisional do persoal da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE) á un novo emprazamento na Av. das Ciencias Nº 6; deste xeito, o persoal da AVTE está á espera de ocupar os espazos que actualmente están a disposición de iARCUS no edificio de Acuicultura. Fronte a isto, a dirección de iARCUS centrou a procura de novos espazos na Facultade de Bioloxía e sobre todo no CIBUS, tendo en conta que a maioría dos grupos de investigación alí presentes xa forman parte de iARCUS, como xa se comentou. Neste punto é importante subliñar que moitas destas accións fixéronse sen coñecemento de parte dos grupos de investigación do CIBUS non relacionados con iARCUS, sen ter en conta o Plan Estratéxico 2024-26 aprobado pola Xunta de Facultade e sen realizar ningún tipo de reunión nin por parte da dirección de iARCUS nin sobre todo do Vicerreitorado con responsabilidade na materia dos espazos cos/as investigadores/as do CIBUS. Polo tanto, esta situación – que mantense a día de hoxe (xuño de 2025) - , imposibilita a transformación do CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía como estaba reflexado no PE 2024-25. Isto explica o 0% de execución da acción estratéxica e é un perfecto exemplo de como o ciclo Deming ou PDCA (Plan, Do, Check, Act) queda inutilizado por accións alleas ao SGC da Facultade de Bioloxía.

AC 3.1.4.: *Atraer novos investigadores á Facultade de Bioloxía/CIBUS.* **Indicador:** Nº de investigadores principais e os seus grupos de investigación. **Obxectivo:** Incremento en 1-2 investigadores/grupos de investigación. **Data final de execución:** Decembro 2026. **Porcentaxe de Execución:** 100 %.

Observacións:

Na Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazos e Equipamentos do 23 de xaneiro de 2024 atendeuse unha solicitude que chegou ao Decanato da Facultade de Bioloxía a través do Vicerreitorado. Nesa solicitude explicábase que Xulio Maside, profesor contratado doutor da área de Medicina Legal, Xulio Maside, que ata ese momento levaba a cabo os seus traballos de investigacións no CIMUS, solicitaba espazos na Facultade de Bioloxía para desenvolver a súa investigación sobre a avespa velutina debido á natureza destes traballos e ao feito da súa colaboración coa investigadora da área de Ecoloxía Carola Gómez (entre outros). A Comisión aprobou conceder a Xulio Maside espazo para a súa investigación nunha zona antano asignada a Tecnoloxía de Produtos Pesqueiros (TPP). Por outro lado, na área de Fisioloxía soamente están asociados a Facultade de Bioloxía no Portal da Investigación dous profesores: a profesora Celia María Pombo Ramos, que sen embargo desenvolve a súa actividade investigadora no CIMUS, e o profesor Francisco Javier Martín Cora, que trasladouse desde o CIMUS ata a Facultade de Bioloxía. Polo tanto, pódese dicir que cumpriuse o incremento en 1-2 investigadores/grupos de investigación na Facultade de Bioloxía.

LE 4. Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC)

OE 4.1 - Reforzar o funcionamento do SGC

AC 4.1.1.: *Crear o posto de coordinador/a de calidade.* **Indicador:** Nomeamento. **Obxectivo:** Nomeamento. **Data final de execución:** Maio 2025. **Porcentaxe de Execución:** 0%.

Observacións: O/a responsable de calidade do centro (RCC) é a persoa encargada do correcto funcionamento do SGC. As numerosas funcións do/a RCC son asumidas polo Vicedecano/a de calidade no caso da Facultade de Bioloxía. En todos estas funcións o/a RCC é asistido/a polo Equipo de Dirección (ED), os membros da CCC, e os/as coordinadores/as de título. Sen embargo, a excesiva burocracia asociada aos procesos de xestión da calidade, unido a que o RCC é tamén o Coordinador do Grao en Bioloxía, fai necesario buscar xeitos a medio prazo de mitigar ese problema. O Manual do SGC da Facultade de Bioloxía permite nomear o posto de coordinador/a de calidade pola/o decana/o da Facultade entre o PDI que non sexa membro do equipo de dirección para a realización de funcións de apoio á/a Responsable de Calidade do Centro. Isto é contemplado no Plan Estratéxico 2024-26, Liña Estratéxica LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC), Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC. Deste xeito, a Acción de Mellora AM-1 do Plan de Melloras 2023-24 (memoria de calidade 2022-2023) estaba relacionada con este obxectivo estratéxico e encamiñada a facer dito nomeamento e aliviar a carga burocrática do responsable de calidade, o que redundará nunha mellora do SGC do Centro. Sen embargo, esta acción de mellora AM-1 deberá ser prorrogada no Plan de Melloras 2024-25 (memoria de calidade 2023-2024) debido a que resulta complicado atopar persoal entre o PDI especializado en cuestións de calidade e independente do equipo decanal ao fronte da facultade en disposición de asumir estas funcións..

AC 4.1.2.: *Evitar duplicidades do persoal nos órganos do SGC.* **Indicador:** Nº de duplicidades eliminadas. **Obxectivo:** Eliminar todas as duplicidades. **Data final de execución:** Maio 2025. **Porcentaxe de Execución:** 0%.

Observacións: No curso 2022-2023 produciuse un cambio no equipo de coordinadores do Grao en Bioloxía que afectoulle a primeiro e cuarto curso, de tal xeito que os coordinadores pasaron a ser os seguintes: Francisco Javier Salgado Castro. Coordinador do Grao e responsable de calidade do Centro; Jesús Aboal Viñas. Coordinador 1.º Curso; Guillermo Covelo Artos. Coordinador 2.º Curso; Ana Otero Casal. Coordinadora 3.º Curso; Luís Miguel Serrano Pérez. Coordinador 4.º Curso. Dito equipo seguiu tendo a mesma composición no curso 2023-24, pero no curso 2024-25 o profesor Jesús Aboal Viñas solicitou a súa substitución, entrando como coordinadora de primeiro para o curso 2025-2026 a profesora Patricia Sanmartín Sánchez, do Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola. Polo tanto, o equipo de coordinadores está sendo constantemente renovado. Este equipo de coordinación do Grao en Bioloxía ao completo forma parte da Comisión do Título do Grao en Bioloxía, namentres que o Coordinador do Grao en Bioloxía é tamén o Vicedecano de Calidade e Responsable de Calidade do Centro, polo que participa ademais na Comisión de Calidade do Centro e na Comisión de Título do Grao en Biotecnoloxía.

Por outro lado, no caso do Grao en Biotecnoloxía, no curso 2022/2023 o Coordinador do Título foi o profesor Javier Sampedro Jiménez, e os coordinadores de curso os seguintes profesores: Manuel Noia Guldrís (1º Curso), Cristina Díaz Jullien (2º Curso); Enrique Roca Bordello (3º Curso) e Sabela Balboa Méndez (4º Curso). No curso 2023/2024 o coordinador de 3º, o profesor Enrique Roca, solicitou a súa substitución, sendo nomeada para dito posto a profesora Mª Teresa Moreira Villar. No curso 2024-25 a profesora Mª Teresa Moreira Villar solicitou tamén a súa baixa como coordinadora, sendo substituída polo profesor Óscar Martínez Troncoso, Profesor Axudante Doutor LOSU da Área de Fisioloxía Vexetal (á espera do seu nomeamento para o curso 2025-26). Polo tanto, o equipo de coordinadores do Grao de Biotecnoloxía tamén está sufrindo renovacións constantes. Ademais, este equipo de coordinación forma parte da Comisión de Título do Grao en Bioloxía e, no caso particular do Coordinador do Grao en Biotecnoloxía, o profesor Javier Sampedro, tamén da Comisión de Calidade do Centro. Dentro do Plan Estratéxico 2024-26 da Facultade de Bioloxía existe unha liña estratéxica LE 4. Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC) cun obxectivo estratéxico OE 4.1 - Reforzar o funcionamento do SGC que contén unha acción estratéxica AC 4.1.2. que trata de "Evitar duplicidades do persoal nos órganos do SGC". Polo tanto, no curso 2024-25 tratouse de atopar un novo coordinador do Grao de Bioloxía (así como substituír paulatinamente aos coordinadores de curso que xa leven tempo, como os de 2º e 3º no Grao de Bioloxía). Sen embargo, esta iniciativa tivo pouco éxito, xa que as actividades de coordinación non teñen incentivos económicos e moi pouco recoñecemento académico.

AC 4.1.3.: *Creación dun protocolo de coordinación vertical nos Graos de Biología e Biotecnología.* **Indicador:** Protocolo de coordinación. **Obxectivo:** Conseguir dous protocolos de coordinación vertical, un para cada Grao. **Data final de execución:** Decembro 2026. **Porcentaxe de Execución:** 100%.

Observacións: Algunhas accións individuais téñense feito neste sentido tanto no Grao de Biotecnología como no de Biología. Así, en maio de 2022 creáronse dende as coordinacións do Grao en Biología e Biotecnología sendos arquivos on-line (en formato Word) para uso compartido, coa finalidade de que os coordinadores/as de materias no curso 2021-2022 describisen as prácticas que se impartiron en cada unha delas. Con esta acción de coordinación vertical pretendíase que todos os coordinadores/as de materia tivesen información actualizada sobre as prácticas que se estaban a desenvolver nos Graos, e así evitar, na medida do posible, duplicidades. Sen embargo, o documento soamente foi cuberto no 55% das materias (27 de 49 materias) no caso do Grao de Biología, e con algo máis de éxito no caso do Grao en Biotecnología. Por outro lado, na reunión da Comisión de Título do Grao en Biología do 22 de marzo de 2023 o Presidente da Comisión comentou a necesidade dun sistema de coordinación vertical no Grao en Biología para que os contidos das materias de primeiro se adaptasen as necesidades das materias de cursos superiores, falando de facer un programa de boas prácticas para favorecer esa maior coordinación vertical no grao. Moito máis próximo no tempo, o 17 de abril de 2024 abordouse na Comisión de Título do Grao en Biología o tema do financiamento das prácticas e da necesidade de facer cuestións de coordinación vertical entre materias de cursos distintos. O motivo era o aforro en custes de prácticas de campo e evitar a eliminación de este tipo de actividades docentes tan importantes na formación do alumnado do Grao en Biología. Solicitábase polo tanto vehicular prácticas entre varias materias, ven combinando prácticas dentro do mesmo curso, ou ben facendo o mesmo entre cursos distintos. O obxectivo sería manter as prácticas e que a formación do alumnado fose o máis integral posible e se beneficiase dos coñecementos procedentes de profesores de diversas áreas nunha mesma práctica de campo ou ben de facer a caracterización dunha mesma zona en varias materias, de xeito que as prácticas se reforcen unhas a outras. Polo tanto, é evidente que o SGC do centro está a detectar a necesidade de ter un sistema de coordinación vertical tanto no Grao de Biología como no de Biotecnología. Sen embargo, non está tan claro como debe ser implementado este.

No curso 2024-25 acometeuse unha reforma dos protocolos propios do SGC da Facultade de Biología, xa que o documento fora actualizado por última vez pola Comisión de Calidade da Fac. de Biología na reunión do 28/04/2021. Para indicar mellor a súa natureza, estes protocolos propios pasaron a renomearse informes propios, subliñando que se trata de enquisas e informes elaborados cos datos de calidade recollidos por diversas vías. Ademais, o documento foi organizado en tres niveis de traballo (nivel de grao, mestrado e facultade), tendo en conta deste xeito as diferentes titulacións existentes. Ademais, dentro do nivel de grao, creouse un INFORME DE COORDINACIÓN VERTICAL (común para os Graos de Biología e Biotecnología), cuxa implantación será realizada no curso 2025/26. A elaboración anual deste informe para os graos impartidos na facultade será esencial para mellorar a comunicación, identificar problemas e implementar solucións efectivas, garantindo así a coherencia e a calidade dos programas académicos, promovendo a colaboración entre o PDI e o estudiantado, e adaptando os contidos ás necesidades cambiantes da comunidade académica. O Coordinador do Grao será o que faga dito informe de coordinación vertical en cada curso académico, que elaborase en setembro-novembro do curso seguinte. Este informe terá os seguintes contidos: A) Portada: Conterá o título do informe, o título de grao, o semestre, o ano académico, os nomes dos responsables da coordinación e a data de aprobación da Comisión de Título do Grao e da Comisión de Calidade da Facultade de Biología. B) Presentación e obxectivo do informe: Esta sección presentará o informe e indicará o seu propósito. C) Descrición do Grao: Sección constante, con actualizacións menores se hai cambios nos programas. D) Reunións realizadas: Esta parte describirá os nomes dos asistentes as reunións, os canles de comunicación empregados (p. ex., plataformas dixitais, correos electrónicos, reunións presenciais) e os documentos de traballo (de habelos). E) Identificación de problemas de coordinación vertical: Esta parte do informe soamente recollerá problemas relacionados con cuestións de coordinación vertical. A información recollerase a través dunha reunión anual de coordinación vertical, na que estarán presentes o/a coordinador do grao e os/as catro coordinadores/as de curso por unha parte, en representación do PDI, e os alumnos/as delegados/as de cada nivel académico en representación do estudiantado. A reunión servirá para identificar os problemas detectados e incidirá nos seguintes puntos: a) de existir, seguimento de actividades formativas que poidan desenvolverse entre materias de diversos cursos, como poden ser prácticas de campo ou laboratorio compartidas; b) inconsistencias ou solapamentos nos contidos e actividades realizadas entre materias de diferentes niveis; c) identificación de problemas na progresión lóxica e coherente de contidos ao longo dos catro cursos do

título; d) baixa participación do PDI e estudiantado nas enquisas propias do centro ou da universidade; e) identificación de necesidades de formación ou de actividades que poidan promoverse entre estudiantado de diferentes cursos. F) Conclusións e recomendacións sobre posibles accións de mellora que se van recomendar á Comisión de Título e a Comisión de Calidade do Centro para a elaboración do Plan de Acción. Tamén avaliaranse as medidas implementadas no ano previo. G) Anexos: Información adicional relevante. A 3ª versión dos Informes e enquisas propios do SGC da Facultade de Biología que contén o informe de coordinación vertical foi analizada e traballada na reunión de coordinación do mércores 23 de abril de 2025, e aprobada pola Comisión de Calidade do Centro do 23 de maio de 2025, pola Xunta de Facultade ordinaria do 6 de xuño de 2025, e foi aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno do 23 de xuño de 2025.

AC 4.1.4.: *Intensificar a relación coa ACMP para mellorar a formación en cuestións de calidade do PDI/PTXAS implicados no SGC.* **Indicador:** Nº de solicitudes feitas. **Obxectivo:** Compromiso por parte da ACMP de impartir os cursos de formación con certa regularidade. **Data final de execución:** Decembro 2024. **Porcentaxe de Execución:** 50%.

Observacións: O día 25 de febreiro de 2025, de maneira informal e no transcurso da visita da Comisión de Avaliación do Mestrado Universitario en Biodiversidade Terrestre e do Mestrado Universitario en Acuicultura, formulouse ao Adxunto á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización para a Calidade, o Sr. Antonio Mosquera González, a proposta de organizar accións formativas orientadas a mellorar os coñecementos en materia de calidade dos equipos decanais. Esta petición facíase especialmente relevante para o Persoal Docente e Investigador (PDI) e para o Persoal Técnico, de Xestión, Administración e Servizos (PTXAS) que se está a incorporar recentemente a este tipo de responsabilidades.

En resposta, o Adxunto de Calidade indicou que a liña de actuación prevista pola Área de Calidade da USC consistía na elaboración de cursos en liña, de carácter asíncrono, baseados en materiais audiovisuais. Non obstante, a data de xuño de 2025, non se ten recibido comunicación ningunha por parte da ACMP respecto á posta en marcha destas accións formativas. Cómpre sinalar que o mandato do actual equipo decanal conclúe en abril de 2026. Polo tanto, o seguinte paso será formalizar unha solicitude escrita dirixida á ACMP (Área de Calidade e Mellora Permanente), na que se retome a petición realizada en febreiro de 2025, facendo referencia ao contexto e á resposta recibida daquela; expoñe en dito escrito a necesidade actual de formación específica para o PDI/PTXAS que se está a incorporar a funcións relacionadas co SGC; solicitar explicitamente a programación e posta en marcha dos cursos de formación, así como unha canle de comunicación máis fluída e regular entre o equipo decanal e a ACMP. A solicitude realizada servirá como evidencia do cumprimento do indicador “número de solicitudes feitas”.

OE 4.2 - Mellorar a información dos/as egresados/as

AE 4.2.1.: *Aproveitar as convocatorias existentes de financiamento para a realización de estudos sobre estudantes egresados (grao e mestrado).* **Indicador:** Enquisa online realizada por unha empresa externa ao alumnado egresado. **Obxectivo:** Conseguir datos actuais da situación laboral dos egresados dos graos e mestrados impartidos na nosa facultade. **Data final de execución:** Decembro 2026. **Porcentaxe de Execución:** 100 %.

Observacións: Na Memoria de Calidade 2020-21 figuraba a acción de mellora AM-17 (Mellorar a comunicación cos egresados para poder coñecer a súa opinión sobre a utilidade dos títulos impartidos na Facultade e a súa situación profesional; Plan de Melloras 2021-22), que por diversas razóns non puido ser realizada. Polo tanto, na Memoria de Calidade 2021-22 a acción de mellora AM-17 (Plan de Melloras 2022-23) converteuse na AM-10 (Mellorar a comunicación cos egresados para poder coñecer a súa opinión sobre a utilidade dos títulos impartidos na Facultade e a súa situación profesional). Novamente tivo que ser prorrogada por diversas circunstancias. Así, dentro da memoria de calidade 2022-23, a acción de mellora AM-7 (plan de melloras 2023-24) seguía tendo como misión a de “mellorar a comunicación cos egresados dos mestrados do centro así como do Grao en Biología para poder coñecer a súa opinión sobre a utilidade dos títulos impartidos na Facultade e a súa situación profesional”. Ademais, esta acción de mellora AM-7 correspondíase co Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.2: Mellorar a información dos/as egresados/as). Entre xullo de 2023 e outubro de 2023 conseguiu un importe de 4000 € a través da Convocatoria para o Financiamento de Accións de Mellora de Másteres Oficiais da USC 2023 (4000 €).

Así, con data 17/10/2023 contratouse a empresa EDESGA (Empresa de Estudos Sociais de Galicia SLU; CIF: B70070453; Av. da Pasaxe, 15, Ent. Esquerda. 15006 A Coruña 881.927.901 / 680.117.197 edesga@edesga.com | www.edesga.com) para a realización do estudo de egresados na Facultade de Bioloxía da USC, por un importe de 3.300,00 (IVE 21% non incluído). Tras un retraso motivado pola obtención dos tres contratos preceptivos de tratamento de datos coas correspondentes universidades (USC, UVigo, UDC) e a dificultosa obtención dos datos persoais do estudiantado egresado, finalmente en abril-maio de 2025 a empresa EDESGA poido finalmente comezar fase de realización do estudo de campo. Esperamos ter os resultados da análise dos datos recollidos para o curso 2025-26. Instamos a que no futuro non teñan que ser as facultades, senón as institucións competentes, as que consigan este tipo de datos de perfil de egreso en aras de non duplicar os esforzos e gañar en eficiencia. Así, a ACSUG ten como obxectivo principal garantir a calidade da educación superior en Galicia, realizando para elo avaliacións e seguimento dos títulos, a docencia e a inserción laboral dos graduados, polo que consideramos que debería ser esta institución a que se encargase deste tipo de estudos.

LE 5. Relacións coa Sociedade

OE 5.1 - Potenciar a divulgación, promoción e difusión

AC 5.1.1.: *Aumentar o número de actividades de divulgación ofertadas polo PDI e estudantes á sociedade ou a centros da USC ou ensino secundario.* **Indicador:** N° de actividades realizadas. **Obxectivo:** Aumentar nun 10% o número das devanditas actividades. **Data final de execución:** Decembro 2026. **Porcentaxe de Execución:** 50%

Observacións:

En canto ao número de actividades de divulgación ofertadas polo PDI da Facultade de Bioloxía/CIBUS a centros de ensino secundario, participaron no Programa A Ponte nos cursos 2022-23, 2023-24 e 2024-25 os seguintes PDI:

- 2022-23 (3 persoas): Área de Bioquímica, Óscar Cordero (1 charla) e Francisco Javier Salgado Castro (1 charla); área de Ecoloxía, María Teresa Boquete (1 charla).
- 2023-24 (5 persoas): Área de Bioquímica, Manuel Rey Méndez (4 charlas) e Francisco Javier Salgado Castro (2 charlas); área de Ecoloxía, María Teresa Boquete (3 charlas) e Zulema Varela Río (4 charla); área de Microbioloxía, Ana María Otero Casal (3 charlas).
- 2024-25 (8 persoas): Área de Bioquímica, Francisco Javier Salgado Castro (2), Manuel Rey Méndez (2); área de Ecoloxía, Carola Gómez Rodríguez (1), Zulema Varela Río (1); Área de Zooloxía, Andrés Baselga Fraga (1); Área de Edafoloxía e Química Agrícola, Xosé Luís Pérez Otero (4); Área de Microbioloxía, Ana María Otero Casal (2); Área de Botánica, Pilar Díaz Tapia (4).

En canto ao número de participantes, dado que no curso 2024-25 houbo unha oferta de 169 charlas temáticas a través do programa A Ponte, isto supuxo que un 4.7% das charlas foron impartidas por PDI da Facultade de Bioloxía, pasando de 3 persoas en 2022/23 a 5 persoas en 2023/24 (66,67% de incremento) e a 8 persoas en 2024/25 (60,00% de incremento). Se temos en conta que cada profesor/a imparte 1-4 charlas cada ano, a participación pasou de 3 charlas en 2022/23 a 16 charlas en 2023/24 (433,33% de incremento) e a 17 charlas en 2024/25 (6,25% de incremento). Polo tanto, desde o curso 2022-23 ata o curso 2024-25 conseguiu incrementarse en máis de un 10% o número de actividades de divulgación ofertadas polo PDI da Facultade de Bioloxía en centros de ensino secundario a través do programa A Ponte.

A situación é diferente en relación ao número de actividades de divulgación ofertadas polo PDI a sociedade, que realizouse sobre todo a través de actividades como o Pint of Science (Santiago) ou os cursos de verán (Universidade de Verán). En canto ao Pint of Science, non se acadou o obxectivo de incrementar en máis de un 10% o número deste tipo de actividades. Unha posible explicación é que a participación neste tipo de accións de divulgación soe ser por invitación e son normalmente copadas por investigadores de centros de investigación ou fundacións. Así, no caso da edición do Pint of Science de maio de 2023, 12 das 14 charlas (85.7%) foron do CIMUS (3), CIQUS (4), CITIUS (3) e IGFAE (2), participando a Facultade de Bioloxía /CIBUS nunha delas: Francisco J Salgado (Área de Bioquímica e Bioloxía Molecular). Na edición do Pint of Science de maio de 2024, 8 das 12 charlas (67%) foron de investigadores de IMATUS (1), CITIUS (1), CIMUS (3), CRETUS (2) e

CIQUS (1); en ningunha das charlas restantes participaron investigadores da Facultade de Bioloxía/CIBUS. Finalmente, na última edición do Pint of Science de maio 2025 8 das 12 charlas (67%) foron de investigadores do CITIUS (1), Fundación Kaertor (2), IMATUS (3), IPsiUS (1) e CRETUS (1), participando unha persoa da Facultade de Bioloxía: Zulema Varela Río (Área de Ecoloxía). Polo tanto, esta situación dificulta enormemente a participación de investigadores da nosa facultade e do CIBUS neste tipo de eventos de divulgación.

En canto aos cursos de verán, a Facultade de Bioloxía realizou as seguintes propostas:

2022-2023:

- Educación para convivir co lume: curso práctico sobre innovación educativa en incendios forestais. 20 horas Pablo Souza Alonso (EPS) e Otilia Reyes Ferreira (Bioloxía). CONCEDIDO E REALIZADO
- Métodos de mostraxe e análise da biodiversidade en Ecoloxía Terrestre (1ª ed). 32 horas. Mª Teresa Boquete Seoane (Bioloxía). CONCEDIDO E REALIZADO
- A Bioloxía das pequenas e grandes cousas (1ª ed). 18 horas. Jesús López Romalde (Bioloxía). CONCEDIDO E REALIZADO. Neste curso de verán participaron 3 profesores/as da Facultade de Bioloxía.

2023-2024:

- A Bioloxía das pequenas e grandes cousas (2ª ed). 18 horas. Jesús López Romalde (Bioloxía). CONCEDIDO E REALIZADO. Neste curso de verán participaron 6 profesores/as da Facultade de Bioloxía.
- Métodos de mostraxe e análise da biodiversidade en Ecoloxía Terrestre (2ª). 32 horas. Mª Teresa Boquete Seoane (Bioloxía). CONCEDIDO E REALIZADO

2024-2025:

- Código para biólogos: Introducción a R Curso. 25 h. Carola Gómez Rodríguez y Andrés Baselga. CONCEDIDO (REALIZARASE EN SETEMBRO DE 2025)
- Diatomeas como bioindicadores: herramientas y estrategias para la evaluación ambiental. 35 h. Manel Leira Campos. CONCEDIDO (NON REALIZADO)
- A Bioloxía das pequenas e grandes cousas (3º ed). 18 horas. Jesús López Romalde (Bioloxía). CONCEDIDO E REALIZADO. Neste curso de verán participaron 4 profesores/as da Facultade de Bioloxía.

Así, no caso dos cursos de verán logrouse soamente manter o número de actividades de divulgación ofertadas pola Facultade de Bioloxía (2-3). Ademais, déuselle continuidade á realización dos cursos de verán “Métodos de mostraxe e análise da biodiversidade en Ecoloxía Terrestre”, organizados pola profesora Mª Teresa Boquete Seoane durante os cursos 2022-23 e 2023-24, e sobre todo “A Bioloxía das Pequenas e Grandes Cousas”, que en 2024-25 cumpriu a 3ª edición e que está organizado desde o Decanato de Bioloxía. Ademais, este último curso de verán incrementou a participación do profesorado da Facultade de Bioloxía/CIBUS, pasando de 3 profesores/as en 2022-23 a 4-5 profesores nos dous cursos seguintes (2023-24 e 2024-25). Polo tanto, podemos dicir que de xeito global a acción estratéxica acadouse nun 50%.

AC 5.1.2.: Aumentar as canles de difusión (redes sociais) para dar a coñecer á sociedade as actividades docente-investigadoras realizadas por PDI e alumnado. Indicador: Nº de redes sociais, Nº de noticias colgadas, e Nº de interaccións en cada rede social. **Obxectivo:** Aumentar nun 20% o Nº de redes sociais, o Nº de noticias colgadas, e o Nº de interaccións. **Data final de execución:** Decembro 2026. **Porcentaxe de Execución:** 100 %.

Observacións: No curso 2022-23 a Facultade de Bioloxía estaba presente nas seguintes redes sociais: Facebook, Twitter/X, e Instagram. O 7 de marzo de 2024 (curso 2023-24) o número de redes sociais na Facultade de Bioloxía incrementouse nunha máis, ao incorporar YouTube (@FacultadedeBioloxiaUSC). Deste xeito, no curso 2023-24 a Facultade de Bioloxía da USC estaba presente nas seguintes redes sociais (1 de xuño de 2024):

- 15 subscritores en YouTube
- 790 seguidores en Facebook

- 243 seguidores en X
- 558 seguidores en Instagram.

Polo tanto, no curso 2023-24 conseguiuase incrementar o número de RRSS, pasando de 3 a 4. Sen embargo, en decembro de 2024 a Universidade de Santiago de Compostela (USC) anunciou que abandonaba a rede social X (anteriormente Twitter), unha decisión tomada na sesión do Claustro celebrada o 5 de decembro de 2024. En coherencia con esta decisión, a Facultade de Bioloxía deuse de baixa tamén nesta rede social, polo que volveuse a pasar de 4 a 3 RRSS. Sen embargo, desde o 26 de xuño de 2025 dispoñemos dunha nova canle de comunicación a través da rede social tik-tok (usc_bioloxia), incrementando novamente o número de RRSS. Polo tanto, podemos dicir que conseguiuase incrementar o N° de redes sociais nun 20% como estaba previsto.

En canto ao número de seguidores, na actualidade (07/06/2025) as redes sociais da Facultade de Bioloxía contan con:

- 17 seguidores en YouTube (+13,33 % , comparando con 1 de xuño de 2024)
- 795 seguidores en Facebook (+0,63 % , comparando con 1 de xuño de 2024).
- 717 seguidores en Instagram (+28,49%, comparando con 1 de xuño de 2024).

É dicir, o número de seguidores estase a incrementar no 100% das redes sociais da Facultade, especialmente en aquelas máis seguidas polos estudantes como YouTube ou Instagram.

En canto ao N° de noticias colgadas, a evolución desde 2022 ata 2024 foi a seguinte: Facebook, 10 (2022), 21 (2023) e 76 (2024). Polo tanto, entre 2022 e 2024 produciuse en Facebook un incremento porcentual do 660% e superouse o incremento previsto do 20%. **Instagram:** 3 (2022), 22 (2023) e 62 (2024). Polo tanto, entre 2022 e 2024 produciuse en Instagram un incremento porcentual do 1966,67% e superouse o incremento previsto do 20%.

En relación ao N° de interaccións en cada rede social, a evolución desde 2022 ata 2024 foi a seguinte: **Facebook**, 39 likes, 0 comentarios, 0 veces compartidas (2022); 140 likes, 4 comentarios, 35 veces compartidas (2023); e 380 likes, 6 comentarios, 85 veces compartidas (2024). Polo tanto, entre 2022 e 2024 produciuse en Facebook un incremento porcentual no número de likes do 874,36%, superando por moito o 20%; non se pode calcular o aumento porcentual para o número de comentarios e comparticións, pero claramente superouse o incremento previsto do 20%. En **Instagram**, foron 45 likes, 0 comentarios, 0 veces compartidas (2022); 700 likes, 2 comentarios, 8 veces compartidas (2023); e 1736 likes, 10 comentarios, 29 veces compartidas (2024). Polo tanto, entre 2022 e 2024 produciuse en Instagram un incremento porcentual no número de likes do 3757,78%; no caso do número de comentarios e do N° de comparticións, non se puido calcular a % de incremento ao partirse dun valor de 0 en 2022; aínda así, podemos dicir que superouse por moito o incremento previsto do 20% no número de interaccións.

AC 5.1.3.: *Incrementar o número de actividades de promoción dos estudos de Bioloxía e Biotecnoloxía en centros de educación primaria.* Indicador: N° de visitas de profesores/as a centros de educación primaria **Obxectivo:** 1 actividade/ano. **Data final de execución:** Decembro 2026. **Porcentaxe de Execución:** 100%.

Observacións:

En febreiro 2024 a Facultade de Bioloxía colaborou coa Oficina de Igualdade de Xénero da USC co obradoiro "Lume no Monte", no marco da 9ª edición da actividade "Unha enxeñeira ou científica en cada cole" e en conexión coa conmemoración do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia (11 de febreiro). Esta iniciativa consiste na realización de obradoiros en centros de educación primaria, impartidos por investigadoras e profesoras da universidade, co obxectivo de visibilizar o papel das mulleres nas disciplinas STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) e ofrecer referentes femininos ás nenas desde idades temperás. En febreiro de 2025 a Facultade de Bioloxía realizou novamente este obradoiro "Lume no Monte" no marco da 10ª edición da actividade 'Unha enxeñeira ou científica en cada cole'. Neste último caso realizouse no CEIP de Roxos (impartido a alumnos de 3º de primaria). En ambos obradoiros participou a profesora Otilia Reyes Ferreira, Vicedecana da Facultade de Bioloxía, xunto con estudantado da facultade de Bioloxía. Os vídeos desta actividade poden

verse no seguinte URL: <https://unhaencadacole.gal/> e están rexistrados nas RRSS da Facultade de Bioloxía (Facebook e Instagram). Polo tanto, tendo en conta que o obxectivo da acción era a de realizar 1 actividade anual de promoción dos estudos de Bioloxía e Biotecnoloxía en centros de educación primaria, mediante visitas de profesorado, cun período de execución ata decembro de 2026, e dado que o número de actividades realizadas foi de 2 en 2 anos (2024 e 2025), podemos dicir que a porcentaxe de execución actual (a xuño de 2025) é do 100% respecto ao previsto ata esta data. Deste xeito, a acción estratéxica AC 5.1.3 está a cumprirse de forma satisfactoria, mantendo unha frecuencia anual de actividades conforme ao obxectivo establecido. A participación continuada da Facultade de Bioloxía nesta iniciativa reforza o compromiso coa promoción das vocacións científicas desde idades temperás, especialmente entre as nenas, e contribúe á visibilización da Bioloxía como disciplina clave dentro das STEM.

OE 5.2 - Reforzar as relacións co COBGA

AE 5.2.1.: *Potenciar a colaboración co COBGA para apoiar o recoñecemento social e regularización profesional dos biólogos e aumentar as actividades que reforcen as taxas de inserción laboral do alumnado egresado.* Indicador: N° de accións desenvolvidas, evolución das taxas de inserción. **Obxectivo:** Incremento dun 10% no número de actividades desenroladas en conxunción co COBGA. **Data final de execución:** Decembro 2026. **Porcentaxe de Execución:** 100 %.

Observacións:

En 2022 realizáronse as seguintes accións en colaboración co Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA):

- 21/10/2022. Charla sobre saídas profesionais (BIR e xeración de empresas) organizada polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) e a Facultade de Bioloxía.
- 8/11/2022. CONCURSO DE CARTEIS PARA DIFUNDIR OLIMPIADA DE BIOLOXÍA, resolto 08/11/2022
- 18/11/2022. Xornadas sobre oposicións de secundaria 18/11/2022 aula 3 16:0-20:00h Asistiron 32 persoas. Houbo tres ponencias e o final un debate moi amplo sobre temas que interesaban ós participantes. A maioría dos asistentes quedaron durante as 4 horas e incluso seguiron falando cos poñentes á saída das xornadas.

En 2023 realizáronse as seguintes accións en colaboración co Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA):

- 17/2/2023. XVIII Olimpiada de Bioloxía (17 febreiro 2023)
- 23-27/10/2023 1ª ed Outono Biofest, na que participou o COBGA.

En 2024 realizáronse as seguintes accións en colaboración co Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA):

- 26/01/2024. Colaboración da Facultade de Bioloxía co COBGA na entrega premios COBGA ao mellor TFG e TFM. A Facultade de Bioloxía da USC participou activamente nesta iniciativa, tanto a través da presentación de traballos por parte do seu estudiantado como mediante a presenza institucional no acto.
- 11/04/2024. Anuncio en RRSS da Xornada formativa "As actividades profesionais dos biólogos" organizada polo COBGA e a Facultade de Bioloxía.
- 11/04/2024. Anuncio en RRSS do Curso organizado polo COBGA sobre Ferramentas técnicas na xestión de recursos marisqueiros. Módulo 1. Avaliación dos recursos e caracterización do medio.
- 22/04/2024-25/04/2024. Curso COBGA sobre Ferramentas técnicas na xestión de recursos marisqueiros. Módulo 1. Avaliación dos recursos e caracterización do medio. O curso organizado polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) titulado "Ferramentas técnicas na xestión de recursos marisqueiros. Módulo 1: Avaliación dos recursos e caracterización do medio", desenvolveuse nas instalacións do CIBUS e da Facultade de Bioloxía en Santiago de Compostela, en horario de tarde (16:30 a 19:45 h).
- 24/04/2024. Xornada formativa "As actividades profesionais dos biólogos". Organizada polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) e a Facultade de Bioloxía. Lugar: Aula Magna da Facultade de Bioloxía. Horario:

13:00-14:00. Nesta xornada interviron como poñentes o Dr. José Gómez Rial, Facultativo Especialista de Inmunoloxía-CHUS, D^a Cristina García Carballas, Bióloga auditora xefe, e D. Miguel Suárez Couselo, Técnico de Cartografía de Hábitats Terrestres-Tragsatec. Organizada en colaboración co Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) Asistiron un bo número de alumnos. Os poñentes faloron durante 1h sobre a o Biólogo Interno Residente (BIR) e carreira como biólogo nos hospitais, así como do traballo dos biólogos en cuestións de auditorías de calidade e en cartografía de hábitats terrestres. O debate e preguntas alargou-se durante 40 minutos. Os asistentes mostráronse moi interesados.

- 19/06/2024. Anuncio en RRSS da Xornada: Enfermidades neurodexenerativas e dano cerebral. Da investigación á práctica clínica, organizada polo COBGA e que celebrouse na sede de FEUGA en Santiago o 28 de xuño de 2024 de 12:00 a 13:30.
- 30/09/2024- 04/10/2024. 2ª ed Outono Biofest, na que participou o COBGA

O obxectivo AE 5.2.1 establece como meta un incremento do 10% no número de actividades desenvolvidas en conxunción co Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) ata decembro de 2026. Para avaliar o grao de cumprimento, analizamos o número de accións realizadas anualmente: 2022, 3 actividades; 2023, 2 actividades; 2024, 7 actividades. Comparando os datos pódese dicir que de 2022 a 2023 houbo unha diminución do número de actividades (de 3 a 2), namentres que de 2023 a 2024 houbo un incremento significativo, pasando de 2 a 7 actividades, o que representa un aumento do 250% respecto ao ano anterior. Se tomamos como referencia o ano 2022 (3 actividades), o obxectivo de incremento do 10% sería superado con só 4 actividades en 2024, o que representa un incremento do 133% respecto a 2022. Polo tanto, o obxectivo de incrementar nun 10% o número de actividades desenvolvidas en colaboración co COBGA xa foi amplamente superado antes da data final de execución (decembro de 2026). Este incremento reflicte un compromiso crecente coa colaboración institucional e co apoio á inserción laboral do alumnado egresado. Precisamente por este motivo, a Facultade de Bioloxía da USC foi galardoada na Toxa (O Grove) como Institución do Ano polo COBGA o 16 de maio de 2025 (día do biólogo/a). Este premio foi recollido xunto coa Facultade de Bioloxía da UVigo e a Facultade de Ciencias da UDC, tamén galardoadas. A motivación do premio foi o papel destas facultades na formación e impulso da profesión de biólogo/a en Galicia, ademais de unha traxectoria continuada de apoio institucional ao COBGA e ao conxunto da comunidade profesional da Bioloxía. O profesor Jesús López Romalde, Decano da Facultade de Bioloxía da USC, recolleu o premio en nome da institución.

En conclusión, en canto ao PE 2024-26, acadouse un 100% de execución no 42,3% das accións estratéxicas (11/26), un porcentaxe de execución parcial (25-80%) no 26,9% das accións estratéxicas (7/26), e non se acometeron aínda un 30,8% das accións estratéxicas (8/26).

2.1.3.- OBXECTIVOS DE CALIDADE

Evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.

O Plan de Melloras da Facultade de Bioloxía cun conxunto de accións de mellora abertas para o **curso 2023/2024** e que figuraba na Memoria de Calidade 2022/2023 foi deseñado segundo o *Proceso de Revisión e Mellora* (PE-02). Este plan de melloras incluía un total de 14 obxectivos de calidade (OC-1 a OC-14), cun número equivalente de accións de mellora (AM-1 a AM-14). Catro de eles se correspondían coa Directriz 1 (Política e obxectivos de calidade): OC-1, OC-2, OC-7 e OC-14. Ningunha encaixaba na Directriz 2 (Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos). Cinco estaban recollidos pola Directriz 3 (Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante): OC-3, OC-4, OC-5, OC-8 e OC-12. Un obxectivo de calidade aliñábase coa Directriz 4 (Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos): OC-6. Ningún obxectivo de calidade estaba aliñado coa Directriz 5 (Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos). Dous obxectivos de calidade encaixaban coa Directriz 6 (Información pública): OC-11 e OC-13. Finalmente, ningún obxectivo de calidade correspondíase con Outros Criterios. A continuación analízase polo miúdo o grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro:

OC-1 Dotar o posto de coordinador/a de calidade.

- **Responsable:** Decano
 - **Inicio previsto:** 1/10/2024
 - **Fin previsto:** 31/10/2024.
 - **Liña estratéxica (PE 2024-26):** LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC).
 - **Obxectivo Estratéxico (PE 2024-26):** OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC
 - **Procesos clave:** PE-02 Revisión e mellora, PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas
 - **Accións de mellora:** AM-1 Dotar o posto de coordinador/a de calidade
 - **Evolución:** O/a Responsable de Calidade do Centro (RCC), que na Facultade de Bioloxía é o/a Vicedecano/a de Calidade, encárgase do funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), contando co apoio do equipo directivo, a Comisión de Calidade e os/as coordinadores/as de título. Porén, a carga burocrática e o feito de que o RCC tamén coordine o Grao en Bioloxía fan necesario buscar solucións. O Manual do SGC permite que o/a decano/a nomee un/unha coordinador/a de calidade entre o PDI non pertencente ao equipo directivo para apoiar ao RCC, medida recollida no Plan Estratéxico 2024-26. A Acción de Mellora AM-1 do Plan de Melloras 2023-24 pretendía avanzar nesa dirección, pero **deberá prorrogarse no Plan 2024-25** debido á dificultade de atopar persoal técnico especializado dispoñible de forma continuada.
- 0%
- **Grao de cumprimento:**

OC-2. Deseño e implantación de un protocolo de coordinación vertical nos títulos de Grao da Facultade.

- **Responsable:** Decano
- **Inicio previsto:** 1/9/2024
- **Fin previsto:** 31/12/2024
- **Liña estratéxica (PE 2024-26):** LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC).
- **Obxectivo Estratéxico (PE 2024-26):** OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC
- **Procesos clave:** PE-02 Revisión e mellora, PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas
- **Acción de mellora:** AM-2 Deseño e implantación de un protocolo de coordinación vertical nos títulos de Grao da Facultade.
- **Evolución:** O obxectivo de calidade OC-2: Deseño e implantación dun protocolo de coordinación vertical nos títulos de Grao da Facultade, previsto no Plan Estratéxico 2024-26 (Liña Estratéxica LE 4, Obxectivo Estratéxico OE 4.1), considérase cumprido grazas ás accións desenvolvidas no curso 2024-25. Neste período, acometeuse unha reforma dos protocolos do SGC da Facultade de Bioloxía, que non foran actualizados desde 2021. Estes protocolos pasaron a denominarse informes propios, reflectindo mellor a súa natureza como documentos baseados en datos de calidade. A reorganización estrutural destes informes en tres niveis (grao, mestrado e facultade) permitiu adaptalos á diversidade de titulacións existentes. No nivel de grao, deseñouse e aprobouse un novo Informe de Coordinación Vertical, común aos Graos en Bioloxía e Biotecnoloxía, cuxa implantación está prevista para o curso 2025/26. Este informe, elaborado anualmente polo Coordinador do Grao, recollerá información clave sobre a progresión dos contidos, a coordinación entre materias e a participación do PDI e do estudantado, contribuíndo á detección de problemas e á proposta de melloras. A súa estrutura detallada e a metodoloxía participativa garanten a súa utilidade como ferramenta de análise e mellora continua. A terceira versión dos informes, que inclúe este novo protocolo, foi aprobada polas instancias pertinentes entre abril e xuño de 2025, cumprindo así os prazos establecidos e consolidando a acción de mellora AM-2 dentro dos procesos clave PE-02 e PC-05. En consecuencia, o deseño e implantación do protocolo de coordinación vertical está plenamente xustificado como un avance significativo no reforzo do SGC da Facultade.

- Grao de cumprimento: 

OC- 3 Promover accións de formación complementaria tanto fóra das horas lectivas do alumnado como dentro das horas expositivas/interactivas das materias


- **Responsable:** Decano
- **Inicio previsto:** 1/9/2024
- **Fin previsto:** 31/12/2024
- **Liña estratéxica (PE 2024-26):** LE 2: Formación e a docencia no novo contexto.
- **Obxectivo Estratéxico (PE 2024-26):** OE 2.2.: Mellorar a formación do alumnado
- **Procesos clave:** PC-03 Apoio a estudantes
- **Acción de mellora:** AM-3. Organizar actividades docentes extra-curriculares e dentro das horas expositivas/interactivas abertas a grupos de investigación que desenvolven a súa acción investigadora na Facultade de Bioloxía ou en colaboración con institutos de investigación, BUSC, Bioga, AMIFE, GalBioTec, COBGA, REBUSC ou PDI de universidades nacionais/estranxeiras.
- **Evolución:** Como xa se comentou ao falar da acción estratéxica AC 2.2.5, excluindo as exposicións realizadas na Facultade de Bioloxía e outras actividades culturais, o número de actividades docentes extra curriculares realizadas en colaboración con institutos de investigación, BUSC, Bioga, AMIFE, GalBioTec, COBGA, REBUSC ou PDI de universidades nacionais/estranxeiras tivo a seguinte evolución: 4 (2022), 6 (2023), 13 (2024). Polo tanto, desde 2022 ata 2024 incrementouse nun 295,45% o número de actividades docentes extracurriculares, o que significa que o obxectivo previsto na acción estratéxica AC 2.2.5. e no obxectivo de calidade OC-3 e a acción de mellora AM3 de incrementar nun 10% o número de este tipo de actividades docentes extracurriculares respecto ao ano base (2022) foi amplamente superado.

- Grao de cumprimento: 

OC-4 Desenvolvemento de campañas de concienciación para o enchemento das enquisas


- **Responsable:** Decano
- **Inicio previsto:** 01/9/2024
- **Fin previsto:** 31/12/2024
- **Liña estratéxica (PE 2024-26):** LE 1: Estudantado e comunidade universitaria.
- **Obxectivo Estratéxico (PE 2024-26):** OE 1.1.: Dinamización da facultade
- **Procesos clave:** PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades
- **Acción de mellora:** AM-4. Desenvolvemento de campañas de concienciación sobre a importancia do enchemento das enquisas.
- **Evolución:** A acción de mellora AM-4 consistiu no desenvolvemento de campañas de concienciación sobre a importancia do enchemento das enquisas, para o cal iniciáronse campañas de concienciación encamiñadas a incrementar nun 25% o número de formularios cubertos tanto polo profesorado como polo alumnado. Ditas campañas están a realizarse mediante correo electrónico dirixido a PDI e estudantado, reforzando os correos electrónicos remitidos polo Centro de Datos e Procesos da Universidade de Santiago de Compostela. No curso 2022/23 foron enviadas dende o correo da secretaría do decanato 2 correos electrónicos (12/6/2023 e 15/6/2023), no curso 2023/24 foron 5 os correos electrónicos (30/10/2023, 15/04/2024, 16/05/2024, 11/06/2024, 15/07/2024), e no curso 2024/25 foron outros 5 correos electrónicos (14/11/2024, 17/03/2025, 11/04/2025, 22/05/2025, 09/06/2025). Como resultado, a evolución da participación do estudantado nas enquisas de

satisfacción coa titulación (INF 22) foi a seguinte para os cursos 2022/23 → 2023/24: **Participación do ESTUDANTADO: 1ª ed. Grao de Bioloxía:** ☒ **Cumprido** (↑ de 5.45% a 7.55%), **2ª ed. Grao de Bioloxía:** ☒ **Non cumprido** (↓ de 9.18% a 7.47%), **1ª ed. Grao de Biotecnoloxía:** ☒ **Non cumprido** (↑ de 11.82% a 14.56%, pero < 25%). **Participación do profesorado: 1ª ed. Grao de Bioloxía:** ☒ **Cumprido** (↑ de 18.18% a 50%), **2ª ed. Grao de Bioloxía:** ☒ **Non cumprido** (↑ de 27.88% a 30.58%, pero < 25%) **1ª ed. Grao de Biotecnoloxía:** ☒ **Non cumprido** (↑ de 28.04% a 33.04%, pero < 25%). Polo tanto, si ben a evolución foi positiva na maior parte dos casos, o obxectivo de incrementar nun 25% a participación nas enquisas soamente cumpriuse para o estudantado e alumnado da 1ª ed do Grao en Bioloxía. O obxectivo de calidade OC-4/acción de Mellora AM-4 do Plan de Melloras 2023-24 **deberá prorrogarse no Plan 2024-25**

- **Grao de cumprimento:** 

OC-5 Revitalizar as asociacións estudantís

- **Responsable:** Decano
- **Inicio previsto:** 1/3/2024
- **Fin previsto:** 1/4/2024
- **Liña estratéxica (PE 2024-26):** LE 1: Estudantado e comunidade universitaria
- **Obxectivo Estratéxico (PE 2024-26):** OE 1.1.: Dinamización da facultade
- **Procesos clave:** PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades
- **Acción de mellora:** AM-5. Revitalizar as asociacións estudantís
- **Evolución:** O obxectivo de calidade OC-5 e a acción de mellora AM-5 correspóndense coa acción de calidade AC 1.1.3. Revitalizar as asociacións estudantís. A acción de mellora AM-5 tiña como obxectivo manter a asociación de estudantes "Bota e Bata". A acción xurdiu pola desaparición de asociacións estudantís na Facultade de Bioloxía, como "BioSant", e o risco de desaparición de "Bota e Bata", unha asociación con tradición centrada na divulgación científica, formación extra académica e acción universitaria. **Actividades destacadas: Curso 2022-23:** Participación en 4 actividades, incluíndo charlas e a Andaina Micolóxica; **curso 2023-24:** Continuidade da participación en eventos como o acto de benvida e o Outono Biofest; **curso 2024-25:** Consolidación do relevo xeracional grazas á coordinación entre o Decanato e estudantes (Laura García Méndez, Marc Romero Estonllo e María do Carme Pacín Salvador). **Actividades recentes nas que participou a Asociación "Bota e Bata":** Charla sobre o lobo (13/03/2025), charla sobre saídas profesionais (23/04/2025), charla EUREKA sobre flora invasora (06/05/2025), Xornada de voluntariado ambiental no centro ictiolóxico de Ximonde (10/05/2025). Polo tanto, a acción de mellora AM-5 considérase finalizada con éxito, ao garantir a continuidade activa da asociación "Bota e Bata".

- **Grao de cumprimento:** 

OC-6 Aumentar a participación do PDI nas Xuntas de Facultade

- **Responsable:** Decano
- **Inicio previsto:** 1/9/2024
- **Fin previsto:** 31/12/2024
- **Liña estratéxica (PE 2024-26):** LE 1: Estudantado e comunidade universitaria
- **Obxectivo Estratéxico (PE 2024-26):** OE 1.1.: Dinamización da facultade

- **Procesos clave:** PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades
- **Acción de mellora:** AM-6. Aumentar a participación do PDI nas Xuntas de Facultade
- **Evolución:** A acción de calidade AM-6 corresponde co obxectivo estratéxico OE 1.1.: Dinamización da facultade e coa liña estratéxica AC 1.1.2. Incrementar o número de actividades culturais e deportivas, así como a participación dos diferentes grupos de interese da facultade e de fóra de ela. Para levar a cabo a acción de mellora AM-6, como primeira fase elaborouse o comunicado *"Importancia da participación do profesorado nas Xuntas de Facultade"*. Dito comunicado remitiuse ao PDI desde o correo electrónico da secretaría do decanato o 25 de marzo de 2025 (ver abaixo). A dito correo respondeu a Profesora da Área de Botánica Pilar Díaz Tapia, alegando dificultades para a asistencia as Xuntas de Facultade e indicando que *"a situación melloraría si as Xuntas fosen a primeira ou a última hora da mañá (i.e., as 9 ou as 13 horas)"*. A asistencia media do profesorado durante as Xuntas de Facultade celebradas con anterioridade a dito comunicado durante o ano 2025 foi de 15,3 profesores/as, namentres que a asistencia deste colectivo durante a única Xunta celebrada con posterioridade ao comunicado foi de 25 docentes. Polo tanto, as actividades relacionadas coa AM-6 comezaron máis tarde do previsto. A pesar disto, parece que xurdiu algo de efecto a medida, pero cómpre seguir a enviar dito comunicado antes de cada reunión ordinaria ou extraordinaria da Xunta de Facultade para poder avaliar a eficacia desta medida a máis longo prazo. O obxectivo de calidade OC-6/acción de Mellora AM-6 do Plan de Melloras 2023-24 **deberá prorrogarse no Plan 2024-25**

Desde Decanato da Facultade de Bioloxía <facultade.bioloxia.decanato@usc.es>
 Fecha Mar 25/03/2025 9:39

Estimado profesorado,

Nos últimos tempos vense observando unha importante diminución da asistencia do PDI ás reunións da Xunta de Facultade. Esta tendencia é en certa medida preocupante, xa que a presenza e implicación do profesorado son fundamentais para o bo funcionamento e a toma de decisións informadas dentro da nosa facultade.

Segundo o artigo 7º do noso Regulamento de Réxime Interno, *"a Xunta de Facultade é o órgano Colexiado de goberno do centro, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión"*. Así mesmo, o artigo 8 de dito regulamento indica que *"A asistencia ás sesións da Xunta de Facultade constitúe un dereito e un deber para todos os seus membros e débense prever as medidas que favorezan esta asistencia"*; tamén, que *"Para o cumprimento desta función quedan dispensados de calquera outra actividade universitaria polo tempo que duren as sesións da Xunta, agás das actividades docentes programadas"*.

A vosa participación nas Xuntas de Facultade é esencial para garantir que as decisións que se tomen reflictan as necesidades e expectativas de toda a comunidade académica. A vosa implicación activa non só fortalece o noso goberno interno, senón que tamén asegura que as voces do profesorado sexan escoitadas e consideradas nas deliberacións e decisións importantes.

Agradecemos de antemán a vosa colaboración e compromiso. Contamos coa vosa presenza nas próximas sesións para seguir construíndo xuntos un entorno académico de excelencia.

Atentamente,

Secretaría do Decanato
 Facultade de Bioloxía
 Universidade de Santiago de Compostela
 Lope Gómez de Marzoa, s/n. Campus Vida.
 15782 Santiago de Compostela

Web: <http://www.usc.es/n/centros/bioloxia>


Teléfonos:
 (+34) 881 813 245 (Conserxería)
 (+34) 881 813 308 (Decanato)
 Correo electrónico Decanato: facultade.bioloxia.decanato@usc.es

- **Grao de cumprimento:**

OC-7 Mellorar a comunicación cos egresados para poder coñecer a súa opinión sobre a utilidade dos títulos impartidos na Facultade e a súa situación profesional

- **Responsable:** Decano
- **Inicio previsto:** 01/9/2024

- **Fin previsto:** 31/12/2024
- **Liña estratéxica (PE 2024-26):** LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC)
- **Obxectivo Estratéxico (PE 2024-26):** OE 4.2: Mellorar a información dos/as egresados/as
- **Procesos clave:** PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas, PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades
- **Acción de mellora:** AM-7. Mellorar a comunicación cos egresados para poder coñecer a súa opinión sobre a utilidade dos títulos impartidos na Facultade e a súa situación profesional
- **Evolución:** A acción de mellora AM-7 está vinculada ao obxectivo estratéxico OE 4.2: Mellorar a información dos/as egresados/as e a acción estratéxica AE 4.2.1.: Aproveitar as convocatorias existentes de financiamento para a realización de estudos sobre estudantes egresados (grao e mestrado), que tiñan como obxectivo *Conseguir datos actuais da situación laboral dos egresados dos graos e mestrados impartidos na nosa facultade*. Ademais, a acción de mellora AM-7 da Memoria de Calidade 2022-23 procede das accións de mellora prorrogadas AM-17 (Plan de Melloras 2021-22) e AM-10 (Plan de Melloras 2022-23). Dentro da memoria de calidade 2022-23, a acción de mellora AM-7 (plan de melloras 2023-24) seguía tendo como misión a de “mellorar a comunicación cos egresados dos mestrados do centro, así como do Grao en Bioloxía, para poder coñecer a súa opinión sobre a utilidade dos títulos impartidos na Facultade e a súa situación profesional. Entre xullo-outubro de 2023 conseguíronse 4000 € na Convocatoria para o Financiamento de Accións de Mellora de Másteres Oficiais da USC 2023. O 17/10/2023 contratouse a empresa EDESGA (Empresa de Estudos Sociais de Galicia SLU; CIF: B70070453) para a realización do estudo de egresados na Facultade de Bioloxía da USC. Finalmente, con certo retraso en relación coa data prevista de setembro-décembro de 2024, en abril-maio de 2025 a empresa poido comezar o estudo de campo. Esperamos ter a análise dos datos para o curso 2025-26.

- **Grao de cumprimento:** 

OC-8. Desenvolver un marco normativo que facilite a incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación a maiores do TFG/TFM e prácticas externas

- **Responsable:** Decano
- **Inicio previsto:** 01/9/2024
- **Fin previsto:** 31/12/2024
- **Liña estratéxica (PE 2024-26):** LE 2: Formación e a docencia no novo contexto.
- **Obxectivo Estratéxico (PE 2024-26):** OE 2.2.: Mellorar a formación do alumnado
- **Procesos clave:** PC-03 Apoio a estudantes, PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas
- **Acción de mellora:** AM-8. Desenvolver un marco normativo que facilite a incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación a maiores do TFG/TFM e prácticas externas
- **Evolución:** O obxectivo de calidade OC-8/acción de Mellora AM-8 do Plan de Melloras 2023-24 **deberá prorrogarse no Plan 2024-25** debido á dificultade de desenvolver un marco normativo que facilite a incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación a maiores do TFG/TFM e prácticas externas.

- **Grao de cumprimento:** 

OC-9 Fomentar as relacións entre os grupos que investigan na Facultade/CIBUS así como con grupos de investigación externos ou empresas biotecnolóxicas co fin de promover a actividade investigadora na facultade e as infraestruturas de investigación

- **Responsable:** Decano
- **Inicio previsto:** 15/3/2024
- **Fin previsto:** 31/6/2024
- **Liña estratéxica (PE 2024-26):** LE 3: Potenciar e facilitar a investigación na Facultade
- **Obxectivo Estratéxico (PE 2024-26):** OE 3.1.: Reforzamento da actividade investigadora
- **Procesos clave:** PS-01 Xestión dos recursos humanos, PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos
- **Acción de mellora:** AM-9. Fomentar as relacións entre os grupos que investigan na Facultade/CIBUS así como con grupos de investigación externos ou empresas biotecnolóxicas co fin de promover a actividade investigadora na facultade e as infraestruturas de investigación
- **Evolución:** A acción de mellora AM-3 está relacionada co obxectivo estratéxico OE 3.1. Reforzamento da actividade investigadora e coa acción estratéxica AC 3.1.2.: Fomentar as relacións entre os grupos que investigan na Facultade/CIBUS así como con grupos de investigación externos ou empresas biotecnolóxicas co fin de promover a actividade investigadora na facultade e as infraestruturas de investigación. O obxectivo e incrementar nun 10% unha serie de accións (Nº de charlas de investigadores do centro ou externos sobre os seus proxectos de investigación, Nº de charlas de empresas biotecnolóxicas, Nº de convocatorias presentadas en conxunto polos grupos da facultade/CIBUS para a adquisición de infraestruturas científicas, etc.). Como xa se comentou previamente cando se falou do grao de cumprimento do plan estratéxico 2024-26, tomando como curso base 2022-23, no que realizouse 1 actividade có fin de fomentar as relacións entre os grupos que investigan na Facultade/CIBUS así como con grupos de investigación externos ou empresas biotecnolóxicas, o obxectivo de incrementar nun 10% o número de actividades cumpriuse un 100% xa que estas foron as actividades realizadas: 2022-23 (1), 2023-24 (7; 600%), 2024-25 (8; 14,29%).
- **Grao de cumprimento:** 

OC-10. Estudiar a posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía

- **Responsable:** Decano
- **Inicio previsto:** 01/9/2024
- **Fin previsto:** 31/12/2024
- **Liña estratéxica (PE 2024-26):** LE 3: Potenciar e facilitar a investigación na Facultade
- **Obxectivo Estratéxico (PE 2024-26):** OE 3.1.: Reforzamento da actividade investigadora
- **Procesos clave:** PS-01 Xestión dos recursos humanos, PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos
- **Acción de mellora:** AM-10. Estudiar a posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía
- **Evolución:** O obxectivo de calidade OC-10 e a acción de calidade AM-10 están vinculadas á liña estratéxica LE3 Reforzamento da actividade investigadora, obxectivo estratéxico OE 3.1. Reforzamento da actividade investigadora, e acción estratéxica AC 3.1.3.: Estudiar a posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía. A construción do CIBUS foi financiada, entre outras, a través de Fondos europeos FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional). Foi inaugurado no ano 2009 como unha extensión da Facultade de Bioloxía, pero nunca foi considerado como un centro de investigación independente ou centro singular, o cal dificulta o seu funcionamento, a captación de persoal investigador, e a mellora/actualización das


súas infraestruturas. A acción de mellora AM-10 ten previsto Estudiar a posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía; é dicir, explorar a posibilidade de facer unha solicitude de creación dun centro de investigación e, de ser posible, executala. Desde xullo de 2024, o antigo Instituto de Acuicultura da USC pasou a chamarse iARCUS (Instituto de Investigación do Medio Acuático para unha Saúde Global). A maioría dos grupos de investigación do CIBUS foron integrados neste novo instituto, con excepcións como BioLinfo ou membros de GIPA e ACUIGEN. A creación do grao en Intelixencia Artificial tamén provocou cambios nos espazos do edificio Emprendia, afectando á AVTE, que está á espera de ocupar espazos actualmente asignados a iARCUS. Consecuentemente, a dirección de iARCUS está a buscar novos espazos no CIBUS, unha situación que non tivo en consideración o Plan Estratéxico 2024-26 aprobado en Xunta de Facultade. Esta situación dificulta a transformación do CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía, o que explica o 0% de execución da acción de mellora AM-10. Polo tanto, o obxectivo de calidade OC-10/acción de Mellora AM-10 do Plan de Melloras 2023-24 **deberá prorrogarse no Plan 2024-25**

- Grao de cumprimento:

OC-11. Aumentar as canles de difusión (redes sociais) para dar a coñecer á sociedade as actividades docente-investigadoras realizadas por PDI e alumnado


- **Responsable:** Decano
- **Inicio previsto:** 01/3/2024
- **Fin previsto:** 30/06/2024
- **Liña estratéxica (PE 2024-26):** LE 5: Relacións coa Sociedade
- **Obxectivo Estratéxico (PE 2024-26):** OE 5.1.: Potenciar a divulgación, promoción e difusión
- **Procesos clave:** PC-03 Apoio a estudantes, PS-06 Información pública
- **Acción de mellora:** AM-11.- Aumentar as canles de difusión (redes sociais) para dar a coñecer á sociedade as actividades docente-investigadoras realizadas por PDI e alumnado.
- **Evolución:** O obxectivo de calidade OC-11/acción de Mellora AM-11 do Plan de Melloras 2023-24 está relacionado coa liña estratéxica LE 5 Relacións coa Sociedade, o obxectivo estratéxico OE 5.1 Potenciar a divulgación, promoción e difusión, e a liña estratéxica AC 5.1.2.: Aumentar as canles de difusión (redes sociais) para dar a coñecer á sociedade as actividades docente-investigadoras realizadas por PDI e alumnado. O obxectivo a conseguir desta acción de mellora AM-11 era aumentar nun 20% o Nº de redes sociais, o Nº de noticias colgadas, e o Nº de interaccións. No curso 2023-24 a Facultade de Bioloxía estaba presente en Facebook (790 seguidores), Twitter/X (243 seguidores), Instagram (558 seguidores) e YouTube (15 subscritores), conseguindo pasar ese curso de 3 a 4 RRSS coa incorporación de YouTube. Recentemente (decembro 2024) a USC anunciou que abandonaba a rede social X (Claustro 5 de decembro 2024), dándose de baixa a Facultade de Bioloxía e pasando novamente de 4 a 3 RRSS. Sen embargo, desde xuño de 2025 dispoñemos dunha nova rede social (tik-tok), incrementando novamente o número de RRSS. En canto ao número de seguidores, o 07/06/2025 as RRSS contaban con 17 seguidores en YouTube (+13,33 % , comparando con 1 de xuño de 2024), 795 seguidores en Facebook (+0,63 % , comparando con 1 de xuño de 2024) e 717 seguidores en Instagram (+28,49%, comparando con 1 de xuño de 2024). En canto ao Nº de noticias colgadas, a evolución desde 2022 ata 2024 foi: Facebook, 10 (2022), 21 (2023) e 76 (2024) (↑ >20%); Instagram: 3 (2022), 22 (2023) e 62 (2024) (↑ >20%). En relación ao Nº de interaccións, a evolución desde 2022 ata 2024 foi: Facebook, 39 likes, 0 comentarios, 0 veces compartidas (2022); 140 likes, 4 comentarios, 35 veces compartidas (2023); e 380 likes, 6 comentarios, 85 veces compartidas (2024) (↑ >20%). Polo tanto, entre 2022 e 2024 produciuse en Facebook un incremento porcentual global > 20%. En Instagram, foron 45 likes, 0 comentarios, 0 veces compartidas (2022); 700 likes, 2 comentarios, 8 veces compartidas (2023);

e 1736 likes, 10 comentarios, 29 veces compartidas (2024). Polo tanto, entre 2022 e 2024 produciuse en Instagram un incremento porcentual global > 20% no número de interaccións. Polo tanto, podemos dicir que globalmente conseguíuse incrementar o Nº de RRSS, o número de seguidores, o Nº de noticias colgadas e o Nº de interaccións en cada rede social nunha porcentaxe superior ao 20%.

- Grao de cumprimento: 

OC-12. Potenciar a colaboración co COBGA para apoiar o recoñecemento social e regularización profesional dos biólogos e aumentar as actividades que reforcen as taxas de inserción laboral do alumnado egresado


- **Responsable:** Decano
- **Inicio previsto:** 01/9/2024
- **Fin previsto:** 30/6/2024
- **Liña estratéxica (PE 2024-26):** LE 5: Relacións coa Sociedade.
- **Obxectivo Estratéxico (PE 2024-26):** OE 5.2: Reforzar as relacións co COBGA
- **Procesos clave:** PC-03 Apoio a estudantes
- **Acción de mellora:** AM-12.- Potenciar a colaboración co COBGA para apoiar o recoñecemento social e regularización profesional dos biólogos e aumentar as actividades que reforcen as taxas de inserción laboral do alumnado egresado
- **Evolución:** O obxectivo de calidade OC-12/acción de Mellora AM-12 do Plan de Melloras 2023-24 está vinculado á liña estratéxica LE 5: Relacións coa Sociedade, o obxectivo estratéxico OE 5.2. Reforzar as relación co COBGA e coa acción estratéxica AE 5.2.1.: Potenciar a colaboración co COBGA para apoiar o recoñecemento social e regularización profesional dos biólogos e aumentar as actividades que reforcen as taxas de inserción laboral do alumnado egresado. O obxectivo da acción de mellora AM-12 era incrementar nun 10% no número de actividades desenvoladas en conxunción co COBGA. O número de accións realizadas anualmente foron as seguintes: 2022, 3 actividades; 2023, 2 actividades; 2024, 7 actividades. Comparando os datos pódese dicir que de 2022 a 2023 houbo unha diminución do número de actividades (de 3 a 2), namentres que de 2023 a 2024 houbo un incremento significativo, pasando de 2 a 7 actividades. Polo tanto, de xeito global -considerando desde 2022 a 2024- cumpriuse o obxectivo de incrementar nun 10% o número de actividades desenvolvidas en colaboración co COBGA. Esta traxectoria continuada de apoio institucional ao COBGA supuxo que a Facultade de Bioloxía da USC fose galardoada en maio de 2025 como "Institución do Ano" por dita entidade, xunto coa Facultade de Bioloxía da UVigo e a Facultade de Ciencias da UDC.

- Grao de cumprimento: 

OC-13. Incrementar o número de actividades de promoción dos estudos de Bioloxía e Biotecnoloxía en centros de educación primaria

- **Responsable:** Decano
- **Inicio previsto:** 01/9/2024
- **Fin previsto:** 31/12/2024
- **Liña estratéxica (PE 2024-26):** LE 5: Relacións coa Sociedade
- **Obxectivo Estratéxico (PE 2024-26):** OE 5.1.: Potenciar a divulgación, promoción e difusión
- **Procesos clave:** PS-01 Xestión dos recursos humanos, PS-06 Información pública


- **Acción de mellora:** AM-13.- Incrementar o número de actividades de promoción dos estudos de Bioloxía e Biotecnoloxía en centros de educación primaria.
- **Evolución:** O obxectivo de calidade OC-12/acción de Mellora AM-12 do Plan de Melloras 2023-24 está relacionado coa liña estratéxica LE 5 Relacións coa Sociedade, o obxectivo estratéxico OE 5.1 Potenciar a divulgación, promoción e difusión, e coa acción estratéxica AC 5.1.3. Incrementar o número de actividades de promoción dos estudos de Bioloxía e Biotecnoloxía en centros de educación primaria. O obxectivo da acción de mellora AM-13 era ter polo menos 1 visita por ano de profesores/as a centros de educación primaria. En febreiro de 2024 e 2025, a Facultade de Bioloxía da USC participou na iniciativa “Unha enxeñeira ou científica en cada cole” co obradoiro Lume no Monte, impartido pola profesora Otilia Reyes Ferreira e alumnado da facultade. A idea era promover as vocacións científicas entre as nenas, e visibilizar o papel das mulleres nas disciplinas STEM. Estas actividades, realizadas en centros de educación primaria e vinculadas ao Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, compren plenamente o obxectivo anual establecido ata decembro de 2026, acadando unha execución do 100%.

- **Grao de cumprimento:** 

OC-14. Actualización dos documentos do SGC do Centro

- **Responsable:** Decano
- **Inicio previsto:** 01/9/2024
- **Fin previsto:** 31/12/2024
- **Liña estratéxica (PE 2024-26):** LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC)
- **Obxectivo Estratéxico (PE 2024-26):** OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC
- **Procesos clave:** PE-02 Revisión e mellora, PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas
- **Acción de mellora:** AM-14 Actualización dos documentos do SGC do Centro
- **Evolución:** No informe final do 2 de xullo de 2024, emitido pola COMISIÓN DE EVALUACIÓN da ACSUG trala visita á Facultade de Bioloxía o 3 de outubro de 2023 para avaliar a implantación do SGC (Programa FIDES-AUDIT), propúxose unha acción de mellora **AM 1.1.** para “contextualizar el Manual de Calidad y los procesos del SGC para que se adapten a la realidad del centro, e incluir los protocolos del 2021 como parte de dicho sistema”. No curso 2024-25 acometeuse unha reforma dos protocolos propios do SGC da Facultade de Bioloxía, xa que o documento fora actualizado por última vez pola Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía na reunión do 28/04/2021. Estes protocolos propios pasaron a renomearse informes propios, subliñando que se trata de enquisas e informes elaborados cos datos de calidade recollidos por diversas vías. O documento foi organizado en tres niveis de traballo (nivel de grao, mestrado e facultade), tendo en conta deste xeito as diferentes titulacións existentes. **NIVEL GRAO:** 1.1.- ENQUISA DE PERFIL DE INGRESO E INFORME, 1.2.- ENQUISA DE CALIDADE DOCENTE E INFORME, 1.3.- INFORME DE COORDINACIÓN VERTICAL, 1.4.- INFORME SOBRE MATERIAS CON BAIXA TAXA DE SUPERACIÓN RECORRENTE, 1.5.- INFORME SOBRE MATERIAS QUE CONDICIONAN A DEFENSA DO TFG, 1.6.- INFORME DE ABANDONO, 1.7.- ENQUISAS E INFORMES SOBRE O DESENVOLVEMENTO DO TFG, 1.8.- ENQUISAS E INFORMES SOBRE O DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS EXTERNAS; **NIVEL MESTRADO:** 2.1.- ENQUISA E INFORME DAS MATERIAS; 2.2.- ENQUISA DO MESTRADO; 2.3.- ENQUISA DE PRÁCTICAS EXTERNAS (EN EMPRESA) NO MESTRADO; **NIVEL FACULTADE:** 3.1.- EQUIPAMIENTO DE AULAS, LABORATORIOS E PRÁCTICAS DE CAMPO 3.2.- INFORME DOS RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS. Entre os cambios efectuados a nivel de grao figuran a homoxeneización da información recollida nos dous graos (Bioloxía e Biotecnoloxía), a incorporación do informe de coordinación vertical, a eliminación do informe de diferenzas do rendemento académico entre grupos da mesma materia, a eliminación dos métodos de intervención sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos do grao, a incorporación das enquisas e informes sobre o desenvolvemento das prácticas externas. Tamén modificouse o

sistema de alerta temperá para materias con baixa taxa de superación recorrente. A nivel de mestrado, incorporouse a enquisa e informe das materias, e tamén unha enquisa do mestrado. E finalmente, a nivel de Facultade, ampliouse a información recollida sobre as infraestruturas existentes (aulas, laboratorios e prácticas de campo). A 3ª versión dos **Informes e enquisas propios do SGC** da Facultade de Bioloxía foi analizada e traballada na reunión de coordinación do mércores 23 de abril de 2025, e aprobada pola CCC do 23 de maio de 2025, pola Xunta de Facultade ordinaria do 6 de xuño de 2025, e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno do 23 de xuño de 2025. Sen embargo, segue sendo necesario revisar o **Manual do SGC (2023)** así como o **Manual de procesos (2023)** para incluír os **Informes e Enquisas Propios (2025)** como parte de dicho sistema de garantía de calidade. Actualmente (xuño 2025) estase a espera que sexan modificados o manual de procesos institucionais e o resto de documentación de calidade da USC antes de acometer a revisión da documentación do SGC da Facultade. Polo tanto, o obxectivo de calidade OC-14/acción de Mellora AM-14 do Plan de Melloras 2023-24 **deberá prorrogarse no Plan 2024-25**, xa que soamente poido facerse unha actualización parcial.

- **Grao de cumprimento:**  50%

En resumo, o seguimento da eficacia dos obxectivos de calidade e accións de mellora foi realizado pola CCC. A maioría destas accións de mellora executáronse a nivel de centro, pero houbo dúas (OC-7/AM-7 e OC-14/AM-14) que afectaban aos mestrados. O grao de cumprimento dos obxectivos de calidade que se presentaron no Plan de Melloras da Facultade de Bioloxía para o curso 2023/24 foi razoable. Dos 14 obxectivos de calidade/accións de mellora, 8 (57.14%) foron completadas (OC-2/AM-2, OC-3/AM-3, OC-5/AM-5, OC-7/AM-7, OC-9/AM-9, OC-11/AM-11, AC-12/AM-12 e AC-13/AM-13), 3 (21.43%) foron acometidos parcialmente (OC-4/AM-4, OC-6/AM-6 e OC-14/AM-14), e outros 3 (21.43%) (OC-1/AM-1, OC-8/AM-8, OC-10/AM-10) non foron comezados por diversos motivos. Polo tanto, OC-1/AM-1, OC-4/AM-4, OC-6/AM-6, OC-8/AM-8, OC-10/AM-10 e OC-14/AM-14 deberán ser prorrogados no plan de melloras 2024-25.

2.1.4.- PLAN DE MELLORAS ANUAL DO CENTRO (PMAC).

(Situación: resultado curso anterior ao da Memoria).

Evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse:

- **se o SGC permite introducir melloras nos títulos,**
- **se se realiza correctamente o seu seguimento,**
- **se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e**
- **se inclúen as recomendacións dos procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).**

O SGC da Facultade de Bioloxía conta cun proceso estratéxico de *Revisión e Mellora* (PE-02) que permite establecer, revisar e/ou actualizar a política de calidade, os obxectivos de calidade do plan de melloras anual, o funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), así como os resultados dos programas formativos que están no ámbito do SGC da Facultade de Bioloxía. No desenrolo deste proceso e fundamental o traballo das comisións de título, que de acordo ao proceso clave *Análise de resultados e mellora dos programas* (PC-05), analizan os indicadores e trasladan a CCC as áreas de mellora detectadas e as propostas de accións a adoptar. A CCC, unha vez analizado o funcionamento global do SGC e revisadas as accións de mellora propostas polas comisións dos diferentes programas impartidos no centro, elabora o Plan de Melloras Anual, que recolle os obxectivos de calidade, as accións de mellora, responsables, prazos, recursos e, en xeral, toda a información necesaria para a correcta planificación.

O SGC permite introducir melloras nos títulos, como o aumento do número de ECTS do TFG e prácticas externas no paso da 1ª ed á 2ª ed do Grao en Bioloxía ou o aumento de materias optativas no paso da 2ª a 3ª ed do grao de Bioloxía: Análise da Diversidade Biolóxica, G1023457 Optativo Segundo semestre 4.5 créditos; Introducción á Biotecnoloxía G1023459 Optativo Segundo semestre 4.5 créditos.

No relativo a si realizouse correctamente o plan de melloras do centro e se foron eficaces e conseguíronse os obxectivos de calidade formulados, pode observarse que 8 dos 14 obxectivos previstos para o curso 2023-24 (57%; OC-2, OC-3, OC-5, OC-7, OC-9, OC-11, OC-12 e OC-13) foron conseguidos, e 3 o foron parcialmente (OC-4, OC-6 e OC-14). Unicamente 3 dos obxectivos, que foron dotar o posto de coordinador de calidade (OC-1), o marco normativo para a incorporación do estudantado aos laboratorios de investigación antes do TFG/Prácticas Externas (OC-8), e o estudio da posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación (OC-10), non puideron ser comezados por diversos motivos xa explicados. Polo tanto, a meirande parte dos obxectivos de calidade definidos foron eficaces.

En canto a pregunta de si foron incluídas as recomendacións dos procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación, O último informe da Comisión de Avaliación da ACSUG, do **martes 2 de xullo de 2024 (DESFAVORABLE)**, fixo unha serie de recomendacións e solicitou a realización de un conxunto de accións de mellora. Sen embargo, dado que a memoria de calidade da Facultade de Bioloxía 2022/2023, co plan de melloras para o curso 2023/24, foi aprobada pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía (CCC) o 31/05/2024, non houbo tempo para incorporar moitas destas accións de mellora o recomendacións realizadas pola Comisión da ACSUG, tendo que esperar a presente memoria de calidade 2023/2024, co plan de melloras para o curso 2024/25.

2.1.5.- COORDINACIÓN TITULACIÓNS INTERUNIVERSITARIAS E INTER-CENTROS

No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.

O sistema de coordinación é eficaz no caso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía, pero existen problemas nas titulacións interuniversitarias, como pode ser no caso dos mestrados compartidos polas tres universidades e coordinados tanto pola USC (Máster Universitarios de Acuicultura, Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre e Master Universitario de Neurociencia) como pola UVigo (Máster Universitario en Bioloxía Mariña). Se ben ditos mestrados están coordinados desde as respectivas comisións académicas nas facultades na USC e na UVigo, existen cuestións como a homoxeneidade no formato das enquisas dos grupos de interese, a dificultade na obtención de datos globais dos títulos (numero de alumnos total matriculados, taxas de éxito,), a falta de homoxeneidade nas datas de pre inscrición, datas de matricula, datas para realizar cambios na matricula, períodos de lectura de traballos fin de máster, e períodos de apertura e peche de actas, etc., que dificultan acadar unha maior eficiencia e calidade e superan a capacidade de actuación das facultades. Esta falta de unificación institucional xera confusión e desconformidade no alumnado matriculado en cada unha das universidades, e se ben esta é unha petición persistente aos membros dos equipos reitorais e vanse apreciando certas melloras, estes seguen a supoñer unha dificultade adicional para acadar unha maior eficiencia na coordinación. Polo tanto, en canto aos resultados estes non aplican no curso referenciado pola memoria.

En canto aos títulos impartidos en varios centros da mesma universidade, no curso 2023-24 dábase esta circunstancia no caso do Dobre Grao de Química-Bioloxía, e desde o curso 2024-25 no caso do mestrado universitario en Biociencias Moleculares, un máster inter-campus compartido entre a Facultade de Ciencias en Lugo e a Facultade de Bioloxía en Santiago.

2.1.6.- SISTEMA SIGC/SGC

Vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC.

Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.

O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Bioloxía inclúe a metodoloxía necesaria para propiciar a mellora continua do centro, permitindo obter a información necesaria para analizar o funcionamento dos títulos que se imparten no centro, detectando debilidades na implantación dos mesmos e posibilitando deste xeito a formulación de accións de mellora. Desta maneira, a consecución dos obxectivos da política de calidade baséase no proceso sistemático e cíclico de Planificar (plan), facer (do), verificar (check) e actuar (act): Ciclo PDCA ou ciclo de Deming. Para poder facer isto os procesos, procedementos e documentación do SGC da Facultade de Bioloxía deben estar adecuadamente actualizados. Isto se cumpre xa que, como se indicou en apartados anteriores, a súa implantación foi certificada pola ACSUG en xuño de 2018.

Pero ademais, no curso 2019/2020 deixouse de elaborar o “Informe de auto avaliación de materias” debido a dificultade na obtención dos datos, e tamén se adaptou o Protocolo “Enquisa das materias” á nova situación da pandemia, modificando algún dos ítems da enquisa e realizándoa a través da plataforma MS Forms. No curso 2020/2021 o protocolo “Enquisa das materias” seguiu a realizar ben de xeito virtual a través da plataforma MS-Teams ou ben de xeito presencial nos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía. Ademais no Plan de Melloras da memoria 2019/2020 propuxéronse tres accións de mellora (AM-2 Revisión e modificación ou supresión do Protocolo do SGC “Informe de auto avaliación de materias”, AM-3 Incluír, como Protocolo do SGC a “Enquisa sobre o desenvolvemento do TFG” e AM-4 Actualizar o Manual do SGC para incluír os informes correspondentes aos Protocolos do SGC do Grao en Biotecnoloxía) para manter actualizado o SGC da Facultade de Bioloxía (OC-2). Ademais, durante o curso 2020/21 fixéronse algúns cambios no Manual do Sistema de Garantía de Calidade no relativo á actualización e mellora dos Protocolos (PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades –Apartado 5 indicadores) por parte da CCC (28/04/2021), que foron posteriormente aprobados pola Xunta de Facultade o 12/05/2021 e a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno (24/05/2021). Tamén se efectuara unha actualización importante do Manual de Procesos, en concreto nos procesos PE-02 Revisión e mellora, PC-03 Apoio a estudantes, PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas, PS-01 Xestión dos recursos humanos e PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades (Actualización e mellora dos Protocolos (Apartado 5 – indicadores propios do centro)).

No curso 2021/22 o Protocolo “Enquisa das materias” foi realizado de novo de xeito presencial para mellorar a recollida de información. Ademais, o Plan de Melloras para o curso 2021/22 presentaba unha acción AM-02 (Revisión dos Protocolos e do Manual do SGC) deseñada para revisar tanto os Protocolos Propios como o Manual do SGC da Facultade de Bioloxía e que será prorrogada. O 30 de xuño de 2021 aprobouse unha modificación dos manuais institucionais de calidade e de procesos, que elevou o número de procesos institucionais de 8 a 12. Isto exixiu unha actualización tanto do Manual de Procesos coma do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Bioloxía. Esta actualización acometeuse en abril de 2023, e foi aprobada pola Comisión de Calidade do 19 de abril de 2023, a Comisión Permanente da Xunta de Facultade do 20 de abril de 2023, e pola Comisión Delegada do Consello de Goberno de Planificación e Calidade o 24 de abril de 2023.

No curso 2022/23 seguía a estar pendente a revisión dos Protocolos de Informes, Métodos e Enquisas de Centro, cuxa segunda versión foi aprobada pola CCC o 28 de abril de 2021. Entre outros, estes protocolos propios do SGC da Facultade de Bioloxía inclúen: A) “Enquisa de Materias”: Este apartado debe ser actualizado para incluír tamén a enquisa para as materias do Grao en Biotecnoloxía, xa que actualmente soamente figura a do Grao en Bioloxía; B)

“Informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente”, que debe ser actualizado para incluír as materias do Grao en Biotecnoloxía; C) “Informe de materias suspensas polas que os alumnos non defenden o Traballo Fin de Grao”, que tamén debe actualizarse para facer referencia as materias do Grao en Biotecnoloxía; D) “Informe de abandono de estudos”, que é necesario mellorar para que mencione tamén aos/as alumnos/as do Grao en Biotecnoloxía, aínda que a primeira promoción do título foi a do curso 2021/22; E) “Enquisa sobre o desenvolvemento do TFG”, que reflicte as competencias transversais do Grao en Bioloxía, pero non as do Grao en Biotecnoloxía. Ademais, compre engadir nos Protocolos Propios os “Informes de prácticas externas”, tanto dos estudantes como dos titores, xa que están sendo realizados tamén como parte do SGC da Facultade.

No curso 2024-25 púidose acometer finalmente a reforma dos protocolos propios do SGC 2021 da Facultade de Bioloxía, (CCC 28/04/2021). Os “protocolos propios” pasaron a renomearse “informes e enquisas propios” do SGC, subliñando a súa natureza. O documento foi organizado en tres niveis de traballo (nivel de grao, mestrado e facultade). Entre os cambios efectuados a nivel de grao figuran a homoxeneización da información recollida nos dous graos (Bioloxía e Biotecnoloxía), a incorporación do informe de coordinación vertical, a eliminación do informe de diferenzas do rendemento académico entre grupos da mesma materia por falta de utilidade no momento actual, a eliminación dos métodos de intervención sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos do grao polo mesmo motivo e a incorporación das enquisas e informes sobre o desenvolvemento das prácticas externas. Tamén modificouse o sistema de alerta temperá para materias con baixa taxa de superación recorrente, baseado en percentís, para evitar situacións de activación do sistema de alerta con taxas de superación elevadas (sobre todo no Grao en Biotecnoloxía). A nivel de mestrado, incorporouse a enquisa e informe das materias, e tamén unha enquisa do mestrado. E finalmente, a nivel de Facultade, ampliouse a información recollida sobre as infraestruturas existentes (aulas, laboratorios e prácticas de campo). O documento foi aprobada pola CCC do 23 de maio de 2025, pola Xunta de Facultade ordinaria do 6 de xuño de 2025, e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno do 23 de xuño de 2025. No curso 2024-25 estase pendente de revisar o **Manual do SGC (2023)** así como o **Manual de procesos (2023)**, para actualizalos e harmonizalos con documento de **Informes e Enquisas Propios (2025)** do SGC. Sen embargo, dende a ACMP da USC indicóusenos que esperásemos á modificación do manual de procesos institucionais e o resto de documentación de calidade da USC antes de acometer a revisión da documentación do SGC da Facultade.

En canto á vixencia do SGC da Facultade de Bioloxía, o 3 de outubro de 2023 tivo lugar a visita a visita da Comisión de Avaliación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) en relación coa renovación do certificado de implantación de sistemas de garantía de calidade (PROGRAMA FIDES AUDIT). Dita Comisión de Avaliación estaba formada pola Presidenta Gloria Zaballa Pérez (Universidad de Deusto), polo académico Juan José Tarí (Universidad de Alicante), pola profesional-auditora Marta González Moldes (Trillium Consultores), polo estudante Daniel Escobar Ortega (Universidade de A Coruña) e pola secretaria M^a Dolores Castro Pais (Técnica ACSUG). A reunión transcorreu co seguinte programa:

DÍA	HORARIO	ACTIVIDAD
3 de outubro de 2023	09.00-09.30	Reunión interna de la Comisión de Evaluación
	09.30-10.15	Reunión con el Equipo Directivo (Presentación de avances en la implantación del SGC desde la última certificación, de no más de 10 minutos)
	10.15-10.45	Reunión interna de la Comisión de Evaluación
	10.45-12.15	Reunión con la Comisión de Calidad del Centro
	12.15-12.45	Reunión interna de la Comisión de Evaluación
	12.45-13.00	Informe oral con la Comisión de Garantía de Calidad y el Equipo Directivo

A dita visita programada para o 3 de outubro asistiron por parte do equipo Decanal o Decano Jesús López Romalde, a Vicedecana Otilia Reyes Ferreira, o Vicedecano Francisco Javier Salgado Castro e o Secretario Roman Vilas Peteiro, e por parte da Comisión de Calidade do Centro o Decano Jesús López Romalde, o Secretario Roman Vilas Peteiro, o Responsable de Calidade do Centro e Coordinador do Grao en Bioloxía Francisco Javier Salgado Castro, o Coordinador do Grao en Biotecnoloxía: Javier Sampedro Jiménez, o Coordinador do Máster Universitario en Bioloxía Mariña: Jesús Domínguez Conde, o Coordinador do Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión José Ángel Fernández Escribano, o Coordinador do Máster Universitario en Acuicultura: Carlos Pereira Dopazo, o Coordinador do Máster Universitario en Neurociencia: Miguel Ángel Rodríguez Díaz, a Responsable da Unidade de xestión da Facultade de Bioloxía Concepción Lapidó Silva, e a Estudante María BernándeZ García. Tamén estivo presente o Adxunto para Calidade Antonio Mosquera González.

O **informe provisional** da implantación do sistema de garantía de calidade da Facultade de Bioloxía (Programa FIDES-AUDIT) foi emitido o **13 de xuño de 2024** pola Comisión de Avaliación da ACSUG, sendo **DESFAVORABLE**, e alcanzando ao conxunto de titulacións oficiais de grao e máster universitario impartidas no centro. A Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía (CCC), reunida o venres 28 de xuño de 2024, realizou un escrito de alegacións, que foi remitido ese mesmo día á ACSUG. O informe definitivo da Comisión de Avaliación da ACSUG, elaborado cunha encomiable celeridade e asinado polo director da ACSUG José Eduardo López Pereira o **martes 2 de xullo de 2024**, foi de novo **DESFAVORABLE**, non tendo practicamente en conta as alegacións feitas pola CCC da Facultade de Bioloxía. Dado que a memoria de calidade da Facultade de Bioloxía 2022/2023, co plan de melloras para o curso 2023/24, foi aprobada pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía (CCC) o 31/05/2024, non houbo tempo para incorporar moitas destas accións de mellora o recomendacións realizadas pola Comisión da ACSUG, tendo que esperar a presente memoria de calidade 2023/2024, co plan de melloras para o curso 2024/25. No informe final a Comisión de Avaliación da ACSUG solicitou un PLAN DE ACCIÓN DE MELLORA centrado nos seguintes aspectos:

DIRECTRIZ 1. POLÍTICA Y OBJETIVOS DE CALIDAD

- **AM 1.1.** Se debe realizar un esfuerzo para contextualizar el Manual de Calidad y los procesos del SGC para que se adapten a la realidad del centro, e incluir los protocolos del 2021 como parte de dicho sistema.

- **AM 1.2.** En contra de lo especificado en el procedimiento PE-01 “Planificación Estratégica” (PE) y en la “Guía para la elaboración de la planificación estratégica de los centros de la USC” (ACMP), no se puede evidenciar la correcta trazabilidad entre el Plan Estratégico del centro, los objetivos de calidad y las acciones de mejora. En el caso de éstas últimas no se logra evidenciar la correcta trazabilidad entre el análisis cualitativo y/o cuantitativo realizado en el seno de la comisión y el establecimiento de las acciones. No queda clara la sistemática utilizada por el centro para ello. En este sentido, es importante que, además de evidenciar el análisis realizado, se pueda asegurar el correcto seguimiento tanto de los Objetivos de Calidad como de las Acciones de mejora a lo largo del tiempo, especialmente cuando no logren alcanzarse en el periodo determinado para ello (Por ejemplo, curso académico XX/CC). Actualmente parece que los objetivos de calidad se despliegan a través de las acciones de mejora, por lo que podría ocurrir que algunos objetivos de calidad no se cubran debido a que no existe un plan específico para alcanzar dichos objetivos de calidad.
- **AM 1.3.** El Plan estratégico recoge 4 líneas estratégicas que incluyen 12 objetivos estratégicos y las correspondientes acciones estratégicas asociadas. Según lo descrito en el PE-01, el desarrollo de los objetivos estratégicos se hace a través del plan de mejora de la Facultad de acuerdo con el proceso PE-02 Revisión y mejora. Para garantizar la trazabilidad de los procesos, por ejemplo, entre el PE - 01 Planificación estratégica y el PE - 02 Revisión y mejora, se debe incluir en el flujograma del PE-01 una salida hacia el PE-02, Revisión y mejora.
- **AM 1.4.** Los objetivos establecidos no permiten conocer su grado real de consecución ni su impacto en la mejora del sistema, ya que carecen de metas.
- **AM 1.5.** Se deben establecer indicadores para todos los procesos del SGIC, así como valores de referencia o metas de tal manera que se puedan evaluar sus resultados en base a dichas metas y poder analizar tendencias.
- **AM 1.6.** Se deben establecer mecanismos para analizar de manera sistemática los resultados de los indicadores de todos los procesos, y poder así definir acciones de mejora cuando sea necesario, facilitando la mejora continua de las titulaciones y del centro.
- **AM 1.7.** Se debe revisar la información del listado de acciones de mejora para que se identifiquen claramente las debilidades que luego conforman el plan de acciones.
- **AM 1.8.** A nivel institucional está definido el PI-10 Auditoría interna, pero no se han encontrado evidencias de la realización de la auditoría interna realizada a la facultad. Se debe implantar el proceso PI-10 Auditoría interna.

DIRECTRIZ 2. DISEÑO, REVISIÓN PERIÓDICA Y MEJORA DE LOS PROGRAMAS FORMATIVOS

- **AM 2.1.** Se debe hacer un análisis completo de los resultados de los indicadores de los títulos que se imparten en el centro, y no solo describirlos. Esto permitirá al centro saber si los resultados son o no satisfactorios y si procede establecer acciones de mejora. En el informe de revisión por la dirección tampoco se han encontrado evidencias de la revisión de los títulos interuniversitarios, cuya responsabilidad administrativa recae en otra universidad, pero que se imparten en el centro

- **AM 2.2.** Aumentar la tasa de participación en las encuestas de satisfacción de los distintos grupos de interés.

A Comisión realizou tamén unha serie de RECOMENDACIÓNS PARA A MELLORA centradas nos seguintes aspectos:

DIRECTRIZ 1. POLÍTICA Y OBJETIVOS DE CALIDAD

- **RE 1.1.** Si bien la Facultad de Biología ha establecido su Política de Calidad conforme a lo descrito en el PE-02 Revisión y mejora, se recomienda incluir la revisión y actualización de la política de calidad entre los aspectos a tratar en las reuniones de la CGC, y asegurar que se recogen evidencias de esta revisión y actualización.
- **RE 1.2.** Se recomienda ampliar la representación de la Comisión de Calidad del Centro incluyendo la participación de otros grupos de interés, como egresados y empleadores en la Comisión.
- **RE 1.3.** Con la información que se recoge en las actas de las reuniones realizadas, resulta complicado evidenciar que se esté contando con la participación y opinión de todos los grupos de interés, en base a lo descrito en el manual de aseguramiento de calidad, ya que no consta el cargo de las personas asistentes. Se recomienda incluir el nombre y el cargo de cada miembro de la Comisión de Calidad en las actas de las reuniones de dicho órgano.
- **RE 1.4.** La Facultad estableció en la memoria de calidad del curso 2020/21, una acción de mejora: AM-1. Elaboración del Plan Estratégico de la Facultad de Biología 2023-26, que tal y como consta en la memoria de calidad el curso 2021/22 se ha prorrogado ante la ausencia del Plan Estratégico de la Universidad de Santiago, con el cual se debe alinear el Plan Estratégico de la Facultad de Biología. Se recomienda definir el próximo Plan estratégico alineado con el de la USC, y establecer su plan de despliegue con objetivos estratégicos, acciones, responsables, temporalización, indicadores y metas a conseguir, para garantizar así que se pueda realizar un correcto seguimiento de la estrategia del centro.
- **RE 1.5.** Se recomienda revisar la relación entre objetivos estratégicos, objetivos de calidad y acciones de mejora dentro del SGC para valorar su pertinencia y ajuste. No se ha podido evidenciar que participen todos los grupos de interés en las reuniones de la CCC, según lo descrito en el manual de aseguramiento de calidad, ya que no consta el cargo en las actas de las reuniones realizadas.
- **RE 1.6.** Se recomienda valorar el cumplimiento de cada acción de mejora en su conjunto, más allá del cumplimiento de cada una de las tareas de cada acción de mejora.
- **RE 1.7.** Se recomienda incluir en el Informe de Revisión del sistema, el seguimiento del Plan estratégico (objetivos estratégicos y/o calidad), análisis de los resultados de los indicadores de los procedimientos del SGIC en función de sus metas, definición de las acciones de mejora del centro y titulaciones, de tal manera que este informe constituya una herramienta eficaz para la toma de decisiones del centro y la definición de acciones de mejora de centro y acciones de mejora de las titulaciones.

DIRECTRIZ 2. DISEÑO, REVISIÓN PERIÓDICA Y MEJORA DE LOS PROGRAMAS FORMATIVOS

- **RE 2.1.** Se recomenda incluír información de los títulos interuniversitarios en el Informe de revisión por la dirección con el objetivo de analizar el funcionamiento del título en el centro.

DIRECTRIZ 6: INFORMACIÓN PÚBLICA

- **RE 6.1.** Se recomienda publicar los Procedimientos Institucionales en el apartado de calidad del centro o enlazar con el sitio web de la USC donde están ubicados como una forma de informar a los grupos de interés de todos los procesos que son de aplicación en el centro.

Algunhas destas accións de mellora e recomendacións feitas pola Comisión de Avaliación da ACSUG xa foran tidas en conta no plan de melloras da memoria 2022-23 (a desenvolver durante o curso 2023-24). Así, en canto a **DIRECTRIZ 1. POLÍTICA E OBXECTIVOS DE CALIDADE**, as accións de mellora AM 1.1., AM 1.3., AM 1.5 e AM 1.6 suxeridas pola Comisión de Avaliación da ACSUG están recollidas no obxectivo de calidade **OC-14. Actualización dos documentos do SGC do Centro**, relacionado coa acción de mellora: **AM-14 Actualización dos documentos do SGC do Centro**. No curso 2024-25 acometeuse a reforma dos protocolos propios do SGC da Facultade de Biología. A 3ª versión dos **Informes e enquisas propios do SGC** da Facultade de Biología foi analizada e traballada na reunión de coordinación do mércores 23 de abril de 2025, e aprobada pola CCC do 23 de maio de 2025, pola Xunta de Facultade ordinaria do 6 de xuño de 2025, e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno do 23 de xuño de 2025. Sen embargo, a AM-14 deberá ser prorrogada xa que está pendente de acometer a revisión do **Manual do SGC (2023)** así como o **Manual de procesos (2023)** para incluír os **Informes e Enquisas Propios (2025)** como parte de dicho sistema de garantía de calidade. Non se fixo antes xa que estase a espera que sexan modificados o manual de procesos institucionais e o resto de documentación de calidade da USC antes de acometer a revisión da documentación do SGC da Facultade. En relación a “*AM 1.4. Los objetivos establecidos no permiten conocer su grado real de consecución ni su impacto en la mejora del sistema, ya que carecen de metas*”, como pódese ver no plan de melloras para o curso 2023-24 (memoria 2022-23) e tamén no plan de melloras para o curso 2024-25 (memoria 2023-24; documento actual) estanse a empregar metas cuantificables en todas os obxectivos de calidade e accións de mellora para obxectivar o máximo posible seu grao real de consecución. Do mesmo xeito, é evidente tamén a acción de mellora AM 1.2. proposta pola Comisión da ACSUG está sendo levada a cabo (ver plan de melloras 2023-24 e 2024-25), xa que pódese observar a trazabilidade entre o novo Plan Estratéxico do centro 2024-26, os obxectivos de calidade e as accións de mellora. Queda por mellorar a trazabilidade entre a análise cualitativa y/o cuantitativa realizada pola CCC e a sistemática empregada para o establecemento das accións, ademais de asegurar un correcto seguimento tanto dos Obxectivos de Calidade como das Accións de mellora ao longo do tempo, especialmente cando deben ser prorrogados. Para mellorar dita trazabilidade, realizarase unha codificación xerárquica para vincular as accións de mellora aos obxectivos de calidade, incluíndo ademais o curso académico no código para distinguir claramente entre versións anuais: p. ex., OC-1 24-25, AM-1.1 24-25 e AM-1.2 24-25. No plan de melloras 2024-25 xa se emprega esta nova codificación como pódese ver. En canto a acción de mellora AM 1.8. proposta pola ACSUG, que indica que si ben a nivel institucional está definido o PI-10 Auditoría interna pero non houbo evidencias da realización dunha auditoría interna realizada á facultade e que polo tanto débese implantar o proceso PI-10 Auditoría interna, é claro que a responsabilidade de realizar dita auditoría recae na propia USC, a través da ACMP ou do órgano responsable da auditoría interna institucional.

No que se refire á **DIRECTRIZ 2. DISEÑO, REVISIÓN PERIÓDICA Y MEJORA DE LOS PROGRAMAS FORMATIVOS**, a acción de mellora AM 2.1. proposta pola Comisión de Avaliación da ACSUG e que solicita facer

unha análise completa dos resultados dos indicadores dos títulos impartidos no centro (e non soamente describilos), estase xa a facer tanto nos informes de coordinación 2023-24 do Grao e Bioloxía e Biotecnoloxía, como nos informes propios dos SGC do centro, e na propia memoria de calidade 2023-24 (documento actual). Tamén pode observarse a inclusión de datos dos títulos interuniversitarios como o mestrado en Bioloxía Mariña, impartido na Facultade de Bioloxía pero cuxa responsabilidade administrativa recae na UVigo (ver memoria de calidade actual). Finalmente, a acción de mellora proposta pola Comisión de Avaliación da ACSUG número AM 2.2. *“Aumentar la tasa de participación en las encuestas de satisfacción de los distintos grupos de interés”* xa está a facerse a través do OC-4 *“Desenvolvemento de campañas de concienciación para o enchemento das enquisas”*, acción de mellora AM-4 *“Desenvolvemento de campañas de concienciación sobre a importancia do enchemento das enquisas”* (Plan de melloras 2023-24, Memoria de Calidade 2022-23). O OC-4/AM-4 foron acadados nun 50%, polo que serán prorrogados para o curso 2024-25.

No relativo as **RECOMENDACIÓNS PARA A MELLORA** relacionadas coa **DIRECTRIZ 1. POLÍTICA E OBXECTIVOS DE CALIDADE**, a Comisión de Avaliación da ACSUG recomendou na RE 1.1. incluír a revisión e actualización da política de calidade entre os aspectos a tratar nas reunións da CGC, e asegurar que se recollen evidencias desta revisión e actualización. A política de calidade da Facultade de Bioloxía foi actualizada en abril de 2023, pero conforme ao proceso PE-02 Revisión e mellora, será revisada e/ou mellorada (se é o caso) na CCC no curso 2024-25. Isto está recollido no obxectivo de calidade **OC-14. Actualización dos documentos do SGC do Centro**, relacionado coa **acción de mellora: AM-14 Actualización dos documentos do SGC do Centro** (plan de melloras 2023-24; será prorrogado no plan de melloras 2024-25). Por outro lado, a recomendación RE 1.2. de ampliar a representación da CCC incluíndo a participación de outros grupos de interese, como egresados e empregadores,.....En canto ao recomendación RE 1.3., que repítese na RE 1.5, de incluír o nome e cargo de cada membro da Comisión de Calidade nas actas das reunións de dito órgano para evidenciar que participan todos os grupos de interese nas reunións da CCC, isto é algo que xa estase a facer, e non soamente para as actas da CCC, senón tamén para as de título e outras comisións. Tamén estase a facer (como xa comentouse) a RE 1.5, que recomenda revisar a relación entre obxectivos estratéxicos, obxectivos de calidade e accións de mellora dentro do SGC. Do mesmo xeito, tal e como foi recomendado pola Comisión de Avaliación da ACSUG na RE 1.6 (valorar o cumprimento de cada acción de mellora no seu conxunto, más alá do cumprimento de cada unha das tarefas de cada acción de mellora, isto é algo que estase a facer, como pode comprobarse na presente memoria no apartado *“2.1.3.- OBXECTIVOS DE CALIDADE Evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro”*. No referente a recomendación RE 1.4., que aconsella *“definir el próximo Plan estratégico alineado con el de la USC, y establecer su plan de despliegue con objetivos estratégicos, acciones, responsables, temporalización, indicadores y metas a conseguir, para garantizar así que se pueda realizar un correcto seguimiento de la estrategia del centro”*, En abril de 2022, o novo equipo decanal comezou os seus traballos, entre os cales estaba a elaboración da memoria de calidade 2020/21, na que estaba proposta como acción de mellora AM-01, *“Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía 2023-2026”*. Dado que o novo Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía debería estar aliñado co Plan Estratéxico marco da USC, dende o Decanato da Facultade de Bioloxía remitiuse un correo electrónico o mércores 22 de xuño de 2022 á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. Nese correo indicábase que o equipo decanal fora renovado recentemente e, entre as varias tarefas por diante, atopábase a de elaborar o novo Plan Estratéxico da Facultade, xa que o plan vixente era unha prórroga que abranguíu o período 2021-2022. Sen embargo, para elaborar dito novo Plan Estratéxico, era necesario aliñalo co novo Plan Estratéxico da USC, polo que desexábase saber a previsión temporal aproximada de aprobación deste. En resposta a dito correo, indicóusenos o 30 de xuño de 2022 que o próximo Plan Estratéxico da USC estaba sendo elaborando por parte de diversos Vicerreitorados, e que a previsión era que fose aprobado polo Claustro en novembro de 2022. Sen embargo, en maio de 2023, momento da elaboración da Memoria de Calidade 2021/22, seguíase aínda sen Plan Estratéxico da USC, polo que a acción de mellora AM-01 (Elaboración do Plan

Estratéxico da Facultade de Bioloxía 2023-2026) tivo que ser prorrogada. A posta en marcha do proceso de elaboración do Plan Estratéxico (PE) da Facultade de Bioloxía da USC 2024-2026 foi iniciada pola Comisión de Calidade do Centro (CCC) o 17 de xaneiro de 2024 sen dispoñer aínda do Plan Estratéxico para o mesmo período da Universidade (este foi aprobado no Consello de Goberno, sesión ordinaria do día 25 de xuño de 2024). Consecuentemente, as liñas estratéxicas e os obxectivos que as desenvolven foron aliñados coa Programación Plurianual 2023-2026 e as Liñas Xerais da Programación Plurianual 2023-2026 da USC, ademais de seguir as recomendacións da Guía para a elaboración do Plan Estratéxico de Centro 2024 – 2026, elaborada pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización. Entre o 28/02/2024 e o 06/03/2024 fíxose a exposición pública da proposta inicial elaborada pola CCC para asegurar a participación de todos os grupos de interese, incluíndo o Comité Consultivo do Centro (proceso PS-06, Información pública), constituído por persoal externo a Facultade de Bioloxía de diversos ámbitos profesionais e que valorou moi positivamente o PE. A elaboración final do Plan foi aprobada pola CCC na súa reunión do 07 de marzo de 2024. O novo plan estratéxico foi informado positivamente pola ACMP o 27/09/2024 unha vez comprobado o aliñamento con PE-2024-25 da USC, aprobado pola Xunta de Facultade de Bioloxía o 21/11/2024 e finalmente pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno 29/11/2024. Polo tanto, no momento da visita da Comisión de Avaliación da ACSUG e do informe oral (3 de outubro de 2023) non se dispoñía aínda de PE 2024-26, pero a CCC xa o remitira á ACMP cando a Comisión de Avaliación da ACSUG remitiu o seu informe definitivo DESFAVORABLE sobre o SGC da Facultade (martes 2 de xullo de 2024). En canto a recomendación recollidas en RE 1.7., se ben xa se está a incluír na memoria de calidade o cadro de mando de seguimento do Plan estratéxico (ver memoria actual; apartado 1.4.3. da actual memoria), tentárase mellorar a análise dos resultados dos indicadores dos procedementos do SGIC en función de súas metas e a definición das accións de mellora do centro e titulacións.

En relación coa **DIRECTRIZ 2. DISEÑO, REVISIÓN PERIÓDICA E MELLORA DOS PROGRAMAS FORMATIVOS**, a recomendación feita pola Comisión de Avaliación da ACSUG **RE 2.1.** “*Se recomienda incluir información de los títulos interuniversitarios en el Informe de revisión por la dirección con el objetivo de analizar el funcionamiento del título en el centro*” está sendo realizada, como se pode ver na incorporación da información referida ao mestrado interuniversitario en Bioloxía Mariña, coordinado pola UVigo.

Finalmente, en canto á **DIRECTRIZ 6: INFORMACIÓN PÚBLICA**, a recomendación **RE 6.1.** “*publicar los Procedimientos Institucionales en el apartado de calidad del centro o enlazar con el sitio web de la USC donde están ubicados como una forma de informar a los grupos de interés de todos los procesos que son de aplicación en el centro*”, estes serán enlazados no apartado de calidade como estase a solicitar.

2.1.7.- ANÁLISE DA SATISFACCIÓN

Adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

A recollida sistemática de información relativa a satisfacción, expectativas e necesidades dos grupos de interese é realizada segundo o proceso institucional da USC *Satisfacción, expectativas e necesidades* (PI-08), e subministrada aos centros pola ACMP. O centro complementa esta información mediante a aplicación de enquisas propias desenvolvidas segundo o proceso de soporte *Satisfacción, expectativas e necesidades* (PS-04) e os Protocolos do SGC da Facultade de Bioloxía. Concretamente, para o alumnado dos Graos de Bioloxía, Grao de Biotecnoloxía e do Dobre Grao de Química Bioloxía realízase a enquisa de perfil de ingreso e de percepción sobre o desenvolvemento das materias. Toda esta información e analizada pola CCC e, xunto coa derivada dos resultados dos programas formativos e a procedente das queixas, reclamacións e suxestións, conforma a base sobre a que se realiza o seguimento do SGC e dos programas formativos. Neste momento considérase que os aspectos sobre os que se recolle información mediante enquisas é suficiente, pero o que require unha atención especial e a consecución duns niveis de participación significativos entre os diferentes grupos de

interese, especialmente o alumnado e o PDI. Como xa se comentou previamente na memoria, esta participación e baixa, especialmente coas enquisas realizadas de xeito electrónico, polo que compre tomar medidas correctoras. Ademais, en canto as enquisas de satisfacción coa docencia do alumnado, no curso 2019/20 e, debido a pandemia, os formularios das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida que realizaba tanto a Area de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) como os equipos de coordinación da Facultade de Bioloxía (enquisas propias do centro) foron modificados para adaptalos aos cambios introducidos na docencia e na avaliación derivada da crise da COVID-19 e o decreto 463/2020 polo que se declarou o estado de alarma. Estes cambios, no caso das enquisas da ACMP persistiron no curso 2020/21, pero non así no caso das enquisas propias do centro. Nos cursos 2021/22, 2022/23 e 2023/24, trala normalización da situación causada pola crise da COVID-19, todas as enquisas tiveron o formato habitual.

2.1.7.1.- Reclamacións, queixas e/ou suxestións tramitadas na facultade de Bioloxía

Nivel de graos

Por outra banda, o SGC do centro conta cō protocolo de soporte *Xestión das incidencias (SQR)* (PS-05) que establece a sistemática para rexistrar, xestionar e analizar as posibles incidencias (suxestións, queixas e reclamacións) que se presenten no centro. No curso 2023/24 non foron presentadas a través do Valedor da Comunidade Universitaria queixas ou reclamacións algunha. Sen embargo, si foron presentadas dúas queixas de xeito interno:

- **Queixa 1:** O 1 de abril de 2024 o Coordinador do segundo curso do Grao en Bioloxía, Guillermo Covelo Artos, comunicou por correo electrónico ao Coordinador do Grao e Vicedecano de Calidade, Francisco Javier Salgado Castro, unha reclamación/queixa do estudiantado de 2º curso do Grao en Bioloxía en relación á redución do número de prácticas de campo na materia de Bioxeoquímica. A reclamación, realizada ese mesmo día por correo electrónico, foi presentada por un membro das Xuntas da Facultade de Bioloxía e estudante de 2º de bioloxía, e asinada por 4 estudantes en calidade de membros da Xunta de Facultade, estudantes de 2º de Bioloxía e delegados de dos grupos A e B. No correo os estudantes de segundo curso do Grao en Bioloxía expresaban o seu descontento pola cancelación dunha saída de campo da materia de Bioxeoquímica, comunicada con escasa antelación. A alternativa proposta foi dividir os grupos en dúas saídas, o que implicaría un aumento significativo do número de alumnos por saída. Este cambio, segundo indicaban os representantes, podía afectar negativamente á calidade da docencia, especialmente nunha actividade que, aínda que non obrigatoria, puntuaba na cualificación final dunha materia obrigatoria. Ademais, consideraban que estas prácticas son unha oportunidade única para coñecer o traballo de campo dun biólogo e orientar a elección de materias optativas no futuro. O estudiantado solicitou que a situación fose revisada e se tivese en conta estas consideracións para mellorar a planificación nos vindeiros cursos.

O martes 2 de abril foi enviado un correo electrónico polos vicedecanos da Facultade de Bioloxía aos estudantes asinantes da queixa para convocalos a unha reunión o venres 05 de abril de 2024 para escoitalos e tratar o tema. A estudante Laura Costas non puido asistir finalmente, pero si o resto de estudantes. Explicóuselles os problema do financiamento das prácticas de campo aos estudantes. Así, comentóuselles que a pesar de captar 11828,09 euros a través do co financiamento para a realización de prácticas de campo do segundo semestre dependente da Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo (resolución definitiva do 22/02/2024), o financiamento no primeiro semestre soamente fora de 5900 €. Isto supoñía un total de 17728,009 € entre os dous semestres, e polo tanto un 15,69% do presuposto total do curso 2023-24 (o curso anterior 2022-23 fora 18800 € e unha porcentaxe do 10,25%, polo que dito aumento da porcentaxe compensou a redución global do financiamento: de 119892 € en 2022/23 a 113000 € en 2023/24). Polo tanto, aínda a pesar do aumento do financiamento obtido para prácticas de campo, este seguía a ser insuficiente. Como explicaron os estudantes, o tema de reunificación de grupos xerou problemas nas prácticas do 22 de marzo en relación cō número de estudantes en relación ao número de profesores ou ao instrumental de prácticas, cō tamaño do autobús e tamén porque se están a visitar espazos delicados como son as turbeiras. A reunión concluíu cō compromiso de facer todo o posible desde o decanato para conseguir máis fondos para as prácticas. O resultado no curso 2024-25 foi un paso de 17728.09 € en 2023/24 (15,69% do total) a 14265.44 € (13,84% do total) en 2024/25. Si comparamos por exemplo coa Facultade de Xeografía e Historia, o co financiamento foi de 24703.75€ (21,86%) en 2023/24 e 30044.5 € en 2024/25. Hai que ter en conta que no caso do Grao en Bioloxía (rama de Ciencias), o prezo por crédito ECTS no curso 2024/25 foi de 13,93 € para estudantes de primeira matrícula residentes en España ou na UE, namentres que no caso do Grao en Xeografía e Historia (rama de Artes e Humanidades), o prezo por crédito ECTS é de 9,85 €, tamén para estudantes de primeira matrícula residentes en España

ou na UE (Prezos das titulacións académicas).

O problema do financiamento das prácticas de campo na materia de Bioxeoquímica e a queixa deixada polos estudantes foi reflectida tamén no informe de coordinación do Grao en Bioloxía do segundo semestre, e tratado na Comisión de Título extraordinaria do 23 de maio de 2025 e na Comisión de Calidade extraordinaria do mesmo día.

- **Queixa 2:** O 9 de abril de 2024 unha profesora remitiu unha queixa por correo electrónico dirixido ao coordinador de primeiro do Grao de Bioloxía, Jesús Ramón Aboal Viñas, e á secretaría do decanato da Facultade de Bioloxía. Dita profesora trasladou á coordinación e ao decanato a súa preocupación pola baixa asistencia ao seu curso durante a semana na que se realizou un exame parcial eliminatorio doutra materia. Indicou que esta situación afectaba negativamente ao seguimento das clases e ao rendemento do alumnado nas demais materias. Propuxo que, se se manteñen este tipo de exames durante o curso, se considerase suspender as clases durante esas semanas, tal como se fai nos períodos de exames oficiais. Ademais, suxeriu revisar o formato das materias e das avaliacións, apostando por modelos de avaliación continua que non penalicen ao alumnado de forma tan drástica.

Este correo foi contestado o mesmo día polo coordinador de primeiro do Grao de Bioloxía, o profesor Jesús Ramón Aboal Viñas, quen agradeceu a mensaxe e coincidiu en que dita semana foi moi negativa para a docencia, comentando tamén que na materia "Caracterización do Medio Físico para Bioloxía" houbo moi pouca asistencia, o que dificultou as prácticas e a explicación do traballo de curso, que é clave para a avaliación. O coordinador de primeiro reflexionaba tamén en dito correo de resposta en que este é un problema recorrente e propoñía que foxe abordado pola Comisión do Título ou a Xunta de Facultade, xa que non afecta só a un curso concreto. O problema e a queixa foron recollidos no informe de coordinación do segundo semestre do curso 2023-24 do Grao en Bioloxía, no epígrafe "baixa asistencia as clases". Foi tratado na Comisión de Título extraordinaria do 23 de maio de 2025 e tamén na Comisión de Calidade extraordinaria do mesmo día. Está pendente de facer no curso 2025-26 unha reunión monográfica tanto na Comisión de Título como na de Calidade para abordar cuestións pendentes de discutir como: **a)** falta de asistencia dos estudantes as clases expositivas e actividades voluntarias e a influencia dos exames parciais nesta asistencia; **b)** a excesiva porcentaxe de non presentados aos exames que inflúe nas taxas de superación das materias; **c)** a falta de participación do estudantado nas clases expositivas e interactivas; **d)** as carencias formativas do estudantado; **e)** o problema do material docente empregado en clases expositivas/interactivas deixado na aula virtual e a presenza de material docente e exames na web a disposición dos estudantes; **f)** o descenso do número de TFGs experimentais e favor dos TFGs bibliográficos.

Nivel de mestrado

O martes 28 de novembro de 2023 o coordinador do Máster Interuniversitario en Bioloxía Mariña remitiu a secretaría do decanato da Facultade de Bioloxía unha queixa dunha estudante dese mestrado a propósito dos desprazamentos a Vigo con motivo de prácticas, indicando o Coordinador que desta queixa eran partícipes os restantes estudantes que se desprazaran. O coordinador do mestrado sinalaba que non entendía os cambios de criterio en relación có financiamento deste tipo de desprazamentos e que a prohibición da financiación dos gastos por desprazamento en vehículo propio soamente xeraba complicacións na xestión destes viaxes e xerar agravios comparativos cos estudantes de A Coruña, aos que a universidade parece que financia o aloxamento en Vigo.

Na queixa remitida ao Coordinador do Mestrado en Bioloxía Mariña pola estudante en representación do resto dos estudantes indicaba que a queixa non tiña como destino a coordinación do mestrado en Santiago senón á organización do mestrado en especial as diferenzas entre mestrados, que son bastante notables. A estudante manifestaba o seu malestar pola falta de apoio loxístico na organización das prácticas, especialmente no que respecta ao transporte ata a Universidade de Vigo. Sinalaba que, debido á escasa dispoñibilidade de prazas nos medios de transporte e á falta de alternativas facilitadas pola organización, tivo que iniciar a viaxe en autobús ás 6:50 h, chegando ao destino con máis dunha hora de atraso e tras un traxecto de 5 horas. Isto afectou negativamente ao rendemento e á concentración durante a xornada. Ademais, puxo de manifesto a desigualdade de trato entre universidades participantes no mestrado, xa que o alumnado doutra universidade recibiu apoio para o aloxamento, mentres que o seu grupo non contou con esa posibilidade nin con información previa sobre rutas ou opcións de desprazamento. A estudante consideraba que esta situación reflectía unha falta de coordinación, previsión e equidade entre as institucións implicadas.

2.1.7.2.- Recursos, reclamacións, queixas e/ou suxestións tramitados pola Oficina de Análise de Reclamacións (OAR)

A meirande parte dos recursos, reclamacións, queixas e/ou suxestións son tramitadas directamente pola Oficina de Análise de Reclamacións (OAR), segundo o protocolo institucional *Xestión das incidencias (SQR)* (PI-07), e non chegan ao centro, xa que non teñen que ver directamente coa xestión directamente encomendada a Facultade. Toda esta información sobre recursos e reclamacións pode ser consultada nas memorias da OAR, a última das cales é a Memoria da OAR do curso 2020/21. En canto aos recursos, nesa memoria figuran 3 recursos resoltos por Centro (2020/2021), 2 recursos estimados no proceso PXA7 por centro (2020/2021) e 2 reclamacións nos procesos de xestión académica por Centro (2020/2021). En total foron presentados 13 recursos por centro na Facultade de Bioloxía, dos cales 12 se corresponden ao Grao de Bioloxía (Admisión, 1; Recoñecemento de Estudos, 2; Recoñecementos ERASMUS/SICUE, 9) e 1 ao Master Universitario en Neurociencia (Recoñecemento de Estudos). Dos 12 do Grao en Bioloxía, 2 foron desestimados e 10 estimados, namentres que o presentado no Master Universitario de Neurociencia foi parcialmente estimado. En relación as reclamacións, 4 se corresponden coa Facultade de Bioloxía, das cales 2 se produciron no Grao de Bioloxía (1 por devolución de prezos e 1 por temas de matrícula) e outras 2 no Master Univ. en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión (as 2 relacionadas coas Practicas/Estadías de Plano de Estudos). Das 2 de Bioloxía unha foi estimada e outra desestimada, e en canto as do Master de Biodiversidade Terrestre todas foron desestimadas. Non existen memorias da OAR para os cursos 2021/22, 2022/23 e 2023/24.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

2.1. Adecuación de procedementos.

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.

2.2. Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

****Facer referencia dos seguintes apartados en relación ás Titulacións oficiais impartidas.**

2.1. Memorias verificadas de Título: cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:

2.2. Guías docentes: cumprimento de guías docentes;

2.3. Coordinación: procedementos de coordinación,

2.4. Perfil ingreso/egreso. Análise do perfil real de ingresos/egreso,

2.5. Resultados da aprendizaxe: análise de que se acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.

2.6. Satisfacción da Titulación.

Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

2.1.- ADECUACIÓN DE PROCEDEMENTOS

O deseño, revisión, mellora e, se procede, extinción dos títulos impartidos na Facultade de Bioloxía realízase de acordo co

proceso institucional PI-01 Deseño, modificación e extinción de programas, do Manual de Procesos Institucionais do SGC da USC. Os plans de estudos implantáronse de acordo ás memorias de verificación dos títulos, e todos os títulos que participaron en procesos de renovación da acreditación obtiveron informe favorable, polo que podemos considerar que o desenvolvemento do proceso é o adecuado. O SGC da Facultade de Bioloxía conta cun proceso estratéxico PE-02, Revisión e Mellora que facilita o seguimento anual dos distintos títulos. As Comisións de Título son as encargadas de analizar o desenvolvemento dos programas formativos e a execución das accións de mellora vinculadas aos mesmos; concretamente fan o seguimento da adecuación das actividades formativas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación ao descrito nas memorias verificadas, analizan os perfís de ingreso/egreso, os mecanismos e actividades de coordinación e os resultados de aprendizaxe. Os informes destes seguimentos trasládanse á CCC, que os revisa e analiza, e aproba as accións de mellora derivadas. Todas as actividades das Comisións de Título e da CCC quedan recollidas nas actas das súas reunións.

O sistema é eficaz no caso dos Graos e Másteres da USC, pero existen problemas nas titulacións interuniversitarias, como pode ser no caso da Facultade de Bioloxía o Máster Universitarios de Acuicultura (USC, UDC, UVIGO), o Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión (USC; UDC, UVIGO), o Máster Universitario de Neurociencia (USC, UDC, UVIGO), ou o Máster Universitario en Bioloxía Mariña (USC, UDC, UVIGO). Así, en relación coa adecuación e eficacia dous mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese, aínda que nos últimos anos estase a facer un esforzo dende as oficinas de calidade de cada unha das universidades participantes no título co establecemento de ditos mecanismos, estes son insuficientes. Algo que facilitaría, tanto á coordinación do título como á comisión académica ou a análise/ interpretación dos resultados, sería a homoxeneidade no formato das enquisas dos grupos de interese, e facilitar datos globais do título (número de alumnos total matriculados, taxas de éxito,), co fin de acadar unha maior eficiencia e calidade. Tamén sería importante que diversos aspectos relacionados co desenvolvemento do título (datas de pre inscrición, datas de matrícula, datas para realizar cambios na matrícula, períodos de lectura de traballos fin de máster, e períodos de apertura e peche de actas, ...) fosen o máis homoxéneos posible; os vicerreitorados con competencia en cada unha das universidades terían que valorar a necesidade de unificar diversos aspectos relacionados co desenvolvemento dos títulos. Polo xeral, a falta de unificación institucional nos aspectos mencionados anteriormente xeran confusión no alumnado matriculado en cada unha das universidades. Esta é unha petición que se ten feito de maneira reiterada e insistente dende a Facultade cada vez que temos a oportunidade de tratar o tema cos membros dos equipos reitorais, e imos apreciando certos cambios na dirección correcta, aínda que sexan máis lentos do que cremos convinte para acadar unha maior eficiencia na coordinación.

2.2.- ANÁLISE DAS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS SOBRE O DESEÑO, REVISIÓN PERIÓDICA E MELLORA NOS PROGRAMAS FORMATIVOS IMPARTIDOS NA FACULTADE DE BIOLOXÍA NO CURSO 2023/24

A finalización do estado de emerxencia sanitaria o 21 de outubro de 2021 (Resolución do 21 de outubro de 2021 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se daba publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021 polo que se declarou a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia) supuxo a volta á normalidade coa supresión de medidas no ámbito docente e a volta á máxima presencialidade (Resolución Reitoral do 29 de outubro de 2021 pola que se modifican as medidas fronte á COVID-19 para o curso 2021-2022). Polo tanto, nos cursos 2021/22, 2022/23 e 2023/24 a docencia impartíuse en situación de normalidade.

2.2.1.- GRAO EN BIOLOXÍA (1ª & 2ª EDICIÓN)

Plan de estudos e modificacións non substanciais

O plan de estudos correspondente a primeira edición do Grao en Bioloxía (2501101-Grao en Bioloxía) levouse a cabo de acordo á memoria de verificación do título, que renovou a súa acreditación en xuño de 2017, pero soamente para os cursos segundo,

terceiro e cuarto, xa que en maio de 2020 acreditouse a segunda edición do Grao en Bioloxía (2504140-Grao en Bioloxía (2ª ed). Isto significou que en setembro de 2020 comezou a implantarse este novo Grao en Bioloxía, que rematou dito proceso de implantación no curso 2023/2024, momento no cal desaparecerá a primeira edición do Grao en Bioloxía. Polo tanto, no curso 2023/2024 todos os cursos correspondéronse coa 2ª edición do Grao en Bioloxía e ofertáronse todas as materias establecidas na memoria de verificación. O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspondeuse co establecido na memoria. O tamaño dos grupos axustouse aos módulos aprobados pola USC para os graos: Docencia expositiva, 80 estudantes; docencia interactiva (seminario), 30 estudantes; docencia interactiva (laboratorio, ordenador, etc.): 20 estudantes. Durante o curso 2023-2024 non houbo modificacións non substanciais no plan de estudos da 2ª edición do Grao de Bioloxía. No curso 2023/24 o tamaño medio dos grupos de expositivas (materias obrigatorias e básicas) foi de 62,79 alumnos/as (IN55G Media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas), de 33,56 alumnos/as nas materias optativas (IN56G Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas), e de 23,85 alumnos/as nos grupos de docencia interactiva (IN32G Media de alumnos por grupo de docencia interactiva).

Por outro lado, o 28 de setembro de 2021 foi publicado no Boletín Oficial del Estado (BOE) o Real Decreto 822/2021 polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias oficiais e do procedemento de aseguramete da súa calidade, quedando derogado o RD 1393/2007. Entre outras novidades, este RD introduciu unha modificación significativa, xa que cambiaba a adscripción das cinco ramas de coñecemento aos denominados ámbitos de coñecemento. Introduciu tamén a posibilidade de adoptar formas específicas de articulación dos plans de estudo. Entre elas estaban as mención, que tiñan que ter como mínimo, no caso dos graos, o 20% da carga de créditos totais. Establecía ademais os prazos nos que as titulacións debían estar adaptadas a esta nova normativa. Para actualizar a regulación propia da USC e aliñala co RD 822/2021, o Consello de Goberno da USC (sesión do 28 de outubro, 2022) aprobou o “Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na Universidade de Santiago de Compostela” (en adiante RTOUSC). Para dar cumprimento a estas novas normas e aos prazos de adaptación, a Vicerreitoría de Titulacións fixo unha proposta de planificación de presentación de modificacións dos plans de estudo da USC. Tanto o Grao en Bioloxía como o Grao en Biotecnoloxía necesitaban modificacións SUBSTANCIAIS, que tiñan que ser realizadas no curso 2022-2023 e que estaban relacionadas, sobre todo, coa adaptación do número de ECTS das mencións/itinerarios. No caso do Grao de Bioloxía (2º ed), vixente no curso 2023-24, este presentaba na memoria 72 ECTS optativos, que era o dobre dos que o alumno tiña que cursar (36 ECTS). Ademais, na memoria da 2ª ed figuraba que para obter unha das dúas mencións existentes, 30 ECTS optativos debían estar vinculados a unha delas. Tanto no RD 822/2021 como no RTOUSC trasladouse a obriga de que cada mención debía ter como mínimo 48 ECTS (20% da carga de créditos total de 240 ECTS) do correspondente título de grao. Estes cambios implicaron unha adaptación da memoria ao formato do RD 822/2021, o cal foi tratado no cuarto punto da Xunta de Facultade Ordinaria do 11 de novembro de 2022 e onde acordouse iniciar a adaptación do título ao RD 822/2021 e á RTOUSC. Polo tanto, a proposta da Comisión do Grao en Bioloxía, celebrada o 13 de decembro de 2022 no Decanato de Bioloxía, foi a de modificar a titulación para adscribila ao ámbito de coñecemento “Biología y Genética”. Tamén engadíanse tres materias optativas de 4.5 ECTS, do seguinte xeito: Unha vinculada á mención biosanitaria, outra á mención ambiental e unha terceira transversal as dúas mención; finalmente, esta última materia optativa decae na memoria definitiva. Tamén se propuxo o desdoblamento do TFG (12 ECTS) en dúas materias: Unha ligada á mención biosanitaria e outra á mención ambiental; finalmente, na memoria definitiva engadiuse unha terceira materia de TFG (sen mención). Deste xeito, o estudantado podía sumar os 12 ECTS do TFG aos 36 ECTS optativos e cumprir as condicións do RD 822/2021 e a RTOUSC. Esta proposta foi presentada á Comisión de Calidade do Centro, reunida as 11:00 do 19 de decembro de 2022 no Decanato de Bioloxía, mediante unha declaración de intencións definitiva remitida xunto coa convocatoria de reunión. Esta declaración de intención de modificacións substanciais da 2ª edición do grao en Bioloxía foi aprobada polo Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2023.

O proxecto inicial de memoria da 3ª ed do Grao en Bioloxía foi remitida polo centro o 14 de abril de 2023 á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, sendo posteriormente aprobada pola Comisión de Calidade do Centro o 31/05/2023 e pola Xunta do Centro o 02/06/2023. Este proxecto inicial foi avaliado posteriormente pola Comisión de Avaliación da Rama de Ciencias da ACSUG, que emitiu un informe provisional de solicitude de avaliación da solicitude de verificación de título oficial o 29 de abril de 2024. Tras modificacións do proxecto inicial, a Comisión de Avaliación da Rama de Ciencias da ACSUG emitiu un informe FAVORABLE o 03 de xuño de 2024, cunha recomendación referida ao CRITERIO 5. PERSONAL ACADÉMICO E DE APOIO Á DOCENCIA: *“En la fase de alegaciones los responsables del título indican que la mayoría de las áreas de conocimiento cuentan con profesorado suficiente y adecuado para impartir las materias del Grado, pero ponen de manifiesto el déficit puntual de capacidad docente en tres áreas de conocimiento (Fisiología Vegetal, Genética y Zoología), y no se informa adecuadamente sobre una previsión o compromiso en este sentido. Será objeto de especial atención en futuros procesos de evaluación la adecuada cobertura de personal académico suficiente en las áreas deficitarias”*. Finalmente, a autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia realizouse a través da Orde do 15/07/2024 (DOG do 24/07/2024), polo que a 3ª ed do Grao en Bioloxía puido implantarse en bloque (os 4 niveis) en setembro de 2024 (curso 2024/25). A data de publicación no BOE foi o 17/12/2024.

Cumprimento das guías docentes

Seguindo o proceso clave PC-02 *Planificación das ensinanzas*, as Guías Docentes das distintas materias son elaboradas polo profesorado encargado da súa docencia e revisadas polos coordinadores/as de curso e de título e aprobadas pola Comisión de Título, a Comisión de Calidade do Centro e a Xunta de Facultade. O cumprimento das guías docentes e o correcto desenvolvemento do curso comprobáronse mediante enquisas propias realizadas aos estudantes polo equipo de coordinación do Grao de Bioloxía así como entrevistas cos delegados do estudantado de cada curso. Nas entrevistas non se detectaron incidencias graves, unicamente algúns problemas de coordinación menores que se abordaron cos profesores responsables das materias. No apartado seguinte (1.3) aportase moita máis información sobre os resultados das enquisas propias realizadas polo equipo de coordinadores do Grao en Bioloxía. Sen embargo, en relación a pregunta de si as actividades realizadas na materia axustábanse á guía docente (pregunta P1 da enquisa), estas foron as valoracións feitas polos estudantes no curso 2023/24:

Primeiro semestre:

- **1º curso:** $76 \pm 0,10\%$ (media $\pm$ SD). Porcentaxe de estudantes que responderon cun 3 (valoración 1-3) a pregunta P1 da enquisa (as actividades realizadas na materia axústanse á guía docente). N= 37 (dos 108 estudantes que entraron en primeiro no curso 2023/24; 34,3% de taxa de resposta)
- **2º curso:** $2,79 \pm 0,13$ (media $\pm$ SD) sobre 3 puntos. N = 68
- **3º curso:** $2,83 \pm 0,12$ (media $\pm$ SD) sobre 3 puntos. N= 34
- **4º curso:** $2,57 \pm 0,25$ (media $\pm$ SD) sobre 3 puntos N = 25

Segundo semestre:

- **1º curso:** $73 \pm 0,17\%$ (media $\pm$ SD). Porcentaxe de estudantes que responderon cun 3 (valoración 1-3) a pregunta P1 da enquisa (as actividades realizadas na materia axústanse á guía docente). N= 104 (dos 108 estudantes que entraron en primeiro no curso 2023/24; 96,3% de taxa de resposta)
- **2º curso:** $2,68 \pm 0,26$ (media $\pm$ SD) sobre 3 puntos. N = 87
- **3º curso:** $2,69 \pm 0,06$ (media $\pm$ SD) sobre 3 puntos. N= 15
- **4º curso:** $2,68 \pm 0,39$ (media $\pm$ SD) sobre 3 puntos N = 77

Polo tanto, **pode concluírse destes datos que as actividades realizadas nas materias do Grao de Bioloxía (2ª ed) no**

curso 2023/24 teñen un moi bo axuste as guías docentes de acordo cos datos recompilados polo equipo de coordinación.

As enquisas realizadas como parte do Sistema de Garantía da Calidade Docente da USC (Centro de Datos e Procesos) mostraron en xeral unha elevada satisfacción dos estudantes co desenvolvemento da docencia como se pode ver nos seguintes resultados, no que o máximo valor é 5. Así, no caso da 1ª edición do Grao en Bioloxía o indicador IN46G (satisfacción do alumnado coa docencia recibida) tivo a seguinte evolución nos últimos anos: 3.92 (2017/18), 4.01 (2018/19), 4.06 (2019/20), 3.97 (2020/21), 4.1 (2021/22) e 3.97 (2022/23). No caso da 2ª edición do Grao de Bioloxía, estes foron os resultados para o mesmo indicador: 4.04 (2020/21), 4.06 (2021/22), 4.17 (2022/23) e 4.31 (2023/24). **Concluimos que cun valor medio en todos estes anos de 4.0 (1ª ed) e 4,145 (1ª ed) sobre 5 puntos o nivel de satisfacción do alumnado coa docencia no Grao de Bioloxía é notable.** Este nivel de satisfacción explícase en parte polo nivel de cumprimento das programacións docentes, que tamén foi elevado, tal e como indican os resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF 13 - Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida Curso Académico 2023-2024) que realiza a ACMP. Así, para a 2ª edición do Grao en Bioloxía, os ítems da enquisa teñen a seguinte valoración:

- O/A docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación? 4.29 (21/22), 4.50 (22/23), 4.53 (23/24)
- Cumpre co programa e o plan de traballo previsto? 4.54 (21/22), 4.53 (22/23), 4.60 (23/24)
- Os/As alumnos/as sabemos de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos? 4.04 (21/22), 4.14 (22/23), 4.30 (23/24).
- Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia? 3.96 (21/22), 4.23 (22/23), 4.29 (23/24)
- O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resúltame útil para a preparación da materia? 3.87 (21/22), 4.15 (22/23), 4.17 (23/24)
- Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia? 3.87 (21/22), 4.18 (22/23), 4.21 (23/24)
- O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma? 3.64 (21/22), 3.77 (22/23), 4.03 (23/24)
- Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia? 4.41 (21/22), 4.35 (22/23), 4.43 (23/24)
- O/A docente motiva a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase? 3.85 (21/22), 3.91 (22/23), 4.22 (23/24)
- Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)? 4.40 (21/22), 4.40 (22/23), 4.59 (23/24)
- Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes? 4.22 (21/22), 4.29 (22/23), 4.43 (23/24)
- Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación? 3.99 (21/22), 4.01 (22/23), 4.18 (23/24)
- A axuda recibida nas titorías foime de utilidade (contestar só se as empregaches)? 4.16 (21/22), 4.47 (22/23), 4.42 (23/24)
- O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia? 3.95 (21/22), 3.96 (22/23), 4.21 (23/24)
- O/A docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos? 3.87 (21/22), 3.93 (22/23), 4.16 (23/24)
- Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia: 3.94 (21/22), 4.07 (22/23), 4.25 (23/24)
- **Valoración global:** 4.06 (21/22), 4.17 (22/23), 4.31 (23/24)
- **Participación:** 26.77% (21/22), 16.67% (22/23), 43.64% (23/24)

Polo tanto, a tendencia xeral é positiva, xa que a maioría dos indicadores melloran de forma sostida ao longo dos tres cursos académicos (2021/22, 2022/23 e 2023/24). **Isto suxire o cumprimento das programacións docentes e unha implementación progresivamente máis eficaz do plan de estudos. Os datos indican que o plan de estudos se**

desenvolveu conforme á oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada, cunha implementación progresivamente mellorada ao longo dos tres cursos. A docencia, os recursos, a organización e a satisfacción do alumnado amosan unha tendencia positiva e coherente co cumprimento da planificación académica. Ademais, dado que a participación nas enquisas aumentou significativamente no último curso (43.64%), isto dá máis fiabilidade aos datos.

Procedementos de coordinación

Os procedementos de coordinación están perfectamente establecidos (PC-04 *Desenvolvemento das ensinanzas*). O gra ten unha coordinación horizontal que recae en primeiro lugar nos coordinadores das materias; que encárganse de supervisar o seguimento das guías docentes, a coordinación entre os diferentes profesores que imparten unha mesma materia, a impartición da materia e a atención aos estudantes. Unha seguinte liña de coordinación serían os/as coordinadores/as dos distintos cursos, xunto co/a coordinador/a do grao, que teñen un papel activo na planificación e seguimento das actividades docentes.

O bo funcionamento dos procedementos de coordinación queda reflectido nos resultados dos informes das enquisas realizadas ao profesorado. Así, na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF.14) o ítem “a coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada?” presenta unha evolución de 3.94 (curso 2021/22; 43.16% participación) e 3.84 (2022/23; 43.16% participación) (sobre 5 puntos) para a 1ª edición do Grao (non hai datos para o curso 2023/24, no que produciuse a extinción do grao), e de 3.97 (2021/22; 36.99% participación), 3.69 (2022/23; 44.34% participación) e 3.68 (2023/24; 37.19% participación) (sobre 5 puntos) para a 2ª edición; polo tanto, aínda que as valoracións non son malas, si que apreciase algo de descenso na satisfacción do PDI cos sistemas de coordinación no Grao de Bioloxía. Ademais, na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (INF.23) o ítem “as e os docentes estamos coordinados na organización do título?” presentou a seguinte evolución na 1ª ed do Grao en Bioloxía (sobre 5 puntos): 2020/2021 (3.88; 28.26% participación), 2021/2022 (3.69; 22.03% participación), 2022/2023 (3.50; 18.18%) e 2023/2024 (4.20; 50.00%). Na 2ª ed do Grao en Bioloxía, os datos foron: 2020/2021 (4.57; 18.18%), 2021/2022 (4.14; 20.55%), 2022/2023 (4.07; 27.88%), 2023/2024 (3.84; 30.58%). Polo tanto, no caso da 2ª ed do Grao en Bioloxía apreciase un descenso na satisfacción do PDI coa coordinación dos docentes na organización do Grao de Bioloxía que cómpre estudar.

No curso 2022-2023 produciuse un cambio no equipo de coordinadores que afectoulle a primeiro e cuarto curso, de tal xeito que os coordinadores pasaron a ser os seguintes:

- Francisco Javier Salgado Castro. Coordinador do Grao e responsable de calidade
- Jesús Aboal Viñas. Coordinador 1.º Curso
- Guillermo Covelo Artos. Coordinador 2.º Curso
- Ana Otero Casal. Coordinadora 3.º Curso
- Luís Miguel Serrano Pérez Coordinador 4.º Curso

Dito equipo seguiu tendo a mesma composición no curso 2023-24. Sen embargo, é evidente que o Coordinador do Grao en Bioloxía é tamén o Vicedecano de Calidade e o Responsable de Calidade do Centro. Precisamente, dentro do Plan Estratéxico 2024-26 da Facultade de Bioloxía existen unha liña estratéxica LE 4. Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC) cun obxectivo estratéxico OE 4.1 - Reforzar o funcionamento do SGC que contén unha acción estratéxica AC 4.1.2. que trata de “Evitar duplicidades do persoal nos órganos do SGC”. Polo tanto, no curso 2024-25 estase a tratar de atopar un novo coordinador do Grao de Bioloxía (así como substituír paulatinamente aos coordinadores de curso que xa leven tempo, como os de 2º e 3º; sen embargo, con pouco éxito, **xa que as actividades de coordinación non teñen incentivos económicos e moi pouco recoñecemento académico, tanto a nivel da universidade como a outros niveis; instamos a que no futuro este tipo de actividades teñan un maior recoñecemento**. No mesmo sentido, a acción estratéxica AC 4.1.1.: Crear o posto de coordinador/a de calidade, implementadas no Plan de Melloras da memoria 2022-23 para o curso 2023-24 (acción de mellora AM-1, Dotar o posto de coordinador/a de calidade) pretende minorar a carga do Responsable de Calidade do Centro. Do

mesmo xeito, cómpre substituír ao Coordinador de primeiro (que comunicou a súa intención de deixar de ser coordinador no curso 2024-25), segundo (debido ao número prolongado de anos que este docente leva como coordinador) e terceiro (debido a que a coordinadora xa non imparte docencia no grao de bioloxía). Este proceso de renovación está sendo complicado debido a carga de traballo actual en docencia e investigación do profesorado.

Os coordinadores de curso realizan a enquisa de percepción sobre o desenvolvemento da docencia das materias (Informes do SGC do centro) no primeiro e segundo semestre. Cos resultados de ditas enquisas os coordinadores de cada curso elaboran ditos informes, que forman parte dos Informes Propios do SGC da Facultade de Bioloxía. Estes datos recollidos polos coordinadores de curso tratan de complementar a información recollida polas enquisas de satisfacción coa docencia recibida dependentes do Centro de Datos e Procesos da Universidade, que polo xeral teñen unha porcentaxe de participación moito máis baixa (novamente un exemplo de como a facultade ten que duplicar esforzos para conseguir unha información de maior calidade). Como xa se dixo, as enquisas propias de satisfacción dos estudantes coa docencia recibida pásanse dúas veces ao longo do curso académico (unha para cada semestre), e son adaptadas para as materias de cada un dos catro cursos. A porcentaxe de participación nestas enquisas é moito máis alta e a información recollida por estas enquisas é analizada polo equipo de coordinadores do Grao en Bioloxía e resumida en dous informes (informe do primeiro semestre 2023/2024 e informe do segundo semestre 2023/2024) que foron aprobados secuencialmente pola Comisión de Título (23/05/2025) e a Comisión de Calidade (23/05/2025). A continuación expóñense as principais conclusións de ditos informes de coordinación horizontal:

Primeiro semestre curso 2023-24:

Participación:

- **Baixa participación do alumnado nas enquisas (menor que no curso anterior).** Recomendase a CCC que se fagan campañas de concienciación.
- **Baixa colaboración do profesorado/coordinadores de materias.** Recomendase a CCC que se fagan campañas de concienciación.

Preguntas da enquisa:

- **Pregunta 1 da enquisa (axuste á guía docente):** Non se detectan problemas
- **Pregunta 2 da enquisa (temario impartido axústase ao programa):** Non se detectan problemas.
- **Pregunta 3 da enquisa (Redundancias).** Non parecen existir solapamentos ou redundancias de contidos nas materias do grao.
- **Pregunta 4 da enquisa (titorías):** Falta de utilidade das titorías. Este é un problema que vense dando fai xa tempo e que conduciu na reforma do Grao de Bioloxía (3ª ed) a unha redución do número de horas de titorías grupais obrigatorias en moitas materias.
- **Pregunta 5 da enquisa (clases prácticas laboratorio/campo):** O estudantado solicita aumento das horas de docencia práctica e mellora das prácticas de campo, aínda que ningún destes aspectos pode ser abordado sen que se realicen modificacións non substanciais ou substanciais da Memoria de Grao ou se mellore o financiamento da facultade. Polo tanto, as suxestións de accións de mellora neste sentido quedarían fóra do ámbito deste informe, aínda que deberían ser elevadas á Comisión de Título.
- **Pregunta 6 da enquisa (seminarios):** Os seminarios son percibidos polos estudantes como unha extensión das clases expositivas, con demasiada teoría, pouco prácticos/aplicados e polo tanto de escasa utilidade. Este problema estase a dar por exemplo en materias como **Xeoloxía (1º), Botánica I (2º), Bioquímica II (2º), Microbioloxía I (3º).** Outras veces (**Xenética I; 2º**) empréganse para a resolución de problemas por parte do profesorado, pero as explicacións non son claras, quedan moitos problemas sen resolver, non se proporciona a solución dos restantes ou detéctanse diferencias de contidos entre grupos A e B (falta de coordinación). Estes problemas parecen impactar na

avaliación.

- **Pregunta 7 da enquisa (Nivel esixido na avaliación en relación ao nivel dado nas aulas).** Detectáronse incidencias en Bioloxía da Célula (1º), Química para Bioloxía (1º), Xenética I (2º), Neurobioloxía (4º) e Vexetación (4º)
- **Pregunta 8 da enquisa (a docencia das materias mellora a formación do estudantes).** Alta valoración nesta pregunta da enquisa, polo que pódese deducir que a docencia está cumprindo a función de formar ao estudantado.
- **Preguntas 9/10 da enquisa: Nivel de esforzo/dedicación e número de horas semanas de traballo persoal:** Uns dos principais problemas detectados parece ser a sobrecarga de traballo derivada do nivel de esforzo/dedicación e o número de horas semanais de traballo persoal fóra da aula nalgúns materias. Este problema parece darse nos catro cursos. Cómpre dicir que estimase unha xornada de 10.5 horas de traballo diario para o estudantado (incluíndo a asistencia presencial a actividades expositivas e interactivas). Esta xornada redúcese as 7h diarias si teñen en conta no cómputo os fins de semana, as cales poderían reducirse aínda menos se e teñen en conta o uso de vacacións e períodos de exames, nos que os alumnos concentran máis o traballo fora da aula. Polo tanto, unhas 3-6 horas de traballo persoal fóra da aula deben ser considerada como unha carga de traballo óptima (pregunta 10 da enquisa, nivel 2: 3-6 horas semana), e todo o que supere dita cifra está por enriba do razoable ("excesivo"), xa que esta situación parece estase a dar en: **Bioloxía da Célula (1º).** Isto é confirmado polo profesorado da materia. Trátase dunha situación que xa se deu previamente e ven acompañada de taxas de éxito (INF 17: 66.07% curso 22/23), e rendemento (INF 18: 56,06% curso 22/23) sensiblemente inferiores as de outras materias do primeiro semestre de primeiro e tamén no Grao de Bioloxía (2ª ed): taxa de éxito (IN35G: 81.66% curso 22/23) e taxa de rendemento (IN34G: 73.56% curso 22/23). Recoméndase a Comisión de Título e a CCC que se lle preste atención a esta materia. **Bioquímica II (2º).** Ven acompañada de taxas de éxito (INF 17: 47.78 % curso 22/23), e rendemento (INF 18: 43% curso 22/23) sensiblemente por debaixo das de outras materias do primeiro semestre de segundo e tamén no Grao de Bioloxía (2ª ed): taxa de éxito (IN35G: 81.66% curso 22/23) e taxa de rendemento (IN34G: 73.56% curso 22/23). Recoméndase a Comisión de Título e a CCC que se lle preste atención a esta materia. **Xenética I (2º).** Ven acompañada de taxas de éxito (INF 17: 72.28 % curso 22/23), e rendemento (INF 18: 67.59% curso 22/23) lixeiramente por debaixo das de outras materias do primeiro semestre de terceiro e tamén no Grao de Bioloxía (2ª ed): taxa de éxito (IN35G: 81.66% curso 22/23) e taxa de rendemento (IN34G: 73.56% curso 22/23). Por tanto, non parece que haxa moito problema nesta materia a maiores da elevada carga de traballo. **Bioloxía Molecular (3º).** Ven acompañada de taxas de éxito (INF 17: 79.71 % curso 22/23), e rendemento (INF 18: 74.32% curso 22/23) similares as de outras materias do primeiro semestre de terceiro e tamén no Grao de Bioloxía (2ª ed): taxa de éxito (IN35G: 81.66% curso 22/23) e taxa de rendemento (IN34G: 73.56% curso 22/23), polo que non parece que haxa moito problema nesta materia a maiores da elevada carga de traballo. **Xenética Evolutiva (3º).** Descoñecemos as taxas de éxito (INF 17 curso 22/23), e rendemento (INF 18 curso 22/23) para esta materia obrigatoria. **Neurobioloxía (4º).** Descoñecemos as taxas de éxito (INF 17 curso 22/23), e rendemento (INF 18 curso 22/23) para esta materia optativa.

Outras cuestións:

- **Carencias formativas do alumnado: Informática/programación/software:** En materias como Matemáticas para Bioloxía hai unha menor satisfacción coa docencia práctica debido a falta de base informática do estudantado e o interese que o software empregado poida ter no futuro para os biólogos/os. O alumnado límitase a seguir os pasos do docente sen chegar a entender realmente o que se está a facer. Recoméndase tratar este tema na CCC. **Química:** A pesar destas carencias que se dan nalgúns estudantes, os profesores da materia non consideran necesario un curso de nivelación. **Xeoloxía.** A falta de contidos de Xeoloxía en bacharelato obriga aos profesores a facer introducións teóricas durante os seminarios, o que desvirtúa o sentido destes e fai que o estudantado os considere unha extensión das clases expositivas. **Técnicas básicas:** Moito alumnado non sabe pipetear correctamente ou non coñece o equipamento e técnicas básicas de laboratorio cando chega a prácticas do segundo semestre de primeiro ou a segundo curso.
- **Problemas específicos detectados do estudantado do dobre grao de Química-Bioloxía: Carencias formativas:**

En filoxenia, cladismo, clasificacións filoxenéticas, clasificación evolutivas, etc., que se detectan na materia de Zooloxía e dependen de que este alumnado non cursa a materia de Fundamentos de Bioloxía Animal e Vexetal. Recoméndase tratar este tema na CCC. Número de alumnos/as >20. Isto xera problemas en primeiro nas prácticas de laboratorio de Xeoloxía, xa que este grupo non se pode desdobrar. Recoméndase tratar este tema na CCC.

- **Elevada presencialidade.** A pesar de que esta xa se reduciu no seu momento, o alumnado segue sinalando unha elevada actividade presencial no grao. **Nota do coordinador do Grao en Bioloxía:** Hai que ter en conta por exemplo que en canto as clases expositivas estas son aproximadamente de 50 min, polo que o número real de horas impartidas é menor que as que figuran na memoria do título e nas guías docentes das materias.
- **Distribución de tarefas:** Tende a acumularse ao final do semestre, o que causa problemas ao estudantado.
- **Distribución de exames:** Coñecer a dificultade da materia para os estudantes e a tipoloxía do exame para distribuír as datas de exames dunha maneira máis lóxica, aparte de alargar o período na medida do posible sería unha posible solución.
- **Recomendar** que, tal e como está a facerse nas enquisas de terceiro, non se teña en conta os valores obtidos nas preguntas que teñan menos dun 50% de respostas no cálculo das medias.
- **Recomendar que o material que se está a deixar na aula virtual sexa máis completo/informativo,** xa que detectáronse queixas puntuais nalgúns materias (Inmunoloxía, Xenética Evolutiva).

Segundo semestre

Participación:

- **Baixa participación do estudantado nas enquisas.** Isto estase a producir sobre todo en terceiro: 104 (1º), 87 (2º), 15 (3º), 77 (4º). Recomendase a Comisión de Título e CCC que se fagan campañas de concienciación, especialmente centradas no estudantado de terceiro.
- **Baixa colaboración do profesorado/coordinadores de materias,** o que se combina con que non se están a facer as reunións dos coordinadores de curso cos coordinadores de materias (3º e 4º). Fanse dúas recomendacións: A) Débese recoller sempre a opinión dos coordinadores de materia para contrastar a proporcionada polo estudantado; B) Recomendase a Comisión de Título e CCC que se fagan campañas de concienciación para mellorar a participación dos coordinadores de materia.

Preguntas da enquisa:

- **Pregunta 1 da enquisa (axuste á guía docente):** Non se detectan problemas, pero podería haber algo de marxe de mellora en materias como Bioquímica I (1º; aínda que hai discordancia entre a opinión do estudantado e a do profesorado), Xenética Humana (4º).
- **Pregunta 2 da enquisa (temario impartido axústase ao programa):** Non se detectan problemas, pero podería haber marxe de mellora en materias como Bioquímica I (1º; discordancia estudantado-profesorado) ou Xenética Humana (4º). Hai queixas na amplitude do temario e densidade de contidos en Fisioloxía Animal (2º), Fisioloxía Animal Comparada (3º) e Bioquímica Clínica (4º).
- **Pregunta 3 da enquisa (Redundancias/solapamentos).** En xeral non parecen existir solapamentos ou redundancias de contidos nas materias do mesmo curso do grao (nivel horizontal), pero houbo algún comentario en relación a materias como Bioloxía dos Tecidos e Órganos (probablemente con Bioloxía Celular, o cal non parece preocupante), Bioquímica I (1º; discordancia estudantado-profesorado), Caracterización do Medio Físico (1º), Bioxeoquímica (2º; con Xeoloxía e Medio Físico en 1º), ou Bioloxía da Conservación (4º). Neste último caso dentro da propia materia debido á necesidade de mellorar un pouco a coordinación entre o profesorado). Tamén detectáronse redundancias en Xenética Humana (4º).
- **Pregunta 4 da enquisa (titorías):** Falta de utilidade. Este é un problema que vense dando fai xa tempo e que conduciu

na reforma do Grao de Bioloxía (3ª ed) a unha redución do número de horas de titorías grupais obrigatorias en moitas materias. Os problemas coas titorías concéntranse en materias como Bioestatística (1º), Biofísica (1º), Bioquímica I (1º), Caracterización do Medio Físico (1º), Botánica II (2), Xenética (II), e Xenética Humana (4º).

- **Pregunta 5 da enquisa (clases prácticas laboratorio/campo):** O estudantado solicita aumento das horas de docencia práctica e mellora das prácticas en xeral, pero especialmente as de campo, cun maior número de prácticas e menor número de alumnos/as por grupo. Esta queixa deuse en todos os niveis do grao (1º, 2º....). Así, solicítase a mellora das prácticas de Bioestatística (1º), Biofísica (1º), Botánica II (2º), Fisioloxía Animal (2º), ou Bioxeoquímica (2º). É importante mencionar aquí o problema xurdido co financiamento das prácticas de campo que afectoulle, entre outras, a esta última materia. Isto deu lugar a un correo de protesta por parte do estudantado de segundo (22 marzo 2024) polo aumento do número de alumnos/as por grupo de prácticas nunha materia obrigatoria. Un problema a maiores coas prácticas é a falta de utilidade que os estudantes perciben que existe as veces, como é o caso das prácticas de Botánica II (2º) ou as de Fisioloxía Animal (2º); nestas últimas o estudantado reclama prácticas de laboratorio e non tanto de ordenador. No caso de Bioloxía da Conservación, solicitan que as prácticas nas Illas Cíes sexan máis longas, e que en xeral as prácticas nesta materia non se concentren tanto nos meses de abril-maio. En calquera caso, as suxestións de accións de mellora neste sentido quedarían fóra do ámbito deste informe, aínda que deberían ser elevadas á Comisión de Título e CCC.
- **Pregunta 6 da enquisa (seminarios):** Os seminarios parecen amosar problemas de diversa índole en materias como Bioestatística (1º; diferenzas entre grupos A e B e que os profesores deixen as solucións aos boletíns), Biofísica (1º; diferenzas entre grupos A e B), Bioquímica I (1º; avaliación oral/cuestionario e estrés do estudantado), Xenética II (pouca utilidade, sesións <1h, pouca coordinación co profesorado de teoría; esta materia tiña moi boa valoración dos seminarios o curso 22-23), Fisioloxía Animal Comparada (3º; carga de traballo nos traballos de seminarios), Antropoloxía Biolóxica (3º; contidos de seminarios similares as clases expositivas) e Xenética Humana (4º).
- **Pregunta 7 da enquisa (Nivel esixido na avaliación en relación ao nivel dado nas aulas).** Detectáronse problemas en Bioestatística (1º), Biofísica (1º), Bioquímica I (1º; a rebaixa da esixencia no exame non é solución segundo o profesorado da materia), Botánica II (2º; exame de prácticas, criterios de avaliación), Xenética II (2º), Parasitoloxía (4º; avaliación dos seminarios).
- **Pregunta 8 da enquisa (a docencia das materias mellora a formación do estudantes).** Alta valoración nesta pregunta da enquisa, polo que pódese deducir que a docencia está cumprindo a función de formar ao estudantado. Algunhas excepcións nesta percepción de utilidade da materia estase a dar sorprendentemente en materias como Bioestatística (1º), Biofísica (1º), Bioquímica I (1º). No caso de Bioquímica I (1º), o profesorado indica que esta percepción da falta de utilidade da materia pode estar relacionada con que a materia non lles gusta ao estudantado, xa que están acostumados ao estudo de outro tipo de materias e a que a Bioquímica cústalles estudiala ao estar moi afastada dos seus intereses en primeiro de Bioloxía. A baixa valoración neste apartado tamén estase a dar en Botánica II (2º) e Xenética II (2º). De feito, o coordinador de Xenética II (2º) tamén comenta que a docencia de esta materia non está baseada na memorización e no baleirado da información nun exame, como podería ser o caso de outras materias, o cal lle causa problemas ao alumnado que pode facerlles pensar que a materia non é útil ou require un elevado esforzo/horas de dedicación.
- **Preguntas 9/10 da enquisa:** Nivel de esforzo/dedicación e número de horas semanas de traballo persoal: Uns dos principais problemas detectados parece ser a sobrecarga de traballo derivada do nivel de esforzo/dedicación e o número de horas semanais de traballo persoal fóra da aula nalgúns materias. Este problema parece darse nos catro cursos. Cómpre dicir que estimase unha xornada de 10.5 horas de traballo diario para o estudantado (incluíndo a asistencia presencial a actividades expositivas e interactivas). Esta xornada redúcese as 7h diarias si teñen en conta no cómputo os fins de semana, as cales poderían reducirse aínda menos se e teñen en conta o uso de vacacións e períodos de exames, nos que os alumnos concentran máis o traballo fora da aula. Polo tanto, unhas 3-6 horas de traballo persoal fóra da aula deben ser considerada como unha carga de traballo óptima (pregunta 10 da enquisa,

nivel 2: 3-6 horas semana), e todo o que supere dita cifra está por enriba do razoable ("excesivo"). En xeral, parece estase a darse sobre todo nas materias do ámbito molecular: Bioloxía de Tecidos e Órganos (1º), Bioquímica I (1º), Fisioloxía Animal (2º), Xenética II (2º), Fisioloxía Vexetal II (3º), Fisioloxía Animal Comparada (3º), Bioquímica Clínica (4º) e Enxeñaría Xenética (4º). Ao mesmo tempo, hai materias nas que existe marxe para elevar/incrementar o esforzo/horas de traballo persoal, como Bioestatística (1º), Biofísica (1º), Caracterización do Medio Físico (1º), Botánica II (2º), Microbioloxía II (3º), Antropoloxía Biolóxica (3º) e Xeobotánica (4º). Hai profesores (Bioloxía dos Tecidos e Órganos) que non está de acordo con esta percepción de que unha materia que supoña menor esforzo/horas de dedicación sexa "mellor" e que unha que supoña maior esforzo/número de horas sexa "peor". Ademais, canto da percepción do esforzo/número de horas débese ao traballo real que supón a materia e canto á dificultade que a materia ten para os estudantes? é un tema que merece a pena discutir. Recomendase tratar este tema da posible asimetría no esforzo entre itinerarios (Biosanitario e Ambiental) na Comisión de Título e CCC, xa que este problema parece impedir a realización de actividades complementarias extra curriculares ao estudantado do itinerario biosanitario.

Outras cuestións detectadas no segundo semestre:

- **Baixa valoración das actividades interactivas:** Este problema parece darse por exemplo en Ecoloxía II (3º), onde parece que hai un número alto de actividades interactivas (prácticas de campo, laboratorio, seminarios) que xeran moito traballo pero que xeran pouca valoración na nota final.
- **Problemas do cambio de curso en certas materias:** O profesorado de Bioquímica I (1º) indica que o cambio do primeiro semestre de segundo ao segundo semestre de primeiro nesta materia no paso da 1ª a 2ª edición do grao, combinado coa perda de Técnicas Básicas e de coñecementos de Química, xera un menor rendemento nos estudantes e nótase na soltura dos estudantes a hora do manexo do instrumental no laboratorio de prácticas.
- **Atención ao estudantado:** Houbo queixas neste sentido durante a revisión de exames en materias como Bioquímica I (1º) ou Xenética II (2º), pero a tenor do comentado polos coordinadores de materias, non parece que teña base ningunha esta queixa. Tamén houbo unha queixa no sentido de non contestar os correos ao estudantado no caso de Antropoloxía Biolóxica (3º).
- **Harmonización da teoría coas prácticas:** Nalgunhas materias como Bioquímica I (1º) parece que hai dificultades puntuais no sentido de que coincidan as prácticas unha vez explicada a teoría. En Parasitoloxía (4º) parece que hai demasiados contidos teóricos nas prácticas.
- **Solicitude de cambios na enquisa:** A) Segundo o profesorado de Bioloxía dos Tecidos e Órganos (1º) sería recomendable engadir na enquisa algunha pregunta como "Asistiches con regularidade ás clases desta materia?" ou "Realizaches un seguimento e estudo semanal desta materia?" porque se a resposta é negativa non debería ser valorada ao considerarse imprescindible para a superación da materia; B) No informe de 4º propónse a eliminación da pregunta de titorías da enquisa, xa que pode baixar a valoración global das materias e neste momento, co reducido número de horas de titorías, non ten sentido; C) No informe de 4º propónse a eliminación da pregunta de avaliación, xa que ao pasarse a enquisa antes dos exames esta pregunta carece de sentido.
- **Baixa asistencia a clases.** As causas son variadas e detéctase nalgunhas materias como Bioquímica I (1º) ou Bioloxía dos Tecidos e Órganos (1º). Nalgúns casos, a falta de asistencia está relacionada con cuestións concretas, como os exames parciais. Estes exames son valorados positivamente polo estudantado. Sen embargo, como pasa en Bioloxía dos Tecidos e Órganos (1º), supoñen unha carga extra para o profesorado e os resultados do estudantado non son tan bos como sería desexable. A maiores, poden xerar baixa asistencia a clases noutras materias. Por exemplo, o martes 9 de abril de 2024 a profesora de Bioestatística María de los Ángeles Casares de Cal remitiu ao Decanato e ao Coordinador do primeiro un correo electrónico queixándose de falta de asistencia a súa materia motivada polos exames parciais eliminatorios. Esta docente suxire que se suspendan as clases durante estes exames para evitar que os alumnos perdan o ritmo das demais materias, axustar as materias a cursos semestrais e utilizar probas de avaliación continua en lugar de exames eliminatorios. Noutros casos (Bioquímica; 1º), a causa da falta de asistencia

é mais difusa e pode relacionarse coa falta de satisfacción coa materia ou percepción de pouca utilidade das clases expositivas por parte do estudantado. De feito, 1/3 do estudantado en Bioquímica I (1º) non realiza as actividades ao longo do curso. Outra razón pode ser a sinalada polo profesorado de Bioloxía dos Tecidos e Órganos (1º), que indican que “unha alta porcentaxe do estudantado deixa de asistir a clase, probablemente ao ver que nas presentacións da aula virtual teñen toda a información necesaria para estudar a materia e adquiren a idea errónea de que van saber e entender todo sen necesidade de explicación”. En calquera caso, esta falta de asistencia a clases expositivas está a xerar problemas. Por exemplo, en Xenética II (2º) xera problemas na avaliación dos cuestionarios ao final de cada tema. Tamén, especialmente ao final do segundo semestre en terceiro, xerou moitos problemas de recollida dun número significativo de enquisas.

- **Causas xustificadas de asistencia xeran problemas (penalizan) na nota dos estudantes.** Este problema foi indicado na materia de Xenética II (2º), se ben foi desmentido polo coordinador da materia. Deberase prestar atención a este tema.
- **Falta de participación do estudantado nas clases:** Por exemplo, nos seminarios de Bioquímica I (1º).
- **Problemas de incompatibilidade horaria do profesorado ao estar involucrados en moitas materias:** Por exemplo, estase a dar en Bioquímica I (1º).
- **Carencias formativas do estudantado:** Detéctase en Bioquímica I (1º) en relación aos coñecementos de Matemáticas segundo os profesores. Informática/programación/software (R), se ben o estudantado non parece decatarse da súa importancia de acordo co coordinador de primeiro. O coordinador de Xenética II (2º) detecta deficiencias de comprensión lectora e expresión oral/escrita no estudantado.
- **Falta de atención do profesorado ao estudantado durante as prácticas:** Por exemplo, as prácticas de Bioquímica I (1º) ocupan toda a mañá (dos grupos seguidos), o que fai que a xornada sexa de 9:00-14:30, case se descansos para o profesorado. Tamén xera problemas no caso de que o estudantado do primeiro grupo se retrase. O profesorado necesita descansar de cando en cando e saír do laboratorio de prácticas, o que o estudantado interpreta como falta de atención do profesorado aos/as alumnos/as durante as prácticas cando non é certo. Esta queixa de falta de atención tamén se produciu en Botánica II (2º).
- **Elevada actividade presencial.** A pesar de que esta xa se reduciu no seu momento, o estudantado segue sinalando unha elevada actividade presencial no grao. Nota do coordinador do Grao en Bioloxía: Hai que ter en conta por exemplo que en canto as clases expositivas estas son aproximadamente de 50 min, polo que o número real de horas impartidas é menor que as que figuran na memoria do título e nas guías docentes das materias.
- **Horario/cumprimento do calendario de clases e finalización das clases moi preto do período de exames.** En segundo houbo queixas en materias como Xenética II (2º), onde se deron polo que parece clases de máis, así como en Fisioloxía Vexetal II (3º), cuxas actividades lectivas (expositivas, etc.) acabaron moi preto do período de exames. En terceiro na materia Antropoloxía Biolóxica (3º) houbo un número excesivo de cambios no horario de clases. En cuarto houbo moita concentración de prácticas ao final do semestre (caso de Bioloxía da Conservación), e as clases acabaron moi enriba do período de exames. Tamén houbo un maior número de horas expositivas que as que figuraban no calendario/programación docente na materia de Parasitoloxía (4º), e as prácticas tiveron unha duración maior a estipulada. As prácticas nesta materia tamén remataron xusto antes do exame. Houbo tamén problemas na materia de Xenética Humana (4º), se ben neste caso tiveron que ver coa falta dun dos profesores á aula sen aviso e con o feito de que a recuperación de clases fixo que as clases da materia botáronse enriba do período de exames.
- **Distribución de tarefas:** Tende a acumularse ao final do semestre, o que causa problemas ao estudantado. Por exemplo, nas materias de Caracterización do Medio Físico (1º; prácticas de ordenador) ou na materia de Bioloxía da Contaminación (traballos e prácticas moi concentrados xusto antes do exame).
- **Distribución de exames:** Repartir de xeito máis homoxéneo os exames en todo o período. Así, no caso do segundo curso, o estudantado comenta que dúas materias como Bioquímica II e Xenética I, con porcentaxes de superación mellorables, soamente tiveron 1 día de diferenza nos exames de 2ª oportunidade, e que debería terse en conta. En

terceiro a materia Fisioloxía Vexetal II (3º) ten o exame de prácticas co exame final, pero o estudantado solicita que o exame de prácticas teña lugar ao finalizar estas. En cuarto, os estudantes se queixan de que os exames están moi concentrados (ata 3 por semana).

- **Recomendación:** Recomendar que, tal e como está a facerse nas enquisas de terceiro, non se teña en conta os valores obtidos nas preguntas que teñan menos dun 50% de respostas no cálculo das medias.
- **Recomendación:** Recomendar que o material que se está a deixar na aula virtual sexa máis completo/informativo, xa que detectáronse queixas puntuais nalgúns materias como por exemplo Xenética II (2º), aínda que o profesor desta materia comenta que debe ser a literatura científica e non os materiais traducidos/simplificados deixados na aula virtual polo profesorado o material de traballo dun graduado. Tamén houbo queixas en relación a falta de actualización dos contidos na aula virtual no caso de Antropoloxía Biolóxica (3º).

En canto a coordinación vertical, no curso 2024-25 acometeuse unha reforma dos protocolos propios do SGC da Facultade de Bioloxía, xa que o documento fora actualizado por última vez pola Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía na reunión do 28/04/2021. Para indicar mellor a súa natureza, estes protocolos propios pasaron a renomearse informes propios, subliñando que se trata de enquisas e informes elaborados cos datos de calidade recollidos por diversas vías. Ademais, o documento foi organizado en tres niveis de traballo (nivel de grao, mestrado e facultade), tendo en conta deste xeito as diferentes titulacións existentes. Ademais, creouse un INFORME DE COORDINACIÓN VERTICAL, cuxa implantación será realizada no curso 2025/26. A elaboración anual deste informe de coordinación vertical para os graos impartidos na facultade será esencial para mellorar a comunicación, identificar problemas e implementar solucións efectivas, garantindo así a coherencia e a calidade dos programas académicos, promovendo a colaboración entre o PDI e o estudantado, e adaptando os contidos ás necesidades cambiantes da comunidade académica. O Coordinador do Grao será o que faga dito informe de coordinación vertical en cada curso académico, que elaborase en setembro-novembro do curso seguinte. Este informe terá os seguintes contidos: **A) Portada:** Conterá o título do informe, o título de grao, o semestre, o ano académico, os nomes dos responsables da coordinación e a data de aprobación da Comisión de Título do Grao e da Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía. **B) Presentación e obxectivo do informe:** Esta sección presentará o informe e indicará o seu propósito. **C) Descrición do Grao:** Sección constante, con actualizacións menores se hai cambios nos programas. **D) Reunións realizadas:** Esta parte describirá os nomes dos asistentes as reunións, os canles de comunicación empregados (p. ex., plataformas dixitais, correos electrónicos, reunións presenciais) e os documentos de traballo (de habelos). **E) Identificación de problemas de coordinación vertical:** Esta parte do informe soamente recollerá problemas relacionados con cuestións de coordinación vertical. A información recollerase a través dunha reunión anual de coordinación vertical, na que estarán presentes o/a coordinador do grao e os/as catro coordinadores/as de curso por unha parte, en representación do PDI, e os alumnos/as delegados/as de cada nivel académico en representación do estudantado, de xeito que se promova a integración e colaboración entre ambos colectivos. A reunión realizarase antes de finalizar o período lectivo do segundo semestre para recoller os problemas relacionados con cuestións de coordinación vertical ao longo do ano. Este apartado servirá para identificar os problemas detectados e incidirá nos seguintes puntos: a) de existir, seguimento de actividades formativas que poidan desenvolverse entre materias de diversos cursos, como poden ser prácticas de campo ou laboratorio compartidas; b) inconsistencias ou solapamentos nos contidos e actividades realizadas entre materias de diferentes niveis; c) identificación de problemas na progresión lóxica e coherente de contidos ao longo dos catro cursos do título; d) baixa participación do PDI e estudantado nas enquisas propias do centro ou da universidade; e) identificación de necesidades de formación ou de actividades que poidan promoverse entre estudantado de diferentes cursos. **F) Conclusións e recomendacións sobre posibles accións de mellora:** Este apartado indicará os problemas detectados máis salientables e as principais conclusións acadadas, así como as medidas (accións de mellora) que se van recomendar á Comisión de Título e a Comisión de Calidade do Centro para a elaboración do Plan de Acción. Tamén avaliaranse as medidas implementadas no ano previo. **G) Anexos:** Información adicional relevante. A 3ª versión dos Informes e enquisas propios do SGC da Facultade de Bioloxía que contén o informe de coordinación vertical foi analizada e traballada na reunión de coordinación do mércores 23 de abril de 2025, e aprobada pola Comisión de Calidade do Centro do 23 de maio de 2025.

O informe de coordinación vertical tratará de recoller accións que xa se están a facer polo equipo de coordinadores do Grao de Bioloxía. Un exemplo é a realizada en maio de 2022 (curso 2021/22), no que desde a coordinación do Grao en Bioloxía creouse un arquivo (en formato Word) para uso compartido e remitiuse un correo coa finalidade de que os coordinadores/as de materias no curso 2021-2022 describisen as prácticas que se impartiron en cada unha delas, para a primeira e a segunda edición do Grao en Bioloxía. O obxectivo era que todos os coordinadores/as das materias tivesen información actualizada sobre as prácticas que se estaban a desenvolver no Grao de Bioloxía e así evitar, na medida do posible, duplicidades. A intención era facilitar a elaboración das programacións docentes das materias, sobre todo o deseño das prácticas. Outra acción de coordinación vertical foi a realizada en abril de 2023 (curso 2022/23) no que se enviou un correo electrónico Coordinadores/as de materias do Grao en Bioloxía para recoller información do nivel de coñecemento sobre a aplicación Excel que os nosos estudantes adquirían ou empregaban nas diferentes materias do Grao de Bioloxía. Para elo creouse un documento Word para que cubrisen aqueles coordinadores que empregaban Excel na materia que impartían. Esta información era valiosa para coñecer o grao de dominio desta aplicación que acadaba o estudantado do grao durante a realización dos seus estudos. No curso 2023/24 non se realizou ningunha acción deste tipo.

Análise do perfil de INGRESO

Na memoria verificada explícase que a selección dos alumnos de novo ingreso réxese pola normativa xeral de xestión académica da USC. Non se aplican criterios de admisión específicos nin existen complementos de formación.

No curso 2023-2024 a Facultade de Bioloxía ofertou 100 prazas para cursar o Grao de Bioloxía e 10 que corresponden ao Dobre Grao Química-Bioloxía; todas foron cubertas. A gran maioría do alumnado procede do Bacharelato (LOMCE) de Ciencias e superaron as probas de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (PAAU-ABAU). Así, para o alumnado do Grao en Bioloxía no curso 2023/24, o 6% procede de Formación Profesional, o 0% accede como graduado universitario, e o 94% restante das probas de acceso a universidade. O alumnado do Dobre Grao Química-Bioloxía procede maioritariamente dende Bacharelato (LOMCE) e accede coas probas PAAU-ABAU (95%) e so o 5% procede da formación Profesional.

Ao inicio de cada curso académico a Facultade de Bioloxía organiza un acto de acollida para o alumnado de primeiro curso, no que se realizaba a enquisa de perfil de ingreso. No curso 2023/24 celebrouse o acto de acollida o día 13 de setembro de 2024 e fíxose unha enquisa en papel (Ver modelo no Anexo). O alumnado foi informado do interese que ten a recollida desta información para os procesos de calidade e mellora. Na devandita enquisa consultóuselles sobre a nota de acceso, as materias que cursaran no bacharelato, as materias das que se examinarán na proba xeral e na específica e as cualificacións obtidas, así como a orde de prelación dos grados nos que solicitaron o ingreso e as universidades correspondentes. A enquisa foi contestada por 112 alumnos/as de novo ingreso no Grado de Bioloxía e do Dobre Grao Química-Bioloxía polo que a podemos considerar representativa. Os resultados máis salientables dos datos aportados polos alumnos resúmense a continuación.

En canto as materias cursadas no bacharelato, do alumnado que accedeu ao Grao en Bioloxía, das materias de 1º curso de bacharelato, o 89% cursou Bioloxía e Xeoloxía, o 91 % Física e Química e o 83% Matemáticas I. Respecto ás materias de 2º curso de bacharelato o 99% cursara Bioloxía, o 97% Matemáticas II e Química, o 35% Ciencias da Terra e do Medio Ambiente e tan so un 23% Xeoloxía e o 17% Física. No caso do alumnado do Dobre Grao Química-Bioloxía, o 77% cursou Matemáticas I, Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía en 1º curso de bacharelato. Respecto ás materias de 2º curso, todos os alumnos/as cursaran Matemáticas II. Bioloxía e 90% Química, mentres que a porcentaxe do alumnado que cursou Xeoloxía (8%), Física (8%) e Ciencias da Terra e do Medio Ambiente (15%) son moito mais baixas.

En relación coas materias elixidas e rendemento nas mesmas durante as probas de acceso á universidade, os resultados da enquisa realizada ao alumnado que accedeu ao Grao en Bioloxía indican que a maioría se examinou de Matemáticas (88%), Bioloxía (90%) e Química (74%), e so o 11% o fixo de Xeoloxía e o 6% de Física. Os mellores rendementos son para Bioloxía,

Matemáticas e Química (medias de 8 puntos sobre 10 nas tres materias); en Xeoloxía e Física os rendementos están un pouco por debaixo (medias de 7 puntos sobre 10 para Xeoloxía e de 5 para Física). Os primeiros cuartís sitúanse por riba de 6,5 puntos en todas as materias menos Física, sendo de 7 en Matemáticas e de 6,75 en Bioloxía. Moi poucos alumnos/as suspenderon os exames: 2 alumnos/as suspenderon Bioloxía e 4 Química, o que representa o 2% e o 4% dos que se examinaron de Bioloxía e Química respectivamente. Para o alumnado que accedeu ao Dobre Grao Bioloxía-Química, os resultados son similares ao dos/as alumnos/as do Grao de Bioloxía, neste caso o 77% dos enquisados examináronse de Matemáticas e Bioloxía, o 85% de Química e o 8% de Física. No alumnado do Dobre Grao os mellores rendementos son para Matemáticas (mediana de 9,0 puntos sobre 10), Bioloxía (mediana de 8,2 puntos sobre 10), e Química (mediana de 8 puntos sobre 10). A mediana da cualificación de Física é de 9 puntos (sobre 10). O primeiro cuartil sitúanse por riba de 6 puntos, destacando os valores de Matemáticas, Bioloxía e Química que son superiores a 7,5 puntos (7,5, 7,8 e 6,8 puntos, respectivamente). Todos os alumnos/as salvo un superaron as probas das que se examinaron. Comparando o perfil do alumnado do Grao de Bioloxía e do Dobre Grao en Bioloxía-Química, destacan os mellores resultados académicos nas probas de Matemáticas e Bioloxía da ABAU do alumnado do Dobre Grao. Pódese concluír que o alumnado que accede ao Grao en Bioloxía e ao Dobre Grao Bioloxía-Química que se imparten na Facultade de Bioloxía cursou maioritariamente as materias de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas I, Bioloxía, Química e Matemáticas II. Isto plásmase na elección das materias das que se examinan na ABAU que adoitan ser Bioloxía, Química e Matemáticas, nas que aproban mais do 96% e presentan unhas notas cuxo valor da mediana corresponde a unha cualificación de notable salvo excepcións. Un 10% dos/as alumnos/as que acceden ao Grao en Bioloxía pode presentar carencias formativas en Bioloxía.

En canto á nota de acceso da ABAU, o 50% do estudantado que contestou a enquisa ten unha nota de acceso ao Grao en Bioloxía da USC maior ou igual a 11,6 puntos sobre 14 (entre 11,62 e 13,86), sendo os valores da media e da mediana de 11,59 e 11,49 puntos respectivamente. O rendimento nas probas da ABAU do alumnado do Dobre Grao é superior ao do alumnado do Grao en Bioloxía; todos teñen unha nota superior a 11,69 sobre 14 (entre 11,69 e 13,58), cunha media de 11,51 e unha mediana de 11,49 puntos. Pódese concluír que o alumnado que accede ao Grao en Bioloxía e ao Dobre Grao Bioloxía-Química que se imparten na Facultade de Bioloxía é un alumnado con notas de acceso de notable.

No referente á elección de Grao e Universidade, para o curso 2023/2024, os datos da enquisa indican que a porcentaxe de alumnos/as que seleccionaron o Grao en Bioloxía da USC como primeira e segunda opción foi do 61% e do 31%, respectivamente (os datos procedentes do informe 2504140_INF CIUG_2023-2024 arrojan uns datos parecidos do 59,3% e 27,8%, respectivamente). Por outro lado, os datos da enquisa de perfil de ingreso sinalan que 62% do alumnado que accedeu ao Dobre Grao Bioloxía-Química indicou que esta titulación era a súa primeira opción e o 23% que era a segunda opción. Pódese concluír que a maioría dos/as alumnos/as que cursa estudos do Grao en Bioloxía e do Dobre Grao Bioloxía-Química na Facultade de Bioloxía da USC, seleccionaron estes estudos como a súa primeira opción.

En canto aos datos subministrados pola ACMP (Centro de Datos e Procesos), matrícula de acceso (IN03G) foi de 147 alumnos/as na 2ª ed do Grao no curso 2023/24. O número de estudantes matriculados nun curso académico (sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade *incoming*), que inclúe o alumnado de todos os cursos que se imparten no Grao de Bioloxía (2ª edición) (indicador IN02G; matrícula global) foi de 416 en 2023/24. As porcentaxes de estudantes estranxeiros sobre matriculados (indicador IN08G) e a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (indicador IN09G) son baixas e mantéñense en valores similares nos últimos cursos: IN08G Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados 0.0 (20/21), 0.0 (21/22), 0.68 (22/23), 0.48 (23/24); IN09G Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados 4.95 (20/21), 5.76 (21/22), 5.41 (22/23), 4.81 (23/24).

Análise do perfil de EGRESO

En relación ao perfil formativo/ egreso, a taxa de transición de estudantes de grao a máster (IN52) era do 38,3% para o curso 2019/20, o que melloraba en máis de 13 puntos porcentuais a do curso 2018/19. Respecto aos alumnos/as egresados/as nos cursos 2020/21, 2021/22, 2022/23 e 2023/24 non se dispón de dita información, xa que o indicador IN52 non está presente no informe denominado panel de indicadores (P.Ind_2023-24).

Sen embargo, os datos da enquisa de satisfacción do estudantado que egresou do primeiro (2501101_INF.09_1ºS_2023_2024; participación: 23,08%, N=3; homes 0%, mulleres 100%) e segundo semestre (2501101_INF.22_2023_2024; participación: 8,97%, N=6; homes 50%, mulleres 50%) do curso 2022-2023 (informe elaborado no 2023-24) indican en resposta á pregunta “Cal é a túa situación profesional actual?” o seguinte: Primeiro semestre: Estou traballando por conta allea (asalariado/a) 33.33%; Teño un contrato en prácticas 33.33%; Traballo e estudo ao mesmo tempo 33.33%. Segundo semestre: Estudo un mestrado 66.67%; Preparo oposicións 33.33%. En relación á pregunta “Continúas os teus estudos na USC? Primeiro semestre: Si 33.33%, Non 66.67%. Segundo semestre: Si 66.67%, Non 33.33%. Polo tanto, unha porcentaxe importante dos egresados do Grao en Bioloxía parecen estar a continuar os seus estudos nos mestrados da USC.

Por outro lado, dende o Centro podemos acceder á información dos/as egresados/as que cursan estudos de máster na USC. No curso 2023/2024 completaron a súa formación realizando un máster na USC 59 graduados en Bioloxía pola USC. Estes/as alumnos/as cursaron os seguintes másteres:

- [P1073V01] Máster Universitario en Acuicultura (3ª ed) - 2024/2025: 1
- [P1171V01] Máster Universitario en Bioloxía Mariña - 2024/2025: 5
- [P1221V01] Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias - 2024/2025: 3
- [P2012V01] Máster Universitario en Neurociencia (2ª ed) - 2024/2025: 1
- [P2062V02] Máster Universitario en Investigación Biomédica (3ª ed) - 2024/2025: 10
- [P1241V01] Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión - 2024/2025: 6
- [P2082V01] Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvolvemento NUTRENVIGEN G+D Factors - 2024/2025: 0
- [P2201V01] Máster Universitario en Xenómica e Xenética - 2024/2025: 1
- [P2221V01] Máster Universitario en Nanociencia e Nanotecnoloxía - 2024/2025: 0
- [P3241V21] Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas. Especialidade Ciencias Experimentais, Matemáticas, e Tecnoloxía e Informática (Campus Santiago) - 2024/2025: 7
- [P3271V01] Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas. Especialidade Ciencias Experimentais, Matemáticas, e Tecnoloxía e Informática: Ciencias Experimentais (Campus Lugo) - 2024/2025: 6
- [P1282V01] Máster Universitario en Biociencias Moleculares [S] - 2024/2025: 7
- [P1281V01] Máster Universitario en Biociencias Moleculares [L] - 2024/2025: 2
- [P1271V01] Máster Universitario en Biofabricación - 2024/2025: 2
- [P2101V01] Máster Universitario en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos - 2024/2025: 5
- [P4013V01] Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental (3ª ed) - 2024/2025: 3

Polo tanto, os principais mestrados da USC que cursan os egresados do Grao en Bioloxía son o Máster Universitario en

Investigación Biomédica (3ªed) e o novo Máster Universitario en Biociencias Moleculares (7+2 estudantes).

Os estudos sobre empregabilidade son difíciles de obter e escasos. Os datos da enquisa de satisfacción do estudantado que egresou do primeiro (2501101_INF.09_1ºS_2023_2024; participación: 23,08%, N=3; homes 0%, mulleres 100%) e segundo semestre (2501101_INF.22_2023_2024; participación: 8,97%, N=6; homes 50%, mulleres 50%) do curso 2022-2023 (informe elaborado no 2023-24) arrojan os seguintes resultados. Como xa se comentou, no primeiro semestre un estudante (33.33%) estaba traballando por conta allea (asalariado/a), outro estudante (33.33%) tiña un contrato en prácticas e un terceiro estudante (33.33%) traballaba e estudaba ao mesmo tempo, namentres que un 0% de estudantes egresados no segundo semestre traballaba. En resposta a pregunta “Canto tempo levas no teu traballo actual?” Primeiro semestre: Menos de 3 meses 33.33%, Entre 6 e 9 meses 33.33%, Máis de 12 meses 33.33%. En resposta a pregunta “Algunha vez buscaches traballo relacionado coa túa titulación?” Primeiro semestre: Si 66.67%, Non 33.33%; Segundo semestre: Si 33.33%, Non 66.67%. En resposta a pregunta “Dende que comezaches a buscar traballo relacionado coa titulación, canto tardaches en atopalo?” Primeiro semestre: Menos de 3 meses 33.33%, Entre 3 e 6 meses 33.33%, Máis de 12 meses 33.33%. En resposta a pregunta “En que medida dirías que o teu traballo está relacionado coa titulación cursada?” O alumnado egresado que contestou a enquisas deu a valoración seguinte (sobre 5 puntos): primeiro semestre, 2 puntos (valoración media na USC para esta pregunta foi de 2 sobre 5 puntos). En canto a pregunta “En que medida cres que a túa titulación che resulta útil para o mercado laboral?” Primeiro semestre 2.33/5 puntos (2.33/5 puntos global). Finalmente, o 100% do alumnado egresado no primeiro semestre non recomendaría a USC a alguén que quixera cursar o Grao de Bioloxía. Polo tanto, resulta moi difícil extraer conclusións sobre si o perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional, xa que proceden dun número reducido de enquisas (3-6).

Por outra banda, os datos máis recentes sobre inserción laboral dos/as egresados/as subministrados pola ACMP (Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU). Secretaría General de Universidades. Y la Tesorería General de la Seguridad Social. Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones) presentan a afiliación a seguridades social dos egresados da cohorte 2017/18 nos catro anos seguintes a finalización dos estudos (é dicir, 2018/19, 2019/20, 2020/21 e 2021/22). Concretamente, dos 109 graduados en Bioloxía pola USC no curso 2017/18, 12,84% estaban afiliados á seguridade social un ano despois de egresar (marzo de 2019), 46,79 % dous anos despois de egresar (marzo de 2020), 65,14% tres anos despois de egresar (marzo de 2021) e 71,56% catro anos despois de egresar (Marzo de 2022) (indicador EIL-SIIU_2023-2024). Ademais, a evolución da taxa de afiliación a seguridade social aos 2 anos dos egresados do Grao en Bioloxía parece ser positiva, sendo a seguinte: 25% (cohorte 2012/13), 33.82% (cohorte 2013/14), 34.94% (cohorte 2014/15), 44.64% (cohorte 2015/16), 41.89% (cohorte 2016/17), 46.79% (cohorte 2017/18). En canto á porcentaxe de autónomos, dos 109 graduados en Bioloxía pola USC no curso 2017/18, 5,88% eran traballadores autónomos dous anos despois de egresar (marzo de 2020), 5,63% tres anos despois de egresar (marzo de 2021) e 3.85% catro anos despois de egresar (Marzo de 2022); chama a atención a pequena porcentaxe de autónomos, o que indica a necesidade de potenciar o emprendemento entre os nosos estudantes, así como a evolución negativa dos datos catro anos despois do egreso (indicador EIL-SIIU_2022-2023). A situación é a inversa no caso da porcentaxe de indefinidos. Así, dos 109 graduados en Bioloxía pola USC no curso 2017/18, o 24.32 % eran indefinidos dous anos despois de egresar (marzo de 2020), 31.91 % tres anos despois de egresar (marzo de 2021) e 50 % catro anos despois de egresar (Marzo de 2022) (indicador EIL-SIIU_2022-2023).

Ademais, a ACSUG publicaba periodicamente os resultados da Enquisa de Inserción Laboral dos Titulados do SUG (indicador EIL_ACSUG_insercion laboral SUG). Os últimos datos correspondentes á situación dos egresados do Grao en Bioloxía da USC no curso 2013/14 indicaban que o 73,68% deles traballaba tres anos despois (agosto de 2017), valor superior aos correspondentes aos egresados dos Graos en Bioloxía das Universidades de A Coruña (60,87%) e Vigo (46,43%), así como aos valores da media para egresados dos graos en ciencias, tanto da USC (67,8%) como do SUG (66%). A enquisa tamén indicaba que mais da metade (55,26%) continuaban a realizar estudos universitarios, maioritariamente de doutoramento

(71,34%); e que o 18,42% estaba preparando oposicións. Respecto ao traballo, a maioría estaban contratados por conta allea (96,43%) e eran eventuais (48,15%) ou estaban desfrutando dunha bolsa (33,3%), cun salario neto mensual de 979,63 euros. A maioría dos egresados que traballaban desenvolvían funcións de nivel universitario (67,86%) e, ademais, no 89,47% dos casos eran específicas da titulación. Finalmente indicar que, segundo os datos da enquisa da ACSUG, a satisfacción dos egresados coa titulación, o centro e a universidade era moi elevada, xa que o 90,91% deles indicaban que volvería a cursar o Grao en Bioloxía na Facultade de Bioloxía da USC. Polo tanto, podemos dicir que os datos de inserción laboral indican que o perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado. Sen embargo, somos conscientes de que é necesario dispoñer de máis información sobre os egresados. Por este motivo, dentro do plan de melloras da memoria de calidade 2022-23, a acción de mellora AM-7 para o curso 2023-24 (correspondente ao Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.2: Mellorar a información dos/as egresados/as) ten como misión a de mellorar a comunicación cos egresados dos mestrados do centro así como do Grao en Bioloxía para poder coñecer a súa opinión sobre a utilidade dos títulos impartidos na Facultade e a súa situación profesional). Tras un retraso motivado pola obtención de permisos nas tres universidades e obtención dos datos persoais do estudantado egresado, finalmente no curso 2024-25 a empresa EDESGA está na fase de realización do estudo, polo que esperamos obter os datos pronto. Non obstante, instamos a que non teñan que ser as facultades senón as institucións competentes as que consigan este tipo de datos de perfil de egreso en aras de non duplicar os esforzos e ser máis eficientes. Por exemplo a ACSUG, que ten como obxectivo principal garantir a calidade da educación superior en Galicia, realizando para elo avaliacións e seguimento dos títulos, a docencia e a inserción laboral dos graduados, esta última unha función que incumpre.

Resultados das materias

O SGC da Facultade de Bioloxía conta cun informe propio ("Informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente") para a detección de materias que, de forma recorrente, presentan baixas taxas de superación, funcionando este como un sistema de alerta temperá que permite ter a información necesaria para poder corrixir as desviacións que presentan algunhas materias, respecto das porcentaxes de superación das materias do grao. Seguindo este informe, se unha materia obtivera valores de superación inferiores ao percentil do 20% (acumulativo de todas as materias dende que se empezou a impartir a titulación) durante dous cursos consecutivos, entraría na denominada alarma temperá. Nestes casos, o profesorado e o departamento responsable da docencia son informados, e se lles solicita que apliquen medidas para corrixir as desviacións detectadas (revisar e analizar a planificación, metodoloxía e sistemas de avaliación docente), para garantir que o estudantado alcance os resultado da aprendizaxe esperados.

No curso 2023/24 tanto a docencia expositiva como as clases interactivas de seminario, prácticas (laboratorio, campo, informática) e titorías desenvolvéronse sen ningún tipo de problema e de xeito presencial. Tamén se realizou de xeito presencial o proceso de avaliación. Dado que no curso 2020/21 comezou a implantarse a 2ª edición do Grao de Bioloxía, no curso 2023/24 xa están implantados os catro cursos. Ao mesmo tempo, produciuse a extinción da 1ª edición do Grao en Bioloxía, de xeito que no curso 2023/24 este proceso completouse coa desaparición do 4º curso.

Resultados do Grao de Bioloxía 1ª edición

Xerais

A media (ponderada polo número de créditos) de alumnos/as que superan en cada convocatoria (incluíndo as dúas oportunidades) as materias do grao de Bioloxía 1ª edición das que se matriculan foi, dende o inicio dos estudos, do 73,6%.

Esta media variou desde o curso 2009/10 ata o 2022/23 da seguinte forma: 60,8% (2009/10), 60,3% (2010/11), 60,6% (2011/12), 69,5% (2012/13), 69,5% (2013/14), 70,2% (2014/15), 69,3% (2015/16), 74,7% (2016/17), 75,9% (2017/18), 77,2% (2018/19), 90,6% (2019/2020), 78,6% (2020/21), 82,3% (2021/2022) e 89% (2022/2023; último curso da 1ª ed). É significativo que acadouse no curso 2022/2023 un valor moi próximo ao obtido no momento da pandemia (2019/2020). De todos os xeitos, os valores desta serie hai que interpretalos con cautela. En primeiro lugar porque os tres primeiros cursos coinciden coa implantación de primeiro (2009/10), primeiro/segundo (2010/11), e primeiro/segundo/terceiro, mentres que a partir do curso 2012/13 se corresponde coa implantación dos catro cursos do Grao. Desde o curso 2012/13 a porcentaxe de superación global dos catro cursos (media ponderada) mantívose estable ao redor do 70% ata o curso 2015/2016, momento no cal comezou a producirse nos cursos académicos sucesivos (2016/17, 2017/18, 2018/19, 2020/21 e 2021/22) un importante incremento, tomando valores entre o 75% e o 90,6%. Sen embargo, hai que facer algunhas precisións. Así, entre os cursos 2016/17 e 2019/20, este proceso parece deberse a unha mellora nos resultados das materias, especialmente en primeiro e terceiro. O valor tan elevado do curso 2019/2020 (90,6%) está relacionado coa pandemia, que obrigou a que a docencia do segundo semestre e o proceso de avaliación foran telemáticos. Ademais, no caso do curso 2020/21 (78,6%) temos que considerar que xa non se imparte o primeiro curso debido ao proceso de extinción da 1ª ed do Grao en Bioloxía, no curso 2021/2022 soamente estaban funcionando 3º e 4º, e no curso 2022/2023 soamente 4º. Polo tanto, a mellora dos resultados globais, especialmente en 2021/2022 e 2022/2023, coincide coas mellores porcentaxes de superación que polo xeral hai nos últimos cursos. De feito, os valores da porcentaxe de superación son estables nos tres primeiros cursos, aumentado de forma moi clara ao empezar a impartirse cuarto, debido que neste último curso (que contén algunhas materias obrigatorias pero todas as optativas e o TFG) as porcentaxes de superación das materias son maiores (1º, 67%; 2º, 69%; 3º, 71%; 4º, 87%).

Se aumentamos o nivel de detalle podemos observar a media das porcentaxes de superación das materias para cada curso (primeiro, segundo, terceiro, cuarto) e curso académico (desde 2009/10 a 2022/23) da 1ª edición do Grao en Bioloxía (Figura 1). Complementa esta información a seguinte táboa, que inclúe estas mesmas porcentaxes xunto coa media e o erro estándar correspondente a cada curso.

	Primeiro	Segundo	Terceiro	Cuarto	Nota de corte PAU
2009/2010	61				5.13
2010/2011	56	65			5.44
2011/2012	60	58	63		6.97
2012/2013	60	65	66	87	5.17
2013/2014	61	64	67	86	6.88
2014/2015	62	67	66	86	7.80
2015/2016	63	69	61	84	8.55
2016/2017	70	69	73	87	9.00
2017/2018	74	70	72	88	9.36
2018/2019	75	73	73	88	9.65

2019/2020	91	86	92	94	9.85
2020/2021*		74	75	87	--
2021/2022			77	88	--
2022/2023				89	--
Media	67	69	71	87	--
E.E.	3	2	3	1	--
*O curso 2020/2021 coincidiu coa implantación da 2ª edición do Grao en Bioloxía					

Tanto a táboa previa como a figura que é amosada a continuación revelan que as porcentaxes de superación no curso académico 2019/20 foron moi superiores que nos restantes cursos académicos, coincidindo con momento da pandemia. Ademais, 4º curso é claramente o máis estable en todos os cursos académicos, presentando unha menor dispersión e sempre con porcentaxes de superación superiores aos das materias de 1º, 2º e 3º (táboa e figura). Tamén merece a pena destacar o progresivo aumento das porcentaxes de superación desde o curso 2009/2010 ata o curso 2022/2023 nos 3 primeiros cursos (figura e táboa).




Figura. Media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do Grao e curso académico.

Por curso

A continuación, aumentando o nivel de detalle, preséntase a porcentaxe de alumnos/as que superan unha determinada materia en cada un dos cursos académicos; os resultados agrupáronse por curso do Grao. Calculouse, para o total das materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu, o percentil inferior do 10 e 20% da porcentaxe de alumnos que superan as materias. Estes percentís tiveron os valores do **54% para a $p=0.1$** e do **60% para a $p=0.2$** . Devanditos percentís

incluíronse como liñas horizontais nas figuras que se mostran a continuación e como tramas nas táboas.

Primeiro curso

Os datos amosados de primeiro curso (Figura e Táboa a continuación) corresponden ao período 2009/10 – 2019/20, xa que dende o curso 2020/21 é un curso en extinción no que o alumnado matriculado non ten dereito a docencia. Pódese apreciar a mellora dos resultados globais das materias co paso dos anos (valor medio).




Figura. Porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias do PRIMEIRO curso do grao en cada curso académico (2009/2010-2019/2020). Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. A liña horizontal vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A liña horizontal laranxa o do 20%.

PRIMEIRO	Bioestatística	Biofísica	Bioloxía da célula	Bioloxía dos tecidos e órganos	Fundamentos de Bioloxía Animal e Vegetal	Matemáticas para Bioloxía	Química para Bioloxía	Técnicas Básicas	Xeoloxía	promedio pond. curso	percentil 10%	percentil 20%
2009/2010	36%	58%	64%	59%	55%	61%	57%	85%	75%	61%	54%	60%
2010/2011	49%	58%	63%	53%	63%	59%	52%	70%	38%	56%	54%	60%
2011/2012	62%	71%	54%	54%	60%	71%	46%	75%	51%	60%	54%	60%
2012/2013	53%	65%	60%	52%	61%	73%	49%	81%	50%	60%	54%	60%
2013/2014	58%	71%	49%	55%	60%	72%	47%	84%	60%	61%	54%	60%
2014/2015	54%	58%	54%	55%	61%	75%	47%	86%	75%	62%	54%	60%
2015/2016	74%	63%	43%	48%	62%	73%	55%	83%	72%	63%	54%	60%
2016/2017	65%	67%	62%	69%	78%	72%	48%	93%	88%	70%	54%	60%
2017/2018	86%	72%	64%	72%	75%	64%	57%	94%	88%	74%	54%	60%
2018/2019	82%	80%	63%	58%	82%	74%	55%	98%	93%	75%	54%	60%
2019/2020	92%	94%	64%	97%	95%	91%	93%	98%	97%	91%	54%	60%
2020/2021	25%	25%	51%	63%	73%	30%	40%	75%	50%	46%	54%	60% SEN DOCENCIA
2021/2022	0%		35%	33%	0%	67%	75%	100%		35%	54%	60% SEN DOCENCIA
2022/2023			33%		100%						54%	60% SEN DOCENCIA
2023/2024											50%	62% SEN DOCENCIA
Media	65%	69%	58%	61%	68%	72%	55%	86%	72%	67%		
E.E.	5%	3%	2%	4%	4%	3%	4%	3%	6%	3%		

*Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos/as que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A trama laranxa o do 20%. Para os valores da media e erro estándar non foron considerados os datos dos cursos sen docencia.

Segundo curso

Os datos amosados de segundo curso (Figura e Táboa a continuación) corresponden ao período 20010/11 – 2020/21, xa que dende o curso 2021/22 é un curso en extinción no que o alumnado matriculado non ten dereito a docencia. Pódese apreciar a mellora dos resultados globais das materias co paso dos anos, especialmente Bioquímica I/II e Xenética I/II.




Figura. Porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias do SEGUNDO curso do grao en cada curso académico (2010/2011-2020/2021). Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. A liña horizontal vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A liña horizontal laranxa o do 20%.

SEGUNDO	Bioloxía do desenvolvemento	Bioquímica I	Bioquímica II	Bioxeoquímica	Botánica I	Botánica II	Xenética I	Xenética II	Zoología I	Zoología II	promedio pond. curso	
2010/2011	84%	58%	54%	64%	64%	64%	54%	63%	68%	75%	65%	
2011/2012	70%	51%	31%	58%	65%	63%	51%	49%	71%	74%	58%	
2012/2013	79%	40%	38%	60%	82%	83%	67%	62%	66%	75%	65%	
2013/2014	72%	61%	42%	67%	54%	85%	65%	54%	61%	79%	64%	
2014/2015	66%	64%	54%	76%	73%	82%	57%	48%	72%	81%	67%	
2015/2016	69%	58%	56%	81%	74%	76%	49%	68%	84%	75%	69%	
2016/2017	76%	74%	57%	84%	74%	81%	59%	50%	61%	70%	69%	
2017/2018	76%	71%	50%	69%	80%	86%	61%	63%	56%	82%	70%	
2018/2019	83%	66%	57%	82%	93%	86%	67%	69%	47%	80%	73%	
2019/2020	84%	84%	95%	92%	93%	95%	67%	82%	72%	92%	86%	
2020/2021	85%	66%	60%	75%	93%	74%	59%	63%	81%	88%	74%	
2021/2022	59%	65%	56%	60%	88%	83%	73%	72%	76%	68%	70%	SEN DOCENCIA
2022/2023	63%	60%	42%	25%	0%	67%	50%	60%	50%	17%	43%	SEN DOCENCIA
2023/2024			0%								0%	SEN DOCENCIA
Media	77%	63%	54%	73%	77%	80%	60%	61%	67%	79%	69%	
E.E.	2%	4%	5%	3%	4%	3%	2%	3%	3%	2%	2%	

*Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos/as que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A trama laranxa o do 20%. Para os valores da media e erro estandar non foron considerados os datos dos cursos sen docencia.

Terceiro curso

Os datos amosados de terceiro curso (ver Figura e Táboa a continuación) corresponden ao período 20011/12 – 2021/22, xa que dende o curso 2022/23 é un curso en extinción no que o alumnado matriculado non ten dereito a docencia. Pódese apreciar a mellora dos resultados globais das materias co paso dos anos (valor medio), especialmente nas materias Fisioloxía Vexetal I e II.




Figura. Porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias do terceiro curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. A liña horizontal vermella representa o percentil inferior do

10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A liña horizontal laranxa o do 20%.

Táboa. Porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias do terceiro curso do grao en cada curso académico

TERCEIRO	Microbioloxía I	Microbioloxía II	Antropoloxía e Bioloxía	Ecología I	Ecología II	Fisioloxía Animal	Fisioloxía Animal Comparada	Fisioloxía Vexetal I	Fisioloxía Vexetal II	Xenética Evolutiva	promedio pond. curso	
2011/2012	76%	74%	61%	75%	77%	59%	59%	45%	53%	50%	63%	
2012/2013	87%	78%	71%	76%	83%	59%	54%	52%	39%	58%	66%	
2013/2014	86%	80%	65%	81%	84%	54%	67%	48%	41%	62%	67%	
2014/2015	82%	72%	60%	63%	79%	60%	70%	57%	52%	62%	66%	
2015/2016	75%	70%	71%	74%	72%	56%	58%	42%	39%	56%	61%	
2016/2017	82%	85%	69%	77%	81%	75%	75%	68%	55%	59%	73%	
2017/2018	81%	77%	74%	83%	79%	76%	68%	68%	57%	61%	72%	
2018/2019	84%	87%	86%	77%	78%	60%	68%	62%	58%	73%	73%	
2019/2020	96%	96%	99%	87%	93%	96%	97%	79%	98%	74%	92%	
2020/2021	93%	89%	81%	80%	82%	74%	74%	55%	58%	65%	75%	
2021/2022	95%	85%	84%	73%	82%	79%	68%	67%	66%	66%	77%	
2022/2023	90%	82%	76%	62%	60%	76%	64%	67%	60%	49%	69%	SEN DOCENCIA
2023/2024	91%	71%	92%	86%	89%	100%	71%	83%	74%	84%	84%	SEN DOCENCIA
Media	85%	81%	74%	77%	81%	68%	69%	59%	56%	62%	71%	
E.E.	2%	2%	4%	2%	2%	4%	4%	3%	5%	2%	3%	
*Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos/as que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A trama laranxa o do 20%. Para os valores da media e erro estándar non foron considerados os datos dos cursos sen docencia.												

Cuarto curso

Para finalizar, os resultados do cuarto curso da 1º edición do Grao en Bioloxía preséntanse distribuídos en dúas figuras e táboas. Hai que ter en conta que os datos corresponden ao período 20012/13 – 2022/23, e que polo tanto a partir de 2023/24 o alumnado matriculado na 1ª edición do Grao en Bioloxía non terá dereito a docencia. Destaca sobre todo a mellora dos resultados da materia obrigatoria de cuarto Bioloxía Molecular. No curso 2020/2021 dita materia tivo unha moi baixa taxa de superación (54%), que a situou como a única materia do grado por debaixo do percentil do 10%, descendendo 36 puntos porcentuais respecto da do 2019/20, e tendo un valor de taxa de superación menor que a media de todos os cursos impartidos (57%). Sen embargo, nos cursos 2021/22 e 2022/23 esta materia mellorou os seus resultados (68% e 67%), e situouse por enriba do percentil 20% (60%) como se pode ver tanto na Figura como na Táboa seguintes. En canto as outras materias obrigatorias (Ecología III e Redacción e Execución de Proxectos), TFG e as optativas máis relacionadas co medio natural, estas seguen a presentar taxas de superación elevadas, non apreciándose diferencias importantes entre os resultados dos cursos 2020/21, 2021/22 e 2022/23.




Figura. Porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias do cuarto curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do Grao e curso académico. A liña horizontal vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A liña horizontal laranxa o do 20%.

Táboa. Porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias do cuarto curso do grao en cada curso académico (obligatorias e orientación ambiental)

CUARTO (I)	Bioloxía Molecular	Ecología III	Redacción e execución de proxectos	Traballo fin de grao	Fitopatoloxía	Edafoloxía	Biodiversidade animal e conservación	Biodiversidade vexetal e conservación	Xeobotánica	Zooxeografía	promedio pond. curso	
2012/2013	43%	93%	92%	100%	93%	91%	89%	84%	88%	91%	87%	
2013/2014	47%	94%	93%	100%	98%	73%	89%	95%	76%	93%	86%	
2014/2015	50%	95%	92%	100%	98%	64%	88%	89%	93%	96%	86%	
2015/2016	61%	89%	91%	100%	98%	80%	80%	100%	93%	82%	84%	
2016/2017	51%	98%	90%	100%	97%	100%	90%	100%	97%	81%	87%	
2017/2018	58%	95%	95%	100%	95%	93%	96%	91%	96%	95%	88%	
2018/2019	62%	97%	96%	100%	93%	73%	88%	100%	97%	95%	88%	
2019/2020	90%	99%	97%	100%	100%	61%	89%	96%	100%	97%	94%	
2020/2021	54%	98%	97%	100%	99%	87%	82%	100%	94%	100%	87%	
2021/2022	68%	95%	96%	100%	95%	90%	84%	98%	94%	98%	88%	
2022/2023	67%	96%	92%	100%	88%	98%	74%	95%	97%	95%	89%	
2023/2024	68%	88%	100%	100%	100%	88%	63%	100%	50%	60%	70%	SEN DOCENCIA
Media	59%	95%	94%	100%	96%	83%	86%	95%	93%	93%	87%	
E.E.	4%	1%	1%	0%	1%	4%	2%	2%	2%	2%	1%	

No caso das restantes materias optativas, que se corresponden con aquelas que teñen uns contidos en xeral máis biosanitarios, os resultados preséntanse na Figura e Táboa seguintes. Como se pode ver, as taxas de superación son elevadas tamén nestas materias optativas e non se detecta ningún problema.




Figura. Porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias do cuarto curso do Grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do Grao e curso académico. A liña horizontal vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A liña horizontal laranxa o do 20%.

Táboa. Porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias do cuarto curso do grao en cada curso académico (orientación biosanitaria/molecular)

CUARTO (II)	Neurobioloxía	Parasitoloxía	Enxeñaría Xenética	Evolución humana e diversidade molecular	Viroloxía	Xenética humana	Bioteoloxía vexetal	Bioquímica clínica e Patoloxía molecular	Inmunoloxía	Microbioloxía clínica	
2012/2013	74%	78%	100%	90%	91%	97%	90%	68%	91%	96%	87%
2013/2014	89%	74%	81%	87%	82%	97%	95%	86%	86%	80%	86%
2014/2015	85%	75%	93%	86%	89%	96%	83%	78%	90%	86%	86%
2015/2016	88%	72%	83%	69%	83%	91%	89%	62%	82%	82%	84%
2016/2017	92%	70%	72%	89%	87%	93%	92%	78%	79%	92%	87%
2017/2018	87%	76%	75%	85%	86%	98%	82%	76%	83%	98%	88%
2018/2019	88%	65%	78%	92%	78%	94%	91%	70%	76%	94%	86%
2019/2020	96%	90%	97%	93%	92%	100%	92%	95%	94%	100%	94%
2020/2021	88%	69%	69%	82%	95%	94%	84%	61%	87%	91%	87%
2021/2022	86%	77%	78%	62%	82%	92%	100%	73%	84%	98%	88%
2022/2023	82%	71%	92%	81%	93%	96%	100%	72%	84%	98%	89%
2023/2024	82%	50%	25%	0%	80%	50%	100%	75%	50%	75%	70% SEN DOCENCIA
Media	87%	74%	83%	83%	87%	95%	91%	74%	85%	92%	87%
E.E.	2%	2%	3%	3%	2%	1%	2%	3%	2%	2%	1%
*Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos/as que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A trama laranxa o do 20%. Para os valores da media e erro estandar non foron considerados os datos dos cursos sen docencia.											

Conclusión

De forma global, as porcentaxes medias de superación das materias en cada curso foron mellorando desde 2009/2010 ata 2022/2023, sendo moi parecidas en 1º, 2º e 3º do Grao e un 15-20% superiores as de 4º; estas últimas, ao ser máis elevadas, foron tamén as que amosaron unha maior estabilidade. En primeiro as materias que tiveron taxas de superación máis baixas foron Bioloxía da Célula, Bioloxía dos Tecidos e Órganos e sobre todo Química para Bioloxía, se ben os resultados foron mellorando co transcurso dos cursos. En segundo, as materias con menores taxas de superación foron habitualmente as Bioquímicas (I e II) e as Xenéticas (I e II), se ben os resultados tamén melloraron co paso dos cursos académicos. En terceiro, as materias que polo miúdo amosaron menores taxas de superación foron as Fisioloxías vexetais (I e II), pero estes problemas foron solucionándose a medida que transcorrían os cursos académicos ata 2021/22. Finalmente, no cuarto curso non houbo en todos estes anos problemas coas taxas de superación das materias, estando sempre por enriba do percentil do 20%.

Resultados do Grao de Bioloxía 2ª edición

Xerais

A media (ponderada polo número de créditos) de alumnos/as que superan en cada convocatoria (incluíndo as dúas oportunidades) as materias do grao de Bioloxía 2ª edición das que se matriculan foi, dende o inicio dos estudos, do 78,5 %. Esta media variou desde o curso 2020/21 ata o 2023/24 da seguinte forma: 74,7% (2020/21), 80,3% (2021/22), 76,1% (2022/2023) e 80,3% (2023/24). Os valores desta serie hai que interpretalos con cautela, xa que os tres primeiros cursos coinciden coa implantación de primeiro (2020/21), primeiro/segundo (2021/22), e primeiro/segundo/terceiro (2022/23), de xeito que no curso 2023/24 é a primeira vez que temos datos correspondentes a implantación dos catro cursos da 2ª ed do Grao.

Se aumentamos o nivel de detalle podemos observar o valor medio das porcentaxes de superación das materias para cada curso (primeiro, segundo, terceiro e cuarto) e curso académico (desde 2020/21 a 2023/24) da 2ª edición do Grao en Bioloxía (ver Figura seguinte). Complementa esta información a Táboa que a acompaña, que inclúe estas mesmas porcentaxes xunto

coa media e o erro estándar correspondente a cada curso (cando se puideron calcular). Cos datos acumulados desde o curso 2020/2021 ata o curso 2023/2024, tanto a Figura como a Táboa revelan un aumento progresivo das porcentaxes de superación nos catro primeiros cursos: 73% (1º) → 80% (2º) → 80% (3º) → 93% (4º). Isto está en consonancia co acontecido tamén na 1ª ed do Grao en Bioloxía.




Figura. Media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do Grao de Bioloxía (2ª ed) e curso académico (2020/21, 2021/22, 2022/23 e 2023/24). Os resultados do cuarto curso se representan soamente como un punto correspondente ao curso 2023/2024, momento da súa implantación.

	Primeiro	Segundo	Terceiro	Cuarto	Nota corte Informe CIUG (cota xeral)
2020/2021*	75%				9,284
2021/2022	73%	88%			10,922
2022/2023	70%	76%	83%		10,366
2023/2024	74%	78%	77%	93%	10,330
Media	73%	82%	83%	93%	--
E.E.	1%	4%	4%	0%	--
*O curso 2020/2021 coincidiu coa implantación da 2ª edición e o cese da 1ª edición do Grao en Bioloxía					

Por curso

Como xa se comentou, no curso 2020/21 comezou a impartirse a 2ª edición do Grao en Bioloxía; como a implantación é gradual, no curso académico 2023/24 rematouse a implantación da 2ª ed do Grao. Calculouse, para o total das materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu, o percentil inferior do 10 e 20% da porcentaxe de alumnos que superan as materias. Estes percentís tiveron os valores do **57%** para a $p=0.1$ e do **71%** para a $p=0.2$ no curso 2023/2024. Devanditos percentís incluíronse nas figuras que se mostran a continuación e como tramas nas táboas.

Primeiro curso

A media de alumnos/as matriculados/as que superaron as materias do primeiro curso foi do 75% no curso 2020/21, do 73% no curso 2021/22, do 70% no curso 2022/23 e do 74% no curso 2023/24 (ver Táboa e Figura a continuación). Un 70% das materias presentaron porcentaxes de superación no curso 2023/24 superiores ao PC 20%. Sen embargo, **Bioloxía da Célula (55%) e Bioquímica I (53%)** obtiveron taxas de superación por debaixo do percentil do 10%, e **Bioloxía dos tecidos e órganos (63%)** tivo unha taxa de superación por debaixo do percentil do 20% (Táboa 5). Dado que Bioloxía dos Tecidos e órganos e Bioquímica I levan tendo valores por debaixo do percentil do 20% catro anos consecutivos, e Bioloxía da Célula leva na mesma situación dous anos seguidos (Táboa e Figura), **actívase novamente o sistema de alarma temperá para estas tres materias**. Advírtese ademais que se ben nos tres anos de percorrido do primeiro curso da 2ª ed do Grao existiu un lixeiro descenso no valor medio das porcentaxes de superación de todas as materias (75% no 2020/21 → 73% no 2021/22 → 70% no 2022/23), esta porcentaxe medio pasou a ser do 74% no 2023/24 (ver Figura e Táboas).

Táboa. Porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias do primeiro curso da segunda edición do Grao en Bioloxía en cada curso académico

PRIMEIRO (2ª ed Grao Bioloxía)	Matemáticas para Bioloxía	Biofísica	Química para Bioloxía	Xeoloxía	Bioloxía da célula	Fundamentos de Bioloxía Animal e Vexetal	Bioestatística	Bioloxía dos tecidos e órganos	Caracterización do Medio Físico para Bioloxía	Bioquímica I: biomoléculas e enzimoloxía	promedio pond. curso
2020/2021	84%	73%	75%	86%	71%	77%	84%	55%	85%	57%	75%
2021/2022	82%	84%	74%	85%	72%	70%	82%	46%	81%	53%	73%
2022/2023	78%	79%	73%	81%	59%	76%	76%	50%	78%	51%	70%
2023/2024	82%	83%	78%	86%	55%	71%	82%	63%	82%	53%	74%
Media	81%	79%	74%	84%	67%	74%	81%	50%	81%	54%	73%
E.E.	2%	3%	1%	2%	4%	2%	2%	3%	2%	2%	1%

*Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do Grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos/as que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A trama laranxa o do 20%. Valores de PC10%: 54% (2020/21), 54% (2021/22), 57% (2022/23), 57% (2023/24). Valores do PC20%: 60% (2020/21), 60% (2021/22), 71% (2022/23), 71% (2023/24).




Figura. Porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias do primeiro curso do Grao (2º ed) en cada curso académico. Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do Grao e curso académico. A liña horizontal vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A liña horizontal laranxa o do 20%.

Segundo curso

A media de alumnos/as matriculados/as que superaron as materias do segundo curso foi do 78% no curso 2023/24; polo tanto, lonxe dos valores do percentil do 20% (71%) e do percentil do 10% (57%) ese curso académico. Das dez materias que hai en segundo, unha tivo un resultado inferior ao percentil do 20% (Xenética II) e dúas (Xenética I e Bioquímica II) tiveron valores inferiores ao percentil do 10% como se pode ver na Táboa seguinte. **Dado que Xenética I e Bioquímica II levan dous anos seguidos con valores inferiores ao percentil do 20%, actívase o sistema de alarma temperá para estas dúas materias.** As materias que presentaron os mellores resultados académicos no curso 2023/24, con porcentaxes de superación iguais ou superiores ao 90%, foron Botánica I, Zooloxía I e II e Bioloxía do Desenvolvemento; sen embargo, advírtese un descenso na media das porcentaxes de superación en todas as materias do segundo curso debido ao efecto das materias de Xenética (I e II) e Bioquímica II que compre prestarlle atención: 88% (2021/22) → 76% (2022/23) → 78% (2023/24) (ver Táboa e Figura seguintes).

Táboa. Porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias do segundo curso da segunda edición do Grao en Bioloxía en cada curso académico

SEGUNDO (2ª ed Grao en Bioloxía)	Botánica I: Plantas non Vasculares	Zooloxía I	Fisioloxía Animal	Xenética I	Bioloxía do Desenvolvemento	Botánica II: Plantas Vasculares	Zooloxía II	Bioquímica II: Metabolismo	Xenética II	Bioxeoquímica	promedio pond. curso
2021/2022	97%	95%	92%	72%	91%	90%	91%	77%	90%	82%	88%
2022/2023	90%	90%	64%	70%	78%	84%	86%	46%	74%	75%	76%
2023/2024	95%	90%	74%	52%	90%	85%	90%	56%	71%	76%	78%
Media	94%	92%	77%	65%	86%	86%	89%	60%	78%	78%	80%
E.E.	2%	2%	8%	6%	4%	2%	2%	9%	6%	2%	4%

*Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do Grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos/as que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A trama laranxa o do 20%. Valores de PC10%: 54% (2020/21), 54% (2021/22), 57% (2022/23), 57% (2023/24). Valores do PC20%: 60% (2020/21), 60% (2021/22), 71% (2022/23), 71% (2023/24).




Figura. Porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias do segundo curso do Grao (2ª ed) en cada curso académico. Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do Grao e curso académico. A liña horizontal vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A liña horizontal laranxa o do 20%.

Terceiro curso

O curso académico 2023/24 foi o segundo de implantación do 3º curso da 2ª ed do Grao en Bioloxía, polo que xa se pode realizar un seguimento do que está a pasar nas diferentes materias. A media de alumnos/as matriculados/as que superaron as materias do terceiro curso no curso 2023/24 foi do 77%, o que supón unha caída en relación ao curso precedente (2022/23; 83%) (ver Táboa e Figura a continuación). Isto parece deberse a que no curso 2022/23 soamente unha materia (Xenética Evolutiva; 69%) tivo unha porcentaxe de superación inferior ao percentil do 20% (PC20% curso 2022/23, 71%), namentres que no curso 2023/24 foron 4 as materias por debaixo do PC20%: Xenética Evolutiva (55%), Fisioloxía Animal Comparada (61%) e Bioloxía Molecular (70%) (ver Táboa e Figura a continuación). **Dado que no caso de Xenética Evolutiva leva dous anos por debaixo do PC20%, actívase o sistema de alarma temperá para esta materia.**

Táboa. Porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias do terceiro curso da segunda edición do Grao en Bioloxía en cada curso académico

TERCEIRO (2ª ed Grao en Bioloxía)	Fisioloxía Vexetal I	Microbioloxía I	Ecología I	Xenética Evolutiva	Fisioloxía Vexetal II	Fisioloxía Animal Comparada	Microbioloxía II	Ecología II	Antropoloxía Biolóxica	Bioloxía Molecular	promedio pond. curso
2022/2023	73%	96%	79%	69%	77%	88%	92%	89%	88%	74%	83%
2023/2024	73%	95%	80%	55%	75%	61%	90%	81%	86%	70%	77%
Media	73%	96%	80%	62%	76%	75%	91%	85%	87%	72%	80%
E.E.	0%	1%	1%	10%	1%	19%	1%	6%	1%	3%	4%

*Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do Grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos/as que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A trama laranxa o do 20%. Valores de PC10%: 54% (2020/21), 54% (2021/22), 57% (2022/23), 57% (2023/24). Valores do PC20%: 60% (2020/21), 60% (2021/22), 71% (2022/23), 71% (2023/24).




Figura. Porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias do terceiro curso do Grao (2º ed) en cada curso académico. Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do Grao e curso académico. A liña horizontal vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A liña horizontal laranxa o do 20%.

Cuarto curso

O curso académico 2023/24 foi o primeiro de implantación do 4º curso da 2ª ed do Grao en Bioloxía. A media de alumnos/as matriculados/as que superaron as materias do terceiro curso no curso 2023/24 foi do 93%, o que é moi superior ao resto dos cursos (73%→80%→80%→93%) (ver as dúas Táboas seguintes). En ningún caso a porcentaxe de superación estivo por debaixo do PC20%. Sen embargo, é salientable que o valor medio de superación das materias optativas do ámbito ambiental (97%) é uns 10 puntos máis elevado que o correspondente as materias optativas máis biosanitarias (88%).

Táboa. Porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias do cuarto curso da segunda edición do Grao en Bioloxía en cada curso académico (OBRIGATORIAS + OPTATIVAS AMBIENTAIS)

CUARTO (2ª ed Grao en Bioloxía)	Bioloxía da Conservación	Traballo fin de grao	Edafoloxía	Xeobotánica	Bioloxía da Contaminación	Bioloxía das Augas Continentais	Ecofisioloxía Vexetal	Calidade e Conservación de solos	Ecofisioloxía Vexetal	Etoloxía	Vexetación	promedio pond. curso
2023/2024	97%	100%	95%	100%	100%	100%	92%	100%	92%	95%	95%	93%
Media	97%	100%	95%	100%	100%	100%	92%	100%	92%	95%	95%	93%
E.E.	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-

*Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do Grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos/as que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A trama laranxa o do 20%. Valores de PC10%: 54% (2020/21), 54% (2021/22), 57% (2022/23), 57% (2023/24). Valores do PC20%: 60% (2020/21), 60% (2021/22), 71% (2022/23), 71% (2023/24).

Táboa. Porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias do cuarto curso da segunda edición do Grao en Bioloxía en cada curso académico (OPTATIVAS BIOSANITARIAS)

CUARTO (2ª ed Grao en Bioloxía)	Microbioloxía Clínica	Imunoloxía	Neurobioloxía	Parasitoloxía	Viroloxía	Bioquímica clínica Patoloxía molecular	Enxeñaría Xenética	Xenética Humana	promedio pond. curso
2023/2024	98%	86%	80%	84%	96%	88%	82%	91%	93%
Media	98%	86%	80%	84%	96%	88%	82%	91%	93%
E.E.	-	-	-	-	-	-	-	-	-

*Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do Grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos/as que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A trama laranxa o do 20%. Valores de PC10%: 54% (2020/21), 54% (2021/22), 57% (2022/23), 57% (2023/24). Valores do PC20%: 60% (2020/21), 60% (2021/22), 71% (2022/23), 71% (2023/24).

Conclusión

De forma xeral, no curso 2023/24 soamente se detectaron problemas nas taxas de superación das materias da segunda edición do Grao en Bioloxía nos cursos 1º, 2º e 3º:

1. **Bioloxía da Célula, Bioquímica I e Bioloxía dos tecidos e órganos**
2. **Xenética I e Bioquímica II**
3. **Xenética Evolutiva**

Problemática xerada. Alarma temperá

De acordo co criterio incluído no SGC da Facultade de Bioloxía, que funciona a modo de alarma temperá, deberá prestarse atención sobre aquelas materias que, durante dous anos consecutivos, amosen valores de porcentaxes de superación inferiores ao percentil do 20% para todas as materias desde que se empezou a impartir a titulación. Este sistema de alarma temperá foi elaborado para poder corrixir as desviacións dalgúns materias respecto das porcentaxes de superación do total das materias correspondentes ao Grao. **No curso 2023/24 cumpriron dito criterio as materias Bioloxía da Célula (1º), Bioquímica I (1º), Bioloxía dos tecidos e órganos (1º), Xenética I (2º), Bioquímica II (2º) e Xenética Evolutiva (3º). Polo tanto, dende a Comisión de Calidade deberá procederse a avisar aos Departamentos/Áreas correspondentes para tomen as medidas correctoras oportunas para mellorar as porcentaxes de superación destas dúas materias. Isto é un exemplo de como os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.**

Diferenzas do rendemento académico entre grupos da mesma materia

Por outra banda, por decisión da Comisión de Título e da Comisión de Calidade, nos cursos 2022/23 e 2023/24 non se examinaron as diferenzas, entre grupos de clases expositivas, da porcentaxe de alumnos/as non presentados e das cualificacións na acta conxunta (tendo en consideración as dúas oportunidades). Esta análise fíxose en cursos precedentes seguindo o “Informe de diferenzas do rendemento académico entre grupos da mesma materia”, dentro dos informes propios do SGC da Facultade de Bioloxía da USC. Sen embargo, aínda que en anos previos estábanse a detectar diferenzas significativas entre grupos nas distribucións das cualificacións en certas materias de diferentes cursos, o feito de que algunhas eran impartidas polo mesmo profesorado e outras por distinto facía que as diferenzas nas notas non puidesen ser atribuídas a ningún factor concreto. Polo tanto, **en vista dos resultados deste informe dos anos anteriores e dado que detéctase unha alta variabilidade dos resultados sen un patrón regular que permita tomar decisións concretas decidiuse eliminar dito “Informe de diferenzas do rendemento académico entre grupos da mesma materia”, o que exige actualizar os informes propios SGC da Facultade de Bioloxía da USC. Ditos informes foron finalmente actualizados no curso 2024-25**

Resultados do título

Indicadores de demanda

En canto a **oferta**, 1ª ed do Grao en Bioloxía mantivo unha oferta estable de 100 prazas anuais nos últimos anos, sen cambios significativos ata o curso 2019-2020. Dita oferta de 100 prazas tivo continuidade na 2ª ed do Grao en Bioloxía (implantado gradualmente desde o curso 2020-2021) ata o curso 2023-2024 (Panel de Indicadores; Indicador IN01G Prazas ofertadas).

En canto á **matrícula**, o número global de estudantes (Panel de Indicadores; Indicador IN02G Matrícula global) no curso 2023/24 na 2ª ed do Grao en Bioloxía foi de 416 estudantes entre os catro cursos. Non houbo estudantes matriculados na 1ª ed., que comezou o seu proceso de extinción no curso 2020-2021. En relación á matrícula de acceso (Panel de Indicadores; Indicador IN03G Matrícula de acceso), na 1ª ed do Grao foi descendente desde o curso 18/19 ata o 22/23: 107.0, 124.0, 11.0, 2.0, e 1.0. O contrario aconteceu na 2ª ed do Grao: 100.0 (20/21), 106.0 (21/22), 132.0 (22/23), 147.0 (23/24). En canto a

matrícula de novo ingreso (Panel de Indicadores; Indicador IN04G, Matrícula de novo ingreso por pre inscrición), na 2ª ed do Grao en Bioloxía tivo a seguinte evolución ascendente: 100.0 (20/21), 101.0 (21/22), 103.0 (22/23) e 107.0 (23/24). Respecto á nota media de acceso (panel de indicadores; indicador IN06G Nota media de acceso por pre inscrición), a súa evolución foi a seguinte: 10.98 (18/19; 1º ed), 11.01 (19/20; 1ª ed), 11.68 (20/21; 2ª ed), 11.94 (21/22; 2ª ed), 11.57 (22/23; 2ª ed) e 11.52 (23/24; 2ª ed). Os valores rexistrados suxiren un nivel de esixencia relativamente alto para o acceso ao grao, pero tamén unha certa redución nos últimos cursos.

O **perfil do estudantado** tamén ofrece información relevante. A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados (Panel de indicadores; indicador IN08G Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados) foi do 0,68 (curso 2022/23) e do 0,48 (curso 2023/24) na 2ª ed do Grao, o que indica unha presenza internacional baixa; sen embargo, houbo un incremento en relación á 1ª ed do Grao en Bioloxía: 0.17 (18/19), 0.35 (19/20), 0.24 (20/21) e 0.34 (21/22). Pola súa banda, a porcentaxe de estudantes nacionais procedentes de fóra da comunidade autónoma é máis elevado (Panel de indicadores; indicador IN09G Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados): 1ª ed: 3.89 (18/19), 3.85 (19/20), 3.55 (20/21), 4.38 (21/22), 5.0 (22/23); 2ª ed: 4.95 (20/21), 5.76 (21/22), 5.41 (22/23), e 4.81 (23/24). Polo tanto, estes datos amosan que o grao atrae alumnado tanto de fóra de Galicia como do estranxeiro, aínda que en proporcións relativamente baixas; nos últimos anos parece advertirse un pequeno incremento neste indicador.

Finalmente, no que respecta á **adequación da oferta á demanda**, o indicador IN10G Relación de estudantes pre inscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Panel de indicadores) foi a seguinte na 2ª ed do Grao: 63.0 (20/21), 66.0 (21, 22), 70.0 (22/23), 63.0 (23/24). Por outro lado, a evolución do indicador IN12G Taxa de ocupación foi ascendente: 100.0 (20/21), 101.0 (21/22), 103.0 (22/23) e 107.0 (23/24). Isto indica que o título ten demanda.

Indicadores de resultados

As baixas porcentaxes de superación de algunhas das materias do Grao en Bioloxía 2ª edición poden afectar aos valores das distintas taxas relacionadas con os resultados do título, como poden ser a “taxa de abandono”, “taxa de graduación”, “taxa de avaliación”, “taxa de rendemento”, etc., polo que compre tomar medidas que permitan unha mellora dos resultados.

Taxa de abandono

O sistema de indicadores da USC contempla dúas taxas de abandono. A primeira é a “*taxa de abandono durante o primeiro curso*” (IN40G), que é a porcentaxe entre os/as estudantes dunha cohorte de novo ingreso que non se matricularon no título nos cursos X+1 e X+2 en relación ao número total de estudantes da cohorte que accederon ao título no curso X. A segunda é a “*taxa de abandono do RD 1393/2007*” (IN41G), que é a porcentaxe entre os/as estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior.

Manter unhas taxas de abandono baixas é crucial para cumprir coa memoria verificada do título de Grao en Bioloxía pola USC, que inclúe como resultado previsto unha taxa de graduación >50% (a taxa de graduación é a porcentaxe de estudantes que finalizan os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico a maiores en relación á súa cohorte de entrada) na memoria da 2ª edición do Grao en Bioloxía. Se a taxa de abandono é alta é difícil alcanzar un obxectivo ambicioso na taxa de graduación.

Desde o curso 2014/15 realízase o presente informe, co que se tenta ter datos sobre as causas dos abandonos a través dun seguimento do alumnado. Desta forma, sabendo cal é o seu destino tralo abandono, poderemos especular sobre cal é a causa. Cando se realiza un cambio de expediente a outro centro da USC, a aplicación Xescampus permite identificar a natureza dese traslado. Nestes casos, o traslado de expediente compútase como cambio de estudos na USC a outros graos. En ocasións indícase que existe un traslado de expediente a outra universidade, pero non se ten información sobre a universidade ou o grao de destino. Por último, unha serie de alumnos/as desaparecen sen que se poida solicitar maior información; estes son consignados como abandonos. Para tentar reducir a taxa de abandono, no SGC inclúese o informe sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos do grao.

Os resultados da taxa de abandono calculada polo centro móstranse na seguinte figura, namentres que a taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G), que subministra a área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP), móstrase na **Táboa** que aparece a continuación co obxecto de poder facer unha comparativa; nesta última táboa inclúese tamén información sobre a taxa de abandono segundo o RD 1393/2007 (IN41G), a oferta de prazas, a matrícula de novo ingreso, a nota de corte da proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) e a porcentaxe de alumnado matriculado como primeira opción.




Figura. Taxa de abandono calculada polo centro respecto das matrículas de novo ingreso no Grao de Bioloxía da USC. Inclúese a oferta de prazas, a matrícula de inicio de estudos, a porcentaxe de estudantes de primeira opción e a nota de corte da ABAU (como número sobre o punto), para os anos dispoñíbles.

Como amosa a **Figura** previa, dende o curso 2018/19, a oferta de prazas reduciuse a 100 por ano. Ao mesmo tempo, pode observarse que dita oferta de prazas cóbrease sen problemas (99-111 estudantes/curso), que dende o curso 2009-10 ata o 2022-23 houbo un progresivo e notable aumento da nota de corte final (informe CIUG; 5,1→10,4) e que a demanda do título segue sendo alta, cunha elevada porcentaxe de estudantes que elixen o Grao de Bioloxía como primeira opción, pasando dun 40,7% en 2010-11 a un 68,90% en 2022-23. Ademais, no curso 2010/2011 a taxa de abandono no primeiro curso calculada polo centro estaba situada no 35%, pero esta taxa foise reducindo gradualmente ata o curso 2019/20 ata un 17,1%, momento no que coincidindo coa pandemia volveu a incrementarse: 2020/21 (20,0%) e 2021/22 (26,7%). Sen embargo, no curso 2022/23 a taxa de abandono no primeiro ano calculada polo centro baixou novamente ata o 17,5%, sendo o terceiro valor máis baixo da serie histórica. Tendo en conta que a taxa de abandono no primeiro ano que figura na memoria da 2ª ed do Grao en Bioloxía é do 15%, e que a taxa de abandono prevista é do 20%, podemos dicir que estamos pretos de cumprir os resultados previstos no título.

Por outro lado, na **Táboa** que aparece a continuación preséntanse os resultados do número absoluto de estudantes que abandonan o Grao de Bioloxía así como as taxas de abandono que nos subministran dende a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) desde o curso 2012/13, primeiro en que se impartiron os catro cursos da 1ª edición do Grao en

Biología, ata o curso 2022-23, momento no que xa está implantado o terceiro curso da 2ª edición do Grao en Biología (con implantación gradual). En canto ao número absoluto de alumnos/as que abandonan o grao (Táboa 13), existe unha gran variabilidade (datos do centro); dito número se sitúa entre 18 e 39 alumnos/as e foise reducindo desde o curso 2012/13 ata acadar un número de 19 alumnos no curso 2019/20; sen embargo, o número de alumnos/as que abandonaron en 2020/21 (20 alumnos/as) e sobre todo en 2021/22 (27 alumnos/as) foi superior, moi probablemente debido ao efecto da pandemia. parece que en 2022/23 (18 alumnos/as) volveu a reducirse. Isto obviamente coincide coa taxa de abandono 1º curso (%) calculada polo centro. Ao mesmo tempo, esta última correlacións positivamente coa taxa de abandono 1º curso (%) proporcionada pola ACMP (P. Ind; IN40G) (ver **Táboa a continuación**), se ben tenden a ser superiores como veremos a continuación; en concreto, para o curso 2022/23 existe bastante disparidade: 17.5% (Centro) fronte a 4% (2ª ed) IN40G/ACMP. A razón para estas diferenzas é descoñecida.

	12-13	13-14	14-15	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20	20-21 (2ª ed)	21-22 (2ª ed)	22-23 (2ª ed)	
Oferta de prazas (informe CIUG)	150	150	150	132	125	119	100	100	100	100	100	
Nota de corte final PAU/ABAU	5.2	6.9	7.8	8.6	9.0	9.4	9.7	9.9	9.3	10.9	10,4	
Matrícula de inicio de estudos (P.ind; IN04G)	145	148	152	130	118	126	99	111	100	101	103	
Estudantes de primeira opción (%; informe CIUG)	61.3	62.0	74.7	74.2	73.6	70.6	68	71	63	67	68,9	
Taxa de abandono 1º curso (%) calculada polo Centro	27	20	24	16	21	22	20	17.1	20	26.7	17,5	
Estudantes que abandonan calculados polo Centro	39	30	36	21	25	24	20	19	20	27	18	
Taxa de abandono 1º curso (%) ACMP (P. Ind; IN40G)	31.5	19.9	15	16.4	12.3	12.5	14.8	17.1	15.2 (1ª ed) - (2ª ed)	9.52 (1ª ed) - (2ª ed)	0 (1ª ed) 4 (2ª ed)	
Taxa de abandono RD1393/2007 (%) ACMP (P. Ind; IN41G)	-	20.6	38.4	27	28.6	20.9	23.3	18.3	21.3 (1ª ed) - (2ª ed)	21 (1ª ed) - (2ª ed)	21,7 (1ª ed) - (2ª ed)	

En canto as taxas de abandono proporcionadas pola ACMP (ver **Táboa previa**), estas tamén foron elevadas nos primeiros anos trala implantación do Grao en Biología, reducíndose ata acadar, nos cursos 2019/20 e 2020/21, os valores de 17.1 e 15.2 (taxa de abandono primeiro curso; IN40G) e 18.3 e 21.3 (taxa de abandono segundo o RD1393/2007), respectivamente. No

curso 2022/23 o indicador IN40G foi de 4% (2ª ed), e o indicador IN41G foi do 21,7% (1ª ed grado; non existe para a 2ª ed). Tendo en conta que os valores das taxas de abandono previstas na memoria actual do título (2ª edición) son <15% (primeiro ano) e <20% (RD1393/2007), pódese dicir que de acordo cos indicadores proporcionados pola ACMP estase a cumprir o primeiro dos obxectivos (taxa de abandono no primeiro ano <15%); ademais, está moi preto de cumprirse a taxa de abandono segundo o RD1393/2007 (<20%). Non obstante, e como xa dixemos no parágrafo anterior, as taxas calculadas polo centro son, en valor medio, máis altas en comparación coa taxa de abandono no primeiro curso (IN40G), que subministra a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ver Táboa previa).

En conclusión, as taxas de abandono proporcionadas pola ACMP sufriron unha mellora importante dende o comezo do Grao en Bioloxía, o cal pode deberse ao nivel de esixencia na nota de corte do alumnado (5.2→10.4; Táboa 13) e a boa porcentaxe de estudantes que solicitan o acceso ao grao como primeira opción (61-75%; Táboa 13). Sen embargo, dada a disparidade entre os datos de taxa de abandono no primeiro ano calculada polo centro e a taxa de abandono no primeiro ano proporcionada pola ACMP, e dado que o valor de taxa de abandono RD1393/2007 está lixeiramente por enriba do límite previsto pola memoria (<20%), dende o SGC do Centro débese seguir traballando para reducir ditas taxas.

A **Táboa seguinte** recolle, para os cursos académicos comprendidos entre o 2009/10 e o 2022/23, o número e destino dos alumnos que abandonan (abandonos durante o primeiro curso). Pola súa parte, a **Figura** que aparece a continuación inclúe as porcentaxes dos principais destinos de abandono para cada un dos cursos académicos estudados (2009/10-2022/23), e a **Figura** que aparece a continuación as porcentaxes dos destinos do alumnado que abandona o Grao en Bioloxía da USC para o curso 2022/23 e para o total dos que accederon entre os cursos académicos 2009/10 e o 2022/23.

Dos diferentes graos da USC aos que se marcha o alumnado do Grao en Bioloxía, destacan os diferentes englobados nas Ciencias e Ciencias da Saúde (entre 3 e 18 alumnos/as). Como se pode ver, en todos estes anos o alumnado que abandonou o Grao en Bioloxía matriculouse sobre todo en Graos en Ciencias da Saúde na USC, especialmente Enfermería (n=27), Medicina (n=21), Psicoloxía (n=15), Veterinaria (n=14), Farmacia (n=9) ou Odontoloxía (n=7). En menor medida, outros estudantes optaron por graos en Ciencias como Óptica e Optometría (n=3), Nutrición Humana e Dietética (n=2), Física (n=1), Enxeñaría Química (n=1), Química (n=1) ou Matemáticas (n=1). Dentro da nosa facultade, algúns/algúnsas alumnos/as movéronse aos Graos de Biotecnoloxía (n=4) ou pasaron da primeira á segunda edición do Grao en Bioloxía (n=2), que comezou a implantarse no curso 2020/21, polo que estes alumnos/as realmente non fixeron un cambio de grao.

	09-10	10-11	11-12	12-13	13-14	14-15	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20	20-21 (2ª ed)	21-22 (2ª ed)	22-23 (2ª ed)	total
Cambio de estudos na USC a graos de Ciencias ou Ciencias da Saúde															
Veterinaria	0	3	2	0	1	1	0	0	3	1	2	1	0	0	14
Óptica e Optometría	0	1	0	0	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	3
Enfermería	3	5	5	2	1	0	0	1	2	1	1	0	4	2	27
Psicoloxía	0	2	2	0	0	1	1	2	0	3	2	2	0	0	15
Enxeñaría Química	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1
Física	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1

Odontoloxía	1	2	2	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	1	7
Nutrición Humana e Dietética	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	2
Farmacia	2	1	2	0	1	1	0	1	0	0	1	0	0	0	9
Medicina	1	3	1	2	3	1	1	1	2	0	1	1	3	1	21
Bioloxía (2ª edición)	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	2	0	0	0	2
Química	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	1
Bioteecnoloxía	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	3	0	4
Matemáticas	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	1
Subtotal	7	18	14	4	8	4	3	5	7	5	8	5	10	6	102
Cambio a estudos na USC a outros graos															
Grao en Mestre EP	2	3	0	3	1	0	1	0	0	1	0	1	1	1	13
Outros	5	3	3	2	2	4	3	2	1	3	0	4	2	4	34
Subtotal	7	6	3	5	3	4	4	2	1	4	0	5	3	5	47
Traslado do expediente	2	14	6	6	2	5	6	6	7	3	3	4	5	3	69
Abandono	5	10	8	21	15	23	8	12	9	8	5	6	9	4	139
Intercambio	1	3	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	6
Outros	0	1	2	3	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	8
TOTAL	22	52	35	39	30	36	21	25	24	20	19	20	27	18	371

A **Figura** titulada “Porcentaxes dos destinos dos alumnos que abandonan o Grao en Bioloxía da USC para os que accederon nos cursos académicos de 2009/10 a 2020/21” amosa, de xeito segregado, a evolución, a través dos diferentes cursos académicos, dos cambios de estudos do alumnado do Grao en Bioloxía cara a Graos de Ciencias da Saúde/Graos en Ciencias, outros graos, traslados de expedientes, abandonos, intercambios ou outros. Como se pode ver, dentro do alumnado que deixa o Grao en Bioloxía estase a producir unha certa tendencia ao incremento da porcentaxe de aqueles/as alumnos/as que se decantan por Graos de Ciencias ou de Ciencias da Saúde dende o curso 2014/2015, superando incluso nos últimos anos aos abandonos, que están a ter unha tendencia xeral ao descenso dende o curso 2014/15 ata 2022/23. Por outro lado, non se observa ningún patrón nos cambios operados a outros graos dentro da USC, como poden ser os de Lingua e Literatura Inglesa, Políticas, Administración e Dirección Empresas ou Mestre en Educación Primaria. Tamén merece a pena destacar a estabilidade nos últimos cursos académicos da taxa de traslados de expedientes fóra da USC, e a nula porcentaxe de intercambios e situacións que encaixan no epígrafe “outras causas”.





Figura. Porcentaxes dos destinos dos alumnos que abandonan o Grao en Bioloxía da USC para os que accederon nos cursos académicos de 2009/10 a 2020/21.

En canto aos datos presentados na **Figura** que aparece a continuación, da **parte A** podemos concluír que un 33% dos/as alumnos/as no curso 2022-23, un valor superior a media global (22%; 2009/10-2022/23; **Figura B**), abandonan o Grao en Bioloxía para cursar graos incluídos en Ciencias ou Ciencias da Saúde, o que reforza a idea de que esta porcentaxe está tendo un incremento gradual nos últimos anos como xa se comentou. Este abandono pode deberse a que escollen estes graos como primeira opción e, en canto son admitidos, abandonan o Grao en Bioloxía. Este traslado a Ciencias e Ciencias da Saúde teríámolo que considerar como inevitable e por tanto un factor que sempre repercutirá negativamente na taxa de graduación. É dicir, cun 4% (2º ed) (IN40G) ou 17,5% (cálculo do centro) de taxa de abandonos no primeiro curso, dos cales ~ 22% en promedio (**Figura B**) vanse inevitablemente a Graos en Ciencias ou Ciencias da Saúde, así como cunha tendencia ao descenso na porcentaxe de abandonos dende o curso 2014/15 ata 2022/23, parece difícil de conseguir mellorar as taxas de abandono no primeiro ano e de graduación (que actualmente na 2ª edición do Grao en Bioloxía están previstas, respectivamente, en <15% e >50%). En canto a taxa de graduación (Panel de indicadores, indicador IN37G, ACMP), os datos que temos para a 1ª edición do Grao de Bioloxía sinalan que nos últimos anos estamos por enriba do valor previsto do 50% de xeito estable: 43.28% (17/18), 44.52% (18/19), 58.33% (19/20), 60.19% (20/21), 56.19% (21/22), 57.61 (22/23); non dispoñemos de datos aínda para a 2ª edición do Grao de Bioloxía para o indicador IN37G.

A)



B)




Figura. Porcentaxes dos destinos do alumnado que abandona o Grao en Bioloxía da USC para o curso 2022/23 (A) e para o total dos que accederon entre os cursos académicos 2009/10 e o 2022/23 (B).

En relación ao **abandono potencial**, en aplicación do protocolo “*Método de intervención sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos do grao*” a ACMP, unha vez finalizado o primeiro semestre, envía ao centro a información do alumnado que podería estar en risco potencial de abandono por non ter contidos superados nin recoñecidos nese primeiro semestre de docencia (INF 20 - Informe de abandono potencial Estudiantes sen contidos superados nin recoñecidos no primeiro semestre de docencia). Así, aparecen na lista de abandono potencial 9 alumnos/as na 1ª edición do Grao en Bioloxía (2501101) e 38 alumnos/as na 2ª edición do Grao en Bioloxía (2504140) debido a estar matriculados de 1-6 materias no primeiro semestre de 2023-24 pero non ten contidos superados nin recoñecidos.

Como conclusión, as taxas de abandono previstas na memoria da 2ª edición do Grao en Bioloxía son <15% (primeiro ano) e <20% (RD1393/2007). En canto a primeira, a taxa de abandono 1º curso (%) calculada polo centro para o curso 2022/23 ten un valor lixeiramente superior ao 15% (17,5%), namentres que as taxas de abandono 1º curso (%) proporcionadas pola ACMP (P. Ind; IN40G) en 2021/22 (1ª ed Grao) e en 2022/23 (2ª ed. Grao) foron do 9,52% e do 4%, respectivamente, inferiores polo tanto ao 15% previsto na memoria; descoñecemos a razón das diferenzas entre o dato calculado polo centro e o dato da ACMP. Pola súa parte, as taxas de abandono RD1393/2007 para a 1ª ed. do Grao en Bioloxía nos cursos 2021/22 e 2022/23 foron do 21% e 21.7%, respectivamente; polo tanto, lixeiramente por enriba do 20% previsto. Polo tanto, pódese dicir que de acordo cos indicadores proporcionados pola ACMP estase a cumprir o primeiro dos obxectivos (taxa de abandono no primeiro ano <15%) e moi preto no caso da taxa de abandono segundo o RD1393/2007 (<20%)

Taxas de rendemento, éxito, avaliación, graduación e duración media dos estudos para o Grao en Bioloxía

No caso da 2ª ed do Grao en Bioloxía (curso 2023/24), os valores da **taxa de rendemento** (indicador IN34G: *relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon*; 77.35 %; cómprese a previsión da memoria >70%), **taxa de éxito** (indicador IN35G: *relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron*; 85.11 %; cómprese a previsión da memoria >80%) e **taxa de avaliación** (indicador IN36G: *relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados*; 90.88 %) aparecen na **Táboa** que aparece a continuación. Nesa mesma táboa pódese ver tamén a evolución temporal deses indicadores. Así, salvando o reponte destes indicadores (IN34G, IN35G, IN36G) no curso 2019/20 pola situación xerada polos mecanismos de avaliación adoitados pola crise da COVID19, podemos dicir que os resultados destes indicadores seguen a ser bos e estables (**ver Táboa a continuación**), probablemente debido ao maior rendemento do alumnado que accede ao título. En canto a **taxa de graduación** (indicador IN37G: *relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis, e a súa cohorte de ingreso*), soamente temos datos para a 1ª ed do Grao en Bioloxía, xa que a 2ª ed do grao rematou a súa implantación no curso 2023/24. Os resultados desta taxa de graduación indican que, se ben no curso 2020/21 (60,19%) superouse por primeira vez a taxa prevista na memoria da 1ª edición do grao (>60%) (**ver Táboa a continuación**), este valor volveu a estar lixeiramente por debaixo tanto no curso 2021/22 (56,19%) como no 2022/23 (57,61%) (**ver Táboa a continuación**). Aínda así, a previsión da memoria da 2ª ed do Grao en Bioloxía é >50%, polo que estaríamos cumprindo as previsións.

En canto á **duración media dos estudos** (IN38G), no curso 2023/24 está situada nos 4 anos para a 2ª ed do Grao en Bioloxía, pero oscilou entre os 4,3 anos (13/14) e os 5,3 anos (19/20), tendo posteriormente unha redución ata os 4,81 anos no curso 22/23 na 1ª ed do Grao en Bioloxía (**ver Táboa a continuación**). A duración media dos estudos prevista na memoria da 2ª ed do Grao en Bioloxía é de <5 anos, polo que estase a cumprir coa previsión.

Táboa. Evolución dos valores das taxas de rendemento, éxito, avaliación, graduación así como a duración media dos estudos para o Grao en Bioloxía. Fonte da información: ACMP											
	13/14	14/15	15/16	16/17	17/18	18/19	19/20	20/21	21/22	22/23	23/24
Taxa de rendemento (%) IN34G	67,5	68,5	67,4	72,74	72,4	74,5	89,7	75,3 (1ª ed) 75,77 (2ª ed)	75,36 (1ª ed) 78,65 (2ª ed)	76,66 (1ª ed) 73,6 (2ª ed)	77,35 (2ª ed)
Taxa de éxito (%) IN35G	76,6	76,2	76,9	80,6	80,9	82,5	94,2	82,81 (1ª ed) 84,69 (2ª ed)	84,39 (1ª ed) 84,91 (2ª ed)	87,37 (1ª ed) 81,66 (2ª ed)	85,11 (2ª ed)
Taxa de avaliación (%) IN36G	88,1	90	87,6	89,4	89,5	90,3	95,2	90,95 (1ª ed) 89,47 (2ª ed)	89,31 (1ª ed) 92,63 (2ª ed)	87,74 (1ª ed) 90,09 (2ª ed)	90,88 (2ª ed)
Taxa de graduación (%) IN37G	35,5	39,0	45,4	43,6	43,3	44,5	58,3	60,19 (1ª ed)	56,19 (1ª ed)	57,61 (1ª ed)	- (2ª ed)
Duración media dos estudos (anos) IN38G	4,3	4,8	4,8	5,1	5,1	5,2	5,3	5 (1ª ed)	4,99 (1ª ed)	4,81 (1ª ed)	4 (2ª ed)

Si comparamos as taxas de rendemento (IN34G), éxito (IN35G), avaliación (IN36G) e graduación (IN37G) coas taxas medias existentes na USC (**ver Táboa a continuación**; Informe de medias), podemos ver que as taxas no Grao en Bioloxía están 2-4 puntos por debaixo da media na universidade. En canto a duración media dos estudos, os valores do último curso da 1ª ed do

Grao en Bioloxía (4,81 anos; curso 22/23) son similares aos da media da USC (4,80 anos; táboa 15)

Táboa. Informe de medias curso 2023/24. Grao en Bioloxía (2ª ed). Fonte da información: ACMP

Código	Nome	Valor título	Media Área	Media USC
IN24G	Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total	96,92	95,99%	86,46%
IN25G	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	98,63	98,60%	83,26%
IN26G	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	73,97	81,49%	52,80%
IN34G	Taxa de rendemento	77,35	79,37%	81,65%
IN35G	Taxa de éxito	85,11	85,95%	88,09%
IN36G	Taxa de avaliación	90,88	92,34%	92,69%
IN37G	Taxa de graduación		61,23%	60,57%
IN38G	Duración media dos estudos	4	4,73	4,80
IN40G	Taxa de abandono durante o primeiro curso	22,34	15,75%	17,52%
IN41G	Taxa de abandono RD 1393/2007		20,32%	20,13%

Para o cálculo do valor "media área" tómanse todas as titulacións de grao/máster, segundo a titulación correspondente ao informe, da mesma área de coñecemento.
 Para o cálculo do valor "media USC" tómanse todas as titulacións de grao/máster, segundo a titulación correspondente ao informe, da USC.

Outros indicadores: Estudantes por grupo

IN32 Media de alumnos por grupo de docencia interactiva:

22,56 (1ª ed Grao Bioloxía; curso 2022/23)

24,31 (2ª ed Grao Bioloxía; curso 2022/23); 23,85 (2ª ed Grao Bioloxía; curso 2023/24)

IN55 Media de alumnos matriculados en materias obrigatorias e de formación básica por grupo de teoría (expositivas): 59,1277

(1ª ed Grao Bioloxía; curso 2022/23;

62,2 (2ª ed Grao Bioloxía; curso 2022/23); 62,79 (2ª ed Grao Bioloxía; curso 2023/24)

IN56 Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas):

43,125 (1ª ed Grao Bioloxía; curso 2022/23;

69,0 (2ª ed Grao Bioloxía; curso 2022/23); 33,56 (2ª ed Grao Bioloxía; curso 2023/24)

Os datos amosan que a media de alumnos por grupo en docencia interactiva mantense estable arredor dos 23-24 estudantes, mentres que nas materias obrigatorias e básicas hai unha tendencia lixeira á alza, superando os 62 alumnos por grupo en 2023/24, o que podería indicar unha maior masificación nestas aulas. Pola contra, nas materias optativas obsérvase unha gran variabilidade, cun pico de 69 alumnos en 2022/23 seguido dunha forte baixada a 33,56 en 2023/24, o que podería reflectir cambios na oferta ou na demanda destas materias.

Materias suspensas polas que o estudiantado non defende o TFG no Grao de Bioloxía

A taxa de graduación (IN37C-S01-PM-01) defínese como: "a porcentaxe de estudantes que finalizan os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada". No caso da 2ª edición do Grao en Bioloxía, este comezou a súa implantación no curso 2020/21. Polo tanto, no curso 2022/23 atopábase implantado xa terceiro e no curso 2023/24 rematou o proceso de implantación con cuarto. Sen embargo, a entrada en vigor do Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, que establece a organización das ensinanzas universitarias, motivou a implantación en bloque da 3ª edición do Grao en Bioloxía no curso 2024/25. Polo tanto, o alumnado da 2ª edición pasouse a 3ª edición tan pronto como entrou esta última en funcionamento no curso 2024-25, namentres que algúns alumnos da 1ª ed do Grao en Bioloxía se pasaron a 3ª ed do Grao, pero outros estudantes non fixeron este cambio.

A taxa de graduación prevista na memoria da 1ª edición do Grao en Bioloxía era do **60%**. Sen embargo, as correspondentes aos primeiros anos do título distaban dese obxectivo do 60%, xa que no curso 2013/14 (5 anos despois da entrada da 1ª cohorte no Grao de Bioloxía do ano 2009/10) a taxa de graduación (IN37G Taxa de graduación) foi de tan solo o 35,5%. Este valor foi aumentado nos cursos posteriores (39,0%, 14/15; 45,4%, 15/16; 43,6%, 16/17; 43,3%, 17/18; 44,52%, 18/19; 58,33%, 19/20) ata acadar practicamente o previsto na memoria no curso 20/21 (60,19%) e experimentar unha leve caída posteriormente

nos cursos 21/22 (56,19%) e 22/23 (57,61%). Polo tanto, no caso da 1ª edición do Grao en Bioloxía pódese dicir que na maioría dos cursos esta taxa foi algo menor que a taxa prevista inicialmente. Por este motivo, no caso da 2ª edición do Grao de Bioloxía a taxa de graduación prevista foi axustada lixeiramente á baixa para axustarse á realidade da titulación (50%). No curso 2023-24 aínda non temos datos da taxa de graduación do estudantado da 2ª ed do Grao, polo que o presente informe céntrase nos datos da 1ª ed.

A cuestión da baixa taxa de graduación xa foi indicada no “INFORME PROVISIONAL DE EVALUACIÓN PARA LA RENOVACIÓN DE LA ACREDITACIÓN” (ACSUG 2017). Seguindo as recomendacións do mencionado informe, abordouse un estudo tendente a identificar as causas subxacentes a esta baixa taxa de gradación, cuxos resultados se analizan a continuación. Unha das causas ten que ver coa etapa de finalización dos estudos en cuarto, que ven marcada pola defensa do Traballo Fin de Grao (TFG). Nalgunhas ocasións a defensa do TFG vese retrasada, de forma que a duración media dos estudos se alonga e redunda nunha diminución da taxa de graduación. Por esta razón, parece lóxico coñecer cales son as materias cuxa dificultade na súa superación atrasa a lectura do TFG, que é o motivo deste informe. Obviamente o problema é máis complexo, e no mesmo incide tamén a porcentaxe de alumnos/as que superan cada materia, xa que o número de alumnos/as que chegan a matricularse de TFG no ano que lles corresponde é extremadamente baixo.

A continuación, realízase unha análise para avaliar cales son as materias que cursan paralelamente ao TFG os alumnos repetidores do mesmo e que representan créditos que, obrigatoriamente, deben superar para defender o TFG. Hai que ter en conta que isto supón algunhas dificultades. Por exemplo, algúns alumnos/as matricúlanse de materias optativas cando repiten para ampliar a súa formación, pero estas materias non son necesarias para a súa graduación e deixáronse por este motivo fóra deste estudo. Por outro lado, nalgunhas ocasións os alumnos/as que necesitan unha única optativa para completar os créditos e poder presentar o TFG matriculáronse de dúas delas (para ampliar a súa formación e seguramente para asegurar o aprobado nunha das mesmas). Neste último caso, resulta imposible poder discernir cal destas é a necesaria, polo que inclúense as dúas materias.

Para analizar os datos, só se tivo en conta o alumnado que, ademais dos 6-12 créditos do TFG (1ª e 2ª ed, respectivamente), tiña menos de 24 créditos por superar (o que corresponde a un máximo de catro materias optativas de 4.5 ECTS). En canto ao curso **2023/24**, o número de alumnos que repetiu o TFG foi de 37. Destes, soamente 10 están matriculados do TFG e 25 teñen menos de cinco materias (<24 créditos) acompañantes. O número de alumnos que se matricularon no curso 2022/23 foi de 137. Desta forma os 37 alumnos/as representan o 27% respecto dos matriculados o ano anterior (Figura 14). A Figura 14 amosa tamén o número absoluto de TFGs defendidos en cada curso, que oscila entre os 34 (2012-13) e os 129 (2019/20). **Desde o curso 2025/16 este número parece estar estabilizado en torno aos 104 TFGs.** A evolución da porcentaxe de repetidores do TFG é a seguinte: 31% (13/14), 33% (14/15), 39% (15/16), 34% (16/17), 40% (17/18), 31% (18/19), 35% (19/20), 20% (20/21), 27% (21/22), 28% (22/23), 27% (23/24), de xeito que **parece estar estabilizado no 27-28%**. En canto a porcentaxe dos TFGs defendidos cada ano en comparación co número de alumnos/as matriculados/as no TFG ese mesmo ano é o seguinte, os valores son: 70,83% (Nº alumnos/as repetidores/as 34; 12/13), 67,00% (67; 13/14), 61,43% (86; 14/15), 65,52% (114; 15/16), 59,84% (76; 16/17), 63,58% (110; 17/18), 62,73% (101; 18/19), 79,63% (129; 19/20), 65,54% (116; 20/21), 56,55% (82; 21/22), 73,72% (101; 22/23) e 69,54% (105; 23/24), cunha media en todos estes anos do 66,33%.




Figura 14. Alumnos/as matriculados, porcentaxe de alumnos/as repetidores e de alumnos/as repetidores con menos de 24 créditos (24 c.) respecto ao total do alumnado matriculado (suma dos que defenderon e os que repetiron, eliminando deste xeito aos que abandonaron) e TFG defendidos entre os cursos 2012/13 e 2023/24.

No curso **2023/2024** (ver seguinte Táboa) houbo 37 alumnos/as repetidores/as do TFG. Destes 37 alumnos/as, 12 repiten con unha única materia (32.4%). **Destes últimos, 6 (50 %) o fan con Bioloxía Molecular**, 4 con Xenética Evolutiva (33.3%), 1 con Fisioloxía Vexetal I (8.3%), e 1 con Biodiversidade Animal e Conservación (8.3%). Seis alumnos/as repiten con 2 materias (6 con Bioloxía Molecular, 3 con Xenética Evolutiva, 1 con Inmunoloxía, 1 con Edafoloxía e 1 con Bioquímica Clínica), 4 alumnos/as con 3 materias (3 con Bioloxía Molecular, 1 con Fisioloxía Animal Comparada, 3 con Inmunoloxía, 1 con Fisioloxía Vexetal I, 1 con Fisioloxía Vexetal II, 1 con Xeobotánica, 1 con Biodiversidade Animal e Conservación e 1 con Ecoloxía I). Finalmente, 3 alumnos/as repiten con 4 materias (2 con Bioloxía Molecular, 1 con Xenética Evolutiva, 2 con Parasitoloxía, 1 con Fisioloxía Vexetal I, 2 con Redacción e Execución de Proxectos, 1 con Viroloxía, 1 con Bioquímica Clínica e 2 con Enxeñería Xenética).

Dos alumnos que repiten cunha materia, a porcentaxe que o fai con **Bioloxía Molecular** variou entre os cursos 2013/14 e 2023/24 da seguinte forma: 88%, 80%, 80%, 81%, 85%, 86%, 78%, 50%, 87%, 64% e 50%. Polo tanto, parece haber unha tendencia á redución que podería ser debida a que desde o curso 2022/23 a materia Bioloxía Molecular está en 3º curso da 2ª ed do grao (namentres que previamente estaba no 4º curso da 1ª edición do grao), o que da máis tempo aos estudantes para superar a materia. Sen embargo, para os alumnos que non puideron defender o seu TFG debido a ter entre dúas e catro materias suspensas, a porcentaxe modificouse para o mesmo período de tempo da seguinte forma: 100%, 100%, 94%, 92%, 83%, 86%, 77%, 50%, 83%, 69% e 85%. Neste caso non parece que estea funcionando o cambio de curso de 4º a 3º no caso de Bioloxía Molecular. En conclusión, podemos dicir que **Bioloxía Molecular segue sendo o principal escollo para a finalización dos estudos de grao**, seguido de **Xenética Evolutiva (3º)**.

Respecto dos **datos totais** do período 2013/14 - 2023/24, dos 176 alumnos/as que repetiron por unha materia e non puideron defender o TFG, en 136 casos foi debido a Bioloxía Molecular (77%), seguido de Xenética Evolutiva (7%), Fisioloxía Vexetal II (3%) e Fisioloxía Vexetal I (3%); no resto dos casos son materias diferentes que non superan en conxunto o 10%) (Táboa 12). Do resto de alumnos/as que repiten e repetiron con entre dous e catro materias, case sempre teñen que cursar Bioloxía Molecular (89%). Séguenlle en porcentaxe Fisioloxía Vexetal II (24%), Xenética Evolutiva (20%), Fisioloxía Vexetal I (17%), Parasitoloxía (11%) e Inmunoloxía (11%).

Táboa. Materias que cursan o alumnado repetidor do TFG no curso 2023-24

Materias	Nº de materias			
	1	2	3	4
Biología Molecular	6	6	3	2
Xenetica Evolutiva	4	3	0	1
Parasitología	0	0	0	2
Biodiversidade Vexetal	0	0	0	0
Fitopatología	0	0	0	0
Xenetica humana	0	0	0	0
Fisiología Animal	0	0	0	0
Fisiología Animal Comparada	0	0	1	0
Inmunología	0	1	3	0
Fisiología Vexetal I	1	0	1	1
Fisiología Vexetal II	0	0	1	0
Microbiología Clínica	0	0	0	0
Bioteconoloxía Vexetal	0	0	0	0
Bioquímica II	0	0	0	0
Zoogeografía	0	0	0	0
Xeobotánica	0	0	1	0
Microbiología I	0	0	0	0
Microbiología II	0	0	0	0
Redacción e Execución Proxectos	0	0	0	2
Viroloxía	0	0	0	1
Evolución Humana e Diversidade Molecular	0	0	0	0
Neurobiología	0	0	0	0
Bioquímica I	0	0	0	0
Ecoloxía III	0	0	0	0
Bioxeoquímica	0	0	0	0
Edafología	0	1	0	0
Prácticas externas	0	0	0	0
Bioquímica Clínica	0	1	0	1
Biodiversidade Animal e Conservación	1	0	1	0
Enxeñería Xenética	0	0	0	2
Química para Biología	0	0	0	0
Fundamentos de Biología Animal e Vexetal	0	0	0	0
Biología da Célula	0	0	0	0
Ecoloxía II	0	0	0	0
Xenética II	0	0	0	0
Zoología I	0	0	0	0
Ecoloxía I	0	0	1	0
Xenética I	0	0	0	0
Prácticas extracurriculares	0	0	0	0
Total	12	6	4	3

Desta forma **pódese concluír que a materia que supón o maior problema para que os alumnos poidan defender o TFG é Bioloxía Molecular, e por tanto os suspensos nesta materia poden constituir un importante freo para mellorar a taxa de gradación.** Esta materia ten unha taxa de éxito (INF 17 - Informe de taxa de éxito das materias do plan de estudos) que, respecto doutras do Grao en Bioloxía, non é o menor: 1ª ed; 70,47% (17/18); 79,62% (18/19); 92,64% (19/20); 67,31% (20/21); 78,23% (21/22); 78,57% (22/23); 2ª ed, 79,71% (22/23). Así, no curso 2022/23 teñen unha taxa de éxito menor ao 79% as seguintes materias da 2ª edición do grao: G1022105 - Bioloxía da Célula, G1022106 - Fundamentos de Bioloxía Animal e Vexetal, G1022108 - Bioloxía de Tecidos e Órganos, G1022112 - Bioquímica I: biomoléculas e enzimoloxía, G1022223 - Fisioloxía Animal, G1022224 - Xenética I, G1022228 - Bioquímica II: Metabolismo, G1022230 – Bioxeoquímica e G1022324 - Xenética Evolutiva. **Polo tanto, non parece que sexa a taxa de éxito da materia Bioloxía Molecular un problema.**

A media da porcentaxe de alumnos que superan as materias de cuarto é normalmente superior ao 85%, o que facilita, salvo excepcións, que os alumnos poidan defender o TFG no ano que cursan cuarto curso. Sen embargo, **en comparación co resto de materias de cuarto, a materia Bioloxía Molecular ten unha taxa de éxito menor, o cal pode supoñer un problema ao ter exclusivamente dúas oportunidades para superala.** Por ese motivo, no curso 2022-23 implantouse por primeira vez o terceiro curso da segunda edición do Grao en Bioloxía, no que se cursa esta materia no 3º curso en vez de en 4º. No curso 2023-24, esta cohorte de alumnos chegou a cuarto e cursou o TFG. A nosa hipótese era que esta medida podería contribuír a solucionar o problema do alumnado que non pode defender o seu TFG debido a ter suspensa esta materia. De feito, como xa se comentou, parece observarse unha tendencia á redución na porcentaxe dos alumnos que non defenden o TFG debido a ter como materia pendente **Bioloxía Molecular** nos últimos anos: 87% (21/22), 64% (22/23) e 50% (23/24). Polo tanto, estes datos indican que **podería haber unha tendencia á redución debida a que desde o curso 2022/23 a materia Bioloxía Molecular está en 3º curso da 2ª ed do grao, o que da máis tempo aos estudantes para superar a materia.** Sen embargo, necesitamos máis datos para poder afirmalo. Ademais, nos alumnos que non puideron defender o seu TFG debido a ter entre dúas e catro materias suspensas, esta tendencia non se observa, o cal sinala que outros factores como o momento no que o estudantado ten o exame de Bioloxía Molecular ou que outras materias teñen pendentes pode estar afectando.

2.2.2.- GRAO EN BIOTECNOLOXÍA (1ª ED)

Plan de estudos e modificacións non substanciais

O Grao en Biotecnoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela implantouse progresivamente entre os cursos 2018-2019 e 2021-2022. No curso 2021/2022 rematouse esta coa aparición dun cuarto curso onde estaban presentes materias optativas transversais ou vinculadas ás mencións de Biotecnoloxía Sanitaria, Biotecnoloxía Industrial, ou Biotecnoloxía Agroalimentaria, as prácticas externas e o traballo fin de grao. **Durante o curso 2023-2024 non houbo modificacións non substanciais no plan de estudos da 1ª edición do Grao de Biotecnoloxía.** No ano 2023 presentouse un novo proxecto de Memoria para adaptar o grao ao Real Decreto 822/2021. O principal cambio foi a supresión das mencións pola imposibilidade de ofrecer suficientes créditos optativos para mantelas. A implantación da segunda edición do Grao foi autorizada pola Xunta de Galicia por orde do 15/07/2024. Aproveitouse esta reforma para corrixir algúns problemas detectados na primeira edición, particularmente nos contidos das materias para evitar solapamentos e adaptar mellor o título as necesidades formativas.

Cumprimento das guías docentes

O desenvolvemento das actividades formativas das materias recóllense nas Guías Docentes, onde se indican os obxectivos, contidos, bibliografía (básica e complementaria), competencias, metodoloxía do ensino, sistema de avaliación, tempo de estudo e traballo persoal e recomendacións para o estudo. As Guías Docentes son elaboradas polo profesorado encargado da súa docencia, revisadas polos coordinadores/as de curso e de título, e aprobadas pola Comisión de Título e a Xunta de Facultade (proceso clave PC-02 Planificación das ensinanzas do SGC).

No curso 2023/2024, como nos cursos anteriores, ofertáronse todas as materias establecidas na memoria de verificación. O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspondeuse co establecido na memoria. O tamaño dos grupos axustouse aos módulos aprobados pola USC para os graos.

- Docencia expositiva: 80 estudantes

- Docencia interactiva (seminario): 30 estudantes
- Docencia interactiva (laboratorio, ordenador, etc.): 20 estudantes

No curso 2023/24 o tamaño medio dos grupos de expositivas foi de 50,51 alumnos nas materias obrigatorias e 20 alumnos nas materias optativas.

A adecuación das guías docentes á memoria do grao foi comprobado polo equipo de coordinación do grao. O cumprimento das guías docentes e o correcto desenvolvemento do curso comprobáronse mediante enquisas realizadas aos estudantes polo equipo de coordinación con taxas de resposta do 70%, así como entrevistas con representantes do alumnado. Os valores das enquisas van de 1 (pouco) a 3 (moito). Os resultados máis relevantes foron os seguintes,

- As actividades realizadas na materia axústanse á guía docente: 2.6
- O temario impartido axústase ao programa: 2.6
- As clases prácticas (laboratorio/ordenador/problemas/exercicios) foron útiles: 2.2
- Os seminarios foron útiles: 2.0
- Creo que a docencia da materia mellorou a miña formación: 2.3

Nas entrevistas non se detectaron incidencias graves, unicamente algúns problemas de coordinación menores que se abordaron cos profesores responsables das materias.

Neste sentido, o indicador IN46G (satisfacción do alumnado coa docencia recibida) amosa unha valoración media sobre 5 puntos de 3.85 (2018/19), 3.99 (2019/20), 3.93 (2020/21) 4.27 (2021/22), 4.17 (2022/23) e 4.09 (2023/24), o que supón unha nova redución en relación á valoración nos cursos precedentes (aínda que a valoración segue a ser alta).

Por outro lado, o grao de cumprimento das programacións docentes tamén foi elevado, tal e como indican os resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida que realiza a ACMP (indicador INF13). Así, nesa enquisa o ítem "Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?" ten unha valoración de 4.40 (2021/22), 4.46 (2022/23) e 4.41 (2023/24) sobre 5 puntos, e o ítem "Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia?" ten un valor de 4,33 (2021/22), 4.36 (2022/23) e 4.35 (2023/24) sobre 5 puntos (participación: 35.68%, 47.06% e 51.9%, respectivamente):

- Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?: 4.41
- Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia?: 3.98
- Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia?: 3.97
- O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma?: 3.82
- Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia?: 4.35
- Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación?: 3.91
- O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia?: 4.01
- Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia: 4.04

Concluimos polo tanto que o grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e o cumprimento das programacións docentes é elevado.

Respecto a participación dos estudantes en programas de mobilidade, no curso 2023/24 seis alumnos participaron en programas de mobilidade saínte, 2 no programa Erasmus, 2 no programa Sicue e 2 no programa Erasmus + para a realización de prácticas. Respecto a mobilidade entrante recibíronse 2 estudantes do programa Erasmus, 2 do programa Sicue e 4 de convenios con outras universidades.

Procedementos de coordinación

O título conta cun coordinador de grao e catro coordinadores de curso. Ao comezo do curso 2023-2024 seguíase co mesmo

equipo de coordinadores que o curso anterior. Estes foron:

- Javier Sampedro Jiménez. Coordinador do Grao
- Manuel Noia Guldrís. Coordinador 1º Curso
- Cristina Díaz Jullien. Coordinadora 2º Curso
- Enrique Roca Bordello. Coordinador 3º Curso
- Sabela Balboa Méndez. Coordinadora 4º Curso

En outubro de 2023 o coordinador de terceiro, o profesor Enrique Roca Bordello, indicou que deixaba a coordinación, sendo substituído pola profesora María Teresa Moreira Vilar.

Os procedementos de coordinación están establecidos no SGC (PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas). No centro estanse a facer esforzos importantes no establecemento dos procedementos de coordinación tanto horizontais como verticais, así como no seu cumprimento. Os resultados das enquisas indican que os docentes consideran que a coordinación é efectiva. Na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF.14; participación 48.89% 2021/22, 48.60% 2022/23, 33.93% 2023/24) o ítem “A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada?” ten unha valoración de 4,17 (2021/22), 3.97 (2022/23) e 3.89 (sobre 5 puntos); polo tanto, existe unha tendencia a baixa nos últimos cursos. Por outro lado, na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (INF.23; participación 33.04% 2022/23 e 33.04% 2023/24) o ítem “as e os docentes estamos coordinados na organización do título?” presentou un valor de 4.17 no curso 2022/23 e de 3.89 (sobre 5 puntos) no curso 2023/24, polo que podemos concluír que os docentes seguen a estar satisfeitos cos procedementos de coordinación no Grao de Biotecnoloxía pero que novamente existe unha tendencia a baixa.

Dentro dos Protocolos Propios do SGC do Centro figura a enquisa das materias. Estas enquisas pásanse dúas veces ao longo do curso académico (unha para cada semestre), e son adaptadas para as materias de cada un dos catro cursos. A información recollida por estas 8 enquisas é analizada polo equipo de coordinadores do Grao en Biotecnoloxía e resumida en dous informes (informe do primeiro semestre 2023/2024 e informe do segundo semestre 2023/2024), que foron aprobados de xeito secuencial pola Comisión de Título (23/05/2025) e a Comisión de Calidade (23/05/2025).

Nestes informes semestrais os coordinadores de curso recollen a información obtida a través das enquisas aos estudantes e tamén das entrevistas cos representantes de alumnos nos dous semestres do curso, así como a través das reunións cos coordinadores de materias nos que se abordan entre a outros os problemas de baleiros e duplicidades dentro de cada curso. O coordinador do grao reúnese cos coordinadores do curso para abordar as incidencias dos dous cuatrimestres, así como os problemas de coordinación vertical entre materias. A coordinación horizontal e vertical ao longo dos últimos cursos foi solucionando a maioría dos baleiros e duplicidades detectadas. No curso 2023/24 detectáronse algúns problemas menores, como a falta de coordinación entre as materias de Matemáticas e Física no primeiro curso, un pequeno solapamento entre Microbioloxía II e Xenética II en segundo ou a falta de formación económica dos alumnos para o nivel esixido na materia “Economía e xestión de empresas”. Estes problemas abordáronse cos coordinadores das respectivas materias. Nas enquisas realizadas polo equipo de coordinación pregúntaselle aos estudantes se “O temario impartido é redundante con outras materias do mesmo ou diferente curso” con respostas que van do 1 (pouco) ao 3 (moito). A nota media é un 1.4, o que reflicte que os solapamentos percibidos polos alumnos son menores. Na enquisa realizada ao profesorado a pregunta “As e os docentes estamos coordinados/as na organización do título?” recibiu unha valoración de 3.89 sobre 5.

Respecto das prácticas externas fanse enquisas aos estudantes, a os titores académicos e aos titores das entidades colaboradoras que son revisadas polo responsable de calidade do centro para detectar incidencias. No curso 2023/24 non se detectaron incidencias graves e a satisfacción dos alumnos coas prácticas foi de 4.63 sobre 5. Respecto aos titores académicos a pregunta “A organización e o desenvolvemento xeral do programa de prácticas é axeitada? Foi valorada con 4.5 sobre 5. Finalmente a valoración media do programa de prácticas por parte dos titores externos foi de 4.71 sobre 5.

Análise do perfil de INGRESO

Na memoria verificada explícase que a selección dos alumnos de novo ingreso réxese pola normativa xeral de xestión académica da USC. Non se aplican criterios de admisión específicos nin existen complementos de formación. Como xa

sucedera nos cursos previos, ao ser unha titulación con elevada demanda nas universidades españolas e recente no SUG, as solicitudes foron numerosas. No curso 2023/24 presentáronse un total de 786 solicitudes (760 correspondentes a cota xeral - alumnos/as procedentes do bacharelato e de formación profesional) para cubrir as 50 prazas ofertadas (datos da Comisión Interuniversitaria de Galicia; INF.CIUG). Dos/as 57 alumnos/as que finalmente accederon ao grao, 54 (94.7%) procederon da cota xeral e os 3 restantes (5.3 %) entraron pola cota de discapacitados (1), deportistas (1) e titulados universitarios (1); dentro dos estudantes que entraron pola cota xeral, o 100% (54) procedían do Bacharelato e superaron as probas de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU); ningún estudante procedeu de Formación Profesional (INF.CIUG 2023-24).

A nota de corte da cota xeral (INF.CIUG) foi 12.398 (2023/24), namentres que a nota media de acceso por pre-inscrición (indicador IN06G; panel de indicadores) para o Grao de Biotecnoloxía foi 12.985 (2023/24). De feito, este último indicador evolucionou nos últimos anos do seguinte xeito: 12.56 (2018/19) 12.78 (2019/20) 13.1 (2020/21) 13.02 (2021/22) 12.93 (2022/23) e 12.985 (2023/24). No curso 2021/22 un 60% dos estudantes foron mulleres. Nos cursos 2022/23 e 2023/24 este % pasou a ser o 75% e 72 %. A maioría dos estudantes da cota xeral (51 de 54; 94.4 %) procedían de Galicia, dos cales 27 da provincia de A Coruña (52.9 %), 5 de Lugo (9.8 %), 3 de Ourense (5.9 %), e 16 de Pontevedra (31.4 %). Un estudante da cota procedía do estranxeiro (Países Unión Europea ou con acordo) (INF.CIUG 2023-24).

Ao inicio de cada curso académico a Facultade de Bioloxía organiza un acto de acollida para o alumnado de primeiro curso, na que se realizaba a enquisa de perfil de ingreso (Protocolo do SGC). No curso 2023/24 celebrouse o acto de benvida aos/as alumnos/as de primeiro dos Graos de Bioloxía, Biotecnoloxía e dobre grao de Química-Bioloxía o 13 de setembro de 12:00 a 14:00 na Aula Magna de Bioloxía. Nese acto distribuíuse a habitual enquisa de perfil de ingreso entre o alumnado, que foi informado do interese que ten a recollida desta información para os procesos de calidade e mellora. Na devandita enquisa consultáuselles sobre a nota de acceso, as materias que cursaran no bacharelato, as materias das que se examinarán na proba xeral e na específica e as cualificacións obtidas, así como a orde de prelación dos grados nos que solicitaron o ingreso e as universidades correspondentes. A enquisa foi contestada por 52 alumnos/as de novo ingreso do Grao de Biotecnoloxía, polo que a consideramos representativa (52 dos 57 estudantes; 91.22%). Os resultados máis destacables dos datos aportados polos alumnos/as resúmense a continuación.

En canto as materias cursadas no bacharelato, o alumnado que accedeu ao Grao en Biotecnoloxía cursou maioritariamente Física Química (96%), Bioloxía e Xeoloxía (95%) e Matemáticas I (84%), en 1º curso de bacharelato. En 2º curso, todo o alumnado cursou Química, o 98%, Matemáticas II e o 98% cursou Bioloxía. As porcentaxes de alumnos/as que cursaron Ciencias da Terra e do Medio Ambiente, Xeoloxía e Física, son bastante menores 23, 7 e 30% respectivamente.

En canto as materias elixidas e o rendemento nas probas de acceso a Universidade, os resultados da enquisa ao alumnado que accede ao Grao de Biotecnoloxía indican que, nas probas de acceso, examínase maioritariamente de Matemáticas (97%), Química (91%) e Bioloxía (84%). So o 14% elixe examinarse de Física. Todos os/as alumnos/as que acceden ao Grao de Biotecnoloxía superaron Matemáticas, Bioloxía e Física. Os resultados son moi bos en todas as materias. Respecto ás cualificacións dos exames das distintas materias, as medianas son todas iguais ou superiores a 7,9 puntos sobre 10. Destacan os elevados valores das medianas en Matemáticas, Química (9,3 ou superior) e Bioloxía (8,75 puntos sobre 10).

En 1º curso de bacharelato o alumnado cursou maioritariamente Física Química (96%), Bioloxía e Xeoloxía (95%) e Matemáticas I (84%). En 2º curso, todo o alumnado cursou Química, o 98% cursou Matemáticas II e o 98% Bioloxía. Pódese concluír que o alumnado que accede ao Grao en Biotecnoloxía que se imparte na Facultade de Bioloxía cursou maioritariamente as materias de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas I, Bioloxía, Química e Matemáticas II. Isto plásmase na elección das materias das que se examinan na ABAU, que adoitan ser Bioloxía, Química e Matemáticas, nas que aproban a maioría do alumnado e presentan unhas notas cuxo valor da mediana corresponde a unha cualificación de sobresaínte en Bioloxía e Química e sobresaínte alto (mediana de 9,5 puntos) en Matemáticas.

No curso 2023-2024 o porcentaxe de alumnado que seleccionou o Grao en Biotecnoloxía da USC como primeira opción foi do 91.2%. Estes datos indican que o Grao en Biotecnoloxía ten unha alta demanda por parte de estudantes motivados e con notas elevadas e que cursaron maioritariamente as materias máis adecuadas para adquirir a formación necesaria para afrontar estes estudos. En canto á nota de acceso da ABAU, as notas de acceso do alumnado de Biotecnoloxía son moi elevadas; na maioría

son superiores a 12 puntos sobre 14, con media de 12,8 e mediana de 12,9 puntos. A nota mais baixa foi 7,4 e a mais alta 13,7. As notas do curso 2023/24 mantivéronse semellantes ás do curso 2022/23. Pódese concluír que o alumnado que accede ao grao que se imparte na Facultade de Bioloxía é un alumnado con notas de acceso de notable e sobresaínte.

O perfil de ingreso dos alumnos considerase adecuado para cursar os estudos de biotecnoloxía como o proban as elevadas taxas de éxito (93.63%), de rendemento (90.68%) e de graduación (88,89%). Estas taxas son superiores aos últimos datos medios publicados polo Sistema Universitario Español (SUE) para o ámbito das Ciencias da Vida cun 88.26% de taxa de éxito do, 81.24% de taxa de rendemento e 62,71% de taxa de graduación. Pola outra parte a taxa de abandono en primeiro curso (18.75%) e similar a media do SUE (18.92%).

Análise do perfil de EGRESO

Nos cursos 2021/2022, 2022/23 e 2023/24 graduáronse a primeira, segunda e terceira promoción do Grao en Biotecnoloxía, respectivamente. No curso 2023/24 graduáronse 50 alumnos, 37 deles aos 4 anos de iniciar os estudos, 5 deles tras 5 anos e outros 8 que entraron dende outro grao. Dos 30 graduados que responderon a enquisa realizada, 2 están traballando con contrato de técnicos, 1 está estudando Medicina, 1 está preparando o BIR e 24 están realizando un máster, 8 deles na USC. A lista de másteres e a seguinte: Xenómica e xenética-USC (3), Investigación biomédica-USC (2), Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos-USC (1), Biociencias moleculares-USC (1), Profesorado-USC (1), Ciencia e Tecnoloxía Agro alimentaria e Ambiental-UVIGO (4), Bioloxía Sanitaria-UCM (2), Ensaio clínicos-UAM (1), Investigación Farmacolóxica-UAM (1), Bioinformática-VIU (4), Formación de Profesorado-Nebrija (1), MBA en Industria Farmacéutica e Biotecnolóxica-EPHOS (1), Drug Discovery Sciences-Vrije Universiteit Amsterdam (1) e Molecular Biomedicine-University of Copenhagen (1). Polo tanto, a inserción académica é destacada: dos 30 que responderon a unha enquisa, 24 están a cursar másteres, 8 deles na USC, e o resto en universidades nacionais e internacionais, o que reflicte unha formación sólida e versátil. Ademais, hai xa graduados traballando como técnicos ou preparando oposicións e exames como o BIR, o que evidencia unha boa proxección profesional e investigadora. De todos os xeitos, para analizar máis polo miúdo o perfil de egreso teremos que esperar unha serie de anos máis e poder dispoñer de datos sobre inserción laboral dos/as egresados/as do Grao de Biotecnoloxía procedentes do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)/Secretaría Xeral de Universidades (EIL: Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia).

Resultados das materias

O SGC da Facultade de Bioloxía conta cun informe propio ("Informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente") para a detección de materias que, de forma recorrente, presentan baixas taxas de superación, funcionando este como un sistema de alerta que permite ter a información necesaria para poder corrixir as desviacións que presentan algunhas materias, respecto das porcentaxes de superación das materias do grao. Seguindo este protocolo, se unha materia obtivera valores de superación inferiores ao percentil do 20% (acumulativo de todas as materias dende que se empezou a impartir a titulación) durante dous cursos consecutivos, entraría na denominada alarma temperá. Nestes casos, o profesorado e o departamento responsable da docencia son informados, e se lles solicita que apliquen medidas para corrixir as desviacións detectadas (revisar e analizar a planificación, metodoloxía e sistemas de avaliación docente), para garantir que o alumnado alcance os resultado da aprendizaxe esperados.

En canto aos resultados xerais obtidos, a media (ponderada polo número de créditos) de alumnos/as que superan en cada convocatoria (incluíndo as dúas oportunidades) as materias do grao de Biotecnoloxía foi, dende o inicio dos estudos, do **93%, o que é unha media moi alta.** Esta media variou desde o curso académico 2018/19 (momento da implantación do Grao en Biotecnoloxía) ata o 2022/23 do seguinte xeito: 84% (2018/19), 95% (2019/2020), 92% (2020/21), 92% (2021/2022), 95% (2022/2023) e 93% (2023/2024) (ver táboa 1). Os valores desta serie hai que interpretalos con cautela. En primeiro lugar porque

os tres primeiros cursos coinciden coa implantación de primeiro (2018/19), primeiro/segundo (2019/20), e primeiro/segundo/terceiro (2020/21), mentres que a partir do curso 2021/22 se corresponde coa implantación dos catro cursos do Grao en Biotecnoloxía, e polo tanto os datos son máis estables. Por outro lado, o valor algo máis elevado do curso 2019/2020 (95%) está relacionado coa pandemia, que obrigou a que a docencia do segundo semestre e o proceso de avaliación foran telemáticas. Polo tanto, os resultados da taxa de superación das materias no Grao en Biotecnoloxía é moi alta e estable, o cal concorda coa alta nota de acceso a estes estudos (ver Táboa).

	Primeiro	Segundo	Terceiro	Cuarto	Media de cada cohorte	Nota de corte PAU
2018/2019	84%					12,02
2019/2020*	92%	98%				12,34
2020/2021	88%	90%	98%			12,75
2021/2022	80%	91%	98%	100%	94,9% (1ª)	12,68
2022/2023	87%	89%	96%	99%	94,8 (2ª)	11,930
2023/2024	89%	86%	93%	98%	93,0% (3ª)	12,398
Media	86%	91%	96%	99%	93,0%	--
E.E.	2%	2%	1%	1%	--	--
*O curso 2019/2020 coincidiu coa pandemia pola COVID-19 e a docencia e avaliación telemática						

Se aumentamos o nivel de detalle podemos observar a media das porcentaxes de superación das materias para cada curso (primeiro, segundo, terceiro, cuarto) e curso académico (desde 2018/19 a 2023/24) da 1ª edición do Grao en Biotecnoloxía (ver Figura a continuación). Complementa esta información a Táboa previa, que inclúe estas mesmas porcentaxes xunto coa media e o erro estándar correspondente a cada curso. Tanto a Figura como a Táboa revelan que as porcentaxes de superación nas materias de primeiro e segundo no curso académico 2019/20 son superiores aos dos restantes cursos académicos.




Figura. Media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do Grao e curso académico.

En relación cos resultados do curso 2023/24 (xa con 3 anos de implantación completa do Grao en Biotecnoloxía) (ver Táboa anterior), os resultados promedio das materias amosan valores máis baixos nos dous primeiros cursos: primeiro (89%), segundo (86%), terceiro (93%), e cuarto (98%). Isto ven a coincidir coa presenza dun conxunto de materias en primeiro e especialmente en segundo nos que os/as alumnos/as teñen máis dificultades para superalas. Finalmente, como se pode observar na Figura anterior, despois dunha progresiva caída na taxa de superación media no primeiro curso debido a presenza dun número de materias con resultados por debaixo do percentil do 10% (ver a continuación), este valor recuperouse novamente para acadar un 87% no curso 2022/2023 e un 89% no curso 2023/2024 (ambos por enriba do PC20%, 85-86%). Sen embargo, parece apreciarse unha paulatina caída nos valores das taxas de superación en segundo, terceiro e cuarto (Figura e Táboa anteriores) á que haberá que prestarlle atención nos próximos cursos.

A continuación, aumentando o nivel de detalle, preséntase a porcentaxe de alumnos/as que superan unha determinada materia en cada un dos cursos académicos; os resultados agrupáronse por curso do Grao. Calculouse, para o total das materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu, o percentil inferior do 10 e 20% da porcentaxe de alumnos que superan as materias. Estes percentís tiveron os valores do **81%** para a $p=0.1$ e do **85%** para a $p=0.2$ no curso 2023/2024

Primeiro curso

A media de alumnos/as matriculados/as que superaron as materias do primeiro curso foi, no curso 2021/22, do 80%, por debaixo do curso inmediatamente anterior (88%), pero este valor recuperouse nos cursos 2022/23 (87%) e 2023/24 (89%). No curso 2023/24 unha materia presenta un porcentaxe de superación < PC20% (Bioloxía Celular) e dúas por debaixo do PC 10%: Bioloxía do Desenvolvemento e dos Tecidos e Órganos e Microbioloxía I. Sen embargo, no caso de **Bioloxía do Desenvolvemento e dos Tecidos e Órganos, esta materia leva 3 anos seguidos con valores de taxa de superación por debaixo do PC10%; polo tanto, esta materia segue co sistema de alarma temperá activado (cursos 2022/23 e 2023/24).**

En relación a Fundamentos de Procesos Biolóxicos, os datos do curso 2022/23 indicaban que esta materia levaba tres anos consecutivos por debaixo do PC10%. Sen embargo, no curso 2022-2023 a materia soamente tivo 5 alumnos, polo que a porcentaxe de superación correcta parecía corresponderse con “Fundamentos de enxeñaría de bioprocesos”, que é a nova denominación da materia; esta última tivo unha porcentaxe de superación do 95% no curso 2022/23 e do 88% no curso 2023/24, polo que xa non existen problemas na taxa de superación da materia. Polo tanto, os problemas parecen centrarse sobre todo en Bioloxía do Desenvolvemento e dos Tecidos e Órganos (2 anos consecutivos <PC10%), o cal será comunicado desde a CCC ao departamento correspondente.

PRIMEIRO	Matemáticas	Física	Química	Bioloxía celular	Bioestatística e deseño experimental	Técnicas analíticas e instrumentais	Bioloxía do desenvolvemento e dos tecidos e órganos	Fundamentos de procesos biolóxicos	Microbioloxía I	Termodinámica e cinética química	Fundamentos de enxeñaría de bioprocesos	promedio pond. curso	percentil 10%	percentil 20%
2018/2019	90%	86%	80%	82%	96%	90%	80%	68%	86%	78%		84%	82%	85%
2019/2020	93%	88%	93%	84%	93%	95%	93%	90%	97%	93%		92%	82%	85%
2020/2021	84%	89%	100%	86%	92%	98%	85%	75%	82%	85%		88%	82%	85%
2021/2022	81%	81%	90%	83%	84%	86%	65%	75%	81%	74%		80%	81%	85%
2022/2023	84%	92%	94%	87%	96%	93%	80%	60%	86%	88%	95%	87%	81%	86%
2023/2024	86%	95%	98%	84%	94%	95%	79%		78%	90%	88%	89%	81%	85%
Media	86%	88%	93%	84%	93%	93%	80%	74%	85%	85%	92%	86%		
E.E.	2%	2%	3%	1%	2%	2%	4%	5%	3%	3%	4%	2%		

*Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos/as que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A trama laranxa o do 20%.

Segundo curso

O valor medio de taxa de superación das materias de segundo son lixeiramente superiores as de primeiro. Non obstante, apreciase un empeoramento dos valores medios da taxa de superación con paso dos sucesivos cursos académicos desde 2019/20 a 2023/24: 98% → 90% → 91% → 89% → 86%. Isto está relacionado co aumento de materias que presentan taxas de superación menores que o PC20%. Así, no curso 2020/21 soamente era 1 (Bioquímica II), no curso 2021/22 eran 2 materias (Bioquímica II e Transferencia de Flúidos), no curso 2022/23 eran 4 materias (Bioquímica II, Xenética I, Fisioloxía Vexetal I e Enxeñaría Xenética), e finalmente no curso 2023/24, son 6 as materias (Fisioloxía, Bioquímica II, Transferencia de Flúidos, Fisioloxía Vexetal I, Enxeñaría Xenética e Inmunoloxía). De feito, 3 destas materias obtiveron resultados por debaixo do PC20% (Inmunoloxía, Fisioloxía Vexetal I e Transferencia de Flúidos) no curso 2023/24, e as tres restantes por debaixo do PC10%: Fisioloxía, Bioquímica II e Enxeñaría Xenética. O problema máis importante parece atoparse na materia **Bioquímica II**, cunha porcentaxe de superación <PC 10% nos últimos catro cursos (2020/21, 77%; 2021/22, 77%; 2022/23, 74%; 2023/24, 81%), uns resultados que se afastan bastante dos de outras materias do grao. Existen tamén problemas en **Fisioloxía Vexetal** (por debaixo do PC20% dous anos seguidos; 2022/23 e 2023/24), e **Enxeñaría Xenética** (por debaixo do PC20% en 2022/23 e por debaixo do PC10% en 2023/24). **Polo tanto, deberá activarse o sistema de alarma temperá para estas tres materias (Bioquímica II, Fisioloxía Vexetal Enxeñaría Xenética), e será comunicado aos departamentos para que tomen as medidas pertinentes para corrixir esta problemática.**

	Bioquímica I	Fisioloxía	Bioquímica II	Transporte de fluídos e transmisión de calor	Microbioloxía II	Xenética I	Fisioloxía Vexetal	Enxeñaría Xenética	Inmunoloxía	Xenética II	promedio pond. curso	percentil 10%	percentil 20%
SEGUNDO													
2019/2020	100%	100%	100%	85%	100%	100%	97%	100%	100%	100%	98%	82%	85%
2020/2021	96%	91%	77%	90%	88%	91%	86%	86%	98%	94%	90%	82%	85%
2021/2022	94%	94%	77%	81%	96%	90%	85%	94%	98%	98%	91%	81%	85%
2022/2023	95%	93%	74%	91%	100%	85%	82%	84%	95%	95%	89%	81%	86%
2023/2024	88%	81%	81%	85%	90%	89%	82%	81%	84%	95%	86%	81%	85%
Media	95%	92%	82%	86%	95%	91%	86%	89%	95%	96%	91%		
E.E.	2%	3%	5%	2%	3%	3%	3%	4%	3%	1%	2%		
*Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos/as que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A trama laranxa o do 20%.													

Terceiro curso

Os resultados das materias de terceiro curso no curso 2023/24 seguen a ser excelentes, cunha media de taxa de superación do 93%. Sen embargo, ao igual que acontecía no segundo curso, apreciase unha redución paulatina nas taxas de superación das materias desde 2020/21 ata 2023/24: 98% → 98% → 96% → 93%. De feito, no curso 2023/24 unha materia tivo resultados por primeira vez por debaixo do PC20% (Biotecnoloxía Vexetal) e outra por debaixo do PC10% (Transferencia de materia). Dado que este é o primeiro ano que acontece, non se activa o sistema de alarma temperá, pero haberá que estar pendentes do empeoramento dos resultados o próximo curso.

	Bioinformática	Transferencia de materia	Cultivos celulares e enxeñaría tisular	Control de calidade	Biotecnoloxía vexetal	Biotecnoloxía animal	Biorreactores	Biotecnoloxía de alimentos	Biotecnoloxía microbiana	Biotecnoloxía ambiental	Estrutura e enxeñaría das proteínas	Protéomica e metabolómica	promedio pond. curso	percentil 10%	percentil 20%
TERCEIRO															
2020/2021	100%	100%	93%	92%	97%	100%	100%	98%	95%	100%	100%	97%	98%	82%	85%
2021/2022	100%	98%	100%	98%	89%	98%	98%	100%	100%	100%	100%	98%	98%	81%	85%
2022/2023	96%	100%	96%	98%	88%	98%	98%	100%	96%	89%	98%	96%	96%	81%	86%
2023/2024	98%	76%	91%	100%	82%	100%	87%	98%	98%	93%	100%	100%	93%	81%	85%
Media	99%	94%	95%	97%	89%	99%	96%	99%	97%	96%	100%	98%	96%		
E.E.	1%	6%	2%	2%	3%	1%	3%	1%	1%	3%	1%	1%	1%		
*Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos/as que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A trama laranxa o do 20%.															

Cuarto curso

Para finalizar, os resultados do cuarto curso da 1ª edición do Grao en Biotecnoloxía preséntanse a continuación (táboa 5). O valor medio foi do 100% no curso 2021/22, no curso 2022/23 foi do 99%, e no curso 2023/24 foi do 98%. Polo tanto, aínda que os resultados en cuarto son excelentes, parece apreciarse un lixeiro empeoramento dos resultados medios do curso que coincide coa aparición no curso 2023/24 dunha materia con valor inferior ao PC20% (Producción e Mellora Vexetal) e unha materia con valor inferior a PC10% (Operacións de Separación), con 6 e 2 alumnos/as, respectivamente. Dado que esta é a primeira vez que acontece, non se activa o sistema de alarma temperá. Ademais, é moi probable que o baixo número de estudantes nestas dúas materias faga menos estables ao longo dos cursos os resultados da taxa de superación. De feito, isto podería producirse en outras materias de cuarto con baixo número de estudantes (<10) como: Instrumentación e Control de

Procesos (3 alumnos/as en 2023/24), Laboratorio de Biotecnología Industrial (3 alumnos/as en 2023/24), Bioprocesos Industriais e Ambientais (4 alumnos/as en 2023/24), Proxectos e Deseño de Instalacións (2 alumnos/as en 2023/24) e Modificación Xenética de Plantas (6 alumnos/as en 2023/24). Como pode observarse, a maioría destas materias están relacionadas co ámbito da biotecnología aplicada a procesos industriais.

CUARTO	Economía e xestión de empresas	Seguridade e aspectos legais e éticos da biotecnoloxía	Traballo fin de grao	Biomateriais e biosensores	Biotecnoloxía médica	Biotecnoloxía veterinaria	Nanobiotecnoloxía	Biotecnoloxía farmacéutica	Vacinas e aplicacións biotecnolóxicas dos virus	Operacións de separación	Instrumentación e control de procesos	Laboratorio de biotecnoloxía industrial	Bioprocesos industriais e ambientais	Proxectos e deseño de instalacións	Procesos biotecnolóxicos na industria alimentaria	Modificación xenética de plantas	Produción e mellora vexetal	Biotecnoloxía marítima e acuicultura	Nutrixénica e nutrixénica	promedio pond. curso	percentil 10%	percentil 20%	
2021/2022	95%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%		100%		100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	81%	85%
2022/2023	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	93%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	96%	100%	99%	81%	86%	
2023/2024	100%	98%	100%	100%	91%	100%	97%	92%	100%	50%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	83%	95%	100%	98%	81%	85%	
Media	98%	99%	100%	100%	97%	100%	99%	97%	98%	75%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	94%	97%	100%	99%			
E.E.	2%	1%	0%	0%	3%	0%	1%	3%	2%	20%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	6%	2%	0%	1%			
*Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos/as que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A trama laranxa o do 20%.																							

Información proporcionada pola ACMP

A información proporcionada pola enquisa de centro é complementada pola información subministrada pola ACMP, que indicou que no curso 2023/24 todas as materias do Grao en Biotecnología presentaron:

- Taxas de éxito (INF 17) superiores ao 85%, salvo G1051122 - Microbiología I (82.14%) e G1051202 – Fisiología (83.02%).
- Taxas de rendemento (INF 18) superiores ao 80%, salvo G1051107 - Biología do desenvolvemento e dos tecidos (77.42%), G1051122 - Microbiología I (76.67%) e G1051322 - Transferencia de materia (75.61%),
- Taxas de avaliación (INF 19) superiores ao 90%, salvo G1051107 - Biología do desenvolvemento e dos tecidos (88.71%) e G1051322 - Transferencia de materia (85.37%)

A análise destes indicadores do Grao en Biotecnología no curso 2023/24 revela un **alto grao de implicación e rendemento do alumnado**. A maioría das materias presentaron **taxas de éxito superiores ao 85%**, o que indica que os estudantes superaron a maioría das materias nas que se presentaron a exame. As **taxas de rendemento**, que miden os créditos aprobados en relación cos matriculados, tamén foron maioritariamente superiores ao 80%, o que reflicte unha boa eficacia tanto do alumnado como da docencia. Finalmente, as **taxas de avaliación**, que indican a participación nas probas, superaron o 90% na maioría das materias, evidenciando unha alta asistencia aos exames. As poucas excepcións (como **Microbiología I**, **Transferencia de materia** e **Biología do desenvolvemento e dos tecidos**) suxiren áreas concretas onde podería ser útil revisar metodoloxías ou reforzar o apoio ao alumnado, pero en conxunto os datos amosan un **rendemento académico moi positivo e unha boa dinámica formativa no grao**. Polo tanto, os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Conclusión

De forma xeral, no curso 2023/24, non se detectaron problemas nas taxas de superación das materias de terceiro e cuarto da 1ª edición do Grao en Biotecnología. Sen embargo, no 1º curso parecen existir algúns problemas na taxa de superación de **Biología do Desenvolvemento e dos Tecidos e Órganos, que leva 3 anos seguidos respectivamente con valores de taxa de superación das materias por debaixo do PC10%**. En canto ao segundo curso, presenta problemas **Bioquímica II**, cunha porcentaxe de superación <PC 10% nos últimos catro cursos (2020/21, 77%; 2021/22, 77%; 2022/23, 74%; 2023/24, 81%), **Fisiología Vexetal** (por debaixo do PC20% dous anos seguidos; 2022/23 e 2023/24), e **Enxeñaría Xenética** (por debaixo do PC20% en 2022/23 e por debaixo do PC10% en 2023/24).. De acordo co criterio incluído no SGC da Facultade de Biología, que funciona a modo de alarma temperá, deberá prestarse atención sobre aquelas materias que, durante dous anos consecutivos, amosan valores de porcentaxes de superación inferiores ao percentil do 20% para todas as materias desde que

se empezou a impartir a titulación. Este sistema de alarma temperá foi elaborado para poder corrixir as desviacións dalgunhas materias respecto das porcentaxes de superación do total das materias correspondentes ao Grao. No curso 2023/24 activouse o sistema de alarma temperá para as materias **Biología do Desenvolvemento e dos Tecidos e Órganos (1º; PC10%), Bioquímica II (2º; PC10%), Fisiología Vexetal I (2º; PC20%) e Enxeñería Xenética (2º; PC10%)**. Polo tanto, os resultados das taxas de superación das materias téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Chegados a este punto, sen embargo, deberase facer a reflexión de si este criterio é demasiado esixente, xa que unha taxa de superación do 79% no caso de Biología do Desenvolvemento e dos Tecidos e Órganos (1º), do 81% en Bioquímica II (2º), do 82% en Fisiología Vexetal I (2º) e do 81% en Enxeñería Xenética (2º) tampouco parecen valores demasiado baixos. Polo tanto, o uso do PC20% ou incluso PC10% no caso de Graos como o de Biotecnoloxía, con taxas globais de superación das materias altas, semella un criterio excesivo que fai que se active o sistema de alarma temperá con resultados que non poden ser catalogados de malos. Conclúese que será necesario modificar o sistema de alarma temperá nos informes propios do centro. Este tema foi tratado conxuntamente nas Comisións de Título extraordinarias tanto do Grao en Biología como do Grao en Biotecnoloxía do 23 de maio de 2025, na reunión extraordinaria da Comisión de Calidade do Centro de ese mesmo día, e na Xunta de Facultade Ordinaria do 6 de xuño de 2025 (5.- Aprobación, se procede, do documento de informes propios do SGC Sistema de Garantía de Calidade da Facultade Biología), onde aprobouse tras votación fixar un valor fixo do 65% de taxa de superación en vez dun sistema de percentil; é dicir, o novo sistema de alarma temperá activarase naquelas materias que, durante dous anos consecutivos, amosen valores de porcentaxes de superación inferiores ao 65%.

Resultados do título

Indicadores de demanda

En canto a **oferta**, a 1ª ed do Grao en Biotecnoloxía mantivo unha oferta estable de 50 prazas anuais desde 2018/19, sen cambios significativos ata o curso 2023-2024 (Panel de Indicadores; Indicador IN01G Prazas ofertadas).

En canto á **matrícula**, o número global de estudantes (Panel de Indicadores; Indicador IN02G Matrícula global) no curso 2023/24 na 1ª ed do Grao en Biotecnoloxía foi de 206 estudantes entre os catro cursos. En relación á matrícula de acceso (Panel de Indicadores; Indicador IN03G Matrícula de acceso), esta tivo a evolución seguinte (sempre por enriba da oferta): 50.0 (18/19), 59.0 (19/20), 54.0 (20/21), 54.0 (21/22), 55.0 (22/23), 57.0 (23/24). En canto a matrícula de novo ingreso (Panel de Indicadores; Indicador IN04G, Matrícula de novo ingreso por pre inscrición), na 1ª ed do Grao en Biotecnoloxía tivo a seguinte evolución (sempre por riba tamén da oferta): 50.0 (18/19) 57.0 (19/20) 50.0 (20/21) 52.0 (21/22), 54.0 (22/23) 55.0 (23/24). Respecto á nota media de acceso (panel de indicadores; indicador IN06G Nota media de acceso por pre inscrición), a súa evolución foi a seguinte: 12.56 (18/19), 12.78 (19/20), 13.1 (20/21), 13.02 (21/22), 12.93 (22/23) e 12.98 (23/24). Polo tanto, o Grao en Biotecnoloxía amosa unha evolución positiva e consolidada entre os cursos 2018/19 e 2023/24, cunha matrícula de acceso e de novo ingreso consistentemente por enriba da oferta, o que reflicte unha alta demanda sostida. A nota media de acceso mantense elevada e estable, arredor do 13, o que indica que o grao atrae alumnado cun bo expediente académico. Ademais, a matrícula total no curso 2023/24 acada os 206 estudantes, evidenciando unha estrutura sólida e unha capacidade de retención efectiva ao longo dos catro cursos.

O **perfil do estudantado** tamén ofrece información relevante. Entre os cursos 2018/19 e 2023/24, o perfil do estudantado do Grao en Biotecnoloxía mostra unha progresiva apertura territorial. Segundo o indicador IN08G (porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados), a evolución foi: 0.0 % (18/19), 1.02 % (19/20), 1.37 % (20/21), 1.05 % (21/22), 1.49 % (22/23) e 1.94 % (23/24). Pola súa banda, o indicador IN09G (porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados) presenta valores máis elevados: 0.0 % (18/19), 3.06 % (19/20), 2.05 % (20/21), 3.14 % (21/22), 2.49 % (22/23)

e 2.43 % (23/24). Estes datos indican que o grao atrae alumnado tanto internacional como nacional de fóra da comunidade autónoma, especialmente deste último grupo, e que nos últimos anos se aprecia unha lixeira mellora na captación de estudantes estranxeiros, aínda que as proporcións seguen a ser relativamente baixas.

Finalmente, entre os cursos 2018/19 e 2023/24 os datos sobre a adecuación da oferta á demanda no Grao en Biotecnoloxía reflicten unha situación moi positiva. Segundo o indicador IN10G (relación de estudantes pre inscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas), os valores foron: 86.0 % (18/19), 100.0 % (19/20), 90.0 % (20/21), 92.0 % (21/22), 94.0 % (22/23) e 100.0 % (23/24), o que mostra unha tendencia xeral de crecemento e estabilización na cobertura da oferta. Pola súa parte, o indicador IN12G (taxa de ocupación) foi sempre superior ao 100 %, con valores de 100.0 % (18/19), 114.0 % (19/20), 100.0 % (20/21), 104.0 % (21/22), 108.0 % (22/23) e 110.0 % (23/24), o que evidencia unha demandas superior á capacidade ofertada e unha ocupación plena e sostida ao longo dos anos.

Indicadores de resultados

Os valores da taxa de rendemento (IN34G), taxa de éxito (IN35G) e taxa de avaliación (IN36G) do Grao en Biotecnoloxía que figuran no panel de indicadores (P.Ind_2023-24) foron do 90.68%, 93.63% e 96.84% respectivamente. A evolución destas taxas nos últimos anos é a seguinte: Taxa de rendemento (IN34G), 83.6 (2018/19), 93.91 (2019/20), 91.04 (2020/21), 91.79 (2021/22), 92.84 (2022/23) e 90.68 (2023/24); taxa de éxito (IN35G), 90.09 (2018/19), 97.06 (2019/20), 94.19 (2020/21), 95.49 (2021/22), 95.68% (2022/23) e 93.63 (2023/24; e taxa de avaliación (IN36G), 92.8 (2018/19) 96.75 (2019/20) 96.65 (2020/21), 96.12 (2021/22), 97.04 (2022/23) e 96.84 (2023/24). En conclusión, os datos mostran que o Grao en Biotecnoloxía mantén un nivel de rendemento académico moi satisfactorio, superando amplamente o limiar recomendado do 80 % na taxa de rendemento na memoria do título, o que indica que a maior parte dos créditos nos que se matriculan os estudantes son superados. A elevada taxa de éxito reflicte que o alumnado que se presenta aos exames supera a maioría das materias, mentres que a alta taxa de avaliación revela unha participación moi activa nos procesos de avaliación. En conxunto, estes indicadores evidencian un bo grao de eficacia tanto do estudantado como da institución no desenvolvemento da actividade académica.

Non obstante, na análise dos resultados, hai unha cuestión sobre a cal temos que estar alerta, e é a relacionada coa taxa de abandono do alumnado. En aplicación do protocolo “Método de intervención sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos do grao” a ACMP, unha vez finalizado o primeiro semestre, envía ao centro a información do alumnado que podería estar en **risco potencial de abandono** por non ter contidos superados nin recoñecidos nese primeiro semestre de docencia (INF 20 - Informe de abandono potencial Estudiantes sen contidos superados nin recoñecidos no primeiro semestre de docencia). Así, aparecen na lista de abandono potencial do curso académico 2023/24 un número de **9 alumnos/as** na 1ª edición do Grao en Biotecnoloxía (2503766) debido a estar matriculados de 2-6 materias pero non ter contidos superados nin recoñecidos no primeiro semestre.

En canto a **taxa de abandono real** calculada polo SGIC da Facultade de Bioloxía (Protocolos Propios), dez dos/as cincuenta alumnos/as (20%) que comezaron os estudos no curso 2018/2019 non están matriculados de ningunha materia do grao no curso 2020/21; entre eles inclúense dous dos alumnos/as en risco potencial de abandono do curso 2018/19. Por outro lado, seis dos cincuenta e sete alumnos/as que comezaron os estudos no curso 2019/20 (10,5%) non están matriculados no grao no curso 2020/21 e 2021/22. Cunha porcentaxe similar (12%), seis dos cincuenta alumnos/as matriculados no grao no curso 2020/21 non están matriculados no curso 2021/22 e 2022/23. Por outro lado, nove dos cincuenta e dous alumnos/as matriculados no grao no curso 2021/22 (17,3%) non están matriculados nos cursos 2022/23 e 2023/24. Finalmente, tres dos cincuenta e catro alumnos/as matriculados no grao de Biotecnoloxía no curso 2022/23 (5.6 %) non están matriculados nos cursos 2023/24 e 2024/25, o que supón o valor máis baixo da serie histórica tras un certo ascenso nos últimos anos que

probablemente ten que ver coa situación de pandemia vivida: 20% (2018-19), 10.5% (2019-20), 12% (2020-21), 17.3% (2021-22) e 5.6% (2022-23).

Si nos fixamos agora na taxa de abandono 1º curso (%) ACMP (P. Ind; IN40G), esta seguiu a evolución seguinte desde o curso 2020-21: 20.83% (20/21), 7.41% (21/22) e 10.64% (2022/23), o que non parece encaixar ben coa taxa de abandono 1º curso (%) calculada polo Centro: 12% (20/21), 17.3% (21/22) e 5,6% (22/23); é probable que estas diferenzas sexan debidas a que os números da ACMP inclúen aqueles estudantes que anularon a matrícula na materia, namentres que os números do centro non reflicten este feito. Finalmente, como xa se comentou, o curso 22-23 é a primeira vez que aparecen os datos sobre a Taxa de abandono RD1393/2007 (%) (ACMP; P. Ind; IN41G; a porcentaxe entre os/as estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior); esta taxa de abandono (22.92%) é lixeiramente superior ao resultado previsto na memoria do título (20%). No curso 23-24, a taxa de abandono parece estar situada no 9,26%, polo que estaría por debaixo da previsión do título. Esperaremos a ver a evolución desta taxa nos próximos anos para valorar a importancia desta desviación.

Aínda que se intenta facer un seguimento individualizado do destino do alumnado, nalgúns casos isto non é posible. Cando se realiza un cambio de expediente a outro centro da USC, a aplicación permite identificar cal foi; nestes casos o traslado de expediente compútase como cambio de estudos a outros graos da USC. Tamén nos permite coñecer se houbo un traslado de expediente a outra universidade, pero non se ten información sobre a identidade da universidade ou do grao de destino. Por último, unha serie de alumnos/as desaparecen sen que se poida solicitar maior información, e estes consígnanse como abandonos. Do alumnado das catro cohortes (2018/19, 2019/20, 2020/21, 2021/22 e 2022/23) que deixaron o grao en Biotecnoloxía por diferentes motivos, aproximadamente un 47% (16 de 34) matriculouse en diferentes graos englobados nas titulacións de Ciencias ou Ciencias da Saúde, especialmente en Medicina, Enfermería e Psicoloxía. De feito, si nos fixamos no abandono do alumnado da cohorte que comezou os seus estudos no curso 2022/23 (3 alumnos/as; menor en comparación coa cohorte precedente de 2021/2022; 9 alumnos/as), un 34% do alumnado que abandonou os estudos matricularonse nun dos graos englobados nas titulacións de Ciencias da Saúde ou Ciencias (1 Medicina). En cambio, ningún alumno/a fixo un cambio a outros graos da USC (0%). Por outro lado, 1 alumno/a (33 %) fixo un traslado de expediente, 1 alumno/a (33 %) abandonou os estudos, e ningún fixo intercambio (0 %).

En conclusión, a taxa de abandono RD1393/2007 prevista na memoria da 1ª edición do Grao en Biotecnoloxía é do 20%. A Taxa de abandono do RD1393/2007 (%) proporcionada pola ACMP (P. Ind; IN41G) para o curso 2022/23 foi do 22,92%, lixeiramente por enriba do valor previsto (20%); non parece demasiado importante esta desviación, pero haberá que esperar á evolución deste dato nos próximos anos por si fose necesario tomar algún tipo de medidas. En canto a taxa de abandono 1º curso (%), as calculadas polo centro para as cinco cohortes (18/19, 19/20, 20/2, 21/22 e 22/23) foron menores ou iguais ao 20%, especialmente no curso 22/23 (5,6%), namentres que a proporcionada pola ACMP (P. Ind; IN40G) aparece cun valor do 10,64% no 22/23.

2.2.3.- MÁSTER UNIVERSITARIO EN ACUICULTURA

Plan de estudos e modificacións non substanciais

Este Máster interuniversitario ten como responsable do título á Universidade de Santiago (USC). O plan de estudos do Máster de Acuicultura aplícase segundo indica a memoria do título actualizada cada ano para axustarse á realidade dos recursos humanos e materiais. O curso 2023-24 desenvolveuse sen incidentes máis alá dos relativos a fallos técnicos (da rede o dalgún equipo de videoconferencia) que foron moi esporádicos e se solucionaron con celeridade. Realizáronse tódalas actividades programadas, tanto de docencia teórica como práctica, na universidade e en empresas, así como as visitas programadas nas guías docentes.

Cumprimento das guías docentes

Como se indica no apartado anterior, durante o curso 2023-24 realizáronse as actividades programadas nas guías docentes, sen que houbera alteracións relevantes da docencia.

Procedementos de coordinación

A coordinación aos diferentes niveis levouse a cabo seguindo os procedementos indicados na Guía da Titulación:


- **Coordinador de materia.-** En cada materia existe un coordinador docente (un dos profesores, ou algún membro da Comisión de Coordinación (no caso de que non haxa docentes universitarios), que se encarga de supervisar o seguimento da guía docente, o reparto de actividades entre os profesores da materia, a impartición da docencia e a atención aos alumnos. A distribución de coordinadores para cada materia do curso 23-24 pode atoparse nas guías docentes dispoñibles na web do máster: <https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias/master-universitario-acuicultura/web-propia/plan-estudos>
- **Comisións Académicas.-** En cada Universidade existe unha Comisión Académica (ou Comisión de Título, segundo fora nomeada en cada universidade), formada maioritariamente por profesores do Máster na Universidade correspondente, que forma parte constituínte da Comisión Académica Interuniversitaria, que ten como misión velar pola correcta impartición da docencia segundo Criterios de Calidade dos centros responsables das universidades (ver máis adiante). Á composición destas comisión en cada unha das 3 universidades aparece reflectida na web do máster: <https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias/master-universitario-acuicultura/web-propia/informacion>
- **Comisión Académica (ou de Coordinación) Interuniversitaria.-** Co fin de garantir o axeitado funcionamento do máster en todos os sentidos e asegurar a igualdade dos niveis de calidade entre as 3 universidades, existe unha comisión de coordinación interuniversitaria, cuxa composición precisa figura no Convenio Interuniversitario, estando representados profesores e alumnos do Máster, así como xestores e responsables de calidade. A composición desta comisión móstrase na web propia do máster: <https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias/master-universitario-acuicultura/web-propia/informacion>
- **Comisión Permanente.-** Esta comisión encárgase de garantir a coordinación co profesorado non universitario e asegurar a correcta impartición dunha docencia de calidade nos centros non universitarios, (ver web propia: <https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias/master-universitario-acuicultura/web-propia/informacion>)
- **Sistema de garantía de calidade.-** Todos os centros universitarios implicados na impartición do Máster (Facultades de Bioloxía das universidades de Vigo y Santiago, e a facultade de Ciencias da Universidade de A Coruña) contan con un Sistema de Garantía de Calidade, con procedementos específicos para a coordinación da actividade docente:
 - USC: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-bioloxia/calidade/organos-sistema-garantia-calidade>
 - UDC: https://www.udc.es/es/utc/sgc/centros/f_ciencias/index.html
 - UVI: <http://bioloxia.uvigo.es/gl/calidade/comision-de-calidade/>

Para finalizar, aínda que como xa se indicou existe unha Comisión Interuniversitaria composta por 12 membros, 4 de cada universidade, coa finalidade de asegurar a perfecta coordinación entre as tres sedes, as dificultades de resolución rápida a través dun órgano colexiado tan numeroso levaron a creación da Comisión Permanente.. Esta comisión, composta polos 3 coordinadores académicos (un de cada universidade) e o coordinador xeral interuniversitario, réunese de xeito non programado cada vez que xurde un asunto que resolver. Ademais, faise una reunión presencial anual, que serve para por en común as

experiencias tidas en cada caso, e suxerir medidas de mellora.

Análise do perfil de INGRESO

O Máster Interuniversitario en Acuicultura é impartido polas tres universidades galegas (USC, UVI e UDC), e cada unha oferta 10 prazas. A evolución do número de estudantes e a súa procedencia no máster dende o curso 2009/20 ata 2022/23 móstrase na **Figura seguinte**. No curso 23-24, os 22 alumnos de primeira matrícula procederon dos graos de Bioloxía (50%), Ciencias do Mar (13.6%), Veterinaria (13,6%), outros (22,8%). O 90,9 % obtiveron a titulación de acceso ao máster en universidades españolas (68% no SUG e o 22,7% noutras universidades do territorio nacional). Ademais, matricularonse 2 estudantes procedentes de universidades estranxeiras (1 colombiana e 1 salvadoreña). Todos os estudantes de primeiro curso aprobaron tódalas materias cursadas. Os estudantes do segundo curso finalizaron todos o máster dentro do curso, independentemente do seu perfil orixinal.



Procedencia do alumnado do máster

A gráfica mostra que a maior parte do estudantado do mestrado procede tradicionalmente do Sistema Universitario Galego, cunha presenza constante ao longo dos anos. A participación de estudantes doutras universidades españolas foi diminuindo progresivamente, mentres que a incorporación de alumnado internacional amosa unha tendencia lixeiramente ascendente nos últimos cursos. En conxunto, isto reflicte unha dependencia maioritaria do ámbito galego, unha perda de atracción a nivel estatal e un proceso incipiente de internacionalización. A continuación, amósanse outros datos relacionados ca evolución da matrícula entre os cursos 2021-22 ao 2023-24, notas media e mínima de acceso, a ocupación e adecuación da titulación así como a evolución da matrícula para as tres universidades participantes.

Indicador ACSUG	Resultados		
	2021-22	2022-23	2023-24
INDICADORES DE MATRÍCULA			
Nota media de acceso (I01-AC)	UVI: 9,20 USC: UDC:	UVI: 7,05 USC: 7,20 UDC: 7,50	UVI: 7,05 USC: 6,67 UDC:
Nota mínima de acceso (I01(2)-AC)	UVI: 6,5 USC: UDC:	UVI: 6,28 USC: non dispoñible UDC: 6,32	UVI: 6,19 USC: non dispoñible UDC:
Ocupación de la titulación (I02-AC)	UVI: 80% USC: 60% UDC: 70%	UVI: 100% USC: 100% UDC: 80%	UVI: 80% USC: 110% UDC: 30%
Adecuación de la titulación (I03(2)-AC)	UVI: 100% USC: 100% UDC: 100%	UVI: 100% USC: 100% UDC: 100%	UVI: 100% USC: 100% UDC: 100%
Evolución del estudiantado matriculado en cada curso académico (I04-AC)/I1	UVI: 17 USC: 13 UDC: 17	UVI: 19 USC: 17 UDC: 15 Total: 51	UVI: 19 USC: 21 UDC: 12 Total: 52
Matrícula de novo ingreso por pre inscrición (I04(2)-MC)/I1	UVI: 8 USC: 6 UDC: 7	UVI: 10 USC: 10 UDC: 8 Total: 28	UVI: 8 USC: 11 UDC: 3 Total: 22

Análise do perfil de EGRESO

- *Competencias e resultados de aprendizaxe adquiridos:* Os egresados do Mestrado Universitario Interuniversitario en Acuicultura (UDC, USC, UVigo) adquiren unha formación avanzada e multidisciplinar que lles permite comprender e aplicar coñecementos de forma orixinal, resolver problemas en contextos novos, emitir xuízos con responsabilidade ética e comunicar resultados de maneira clara. Desenvolven competencias para analizar a situación actual e futura da acuicultura, traballar en equipo e de forma autónoma, aplicar pensamento crítico e creativo, e manexar fontes de información e idiomas estranxeiros. Ademais, están capacitados para controlar factores que afectan ao benestar das especies cultivadas, aplicar técnicas de cultivo e reprodución, diagnosticar enfermidades, xestionar a produción de forma viable, deseñar instalacións, avaliar impactos ambientais e aplicar a normativa vixente. Todo isto complementábase cun forte compromiso coa ética profesional, a calidade, a sustentabilidade e o respecto pola diversidade e o medio ambiente.
- *Inserción laboral:* Entre os cursos 2020/21 e 2023/24, a Facultade de Bioloxía da USC incluíu de forma recorrente accións de mellora orientadas a coñecer a situación profesional e a opinión dos egresados sobre a utilidade dos títulos impartidos. A acción AM-17, recollida na Memoria de Calidade 2020-21 e mantida como AM-10 en 2021-22, non puido ser executada por diversas razóns. Esta mesma liña de traballo foi prorrogada como AM-7 na Memoria de Calidade 2022-23 (Plan de Melloras 2023-24), vinculada ao Plan Estratéxico 2024-26, dentro da Liña Estratéxica LE 4 (Sistema de Garantía de Calidade do Centro) e o Obxectivo Estratéxico OE 4.2 (Mellorar a información dos/as egresados/as). En xullo de 2023, a facultade obtivo 4.000 € a través da Convocatoria para o Financiamento de Accións de Mellora de Másteres Oficiais da USC. Con data 17/10/2023 contratouse a empresa EDESGA para realizar un estudo sobre os egresados da facultade, por un importe de 3.300 € (IVE non incluído). A execución do estudo sufriu atrasos debido á

tramitación dos contratos de tratamento de datos coas tres universidades galegas (USC, UVigo e UDC) e á dificultosa obtención dos datos persoais do estudiantado egresado. Finalmente, a fase de traballo de campo comezou entre abril e maio de 2025, e espérase dispoñer dos resultados no curso 2025-26. En conclusión, a Facultade de Bioloxía leva varios anos tentando mellorar o coñecemento sobre a inserción laboral e a valoración dos seus títulos por parte dos egresados, pero atopou dificultades administrativas e técnicas que atrasaron a execución efectiva destas accións. Por iso, propónse que no futuro sexan as institucións competentes, como a ACSUG —organismo responsable da avaliación da calidade do sistema universitario galego—, as que asuman a responsabilidade de recoller e analizar estes datos, evitando duplicidades e mellorando a eficiencia do sistema.

- *Continuación de estudos:* Non se dispón da información da porcentaxe de estudantes do MU en Acuicultura que acceden aos estudos de doutoramento.
- *Satisfacción:* No caso dos datos da USC, o indicador IN46 (Satisfacción do alumnado coa docencia recibida) arroxa un valor de 4.16 sobre 5 puntos

Resultados das materias

No curso 2023/24, as actividades docentes das diferentes materias (teoría, seminarios, prácticas de laboratorio) desenvóléronse de maneira axeitada e sen contratempos relevantes. En canto as avaliacións, tódolos estudantes acadaron unha cualificación igual ou superior a 5 (aprobado) en tódalas materias cursadas tras os exames da segunda oportunidade. No caso de prácticas en empresa, de traballos de investigación nos laboratorios e nos traballos fin de máster non houbo queixas relevantes por parte do alumnado nin por parte dos titores implicados en cada materia. Tódolos traballos fin de máster e prácticas en empresa acadaron cualificación superiores a 5, obtendo a maioría calcificacións superiores a 9.

Resultados do título

Indicadores de demanda

Os datos empregados corresponden soamente a USC. En canto a **oferta**, o título mantivo unha oferta estable de 10 prazas anuais (Panel de Indicadores; Indicador IN01 Prazas ofertadas). En canto á **matrícula**, o número global de estudantes (Panel de Indicadores; Indicador IN02 Matrícula) no curso 2023/24 foi de 21 estudantes entre os dous cursos. En relación á matrícula de acceso (Panel de Indicadores; Indicador IN03 Matrícula de acceso), esta foi 10 (23/24). En canto a matrícula de novo ingreso (Panel de Indicadores; Indicador IN04, Matrícula de novo ingreso por pre inscrición), esta foi de 10 (23/24). Respecto á nota media de acceso (panel de indicadores; indicador IN06 Nota media de acceso por pre inscrición), esta foi 6.6685 (23/24). Polo tanto, os datos analizados permiten concluír que o título presenta unha planificación axeitada e unha capacidade sostida de atracción, o que reflicte unha boa saúde académica e unha xestión eficaz da oferta formativa no ámbito da acuicultura.

Se analizamos soamente os datos da USC o **perfil do estudiantado**, segundo o indicador IN08 (porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados), a evolución da porcentaxe foi 0,0 (18/19), 0,0 (19/20), 8.33% (20/21), 7.14 (21/22), 11.76 (22/23) e 14.29% (23/24). Pola súa banda, o indicador IN09 (porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados) presenta un valor de 37.5 (18/19), 27.27 (19/20), 25,0 (20/21), 21,43 (21/22), 5.88 (22/23) e 9.52% (23/24). Estes datos indican unha tendencia crecente na internacionalización do mestrado, cun aumento progresivo da porcentaxe de estudantes estranxeiros nos últimos cursos. Pola contra, obsérvase unha diminución sostida na porcentaxe de estudantes nacionais procedentes de fóra de Galicia. En conxunto, isto suxire unha maior capacidade do título para atraer alumnado internacional, mentres que a captación de estudantes doutras comunidades autónomas amosa unha tendencia á baixa, o que podería requirir accións específicas de promoción e difusión noutras rexións do Estado. Finalmente, na USC o indicador IN12 (taxa de ocupación) é 100 % (23/24), o que evidencia un bo valor. Sen embargo, se analizamos os datos da táboa anterior (datos globais do título; ocupación da titulación, indicador ACSUG I02-AC), a evolución nas tres universidades mostra unha

tendencia xeral positiva ata o curso 2022/23, cunha ocupación plena na USC e na UVigo, e unha mellora na UDC. Porén, no curso 2023/24 obsérvase unha caída significativa na ocupación da UDC (30%), mentres que a USC supera a súa capacidade (110%) e a UVigo mantén unha ocupación elevada (80%). Esta situación suxire unha desigual distribución da demanda entre as universidades, o que podería requirir unha revisión da planificación da oferta e unha mellora na coordinación interuniversitaria para garantir un aproveitamento equilibrado dos recursos dispoñibles. Finalmente, a mesma táboa anterior amosa unha adecuación da titulación (indicador ACSUG I03 (2)-AC) do 100% nas tres universidades nos cursos 2021/22, 2022/23 e 2023/24.

Indicadores de resultados

As universidades avalían o rendemento do estudantado das titulacións oficiais mediante seis indicadores principais: **taxa de rendemento**, que mide os créditos superados respecto dos matriculados; **taxa de éxito**, que reflicte os créditos superados respecto dos presentados; **taxa de eficiencia**, que avalía a relación entre os créditos superados e os que foron necesarios cursar para obtelos; **taxa de abandono**, que indica a porcentaxe de estudantes que deixan de matricularse; **duración media dos estudos**, que recolle os anos empregados para titularse; e **taxa de titulación (graduación)**, que mostra a porcentaxe de estudantes que completan a titulación no tempo previsto no plan de estudos.

A nivel da USC (ver táboa a continuación), os resultados do título amosan un bo rendemento académico global, cunha taxa de avaliación (IN36) consistentemente alta (95–100%) e unha taxa de eficiencia dos titulados (IN53) próxima ao 100%. A taxa de abandono (IN41 Taxa de abandono RD 1393/2007) presenta certa variabilidade, con valores baixos na maioría dos cursos, aínda que destaca un pico puntual no 2021/22 (28,57%). A duración media dos estudos (IN38) mantívose en 2 anos nos últimos cursos. A taxa de éxito (IN35) tamén é elevada (98-100%), e o mesmo a taxa de éxito dos egresados (IN50; 98-100%), que é a relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou. A taxa de graduación (IN37) supera o 90% -100% na maioría dos cursos, pero no 2023-24 baixou ata o 71.43% na USC. En conxunto, os indicadores reflicten un título cun bo nivel de rendemento e eficiencia, aínda que con marxes de mellora na estabilidade da retención e na optimización dos recursos docentes.

	Indicador	2018- 2019	2019- 2020	2020- 2021	2021- 2022	2022- 2023	2023- 2024
Abandono	IN41 Taxa de abandono RD 1393/2007 i	0,0	9,09	0,0	0,0	0,0	28,57
Avallación	IN36 Taxa de avaliación i	100,0	100,0	100,0	85,32	95,16	95,82
Duración media dos estudos	IN38 Duración media dos estudos i	2,0	2,0	2,0	2,0	2,0	2,0
Eficiencia dos titulados	IN53 Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) i	100,0	100,0	100,0	98,6	98,96	100,0
Estudantes por grupo	IN32 Media de alumnos por grupo de docencia interactiva i	3,4872	4,2	4,6857	5,2188	6,3846	6,3421
	IN55 Media de alumnos matriculados en materias obrigatorias e de formación básica por grupo de teoría (expositivas) i	6,0	5,0	7,0	7,5	11,0	10,3333
	IN56 Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas) i	3,0	5,0	4,5	5,1111	5,2308	5,5
Éxito	IN35 Taxa de éxito i	100,0	100,0	98,44	99,46	100,0	98,99
	IN50 Taxa de éxito dos egresados i	100,0	100,0	100,0	98,6	98,96	100,0
Graduación	IN37 Taxa de graduación i	100,0	90,91	100,0	100,0	100,0	71,43
Rendemento	IN34 Taxa de rendemento i	100,0	100,0	98,44	84,85	95,16	94,86
	IN19 Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas i	4,8889	-	-	-	-	-
	IN20 Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas i	4,5	-	4,33	4,0	-	4,28
	IN21 Academic tutors' satisfaction with external internships i	-	-	4,0	-	-	-
	IN23 Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible i	1,6	-	-	-	-	-

2.2.4.- MÁSTER UNIVERSITARIO EN BIODIVERSIDADE TERRESTRE: CARACTERIZACIÓN, CONSERVACIÓN E XESTIÓN

Plan de estudos e modificacións non substanciais

Este Máster interuniversitario ten como responsable do título á Universidade de Santiago (USC). O plan de estudos do Máster en Biodiversidade Terrestre (MBio) implantouse no curso 2018-19 seguindo a memoria de verificación do título, polo que, de momento, non houbo cambios salientables respecto as actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación previstos.

Cumprimento das guías docentes

Unha mostra de que as actividades docentes desenvólense adecuadamente e cumprindo as programacións das materias son as respostas dos alumnos respecto a súa satisfacción coa docencia recibida. Para os alumnos matriculados na USC, a información dispoñible do curso 2022-23 e anteriores, mostra que a pregunta “Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?” obtén unha valoración media de 4,2 sobre 5, mentres que a resposta a “Os contidos desenvóléronse #de acordo con o cronograma temporal da materia?” tivo unha valoración de 4,14 sobre 5. En termos xerais, o alumnado outorga unha puntuación alta á valoración global sobre a docencia recibida pois se alcanza un valor de 4,4 sobre 5; con todo, debe indicarse que a taxa de participación do alumnado nestas enquisas é relativamente baixo pois apenas supera, como media, o 20%. No caso da UVigo, aínda que os ítems das enquisas non son iguais, podería considerarse que o ítem “Grao de satisfacción dos estudantes coa planificación e o desenvolvemento do ensino” sería equivalente e obtivo nos cursos 2019-20, 2020-21 e 2021-22 puntuacións de 3,17, 3,29 e 3,33 respectivamente (sobre un máximo de 7). Estes valores poden considerarse como satisfactorios, aínda que son case un punto máis baixos que os comentados anteriormente. Polo que se refire á UDC, nas súas enquisas (que puntúan sobre un máximo de 7) o ítem “Estou satisfeito coa planificación do estudo” obtivo valores de 3,5 e 4 en 2018-19 e 2020-21, respectivamente, e son os valores máis baixos para os estudantes dos tres centros implicados na docencia do MBT. Estas puntuacións respecto á planificación, sendo aceptables, son evidentemente susceptibles de mellora; neste sentido, e tras reunirse en diversas ocasións cos estudantes, a CAI decidiu desenvolver unha acción de mellora (AM-01) que permita coñecer en detalle a planificación anual das tarefas asignadas aos alumnos ao longo do curso, de forma que sexa posible detectar se existen períodos con demasiada carga e, no seu caso, reformular dita planificación na medida do posible.

Procedementos de coordinación

O MBT, tal e como se recollía na memoria verificada, conta con sistemas de coordinación tanto horizontais como verticais. Respecto a os primeiros, a coordinación recae nos coordinadores das materias, que son os responsables de supervisar o seguimento da guía docente, a coordinación entre os distintos profesores que imparten unha mesma materia, a impartición da docencia e a atención aos alumnos. A información sobre os coordinadores de cada materia en cada curso está dispoñible de forma centralizada na web propia do máster, actualizándose cada curso académico (<https://www.usc.gal/es/estudos/masteres/ciencias/master-universitario-biodiversidade-terrestre-caracterizacion-conservacion-xestion/web-propia/docencia>).

O PDI da USC que participa no máster, tal e como se reflicte nos datos de satisfacción coa docencia impartida e coa titulación, considera que existe unha coordinación adecuada entre as diferentes materias e niveis do título (valoración media de 4,1 sobre 5). No caso dos da UDC, o seu grao de satisfacción co proceso de coordinación e as reunións entre o profesorado para debates docentes alcanza unha puntuación equivalente similar, aínda que algo máis baixa (4,98 sobre 7).

Polo que se refire á coordinación vertical, esta recae nos coordinadores do título en cada unha das universidades participantes, así como nas correspondentes as Comisións Académicas (CA). Ao tratarse dun título interuniversitario, o coordinador xeral do título (que pertence á USC) mantén unha comunicación directa e fluída cos coordinadores na UDC e a UVigo, tanto a través de reunións presenciais, de videoconferencias, do correo electrónico e do teléfono, a fin de liquidar todas as cuestións que poidan xurdir en relación co correcto desenvolvemento do título. As CA en cada universidade participante están formadas por PDI que participan na docencia do MBT e, algúns deles (xunto cos coordinadores do #máster en cada universidade) forman parte da Comisión Académica Interuniversitaria (CAI), que ten como misión velar pola correcta impartición da docencia segundo Criterios de Calidade dos centros responsables das universidades. Por outra banda, a CAI garante o idóneo funcionamento do máster e asegura a igualdade dos niveis de calidade entre os centros participantes. Ao igual no caso dos coordinadores, a CAI mantén reunións (habitualmente virtuais) para atender todos aqueles aspectos relacionados co adecuado desenvolvemento do título (p.ex., solicitudes de recoñecemento de estudos, establecemento de horarios, calendarios de exames, asignación de prazas de Prácticas Externas (PE) etc.) etc.). Ademais, tamén centra a súa acción en tentar a maior homoxeneidade posible entre os alumnos dos tres centros implicados a fin de garantir que todos eles adquiren de igual maneira as diversas competencias previstas na memoria verificada (incluíndo tamén aquelas relacionadas coas PE que realizan os estudantes). A composición das comisións está dispoñible nas webs dos centros participantes (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-biologia/calidade/organos-sistema-garantia-calidade> ; <https://masterciencias.udc.es/master-en-biodiversidade-terrestre-caracterizacion-conservacion-e-gestion/>).

A pesar dos esforzos que tanto os coordinadores en cada universidade como a propia CAI realizan para garantir unha adecuada coordinación do MBT, é evidente que aínda existe unha ampla marxe de mellora. O problema fundamental a este respecto é que, a pesar de ser un título interuniversitario, non se dispón dun marco de actuación común. Cada unha das universidades implicadas ten os seus propios calendarios (p. ex., datas de pre inscrición, datas de matrícula e de cambio de matrícula, períodos de apertura e peche de actas etc.) etc.) o que, no día a día, dificulta a coordinación das actividades docentes. Ademais, a falta de unificación institucional en todos estes aspectos xera confusión nos estudantes e pode chegar a transmitirlles a percepción de que non son tratados de igual forma segundo onde estean matriculados. Nos informes de calidade previos da Comisión de Calidade do centro responsable do título (Facultade de Bioloxía da USC) fíxose referencia a esta problemática de forma reiterada, solicitándose que a USC (a través do seu Vicerreitorado correspondente) impulsase, conxuntamente coa UDC e UVigo, o desenvolvemento dun sistema unificado de xestión para os títulos con carácter interuniversitario, o que redundaría na mellora da calidade ao mesmo tempo que facilitaría os labores de coordinación. Por outra banda, a percepción do nivel de coordinación dos estudantes e o profesorado, cando foi posible obter información ó respecto, mostrou pequenas diferenzas respecto a visión da titulación (puntuación media de 4,11 para o estudantado e de 4,3 para o profesorado). Polo que se refire á satisfacción do profesorado coa docencia impartida na USC pode dicirse que globalmente é moi elevada, cunha media de 4,4 sobre 5 para os cinco últimos cursos. Unha análise máis detallada das enquisas de satisfacción do PDI mostra que para todas as preguntas, e para todos os cursos para os que hai datos, a puntuación obtida sempre é igual ou maior que 4 (sobre un máximo de 5). Pode destacarse que a pregunta referida ao trato existente entre profesor e alumnos é a que ten as mellores valoracións pois, en varias ocasións alcázanse valores de 5 ou case 5 (en 2018-19, 2021-22 e 2022-23). Por outra banda, aínda que a información dispoñible é moi limitada, os datos sobre satisfacción do PDI das outras dúas universidades participantes tamén mostran valores elevados. Na UVigo o nivel de satisfacción do profesorado no curso 2020-21 foi de 4,44 sobre 5, mentres que para a UDC (para os cursos 2018-19, 2019-20 e 2020-21) para a planificación do ensino foi de 5,7 sobre 7, e para o seu desenvolvemento de 5,5 sobre 7.

Análise do perfil de INGRESO

O perfil de ingreso do alumnado é completamente coherente co establecido na memoria verificada pois, tal e como se recolle no seu apartado de admisión, á hora de acceder ao MTB teñen preferencia aqueles con titulacións de Bioloxía, posteriormente

accederían (en caso de haber prazas dispoñibles) os titulados en Ciencias Ambientais (ademais de Enxeñerías Forestais e Agrícolas) e por último faríano titulados en Química e Veterinaria (xunto con outras titulacións como Farmacia ou Ciencias do Mar ou outras que a CAI considerase adecuadas).

Análise do perfil de EGRESO

- *Competencias e resultados de aprendizaxe adquiridos:* Os egresados do Máster en Biodiversidade Terrestre adquiren unha formación avanzada e multidisciplinar que lles capacita para analizar, xestionar e conservar a biodiversidade terrestre con rigor científico, pensamento crítico e responsabilidade ética. Están preparados para aplicar coñecementos en contextos novos, integrar información complexa, comunicar resultados a públicos diversos e continuar a súa formación de maneira autónoma. Dominarán ferramentas como os Sistemas de Información Xeográfica, técnicas de mostraxe, análise estatística e metodoloxías de seguimento de especies e hábitats, así como os aspectos sociais, legais e económicos da conservación. Ademais, serán quen de elaborar estudos de impacto ambiental, plans de xestión de espazos naturais e contribuír ao desenvolvemento científico e profesional do sector ambiental.
- *Inserción laboral:* Entre os cursos 2020/21 e 2023/24, a Facultade de Bioloxía da USC incluíu de forma recorrente accións de mellora orientadas a coñecer a situación profesional e a opinión dos egresados sobre a utilidade dos títulos impartidos. A acción AM-17, recollida na Memoria de Calidade 2020-21 e mantida como AM-10 en 2021-22, non puido ser executada por diversas razóns. Esta mesma liña de traballo foi prorrogada como AM-7 na Memoria de Calidade 2022-23 (Plan de Melloras 2023-24), vinculada ao Plan Estratéxico 2024-26, dentro da Liña Estratéxica LE 4 (Sistema de Garantía de Calidade do Centro) e o Obxectivo Estratéxico OE 4.2 (Mellorar a información dos/as egresados/as). En xullo de 2023, a facultade obtivo 4.000 € a través da Convocatoria para o Financiamento de Accións de Mellora de Másteres Oficiais da USC. Con data 17/10/2023 contratouse a empresa EDESGA para realizar un estudo sobre os egresados da facultade, por un importe de 3.300 € (IVE non incluído). A execución do estudo sufriu atrasos debido á tramitación dos contratos de tratamento de datos coas tres universidades galegas (USC, UVigo e UDC) e á dificultosa obtención dos datos persoais do estudiantado egresado. Finalmente, a fase de traballo de campo comezou entre abril e maio de 2025, e espérase dispoñer dos resultados no curso 2025-26. En conclusión, a Facultade de Bioloxía leva varios anos tentando mellorar o coñecemento sobre a inserción laboral e a valoración dos seus títulos por parte dos egresados, pero atopou dificultades administrativas e técnicas que atrasaron a execución efectiva destas accións. Por iso, propónse que no futuro sexan as institucións competentes, como a ACSUG —organismo responsable da avaliación da calidade do sistema universitario galego—, as que asuman a responsabilidade de recoller e analizar estes datos, evitando duplicidades e mellorando a eficiencia do sistema.
- *Continuación de estudos:* Non se dispón da información da porcentaxe de estudantes do MU en Biodiversidade Terrestre que acceden aos estudos de doutoramento
- *Satisfacción:* No caso dos datos da USC, o indicador IN46 (Satisfacción do alumnado coa docencia recibida) arroxa un valor de 4,72 sobre 5 puntos, que é o máis alto da serie histórica desde o curso 18/19: 4.23 (18/19), 4.6 (19/20), 4.49 (20/21), 4.26 (21/22), 4.56 (22/23), 4.72 (23/24). Do mesmo xeito, o indicador IN42 (Grao de satisfacción xeral dos egresados na USC coa titulación) amosou unha evolución positiva desde o curso 20/21: 3.26 (20/21), 3.55 (21/22), 4.0 (22/23), 4.05 (23/24). Consideramos que este nivel de satisfacción é extensible ao resto das sedes do mestrado (UDC e UVigo).

Resultados das materias

En referencia o resultados das materias, e tal e como era previsible nuns estudos de máster, hai que destacar que case non houbo suspensos en ningunha delas, obténdose, en xeral, cualificacións moi boas.

Resultados do título

Indicadores de demanda

No curso 2023/24, os indicadores de demanda do Máster en Biodiversidade Terrestre exclusivamente na USC reflicten unha situación moi positiva: ofertáronse 10 prazas (IN01), cubríronse todas mediante pre inscrición (IN04) e acadouse unha matrícula total de 25 estudantes (IN02), o que supón unha taxa de ocupación do 120% (IN12). A matrícula de acceso foi de 12.7 (IN03) e a nota media de acceso por pre inscrición situouse en 8.0367 (IN06), mantendo un nivel alto. O 12% do alumnado matriculado é estranxeiro (IN08) e outro 12% procede doutras comunidades autónomas (IN09), mentres que o 56% son titulados da propia USC (IN13). A análise histórica mostra unha estabilidade na oferta de prazas e un crecemento sostido na matrícula total desde 2020/21, así como un incremento progresivo na internacionalización do alumnado. En conxunto, estes datos na USC evidencian unha demanda sólida e en crecemento para este máster, cunha ocupación plena e un perfil académico de acceso notable. Os datos poden ser estendidos a UDC e UVigo.

Ingreso		2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Oferta	IN01 Plazas ofertadas 	10,0	10,0	10,0	10,0	10,0	10,0
	IN02 Matrícula 	10,0	20,0	19,0	23,0	23,0	25,0
	IN03 Matrícula de acceso 	10,0	10,0	10,0	10,0	10,0	12,0
Matrícula	IN04 Matrícula de nuevo ingreso por preinscripción 	10,0	10,0	10,0	10,0	10,0	12,0
	IN05 Variación de la matrícula de nuevo ingreso por preinscripción 	-	0,0	0,0	0,0	-	-
	IN06 Nota media de acceso por preinscripción 	7,0308	6,9096	6,7864	7,194	8,0198	8,0367
Perfil de entrada	IN08 Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados 	10,0	5,0	0,0	0,0	8,7	12,0
	IN09 Porcentaje de estudiantes nacionales de fuera de Galicia sobre matriculados 	0,0	5,0	26,32	30,43	26,09	12,0
	IN13 Porcentaje de matriculados que son titulados de la USC 	-	-	52,63	56,52	52,17	56,0
Adecuación a la demanda	IN12 Tasa de ocupación 	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	120,0

Indicadores de resultados

Polo que respecta os resultados globais do título, a análise conxunta dos resultados obtidos por todo o alumnado ofrece unhas taxas de Rendemento, Éxito, Avaliación e Graduación superiores o 98%, mentres que a de Abandono foi 0. Si nos fixamos exclusivamente nos datos da USC (ver táboa a continuación), no curso 2023/24, os resultados amosan un rendemento académico global moi positivo. A taxa de abandono (IN41) foi do 0,0%, o que indica unha excelente retención do estudantado. A taxa de avaliación (IN36) situouse no 89.29%, lixeiramente inferior ao curso anterior, e a duración media dos estudos (IN38) foi de 2.375 anos. A taxa de eficiencia (IN53) acadou o 96.0%, mentres que tanto a taxa de éxito (IN35 e IN50) como a taxa de graduación (IN37) foron do 100%, reflectindo un alto nivel de superación e finalización dos estudos. A media de estudantes por grupo en materias obrigatorias (IN55) foi de 11.86 e en materias optativas (IN56) de 6.93, valores que indican unha docencia en grupos reducidos. A taxa de rendemento (IN34) foi do 89.29%, tamén cunha lixeira baixada respecto ao curso anterior. Polo tanto, aínda que os datos corresponden exclusivamente á USC, poden considerarse representativos do funcionamento xeral do título nas outras universidades participantes (UDC e UVigo).

Indicador		2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Abandono	IN41 Tasa de abandono ⓘ	-	-	0,0	0,0	0,0	0,0
Evaluación	IN36 Tasa de evaluación ⓘ	100,0	100,0	97,59	96,93	96,14	89,29
Duración media de los estudios	IN38 Duración media de los estudios ⓘ	-	2,0	2,0	2,1	2,2222	2,375
Eficiencia de los titulados	IN53 Tasa de eficiencia (egresados) ⓘ	-	100,0	100,0	98,68	97,83	96,0
Estudiantes por grupo	IN55 Media de alumnos matriculados en asignaturas obligatorias y de formación básica por grupo de teoría (expositivas) ⓘ	10,0	9,2857	10,2857	10,5714	10,0	11,8571
	IN56 Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas) ⓘ	5,6154	5,7333	5,4	6,5	5,8667	6,9333
Éxito	IN35 Tasa de éxito ⓘ	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
	IN50 Tasa de éxito de los egresados ⓘ	-	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Graduación	IN37 Tasa de graduación ⓘ	-	-	100,0	90,0	100,0	100,0
Rendimiento	IN34 Tasa de rendimiento ⓘ	100,0	100,0	97,59	96,93	96,14	89,29

2.2.5.- MÁSTER UNIVERSITARIO EN NEUROCIENCIA

Plan de estudos e modificacións non substanciais

Este Máster interuniversitario ten como responsable do título á Universidade de Santiago (USC). O plan de estudos do Máster en Neurociencia desenvolveuse conforme ao descrito na memoria da titulación. As actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación aplicados nas materias de ambos semestres seguiron o previsto, e o curso 2023-24 transcorreu sen incidencias relevantes, agás pequenos problemas técnicos relacionados co uso de MsTeams, que substituíu ao sistema tradicional de videoconferencia por indicación do Vicerreitorado de Transformación Dixital e Innovación da USC. Estas incidencias foron resoltas con rapidez.

Durante o curso realizáronse modificacións non substanciais na titulación, como o cambio de denominación de dúas materias optativas e a asignación da titulación á nova área de coñecemento de Ciencias Biomédicas. O grao de cumprimento dos programas docentes foi alto, segundo a enquisa de satisfacción do alumnado realizada pola Área de Mellora da Calidade e Procedementos (ACMP) da USC, cunha valoración de 4.20 sobre 5 tanto no cumprimento do programa como no desenvolvemento segundo o cronograma.

Cumprimento das guías docentes

No curso 2023-24, o grao de cumprimento dos programas docentes foi alto, tal e como indican os resultados da enquisa de satisfacción do estudantado coa docencia recibida, realizada pola Área de Mellora da Calidade e Procedementos (ACMP) da USC. En relación co ítem "Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?", a cualificación do estudantado foi de 4,20 sobre 5, e en resposta ao ítem "Os contidos desenvolvéronse de acordo co cronograma da materia", os estudantes cualificaron este ítem tamén cun 4,20 sobre 5.

Procedementos de coordinación

Actualmente, o Máster mantén os mesmos sistemas de coordinación. Conta cunha coordinación horizontal, asumida polos coordinadores das materias, que se encargan de supervisar o seguimento das guías docentes, a coordinación entre o profesorado que imparte unha mesma materia, a docencia e a atención ao alumnado. Os coordinadores de cada materia poden consultarse nas guías docentes dispoñibles na web do máster. Segundo o informe de satisfacción do PDI da USC, a coordinación entre materias está ben valorada (4.46 sobre 5), e na UDC o profesorado tamén amosa unha alta satisfacción co proceso de coordinación e coas reunións docentes (6.33 sobre 7).

Tamén existe unha coordinación vertical, asumida polos coordinadores de grao de cada universidade participante e polas Comisións Académicas do Título. Ao tratarse dunha titulación interuniversitaria, o coordinador xeral (USC) mantén comunicación directa cos coordinadores da UDC e da UVIGO mediante reunións virtuais, correo electrónico ou teléfono, co obxectivo de resolver calquera cuestión relacionada co correcto desenvolvemento da titulación.

Na UVIGO existe unha Comisión Académica (ou Comisión de Título), composta por profesorado do máster e un representante do equipo decanal, normalmente o Vicedecano de Calidade. Na UDC, a Comisión de Título está formada por un PAS e tres docentes. Algúns membros destas comisións forman parte da Comisión Académica Interuniversitaria, encargada de garantir a correcta impartición da docencia de acordo cos criterios de calidade das universidades participantes, así como de asegurar a igualdade de niveis de calidade entre as tres institucións. Esta comisión reuniuse virtualmente en varias ocasións para tratar aspectos como recoñecementos de materias, tribunais de TFM ou solicitudes de matrícula a tempo parcial. A súa composición pode consultarse na sección de calidade da web da Facultade de Bioloxía.

Finalmente, considérase importante avanzar cara á homoxeneización de aspectos administrativos como as datas de pre inscrición, matrícula, modificación de matrícula ou peche de actas, co fin de evitar confusións entre o alumnado matriculado en cada universidade. Neste máster non se realizan prácticas externas.

Análise do perfil de INGRESO

No curso 2023-24 ofertáronse 40 prazas para o Máster (20 na USC, 10 na UDC e 10 na UVIGO). Matriculáronse un total de 32 estudantes: 21 na USC, 5 na UDC e 6 na UVIGO. Na USC, 18 foron de novo ingreso, cunha taxa de ocupación do 90 %, superior ao 80 % do curso anterior. Na UVIGO, os 6 estudantes foron admitidos mediante pre inscrición, e na UDC, 3 foron de novo ingreso.

Os datos de pre inscrición na USC amosan unha alta demanda, con 89 pre inscritos no curso 2023-24, cifra semellante á do curso anterior (87). A nota media de acceso foi de 7.66 na USC e de 7.02 na UVIGO; na UDC non se dispón do dato.

Esta titulación está dirixida principalmente a titulados en Ciencias Experimentais e Ciencias da Saúde: Bioloxía, Biotecnoloxía, Bioquímica, Medicina, Psicoloxía, Farmacia, Física, Química, Fisioterapia, Enfermaría, Ciencias Biomédicas e Veterinaria.

Na USC, a maioría do alumnado procede de graos en Bioloxía ou Psicoloxía. Dos 18 novos matriculados, 3 son licenciados en Bioloxía, 3 en Psicoloxía, 1 en Enfermaría, 2 en Química, 1 en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, 1 en Logopedia e 1 en Filoloxía. Tres deles completaron os seus estudos no estranxeiro e outros tres obtiveron resolución de equivalencia reitoral. Na UVIGO, 2 son licenciados en Bioloxía, 2 en Psicoloxía e 1 en Enxeñaría Biomédica. Na UDC, a maioría son titulados en Psicoloxía.

Cómpre sinalar que nos últimos cursos o perfil académico dalgúns estudantes matriculados está afastado do ámbito das Ciencias Experimentais e da Saúde. Aínda que isto é coherente coa memoria de verificación do título, que establece criterios de admisión amplos, considérase necesario revisar estes criterios (proposta de Acción de Mellora-02), aínda pendente de execución, malia que xa se mantiveron reunións ao respecto.

Na USC, o 38.1 % do alumnado matriculado obtivo o seu título nesta mesma universidade (36.84 % no curso anterior). O 19.05 % eran estudantes estranxeiros (21.06 % no curso anterior), procedentes de Arxentina, Exipto, Italia e Venezuela. O 4.76 % eran estudantes nacionais de fóra de Galicia, inferior ao 10.53 % do curso 2022-23. Dos 17 estudantes de nacionalidade española matriculados, 16 procedían de Galicia e 1 da Comunidade Valenciana.

Análise do perfil de EGRESO

- *Competencias e resultados de aprendizaxe adquiridos:* Os egresados do Máster Universitario en Neurociencia adquiren unha formación avanzada orientada á investigación, que lles capacita para abordar con solvencia os retos científicos e técnicos do estudo do sistema nervioso, tanto desde unha perspectiva celular e molecular como cognitiva. Están preparados para aplicar técnicas experimentais especializadas, interpretar datos complexos, formular xuízos con responsabilidade ética e comunicar resultados científicos de forma clara a públicos diversos. Dominarán os fundamentos da neurobioloxía, o funcionamento neuronal, os mecanismos neuroendócrinos e as técnicas de análise como a electrofisioloxía, a neuroimaxe ou os potenciais evocados. Así mesmo, comprenderán as bases biolóxicas da cognición e das emocións, e serán quen de integrar coñecementos da neurociencia e da psiquiatría para o estudo de procesos normais e patolóxicos, desenvolvendo unha capacidade crítica e autónoma esencial para a súa continuidade investigadora ou profesional.

- *Inserción laboral:* Entre os cursos 2020/21 e 2023/24, a Facultade de Bioloxía da USC incluíu de forma recorrente accións de mellora orientadas a coñecer a situación profesional e a opinión dos egresados sobre a utilidade dos títulos impartidos. A acción AM-17, recollida na Memoria de Calidade 2020-21 e mantida como AM-10 en 2021-22, non puido ser executada por diversas razóns. Esta mesma liña de traballo foi prorrogada como AM-7 na Memoria de Calidade 2022-23 (Plan de Melloras 2023-24), vinculada ao Plan Estratéxico 2024-26, dentro da Liña Estratéxica LE 4 (Sistema de Garantía de Calidade do Centro) e o Obxectivo Estratéxico OE 4.2 (Mellorar a información dos/as egresados/as). En xullo de 2023, a facultade obtivo 4.000 € a través da Convocatoria para o Financiamento de Accións de Mellora de Másteres Oficiais da USC. Con data 17/10/2023 contratouse a empresa EDESGA para realizar un estudo sobre os egresados da facultade, por un importe de 3.300 € (IVE non incluído). A execución do estudo sufriu atrasos debido á tramitación dos contratos de tratamento de datos coas tres universidades galegas (USC, UVigo e UDC) e á dificultosa obtención dos datos persoais do estudiantado egresado. Finalmente, a fase de traballo de campo comezou entre abril e maio de 2025, e espérase dispoñer dos resultados no curso 2025-26. En conclusión, a Facultade de Bioloxía leva varios anos tentando mellorar o coñecemento sobre a inserción laboral e a valoración dos seus títulos por parte dos egresados, pero atopou dificultades administrativas e técnicas que atrasaron a execución efectiva destas accións. Por iso, propónse que no futuro sexan as institucións competentes, como a ACSUG —organismo responsable da avaliación da calidade do sistema universitario galego—, as que asuman a responsabilidade de recoller e analizar estes datos, evitando duplicidades e mellorando a eficiencia do sistema.
- *Continuación de estudos:* Non se dispoñen de datos da porcentaxe de estudantes que acceden a estudos de doutoramento.
- *Satisfacción:* No caso dos datos da USC (i.e., sen ter en conta a UDC e UVigo), no curso 2023/2024, o grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (IN42), cunha valoración de 3.63 sobre 5, acadou o seu valor máis alto da serie histórica, o que reflicte unha mellora progresiva na percepción global do máster. Pola súa banda, a satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46) foi de 4.05 sobre 5, un valor lixeiramente inferior ao do curso anterior (4.25) e por debaixo do máximo rexistrado en 2021/22 (4.82), pero que se mantén dentro dun rango positivo. En resumo, os datos amosan unha valoración crecente por parte dos egresados e unha percepción xeralmente boa da docencia, aínda que con certa variabilidade ao longo dos cursos.

Resultados das materias

En referencia o resultados das materias, e tal e como era previsible nuns estudos de máster, hai que destacar que case non houbo suspensos en ningunha delas, obténdose, en xeral, cualificacións moi boas. En relación coas materias obrigatorias: nunha delas a taxa de éxito foi do 100%, noutra foi superior ao 90%, e nas tres restantes a taxa de éxito foi igual ou superior ao 80%. En relación coas materias optativas: 19 materias tiveron unha taxa de éxito do 100%, e nas tres restantes foi superior ao 80%. Por último, en relación ao TFM, a taxa de éxito foi do 100%.

Resultados do título

Indicadores de demanda

Os datos analizados corresponden exclusivamente á USC, pero os resultados poden considerarse extensibles ao resto das sedes (UDC e UVigo), con matices. En canto á oferta, o Máster en Neurociencia mantivo unha oferta estable de 30 prazas anuais na USC (IN01: Prazas ofertadas) entre os cursos 2018/19 e 2020/21, reducíndose a 20 prazas a partir do curso 2021/22 e mantendo esa cifra ata 2023/24. En consonancia, a matrícula total (IN02: Matrícula) foi de 30 estudantes en 2019/20 e 2020/21, descendendo a 19-21 en 2021/22, 2022/23 e 2023/24. A matrícula de acceso (IN03) foi de 18 estudantes en 2023/24, mentres que a matrícula de novo ingreso por pre inscrición (IN04) foi de 18. A nota

media de acceso por pre inscrición (IN06) mantense estable, con valores superiores a 7.4 nos últimos cinco cursos. En canto ao perfil do estudantado, o indicador IN08 (porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados) mostra un valor de 19.05% en 2023/24, producíndose un incremento importante coincidindo coa situación de pandemia (2020/21-2021/22). Pola súa banda, o indicador IN09 (porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia) mantense estable arredor do 9-13%, pero no curso 2023/24 sufriu unha caída ao 4.76%. A taxa de ocupación (IN12) pasou do 66.67% no curso 2018/19 ao 90% no curso 2023/24 despois do axuste do número de prazas ofertadas (IN01) no curso 2021/22 (de 30 a 20). En conxunto, os datos analizados permiten concluír que o Máster en Neurociencia presenta unha demanda sostida e un perfil académico sólido, cunha nota media de acceso elevada e unha crecente internacionalización do estudantado. A redución da oferta de prazas a partir do curso 2021/22 permitiu mellorar a taxa de ocupación, que se sitúa no 90% en 2023/24, aínda que a captación de alumnado nacional de fóra de Galicia amosa unha tendencia descendente. Esta situación suxire a necesidade de reforzar as accións de promoción noutras comunidades autónomas e de manter a coordinación entre as tres universidades participantes para garantir unha distribución equilibrada da demanda e un aproveitamento eficiente dos recursos do título.

Ingreso

	Indicador	2018- 2019	2019- 2020	2020- 2021	2021- 2022	2022- 2023	2023- 2024
Oferta	IN01 Plazas ofertadas	30,0	30,0	30,0	20,0	20,0	20,0
	IN02 Matrícula	27,0	30,0	30,0	21,0	19,0	21,0
Matrícula	IN03 Matrícula de acceso	20,0	18,0	20,0	12,0	16,0	18,0
	IN04 Matrícula de nuevo ingreso por preinscripción	20,0	18,0	20,0	12,0	16,0	18,0
	IN05 Variación de la matrícula de nuevo ingreso por preinscripción	25,0	-10,0	11,11	-40,0	-	-
	IN06 Nota media de acceso por preinscripción	6,947	7,5628	7,4662	7,8226	7,4533	7,6558
Perfil de entrada	IN08 Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	14,81	13,33	10,0	28,57	21,05	19,05
	IN09 Porcentaje de estudiantes nacionales de fuera de Galicia sobre matriculados	11,11	10,0	13,33	9,52	10,53	4,76
	IN13 Porcentaje de matriculados que son titulados de la USC	-	-	56,67	42,86	36,84	38,1
	IN12 Tasa de ocupación	66,67	60,0	66,67	60,0	80,0	90,0

Indicadores de resultados

As universidades avalían o rendemento do estudantado das titulacións oficiais mediante seis indicadores principais: **taxa de rendemento**, que mide os créditos superados respecto dos matriculados; **taxa de éxito**, que reflicte os créditos superados respecto dos presentados; **taxa de eficiencia**, que avalía a relación entre os créditos superados e os que foron necesarios cursar para obtelos; **taxa de abandono**, que indica a porcentaxe de estudantes que deixan de matricularse; **duración media dos estudos**, que recolle os anos empregados para titularse; e **taxa de titulación (graduación)**, que mostra a porcentaxe de estudantes que completan a titulación no tempo previsto no plan de estudos. A nivel da USC (ver táboa a continuación) no curso 2023/2024 os indicadores de rendemento académico do Máster en Neurociencia amosan unha situación con luces e sombras. A taxa de abandono (IN41) situouse no 18.75%, un valor elevado que, aínda que mellora respecto ao 25% do curso anterior, segue sendo superior á media dos anos previos, nos que os valores oscilaron entre o 0% (2019/20) e o 16.67% (2020/21). A taxa de avaliación (IN36), que mide a proporción de estudantes que se presentan a avaliación respecto aos matriculados, foi do 71.36% en 2023/24, o valor máis baixo da serie histórica, que comezou cun 77.52% en 2018/19 e chegou a un máximo do 82.6% en 2019/20, amosando desde entón unha tendencia descendente. En canto á duración media dos estudos (IN38: Duración media dos estudos), esta mantense estable e axustada ao deseño do máster, cun valor de 1.1667 anos en 2023/24, idéntico ao de 2018/19, e lixeiramente inferior aos valores intermedios, o que indica unha boa eficiencia temporal na finalización do programa. En conxunto, os datos suxiren unha necesidade de mellora na retención e participación do estudantado, malia que a duración dos estudos segue a ser adecuada e coherente co plan formativo.

	Indicador	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Abandono	IN41 Tasa de abandono ⓘ	6,25	0,0	16,67	10,0	25,0	18,75
Evaluación	IN36 Tasa de evaluación ⓘ	77,52	82,6	81,08	78,1	77,02	71,36
Duración media de los estudios	IN38 Duración media de los estudios ⓘ	1,1667	1,4375	1,1765	1,4	1,0833	1,1667
Eficiencia de los titulados	IN53 Tasa de eficiencia (egresados) ⓘ	94,91	85,82	94,55	88,89	96,38	97,36
Estudiantes por grupo	IN32 Media de alumnos por grupo de docencia interactiva ⓘ	10,1724	8,8438	9,5806	5,6129	8,2	9,2667
	IN55 Media de alumnos matriculados en asignaturas obligatorias y de formación básica por grupo de teoría (expositivas) ⓘ	19,5	18,75	19,5	13,25	15,75	18,5
	IN56 Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas) ⓘ	7,6471	7,0	7,3889	4,0556	6,2778	7,0556
Éxito	IN35 Tasa de éxito ⓘ	95,17	99,61	97,08	89,48	100,0	94,84
	IN50 Tasa de éxito de los egresados ⓘ	94,91	85,82	100,0	97,33	98,9	100,0
Graduación	IN37 Tasa de graduación ⓘ	62,5	84,21	72,22	80,0	66,67	81,25
Rendimiento	IN34 Tasa de rendimiento ⓘ	73,77	82,28	78,71	69,88	77,02	67,68

Se comparamos os datos da USC cos da UVigo e UDC, a taxa de éxito foi do 94.84 % na USC, 91.4 % na UDC e 86 % na UVIGO. Na USC, todas as materias acadaron unha taxa de éxito igual ou superior ao 80 %, sendo do 100 % en 18 delas. A

taxa de graduación foi do 81.25 % na USC e do 66.67 % na UVIGO, ambas superiores ás do curso anterior (66.67 % e 50 %, respectivamente). Na UDC, pola contra, a taxa de graduación foi do 33.3 %, inferior ao 66.7 % do curso anterior.

En canto á taxa de abandono (segundo o RD 1393/2007), esta foi do 18.75 % na USC, inferior ao 25 % do curso anterior; do 33.3 % na UDC, tamén inferior ao 66.7 % previo; e do 0 % na UVIGO, mellorando o 11.11 % do curso anterior.

Estes datos amosan que algúns indicadores están por debaixo do recollido na memoria da titulación. Tal como se indicou no auto informe anterior, para unha mellor interpretación dos resultados é necesario realizar unha análise detallada do alumnado a tempo completo/parcial, dos traslados de expediente, dos abandonos e das súas causas, así como dos estudantes matriculados que non cursaron ningunha materia (proposta de Acción de Mellora-04).

Indicadores de satisfacción

A valoración global da docencia na USC foi de 4.05 sobre 5, mentres que na UDC o alumnado amosou unha alta satisfacción co profesorado (6.5 sobre 7). O profesorado da USC tamén valorou positivamente a docencia impartida (4.31 sobre 5), e na UDC destacou a planificación e desenvolvemento docente (7 sobre 7). En canto á titulación, o profesorado mantén unha valoración moi positiva (USC: 4.05; UDC: 7; UVIGO: non procede). Porén, na UVIGO a satisfacción do alumnado descendeu (2.5 sobre 5), mentres que na USC aumentou lixeiramente (3.19 sobre 5).

Algúns ítems da enquisa continúan recibindo puntuacións baixas, como “A carga de traballo está ben distribuída” (1.67), “A titulación está equilibrada en contido teórico e práctico” (2.00) e “A carreira está ben organizada” (2.67). Estas diferenzas poden deberse á distribución desigual da carga entre semestres e á percepción do equilibrio entre teoría e práctica, aínda que os contidos están recollidos na memoria da titulación.

Na UVIGO, a satisfacción coa actividade docente foi alta (5 sobre 5), pero menor en planificación e desenvolvemento (2.39). Tamén se observou que en varias materias optativas a matrícula foi moi baixa, con menos de 3 estudantes nalgúns casos. Isto foi detectado polos coordinadores das tres universidades e motivou a proposta de Acción de Mellora-01: realizar un histórico de matrícula nas materias optativas.

Este histórico mostra que, na maioría das materias, a matrícula foi igual ou superior a 5 estudantes, agás en casos como Neurociencia Computacional, Desenvolvemento do Sistema Nervioso, Técnicas Neuroanatómicas, Canais Iónicos e Comportamento Neuronal, Evolución do Sistema Nervioso e Modelos Biolóxicos Computacionais, onde se rexistraron cifras sistematicamente baixas. Isto podería deberse á elevada oferta de materias optativas (22), das cales cada estudante escolle 7, e á complexidade percibida dalgunhas delas segundo a titulación de orixe do alumnado. A ampla cobertura temática do máster implica inevitablemente que algunhas materias teñan baixa demanda.

2.2.6.- MÁSTER UNIVERSITARIO EN BIOLOXÍA MARIÑA

Plan de estudos e modificacións non substanciais

Este Máster interuniversitario ten como responsable do título á Universidade de Vigo (UVigo), pero é impartido conxuntamente polas universidades da USC, UDC e UVigo. Ten unha duración de 2 anos académicos, cun total de 90 créditos ECTS. O máster ten un dobre obxectivo: por unha banda, proporcionar coñecementos de base e de perfeccionamento para profesionais que desenvolven ou desexan desenvolver tarefas no ámbito da bioloxía mariña; e por outra, formar persoal investigador para a súa

incorporación a centros científicos ou equipos de investigación, tanto en organismos públicos como privados ou empresas do sector. O programa combina formación teórica e práctica, con especial atención ao uso de técnicas e ferramentas actuais para o deseño e execución de traballos experimentais, así como para a análise e resolución de problemas relacionados cos ecosistemas mariños. As linguas de docencia son o galego e o castelán. O plan de estudos do Máster de Bioloxía Mariña desenvolveuse de acordo ao descrito na memoria de verificación do título no curso 2023/24. As actividades formativas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación empregados nas materias do primeiro e segundo semestre desenvolvéronse seguindo o descrito na memoria do título. No curso 2023/24 non houbo modificación non substanciais.

Cumprimento das guías docentes

Non se dispón desta información

Procedementos de coordinación

O Máster conta cunha coordinación horizontal, que recae nos coordinadores das materias; os cales son os responsables da coordinación entre os distintos profesores que imparten unha mesma materia, Tamén conta cunha coordinación vertical, que recae nos coordinadores do título de cada unha das universidades participantes e na Comisión Académica do Título, integrada por profesores das 3 universidades. Os docentes do título, como se reflexa no Informe do grao de satisfacción do PDI da USC coa docencia impartida e coa titulación, consideran que a coordinación entre as distintas materias e boa (4,50 sobre 5).

A existencia dunha Comisión Académica do título en cada centro de impartición, que traballa en sintonía co persoal dos decanatos na implementación do SGC, garante a axilidade na detección de incidencias e as súas solucións, a mellora continua e a concentración de procedementos para a revisión e seguimento do título a escala local, sen necesidade de recorrer constantemente á Comisión de Titulación. Este modo de proceder, recollido na memoria do título, demostrou ser operativo e satisfactorio desde o inicio da implantación do título, dada a idiosincrasia de cada centro e institución. O coordinador xeral do título (UVigo) mantivo unha comunicación directa cos coordinadores da USC e UDC a través de distintos medios (reunións virtuais, correo electrónico, teléfono) co fin de solucionar todas as cuestións que xurdiron en relación co correcto desenvolvemento do título no curso 2023/24.

Os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado da USC co Máster evidenciaron nos últimos cursos unha valoración moi cambiante (dende 4.40 sobre 5 no curso 2019/20 até 2.31 sobre 5 no curso 2022/23), pero non houbo enquisa dispoñible para o curso 2023/24. Doutra banda, a valoración do profesorado co Máster practicamente non variou significativamente ao longo dos últimos cursos académicos. No caso dos docentes da USC a valoración global coa titulación foi de 4.41 sobre 5, moi similar a dos cursos precedentes. A valoración sobre o material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo) fora axeitado para o desenvolvemento da materia no curso 2023/24 foi tamén elevada (4.25 sobre 5). A valoración global do profesorado da USC coa docencia impartida foi satisfactoria (4.25 sobre 5). O profesorado da USC no Máster mostrou unha elevada satisfacción coa titulación (4.89 sobre 5). Os ítems da enquisa de satisfacción que mostraron maiores valoracións foron os referidos o axeitado do calendario de probas (4.46 sobre 5), a utilidade do campus virtual para facilitar a labor docente (4.41 sobre 5) e a atención prestada polo persoal de administración e servizos (4.39 sobre 5). Os ítems menos valorados polo profesorado foron a coordinación dos docentes na organización do título (3.98 sobre 5) e a existencia de vías axeitadas para a participación do profesorado na mellora da calidade (4.07 sobre 5).

Análise do perfil de INGRESO

- Seguindo a memoria do Título, no curso 2023/24 ofertáronse 30 prazas (10 na USC, 10 na UDC, 10 en UVigo). O número de alumnos/as de nova matrícula foi de 26 (8 USC, 9 UVigo, 9 UDC) sendo maioritario o perfil de ingreso correspondente a graduados en Bioloxía e Ciencias del Mar (80.8%). No caso concreto da USC, 6 alumnos/as cursaron o Grao en Bioloxía, un o Grao en Bioloxía Mariña e outro o Grao en Bioquímica. Na USC a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados foi do 76.5%, e a de alumnos/as estranxeiros foi do 5.88%.

Análise do perfil de EGRESO

- *Competencias e resultados de aprendizaxe adquiridos:* Os egresados do Máster Universitario en Bioloxía Mariña adquiren unha formación científica avanzada e integral que lles capacita para comprender, analizar e xestionar os ecosistemas mariños e costeiros desde unha perspectiva multidisciplinar, ética e sostible. Están preparados para aplicar coñecementos teóricos e prácticos en contextos novos, integrar información complexa, resolver problemas ambientais e comunicar resultados de forma clara e eficaz. Dominarán técnicas de mostraxe, análise de datos, avaliación ambiental e xestión de recursos mariños, incluíndo pesqueiras, acuicultura e biotecnoloxía. Así mesmo, coñecerán a diversidade biolóxica mariña, os seus procesos ecolóxicos e o marco legal e institucional que regula a súa conservación e explotación, podendo elaborar informes técnico-científicos, asesorar en planificación litoral e desenvolver actividades de divulgación, educación ambiental e turismo mariño.
- *Inserción laboral:* Entre os cursos 2020/21 e 2023/24, a Facultade de Bioloxía da USC incluíu de forma recorrente accións de mellora orientadas a coñecer a situación profesional e a opinión dos egresados sobre a utilidade dos títulos impartidos. A acción AM-17, recollida na Memoria de Calidade 2020-21 e mantida como AM-10 en 2021-22, non puido ser executada por diversas razóns. Esta mesma liña de traballo foi prorrogada como AM-7 na Memoria de Calidade 2022-23 (Plan de Melloras 2023-24), vinculada ao Plan Estratéxico 2024-26, dentro da Liña Estratéxica LE 4 (Sistema de Garantía de Calidade do Centro) e o Obxectivo Estratéxico OE 4.2 (Mellorar a información dos/as egresados/as). En xullo de 2023, a facultade obtivo 4.000 € a través da Convocatoria para o Financiamento de Accións de Mellora de Másteres Oficiais da USC. Con data 17/10/2023 contratouse a empresa EDESGA para realizar un estudo sobre os egresados da facultade, por un importe de 3.300 € (IVE non incluído). A execución do estudo sufriu atrasos debido á tramitación dos contratos de tratamento de datos coas tres universidades galegas (USC, UVigo e UDC) e á dificultosa obtención dos datos persoais do estudiantado egresado. Finalmente, a fase de traballo de campo comezou entre abril e maio de 2025, e espérase dispoñer dos resultados no curso 2025-26. En conclusión, a Facultade de Bioloxía leva varios anos tentando mellorar o coñecemento sobre a inserción laboral e a valoración dos seus títulos por parte dos egresados, pero atopou dificultades administrativas e técnicas que atrasaron a execución efectiva destas accións. Por iso, propónse que no futuro sexan as institucións competentes, como a ACSUG —organismo responsable da avaliación da calidade do sistema universitario galego—, as que asuman a responsabilidade de recoller e analizar estes datos, evitando duplicidades e mellorando a eficiencia do sistema.
- *Continuación de estudos:* Non se dispón da información da porcentaxe de estudantes do MU en Bioloxía Mariña que acceden aos estudos de doutoramento
- *Satisfacción:* No caso dos datos da USC, no curso 2023/2024 o grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (IN42), cunha puntuación de 3.4167 sobre 5, mantívose dentro dun rango positivo, aínda que lixeiramente inferior aos valores máis altos da serie histórica, como o 4.625 rexistrado en 2018/19. A evolución deste indicador mostra certa oscilación, con valores intermedios de 3.26 e 3.55, o que suxire unha percepción xeralmente boa pero mellorable da titulación por parte dos egresados. En canto á satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46), os últimos datos dispoñibles corresponden ao curso 2021/22, cunha puntuación de 3.85 sobre 5, en liña cos valores previos (3.79 en 2018/19, 4.4 en 2019/20 e 3.88 en 2020/21). Estes resultados reflicten unha boa percepción tanto da titulación como da docencia, con marxe de mellora na estabilidade e na calidade percibida ao longo do tempo.

Resultados das materias

En referencia o resultados das materias, e tal e como era previsible nuns estudos de máster, hai que destacar que case non houbo suspensos en ningunha delas, obténdose, en xeral, cualificacións moi boas.

Resultados do título

Indicadores de demanda

Os datos empregados corresponden soamente a USC. No curso 2023/2024, os indicadores de ingreso do Máster en Bioloxía Mariña na USC amosan unha estabilidade na oferta e unha lixeira recuperación na matrícula. O número de prazas ofertadas (IN01) mantívose constante en 10 ao longo de toda a serie histórica amosada na táboa seguinte (2018/19 a 2023/24). A matrícula total (IN02: Matrícula) acadou os 17 estudantes en 2023/24, o que supón unha lixeira mellora respecto aos cursos anteriores, aínda que por debaixo dos 20 rexistrados en 2018/19. A matrícula de novo ingreso por pre inscrición (IN04) foi de 8 estudantes, mantendo o valor do curso anterior, pero por debaixo do máximo histórico (10 no curso 21/22). A nota media de acceso por pre inscrición (IN06) foi de 7.2867 sobre 10, o valor máis alto da serie. O indicador IN08 (percentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados) foi baixo en 2023/24 (5.88%), pero supuxo un incremento con respecto aos cursos previos. O indicador IN09 (percentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia) mostra unha tendencia crecente, pasando do 50% en 2018/19 ao 76.47% en 2023/24. O indicador IN13 (percentaxe de matriculados que son titulados da USC) pasou do 28.57% (2020/21) ao 17.65% (2023/24), pero parece ter unha tendencia fluctuante. Finalmente, a Taxa de ocupación (IN12) oscilou entre un mínimo do 60% (2020/21) e un máximo do 100% (2021/22), sendo do 80% no 2023/24 na USC. En termos globais, os indicadores amosados para a USC no curso 2023/2024 reflicten unha demanda estable, cunha ocupación razoable das prazas ofertadas, unha mellora na diversidade xeográfica do alumnado e unha nota media de acceso razoable. Estes datos apuntan a unha boa saúde académica do título e a unha capacidade sostida de atracción, especialmente fóra do ámbito galego.

Ingreso

	Indicador	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Oferta	IN01 Plazas ofertadas ⓘ	10,0	10,0	10,0	10,0	10,0	10,0
	IN02 Matrícula ⓘ	20,0	15,0	14,0	16,0	16,0	17,0
Matrícula	IN03 Matrícula de acceso ⓘ	8,0	7,0	6,0	10,0	8,0	8,0
	IN04 Matrícula de nuevo ingreso por preinscripción ⓘ	8,0	7,0	6,0	10,0	8,0	8,0
	IN05 Variación de la matrícula de nuevo ingreso por preinscripción ⓘ	-20,0	-12,5	-14,29	66,67	-	-
	IN06 Nota media de acceso por preinscripción ⓘ	6,654	7,2196	7,1065	7,2382	6,9286	7,2867
	IN08 Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados ⓘ	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	5,88
Perfil de entrada	IN09 Porcentaje de estudantes nacionais de fuera de Galicia sobre matriculados ⓘ	50,0	60,0	57,14	62,5	62,5	76,47
	IN13 Porcentaje de matriculados que son titulados de la USC ⓘ	-	-	28,57	18,75	25,0	17,65
Adecuación a la demanda	IN12 Tasa de ocupación ⓘ	80,0	70,0	60,0	100,0	80,0	80,0

Indicadores de resultados

As universidades avalían o rendemento do estudantado das titulacións oficiais mediante seis indicadores principais: **taxa de rendemento**, que mide os créditos superados respecto dos matriculados; **taxa de éxito**, que reflicte os créditos superados respecto dos presentados; **taxa de eficiencia**, que avalía a relación entre os créditos superados e os que foron necesarios cursar para obtelos; **taxa de abandono**, que indica a porcentaxe de estudantes que deixan de matricularse; **duración media dos estudos**, que recolle os anos empregados para titularse; e **taxa de titulación (graduación)**, que mostra a porcentaxe de estudantes que completan a titulación no tempo previsto no plan de estudos. No curso 2023/2024, os indicadores académicos do Máster en Bioloxía Mariña correspondentes á USC amosan un rendemento global positivo, con marxes de mellora nalgúns aspectos. A taxa de abandono (IN41) en 2023/24 foi do 20%, amosando un incremento en comparación coa serie histórica amosada na táboa; sen ter en conta o dato do IN41 do curso 23/24, existe unha boa retención do alumnado en global. A taxa de avaliación (IN36) situouse no 99.59%, a duración media dos estudos (IN38) foi de 2.1 anos, moi próxima á duración do mestrado. En consonancia, a eficiencia dos titulados (IN53) acadou o 98.54%, o que indica que os estudantes completan os estudos sen demoras significativas. As taxas de éxito (IN35) e de éxito dos egresados (IN50) foron do 100% en 2023/24, mentres que a taxa de rendemento (IN34) foi do 99.59%. A taxa de graduación (IN37) foi do 80-100% en todos estes anos, valores que reflicten un alto nivel de aproveitamento académico. En canto á docencia, o número medio de estudantes por grupo en docencia interactiva (IN32) foi de 4.8, e en expositivas de materias obrigatorias e optativas (IN55 e IN56) foi de 8 e 4.4, respectivamente, o que suxire unha atención docente personalizada. En conxunto, os datos evidencian un bo funcionamento académico do máster, cun alto grao de éxito e eficiencia, e unha estrutura docente que favorece a aprendizaxe individualizada.

	Indicador	2018- 2019	2019- 2020	2020- 2021	2021- 2022	2022- 2023	2023- 2024
Abandono	IN41 Tasa de abandono i	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	20,0
Evaluación	IN36 Tasa de evaluación i	100,0	100,0	99,48	92,69	98,33	99,59
Duración media de los estudios	IN38 Duración media de los estudios i	2,1667	2,0	2,0	2,0	2,0	2,1111
Eficiencia de los titulados	IN53 Tasa de eficiencia (egresados) i	94,74	100,0	100,0	100,0	100,0	98,54
Estudiantes por grupo	IN32 Media de alumnos por grupo de docencia interactiva i	4,4	3,7419	3,4643	5,8214	4,6296	4,8519
	IN55 Media de alumnos matriculados en asignaturas obligatorias y de formación básica por grupo de teoría (expositivas) i	8,0	7,0	6,0	10,0	8,0	8,0
	IN56 Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas) i	4,0	3,1818	3,2	5,1	4,1	4,4444
Éxito	IN35 Tasa de éxito i	100,0	100,0	100,0	99,59	100,0	100,0
	IN50 Tasa de éxito de los egresados i	94,74	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Graduación	IN37 Tasa de graduación i	83,33	100,0	100,0	100,0	100,0	80,0
Rendimiento	IN34 Tasa de rendimiento i	100,0	100,0	99,48	92,31	98,33	99,59

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción Titorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Introdución: Garantía de aprendizaxe.

Evidencias claras e continuas da adequación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:

3.1. Normativas.

Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).

3.2. Admisión do alumnado (accións de captación).

3.3. Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.

3.4. Orientación académica (plan de acción Titorial) e profesional.

3.5. Mobilidade.

3.6. Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)

3.7. Avaliación da aprendizaxe

3.8. Prácticas externas.

3.9. Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).

3.10. Resultados da aprendizaxe nas materias do título.

3.11. Satisfacción do Alumnado.

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

3.1.- Grao en Bioloxía (GB)

Normativas

A USC conta con normativas de xestión académica para regular os procesos formativos, tanto a nivel de grao como de máster; así como dun regulamento actualizado para a súa tramitación. As memorias dos títulos impartidos na Facultade de Bioloxía inclúen, para asegurar a obxectividade, información e transparencia, todas as normas, descricións, instrucións, etc. que se indican nos diversos apartados.

Outra normativa xeral de interese para a comunidade do Centro, especialmente para o alumnado, pode atoparse no repositorio documental da normativa referida ao alumnado. Este repositorio contén toda a normativa referida a **DEREITOS: A) Estatuto da USC Estatuto do Estudiantado da USC aprobado polo Claustro Universitario do 28 de novembro de 2019.; B) Normativa de permanencia Acordo do Consello Social do 05-06-2012 polo que se aproba a Normativa sobre Permanencia nas Titulacións de Grao e Máster (e modificacións); C) Normativa de avaliación Acordo do Consello de Goberno do 15-06-2011 polo que se aproba a Normativa de Avaliación do Rendemento dos Estudantes e de Revisión de Cualificacións (e modificacións); D) Normativa de asistencia Acordo do Consello de Goberno do 25-03-2010 polo que se aproba a norma de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES** e modificacións como a Instrución 1/2017 do 27-04-2017, da Secretaría Xeral, sobre a dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias ou o Acordo do Consello de Goberno do 25/11/2024 que aprobou o Regulamento de asistencia a clase nas ensinanzas oficiais de grao e máster da USC (producirá plenos efectos a partir do curso académico 2025-2026). **TITULACIÓNS:** P. ex., o Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC (Aprobado polo Consello de Goberno o 28 de outubro de 2022 - publicado no DOG do 22-12-2022) e a Modificación do Regulamento das titulacións de grao e mestrado da USC e do procedemento de aseguramento da súa calidade. (Aprobado polo Consello de Goberno do 25 de xaneiro de 2024 - Publicada no taboleiro electrónico da USC o 1-02-2024). **ADMISIÓN:** p. ex., normativa sobre ABAU, deportistas de alto nivel/DAN, traslados, requisitos de idioma para o acceso de estranxeiros, etc.). **MATRICULA:** p. ex., Resolución Reitoral do 30-06-2020 pola que se publica a Convocatoria Xeral de Matrícula. Curso académico 2020-2021), **MOBILIDADE:** p. ex., o Acordo do Consello de Goberno do 26-

10-2012 polo que se aproba o Regulamento de intercambios de Estudantes e as modificacións posteriores. **VISITANTES:** p. ex., Acordo do Consello de Goberno do 13-11-2003 polo que se aproba a normativa sobre alumnos visitantes. **EXPEDIENTE ACADÉMICO E RECOÑECIMENTO:** p. ex., **valoración de expedientes, recoñecemento de estudos e competencias, recoñecemento de estudos de Formación Profesional, recoñecementos da experiencia profesional, recoñecemento en réxime de intercambio ou prácticas** (Acordo do Consello de Goberno do 29-07-2015 polo que se aproba o Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Santiago de Compostela). **TRABALLOS FIN DE GRAO E FIN DE MÁSTER:** p. ex., o Acordo do Consello de Goberno do 10-03-2016 polo que se aproba o regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela, ou a Resolución Reitoral do 19-01-2021 pola que se autoriza a defensa ante titor ou titora dos traballos de fin de grao no curso 2020-2021). **PREMIOS E MENCIÓNS:** p. ex., Regulamento de concesión dos premios extraordinarios de grao e máster da USC e modificacións, ou Acordo do Consello de Goberno do 12-06-2017 polo que se aproba o Regulamento de Estudos de Doutoramento). **OUTRA NORMATIVA DE XESTIÓN ACADÉMICA:** p. ex., a referida ao repositorio Minerva: <https://minerva.usc.es>

A Facultade de Bioloxía tamén conta con normativa propia (desenvolvida segundo as directrices da USC) directamente relacionada cos procesos de ensino/aprendizaxe que se desenvolven no Centro, como por exemplo os regulamentos sobre os TFGs dos Graos en Bioloxía e Biotecnoloxía, que deberán ser actualizados durante o curso 2025-26 para ter en conta, entre outros aspectos, a modificación do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos Fin de Grao e Fin de Máster na USC que o Consello de Goberno aprobou na sesión ordinaria do día 24 de xullo de 2024. Así, deberase ter en conta o punto 4.4. “Os TFG e TFM poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superara todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao ou máster, salvo os correspondentes aos propios traballos. Igualmente, os centros responsables das titulacións de grao e máster poderán autorizar a presentación e defensa do TFG e TFM aos estudantes que teñan créditos pendentes de superación co límite máximo de 18 ECTS no caso dos graos e de 9 ECTS no caso dos mestrados, salvo os correspondentes aos propios traballos. Ademais, os centros poderán excepcionar o límite máximo de créditos pendentes no suposto de que o estudante teña pendente a superación de materias prácticas obrigatorias”. Esta modificación foi tratada no punto 3 da Xunta de Facultade do xoves 24 de outubro de 2024 (3.- Aprobación, se procede, da modificación dos Regulamentos de TFG), na que decidiuse autorizar a presentación e defensa do TFG aos estudantes que teñan créditos pendentes de superación co límite máximo de 6 ECTS, salvo os correspondentes aos propios traballos. Polo tanto, no curso 2025-26 deberán ser modificados os regulamentos de TFG de do Grao en Bioloxía e do Grao en Biotecnoloxía para ter en conta esta decisión da Xunta de Facultade, e posteriormente deberán aprobados pola propia Xunta de Facultade e ratificados polo Consello de Goberno. Previamente será necesario realizar modificacións non substanciais da ficha da materia de TFG na memoria do títulos.

Ademais, os procesos clave (PC-01 *Análise do perfil de ingreso e captación*, PC-02 *Planificación das ensinanzas*, PC-03 *Apoio aos estudantes*, PC-04 *Desenvolvemento das ensinanzas* e PC-05 *Análise de resultados e mellora dos programas*) e os informes propios do SGC (p. ex., enquisa propia de perfil de ingreso ao grao, enquisa sobre o desenvolvemento da docencia das materias, informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente, informe de materias suspensas polas que os/as alumnos/as non defenden o TFG, informe de abandono, enquisa de satisfacción co TFG, informe de prácticas externas, etc.) están deseñados para garantir o desenvolvemento das ensinanzas nos títulos impartidos na facultade como o Grao en Bioloxía, xunto cos indicadores de satisfacción, facilitan o seguimento dos títulos e do Centro.

A información sobre os distintos procesos que permiten garantir a aprendizaxe e a avaliación do alumnado actualízase continuamente e ponse a disposición dos distintos usuarios na web da Facultade de Bioloxía e nas webs propias dos mestrados.

Admisión do estudantado

Os procesos e os criterios de admisión do alumnado no Grao son os xerais para o sistema universitario público. Dende o inicio dos estudos do Grao en Bioloxía a demanda do alumnado é moi superior ás prazas ofertadas, polo que estas sempre se cobren. A oferta de prazas diminuíuse nos últimos cursos para axustala á realidade, xa que as análises realizadas amosaban unha elevada oferta no SUG para a

demanda na sociedade deste tipo de titulados; este descenso parece que está a mellorar o rendemento do alumnado de 1º curso. Nos cursos 2021/21, 2021/2022, 2022/23 e 2023/24 xa non se ofertaron prazas (indicador IN01G) na primeira edición do Grao en Bioloxía, sendo polo tanto a matrícula de novo ingreso por pre inscrición (indicador IN04G) de 0 prazas tamén. En cambio, no caso da segunda edición do Grao e Bioloxía o número de prazas ofertadas (indicador IN01G) no primeiro curso 2023/24 foi de 100, aos que hai que engadirles 20 alumnos/as do Dobre Grao Química e Bioloxía. No curso 2023/24 a matrícula de novo ingreso por pre inscrición na 2ª ed do Grao en Bioloxía (IN04G) foi de 107. A matrícula de acceso (IN03G) foi de 147 alumnos/as na 2ª ed do Grao. O número de estudantes matriculados nun curso académico (sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade incoming), que inclúe o alumnado de todos os cursos que se imparten no Grao de Bioloxía (2ª edición) (indicador IN02G; matrícula global) foi de 416 en 2023/24. As porcentaxes de estudantes estranxeiros sobre matriculados (indicador IN08G) e a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (indicador IN09G) foron baixas no curso 2024/25 (IN08G: 0.48% 2ª ed; IN09G: 4.81% 2ª ed), que son valores baixos e similares aos últimos cursos. Finalmente, no Grao de Bioloxía (2ª ed) houbo unha taxa de ocupación ascendente nos últimos anos (IN12G: 100.0% 20/21; 101.0% 21/22; 103.0% 22/23; 107.0% 23/24. En conxunto, os datos reflicten unha situación estable e positiva para o Grao en Bioloxía (2ª edición), cunha demanda sostida que supera a oferta e unha taxa de ocupación crecente. Polo tanto, o grao mantén unha sólida capacidade de atracción e cobertura total das prazas dispoñibles, pero seguemos a ter unha baixa porcentaxe de estudantes estranxeiros e de fóra de Galicia.

En canto á captación do estudantado do Grao en Bioloxía, esta faise maiormente a través do “Programa A Ponte”, unha iniciativa da USC que ten como obxectivo achegar a universidade ao alumnado de Ensino Medio, especialmente a estudantes de Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Superior. Desde o curso 2003-2004, este programa busca orientar academicamente ao estudantado, axudándoo a coñecer a oferta de estudos de grao e o contexto investigador, social, cultural e espacial da universidade. En concreto, a Facultade de Bioloxía participa anualmente nas seguintes actividades do Programa a Ponte a nivel de Facultade:

- Encontros Presenciais e Virtuais na Zona USC, Os encontros presenciais permiten que o alumnado visite a Facultade de Bioloxía durante o desenvolvemento normal da actividade académica, o que facilita unha visión realista da vida universitaria. No curso 2023-24 os días 30 e 31 de xaneiro e 1 e 2 de febreiro de 2024 celebrouse unha nova edición dos “Encontros na zona USC 2024”. A Facultade de Bioloxía participou activamente nesta actividade, organizando visitas guiadas ás súas instalacións e aos laboratorios do edificio CIBUS. Durante estas xornadas, o estudantado visitante tivo a oportunidade de coñecer de primeira man os espazos docentes e de investigación da facultade, así como de interactuar con profesorado e persoal investigador. A participación da Facultade de Bioloxía nestes encontros resulta estratéxica para fomentar vocacións científicas, difundir a oferta académica e reforzar a captación de novo alumnado. No curso 2024/25 esta actividade repetiuse do 04/02/2025 ata o 07/02/2025. Pola súa parte, os encontros virtuais ofrecen videoconferencias específicas para cada titulación de grao impartida na Facultade de Bioloxía, nas que os Coordinadores de Título e os/as representantes de estudantes presentan os estudos e responden ás preguntas do estudantado interesado. No curso 2023/24 os encontros virtuais tiveron lugar o luns 25 de marzo de 2024 de 11:00 a 13:00.
- A USC Camiña, unha actividade que consiste nunha serie de postos informativos sobre as titulacións de grao, mestrado e doutorado, pero tamén sobre a investigación e os diferentes servizos relacionados coa vida universitaria (residencias universitarias, cultura, mobilidade, voluntariado, a importancia das linguas, deportes, ...). A Facultade de Bioloxía participou coa actividade A USC Camiña a Ribeira o 24/01/2023, tanto na Mesa redonda sobre as titulacións de Tecnoloxía, Ciencias e Ciencias da Saúde como no obradoiro e demostración titulado “Facultade de Bioloxía: Unha facultade moi diversa”. Tamén participou o 21/02/2025 coa actividade A USC Camiña a Vilagarcía co Obradoiro/demostración titulado “Facultade de Bioloxía: Unha facultade moi diversa”.

A nivel do PDI da Facultade de Bioloxía/CIBUS, este participa en:

- Charlas Temáticas, que son sesións informativas dirixidas ao estudantado nas que participa o profesorado da Facultade de Bioloxía e do CIBUS. Os contidos están relacionados co seu ámbito docente e/ou investigador e están dirixidas a estudantes de Bacharelato e Ciclos Formativos de grao Superior. A algunhas destas charlas tamén poden asistir estudantes de 4º de ESO daqueles centros que, ademais de Bacharelato e/ou Ciclos Formativos, tamén teñan estudantes de Ensino Secundario Obrigatorio.

- **STEMBach.** O STEMBach ou Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía, está pensado tanto para a modalidade de Humanidades como para a de Ciencias e creado ao abeiro da Estratexia galega para a educación dixital. Promove a vocación do alumnado cara a investigación científica e tecnolóxica e permite unha conexión directa co ensino universitario. A Facultade de Bioloxía, a través do seu PDI, colabora con este programa ofrecendo actividades de investigación e orientación para o alumnado que participa nel, favorecendo a adquisición de competencias clave e o contacto directo coa ciencia universitaria.

Outras actividades que serven para divulgar o estudos de grao e mestrado na Facultade de Bioloxía son os cursos de verán (Universidade de Verán). Os Cursos de Verán da USC constitúen unha das principais accións de proxección social e cultural da institución, cunha clara vocación de difusión do coñecemento e de conexión coa sociedade. Estes cursos celébranse entre os meses de xuño e setembro en diferentes localizacións, como os campus de Santiago e Lugo, así como noutras vilas galegas, o que permite descentralizar a actividade universitaria e achegala a distintos públicos. A través desta programación, a USC promove o acceso aberto a formacións especializadas en múltiples áreas do saber, moitas delas vinculadas aos estudos de grao e pos grao que ofrece a universidade. Isto permite que tanto o estudantado como a cidadanía en xeral poidan explorar contidos académicos e científicos nun formato máis flexible e participativo. Nos cursos participan docentes universitarios e profesionais de distintos sectores e favorecen a transferencia de coñecemento e a visibilización da oferta académica da USC, tanto a nivel de grao como de posgrao. No curso 2023-2024 foron concedidos e realizados dous cursos de verán na Facultade de Bioloxía: A) “A Bioloxía das pequenas e grandes cousas (2ª ed). 18 horas. Jesús López Romalde (Bioloxía); B) Métodos de mostraxe e análise da biodiversidade en Ecoloxía Terrestre (2ª). 32 horas. Mª Teresa Boquete Seoane (Bioloxía).

Finalmente, entre o 23 e o 27/10/2023 celebrouse a 1ª ed Outono Biofest. O Outono Biofest é unha actividade docente extra curricular organizada pola Facultade de Bioloxía da USC que se celebra anualmente a comezos de outubro. Ten como obxectivo principal achegar o alumnado á realidade investigadora e profesional da bioloxía, promovendo a súa participación activa e o contacto directo con: A) Persoal docente e investigador (PDI) e grupos de investigación da propia facultade e doutros centros (como o CIBUS); B) Institutos e asociacións científicas (COBGA, GalBioTec, BIOGA, AMIFE). A programación inclúe visitas a laboratorios, presentacións de pósters científicos, charlas divulgativas, mesas informativas, e coloquios con investigadoras novas, fomentando así a orientación profesional e a vocación científica do estudantado. Sen embargo, estas actividades están abertas tamén a profesorado e estudantes de Bacharelato e Ciclos Formativos de grao Superior ou estudantes de Ensino Secundario Obrigatorio.

Moitas destas actividades que acabamos de mencionar do programa A Ponte e dos cursos de verán son difundidas a través das Redes sociais da Facultade de Bioloxía ([YouTube](#), [Facebook](#), [Instagram](#), TikTok) e da Biblioteca da Facultade de Bioloxía (Instagram; @busc_biologia).

Aplicación de normativas predefinidas

No curso 2023/24 non houbo ningunha incidencia na aplicación das distintas normativas predefinidas. Por exemplo, a normativa de permanencia e a de transferencia e recoñecemento de créditos, establecidas pola USC, aplicouse correctamente no Grao de Bioloxía (1ª e 2ª ed), no Dobre Grao de Química-Bioloxía, e no Grao de Biotecnoloxía (2ª ed) como se pode ver nos seguintes datos do curso 2023/24:

- **1ª edición do Grao en Bioloxía.** Recoñecéronse como créditos da titulación a adquisición de competencias transversais (n= 46): Escolas Deportivas da USC (1 alumnos/as), Actividades de Participación Social (4 alumnos/as), Actividades de sensibilización e formación (1 alumnos/as), Habilidades Comunicativas: Redacción Científica (1 alumnos/as), Universidade de Verán (10 alumnos/as), Medicina de Precisión Personalizada. Da Teoría á Práctica (1 alumnos/as), Achegamento á Xenética Forense: Proceso de Identificación de Persoas Desaparecidas (1 alumnos/as), Curso de Competencias en Información (23 alumnos/as), idiomas (4 alumnos/as).
- **2ª edición do Grao en Bioloxía.** Recoñecéronse como créditos da titulación a adquisición de competencias transversais seguintes (n= 185): Actividades Culturais (3 alumnos/as), Escolas Deportivas da USC (7 alumnos/as), Programa de títulos (5

alumnos/as), Actividades de Participación Social (4 alumnos/as), Idiomas (42 alumnos/as), Curso de Competencias en Información da Biblioteca da USC (95 alumnos/as), CERT.B2.OUTRA.UNI doc. acreditativo B2 ou superiores das Univ. Públicas Españolas e Univ. do EEES (1 alumno/a), Habilidades Comunicativas: Falar en Público (1 alumno/a), Habilidades Comunicativas: Presentacións Dixitais Eficientes (1 alumno/a), Habilidades Comunicativas: Redacción Científica (1 alumno/a), Universidade de Verán (9 alumnos/as), Medicina de Precisión Personalizada. Da Teoría á Práctica (7 alumnos/as), Achegamento á Xenética Forense: Proceso de Identificación de Persoas Desaparecidas (9 alumnos/as)

- **Dobre Grao de Química-Bioloxía.** Recoñecéronse como créditos da titulación a adquisición de competencias transversais seguintes (n= 16): Curso de Competencias en Información (14 alumnos/as), MicroMundo/Small World Initiative Crowdsourcing para o Descubrimiento de Antibióticos Mediante Aprendizaxe Integrando Diversos Niveis Educativos (Biotecnoloxía) (1 alumno/a), Achegamento á Xenética Forense: Proceso de Identificación de Persoas Desaparecidas (1 alumno/a).

No curso académico 2023-2024, a Comisión de docencia, recoñecemento de estudos e actividades culturais realizou un total de 11 recoñecementos de materias cursadas noutras titulacións universitarias para continuar estudos no Grao en Bioloxía da USC e cuxas titulacións de orixe foron:

- Grao en Bioloxía da Universidade da Coruña (7)
- Grao en Bioloxía da Universidade de Vigo (1)
- Dobre Grao en Química e Bioloxía da USC (1)
- Grao en Química da USC (1).
- Tamén a comisión realizou un recoñecemento para Ciclo Superior de Química e Saúde Ambiental.

Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación

No grao de Bioloxía non están contemplados complementos formativos

Orientación académica

No curso 2022-2023 creouse o Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Bioloxía da USC. Este documento ven a recoller, dun xeito unificado e ordenado cronoloxicamente, un conxunto de accións individuais que se levan realizando dende hai anos no Centro como as que acabamos de mencionar no parágrafo anterior. Todas elas teñen un nexo común, que é o de guiar, orientar e formar de xeito máis integral ao alumnado dos distintos graos que se imparten no centro. A elaboración deste PAT constituíu unha das accións de mellora (AM-6.02) dentro do Plan de Melloras do Centro para o curso 2022-2023 que figuraba na Memoria de Calidade da Facultade de Bioloxía 2021-2022.

As accións que integran o PAT planifícanse, desenvólvense e avalíanse segundo o proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Bioloxía. O PAT da Facultade de Bioloxía aprobouse na Comisión de Calidade do Centro (CCC) con data 17/01/2024 e posteriormente na Xunta de Facultade con data 18/01/2024, e implantouse completamente no curso 2024/25. Un dos obxectivos específicos do PAT é o de recoller unha serie de actividades de orientación académica que xa se estaban a realizar na Facultade de Bioloxía para facilitar o acceso ao estudantado certa información sobre aspectos académicos relacionados co desenvolvemento dos plans de estudos, horarios, actividades académicas, programas existentes (ERASMUS, SICUE, titores, prácticas externas) e materias (Traballo Fin de Grao, Prácticas Externas). Así, o PAT recolle información sobre:

- **Xornada de benvida, enfocada sobre o alumnado de primeiro curso do Grao en Bioloxía, Grao e Biotecnoloxía e Dobre Grao Química-Bioloxía.** O 13 de setembro de 2023 (12:00 a 14:00) celebrouse na Aula Magna da Facultade de Bioloxía un acto de benvida conxunto para os/as alumnos/as de primeiro de Bioloxía, Biotecnoloxía e do Dobre Grao de Química-Bioloxía. Nese acto participaron D^a Pilar Murias Fernández, Vicerreitora de Estudantes e Cultura, quen realizou a apertura e peche do acto; D.

Jesús Ángel López Romalde, Decano da Facultade de Bioloxía, quen fixo a presentación do equipo decanal e aportou información académica e recomendacións de especial interese para o estudantado; D^a M^a Lapido Silva, Xestora de centro, quen proporcionou información administrativa de especial interese para o estudantado e presentou a información contida na web da facultade; D. Javier Sampedro Jiménez, Coordinador do Grao en Biotecnoloxía, quen presentou os equipos de coordinación de Bioloxía e Biotecnoloxía, comentou aspectos prácticos de inicio de curso e realizou a enquisa de perfil de ingreso e falou das normas xerais de seguridade nas prácticas; D^a Celia Pinaque Parrado, quen presentou o equipo do PAIS aos estudantes e enumerou as diferentes funcións que realizan; D. Anxo Doval, Director da Biblioteca da Facultade de Bioloxía, que fixo a presentación dos servizos da biblioteca e comentou os cursos de formación básico e avanzado en recursos da información; D. Javier Rico Díaz, Delegado do Reitor para o Deporte na USC, quen presentou as actividades deportivas e culturais na USC; D^a Katerina Vlasakova, Directora do Centro de Linguas Modernas da USC, quen presentou os cursos de idiomas no CLM; Alba Dieste Caamaño e Iria Bodelo Grovas, representantes do estudantado nos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía, respectivamente; representantes das organizacións de estudantes da facultade (Bota e Bata).

- **Sesión informativa sobre o “Programa de Apoio Titorial Extraordinario da USC”**
- **Sesión informativa sobre o “Traballo Fin de Grao (TFG): Modelo e consellos para a súa elaboración”** (para alumnado do último curso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía e do Dobre Grao Química-Bioloxía).
- **Sesións informativas sobre o Programa ERASMUS, o Programa SICUE e o Programa de titores** (estas tres enfocadas sobre o alumnado de 2º e 3º curso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía e do Dobre Grao Química-Bioloxía). A charla presentación da convocatoria Erasmus 2024 a alumnos/as do grao de Bioloxía celebrouse o 14/12/2023, de 14:00-15:00 na Facultade de Bioloxía, e nela participou a Xestora Académica, Concepción Lapido Silva, quen fixo a presentación, e a Coordinadora dos Programas de mobilidade, a Vicedecana Otilia Reyes Ferreira. A esta reunión asistiron uns 30 alumnos/as. A charla sobre programa SICUE 2024 celebrouse o 26/02/2024 na Aula 1 as 14:00. Asistiron 10 alumnos/as.
- **Sesión formativa sobre o programa de titores.** No curso 2023-24 participaron 7 estudantes do Grao de Bioloxía no programa de titores, que formaron parte do programa de orientación académica.
- **Duas sesións informativas sobre A) cuestións administrativas relativas ás Prácticas Externas e ao Traballo Fin de Grao (TFG) e B) as posibles liñas temáticas ofertadas polos departamentos/área do TFG.** Teñen como destinatarios o alumnado de 3º curso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía e do Dobre Grao Química-Bioloxía específicas. A charla sobre cuestións administrativas sobre o programa de prácticas externas (Bioloxía) celebrouse o 01/02/2024 na aula 1 da Facultade de Bioloxía as 14:00, cunha asistencia de 90 alumnos/as. Nesa charla participaron a xestora académica do Centro, Concepción Lapido Silva, e a Vicedecana Otilia Reyes Ferreira. A charla informativa sobre as cuestións administrativas sobre o TFG dos graos de Bioloxía e Biotecnoloxía: Celebrouse o 18/04/2024 na aula 1 da Facultade de Bioloxía as 14:00, cunha asistencia de 90 alumnos/as. Nesa charla participaron a xestora académica do Centro, Concepción Lapido Silva, e a Vicedecana Otilia Reyes Ferreira. A charla sobre as posibles liñas temáticas ofertadas polos departamentos/áreas do TFG celebrouse por primeira vez o 7 de abril de 2025 na Aula Magna da Facultade de Bioloxía.
- **Xornadas de orientación Laboral para Biólogos/as e Biotecnólogos/as:**
 - **Outono Biofest. Data: 23–27/10/2023- Graos: Bioloxía, Biotecnoloxía e Dobre Grao Química-Bioloxía. Resumo:** Actividade formativa integral que inclúe charlas, visitas a laboratorios, mesas redondas e encontros con profesionais e investigadores. Ofrece información sobre saídas profesionais, investigación e carreira científica, polo que contribúe directamente á orientación académica e profesional do alumnado.
 - **Xornada formativa “As actividades profesionais dos biólogos”. Data: 24/04/2024. Grao de Bioloxía. Resumo:** Organizada polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) e a Facultade de Bioloxía. Nesta xornada interviron como poñentes o Dr. José Gómez Rial, Facultativo Especialista de Inmunoloxía-CHUS, D^a Cristina García Carballas, Bióloga auditora xefe, e D. Miguel Suárez Couselo, Técnico de Cartografía de Hábitats Terrestres-Tragsatec. Os poñentes falan durante 1h sobre a o Biólogo Interno Residente (BIR) e carreira como biólogo nos hospitais, así como do traballo dos biólogos en cuestións de auditorías de calidade e en cartografía de hábitats terrestres.

- **Cursos de competencias en información NIVEL BÁSICO e NIVEL AVANZADO organizados pola Biblioteca da Facultade de Bioloxía**
- **Reunión dos/as coordinadores/as de curso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía cos/as delegados/as do curso correspondente.**
- **Programa de tutorización de Deportistas de Alto Nivel (DAN).**
 - o O Titor DAN na Facultade de Bioloxía é o profesos Francisco Javier Salgado.
 - o Nos cursos 2023/24 e 2024/25 non participaron estudantes do Grao en Bioloxía ou do Dobre Grao de Química-Bioloxía no programa DAN.

Programas de mobilidade: Entrante e saínte

Mobilidade entrante: No curso 2023/24 o número de alumnos/as recibidos a través dos distintos programas de mobilidade segue a ser baixo. A “*Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados*” (indicador IN18G 2022/23) foi soamente do 0.99% (2020/21), 1.05% (2021/22), 1.01% (2022/23) e 1.92% (2023/24). Este mesmo indicador IN18G tivo os seguintes valores no caso da 1ª edición do Grao en Bioloxía ata o curso 2022/23: 3,26% (2016/17), 2,31% (2017/18), 2,87% (2018/19), 1,75% (2019/20), 0,95% (2020/21), 2,69% (2021/22) e 2.22% (2022/23). En canto ao indicador INF 03 - Procedencia-Destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade, este indica que na 2ª ed do Grao en Bioloxía (curso 2023/24) participaron no programa SICUE (mobilidade entrante) soamente 2 estudantes, do programa ERASMUS soamente 2 alumnos/as (UNIÓN EUROPEA ITALIA Università Degli Studi di Napoli Federico II e Università Degli Studi Roma Tre) e 4 estudantes a través de convenios con outras universidades: 1 de CHILE Pontificia Universidade Católica del Valparaíso, 1 de COLOMBIA Universidad Simón Bolívar, 1 MEXICO Autónoma de Nuevo Leon e 1 MEXICO de Las Americas. **Concluimos polo tanto que a mobilidade entrante tanto do resto do estado como procedente de outros países da Unión Europea u de fora da UE no Grao de Bioloxía é moi baixa e debería ser potenciada.**

Mobilidade saínte: En canto a este tipo de mobilidade, o indicador INF 03 - Procedencia-Destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade indicaba para o curso 2022/23 que había 3 estudantes da 1ª ed do Grao en Bioloxía que participaron no programa ERASMUS, e 2 no SICUE (tendo en conta IN02G Matrícula global = 180, $5/180 = 2.8\%$), namentres que no curso 2022/23 para a 2ª ed do Grao en Bioloxía houbo 8 estudantes que participaron no programa ERASMUS, pero ningún no SICUE; en total polo tanto 13 estudantes que participaron nestes programas de mobilidade saínte no curso 2022/23 entre a 1ª e a 2ª edición. Se temos en conta unha matrícula global (IN02G 2023/24) de $180 + 296 = 476$ estudantes entre a 1ª e a 2ª ed, isto supón un **2,73 % de estudantes que participaron nestes programas de mobilidade saínte no curso 2022/23.** No curso 2023/24 os datos parecen ser algo máis positivos, xa que para a 2ª ed do Grao en Bioloxía houbo 14 estudantes que participaron no programa ERASMUS (ITALIA 2, POLONIA 2, PORTUGAL 3, REPÚBLICA CHECA 3, RUMANIA 2, TURQUÍA 2), e 9 no SICUE (España), facendo un total de 23 estudantes. Se temos en conta unha matrícula global (IN02G 2023/24) de 416 estudantes, isto supón un **5,5 % de estudantes que participaron nestes programas de mobilidade saínte no curso 2022/23; é dicir, un incremento de 2 veces aproximadamente.** Esperamos que o Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Bioloxía, Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o 17/01/2024 e pola Xunta da Facultade de Bioloxía o 18/01/2024 e que recolle unha sesión informativa sobre o programa SICUE e outra sobre o programa ERASMUS (sesións informativas que levan tempo facéndose na facultade) axuden a mellorar estas cifras de mobilidade saínte.

Se comparamos os datos de mobilidade entrante (IN18 Porcentaxe de estudantes recibidos por la USC de programas de mobilidade sobre el total de matriculados) e saínte (IN54 Porcentaxe de estudantado egresado que participou a lo largo de seus estudos en programas de mobilidade saliente) noutros graos da nosa contorna no curso 2023/24, estes son os resultados:

- o **Grao en Bioloxía USC: Entrante (IN18) 1,92%, Saínte (IN54) 17,95 %**
- o **Grao en Farmacia USC: Entrante (IN18) 1,68%, Saínte (IN54) 22,79 %**
- o **Grao en Medicina USC: Entrante (IN18) 3,33%, Saínte (IN54) 18,48 %**

- Grao en Química USC: Entrante (IN18) 0,44%, Saínte (IN54) 18%
- Grao en Física USC: Entrante (IN18) 1,36 %, Saínte (IN54) 26,51%
- Grao en Matemáticas USC: Entrante (IN18) 1,53%, Saínte (IN54) 27,59%
- Grao en Enxeñería Química: Entrante (IN18) 1,74%, Saínte (IN54) 11,11%

Polo tanto, o Grao de Bioloxía ten uns valores de mobilidade entrante baixos en comparación con Grao en Medicina (1,92 vs 3,33%) pero similares aos dos Graos en Enxeñería Química ou Farmacia. Por outro lado, o Grao de Bioloxía ten uns valores de mobilidade saínte baixos en comparación cos Graos en Matemáticas e Física (17,95 vs 27,59%/26,51), pero similares a outros como o de Farmacia, Medicina ou Química.

En conclusión, a análise dos datos revela que a mobilidade entrante no Grao en Bioloxía da USC continúa a ser moi reducida, cunha porcentaxe de estudantes internacionais ou doutras comunidades autónomas moi baixa (1,92% no curso 2023/24), por debaixo da media nacional (2,67%) e inferior á doutros graos como Medicina (3,33%), o que evidencia a necesidade de reforzar a atracción de alumnado externo. Pola contra, a mobilidade saínte amosa unha tendencia positiva, cun incremento significativo no curso 2023/24 (5,5%), superando a media nacional (3,07%) e achegándose a valores de graos como Farmacia ou Química, aínda que segue por debaixo de titulacións como Matemáticas ou Física. O novo Plan de Acción Titorial da Facultade de Bioloxía recolle, dunha maneira programada para cada curso académico, unha serie de accións informativas sobre os programas de mobilidade ERASMUS e SICUE. Ditas charlas xa se levan anos facendo na facultade, pero o feito de formar agora parte do PAT podería axudar a fomentar a participación do estudantado nas charlas e mellorar a información que estes reciben sobre as opcións, destinos e as condicións da mobilidade saínte. No relativo á mobilidade entrante, faría falla dende a Facultade de Bioloxía: A) Ampliar e diversificar os convenios internacionais; B) Mellorar a promoción internacional do grao, creando material promocional multilingüe (en inglés, francés, alemán, etc.) que destaque os puntos fortes do grao e difundilos en redes sociais e plataformas universitarias; C) Outra posibilidade sería ofertar materias en inglés, ausentes no grao, para fomentar a participación de estudantes internacionais que non falan galego ou castelán. Tamén sería importante indicar na información do grao a alta porcentaxe de materias impartidas en castelán no Grao de Bioloxía da USC, para animar aos estudantes doutras comunidades autónomas que están moi sensibilizados con tema das dificultades que poida causar a presenza de materias en galego. Sen embargo, a posibilidade de ofertar materias en inglés xa se tentou previamente, sen demasiado éxito, e tampouco sería é viable, xa que a memoria do título indica que este será impartido en galego ou castelán, pero non en inglés; D) Difusión de experiencias previas: Compartir testemuños e vídeos de estudantes de outras rexións (SICUE) ou internacionais (ERASMUS) que xa participaron no programa a través de redes sociais (Instagram, Tik-Tok) para atraer futuros candidatos.

Metodoloxía de ensinanza

A metodoloxía da ensinanza adecúase ao perfil e necesidades do alumnado. A docencia no Grao en Bioloxía comezou nun escenario de normalidade no curso 2023/2024. Toda a docencia expositiva fíxose de xeito presencial segundo o horario previsto. Tamén se realizaron de xeito presencial o resto das actividades docentes (interactivas), como seminarios, prácticas (laboratorio, informática e campo) e titorías. Os informes resultantes da aplicación dos protocolos do SGC elaborados e aprobados na Comisión de Título, tal e como se indicou na Directriz 2, así o indican. Ademais, as guías docentes das materias inclúen a metodoloxía de ensino-aprendizaxe e a avaliación das competencias (básicas, transversais e específicas). Polo tanto, o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación parecen contribuir á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos. Non obstante, existen cousas a mellorar na titulación, como está a indicar a enquisa de satisfacción dos estudantes coa titulación elaborada pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (INF.22, “Satisfacción do alumnado coa titulación”). Así, para a 1ª edición do Grao en Bioloxía a valoración global no curso 2023/24 é de 2,89 sobre 5 puntos, sendo necesario mellorar (valores $\leq 2,5$ puntos sobre 5) a atención prestada polo persoal de administración e servizos, a orientación profesional e laboral, a carga de traballo ou a organización da titulacións. Sen embargo, hai que ter en conta tamén na interpretación destes datos a baixa participación do alumnado nesta enquisa (7,55%) e o feito de se trata dun grao en extinción. De feito, no caso da 2ª edición do Grao en Bioloxía, a valoración global é algo máis alta (2,97 sobre 5 puntos), pero non a participación (7,47%); segundo os datos na INF.22 da 2ª ed do Grao en Bioloxía 2023/24, sería necesario mellorar (valores ≤ 2.5

sobre 5 puntos) a **orientación profesional e laboral realizada no centro, a distribución da carga de traballo, o equilibrio nos contidos teóricos e prácticos da titulación e a organización.**

Avaliación da aprendizaxe

No Grao en Bioloxía os mecanismos de avaliación da aprendizaxe teñen en consideración dous aspectos fundamentais. Por un lado, a inclusión das competencias (transversais e específicas) e o seu sistema de avaliación nas guías docentes das distintas materias. Por outro, a avaliación da adquisición de competencias que fan os titores externos do programa de prácticas externas (enquisa propia do centro) e tamén a que fan os titores do TFG (informe do titor). Tamén se recollen datos dos alumnos/as egresados/as (enquisa aos/as egresados/as -ACMP) sobre a súa satisfacción coa titulación.

Avaliación da adquisición de competencias en prácticas externas por parte dos titores externos

Realizouse unha enquisa entre os titores externos das prácticas, valorándose un total de 15 ítems: Asistencia e puntualidade, respecto polas normas, motivación e interese no traballo, capacidade de aprendizaxe, procura de información axeitada e actual, iniciativa e toma de decisións, planificación e organización do traballo, traballo en equipo e cooperación, adaptabilidade a situacións e solución de problemas, creatividade, coñecemento das técnicas ou procedementos para o traballo, manexo de ferramentas (maquinaria, aplicacións informáticas, etc.), seguridade persoal e auto confianza, comunicación oral, comunicación escrita. O número de enquisas recollidas dos titores externos foi en todos os anos sensiblemente superior ao número de enquisas dos estudantes de prácticas externas (42 alumnado vs 65 titores no curso 2023/24), pero apreciase un marcado descenso desde o curso 2018/19 ata o 2023/24: 94→42 alumnado, 112→65 titores externos.

Táboa. Resultados das enquisas aos titores de prácticas externas

Táboa 2	Nº	Asistencia e puntualidade	Respecto polas normas	Motivación e interese no traballo	Capacidade de aprendizaxe	Búsqueda de información axeitada e actual	Iniciativa e toma de decisións	Planificación e organización do traballo	Traballo en equipo e cooperación	Adaptabilidade de a situacións e solución de problemas	Creatividade	Coñecement o das técnicas ou procedement os para o traballo	Manexo de ferramentas (maquinaria, aplicacións informáticas, etc)	Seguridade persoal e autoconfianz a	Comunicació n oral	Comunicación escrita	Media	Nº enquisas con valoración >percentil 10%
2018-2019	112	9,5	9,6	9,3	9,3	9,0	8,8	9,2	9,4	9,1	8,9	8,7	9,1	9,2	9,3	9,0	9,2	12
2019-2020	96	9,5	9,7	9,0	9,1	8,7	8,6	9,0	9,1	8,8	9,0	8,6	9,1	8,9	9,0	8,9	9,0	14
2020-2021	99	9,7	9,8	9,5	9,5	9,2	9,2	9,4	9,6	9,4	9,1	9,2	9,3	9,4	9,4	9,3	9,4	4
2021-2022	86	9,8	9,8	9,4	9,4	9,2	8,9	9,2	9,5	9,2	9,0	9,0	9,3	9,3	9,4	9,3	9,3	8
2022-2023	77	9,6	9,7	9,5	9,5	9,2	9,2	9,4	9,5	9,3	9,1	9,1	9,4	9,4	9,4	9,2	9,4	6
2023-2024	65	9,8	9,8	9,7	9,7	9,4	9,3	9,6	9,8	9,5	9,4	9,3	9,6	9,5	9,6	9,4	9,6	3
media		9,6	9,7	9,4	9,4	9,1	9,0	9,3	9,5	9,2	9,1	9,0	9,3	9,2	9,3	9,1	9,3	
SD		0,9	0,8	1,2	1,0	1,2	1,3	1,2	1,0	1,2	2,4	1,3	1,1	1,1	1,1	1,2		
SEM		0,04	0,03	0,05	0,04	0,05	0,05	0,05	0,04	0,05	0,11	0,06	0,05	0,05	0,05	0,05		
																		Percentil 10% 8,1
																		535

Por outra banda, a valoración que fan das prácticas externas os titores (sobre 10 puntos) é moi alta, e mantívose así dende 2018/19 ata o curso 2023/24, apreciándose incluso unha mellora da nota media (Táboa 1): 9.2 (18/19), 9.0 (29/20), 9.4 (20/21), 9.3 (21/22), 9.4 (22/23) e 9.6 (23/24). Soamente un pequeno número de enquisas (8.8%) tiveron unha valoración por debaixo do percentil do 10%: 2018/19, 12 de 112 enquisas; 2019/20, 14 de 96 enquisas; 2020/21, 4 de 99 enquisas; 2021/22, 8 de 86 enquisas; 2022/23, 6 de 77 enquisas; 2023/24, 3 de 65 enquisas (Táboa 1). En canto aos dous ítems da enquisa mellor valorados se situaron a “asistencia e puntualidade” e o “respecto polas normas”, e os dous peores a “iniciativa e toma de decisións” así como o “coñecemento das técnicas ou procedementos para o traballo” (Táboa 1).

Os titores externos tamén deixaron unha serie comentarios no apartado de observacións da enquisa. A meirande parte destes comentarios foron moi positivos/eloxiosos e amosaban unha grande satisfacción dos titores cos estudantes de prácticas externas, en consonancia cos resultados da enquisa. Sen embargo, no curso 2023/24 houbo tamén algúns comentarios que se indican a continuación porque poden axudar a identificar algúns puntos febles na formación do alumnado do Grao en Bioloxía: Formación do alumnado: Nalgúns casos se sinalan deficiencias de formación nos estudantes do grao en bioloxía, como por exemplo en técnicas de laboratorio. Así, un titor/a indica que “Es

importante destacar que, al ser una alumna de Biología, todavía no ha tenido la oportunidad la materia quizá más relevante para el trabajo que ha realizado en nuestro grupo: Ingeniería Genética. En contraposición, los alumnos de Biotecnología, que no sólo han cursado esta materia sino varias Biotecnologías cuando llegan a 4º, se familiarizan más fácilmente con las tareas del laboratorio". Outro titor/a indica algo no mesmo sentido: "Hizo buena parte de sus prácticas en el laboratorio de control químico lo que le requirió un esfuerzo extra ya que su formación, dado su plan de estudios, es más orientación microbiológica".

Iniciativa e creatividade: Algúns titores externos de prácticas indican problemas en creatividade e iniciativa dos estudantes. **Competencias:** Nalgúns casos certas competencias como planificación, creatividade, coñecementos de técnicas, procura de información, etc., non son valoradas polos titores porque non procede. Polo tanto, os titores externos valoran moi positivamente aos estudantes de prácticas, pero tamén sinalan deficiencias na súa iniciativa e creatividade, así como problemas na comunicación escrita e oral. Polo tanto, recoméndase implementar medidas para fomentar a iniciativa e creatividade dos estudantes durante as prácticas, como a realización de proxectos propios, así como traballar na mellora das competencias de comunicación escrita e oral dos estudantes, especialmente na elaboración de memorias e informes.


Avaliación da adquisición de competencias por parte dos titores de TFG

Para completar a información sobre o desenvolvemento do TFG no curso 2023-24, os titores cubriron unha enquisa sobre a adquisición de competencias transversais por parte do alumnado do Grao de Bioloxía. No caso da 1ª ed do Grao de Bioloxía (n = 41 enquisas recollidas), 11 foron os ítems valorados nesa enquisa, en concordancia coa memoria de título: 1) Capacidade de análise e síntese; 2) Capacidade para o razoamento e a argumentación; 3) Capacidade para traballar en grupo e abarcar situacións problemáticas de xeito colectivo; 4) Capacidade para obter información axeitada, diversa e actualizada; 5) Capacidade para elaborar e presentar un texto organizado e comprensible; 6) Capacidade para realizar unha exposición en público de xeito claro, conciso e coherente; 7) Compromiso de veracidade da información que se lle ofrece aos demais. 8) Habilidade no uso de TICs; 9) Utilización de información bibliográfica e de Internet; 10) Utilización de información en lingua estranxeira; 11) Capacidade para resolver problemas mediante a aplicación integrada dos seus coñecementos.

No caso da 2ª ed do Grao de Bioloxía (n= 63), 10 foron os ítems valorados nesa enquisa, os cales están en concordancia coa memoria de título: 1) Capacidade para buscar, procesar, analizar e sintetizar información procedente de diversas fontes; 2) Capacidade para o razoamento, a argumentación e o pensamento crítico; 3) Capacidade para traballar en grupo e abarcar situacións problemáticas de maneira colectiva; 4) Capacidade para elaborar e presentar un texto organizado e comprensible; 5) Capacidade para realizar unha exposición en público de forma clara, concisa e coherente; 6) Capacidade para reflectir adecuadamente as fontes de información empregadas; 7) Capacidade para aplicar as TICs no ámbito da Bioloxía; 8) Capacidade para resolver problemas mediante a aplicación integrada dos coñecementos, promovendo a iniciativa e a creatividade; 9) Capacidade para organizar e planificar o traballo; 10) Capacidade para interpretar resultados experimentais.

Os resultados conxuntos dos TFGs experimentais e bibliográficos indican que os titores opinan que a adquisición de competencias por parte do alumnado é alta tanto na 1ª edición (Figura A) como na 2ª edición (Figura B) do Grao en Bioloxía. A capacidade para elaborar e presentar un texto segue a ser a competencia con menor valoración por parte dos titores da primeira e da segunda edición do grao.

A



B




Figura. Resultados da enquisa de titores de TFG en relación a adquisición de competencias transversais por parte do alumnado. A) Primeira edición; B) Segunda edición.

Cando se analizaron os comentarios realizados polos titores de TFG (apartado de observacións da enquisa), practicamente a totalidade foron positivos, detectándose unicamente problemas en 6 das 41 enquisas da 1ª edición (14.6%) e en 2 das 46 enquisas na 2ª (4.35%) edición. Algúns titores, non obstante, si apuntaron algúns problemas. Entre os problemas detectados está o pouco espazo de tempo para poder facer as correccións dos TFGs pola tardanza en entregar o manuscrito por parte do alumnado, ou impedimentos diversos para a realización da actividade titorial por parte do profesor que lle imposibilitan avalialo correctamente. Estes problemas parecen concentrarse sobre todo nos traballos bibliográficos, e non teñen que ver coa adquisición de competencias ou a formación dos estudantes do Grao en Bioloxía. Polo tanto, os resultados das enquisas realizadas aos titores do TFG sobre a adquisición de competencias indican una elevada adquisición das mesmas por parte do alumnado

En canto á valoración que fan os alumnos do grao de **adquisición de competencias transversais durante o desenvolvemento do TFG**, hai que precisar que as competencias transversais cambiaron entre a primeira edición e a segunda edición do Grao en Bioloxía:

Primeira edición:

- [1]. Capacidade de análise e síntese
- [2]. Capacidade para o razoamento e a argumentación
- [3]. Capacidade para traballar en grupo
- [4]. Capacidade para obter información axeitada, diversa e actualizada
- [5]. Capacidade para elaborar e presentar un texto organizado e comprensible
- [6]. Capacidade para realizar unha exposición en público de xeito claro, conciso e coherente
- [7]. Compromiso de veracidade da información que ofrece aos demais
- [8]. Habilidade no manexo de TICs (Tecnoloxías da Información e da Comunicación)
- [9]. Utilización de información bibliográfica e de Internet
- [10]. Utilización de información en lingua estranxeira
- [11]. Capacidade para resolver problemas mediante a aplicación integrada dos meus coñecementos

Segunda edición:

- [1]. Capacidade para buscar, procesar, analizar e sintetizar información procedente de diversas fontes.
- [2]. Capacidade para o razoamento, a argumentación e o pensamento crítico.
- [3]. Capacidade para traballar en grupo e abarcar situacións problemáticas de maneira colectiva.
- [4]. Capacidade para elaborar e presentar un texto organizado e comprensible.
- [5]. Capacidade para realizar unha exposición en público de forma clara, concisa e coherente.
- [6]. Capacidade para reflectir adecuadamente as fontes de información empregadas.
- [7]. Capacidade para aplicar as TICs no ámbito da Bioloxía.
- [8]. Capacidade para resolver problemas mediante a aplicación integrada dos seus coñecementos, promovendo a iniciativa e a creatividade.
- [9]. Capacidade para organizar e planificar o traballo.
- [10]. Capacidade para interpretar resultados experimentais.

Pese a este cambio da redacción e do número das competencias transversais na memoria, a enquisa que se lle pasou ao estudantado da 2ª edición seguiu tendo as competencias transversais da primeira edición por equivocación. No próximo curso este problema será corrixido. Despois desta precisión, pódese observar nas seguintes figuras (A, B e C) os resultados obtidos.


Na figura A pode verse que as valoracións son superiores a un valor de 2,5 para a maioría dos items (9 de 11), e o mesmo acontece cos TFGs experimentais (Figura B), sendo as competencias transversais que están algo menos valoradas a capacidade de traballar en grupo e a capacidade de realizar unha exposición en público. No relativo aos TFGs bibliográficos (Figura C), a maioría dos items avaliados tiñan unha valoración superior a 2,5 (7 dos 11), estando por debaixo de esta valoración un maior número de competencias: capacidade de traballar en grupo, capacidade de realizar unha exposición en público, habilidade no manexo das TICs e capacidade para resolver problemas mediante integración dos seus coñecementos. Polo tanto, as valoracións no curso 2021-22, 2022-23 e 2023-24 son coincidentes, o que deberemos ter en conta de cara a cursos futuros. A enquisa de satisfacción co TFG dos estudantes (informes propios do SGC) indica que será necesario reforzar nos nosos estudantes a capacidade de traballar en grupo, a capacidade de realizar unha exposición en público, a habilidade no manexo das TICs e a capacidade para resolver problemas mediante integración dos seus coñecementos. O estudantado tamén solicita no apartado de observacións da enquisa formación en canto ao uso da bibliografía ou os procesos de citación, unha competencia que está a ser atendida a través do curso avanzado de Competencias en Información realizado pola biblioteca da Facultade de Bioloxía. O curso de Competencias en Información de Nivel Avanzado ten como finalidade ensinar ao alumnado que vai facer o TFG as destrezas na busca de información, establecer estratexias, coñecemento dos sistemas de citacións, xestores bibliográficos, e recursos específicos da súa área, ademais dos servizos propios da Biblioteca. No curso 2023- 2024 houbo dúas edicións deste curso, nos que 72 alumnos se matricularon. En conclusión, este tipo de formación existe, pero non todos os alumnos/as asisten a eles. Finalmente, a capacidade para elaborar e presentar un texto estruturado segue a ser a competencia con menor valoración por parte dos titores da primeira

e da segunda edición do grao. Neste sentido, un/unha estudante demanda no apartado de observacións da enquisa cursos de escritura científica e de exposicións orais e sobre como facer un TFG.

A



B



C)




Figura. Resultados da enquisa en relación a adquisición de competencias transversais durante a realización do TFG. Datos globais (A) e dos TFGs de investigación/experimentais (B) e bibliográficos (C).

Opinión do estudiantado egresado sobre a adquisición de competencias durante o grao

Respecto ás competencias adquiridas polos EGRESADOS da USC (INF.09 2023-24 1ºS e INF.09 2023-24 2ºS), estas foron as puntuacións (sobre 5 puntos): Primeiro semestre (valoración media): Formación teórica 4.33, Formación práctica 1.33, Capacidade de análise 3.33, Traballo en equipo 3.67, Capacidade de planificación, coordinación e organización 4.33, Creatividade 1.33. Segundo semestre (valoración media): Formación teórica 4.33, Formación práctica 3.00, Capacidade de análise 3.83, Traballo en equipo 3.33, Capacidade de planificación, coordinación e organización 4.17, Creatividade 3.00. En conclusión, a valoración do Grao de Bioloxía por parte dos seus egresados indica que hai marxe de mellora, debendo reforzar a formación práctica e aquelas metodoloxías docentes que favorezan a creatividade. Isto terase en conta para a revisión e mellora do plan de estudos. En resumo, segundo as enquisas dos titores externos de prácticas, os titores de TFG e os propios estudantes egresados, os resultados de aprendizaxe alcanzados parecen satisfacer os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.

Prácticas externas

A Facultade de Bioloxía mantén convenios con empresas e organismos públicos para a realización de Prácticas Externas, que é unha materia obrigatoria no Grao en Bioloxía e supón o primeiro contacto do alumnado coa práctica profesional.

No curso académico 2023-2024 cursaron a materia 10 alumnos/as do Grao en Bioloxía (1ª edición): Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (1); Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (3); Departamento de Bioloxía Funcional (1); Departamento de Botánica (1); Grupos de Investigación (2); Marcelle Natureza (1); Misión Biolóxica/CSIC (1).

No curso académico 2023-2024 cursaron a materia 81 alumnos/as do Grao en Bioloxía (2ª edición): A.RE.NA Asesores en Recursos Naturales, S.L (1) ; Akunatura de Ourense, S.L. (2); Asociación Centro de interpretación de Avifauna (2); Asociación de amigos do Museo Caso do Patrón (1); Asociación Mariñas Betanzos (1); Ceida (1); Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermedades Crónicas (CiMUS) (24); Cimera Estudios Aplicados (1); Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (3); Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra (1); Departamento de Bioloxía Funcional (4); Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía (2); Dpto. Botánica (Herbario)(1); Emberiza estudios ambientales S.L (2); Embriovet (1); Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA-AGACAL) (2); Etnogal (1); Grupos de Investigación USC (9); Hospital HM Rosaleda (1); Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (12); Instituto de Análises Químicas e Biolóxicas (2); Instituto Policlínico Santa Teresa S.A. (1); Museo de Historia Natural (3); Queixería Barral (1); Sociedade Galega de Historia Natura (1); Zinereo Pharma SL (1). Polo tanto, a variedade de entidades participantes —que inclúe hospitais, empresas, asociacións ambientais e museos— evidencia unha formación práctica multidisciplinar, conectada coa realidade profesional galega e cun forte vínculo coa investigación científica. Sen embargo, a pesar do esforzo que pon a Facultade e a USC á hora de xerar esta diversidade de convenios e aínda que resulte paradoxico, destacan como principais destinos dos estudantes o CiMUS, centro de investigación da propia USC, con 24 estudantes, e o IDIS, centro asociado ao CHUS no que tamén participa a USC, con 12 estudantes. Esta elevada presenza en centros vinculados á universidade suxire que o alumnado tende a preferir destinos dependentes da USC, probablemente pola súa proximidade físico, prestixio, facilidade e oportunidades futuras de investigación (por exemplo, TFGs, TFGs ou teses).

O alumnado tamén tivo a posibilidade de cursar Prácticas externas optativas para o Grao en Extinción, e 5 alumnos/as cursaron dita materia: Marcelle (2), IDIS (1), Dpto. de Botánica/Herbario SANT (1) Instituto de Investigación en Análises Químicas e Biolóxicas (1). Para la 2ª edición do Grao non hai prácticas optativas.

Do mesmo xeito, o alumnado tamén tivo a posibilidade de cursar Prácticas Extracurriculares a través do Consello Social, 2 alumnos/as no caso da primeira ed. do Grao en Bioloxía (Museo de Historia Natural e Comunidade de Montes Veciñais de Mouriscadas Mondariz) e 4 alumnos/as no caso da 2ª ed do Grao en Bioloxía (Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia, Dpto. Bioloxía Funcional na área de Ecoloxía,

CIMUS e Oviganic Iberica).

Traballos Fin de Grao (TFGs): Asignación, supervisión e avaliación

Os procedementos relacionados coa asignación, supervisión e avaliación dos TFG están perfectamente establecidos.

No curso 2020/2021, seguindo directrices para a organización da docencia e da avaliación (Consello de Goberno do 22 de abril de 2020 e Instrucións 3/2020 e 4/2020 da Secretaría Xeral da USC), se adoptaran distintas medidas para facilitar a realización e finalización do TFG en condicións de pandemia, entre as que estaba a posibilidade de transformar os traballos experimentais en bibliográficos (acordo da Comisión de Traballos Fin de Grao do 26 de marzo de 2020) e incluír a posibilidade de ser avaliados polo/a Titor/a –puntuación máxima 9 puntos (acordos Comisión Permanente do 4 e 12 de maio de 2020). No curso 2021/22 volveuse a normalidade, polo que nos cursos 2022/23 e 2023/24 todos os TFGs foron avaliados por un tribunal formado por tres membros do PDI que imparte docencia no grao (cuxa composición está aliñada coa temática dos TFGs a avaliar) + 1 persoa suplente (esta última habitualmente dun área con menor afinidade coa titulación e que soamente actúa en circunstancias excepcionais). A composición dos tribunais é comunicada normalmente en xaneiro-febreiro, e que as datas de defensa dos TFGs nas convocatorias de febreiro, xullo e setembro coñécense xa dende case principio de curso. A pesar de ser coñecidas con moita antelación as datas de defensa, e tamén a composición dos tribunais, é moi habitual ter problemas para convocar a algúns tribunais, que obriga a botar man do profesorado substituto ou ben directamente ter que substituír un tribunal por outro. As causas son diversas, como a asistencia a diversos eventos sen solicitude de permiso, a concesión de permisos oficiais por estancia de investigación de longa duración que solapan cos días de defensa e que non son comunicados ao decanato, a concesión polos departamentos de permisos non xustificadas por asuntos propios ou de outra natureza coincidentes cos días de defensa, a non comunicación das baixas ao decanato, a presentación de certificados médicos que dispensan ao PDI da asistencia a tribunais como causa de estrés, ou o solapamento do período de defensa de TFGs en diferentes facultades; isto último, por exemplo, é un indicativo da sobrecarga do profesorado de algunhas áreas que imparte docencia en diferentes títulos. Polo tanto, dende a Facultade de Bioloxía queremos exhortar a universidade a facer unha FONDA reflexión en xeral con vistas a non crear AGRAVIOS COMPARATIVOS dentro do profesorado dos títulos. Ningunha das cuestións anteriormente comentadas non son susceptibles de ser abordadas desde a Facultade de Bioloxía cunha acción de mellora, xa que afectan aos departamentos e a propia univesidade.

No curso 2023-2024 defendéronse 41 TFG do Grao en Bioloxía (1ª Edición) máis 12 TFG correspondentes ao Dobre Grao de Química-Bioloxía e 64 TFG da 2ª edición do Grao en Bioloxía, que abranguen as distintas áreas de coñecemento implicadas na docencia de Bioloxía. A maioría dos matriculados (~60%) realizaron un TFG sen mención, un ~10 % fixeron un TFG con mención ambiental e un ~30% realizaron un TFG con mención biosanitaria. Os traballos obtiveron boas cualificacións, non habendo suspensos: 5 matriculas de honra (4.2%); 57 sobresalientes (48.7%); 47 notables (40.1%) e 8 aprobados (6.8%).

Resultados da aprendizaxe nas materias do título

Os resultados nas cualificacións/porcentaxes de superación das materias no curso 2023/2024, que xa foron comentados na Directriz 2, indican que o estudantado obtivo uns bos resultados da aprendizaxe, detectando soamente problemas nas taxas de superación en certas materias da 2ª edición do Grao en Bioloxía nos cursos 1º, 2º e 3º : Bioloxía da Célula (1º), Bioquímica I (1º), Bioloxía dos tecidos e órganos (1º), Xenética I (2º), Bioquímica II (2º) e Xenética Evolutiva (3º). Procedeuse a comunicar estes problemas aos departamentos/áreas con responsabilidades docentes nestas materias para tratar de solucionarlos.

Outro xeito de valorar os resultados de aprendizaxe do título é fixarse nas cualificacións dos TFGs, xa que nel pónense en práctica moitos dos coñecementos e competencias/habilidades/destrezas adquiridas ao longo do grao. Así, no curso 2023/24 a taxa de éxito do TFG foi do 100% (INF 17 - Informe de taxa de éxito das materias do plan de estudos; G1022423 - Traballo Fin de Grao) e 109 dos 117 alumnos/as (93.2 %) do Grao en Bioloxía que presentou o TFG no curso 2023-24 obtivo unha cualificación de notable ou superior, o que indica que o

alumnado finalizou o título cunha boa formación.

Tamén se pode apreciar nas valoracións que sobre as competencias adquiridas polo alumnado realizan os propios alumnos na enquisa de satisfacción co TFG no curso 2023/2024 (enquisa propia do SGC do centro). A enquisa de TFG do Grao en Bioloxía (ver a continuación; indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe; *Satisfacción co TFG*) é anónima e está estruturada en catro bloques, un dos cales é a adquisición de competencias transversais durante a realización do mesmo (bloque 4). Segundo dita enquisa a maioría das competencias transversais son traballadas, pero a enquisa de satisfacción co TFG revela que o estudantado precisa mellorar en competencias como o traballo en grupo, a exposición en público, o uso das TICs e a resolución de problemas mediante a integración de coñecementos son pouco traballadas e deberán ser potenciadas noutras materias. O estudantado tamén demandan formación no uso da bibliografía e citacións, aspecto que se aborda a través do Curso Avanzado de Competencias en Información da Biblioteca da Facultade de Bioloxía. Como xa se comentou, no curso 2023-2024 realizáronse dúas edicións con 72 estudantes matriculados, pero non todos os estudantes participan nestes cursos. A elaboración e presentación dun texto estruturado continúa a ser a competencia peor valorada polos titores, e poderían ser necesarios cursos específicos sobre escrita científica, exposicións orais e elaboración do TFG.

Por outro lado e como xa dixemos, en relación a enquisa sobre a adquisición de competencias transversais por parte do alumnado do Grao de Bioloxía cuberta polos titores, os resultados indican que esta adquisición de competencias (e polo tanto o grao de satisfacción dos titores de TFG) é moi alta, polo que podemos dicir que os nosos alumnos/as teñen un bo nivel de preparación durante a carreira (boa adquisición dos resultados de aprendizaxe).

A boa adquisición de competencias polo estudantado do Grao de Bioloxía vese tamén reflectido nas enquisas dos titores/as externos dos programas de prácticas externas (comentado en apartados anteriores). Asemade, tamén se observa nos resultados do Informe de Satisfacción xeral do/as egresados/as de titulacións de Grao que egresaron no 2º semestre do curso 2022-2023. (Informe elaborado no Curso Académico 2023-2024; 1ª edición do Grao en Bioloxía; participación: 8,33%; INF09_2ºS_2023-2024). recomendaría a USC como universidade para cursar o grao de Biotecnoloxía (INF09_2S_2023-2024). A formación teórica destaca cunha puntuación de 4.33 sobre 5, o que indica que o alumnado estudantado unha boa base conceptual. Tamén se valora ben a capacidade de planificación, coordinación e organización (4.17) e a capacidade de análise (3.83), o que suxire que se desenvolven competencias cognitivas e estruturais relevantes. Porén, hai aspectos que requiren atención: a formación práctica (3.00), a creatividade (3.00) e o traballo en equipo (3.33) presentan puntuacións baixas, o que pode indicar unha formación pouco orientada á aplicación práctica, á innovación e á colaboración. A valoración do profesorado (3.50) sitúase nun nivel intermedio, o que podería reflectir percepcións diversas sobre a calidade docente. En resumo, tendo en mente o baixo número de enquisas cuberto, parece que a titulación ofrece unha boa formación teórica e certas competencias analíticas e organizativas, pero debería reforzar os aspectos prácticos, colaborativos e creativos para ofrecer unha preparación máis equilibrada e adaptada ás demandas actuais.

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

Satisfacción co grao de Bioloxía

A **satisfacción do alumnado coa docencia recibida** é moi alta (IN46G Satisfacción do alumnado coa docencia recibida; 4,31 sobre 5 puntos). Este mesmo resultado observase na enquisa realizada pola ACMP (indicador INF.13; “Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida”). Así, a valoración global do alumnado do curso 2023/2024 da 2ª ed do G. Bioloxía foi de 4.3 (sobre 5 puntos; 43.64% taxa de participación). En consonancia con esta valoración, todos os ítems da enquisa presentan puntuacións superiores a 4 (sobre 5 puntos). O ítem peor valorado polos alumnos foi “O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma?” (4.03), e o mellor valorado “Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?” (4.60); ambos resultados xa se deron no curso 2022/23. En conclusión, o alumnado do Grao en Bioloxía está a indicar que o grao de cumprimento da planificación docente e a explicación desta e dos

criterios de avaliación é elevado, ao mesmo tempo que o PDI debería potenciar actividades que favorezan a aprendizaxe autónoma.

No caso do **profesorado**, na **enquisa de satisfacción coa docencia impartida** (P.Ind_2023-24; indicador IN47G) a valoración global é de 4,11 (sobre 5 puntos) para a 2ª ed do G. Bioloxía. Cando se analiza a información máis detidamente (INF.14), vese que na 2ª ed do G. Bioloxía a valoración global é de 4,21 (37,19% taxa de participación). Ademais, 100% dos 19 ítems presentan valoracións $\geq 3,2$ (sobre 5) puntos. O ítem peor valorado polo PDI na 2ª ed do G Bioloxía foi “O meu alumnado participa crítica e activamente no desenvolvemento das clases?” (3,27 sobre 5 puntos, respectivamente), e o mellor valorado “Manteño un trato correcto cos estudantes?” e “Amósome accesible ao alumnado nas miñas clases e titorías?” (4.84 en ambos ítems sobre 5 puntos). Podemos concluír así que o principal problema que atopan os profesores á hora de impartir docencia é a participación activa do alumnado en clase, ao que súmase a falta de asistencia do alumnado as clases. De feito, o tema da baixa asistencia do alumnado foi comentado na reunión ordinaria da Comisión de Título do Grao en Bioloxía celebrada o 27 de setembro de 2023 (ver acta), atribuíndoo á baixa motivación destes así como coa presenza de apuntamentos non autorizados de varias materias na rede. De feito, no indicador INF.13 “Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida” preguntase ao alumnado si “O/A docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos?”, tendo en conta que este feito podería favorecer a asistencia dos alumnado ás aulas. Sen embargo, non existe unha pregunta directa no sentido de si o “alumno está asistindo regularmente as clases”, unha cuestión interesante porque daríalle máis validez aos resultados da propia enquisa.

En relación coa **enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación** (indicador INF.22_2023_2024), a valoración global da 2ª ed. do Grao en Bioloxía foi de 2,97 sobre 5 puntos (cunha escasa participación do 7.47%). Resalta como o ítem peor valorados polo alumnado (<2,5 puntos) os seguintes: “A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos” (2,13), “Valora a orientación profesional e laboral recibida no teu centro” (2,18) e “A carga de traballo está ben distribuída?” (2,43), o que reitera a necesidade de unha maior carga, orientación laboral/profesional e coordinación entre as materias para mellorar a carga de traballos ao longo do curso. En canto aos que obtiveron a maior puntuación, estes foron “Cal é a túa valoración dos trámites de matriculación?” (4.04/5 puntos) e “O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?” (3.78/5 puntos), algo que xa foi observado no curso 2022/23.

Respecto a enquisa de **satisfacción do profesorado coa titulación** (indicador INF.23_2023_2024), os resultados dos informes presentan unha boa valoración global e mellor participación que no caso do alumnado: 2ª ed 4.02 sobre 5, participación do 30,58%. O valor de todos os ítems foi sempre ≥ 3.3 sobre 5. O ítem peor valorado polo PDI foi “O alumnado acode con regularidade ás clases?” (3,38/5 puntos), o que está en consonancia co que acabamos de comentar máis arriba. En canto aos ítems mellor valorados na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (2ª ed), estes foron “Valore a atención prestada polo persoal técnico, de xestión e de administración e servizos” (4,54/5 puntos) e “O campus virtual facilita a miña labor docente?” (4.46/5 puntos). A boa valoración do campus virtual parece ser algo común a PDI e alumnado.

Por outro lado, os coordinadores de curso do Grao en Bioloxía elaboran informes semestrais sobre o desenvolvemento da docencia a partir das enquisas propias de percepción do estudantado, que complementan as enquisas institucionais da Universidade, as cales adoitan ter unha participación moito máis baixa. Estas enquisas internas, adaptadas a cada curso e realizadas dúas veces ao ano, permiten obter información máis detallada e representativa, grazas á maior implicación do alumnado. Os datos recollidos son analizados polo equipo de coordinación do grao e resumidos en dous informes (un por semestre), que foron aprobados pola Comisión de Título e a Comisión de Calidade o 23 de maio de 2025. Durante o curso 2023/24 detectouse unha baixa participación do alumnado nas enquisas de avaliación da docencia e do profesorado (coordinadores de materia) nas reunións cos coordinadores de curso, agravada pola falta de realización de ditas reunións nalgúns casos. Por este motivo, recoméndase á Comisión de Título e á CCC realizar campañas de concienciación dirixidas tanto ao estudantado como ao profesorado, fomentar a recollida sistemática da opinión dos coordinadores de materia e reforzar a súa implicación no proceso de avaliación e mellora continua da docencia. A continuación, preséntanse as principais conclusións dos informes de coordinación horizontal. .

A enquisa sobre a percepción do estudantado sobre o desenvolvemento da docencia no primeiro semestre do Grao en Bioloxía no curso 2023/24 revela que, en xeral, non se detectan problemas no axuste á guía docente, no temario impartido nin na existencia de redundancias entre materias. Porén, persisten dificultades na utilidade das titorías, o que xa motivou a súa redución na 3ª edición do grao. O estudantado demanda máis docencia práctica e melloras nas prácticas de campo, aínda que estas requirirían cambios na memoria do título ou mellor financiamento. Os seminarios son percibidos como excesivamente teóricos e pouco útiles, con problemas de coordinación e impacto na avaliación en materias como Xeoloxía, Botánica I, Bioquímica II e Xenética I. Tamén se detectan desaxustes entre o nivel esixido na avaliación e o nivel impartido en aulas en materias como Bioloxía da Célula, Química para Bioloxía, Xenética I, Neurobioloxía e Vexetación. A docencia é valorada positivamente en canto á formación, pero preocupa a sobrecarga de traballo persoal, especialmente en Bioloxía da Célula e Bioquímica II, que presentan taxas de éxito e rendemento inferiores ás do resto, o que recomenda unha revisión por parte da Comisión de Título. A enquisa recolleu tamén diversas cuestións relevantes sobre a docencia no primeiro semestre do Grao en Bioloxía no curso 2023/24. Así, detectáronse carencias formativas do alumnado en áreas como informática, programación e técnicas básicas de laboratorio, especialmente en materias como Matemáticas para Bioloxía, Xeoloxía e prácticas de primeiro e segundo curso. No caso do dobre grao Química-Bioloxía, identifícanse déficits en contidos de filoxenia e problemas de organización nas prácticas de Xeoloxía debido ao elevado número de estudantes. O alumnado tamén sinala unha elevada presencialidade, a acumulación de tarefas ao final do semestre e a necesidade de mellorar a distribución dos exames. Ademais, recoméndase non ter en conta na valoración das materias preguntas con menos do 50 % de respostas nas enquisas e mellorar o material dispoñible na aula virtual, especialmente en materias como Inmunoloxía e Xenética Evolutiva. Estas cuestións deberían ser tratadas pola Comisión de Calidade Curricular (CCC) para mellorar a experiencia formativa.

No segundo semestre, a análise das respostas á enquisa revela que, en xeral, o axuste á guía docente e ao temario é adecuado, aínda que con marxe de mellora en materias como Bioquímica I e Xenética Humana. Non se detectan solapamentos significativos entre materias, aínda que hai casos puntuais que requiren mellor coordinación. As titorías seguen sendo percibidas como pouco útiles, especialmente en materias de primeiro e segundo curso. O estudantado demanda máis prácticas, especialmente de campo, con grupos máis reducidos e mellor financiamento, e sinala a escasa utilidade dalgunhas prácticas. Algúns seminarios presentaron problemas de coordinación, carga de traballo e escasa aplicabilidade en varias materias. Tamén se detectan desaxustes entre o nivel impartido e o esixido na avaliación, así como percepcións negativas sobre a utilidade dalgunhas materias, especialmente en primeiro e segundo curso. Un dos principais problemas é a sobrecarga de traballo persoal fóra da aula, especialmente en materias do ámbito molecular, mentres que noutras se percibe unha carga inferior á esperada. Esta asimetría entre materias e itinerarios (biosanitario vs. ambiental) debería ser abordada pola Comisión de Título e a CCC, xa que pode afectar á equidade na formación e á participación do alumnado en actividades complementarias. O informe recolle a maiores diversas incidencias relacionadas coa docencia no Grao en Bioloxía. Detectouse unha baixa valoración das actividades interactivas en materias como Ecoloxía II, onde o esforzo non se ve reflectido na nota final. O cambio de semestre en Bioquímica I xerou problemas de rendemento e manexo de instrumental, agravados por carencias formativas en Química e Técnicas Básicas. Tamén se sinalaron queixas sobre a atención ao estudantado, a coordinación entre teoría e prácticas, e a escasa participación nas clases, especialmente en seminarios. A elevada presencialidade, a acumulación de clases preto dos exames e a falta de cumprimento do calendario docente foron motivo de queixa en varias materias. A distribución de tarefas tende a concentrarse ao final do semestre, xerando sobrecarga, como en Caracterización do Medio Físico ou Bioloxía da Contaminación. A distribución dos exames tamén require mellora, con casos de exames moi próximos entre si ou coincidentes coas prácticas. Ademais, a baixa asistencia a clases, motivada por exames parciais ou percepción de inutilidade das sesións expositivas, está a xerar problemas na avaliación e recollida de enquisas. Tamén se mencionan problemas de coordinación horaria do profesorado, carencias formativas en matemáticas, informática e expresión escrita dos estudantes. Proponse mellorar o material dispoñible na aula virtual e revisar a estrutura das enquisas, excluindo preguntas con baixa participación ou pouco axeitadas ao momento da súa realización. Finalmente, recoméndase tratar estas cuestións na Comisión de Título e na CCC para avanzar na mellora da calidade docente.

Satisfacción cos Prácticas Externas

O SGC da Facultade de Bioloxía conta cunha serie de informes propios e realiza unha serie de enquisas entre as cales se atopan as

enquisas realizadas para avaliar a opinión dos/as alumnos/as e dos/as titores/as externos/as sobre o desenvolvemento das prácticas externas do Grao en Bioloxía e para a detección de problemas que, de forma recorrente, se poidan presentar nelas. O mecanismo funciona como unha especie de sistema de alerta que permite ter a información necesaria para poder corrixir as desviacións que presentan algunhas das prácticas respecto das valoracións do conxunto de prácticas externas que se están a realizar no grao. Seguindo este protocolo, se unha práctica obtivera puntuacións inferiores ao percentil do 10% (acumulativo de todas as prácticas dende que se empezou a impartir a titulación) durante dous cursos consecutivos, entraría na denominada **alarma temperá**. Nestes casos, se lles transmite a empresa correspondente a existencia destes problemas para que apliquen medidas para corrixilos e garantir que o grao de satisfacción mellore e o alumnado alcance os niveis de aprendizaxe esperados.

A docencia do curso 2021/22, aínda que en menor medida ca do curso 2020/21, non estivo afectada pola pandemia mundial derivada da COVID-19, e polo tanto as prácticas externas desenvolvéronse do xeito pre-pandemia. Por outro lado, no curso 2020/21 comezou o proceso de implantación da 2ª edición do Grado de Bioloxía, un proceso que rematou catro anos despois: 2023-24. Dado que as prácticas externas cúrsanse no cuarto curso, tanto as do curso 2021/22 como as do curso 2022-23 seguían a corresponderse coa 1ª edición do Grao en Bioloxía. Sen embargo, no curso 2023-24 as prácticas externas xa se corresponden coa 2ª edición do Grao en Bioloxía. O número de enquisas totais desde o curso 2018/19 ata o curso 2023/24 foi de 298 (ver Táboa a continuación). O número de enquisas recollidas en cada curso académico foi moi variable, e o menor número de enquisas coincide co curso 2019/20 (n=37), relacionado coa pandemia da COVID19 (ver Táboa a continuación). A media da satisfacción xeral coas prácticas externas é alta (4,6 sobre 5 puntos) (ver Táboa e Figura a continuación). Os valores do percentil 10% foron incrementándose ao longo dos diferentes cursos desde o 3,4 (2018/19) ata o 4 (2022/23), probablemente por un efecto acumulativo dos datos e a alta valoración por parte dos alumnos das prácticas externas (ver Táboa e Figura a continuación). No curso académico 2018/19 sete entidades/empresas tiveron unha valoración por debaixo do percentil 10%, no curso 2019/20 foron tres entidades/empresas, no curso 2020/21 foron catro entidades/empresas, no curso 2021/22 foron seis entidades/empresas, e nos cursos 2022/23 e 2023/24 foron soamente dúas entidades/empresas, o que supón o menor número da serie (ver Táboa a continuación). Os aspectos máis valoradas polos estudantes foron o apoio recibido pola entidade/empresa, a integración nela do alumnado, e a adquisición/mellora das competencias profesionais, e a menos valorada a relación co titor externo.

curso	Nº enquisas	Apoio recibido na entidade/empresa	Relación co titor/a externo	Integración na entidade/empresa	Tarefas relacionadas coa titulación	Adquisición/mellora de competencias profesionais	Satisfacción xeral	Valor percentil 10% no curso	Nº enquisas con valoración < percentil 10% no curso	Empresas (Nº de enquisas con valoración < percentil 10%)
2018/19	94	4,8	4,3	4,7	4,6	4,6	4,6	3,4	7	Feiraco (1), Ecocelta (1), Iuvenor Lab (1), Centro de Interpretación Ambiental Concello Santiago (2), Facultade de Bioloxía USC (sen esp.)(1), Akunatura (1)
2019/20	37	4,7	4,4	4,6	4,8	4,7	4,7	3,5	3	CIMUS (sen esp.)(3)
2020/21	66	4,7	4,7	4,6	4,7	4,7	4,7	3,8	4	Cimus (sen esp.) (1), Bodegas Martín Códax (1), Ceida (1), Akunatura (1)
2021/22	54	4,5	4,3	4,6	4,3	4,6	4,4	3,6	6	Avifauna (2), Maremasma (1), Misión Biolóxica de Galicia (1), Centro de Interpretación Ambiental Concello de Santiago (1), Hospital Provincial de Pontevedra (1)
2022/23	47	4,8	4,6	4,8	4,8	4,8	4,7	4	2	Sociedade Galega Hª Natural (1), CIGALMAR (1)
2023/24	42	4,9	4,6	4,9	4,7	4,7	4,7	4	2	CIMUS (sen esp.)(2)
Media		4,7	4,5	4,7	4,6	4,7	4,6			
Nº total enquisas	340								24	




Figura. Resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coas prácticas externas do Grao en Bioloxía. Media da valoración de cada pregunta da enquisa, media da satisfacción xeral coas prácticas, e valor do percentil do 10% en cada curso académico.

O alumnado tamén tiña a oportunidade de deixar comentarios no apartado de observacións da enquisa. A maior parte destes comentarios foron positivos e amosaban satisfacción coas prácticas externas, en consonancia cos resultados da enquisa. Sen embargo, houbo algunhas queixas, que se resumen por curso académico:

- **2018/19 Persoal no centro:** Escaseza de persoal cualificado no centro de acollida ou de persoal non preparados para a ensinanza
Período de realización: Momento da realización das prácticas, que as veces coincide co período de vacacións, cando non hai demasiado persoal
Duración das prácticas: Maior tempo de prácticas e necesidade de máis prácticas ao longo da carreira.
Relación das prácticas o dalgunhas tarefas coa Bioloxía: Prácticas non relacionadas coa carreira ou realización de algunhas tarefas dentro das prácticas non relacionadas coa Bioloxía e que o alumnado interpreta que non lle corresponden.
Falla de estruturación/planificación nas prácticas. Necesidade dun horario máis definido (aínda que susceptible de sufrir variacións dependendo das actividades diarias) para facilitar a organización do alumno.
Problemas na elección do sitio de prácticas: Posibilidade de escoller as prácticas en áreas de investigación concreta dentro de grandes centros
- **2019/20 Período de realización:** Cambiar o período de realización das prácticas
Duración das prácticas: Maior duración das prácticas par mellorar o seu aproveitamento
Outros: Molestias xeradas polas dificultades do alumnado a hora de acceder ao centro de realización das prácticas.
- **2020/21 Persoal do centro:** Varios alumnos/as indican a ausencia de titorización no centro, aínda que si foron atendidas por outro persoal do centro.
Duración das prácticas: Algúns alumnos/as solicitan que as prácticas sexan máis longas (máis horas) e que se puidesen realizar noutra etapa da ensinanza (por exemplo, ao acabar 4º de carreira)
Relación dalgunhas tarefas coa Bioloxía: Algunhas tarefas dentro das prácticas non relacionadas coa Bioloxía e que o alumnado interpreta que non lle corresponden.
Nivel de autonomía do alumnado durante as prácticas: O alumnado se queixa de falta de autonomía unha vez ensinados e aprendidos os procesos.
Ausencia de saídas de campo: Neste caso por mor dos protocolos da Covid-19
Outros: As prácticas melloran certas competencias profesionais, como son o traballo en grupo e a organización das tarefas, pero non aportan un nivel de coñecementos moi elevado con relación á bioloxía.

- **2021/22 Persoal do centro:** Varios/as alumnos/as indicaron unha falta de contacto co/a titor/a externo/a ou de dispoñibilidade deste/a durante as prácticas, indicando incluso unha formación “autodidacta” e realización de actividades sen supervisión ou sen cumprir o convenio de colaboración de prácticas. Outro/a alumno/a se queixa de ter un traballo moi autónomo e individual, sen case interacción coa empresa. As veces a falta de contacto cos titores viu dado polo paso do/a alumno/a por distintos departamentos para colaborar en diferentes tarefas. **Duración das prácticas:** Un/ha alumno/a solicita a realización de prácticas en máis cursos da carreira, como por exemplo xa en terceiro. **Relación das prácticas ou dalgunhas tarefas coa Bioloxía:** Nalgúns casos o alumnado se queixou da realización de tarefas que nada tiñan que ver coa Bioloxía e incluso sen cubrindo un posto de traballo sen supervisión o para o cal non estaban cualificados. Nalgúns casos estas actividades coas que non estaban familiarizados foron considerados un aspecto positivo para adquirir competencias e habilidades de utilidade no campo laboral futuro. **Falla de estruturación/planificación nas prácticas:** Un/ha alumno/a solicita que se estableza ao comezo das prácticas un proxecto propio que tivesen que levalo a cabo de principio a fin. **Nivel da formación práctica:** Algún alumnado se queixa de que as actividades consistían sobre todo en “mirar técnicas” e de facer pouco traballo de laboratorio, non o planificado, ou simplemente actividades monótonas. Nalgúns casos estaba relacionado co custe dos materiais empregados, o número limitado de mostras ou o problema de cometer erros. Noutros casos se rotaba por distintos servizos, pero sen realmente realizar as funcións que desenrolaba ningún profesional ou adquirir axilidade con distintas técnicas do campo da Bioloxía. **Ausencia de saídas de campo:** Dous alumnos se queixan de que non puideron realizar saídas de campo co resto de persoal para a realización de tomas de mostras. Nalgúns casos isto se fai por cuestións relacionadas coa política de seguridade (por exemplo, no CSIC)
- **2022/23** O número de comentarios foi moi reducido neste curso, o que coincide coa alta valoración das prácticas. **Persoal do centro:** Un alumno/a indica ausencia de titorización por parte do titor externo, aínda que foi atendido/a por outro persoal do propio centro. Outro alumno/a sinala que as veces o persoal do centro tiña moita carga de traballo e non lle podían prestar atención. **Tipoloxía das actividades durante as prácticas:** Un alumno/a indica a realización de actividades un pouco repetitivas (inventariado e catalogación).
- **2023/24** O número de comentarios foi baixo, e a maior parte deles positivos, o que coincide coa alta valoración das prácticas. Soamente destacamos dous comentarios polo lado negativo. Estes dous alumnos/as son de dous grupos do CIMUS e valoraron como 3 sobre 5 puntos a satisfacción xeral coa práctica realizada. que fan referencia a: **Persoal do centro**, xa que un alumno/a indica ausencia de titorización por parte do titor externo e unha alumna comenta que *“o titor externo cumpriu cas tarefas esperadas, varios días me fixo perder o tempo falando de temas políticos que nada tiñan que ver cas prácticas e nos que me sentía tremendamente incómoda, xa que non era apropiado e impoñía a súa forma de pensar. Creo que isto non o debería facer e debería limitarse aos temas académicos”*.

Polo tanto, non se detectan grandes problemas nas prácticas externas do Grao en Bioloxía e o grao de satisfacción do estudiantado é elevado. Ademais, de acordo co criterio adoptado, que funciona a modo de alarma temperá, deberá prestarse atención sobre aquelas prácticas que, durante dous anos consecutivos, amosen puntuacións globais inferiores ao percentil do 10% para todas as prácticas desde que se empezou a impartir a titulación. Este sistema de alarma temperá deseñouse para poder corrixir as desviacións respecto do resto das prácticas do Grao en Bioloxía. Aínda que houbo algunha queixa no curso 2023/24 e dúas prácticas realizadas no CIMUS amosaron valores (3 puntos) que están por debaixo do percentil do 10% (4,0 sobre 5 puntos) (Táboa anterior), ningunha delas cumpriu o criterio das baixas valoracións dous anos seguidos.

En canto a satisfacción dos estudantes da 1ª ed do Grao en Bioloxía coas prácticas externas, esta é moi elevada dende a súa implantación no curso 2013/14, como o indican os resultados das enquisas realizadas pola ACMP da USC (2015/2016, 4.35; 2016/2017, 4.48; 2017/2018,

4.53; 2018/2019, 4.52; 2019/2020, sen dato; 2020/2021, 4.64; 2021/22, sen dato; 2022/23, 4.26) (Panel de indicadores, indicador IN19G; sobre 5 puntos). A satisfacción dos estudantes da 2ª ed do Grao en Bioloxía coas prácticas externas segue a mesma liña: 2023/24, 4.74 (Panel de indicadores, indicador IN19G; sobre 5 puntos). Por outro lado, as enquisas tamén amosan unha alta satisfacción dos/as titores/as externos/profesionais e académicos cos programas de prácticas. Así, para a 1ª ed do Grao en Bioloxía o valor do indicador IN20G ("Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas") tivo a seguinte evolución nestes anos (sobre 5 puntos): 4.13 (2016/17), 4.11 (2017/18), 4.04 (2018/19), sen dato (2019/20), sen dato (2020/21), 4.75 (2021/22), 4.34 (2022/23). Para a 2ª ed do Grao en Bioloxía, o valor do indicador IN20G ("Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas") foi o seguinte (sobre 5 puntos): 3.88 (2020/21) e 4.52 (2023/24). Pola súa parte, a valoración dos/as titores/as académicos (indicador IN21G "Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas" foi a seguinte: 1ª ed do Grao en Bioloxía, 4.33 (2016/17), 4.21 (2017/18), 4.3 (2018/19), sen dato (2019/20), 4.33 (2020/21), sen dato (2021/22) e sen dato (2022/23); 2ª ed do Grao en Bioloxía, 4.25 (2023/24). Podemos concluír que os programas de prácticas externas están moi ben valorados, tanto polo estudantado como polos titores profesionais e académicos.

Satisfacción co TFG


A información relativa á satisfacción do alumnado coa docencia recibida e coa titulación é subministrada aos centros pola ACMP. Ademais, a Facultade de Bioloxía complementa esta información mediante a realización de enquisas e informes propios sobre a percepción que teñen os/as alumnos/as sobre o desenvolvemento das materias, as cales se inclúen como **Informes Propios do SGC do Centro**. Sen embargo, estas enquisas non recollían información sobre a satisfacción do alumnado co desenvolvemento dunha das materias do Grao: o TFG. O Plan de Melloras presentado na Memoria de Calidade no curso 2019/20 propuxo engadir aos Informes Propios do SGC do Centro un Protocolo que analizase o desenvolvemento do TFG e que permitise coñecer a satisfacción do alumnado e titores coa realización destes traballos, para o que a Comisión do Título elaborou unha Enquisa sobre o desenvolvementos dos TFGs específica para os estudantes e outra para os titores de TFG.

A enquisa dos estudantes é anónima e está estruturada en catro bloques, nos cales se recolle a opinión do alumnado sobre distintos aspectos, como pode ser o papel do/a titor/a no desenvolvemento do TFG, cuestións administrativas e/ou académicas, ou o papel do alumno/a no desenvolvemento do TFG e sobre a adquisición de competencias transversais durante a realización do mesmo. O coñecemento desta información é moi relevante, xa que permitirá recoñecer dificultades, si existiran, e buscar solucións as mesmas.


No curso 2023/24 cubriron a enquisa de TFG 117 alumnos/as do Grao en Bioloxía que defenderon o TFG nas convocatorias de febreiro, xullo e setembro. Estes estudantes pertencían a 1ª edición (40 alumnos/as do Grao Bioloxía, 12 alumnos/as do Dobre Grao) e a 2ª ed (65 alumnos/as) do Grao en Bioloxía. Neste curso, dos 117 TFGs defendidos, 74 foron bibliográficos (63,25%), 41 de investigación (35,04%), 1 (0.85%) foi cualificado como "outros" ao non poder ser adxudicado a ningunha das dúas categorías e 1 (0.85%) non foi directamente identificado. Polo tanto, en comparación cos cursos anteriores no Grao de Bioloxía (Bibliográfico: 44.9% (21-22), 43.4% (22-23), 63.25% (23-24); Experimental: 52.6% (21-22), 53% (22-23), 35.04% (23-24)) parece que o número de TFGs experimentais sufriu un importante retroceso no curso 23-24 en favor dos TFGs bibliográficos. Esta tendencia podería explicarse por diversos factores, como a limitada dispoñibilidade de prazas en laboratorios ou centros de investigación, a maior comodidade e flexibilidade dos traballos bibliográficos á hora de compatibilizar os TFGs co resto de actividades académicas ou as condicións persoais e académicas do alumnado, especialmente nas convocatorias extraordinarias. A irrupción da intelixencia artificial e a proliferación de empresas que ofrecen servizos de redacción de TFGs a cambio de pagamento poderían ser tamén outros factores relevantes no aumento dos traballos bibliográficos e na diminución dos experimentais no curso 2023/24. Os TFGs bibliográficos son máis doados de externalizar ou automatizar mediante ferramentas de IA, xa que non requiren traballo de campo nin acceso a laboratorios, o que facilita a súa elaboración por terceiros ou con axuda tecnolóxica. Esta situación podería estar influíndo na elección do tipo de TFG por parte dalgúns estudantes, especialmente se buscan opcións máis rápidas, económicas ou menos esixentes, o que fai necesario reflexionar sobre a integridade académica e o re deseño das metodoloxías de avaliación dos TFGs. A Comisión de docencia e de Calidade deberá realizar unha análise máis profunda para comprender as causas e garantir unha formación equilibrada e práctica.

En canto ao **papel do tutor no desenvolvemento do TGF** todos os ítems valorados mostraron unha alta puntuación (≥ 2.5) no caso dos datos globais (Figura A) ou especificamente nos TFGs experimentais (Figura B) e bibliográficos (Figura C). Destaca a baixa puntuación nas dúas últimas preguntas deste apartado no contexto dos TFGs bibliográficos (suficiencia dos recursos instrumentais/económicos e grao de acompañamento polo tutor ou algún membro do equipo no caso das actividades realizadas no campo e/ou no laboratorio) o cal se debe a que moitos alumnos contestan como 0 (NS/NC) ou directamente non contestan debido a que estas preguntas están máis enfocadas aos TFGs experimentais. Polo tanto, **non se advirten grandes problemas no caso do papel do tutor/a no desenvolvemento do TGF.**

A



B



C)






Figura . Resultados da enquisa en relación ao papel do/a tutor/a no desenvolvemento do TGF. Datos globais (A) e dos TFGs de investigación/experimentais (B) e bibliográficos (C).

En comparación co anterior bloque, as notas dos ítems relativos aos datos da enquisa relacionados con **cuestións administrativas e/ou académicas** (ver Figura a continuación), sen ser malos (ningún dos ítems avaliados tiveron unha valoración inferior a 2), son algo máis moderados. Isto é algo que detectouse tamén nos cursos 2021-2022 e 2022-2023.. Probablemente o Plan de Acción Titorial (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-biologia/plan-accion-titorial>), aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Biología o 17/01/2024 e pola Xunta da Facultade de Biología o 18/01/2024, e que recolle sesións informativas sobre cuestións administrativas (3º) que xa se viñan facendo na facultade dende fai anos, así como novas charlas acerca da elaboración (4º) do TFG ou os grupos de investigación na facultade e no CIBUS dispoñibles para facer o TFG, axude a solucionar as dúbidas que o estudiantado ten sobre todas estas cuestións. Resulta interesante a concordancia nos resultados neste apartado en ambos tipos de TFGs (experimentais e bibliográficos) e tamén en que os alumnos cren que os coñecementos adquiridos durante o grao resúltanlles útiles para o desenvolvemento do TFG, o cal reforza o papel do TFG como elemento imprescindible para pór en práctica os coñecementos teóricos do Grao en Biología. Polo tanto, nos resultados da enquisa **non se advirten grandes problemas no caso das cuestións administrativas e/ou académicas relacionadas co TFG**, aínda que si aparecen algunhas mencións no apartado de observacións que poden explicar a puntuación algo máis baixa deste apartado.

A



B



C






Figura. Resultados da enquisa en relación as cuestións administrativas e/ou académicas no desenvolvemento do TFG. Datos globais (A) e dos TFGs de investigación/experimentais (B) e bibliográficos (C).

En canto ao **papel do alumno no desenvolvemento do TFG (ver Figura a continuación)**, todos os items teñen boa valoración (≥ 2.0 sobre 3 puntos). As valoracións foron máis altas nos TFGs experimentais (1/8 items por debaixo de 2,5 puntos) en comparación cos bibliográficos (4/8 items por debaixo de 2,5 puntos), algo que xa se produciu no curso 2022-23. Nos cursos 2021-22, 2022-23 e 2023-24, **o item menos valorado é o axuste do TFG ao número de ECTS, tanto nos experimentais como nos bibliográficos**. Esta cuestión xa foi abordada en anos precedentes desde Coordinación e as Comisións de Título e Calidade, levando a un aumento no número de ECTS do TFG (desde 6 até 12) tras a reforma do Grao en Bioloxía. Debido á implantación secuencial, o curso 2022-2023 foi o último de 4º da 1ª edición (TFG ten 6 ECTS), namentres que o curso 2023-24 foi o primeiro con 12 ECTS no TFG. Polo tanto, a dobraxe do número de ECTS no TFG da 2ª ed do Grao en Bioloxía non supuxo unha mellora significativa da cualificación neste ámbito. Tamén seguen a observarse altas puntuacións no nivel de esforzo e de horas de dedicación (se ben hai que indicar que a enquisa pasada ao estudiantado da 2ª ed indicaba 6 ECTS en vez de 12 por equivocación), especialmente nos experimentais (o cal podería estar relacionado coa diminución da porcentaxe de TFGs experimentais no curso 2023-24 en favor dos bibliográficos). A pesar do alto nivel de esforzo (entre 2.5 e 3), o nivel de satisfacción do estudiantado é alto segundo indica a enquisa (item 6: “Globalmente estou satisfeito co TFG que realice”; >2.5) tanto nos TFGs experimentais como bibliográficos. Finalmente, chama a atención no caso dos TFGs bibliográficos unha valoración <2.5 puntos no item 1 “Excluindo o dedicado ás materias obrigatorias e optativas do Grao, o resto do tempo dediqueime en exclusiva á realización do meu TFG”, o cal non se da no caso dos TFGs experimentais; isto podería indicar que os estudantes de TFGs bibliográficos poderían estar a facer outro tipo de actividades en paralelo. En conclusión, Polo tanto, **non se advirten grandes problemas no caso sobre o papel alumno/a no desenvolvemento do TFG como en anos previos, salvo a cuestión de que o aumento do número de ECTS (12) no TFG non parece reducir a percepción de carga de traballo do alumnado no TFG, especialmente os experimentais**.

A



B



C)




Figura. Resultados da enquisa en relación ao papel do alumno/a no desenvolvemento do TFG. Datos globais (A) e dos TFGs de investigación/experimentais (B) e bibliográficos (C).

Os estudantes tamén deixaron unha serie de comentarios no apartado de observacións, que sumados aos resultados da propia enquisa de satisfacción co TFG permite extraer as seguintes conclusións:

- **Nº de TFGs bibliográficos e experimentais:** Parece que o número de TFGs experimentais sufriu un importante retroceso no curso 23-24 en favor dos TFGs bibliográficos que é necesario estudar para comprender a causa.
- **Incompatibilidade entre a asistencia as actividades docentes e a realización dos TFGs experimentais:** Este problema parece darse no alumnado con TFGs experimentais, a pesar de que incrementouse o número de ECTS de 6 a 12. Os alumnos solicitan reorganización dos horarios para compatibilizar a realización do TFG co resto das materias do segundo semestre. Nese sentido, a petición dos representantes do estudantado (Xunta de Facultade 2-abril-2024), no horario de clases expositivas de 4º do primeiro semestre do curso 2024-25 foron permutadas as materias de Edafoloxía e Microbioloxía Clínica para que as optativas estivesen agrupadas por mencións e que o estudantado de cada itinerario dispoñía de horas libres en dous días consecutivos para poder realizar o TFG.
- **Enquisa:** O estudantado solicita que se inclúa ao co titor na enquisa. As enquisas do curso 2024-25 inclúen xa unha mención explícita ao co titor seguindo esta recomendación do estudantado. Sen embargo, en contra da opinión dos estudantes, a enquisa manterase única para os TFGs experimentais e bibliográficos, xa que existe a posibilidade de indicar cun 0 (NS/NC) cando a pregunta non corresponde.
- **Papel do titor:** Non se advirten grandes problemas no caso do papel do titor/a no desenvolvemento do TFG.
- **Cuestións administrativas/académicas:** Non se advirten grandes problemas no apartado da enquisa sobre as cuestións administrativas e/ou académicas relacionadas co TFG. Sen embargo:
 - Detectáronse algunhas queixas relativas á información sobre procedementos e prazos (sobre todo en relación ao acceso aos mestrados), número de datas de defensa, normativa, formato do TFG (limitación das 20 páxinas e inclusión da bibliografía nese espazo), proceso de presentación/defensa de TFG/formato de entrega (dixital/impreso), solicitude de defensa con materias pendentes, ou número de ECTS do TFG.
 - En canto as cuestións administrativas, a maiores da información contida na web e na intranet sobre prazos e procedementos, normativa, etc, así como a posibilidade que teñen os estudantes de preguntar en todo momento ao PAS e ao Coordinador de TFG, o Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Bioloxía, aprobado pola Xunta de Facultade (18 xaneiro 2024), contempla unha sesión informativa sobre cuestións administrativas relativas ás Prácticas Externas e ao Traballo Fin de Grao (TFG) destinada ao alumnado do terceiro curso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía (mediados-finais de marzo). Polo tanto, non parece que debamos a seguir insistindo na mellora á atención/información proporcionada sobre o TFG aos estudantes por distintas canles ou polo persoal administrativo ou coordinador de TFG, xa que o estudantado dispón de información suficiente neste momento.
 - En canto aos prazos, a apertura de actas do TFG/TFM ten lugar habitualmente entre mediados de xuño e finais de xullo segundo o calendario académico da USC. A defensa dos TFGs na facultade de Bioloxía sitúase a mediados de xullo (2ª prazo; no curso 24/25 a defensa está prevista entre 16/07/2025 e o 18/07/2025). Polo tanto, poderíase adiantar un pouco mais o prazo de defensa en xullo para non crear problemas de incompatibilidade no acceso aos mestrados que non sexan da USC (cuxo prazos de pre inscrición sitúanse entre maio e xullo). Isto ten o problema do calendario de exames, xa que o período lectivo do segundo semestre acaba a mediados de maio, os exames de 1ª oportunidade do segundo semestre teñen lugar entre mediados de maio e principios de xuño de 2025, e a 2ª oportunidade do primeiro e segundo semestre un mes despois (principios-mediados de xullo). Consecuentemente, sería necesario adiantar a convocatoria da segunda oportunidade de exames ao mesmo tempo que o prazo de defensa do TFG a principios de xullo, o cal deixaría menos de un mes aos estudantes para terminar de elaborar os TFGs e realizar outras actividades na facultade como poden ser os cursos de verán (p. ex., o curso de verán da “Bioloxía das Pequenas e Grandes Cousas” celébrase a mediados de xuño). Outra opción é que os estudantes poidan defender o TFG con materias suspensas. O Consello de Goberno da USC, na súa sesión ordinaria do 24 de xullo de 2024, aprobou unha modificación do Regulamento de matrícula, elaboración e

defensa dos Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Máster na USC. No texto consolidado deste regulamento, no seu artigo 4.4., indicase que “Os TFG e TFM poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superara todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao ou máster, salvo os correspondentes aos propios traballos. Igualmente, os centros responsables das titulacións de grao e máster poderán autorizar a presentación e defensa do TFG e TFM aos estudantes que teñan créditos pendentes de superación co límite máximo de 18 ECTS no caso dos graos e de 9 ECTS no caso dos mestrados, salvo os correspondentes aos propios traballos. Ademais, os centros poderán excepcionar o límite máximo de créditos pendentes no suposto de que o estudante teña pendente a superación de materias prácticas obrigatorias”. Polo tanto, a modificacións dos regulamentos de TFG dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía nese sentido permitiría adiantar a defensa dos TFGs, permitindo así que os estudantes con todas as materias aprobadas (salvo o TFG) poidan defender o TFG e matricularse aos mestrados, e ao mesmo tempo que os estudantes con materias pendentes puidesen defender o seu TFG e logo presentarse aos exames de 2ª oportunidade das materias pendentes. Trátase dunha cuestión pendente que haberá que debater na Comisión de Título, TFG e Calidade no curso 2024-25.

- En relación ao regulamento e ao modelo do TFG, no curso 2022-23 tivéronse en conta algúns dos comentarios dos/as alumnos/as nas enquisas de TFG. Así, tratouse de mellorar o regulamento do TFG en Bioloxía e deseñouse un modelo de TFG onde se indicou, de xeito máis claro, cuestións que xeraban dúbidas entre os alumnos/as, como por exemplo o formato da portada e pes de figura, o número de páxinas do TFG (si se inclúe ou non a portada e o índice, si se permite incrementar dicho número, etc.), o entreliñado, os links a materiais adicionais, o formato dos títulos e encabezados de bloques, etc. A pesar diso, o límite de 20 páxinas (A4) segue a ser unha queixa constante. Así, solicitan que a bibliografía non sexa incluída nese límite das 20 páxinas. Sen embargo, hai que indicar que estanse a permitir ata 3 páxinas adicionais/suplementarias ao final do traballo (p. ex., imaxes/gráficas, esquemas ou táboas adicionais acompañadas de pés de figuras ou pequenos textos explicativos). Tamén é importante indicar que unha competencia esencial dun investigador é saber transmitir ideas complexas dun xeito claro e breve, de modo que un límite de 20 páxinas (sen contar a portada e o índice) no TFG parece razoable.
- O alumnado solicita que a principios de terceiro haxa información mediante charlas, listas, etc., das liñas de investigación que hai nos grupos. O Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Bioloxía contempla unha sesión informativa sobre liñas temáticas de TFGs destinada ao alumnado do terceiro curso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía (mediados-finais de marzo) que esperamos solucionen este tema.
- O alumnado tamén demanda charlas para informar sobre o proceso de elaboración dun TFG (especialmente o bibliográfico) e sobre como realizar correctamente a defensa pública. Nese sentido, o Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Bioloxía contempla a realización dunha Sesión informativa sobre o Traballo Fin de Grao (TFG) no que se fala do modelo de TFG e se dan consellos para a súa elaboración. Esta sesión está destinada ao alumnado do último curso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía e do Dobre Grao Química-Bioloxía, ten unha tipoloxía grupal, e está prevista para a segunda metade de setembro.
- Finalmente, no regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos de fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela, recollese no seu artigo 4 que se autoriza aos centros a que desenvolvan normativamente a posibilidade de autorizar a defensa e avaliación dos TFG e TFM ao estudiantado que acredite estar na fase final dos seus estudos oficiais. Tal acreditación ten que estar baseada en datos obxectivos, esixíndose, de ser o caso, que resten ata 18 ECTS pendentes no caso de titulacións de grao, ou ata 9 ECTS no caso de titulacións de máster, excluíndose deste cómputo os créditos que correspondan aos propios traballos de fin de estudos. Sen embargo, debido a múltiples causas, está pendente aínda o desenvolvemento normativo por parte deste Centro.

- **Papel do alumno:**

- Non se advirten grandes problemas no caso sobre o papel alumno/a no desenvolvemento do TFG.

- **Aumento do número de ECTS**

- O aumento do número de ECTS (12) no TFG que tivo lugar no paso da 1ª a 2ª ed do Grao en Bioloxía non parece reducir a percepción de carga de traballo do alumnado no TFG, especialmente os experimentais. A modo de reflexión, resultan preocupantes os comentarios do alumnado de aumentar o número de ECTS do TFG en detrimento do número de ECTS cursados nas materias optativas. O Grao de Bioloxía (1º ed) presentaba na súa memoria 4 cursos, cun total de 240 créditos formados por 60 ECTS de formación básica, 144 ECTS obrigatorios e 36 ECTS optativos (8 materias, elixidas dunha oferta de 72 ECTS). Polo tanto, na 1ª edición do Grao de Bioloxía un alumno de cuarto ten que cursar efectivamente 3 materias obrigatorias, 8 optativas, 1 TFG (6 ECTS) e 1 Práctica Externa (4.5 ECTS). Coa 2ª edición do Grao en Bioloxía o número de materias optativas que o alumnado ten que cursar mantense en 36 ECTS (8 materias de 4.5 ECTS). Sen embargo, o número de materias obrigatorias en cuarto redúcese a 1 (6 ECTS). Ao mesmo tempo, tanto as Prácticas Externas como o TFG incrementáse a 6 e 12 ECTS, respectivamente, o cal debería recoñecer o esforzo que requiren estas dúas materias. A pesar destes cambios, no curso 2023-2024 a percepción que o alumnado ten sobre o número de ECTS do TFG é de insuficiente, preferindo renunciar á diversidade de formación que 8 materias optativas (dentro ou fora dun itinerario) proporcionan.

Satisfacción dos titores: Finalmente, en canto aos titores externos, como xa se comentou previamente o grao de satisfacción é moi elevado.

3.2.- Grao en Biotecnoloxía (GBT)

Normativas

A USC conta con normativas de xestión académica para regular os procesos formativos, tanto a nivel de grao como de máster; así como dun regulamento actualizado para a súa tramitación. As memorias dos títulos impartidos na Facultade de Bioloxía inclúen, para asegurar a obxectividade, información e transparencia, todas as normas, descricións, instrucións, etc. que se indican nos diversos apartados.

Outra normativa xeral de interese para a comunidade do Centro, especialmente para o alumnado, pode atoparse no repositorio documental da normativa referida ao alumnado. Este repositorio contén toda a normativa referida a **DEREITOS: A) Estatuto da USC Estatuto do Estudantado da USC aprobado polo Claustro Universitario do 28 de novembro de 2019.; B) Normativa de permanencia Acordo do Consello Social do 05-06-2012 polo que se aproba a Normativa sobre Permanencia nas Titulacións de Grao e Máster (e modificacións); C) Normativa de avaliación Acordo do Consello de Goberno do 15-06-2011 polo que se aproba a Normativa de Avaliación do Rendemento dos Estudantes e de Revisión de Cualificacións (e modificacións); D) Normativa de asistencia Acordo do Consello de Goberno do 25-03-2010 polo que se aproba a norma de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES e modificacións como a Instrución 1/2017 do 27-04-2017, da Secretaría Xeral, sobre a dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias ou o Acordo do Consello de Goberno do 25/11/2024 que aprobou o Regulamento de asistencia a clase nas ensinanzas oficiais de grao e máster da USC (producirá plenos efectos a partir do curso académico 2025-2026). TITULACIÓNS: P. ex., o Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC (Aprobado polo Consello de Goberno o 28 de outubro de 2022 - publicado no DOG do 22-12-2022) e a Modificación do Regulamento das titulacións de grao e mestrado da USC e do procedemento de aseguramento da súa calidade. (Aprobado polo Consello de Goberno do 25 de xaneiro de 2024 - Publicada no taboleiro electrónico da USC o 1-02-2024). ADMISIÓN: p. ex., normativa sobre ABAU, deportistas de alto nivel/DAN, traslados, requisitos de idioma para o acceso de estranxeiros, etc.). MATRICULA: p. ex., Resolución Reitoral do 30-06-2020 pola que se publica a Convocatoria Xeral de Matrícula. Curso académico 2020-2021), MOBILIDADE: p. ex., o Acordo do Consello de Goberno do 26-10-2012 polo que se aproba o Regulamento de intercambios de Estudantes e as modificacións posteriores. VISITANTES: p. ex., Acordo do Consello de Goberno do 13-11-2003 polo que se aproba a normativa sobre alumnos visitantes. EXPEDIENTE ACADÉMICO E RECOÑECIMIENTO: p. ex., valoración de expedientes, recoñecemento de estudos e competencias, recoñecemento de estudos de Formación Profesional, recoñecementos da experiencia profesional, recoñecemento en réxime de intercambio ou prácticas (Acordo do Consello de Goberno do 29-07-2015 polo que se aproba o Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Santiago**

de Compostela **TRABALLOS FIN DE GRAO E FIN DE MÁSTER:** p. ex., o Acordo do Consello de Goberno do 10-03-2016 polo que se aproba o regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela, ou a Resolución Reitoral do 19-01-2021 pola que se autoriza a defensa ante titor ou titora dos traballos de fin de grao no curso 2020-2021). **PREMIOS E MENCIÓNS:** p. ex., Regulamento de concesión dos premios extraordinarios de grao e máster da USC e modificacións, ou Acordo do Consello de Goberno do 12-06-2017 polo que se aproba o Regulamento de Estudos de Doutoramento). **OUTRA NORMATIVA DE XESTIÓN ACADÉMICA:** p. ex., a referida ao repositorio Minerva: <https://minerva.usc.es>

A Facultade de Bioloxía tamén conta con normativa propia (desenvolvida segundo as directrices da USC) directamente relacionada cos procesos de ensino/aprendizaxe que se desenvolven no Centro, como por exemplo os regulamentos sobre os TFGs dos Graos en Bioloxía e Biotecnoloxía, que deberán ser actualizados durante o curso 2025-26 para ter en conta, entre outros aspectos, a modificación do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos Fin de Grao e Fin de Máster na USC que o Consello de Goberno aprobou na sesión ordinaria do día 24 de xullo de 2024. Así, deberase ter en conta o punto 4.4. “Os TFG e TFM poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superara todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao ou máster, salvo os correspondentes aos propios traballos. Igualmente, os centros responsables das titulacións de grao e máster poderán autorizar a presentación e defensa do TFG e TFM aos estudantes que teñan créditos pendentes de superación co límite máximo de 18 ECTS no caso dos graos e de 9 ECTS no caso dos mestrados, salvo os correspondentes aos propios traballos. Ademais, os centros poderán excepcionar o límite máximo de créditos pendentes no suposto de que o estudante teña pendente a superación de materias prácticas obrigatorias”. Esta modificación foi tratada no punto 3 da Xunta de Facultade do xoves 24 de outubro de 2024 (3.- Aprobación, se procede, da modificación dos Regulamentos de TFG), na que decidiuse autorizar a presentación e defensa do TFG aos estudantes que teñan créditos pendentes de superación co límite máximo de 6 ECTS, salvo os correspondentes aos propios traballos. Polo tanto, no curso 2025-26 deberán ser modificados os regulamentos de TFG de do Grao en Bioloxía e do Grao en Biotecnoloxía para ter en conta esta decisión da Xunta de Facultade, e posteriormente deberán aprobados pola propia Xunta de Facultade e ratificados polo Consello de Goberno. Previamente será necesario realizar modificacións non substanciais da ficha da materia de TFG na memoria do títulos.

Ademais, os procesos clave (PC-01 *Análise do perfil de ingreso e captación*, PC-02 *Planificación das ensinanzas*, PC-03 *Apoio aos estudantes*, PC-04 *Desenvolvemento das ensinanzas* e PC-05 *Análise de resultados e mellora dos programas*) e os informes propios do SGC (p. ex., enquisa propia de perfil de ingreso ao grao, enquisa sobre o desenvolvemento da docencia das materias, informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente, informe de materias suspensas polas que os/as alumnos/as non defenden o TFG, informe de abandono, enquisa de satisfacción co TFG, informe de prácticas externas, etc.) están deseñados para garantir o desenvolvemento das ensinanzas nos títulos impartidos na facultade como o Grao en Bioloxía, xunto cos indicadores de satisfacción, facilitan o seguimento dos títulos e do Centro.

A información sobre os distintos procesos que permiten garantir a aprendizaxe e a avaliación do alumnado actualízase continuamente e ponse a disposición dos distintos usuarios na web da Facultade de Bioloxía e nas webs propias dos mestrados.

Admisión do estudantado

Os procesos e os criterios de admisión do alumnado no Grao en Biotecnoloxía son os xerais para o sistema universitario público. Na memoria verificada explícase que a selección dos alumnos de novo ingreso réxese pola normativa xeral de xestión académica da USC.

No curso 2023-24, o Grao en Biotecnoloxía da USC presenta uns datos que reflicten unha alta demanda e estabilidade na súa oferta. No bloque de matrícula, o indicador IN01 mostra que se ofertaron 50 prazas, mentres que a matrícula global (IN02) acadou os 206 estudantes, moi por riba da oferta inicial. A matrícula de acceso (IN03) foi de 57 estudantes, e a matrícula de novo ingreso por pre inscrición (IN04) situouse en 55, o que indica unha incorporación significativa de novo alumnado (ver táboa seguinte). En canto ao perfil de entrada, no curso 2023/24 a nota de corte do Grao en Biotecnoloxía foi de 12.398 a nota media de acceso (IN06) foi de 12.98 unha cifra elevada que mantén

a tendencia doutros anos, e o porcentaxe de estudantes estranxeiros (IN08) mantívose no 1.94 %, o que suxire unha presenza internacional aínda limitada pero constante e en ascenso paulatino. En canto ao indicador (IN09; *Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados*) no curso 2023/24 foi do 2.43%. Finalmente, nos indicadores de adecuación á demanda, o grao acadou un 100 % na relación de estudantes pre inscritos en primeira opción que se matriculan (IN10), e unha taxa de ocupación (IN12) do 110 %, o que confirma que o grao segue a ser altamente demandado e que supera amplamente a súa capacidade oficial de prazas. En conxunto, estes datos reflicten un grao consolidado, cun perfil de acceso esixente e unha demanda sostida.

	Indicador	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Oferta	IN01 Prazas ofertadas 	50,0	50,0	50,0	50,0	50,0	50,0
	IN02 Matrícula 	50,0	98,0	146,0	191,0	201,0	206,0
Matrícula	IN03 Matrícula de acceso 	50,0	59,0	54,0	54,0	55,0	57,0
	IN04 Matrícula de novo ingreso por preinscrición 	50,0	57,0	50,0	52,0	54,0	55,0
	IN05 Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición 	-	14,0	-12,28	4,0	-	-
	IN06 Nota media de acceso por preinscrición 	-	12,7833	13,0973	13,0219	12,9251	12,98
	IN08 Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados 	-	1,02	1,37	1,05	1,49	1,94
Perfil de entrada	IN09 Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados 	0,0	3,06	2,05	3,14	2,49	2,43
	IN10 Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas 	-	100,0	90,0	92,0	94,0	100,0
Adecuación á demanda	IN12 Taxa de ocupación 	-	114,0	100,0	104,0	108,0	110,0

En relación as materias cursadas en bacharelato polos estudantes que acceden ao Grao de Biotecnoloxía, en 1º curso de bacharelato o alumnado cursou maioritariamente Física Química (96%), Bioloxía e Xeoloxía (95%) e Matemáticas I (84%). En 2º curso, todo o alumnado cursou Química, o 98% cursou Matemáticas II e o 98% Bioloxía. No curso 2023-2024 o porcentaxe de alumnado que seleccionou o Grao en Biotecnoloxía da USC como primeira opción foi do 91.2%. Estes datos indican que o Grao en Biotecnoloxía ten unha alta demanda por parte de estudantes motivados e con notas elevadas e que cursaron maioritariamente as materias máis adecuadas para adquirir a formación necesaria para afrontar estes estudos.

O perfil de ingreso dos alumnos considerase adecuado para cursar os estudos de biotecnoloxía como o proban as elevadas taxas de éxito (93.63%), de rendemento (90.68%) e de graduación (88,89%). Estas taxas son superiores aos últimos datos medios publicados polo Sistema Universitario Español (SUE) para o ámbito das Ciencias da Vida cun 88.26% de taxa de éxito do), 81.24% de taxa de rendemento e 62,71%

de taxa de graduación. Pola outra parte a taxa de abandono en primeiro curso (18.75%) e similar a media do SUE (18.92%).

En canto á captación do estudantado do Grao en Biotecnoloxía, esta faise maiormente a través do “Programa A Ponte”, unha iniciativa da USC que ten como obxectivo achegar a universidade ao alumnado de Ensino Medio, especialmente a estudantes de Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Superior. Desde o curso 2003-2004, este programa busca orientar academicamente ao estudantado, axudándoo a coñecer a oferta de estudos de grao e o contexto investigador, social, cultural e espacial da universidade. En concreto, a Facultade de Bioloxía participa anualmente nas seguintes actividades do Programa a Ponte a nivel de Facultade:

- Encontros Presenciais e Virtuais na Zona USC, Os encontros presenciais permiten que o alumnado visite a Facultade de Bioloxía durante o desenvolvemento normal da actividade académica, o que facilita unha visión realista da vida universitaria. No curso 2023-24 os días 30 e 31 de xaneiro e 1 e 2 de febreiro de 2024 celebrouse unha nova edición dos “Encontros na zona USC 2024”. A Facultade de Bioloxía participou activamente nesta actividade, organizando visitas guiadas ás súas instalacións e aos laboratorios do edificio CIBUS. Durante estas xornadas, o estudantado visitante tivo a oportunidade de coñecer de primeira man os espazos docentes e de investigación da facultade, así como de interactuar con profesorado e persoal investigador. A participación da Facultade de Bioloxía nestes encontros resulta estratéxica para fomentar vocacións científicas, difundir a oferta académica e reforzar a captación de novo alumnado. No curso 2024/25 esta actividade repetiuse do 04/02/2025 ata o 07/02/2025. Pola súa parte, os encontros virtuais ofrecen videoconferencias específicas para cada titulación de grao impartida na Facultade de Bioloxía, nas que os Coordinadores de Título e os/as representantes de estudantes presentan os estudos e responden ás preguntas do estudantado interesado. No curso 2023/24 os encontros virtuais tiveron lugar o luns 25 de marzo de 2024 de 11:00 a 13:00.
- A USC Camiña, unha actividade que consiste nunha serie de postos informativos sobre as titulacións de grao, mestrado e doutorado, pero tamén sobre a investigación e os diferentes servizos relacionados coa vida universitaria (residencias universitarias, cultura, mobilidade, voluntariado, a importancia das linguas, deportes, ...). A Facultade de Bioloxía participou coa actividade A USC Camiña a Ribeira o 24/01/2023, tanto na Mesa redonda sobre as titulacións de Tecnoloxía, Ciencias e Ciencias da Saúde como no obradoiro e demostración titulado “Facultade de Bioloxía: Unha facultade moi diversa”. Tamén participou o 21/02/2025 coa actividade A USC Camiña a Vilagarcía co Obradoiro/demostración titulado “Facultade de Bioloxía: Unha facultade moi diversa”.

A nivel do PDI da Facultade de Bioloxía/CIBUS, este participa en:

- Charlas Temáticas, que son sesións informativas dirixidas ao estudantado nas que participa o profesorado da Facultade de Bioloxía e do CIBUS. Os contidos están relacionados co seu ámbito docente e/ou investigador e están dirixidas a estudantes de Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Superior. A algunhas destas charlas tamén poden asistir estudantes de 4º de ESO daqueles centros que, ademais de Bacharelato e/ou Ciclos Formativos, tamén teñan estudantes de Ensino Secundario Obrigatorio.
- STEMBach. O STEMbach ou Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía, está pensado tanto para a modalidade de Humanidades como para a de Ciencias e creado ao abeiro da Estratexia galega para a educación dixital. Promove a vocación do alumnado cara a investigación científica e tecnolóxica e permite unha conexión directa co ensino universitario. A Facultade de Bioloxía, a través do seu PDI, colabora con este programa ofrecendo actividades de investigación e orientación para o alumnado que participa nel, favorecendo a adquisición de competencias clave e o contacto directo coa ciencia universitaria.

Outras actividades que serven para divulgar o estudos de grao e mestrado na Facultade de Bioloxía son os cursos de verán (Universidade de Verán). Os Cursos de Verán da USC constitúen unha das principais accións de proxección social e cultural da institución, cunha clara vocación de difusión do coñecemento e de conexión coa sociedade. Estes cursos celébranse entre os meses de xuño e setembro en diferentes localizacións, como os campus de Santiago e Lugo, así como noutras vilas galegas, o que permite descentralizar a actividade universitaria e achegala a distintos públicos. A través desta programación, a USC promove o acceso aberto a formacións especializadas en múltiples áreas do saber, moitas delas vinculadas aos estudos de grao e pos grao que ofrece a universidade. Isto permite que tanto o estudantado como a cidadanía en xeral poidan explorar contidos académicos e científicos nun formato máis flexible e participativo. Nos

cursos participan docentes universitarios e profesionais de distintos sectores e favorecen a transferencia de coñecemento e a visibilización da oferta académica da USC, tanto a nivel de grao como de posárao. No curso 2023-2024 foron concedidos e realizados dous cursos de verán na Facultade de Bioloxía: A) “A Bioloxía das pequenas e grandes cousas (2ª ed). 18 horas. Jesús López Romalde (Bioloxía); B) Métodos de mostraxe e análise da biodiversidade en Ecoloxía Terrestre (2ª). 32 horas. Mª Teresa Boquete Seoane (Bioloxía).

Finalmente, entre o 23 e o 27/10/2023 celebrouse a 1ª ed Outono Biofest. O Outono Biofest é unha actividade docente extra curricular organizada pola Facultade de Bioloxía da USC que se celebra anualmente a comezos de outubro. Ten como obxectivo principal achegar o alumnado á realidade investigadora e profesional da bioloxía, promovendo a súa participación activa e o contacto directo con: A) Persoal docente e investigador (PDI) e grupos de investigación da propia facultade e doutros centros (como o CIBUS); B) Institutos e asociacións científicas (COBGA, GalBioTec, BIOGA, AMIFE). A programación inclúe visitas a laboratorios, presentacións de pósteres científicos, charlas divulgativas, mesas informativas, e coloquios con investigadoras novas, fomentando así a orientación profesional e a vocación científica do estudiantado. Sen embargo, estas actividades están abertas tamén a profesorado e estudantes de Bacharelato e Ciclos Formativos de grao Superior ou estudantes de Ensino Secundario Obrigatorio.

Moitas destas actividades que acabamos de mencionar do programa A Ponte e dos cursos de verán son difundidas a través das Redes sociais da Facultade de Bioloxía ([YouTube](#), [Facebook](#), [Instagram](#), TikTok) e da Biblioteca da Facultade de Bioloxía (Instagram; @busc_biologia).

Aplicación de normativas predefinidas

- No curso 2023/24 non houbo ningunha incidencia na aplicación das distintas normativas.

Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación

- No Grao de Biotecnoloxía non se aplican criterios de admisión específicos nin existen complementos de formación.

Orientación académica

No curso 2022-2023 creouse o Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Bioloxía da USC. Este documento ven a recoller, dun xeito unificado e ordenado cronoloxicamente, un conxunto de accións individuais que se levan realizando dende hai anos no Centro como as que acabamos de mencionar no parágrafo anterior. Todas elas teñen un nexo común, que é o de guiar, orientar e formar de xeito máis integral ao alumnado dos distintos graos que se imparten no centro. A elaboración deste PAT constituíu unha das accións de mellora (AM-6.02) dentro do Plan de Melloras do Centro para o curso 2022-2023 que figuraba na Memoria de Calidade da Facultade de Bioloxía 2021-2022.

As accións que integran o PAT planifícanse, desenvólvense e avalíanse segundo o proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Bioloxía. O PAT da Facultade de Bioloxía aprobouse na Comisión de Calidade do Centro (CCC) con data 17/01/2024 e posteriormente na Xunta de Facultade con data 18/01/2024, e implantouse completamente no curso 2024/25. Un dos obxectivos específicos do PAT é o de recoller unha serie de actividades de orientación académica que xa se estaban a realizar na Facultade de Bioloxía para facilitar o acceso ao estudiantado certa información sobre aspectos académicos relacionados co desenvolvemento dos plans de estudos, horarios, actividades académicas, programas existentes (ERASMUS, SICUE, titores, prácticas externas) e materias (Traballo Fin de Grao, Prácticas Externas). Así, o PAT recolle información sobre:

- **Xornada de benvida, enfocada sobre o alumnado de primeiro curso do Grao en Bioloxía, Grao e Biotecnoloxía e Dobre Grao Química-Bioloxía.** O 13 de setembro de 2023 (12:00 a 14:00) celebrouse na Aula Magna da Facultade de Bioloxía un acto de benvida conxunto para os/as alumnos/as de primeiro de Bioloxía, Biotecnoloxía e do Dobre Grao de Química-Bioloxía. Nese acto participaron D^a Pilar Murias Fernández, Vicerreitora de Estudantes e Cultura, quen realizou a apertura e peche do acto; D. Jesús Ángel López Romalde, Decano da Facultade de Bioloxía, quen fixo a presentación do equipo decanal e aportou información académica e recomendacións de especial interese para o estudantado; D^a M^a Lapido Silva, Xestora de centro, quen proporcionou información administrativa de especial interese para o estudantado e presentou a información contida na web da facultade; D. Javier Sampedro Jiménez, Coordinador do Grao en Biotecnoloxía, quen presentou os equipos de coordinación de Bioloxía e Biotecnoloxía, comentou aspectos prácticos de inicio de curso e realizou a enquisa de perfil de ingreso e falou das normas xerais de seguridade nas prácticas; D^a Celia Pinaque Parrado, quen presentou o equipo do PAIS aos estudantes e enumerou as diferentes funcións que realizan; D. Anxo Doval. Director da Biblioteca da Facultade de Bioloxía, que fixo a presentación dos servizos da biblioteca e comentou os cursos de formación básico e avanzado en recursos da información; D. Javier Rico Díaz, Delegado do Reitor para o Deporte na USC, quen presentou as actividades deportivas e culturais na USC; D^a Katerina Vlasakova, Directora do Centro de Linguas Modernas da USC, quen presentou os cursos de idiomas no CLM; Alba Dieste Caamaño e Iria Bodelo Grovas, representantes do estudantado nos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía, respectivamente; representantes das organizacións de estudantes da facultade (Bota e Bata).
- **Sesión informativa sobre o “Programa de Apoio Titorial Extraordinario da USC”**
- **Sesión informativa sobre o “Traballo Fin de Grao (TFG): Modelo e consellos para a súa elaboración”** (para alumnado do último curso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía e do Dobre Grao Química-Bioloxía).
- **Sesións informativas sobre o Programa ERASMUS, o Programa SICUE e o Programa de titores** (estas tres enfocadas sobre o alumnado de 2º e 3º curso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía e do Dobre Grao Química-Bioloxía).
- **Sesión formativa sobre o programa de titores.** No curso 2023-24 participou 1 estudante do Grao de Biotecnoloxía no programa de titores, que formou parte do programa de orientación académica.
- **Dúas sesións informativas sobre A) cuestións administrativas relativas ás Prácticas Externas e ao Traballo Fin de Grao (TFG) e B) as posibles liñas temáticas ofertadas polos departamentos/áreas do TFG.** Teñen como destinatarios o alumnado de 3º curso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía e do Dobre Grao Química-Bioloxía específicas. Por exemplo, a charla informativa sobre as cuestións administrativas sobre o TFG dos graos de Bioloxía e Biotecnoloxía celebrouse o 18/04/2024 na aula 1 da Facultade de Bioloxía as 14:00, cunha asistencia de 90 alumnos/as. Nesa charla participaron a xestora académica do Centro, Concepción Lapido Silva, e a Vicedecana Otilia Reyes Ferreira. A charla sobre as posibles liñas temáticas ofertadas polos departamentos/áreas do TFG celebrouse por primeira vez o 7 de abril de 2025 na Aula Magna da Facultade de Bioloxía.
- **Xornadas de orientación Laboral para Biólogos/as e Biotecnólogos/as:**
 - **Outono Biofest. Data: 23–27/10/2023- Graos: Bioloxía, Biotecnoloxía e Dobre Grao Química-Bioloxía. Resumo:** Actividade formativa integral que inclúe charlas, visitas a laboratorios, mesas redondas e encontros con profesionais e investigadores. Ofrece información sobre saídas profesionais, investigación e carreira científica, polo que contribúe directamente á orientación académica e profesional do alumnado.
 - **Visita as instalacións de ADOS dos alumnos da materia G1051226 – Inmunoloxía. Data: 22/02/2024 e 29/02/2024. Grao de Biotecnoloxía. Resumo:** O alumnado da materia G1051226 – Inmunoloxía realizou visitas formativas ás instalacións da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), organizadas pola profesora Pilar Arias Crespo en colaboración co persoal técnico da axencia e coa súa directora, Marisa López García.
- **Cursos de competencias en información NIVEL BÁSICO e NIVEL AVANZADO organizados pola Biblioteca da Facultade de Bioloxía**
- **Reunión dos/as coordinadores/as de curso do Grao en Biotecnoloxía cos/as delegados/as do curso correspondente.**
- **Programa de titorización de Deportistas de Alto Nivel (DAN).** O Titor DAN na Facultade de Bioloxía é o profesor Francisco Javier Salgado.

- No curso 2023/24 participou un estudante do Grao en Biotecnoloxía e 0 alumnos/as do Grao de Bioloxía ou do Dobre Grao de Química-Bioloxía no programa DAN.
- No curso 2024/25 participou un estudante do Grao en Biotecnoloxía.

Programas de mobilidade: Entrante e saínte

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través da Oficina de Relacións Exteriores xestiónanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extra comunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa): <https://www.usc.gal/ql/servizos/area/internacional>

A mobilidade dos/as estudantes realízase a partir do segundo ano de estudos na titulación, en períodos cuatrimestrais ou anuais. A selección de candidatos/as, nas convocatorias de intercambio académico nas que a asignación de destinos sexa realizada polo Centro, realizarase de acordo coa normativa.

A Facultade de Bioloxía convoca reunións informativas para o alumnado de segundo e terceiro curso, sobre os distintos programas de mobilidade, nas que participan o/a RAM, o/a xestor/a do centro e o/a coordinador/a de mobilidade do programa SICUE. Ademais, os/as coordinadores/as académicos/as dos programas e o/a xestor/a do centro axudan ao alumnado na xestión da documentación para o establecemento dos convenios.

Mobilidade ENTRANTE (ALLEA): Respecto a mobilidade entrante, no curso 2023/24 recibíronse 2 estudantes do programa Erasmus, 2 do programa Sicue e 4 de convenios con outras universidades. Se nos fixamos nos datos da táboa inferior (indicador IN18), a mobilidade entrante no Grao en Biotecnoloxía da USC amosa unha tendencia xeral de crecemento ao longo dos cursos analizados. Comezando cun 1.02 % no curso 2019-2020, o porcentaxe de estudantes doutras universidades que participaron en programas de mobilidade aumentou ata acadar un 3.88 % no curso 2023-2024. Estes datos suxiren un maior interese polo grao por parte de estudantes visitantes, posiblemente debido á consolidación da oferta académica ou a melloras na promoción internacional do programa.

Mobilidade SAÍNTE (PROPIA): Respecto a participación dos estudantes en programas de mobilidade saínte, no curso 2023/24 participaron 6 alumnos: 2 no programa Erasmus, 2 no programa Sicue e 2 no programa Erasmus + para a realización de prácticas. Como pódese ver na táboa seguinte (indicador IN54), a mobilidade saínte non presenta datos dispoñibles para ningún dos cursos incluídos na táboa salvo o 2023/24, cun 15%. Isto impide avaliar o grao de participación do estudantado da USC en programas de mobilidade internacional ao longo do tempo.

	Indicador	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Mobilidade allea	IN18					
	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados 	1,02	1,37	3,14	1,99	3,88
Mobilidade propia	IN54					
	Porcentaxe de estudantado egresado que participou ao longo dos seus estudos en programas de mobilidade saínte. 	-	-	-	-	15,0

Se comparamos os datos de mobilidade entrante (IN18 Porcentaxe de estudantes recibidos por la USC de programas de mobilidade sobre

el total de matriculados) e saínte (IN54 Porcentaxe de estudantado egresado que participou a lo largo de seus estudos en programas de mobilidade saliente) noutros graos da nosa contorna no curso 2023/24, estes son os resultados:

- **Grao en Biotecnoloxía USC: Entrante (IN18) 3.88%, Saínte (IN54) 15.0 %**
- Grao en Farmacia USC: Entrante (IN18) 1.68%, Saínte (IN54) 22.79 %
- Grao en Medicina USC: Entrante (IN18) 3.33%, Saínte (IN54) 18.48 %
- Grao en Química USC: Entrante (IN18) 0.44%, Saínte (IN54) 18%
- Grao en Física USC: Entrante (IN18) 1.36 %, Saínte (IN54) 26.51%
- Grao en Matemáticas USC: Entrante (IN18) 1.53%, Saínte (IN54) 27.59%
- Grao en Enxeñaría Química: Entrante (IN18) 1.74%, Saínte (IN54) 11.11%

A comparativa entre os distintos graos da USC revela que o Grao en Biotecnoloxía destaca pola súa elevada mobilidade entrante, cun 3.88 %, superando a todos os demais graos analizados, incluído Medicina (3.33 %). Outros graos como Farmacia (1.68 %), Física (1.36 %) e Matemáticas (1.53 %) presentan valores máis baixos, especialmente Química (0.44 %), que é o que menos estudantes recibe de programas de mobilidade. Isto suxire que Biotecnoloxía é especialmente atractivo para estudantes doutras universidades nacionais e internacionais.

En canto á mobilidade saínte, o Grao de Biotecnoloxía (15.0 %) sitúase por debaixo da media en comparación con outros graos. Matemáticas (27.59 %) e Física (26.51 %) lideran claramente neste indicador, seguidos por Farmacia (22.79 %), Medicina (18.48 %) ou Química (18 %). Unicamente Enxeñaría Química (11.11 %) é o único grao con menor participación que Biotecnoloxía en programas de mobilidade saínte. Isto indica unha menor participación do estudantado de Biotecnoloxía en experiencias internacionais, pero sobre todo unha área de mellora na promoción destes programas cara o futuro.

Metodoloxía de ensinanza

As metodoloxías docentes do Grao en Biotecnoloxía (1ª edición) combinan diferentes enfoques para favorecer unha aprendizaxe activa e integral. Inclúen clases maxistras, nas que o profesorado expón os contidos teóricos con apoio audiovisual e fomenta a participación do alumnado; seminarios en grupos reducidos para aplicar a teoría mediante exercicios, problemas ou simulacións; prácticas de laboratorio, onde o estudantado segue protocolos específicos e emprega equipamento técnico; e prácticas en aulas de informática, centradas no uso de programas e bases de datos relevantes. Ademais, ofrécese tutorías individuais ou en grupo para resolver dúbidas e facer seguimento do progreso académico. Finalmente, o Traballo Fin de Grao realízase baixo a supervisión dun titor ou titora, que orienta ao estudante no seu desenvolvemento.

Avaliación da aprendizaxe

Os sistemas de avaliación do Grao en Biotecnoloxía (1ª edición) estrutúranse en diferentes modalidades que permiten valorar de forma continua e integral o progreso do estudantado. A avaliación continua inclúe probas orais e/ou escritas, traballos entregados ou presentados, participación activa na aula, tutorías e outros métodos especificados na guía docente, onde tamén se indica a ponderación de cada actividade. Ademais, realízase un exame final que abrangue todos os contidos da materia. No caso das Prácticas Externas, a avaliación inclúe informes e entrevistas tanto do titor externo como do titor académico. Finalmente, o Traballo Fin de Grao é avaliado a través do seu contido, a presentación escrita, a exposición oral e o informe do titor ou titora, garantindo así unha valoración completa das competencias adquiridas ao longo do grao.

Prácticas externas

O plan de estudos para o Grao en Biotecnoloxía contempla a realización de prácticas externas por un total de 4,5 ECTS. O obxectivo

fundamental é que o alumnado desenvolva as competencias adquiridas en materias do Grao a través da súa inmersión nunha contorna laboral representativa do seu contexto profesional futuro. Aínda que as prácticas externas están programadas para o 2º semestre do cuarto curso do Grao o alumnado poderá realizalas ao longo do curso académico. O alumnado ten un/a titor/a externo/a, pertencente á institución na que levan a cabo as prácticas, que se coordina cun titor/a académico/a que realiza a avaliación en función da memoria que o alumnado debe realizar e do informe emitido polo/a titor/a externo/a. Poden realizarse en organismos ou entidades colaboradoras, tales como empresas, entidades públicas e privadas, relacionadas co ámbito da biotecnoloxía nun sentido amplo (investigación e desenvolvemento, farmacéutica, sanidade, industria, xestión ambiental, agro alimentaria, agropecuaria, etc.). Tamén poden realizarse en instalacións da USC. Na actualidade, o programa de prácticas externas do Grao en Biotecnoloxía da USC permite ao estudantado acceder a unha ampla variedade de entidades colaboradoras, tanto públicas como privadas, que dispoñen de instalacións e recursos materiais de alto nivel que facilitan a adquisición de competencias profesionais e investigadoras nun contexto real, complementando a formación académica. As empresas participantes inclúen laboratorios como Ibonelab S.L., Geneaqua S.L., e Graphene Synthetic Feedstock S.L., que ofrecen acceso a tecnoloxías de análise química, biotecnoloxía ambiental e materiais avanzados. Centros como o instituto de acuicultura (iARCUS), CIMUS ou CIQUS, que proporcionan infraestruturas de investigación de vangarda. Institucións como o IDIS, SERGAS, o CSIC, e a Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL), que permiten ao alumnado participar en proxectos de investigación aplicada, control de calidade e desenvolvemento tecnolóxico en ámbitos como a saúde, a alimentación e o medio ambiente. A diversidade de entidades garante que o estudantado poida aplicar os coñecementos adquiridos no grao en contextos profesionais reais, desenvolvendo habilidades técnicas, analíticas e de comunicación científica, fundamentais para a súa inserción laboral ou continuidade na investigación.

Traballos Fin de Grao (TFGs)

Durante o curso 2023-24, na Facultade de Bioloxía da USC foron lidos 52 TFGs no Grao en Biotecnoloxía. As temáticas tratadas abranguen unha ampla diversidade de áreas, predominando os estudos sobre terapias celulares, senescencia, produción de compostos bioactivos, edición xenómica e medicina personalizada. Durante os curso 2023/24 os TFGs foron desenvolvidos en múltiples centros de investigación da USC e institutos asociados a maiores da propia Facultade de Bioloxía ou o CIBUS, como por exemplo o CiQUS, o CiMUS, o IDIS ou o Instituto de Acuicultura/iARCUS, entre outros. Estes centros contan con infraestruturas de vangarda, como laboratorios de bioloxía molecular, cultivos celulares, microscopía avanzada, plataformas -ómicas, animalarios, así como con recursos humanos altamente cualificados, incluíndo investigadores principais con traxectoria internacional, persoal pos doutoral e técnicos especializados. Isto garante un entorno de alta calidade científica e tecnolóxica para a formación investigadora do alumnado de grao.

Resultados da aprendizaxe

Os resultados de aprendizaxe dos estudantes egresados son difíciles de cuantificar, pero en xeral os titulados están satisfeitos cos resultados obtidos. O 90.91% dos egresados recomendaría a USC a alguén que quixera cursar Biotecnoloxía. Nas seguintes enquisas poden verse resultados adicionais que mostran en xeral unha elevada satisfacción con resultados da aprendizaxe.

Enquisa a egresados (participación 22.92%)

En que medida cres que a túa titulación che resulta útil para o mercado laboral?: 3.50

Formación teórica: 4.18

Formación práctica: 3.00

Capacidade de análise: 3.73

Traballo en equipo: 3.91

Capacidade de planificación, coordinación e organización: 4.00

Creatividade: 2.64

Cal é a túa satisfacción xeral coa titulación?: 3.36

Enquisa a profesorado sobre a titulación (participación 33.04%)

A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos?: 4.14

O estudantado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada?: 4.08

Valora a calidade docente da túa titulación.: 4.30

En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación.: 4.24

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

Nas enquisas realizadas como parte do Sistema de Garantía da Calidade Docente da USC obsérvanse valores elevados de satisfacción de estudantes, profesorado e egresados. A continuación móstranse algúns resultados representativos. Todos os valores teñen un máximo de 5.

Enquisa a Profesorado sobre a titulación (participación 33.93%)

En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación: 4.34

Valore a atención prestada polo persoal técnico, de xestión e de administración e servizos: 4.46

Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?: 4.19

Valora a calidade docente da túa titulación. 4.30

Enquisa a estudantes sobre a titulación (participación 14.56%)

En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación neste curso: 3.52

Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos: 3.36

Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?: 3.74

Enquisa a estudantes sobre a docencia (participación 51.9%)

Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia: 4.04

Enquisa a estudantes sobre prácticas externas

Valora a túa satisfacción co teu período de prácticas externas: 4.63

Enquisa a titores externos sobre prácticas (participación 40%)

Valoración media: 4.71

Enquisa a titores académicos sobre prácticas

Valoración global: 4.50

Enquisa a estudantes sobre mobilidade (participación 16.67%)

Valora globalmente a túa experiencia: 4.5

Enquisa a egresados (participación 22.92%)

Cal é a túa satisfacción xeral coa titulación?: 3.36

As maiores queixas dos estudantes e os menores índices de satisfacción no curso 2023/24 foron respecto aos horarios (2.48) e a distribución da carga de traballo (2.30). Os resultados do curso anterior mostraban valores menores respecto a satisfacción cos horarios (1.77) e a carga de traballo (1.77). Nos últimos cursos fíxose un esforzo por mellorar os horarios adiantando por exemplo as clases expositivas e algunhas prácticas. Respecto da carga de traballo fíxose tamén un esforzo de racionalización evitando a repeticións de actividades similares.. No

curso 2023/24 fíxose un estudio da carga de traballo e chegouse a conclusión de que é bastante razoable. A realización de horarios máis compactos requiriría unha reorganización global que se tomará en consideración.

Por outro lado, os coordinadores de curso do Grao en Biotecnoloxía elaboran informes semestrais sobre o desenvolvemento da docencia a partir das enquisas propias de percepción do estudantado, que complementan as enquisas institucionais da Universidade, as cales adoitan ter unha participación moito máis baixa. Estas enquisas internas, adaptadas a cada curso e realizadas dúas veces ao ano, permiten obter información máis detallada e representativa, grazas á maior implicación do alumnado. Os datos recollidos son analizados polo equipo de coordinación do grao e resumidos en dous informes (un por semestre), que foron aprobados pola Comisión de Título e a Comisión de Calidade o 23 de maio de 2025.

A enquisa sobre a percepción do estudantado sobre o desenvolvemento da docencia no **primeiro semestre** do Grao en Biotecnoloxía no curso 2023/24 indica que repítense algunhas queixas sobre os horarios nos distintos cursos, pero é moi complicado facer horarios máis compactos cando a organización das materias é tan variable e a disposición de aulas e laboratorios limitada. Os alumnos de primeiro, segundo e terceiro curso coinciden en solicitar seminarios máis relacionados coa teoría ou enfocados ao que se lle pide nos exames e en particular á resolución de problemas. No segundo e terceiro curso repítense as queixas sobre exceso de traballos que teñen pouco peso na avaliación final ou son repetitivos, como revisións da literatura científica ou presentacións orais. A este respecto fíxose unha consulta ao profesorado sobre o calendario e tipos de traballos ou informes que teñen que facer os alumnos. Unha certa acumulación de traballos é inevitable e a impresión do profesorado é que moitos alumnos deixan as tarefas para o final do prazo aínda que poden empezar a facelas antes.

No primeiro curso observase una redución da nota media en catro das cinco materias. O profesorado atribúe esta caída a un menor nivel de coñecementos e unha menor dedicación do alumnado. Por parte dos alumnos a materia de Matemáticas foi a que suscitou máis queixas, como ven sendo habitual nos últimos anos. Este curso unha parte dos problemas foron debidos a falta de coordinación debida a xubilación dun profesor e o retraso na incorporación dun substituto. Isto fixo que os contidos necesarios para a materia de Físicas non se deran a tempo. Pola outra banda na materia de Físicas obsérvase unha importante mellora na nota media e na percepción dos alumnos da utilidade da materia que coincidiu cun cambio do profesorado.

No segundo curso a opinión da materia Bioquímica I por parte do alumnado mellorou notablemente, en particular a percepción da utilidade da mesma para a súa formación. O ano pasado houbo moitas queixas polo modelo de exame que este ano foi explicado mellor. Durante os últimos anos repítese a queixa de as preguntas do exame son difíciles de entender. Obsérvase unha forte caída na taxa de superación da materia Transporte de Flúidos e Transmisión de Calor que pode deberse en parte a que este ano foi o último exame e o ano anterior o primeiro. Os estudantes consideran que esta materia esixe un esforzo moi grande e que as explicación non son suficientes. O profesorado considera que o estudantado non traballou o suficiente fora da aula.

Os alumnos de terceiro curso solicitan mais información relativa ao TFG e prácticas curriculares e extracurriculares. O Decanato xa puxo en marcha sesións de orientación que se fan no segundo cuatrimestre, pero quizais sería necesario informar ao alumnado do calendario con maior antelación. O porcentaxe de superación en Biotecnoloxía Vexetal reduciuse, en parte pola detección de plaxios nos informes de prácticas.

En cuarto curso obsérvase un pequeno aumento na nota media da materia Economía e Xestión de empresas, aínda que segue estando entre as máis baixas do grao. A valoración dos alumnos mantense moi baixa e repítense as queixas de que a materia non está adaptada a un grao no que os alumnos non teñen coñecementos previos de economía.

Respecto das materias do **segundo semestre** repítense nos distintos cursos algunhas queixas sobre horarios e acumulación de tarefas. Ao igual que no primeiro cuatrimestre fíxose unha consulta ao profesorado sobre o calendario e tipos de traballos ou informes que teñen que

facen os alumnos. A impresión é que a carga de tarefas é posiblemente menor que no primeiro cuadrimestre e que moitas delas teñen longos prazos de realización. O Decanato ten intención de instalar un novo laboratorio que podería facilitar a elaboración de horarios máis compactos ou o adiantamento das prácticas.

No primeiro curso a redución da nota media observada no primeiro cuadrimestre non se observa no segundo e a media global só descende lixeiramente. Na materia Fundamentos de enxeñaría de bioprocesos houbo un cambio de profesorado que pode explicar a baixada na avaliación da materia por parte dos alumnos e algúns problemas de coordinación e organización que intentarán resolverse para o próximo curso. Os alumnos propuxeron algúns cambios en distintas materias para reducir a carga de traballo ou facilitar o estudo, como dispoñer das diapositivas, completar a resolución de problemas ou facer exercicios cos apuntes. Nalgúns casos o profesorado vai considerar estas propostas, pero noutros consideran que os alumnos deben aprender a buscar a información de forma autónoma.

No segundo curso obsérvase unha redución no porcentaxe de superación da maioría das materias dos dous cuadrimestres aínda que a redución media non é moi grande. Por outra parte a asistencia as clases aumentou respecto do curso pasado, no que había caído moito. O feito de que as clases expositivas sexan pola tarde pode contribuír a que a asistencia sexa menor no segundo curso. Mantense os problemas de exceso de contidos impartidos na materia de Bioquímica II que non permitiron completar o temario a pesar do acordo de trasladar parte dos mesmos á Bioquímica I. O coordinador da materia cree que é necesario repasar os contidos xa impartidos porque os estudantes non os recordan. Os estudantes consideran que a materia Fisioloxía Vexetal require un esforzo moi grande, ao igual que en cursos previos, pero a coordinadora da materia considéralo adecuado. A avaliación continua mediante tests suscitou tamén algunhas queixas. Na materia de Enxeñaría Xenética houbo queixas sobre as prácticas tardías que xa se adiantaron no calendario do vindeiro curso. A percepción da materia Xenética II mellorou de forma significativa este ano. O profesor ten intención de aumentar os contidos que os estudantes consideran insuficientes para o número de horas expositivas.

No terceiro curso observase un aumento das notas medias nas materias do segundo cuadrimestre. Os comentarios dos alumnos sinalan algunhas redundancias entre materias que se intentarán corrixir. Tratarase de adiantar tamén a realización de tarefas para evitar a acumulación nas últimas semanas.

No cuarto curso, no que a maioría das materias son optativas, a opinión do alumnado e xeralmente positiva con algunha excepción como as prácticas de Nutrixenética e Nutrixenómica, a parte de bioética da materia Seguridade e aspectos legais e éticos da biotecnoloxía ou a materia Bioprocesos industriais e ambientais aínda que esta só ten dous alumnos. Respecto da bioética repítense as queixas dos últimos anos sobre o carácter moi teórico dos contidos, lonxe das aplicacións prácticas na Biotecnoloxía.

No aspecto de posibles melloras o equipo de coordinación considera que podería ser interesante a elaboración de proxectos transversais entre varias materias. En particular este tipo de proxecto podería axudar a integrar mellor no grao materias como as de enxeñaría e a que os alumnos vexan a súa relevancia. No curso 2023-2024 as materias obrigatorias que os alumnos consideran que aportaron menos a súa formación foron as seguintes: Matemáticas, Fundamentos de Enxeñaría de Bioprocesos, Transporte de Fluídos e Transmisión de calor, Control de calidade, Transferencia de materia, Estrutura e Enxeñaría das proteínas e Economía e Xestión de empresas. Respecto dos horarios o equipo de coordinación cree que a única posibilidade de facelos máis compactos sería unha reorganización completa e que probablemente sería necesario reducir a flexibilidade do profesorado á hora de elixir a organización de seminarios e outras actividades interactivas.

3.3.- Máster Universitario en Acuicultura


Normativas

As tres universidades que participan no Máster Universitario en Acuicultura contan con normativas de xestión académica propias destinadas

a regular os procesos formativos de títulos deste nivel (USC: <https://www.udc.es/es/normativa/academica/>; UDC: <https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/normativa/organización-docente> ; UVigo: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/index?0%5Btable%5D=a&0%5Bfield%5D=id&0%5Bvalue%5D=DESC>). A memoria verificada do título, para garantir a obxectividade, a información e a transparencia, ten en conta estas normas, así como calquera outra instrución que sexa de aplicación.

Admisión do estudantado

No curso 2023-2024 cubríronse 22 das 30 prazas ofertadas, aínda que a demanda inicial foi moi superior á matrícula. A causa desta diferenza neste curso foi ben que os alumnos foron admitidos noutros másteres de acuicultura que estaban no seu lugar de residencia o máis preto do mesmo ou ben que decidiron matricularse nun máster diferente.



Aplicación de normativas predefinidas

Aplicanse as da Facultade de Bioloxía. No curso 2023/24 non houbo ningunha incidencia na aplicación das distintas normativas predefinidas no Máster Universitario en Acuicultura. Por exemplo, a normativa de permanencia e a de transferencia e recoñecemento de créditos, establecidas pola USC, aplicouse correctamente. A USC conta cunha nova normativa de recoñecemento de estudos e competencias (Entrada en vigor o 1/02/2025) froito dun Acordo do Consello de Goberno do 24-07-2024, que aprobou o “regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de Grao e Máster da USC”. Tamén existe unha resolución reitoral do 5 de febreiro de 2025 pola que se desenvolve o “Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de grao e máster da USC, de 24 de xullo de 2024, en materia de recoñecemento de actividades e polo que se publica o catálogo de actividades susceptibles de recoñecemento e a súa equivalencia en créditos”.

Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación

Non hai neste máster

Orientación académica

Segundo o estipulado na Guía da titulación con antelación ao inicio das actividades académicas, levouse a cabo unha reunión informativa conxunta para todos os alumnos matriculados nas distintas sedes utilizando os sistemas de videoconferencia. Nesta reunión ademais de darlles a benvida e coñecer a procedencia dos diferentes estudantes, explicouse a organización e o funcionamento do máster (facendo especial fincapé nas peculiaridades da docencia por videoconferencia), así como onde consultar toda a información necesaria, os recursos a disposición dos alumnos, etc. Ademais, a finais do primeiro e segundo cuadrimestre, realízanse reunións con todos os estudantes para analizar como foi a docencia, as necesidades e a planificación para o seguinte cuadrimestre o curso

Para os alumnos de fora da C.A. de Galicia é de especial importancia o labor dos servizos de información que existen en cada unha das universidades do SUG, para buscar aloxamentos e servizos, e no caso dos alumnos estranxeiros o dos departamentos de relacións internacionais

Por último, e de acordo co Plan de Acción Titorial, a cada alumno se lle asignou un titor (labor que de momento están a desempeñar os coordinadores de cada sede) que como asesor ao longo do desenvolvemento do Máster para axudalo a resolver as diferentes cuestións de índole académico que poidan xurdir e que poderá dirixilo a outros servizos universitarios que fagan posibles a súa integración plena na vida universitaria.

Programas de mobilidade: Entrante e saínte

Na USC a mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través da Oficina de Relacións Exteriores xestionáanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extra comunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa). Para aqueles alumnos do Máster que desexen realizar estudos doutros cursos ou másteres, a Comisión Académica do Máster, co visto bo do Titor do alumno, facilitará a mobilidade dos estudantes e encargárase de establecer os criterios de recoñecemento dos estudos cursados.

A Facultade de Bioloxía da USC, a facultade de Bioloxía da UVIGO e a Facultade de Ciencias da UDC, participan activamente nos programas de mobilidade de estudantes, fundamentalmente no marco dos programas para o intercambio de estudantes: SICUE (Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios Españois) con universidades españolas e Sócrates-Erasmus para as europeas. Doutra banda, mediante o programa ISEP (Internacional Student Exchange Programme), as becas MAE (do Ministerio de Asuntos Exteriores) e programas de cooperación propios das Universidades, as Facultades teñen convenios para o intercambio de alumnos con diversas universidades americanas.

Metodoloxía de ensinanza

Nas táboas seguintes inclúense os indicadores de satisfacción dos alumnos e profesorado para os cursos 2021-22, 2022-23 e 2023-24 para os estudantes do máster en Acuicultura da UVI, USC e UDC. Igual que no curso anterior, a participación dos alumnos nas enquisas foi escasa, sendo necesario melloralas para que as enquisas reflictan dunha maneira axeitada a opinión do alumnado. O grao de satisfacción xeral do alumnado co máster foi de 3,14/5 (participación do 17%) para a UVI e de 4/5 para a USC. No caso do profesorado, a avaliación é por bienio no caso da UVI, polo que non procede facelo neste curso. Para a USC, a valoración do profesorado é de 4,20/5 (con unha participación do 52,94%). Esta boa valoración é similar a observada nos dous cursos anteriores.

Avaliación da aprendizaxe

A avaliación do proceso de aprendizaxe do estudantado fíxose por medio do sistema de avaliación incluído en cada guía docente (que é específico para as competencias contempladas nas mesmas) e por medio da avaliación de competencias que fan os Titores Externos das PE, os titores do TFM e a futura enquisa que se enviará aos alumnos que vaian obtendo o título no futuro.

Prácticas externas

A materia Prácticas en Empresa é optativa da titulación, pero optativa vinculada (obligatoria) para a especialidade profesionalizante Produción Acuícola. O mestrado, na actualidade (a través de convenios específicos entre as tres universidades galegas e as institucións/empresas correspondentes) ten asinados convenios de colaboración con 5 centros (entidades oficiais) de investigación/formación en cultivo (todos os centros do IEO a nivel nacional e 3 da Xunta), o Clúster de Acuicultura de Galicia, o Clúster de Acuicultura de Andalucía (CTAQUA), dous centros tecnolóxicos nacionais e un en Chile, 4 Grandes empresas de piscicultura de Galicia, 1 española e 3 internacionais, varias pequenas/medianas empresas/confrarías de moluscos, e anualmente se formalizan novos convenios con outras empresas que, pouco a pouco, van sabendo da nosa oferta de alumnos en prácticas, o que resulta atractivo en sentido recíproco. Isto permítenos ofertar anualmente entre 1,5 e 2 veces máis postos de prácticas que alumnos candidatos para a materia de Prácticas en Empresa, e entre 1 e 1,5 para alumnos de Iniciación á Investigación. En relación cas prácticas no bienio 2022-2024, vintecinco estudantes elixiron prácticas en empresa e 4 estudantes elixiron a vía de iniciación a investigación, nas universidades de Vigo, Coruña e Santiago. A maioría das empresas que acolleron a estudantes son galegas, pero tamén participaron empresas doutras comunidades (Asturias, Comunidade Valenciana). En total, participaron 18 empresas (Acuario de A Coruña, Acuario de Gijón, Aquatreck, AVRAMAR-Calpe, AVRAMAR-Villajoyosa, CETGA, Destino, INALVE, Insuiña-Mougás, MOWI, Phycosem, Rara Avis, Stolt-Cabo Vilán, Stolt-Couso, Stolt-Lira, Stolt-Lira Dpt Calidad, Stolt-Quilmas, Tres Mares-Moraña), e varias delas acolleron a máis de un estudante. En xeral, os informes realizados polos alumnos e os realizados polos titores foron moi positivos, sendo a valoración de cada ítem igual ou superior a 3/5, e a maioría dos ítems avaliados acadaron un valor de 5.

Traballos Fin de Máster (TFMs)

O Traballo de Fin de Máster consta dunha exposición e defensa pública dun traballo, tutorizado por un profesor do máster que recolla as competencias que o alumno adquiriu cursando o máster. Para iso utilizará como base: 1) o traballo de investigación realizado nun centro de investigación dirixido por un profesor do máster, 2) as prácticas realizadas nunha empresa do Sector, ou 3) o proxecto de desenvolvemento novidoso, segundo a opción que elixise o alumno. Tódolos estudantes acadaron o aprobado e as cualificacións obtidas oscilaron entre 7 e 9,5, pero a maioría acadaron unha cualificación igual ou superior a 9.

Resultados da aprendizaxe

Durante o curso 2023-2024, ca excepción de catro materias, nas que houbo algún suspenso, no resto das materias houbo un 100 % de aprobados na primeira avaliación. Nos exames de xullo aprobaron todos estudantes, polo que acadou un aprobado do 100% en todas as materias de primeiro e segundo cuatrimestre. De igual forma, as prácticas externas e os TFMs presentados acadaron unha cualificación superior a 5 (as cualificacións oscilaron entre 7 e 9,5), polo que non houbo suspensos neste apartado.

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

Nas táboas seguintes inclúense os indicadores de satisfacción dos alumnos e profesorado para os cursos 2021-22, 2022-23 e 2023-24 para os estudantes do máster en Acuicultura da UVI, USC e UDC. Igual que no curso anterior, a participación dos alumnos nas enquisas foi escasa, sendo necesario melloralas para que as enquisas reflectan dunha maneira axeitada a opinión do alumnado. O grao de satisfacción xeral do alumnado co máster foi de 3,14/5 (participación do 17%) para a UVI e de 4/5 para a USC. No caso do profesorado, a avaliación é

por bienio no caso da UVI, polo que non procede facelo neste curso. Para a USC, a valoración do profesorado é de 4,20/5 (con unha participación do 52,94%). Esta boa valoración é similar a observada nos dous cursos anteriores.

ALUMNADO

Indicador	Resultado		
	2021-22	2022-23	2023-24
Índice de participación	UVI: ningún estudante realizou a enquisa USC: non disp. UDC: non disp.	UVI: 13 % USC: 12,5% UDC: 100%	UVI: 17% USC: 27,27% UDC:
Organización e desenvolvemento	UVI: ningún estudante realizou a enquisa USC: non disp. UDC: non disp.	UVI: 3,60/5 USC: 2,50/5 UDC: 5,86/7	UVI: 3,17/5 USC: 4,50 UDC:
Información e transparencia	UVI: ningún estudante realizou la enquisa USC: non disp. UDC: non disp.	UVI: 3,50/5 USC: 4,00/5 UDC: 4,57/7	UVI: 2,33/5 USC: 5,00 UDC:
Satisfacción coa orientación ao estudantado	UVI: ningún estudante realizou a enquisa USC: non disp. UDC: non disp.	UVI: sen resposta USC: 3,00/5 UDC: 4,57/7	UVI: 3/5 USC: 5,00 UDC:
Satisfacción cos recursos humanos (PAS)	UVI: ningún estudante realizou a enquisa USC: non disp. UDC: non disp.	UVI: sen resposta USC: 3,50/5 UDC: 6,43/7	UVI: 4,5/5 USC: non disp.. UDC:
Satisfacción cos recursos materiais e servizos	UVI: ningún estudante realizou a enquisa USC: non disp. UDC: non disp.	UVI: 4,50/5 USC: 4,00/5 UDC: 6,43/7	UVI: 3,88/5 USC: 3,50/5 UDC:
Satisfacción cos resultados da aprendizaxe	UVI: ningún estudante realizou a enquisa USC: non disp. UDC: non disp.	UVI: 3,00/5 USC: 3,00/5 UDC: 5,86/7	UVI: 2,5/5 USC: 3,25/5 UDC:
Satisfacción ca xestión da calidade I	UVI: ningún estudante realizou a enquisa USC: non disp. UDC: non disp.	UVI: 4,00/5 USC: non disp. UDC: 4,43/7	UVI: 2,75/5 USC: non disp.. UDC:

I02-MC Grao de satisfacción xeral	UVI: ningún estudante realizou a enquisa USC: non disp. UDC: non disp.	UVI:3,80/5 USC: 3,06/5 UDC: 5,49/7	UVI: 3,14/5 USC: 4,00 UDC:

PROFESORADO

Indicador	Resultado		
	2021-22	2022-23	2023-24
Índice de participación	UVI: non procede neste curso. Enquisa bianual USC: non disp. UDC: 30%.	UVI: 27% USC: 13,79% UDC: 50%	UVI: non procede neste curso. Enquisa bianual USC: 52,94 UDC:
I06-DO Satisfacción coa planificación e desenvolvemento da ensinanza	UVI: non procede neste curso. Enquisa bianual USC: non disp.. UDC: 7/7	UVI: 4,23/5 USC: 3,75/5 UDC: 6,80/7	UVI: non procede neste curso. Enquisa bianual USC: 4,20/5 UDC:
Satisfacción cos los recursos humanos	UVI: non procede neste curso. Enquisa bianual USC: non disp.. UDC: 7/7	UVI: 4,18/5 USC: 3,50/5 UDC: 6,75/7	UVI: non procede neste curso. Enquisa bianual USC: 3,80/5 UDC:
Satisfacción cos recursos materiais y servizos	UVI: non procede neste curso. Enquisa bianual USC: non disp.. UDC: 6,67/7	UVI: 4,26/5 USC: 3,50/5 UDC: 6,60/7	UVI: non procede neste curso. Enquisa bianual USC: 3,80/5 UDC:
Satisfacción cos resultados da aprendizaxe	UVI: non procede neste curso. Enquisa bianual USC: non disp.. UDC: 7/7	UVI: 4,17/5 USC: 4,00/5 UDC: 6,80/7	UVI: non procede neste curso. Enquisa bianual USC: 4,20/5 UDC:
Satisfacción coa orientación ao estudiantado	UVI: non procede neste curso. Enquisa bianual USC: non disp. UDC: 6,63/7	UVI: 4,00/5 USC: 4,00/5 UDC: 6,75/7	UVI: non procede neste curso. Enquisa bianual USC: 4,11/5 UDC:
Satisfacción ca xestión da calidade	UVI: non procede neste curso. Enquisa bianual USC: non disp.. UDC: 7/7	UVI: 4,14/5 USC: non disp. UDC: 6,75/7	UVI: non procede neste curso. Enquisa bianual USC: non disp.. UDC:

I03-MC
Grado de satisfacción xeral

UVI: non procede neste curso.
Enquisa bianual
USC: non disp..
UDC: 7/7

UVI:4,20/5
USC: 3,97/5
UDC: 6,75/7

UVI: non procede neste curso.
Enquisa bianual
USC: 4,20/5
UDC:

Se nos centramos exclusivamente na USC (ver táboa a continuación), no curso 2023/24 a satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47) mantívose elevada cun valor de 4.1387, lixeiramente inferior ao pico acadado en 2022/23 (4.3775), pero por riba dos rexistros de anos anteriores. A satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46) tamén mellorou respecto ao curso anterior, pasando de 2.91 en 2022/23 a 4.16 en 2023/24, recuperando niveis similares aos de 2021/22 (4.0) e 2018/19 (4.41). En canto á satisfacción xeral dos egresados coa titulación (IN42), non se recolleron datos para 2023/24, pero os valores anteriores mostran unha evolución irregular, con máximos en 2021/22 (3.55) e mínimos en 2018/19 (1.8696). A taxa de resposta ás enquisas (IN48) foi moi baixa nos últimos anos, con só un 27.2727% en 2023/24, o que limita a representatividade dos datos. En resumo, os indicadores dispoñibles na USC para 2023/24 amosan unha recuperación na percepción do alumnado e unha estabilidade na valoración do profesorado, malia a persistente baixa participación nas enquisas

Satisfacción	IN33						
	Grado de satisfacción de los egresados con los servicios 	3,6667	-	-	-	-	-
	IN42						
	Grado de satisfacción general de los egresados con la titulación 	1,8696	-	3,26	3,55	2,5	-
	IN46						
	Satisfacción del alumnado con la docencia recibida 	4,41	2,79	-	4,0	2,91	4,16
	IN47						
	Satisfacción del profesorado con la docencia impartida 	4,1837	3,8936	3,9679	4,012	4,3775	4,1387
	IN48						
	Taxa de resposta en la encuesta de satisfacción 	66,6667	20,0	-	25,0	9,0909	27,2727

Por outro lado, cada materia ten un coordinador docente (un dos profesores, ou un membro do Comité de Coordinación (no caso de que non haxa profesorado universitario)), que se encarga de supervisar o seguimento da guía docente, a distribución de actividades entre o profesorado da materia, a docencia e o apoio ao alumnado. A distribución de coordinadores para cada materia do curso 2023-24 pódese consultar nas guías docentes dispoñibles na sitio web do máster. O Máster posúe unha Comisión Académica universitaria e interuniversitaria, aínda que a maioría dos procesos de coordinación son levados pola Comisión Permanente do Máster, que conta con un profesor de cada universidade e un profesor coordinador interuniversitario. Durante o curso 2023-24, a comisión permanente tivo numerosas reunións, onde se trataron desde temas de admisión e matrícula, reunións de información ao estudantado, reunión para a organización do curso, entrevistas cos alumnos ao final de cada cuatrimestre, valoración das cualificacións de prácticas en empresa, TFM, etc. En xeral, non houbo problemas destacables.

3.4.- Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre

Normativas

As tres universidades que participan no MBT contan con normativas de xestión académica propias destinadas a regular os procesos

formativos de títulos deste nivel (USC: <https://www.udc.es/es/normativa/academica/>; UDC: <https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/normativa/organización-docente>; UVigo: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/index?0%5Btable%5D=a&0%5Bfield%5D=id&0%5Bvalue%5D=DESC>). A memoria verificada do título, para garantir a obxectividade, a información e a transparencia, ten en conta estas normas, así como calquera outra instrución que sexa de aplicación.

Por outra banda, ademais destas normas xerais, o MBT conta cunha normativa propia de aplicación nos casos das Prácticas Externas e do Traballo de Fin de Máster (<https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias/master-universitario-biodiversidade-terrestre-caracterizacion-conservacion-xestion/web-propia/docencia>). O cumprimento de todas estas normas garante que os egresados adquiren todas as competencias previstas na memoria do título.

Non obstante, é importante sinalar de novo que, ao tratarse dun título interuniversitario, nalgúns casos as diferentes normativas e procedementos presentan certas discrepancias en aspectos concretos, o que obriga á CAI a actuar se o caso así o require. Consideramos que os vicerreitorados con competencias nestas materias en cada universidade participante deberían actuar e establecer un marco normativo unificado que facilite a xestión e desenvolvemento dos títulos destas características.

Admisión do estudantado

Desde que o título comezou a impartirse, a demanda foi aumentando progresivamente curso tras curso. A modo de exemplo poden tomarse os datos da USC, que mostran que no curso 2022-23 realizáronse 66 pre inscricións (para as 10 prazas dispoñibles), 42 no 2021-22 e 25 no 2020-21. Con todo, é necesario sinalar que os problemas de falta de xestión unificada entre os centros implicados tamén teñen efecto nas posibles matriculacións. Nalgún curso puntual quedaron prazas dispoñibles na UDC ou na UVigo que non puideron ser cubertas por alumnos que estaban na lista de espera da USC e que tiñan interese en matricularse no máster. O poder dispoñer dun sistema centralizado habería permitido cubrir todas as prazas todos os cursos e non se perderon alumnos potenciais interesados no MBT. Ademais, o aumento da demanda levou parello unha mellora na nota media de acceso, na USC esta pasou de valores próximos a 7 (7,03; 6,9; 6,8 e 7,2, para 2018-19, 2019-20, 2020-21 e 2021-22, respectivamente) a notas superiores a 8 no 2020-23. Desde a súa implantación no curso 2018-19 ata o 2022-23, o 100% dos matriculados fíxoo cunha nota maior que 6. Na UVigo as notas de acceso tamén mostraron valores similares, sendo a media para os cursos 2020-21 e 2021-22 de 7,66.

Aplicación de normativas predefinidas

No curso 2023/24 non houbo ningunha incidencia na aplicación das distintas normativas predefinidas no Máster en Biodiversidade Terrestre. Por exemplo, a normativa de permanencia e a de transferencia e recoñecemento de créditos, establecidas pola USC, aplicouse correctamente. A USC conta cunha nova normativa de recoñecemento de estudos e competencias (Entrada en vigor o 1/02/2025) froito dun Acordo do Consello de Goberno do 24-07-2024, que aprobou o "regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de Grao e Máster da USC". Tamén existe unha resolución reitoral do 5 de febreiro de 2025 pola que se desenvolve o "Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de grao e máster da USC, de 24 de xullo de 2024, en materia de recoñecemento de actividades e polo que se publica o catálogo de actividades susceptibles de recoñecemento e a súa equivalencia en créditos".

Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación

A Comisión Académica Interuniversitaria valora, no caso de que haxa prazas vacantes e sexa admitido alumnado de outras titulacións de ciencias, a necesidade de cursar complementos formativos, que en todo caso serán materias dos Graos de Bioloxía da UDC, USC ou

UVIGO. No curso 2023/24 non se deu esta casuística no Máster en Biodiversidade Terrestre, nin foron contemplados complementos formativos, cursos de adaptación ou de nivelación.

Orientación académica

O MBio realiza unha sesión inicial de benvinda xeral os alumnos no primeiro día de clase empregando videoconferencia na que participan o coordinador do mesmo e os coordinadores en cada unha dos centros participantes. Na sesión tratáronse en detalle, entre outros, os seguintes aspectos: presentación de: 1) a Comisión Académica do Máster e coordinadores da UVIGO, a USC e a UDC, 2) obxectivos e estrutura do mesmo, 3) todo o relacionado co plan de estudos e a programación docente (estrutura, guías docentes, horarios e calendarios), 4) posibles saídas profesionais, 5) Prácticas Externas e Traballo Fin de Máster, 6) normativas, servizos administrativos, salas de estudo, informática, biblioteca, centros, servizos telemáticos e plataformas de docencia, 7) o uso da web do Máster e do espazo virtual de tele docencia, e 8) o Plan de Acción Titorial (PAT).

O PAT contempla, por unha banda, a asignación dun titor a cada estudante que actúa como orientador, tanto académico como profesional, e que ademais será o Titor Académico cando o estudante faga as súas Prácticas Externas. Por outra banda, no ámbito do PAT realizáronse cinco sesións de orientación en grupo en cada centro, tres convocadas especificamente e dous delas aproveitando a realización de exames de materias obrigatorias (nalgúns casos as reunións realizáronse de forma non presencial mediante o uso da ferramenta MS Teams). Tamén realizáronse sesións de tutorización individual, tanto presenciais como por correo electrónico e/ou MS Teams. Os coordinadores do máster en cada universidade atenderon numerosas consultas, tanto de forma presencial nos seus despachos coma de forma non presencial. O resto de reunións, ben individuais ou en grupo, realizáronse a demanda dos estudantes.

Programas de mobilidade: Entrante e saínte

No caso da USC, a mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través da Oficina de Relacións Exteriores xestionáronse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extra comunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa). A Facultade de Bioloxía da USC conta cun membro do equipo de dirección do centro para asumir as funcións de responsábel académico de mobilidade (RAM), que, de acordo coa normativa vixente, convoca e preside as comisións de selección de estudantes naqueles procesos que así se determinen. Ademais vela por que se cumpra a aplicación das normas e criterios establecidos nos distintos programas de mobilidade e recibe os estudantes procedentes doutras universidades para dirixilos aos respectivos coordinadores, verificando que estes compren coa obriga de tutelar os estudantes universitarios.

Por último, é necesario sinalar que, ata o de agora, a participación do alumnado en programas de mobilidade ENTRANTE foi moi reducida, ou mesmo nula; así, na USC a “Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados” (indicador IN18 2023/24) foi do 0% no período 2018/19-2023/24. Porén, algún estudante Erasmus cursou materias do MBT tanto na USC como na UDC nalgún curso, aínda que ningún realizou un curso completo. En canto á mobilidade SAÍNTE, si houbo estudantes que realizaron as súas Prácticas Externas en empresas ou entidades fóra da Comunidade Autónoma ou no estranxeiro (por exemplo: Fundación Oso de Asturias, WWF España, Llobu Ecoturismo, Fundació Natura Parc, CREA, Aquamuseu de Vilanova de Cerveira, CEEweb for Biodiversity Budapest, etc.). En vista desta situación, a CAI considera necesario desenvolver unha Acció de Mellora (AM-02, plan de melloras do informe de acreditación do MBT de novembro de 2024) destinada a mellorar a participación do alumnado en programas de mobilidade, como outra vía para completar a súa formación académica.

Metodoloxía de ensinanza

No curso 2023-24 foi o cuarto ano no que se impartiron materias do segundo curso polo que, de momento, as correspondentes guías docentes non sufriron modificacións. É previsible que, á vista de como funcionen tanto a metodoloxía ensino-aprendizaxe como a avaliación

das competencias, estas guías sexan axustadas nos seguintes cursos a fin de mellorar a docencia de cada materia. Polo que se refire o tamaño dos grupos das clases expositivas e interactivas, dada a matrícula do máster, para as materias obrigatorias foi de un máximo de 30 alumnos nas expositivas e 14 nas interactivas (as tres universidades aceptaron dividir en dous o grupo expositivo debido a dificultade de impartir clases interactivas con 29-30 estudantes). No caso das materias optativas non houbo unha na que se matriculasen todos os alumnos do máster, aínda que no caso de “Invasións biolóxicas” case a cursou a totalidade do alumnado (24 estudantes); no resto das materias se alcanzaron matrículas moi variables ata un mínimo de 4 (en “Xeodiversidade”).

Avaliación da aprendizaxe

A avaliación do proceso de aprendizaxe do estudantado realízase por medio do sistema de avaliación incluído en cada guía docente (que é específico para as competencias contempladas nas mesmas) e por medio da avaliación de competencias que fan os Titores Externos das PE, os titores do TFM e a futura enquisa que se enviará os alumnos que vaian obtendo o título no futuro.

Prácticas externas

As Prácticas en Empresa constan de 12 créditos de carácter obrigatorio e están orientadas a completar a formación do alumnado así como a facilitar o seu acceso ao mundo profesional. Estas prácticas xestionáanse de modo que se garante a calidade, o recoñecemento académico e o seu correcto aproveitamento. Así, cada alumna/o conta cun titor externo pertencente á entidade en que realizan as prácticas, e cun titor académico que se coordina co externo para planificaren as prácticas e que avalía o alumno en función da memoria que presente xunto co informe emitido polo titor externo. Na actualidade, as facultades implicadas, teñen xa convenios en activo con diversas entidades do sector.

Traballos Fin de Máster (TFMs)

O Traballo de Fin de Mestrado (TFM) do Máster Interuniversitario en Biodiversidade Terrestre consta de 9 créditos ECTS obrigatorios e está regulado pola normativa vixente, aprobada pola Comisión Académica Interuniversitaria (06/03/2025). Debe ser un proxecto orixinal e individual, realizado baixo a supervisión dun titor académico, podendo contar con un ou dous co titores, incluídos externos. Só poderá ser defendido unha vez superados todos os créditos do máster agás os do propio TFM. A súa elaboración require unha memoria escrita e unha defensa pública ante un tribunal, que avaliará conxuntamente co titor a calidade do traballo e a adquisición de competencias. A normativa tamén regula os prazos, o formato da memoria, os criterios de avaliación e os procedementos administrativos asociados. No caso da sede da USC do Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre, no curso 2023/24 foron presentados 8 TFMs, dos cales 2 foron defendidos en marzo, 2 en xuño e 4 en setembro.

Resultados da aprendizaxe

Unha forma de medir si as actividades e metodoloxías empregadas contribuíron á consecución dos resultados da aprendizaxe é a través das respostas as enquisas de satisfacción do profesorado e o estudantado. En relación coa titulación, o PDI amosa un nivel de satisfacción global elevado, tanto na USC (4.3 sobre 5; desde o curso 2019-20 ata o 2022-23) como na UVigo (3.95 sobre 7; curso 2020-21) e a UDC (5.4 sobre 7; para 2019-20 e 2020-21). Respecto a estes datos, pode destacarse que son bastante representativos, pois a participación do PDI nas enquisas estivo preto do 50% na USC e a UDC, baixando ata o 30% na UVigo. Ademais, o profesorado da USC considera que o alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas (puntuacións por riba de 4.1 sobre 5 para todos os cursos avaliados), que a titulación está equilibrada entre seus contidos teóricos e prácticos (>4.2 sobre 5), que a calidade docente é moi satisfactoria (>4.2 sobre 5) e que o alumnado recibe unha formación en competencias profesionais adecuada (>4.1 sobre 5). O PDI da UVigo tamén mostra unha satisfacción elevada cos resultados da aprendizaxe e a planificación e desenvolvemento do ensino (4.4 y 3.9 sobre 5, respectivamente); na UDC consideran que o desenvolvemento do ensino tamén foi moi satisfactorio (5.4 sobre 7). A pesar da boa valoración recoñecida polo PDI,

a opinión do estudantado non é tan positiva; na USC (para os mesmos períodos indicados anteriormente para o profesorado) a valoración media da titulación é de 3.5 sobre 5. Na mesma liña, os/as alumnos/as da UVigo mostran un grao de satisfacción co título de 3.3 sobre 5 (cursos 2019-20, 2020-21 e 2021-22), sendo os da UDC os que se mostran en xeral máis críticos: 4.3 e 4.4 sobre 5 para a satisfacción co desenvolvemento do ensino e ca avaliación, respectivamente (curso 2018-09; 88% de participación). Debe destacarse que na UDC, no curso 2020-21, os alumnos amosan unha satisfacción co título moi baixa (2.5 sobre 7; participación 14%), aínda que hai que ter en conta que foi un curso atípico a causa da epidemia da COVID, e que non foi algo compartido polos alumnos dos outros centros, polo que pode considerarse como algo excepcional. En calquera caso, e a pesar desta aparente peor valoración por parte dos estudantes, a realidade é que a inmensa maioría supera as diferentes materias sen problema e ademais acaban seus estudos, en xeral, no prazo previsto (dous cursos académicos). Na USC, esta duración é un pouco superior (2.1 de media entre os cursos 2019-20 e 2022-23; IN38M), mentres que para a UVigo foi de 2.04 (período 2019-20 a 2021-22). Este lixeiro aumento na duración prevista está relacionado co feito de que numerosos alumnos, tras finalizar as súas Prácticas Externas, teñen ofertas de emprego (inicialmente con contratos ou becas de prácticas) que provocan que retrasen a defensa dos seus Traballos Fin de Máster.

A satisfacción dos titores externos das Prácticas Externas tamén pode tomarse como indicativo de si os alumnos que as realizan dispoñen das competencias e habilidades necesarias. Soamente disponse de datos do alumnado da USC para os cursos 2021-22 e 2022-23 (o 100% do alumnado realizounas; IN22M), mostrando unha valoración moi boa por parte destes titores, pois obtense un valor promedio de 4.5 sobre 5 (IN20M).

Por último, outra forma de avaliar si o alumnado adquire as competencias previstas tras cursar o MBT é a través da avaliación dos Traballos Fin de Máster. En termos xerais, as cualificacións obtidas tras as defensas son moi boas, o que pon de manifesto que os egresados acadaron o nivel formativo previsto. Neste sentido, tamén pode sinalarse que, por exemplo, na USC os titores de TFM amósanse moi satisfeitos respecto ao desempeño dos alumnos (4.28 sobre 5; cursos 2018-19, 2021-22 e 2022-23; participación en torno a 70%).

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

Grao de satisfacción do estudantado

En primeiro lugar, o grao de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción (tanto do título en xeral como da docencia en particular) foi en ocasións moi baixo e, polo tanto, obriga a tomar con precaución a información recollida. Dado que esta información é básica para poder detectar posibles problemas e tomar, se é necesario, medidas correctoras, a coordinación do MBT decidiu levar a cabo unha acción de mellora (AM-04) destinada a aumentar esta participación.

No que respecta ao alumnado, na USC os estudantes outorgan unha puntuación de 4,4 sobre 5 á valoración global da docencia recibida (para todos os cursos dos que hai datos; participación media do 20%), na UVigo foi de 3,3 sobre 5 e na UDC de 3,8 sobre 7. En canto á metodoloxía docente empregada, na USC dan un valor de satisfacción de 3,5 sobre 5, sendo os da UVigo os que peor a valoran (3,3 sobre 7). Estes resultados amosan que existen claras diferenzas na percepción do alumnado segundo o centro no que se matricularon, algo que, tendo en conta que todos os estudantes están nun mesmo grupo (e reciben docencia do mesmo profesorado), resulta rechamante. En consecuencia, a coordinación do MBT permanecerá atenta á evolución futura dos resultados das enquisas. De todos modos, se a participación nas enquisas continúa a ser baixa, será difícil realizar esta análise de forma rigorosa, polo que se espera que a implementación da acción de mellora AM-04 (plan de melloras do informe de acreditación do MBT de novembro de 2024) axude neste sentido.

Cando se avalía en que medida a información do título é accesible, de novo, xorden diferenzas entre os centros; na USC os alumnos chegan a puntuar con 4 sobre 5 este ítem, mentres que na UVigo a puntuación é de 2,66 sobre 5 e na UDC é de 3,65 sobre 7. Espérase que a recente implementación da web propia do título mellore esta percepción, sobre todo nos alumnos non matriculados na universidade coordinadora.

Por último, os estudantes valoran de forma máis positiva tanto os recursos, infraestruturas e materiais dispoñibles en todos os centros (5 sobre 5 na USC, 3,6 sobre 5 na UVigo e preto de 5,5 sobre 7 na UDC) como a atención recibida polo persoal de apoio do título (4 sobre 5 na USC e preto de 3 sobre 5 na UVigo).

Grao de satisfacción do PDI do mestrado

O PDI que participa na docencia do MBT, en termos globais, valora de forma máis positiva a docencia que o alumnado. Na USC e na UVigo a puntuación media é bastante elevada e moi similar (en torno a 4 sobre 5), mentres que na UDC foi de aproximadamente 5,6 sobre 7. Ademais, o profesorado considera que existe unha coordinación adecuada (4,1 sobre 5 na USC e case 5 sobre 7 na UDC). En canto ás actividades e metodoloxías docentes, o profesorado amosa un nivel de satisfacción global elevado, tanto na USC (4,3 sobre 5) como na UVigo (3,95 sobre 5) e na UDC (5,4 sobre 7). A pesar de que os estudantes parecen, nalgúns casos, mostrar unha visión crítica de certos aspectos da docencia, o certo é que os profesores consideran que os alumnos compren coa planificación académica sen problemas, que o proceso de ensino-aprendizaxe se desenvolve de forma adecuada e que os alumnos adquiren as competencias previstas (puntuación de 4,1 sobre 5 na USC, 4,2 sobre 5 na UVigo e 5,4 sobre 7 na UDC). O profesorado tamén se manifesta satisfeito cos recursos materiais dispoñibles (valor medio de 3,3 sobre 5 na USC, 3,9 sobre 5 na UVigo e 5,5 sobre 7 na UDC). Ademais, considera que a información dispoñible sobre o título é adecuada (4,35 sobre 5 na USC) e que a atención recibida polo persoal de apoio tamén é satisfactoria (4,6 sobre 5 na USC e 3,5 sobre 5 na UVigo).

Grao de satisfacción dos titores externos

A información recollida sobre a satisfacción dos titores externos das Prácticas Externas amosa que estes valoran moi positivamente as competencias e habilidades dos alumnos (4,5 sobre 5), o que demostra que o proceso formativo se desenvolveu de maneira adecuada e que se cumpriron os obxectivos descritos na memoria verificada do título.

Comentario final

Por último, volver a indicar que tanto a coordinación do título como a CAI consideran que a homoxeneidade no formato das enquisas dos grupos de interese (unha única enquisa igual para cada un dos grupos de interese), así como facilitar datos globais do título (número de alumnos total matriculados, taxas de éxito, etc.), facilitaría a análise/interpretación dos resultados, o que permitiría alcanzar unha maior eficiencia e calidade.

3.5.- Máster Universitario en Neurociencia

Normativas

A USC dispón dunha normativa de xestión académica para regular os procesos formativos, tanto a nivel de grao como de máster, así como dunha normativa actualizada para a súa tramitación. As memorias das titulacións impartidas na Facultade de Bioloxía inclúen, co fin de garantir a obxectividade, información e transparencia, todas as normas, descricións e instrucións necesarias.

Cómpre salientar que, ao tratarse dunha titulación interuniversitaria, cada universidade participante conta coas súas propias normativas, o que pode dar lugar a discrepancias en aspectos comúns. Por este motivo, sería desexable avanzar cara á unificación destes criterios para facilitar a xestión e o desenvolvemento das titulacións interuniversitarias. Con todo, esta cuestión excede as competencias da coordinación do máster.

Admisión do estudantado

No curso 2023-24 ofertáronse 40 prazas para o Máster Universitario en Neurociencia (20 na USC, 10 na UDC e 10 na UVIGO), das cales se cubriron 32: 21 na USC, 5 na UDC e 6 na UVIGO. Na USC, 18 estudantes foron de novo ingreso, cunha taxa de ocupación do 90 %, superior ao 80 % do curso anterior. Na UVIGO matriculáronse 6 novos estudantes mediante pre inscrición, e na UDC, 3. A demanda na USC mantense elevada, con 89 pre inscritos (87 no curso anterior), e unha nota media de acceso de 7.66 (7.02 na UVIGO; sen datos na UDC).

O máster está dirixido principalmente a titulados en Ciencias Experimentais e da Saúde (Biología, Biotecnoloxía, Bioquímica, Medicina, Psicoloxía, Farmacia, Física, Química, Fisioterapia, Enfermaría, Ciencias Biomédicas e Veterinaria). Na USC, a maioría do alumnado procede de graos en Biología ou Psicoloxía. Dos 18 novos matriculados, 3 son licenciados en Biología, 3 en Psicoloxía, 1 en Enfermaría, 2 en Química, 1 en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, 1 en Logopedia e 1 en Filoloxía; 3 realizaron estudos no estranxeiro e 3 obtiveron resolución de equivalencia reitoral. Na UVIGO, 2 son licenciados en Biología, 2 en Psicoloxía e 1 en Enxeñaría Biomédica. Na UDC, a maioría son titulados en Psicoloxía.

Obsérvase que nos últimos cursos o perfil dalgúns estudantes está afastado do ámbito das Ciencias Experimentais e da Saúde. Aínda que isto é coherente coa memoria de verificación, que establece criterios de admisión amplos, propónse revisar estes criterios (Acción de Mellora-02), aínda pendente de execución, malia que xa se mantiveron reunións ao respecto.

Na USC, o 38.1 % do alumnado matriculado obtivo o seu título nesta mesma universidade (36.84 % no curso anterior), e o 19.05 % eran estudantes estranxeiros (21.06 % no curso anterior), procedentes de Arxentina, Exipto, Italia e Venezuela. O 4.76 % eran estudantes nacionais de fóra de Galicia (10.53 % no curso 2022-23), sendo 16 de Galicia e 1 de Valencia.

Aplicación de normativas predefinidas

A USC conta cunha normativa de recoñecemento de estudos e competencias (Entrada en vigor o 1/02/2025) froito dun Acordo do Consello de Goberno do 24-07-2024, que aprobou o “regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de Grao e Máster da USC”. Tamén existe unha resolución reitoral do 5 de febreiro de 2025 pola que se desenvolve o “Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de grao e máster da USC, de 24 de xullo de 2024, en materia de recoñecemento de actividades e polo que se publica o catálogo de actividades susceptibles de recoñecemento e a súa equivalencia en créditos”.

Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación

Este máster non require complementos de formación.

Orientación académica

A principal vía para acceder á información sobre o Máster é a páxina web de cada universidade participante, así como a web específica do propio Máster. Nelas publícase unha introdución ao programa, os obxectivos, destinatarios, datas de pre inscrición e matrícula, criterios de admisión, lugar de impartición, planificación docente, guías das materias e datos do profesorado e coordinadores.

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) conta cun Centro de Pos grao que, xunto co Servizo de Comunicación, promove e difunde a oferta de másteres. Ademais, publícanse carteis e folletos informativos, e resólvense dúbidas a través da Oficina de Información Universitaria (OiU) e das canles específicas de cada máster.

A información tamén se difunde nos centros e departamentos mediante carteis, e os estudantes de último curso reciben información sobre os másteres durante o verán. A USC participa en feiras e exposicións educativas a nivel galego, estatal e internacional, como o Forum Orienta ou Aula, para promocionar a súa oferta académica.

Antes do inicio do curso, a web da USC ofrece información actualizada sobre horarios, exames, programas e guías docentes. Pola súa parte, as universidades de Vigo e A Coruña tamén dispoñen de páxinas web institucionais e das súas facultades, onde se publica toda a información relevante sobre o Máster, en colaboración coas súas respectivas vicerreitorías.

Tamén existen ligazóns ao Máster desde webs de redes europeas e internacionais de Neurociencia, como NEMS (FENS) e INA. A información complementábase con documentación escrita, como guías académicas, paneis e trípticos que se distribúen noutras universidades.

Finalmente, ao comezo do curso académico organízase unha Xornada de acollida dirixida aos estudantes de novo ingreso. Durante esta sesión, facilítase información esencial sobre os contidos do Máster, os calendarios e horarios, a localización do profesorado, os laboratorios e os servizos centrais. Tamén se explica o acceso ás bibliotecas e aos sistemas de entrada ao campus, co obxectivo de que o alumnado se familiarice co funcionamento da universidade e dispoña de todos os recursos necesarios desde o inicio da súa formación.

Programas de mobilidade: Entrante e saínte

No caso da USC, a mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través da Oficina de Relacións Exteriores xestionáanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extra comunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa). A Facultade de Bioloxía da USC conta cun membro do equipo de dirección do centro para asumir as funcións de responsable académico de mobilidade (RAM), que, de acordo coa normativa vixente, convoca e preside as comisións de selección de estudantes naqueles procesos que así se determinen. Ademais vela por que se cumpra a aplicación das normas e criterios establecidos nos distintos programas de mobilidade e recibe os estudantes procedentes doutras universidades para dirixilos aos respectivos coordinadores, verificando que estes compren coa obriga de tutelar os estudantes universitarios.

Por último, é necesario sinalar que, ata o de agora, a participación do estudiantado en programas tanto de mobilidade ENTRANTE como SAİNTE foi nula; Así, na USC a “Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados” (indicador IN18 2023/24) foi do 0% no período 2018/19-2023/24.

Metodoloxía de ensinanza

O Máster estrutúrase en tres módulos: materias obrigatorias, Neurociencia cognitiva e Neurobioloxía Celular e Molecular. Cada módulo integra a unidade administrativa e académica; é dicir, a materia.

O programa distribúe os 60 créditos en dous cuatrimestres. Durante este período, o alumnado realiza a formación académica e, a partir da segunda semana de novembro, inicia o Traballo de Fin de Máster (TFM).

No primeiro cuatrimestre impártense cinco materias obrigatorias, cun total de 20 créditos (4 créditos cada unha). Estas materias abordan contidos básicos, metodolóxicos e técnicos, necesarios para aproveitar as materias especializadas do segundo cuatrimestre.

No segundo cuatrimestre ofértanse 66 créditos de materias optativas, das que o alumnado debe cursar 21. Cada materia optativa ten 3 créditos e pertence a unha das dúas especialidades do Máster. Para que unha especialidade figure no suplemento europeo ao título, é preciso cursar polo menos cinco materias desa especialidade.

O TFM ten unha carga de 19 créditos e pode consistir nun traballo empírico vinculado a calquera das liñas de investigación do Máster. Cada crédito equivale a 25 horas de traballo do estudante, polo que o curso completo require unha dedicación de 1500 horas. A programación das materias garante unha distribución equilibrada destas horas ao longo das 36-40 semanas lectivas.

A metodoloxía das materias do Máster presenta unha estrutura común e un sistema de avaliación coherente. O desenvolvemento das materias combina unha parte teórica, centrada na exposición dos contidos por parte do profesorado, e outra práctica, baseada na realización de traballos individuais ou en pequenos grupos por parte do alumnado.

As sesións expositivas destacan os aspectos fundamentais de cada materia, fomentando a participación activa grazas ao número reducido de estudantes. Para facilitar o seguimento, os alumnos dispoñen de guías docentes e material bibliográfico antes da matrícula. Algunhas sesións adóptanse en formato de seminario, promovendo o debate aberto entre docentes e estudantes.

O traballo autónomo do alumnado inclúe o estudo dos contidos e a elaboración de documentos científicos, que deben presentarse por escrito e oralmente. Estes traballos permiten afondar nos temas de interese e desenvolver competencias clave para a comunicación científica, tanto oral como escrita, así como para a análise crítica e a formulación de hipóteses.

A metodoloxía complétase con titorías individualizadas, presenciais e en liña, que ofrecen orientación e seguimento personalizado. Algunhas materias inclúen prácticas de laboratorio en espazos equipados, permitindo un adestramento técnico supervisado.

O alumnado debe estar capacitado para manexar documentación científica en inglés, xa que gran parte do material de referencia está nesta lingua. Ademais, o Traballo de Fin de Máster, cunha carga de 19 créditos, iníciase en novembro e consistirá nun proxecto de investigación orixinal dirixido por un ou varios docentes, co obxectivo de introducir ao estudante na práctica investigadora.

As actividades formativas distribúense entre presenciais (clases, seminarios, prácticas, titorías e presentacións) e non presenciais (traballo autónomo, análise de textos, deseño de investigacións, participación en foros virtuais). A dedicación por materia respecta unha proporción entre 25 e 50 horas, segundo as competencias específicas de cada materia.

Avaliación da aprendizaxe

A avaliación no Máster segue unha metodoloxía uniforme, con pequenas variacións segundo as competencias e os obxectivos de aprendizaxe de cada materia. Valórase o rendemento e as habilidades adquiridas mediante unha combinación equilibrada de avaliación formativa e final. A avaliación formativa mide o esforzo e o progreso do alumnado, incentivando unha dedicación constante; mentres que a avaliación final permite valorar os resultados acadados.

O Traballo de Fin de Máster é avaliado por unha comisión que considera tanto a calidade da memoria escrita como a defensa pública. Os criterios inclúen a profundidade da introdución, a claridade dos obxectivos, a adecuación do deseño metodolóxico, a calidade da revisión bibliográfica, a coherencia do documento, o uso preciso da linguaxe científica, o respecto ás normas de estilo, a consideración de aspectos éticos e a capacidade de argumentación durante a exposición oral.

O nivel de aprendizaxe exprésase mediante cualificacións numéricas entre 0 e 10, que se incorporan ao expediente académico do estudante.

Prácticas externas

Non se contemplan prácticas externas. O indicador IN22 *“Relación porcentual entre os egresados dun título nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas en empresas e institucións, sobre o total de estudantes egresados nese título e nese mesmo*

curso académico foi do 0% entre o curso 2018/19 e 2023/24.

Traballos Fin de Máster (TFMs)

O Traballo de Fin de Máster (TFM; 19 ECTS) consiste na realización dun traballo orixinal experimental de iniciación á investigación no ámbito da Neurociencia vinculado a calquera das liñas de investigación ofertadas no Máster. Este proxecto inclúe actividades presenciais, como as sesións de tutorización individual, a realización do traballo de investigación e a súa presentación e defensa pública, así como actividades non presenciais, entre as que se atopan a revisión bibliográfica, o deseño da investigación, o tratamento estatístico dos datos, a interpretación dos resultados, a redacción do informe final e os ensaios para a defensa oral.

A distribución das horas entre actividades presenciais e non presenciais varía lixeiramente segundo o tipo de traballo desenvolvido. Algunhas das actividades de ensino, aprendizaxe e avaliación contan co apoio do Campus Virtual da USC, xestionado polo Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CETA), que ofrece recursos docentes en liña e soporte para cursos virtuais a través da plataforma WebCT.

A avaliación do TFM segue unha metodoloxía uniforme, con pequenas adaptacións segundo as competencias específicas de cada proxecto. Avaliarase o rendemento e as habilidades adquiridas mediante unha combinación equilibrada de avaliación formativa —que valora o esforzo e o progreso— e avaliación final —centrada nos resultados da aprendizaxe.

A defensa do TFM é avaliada por unha comisión, que terá en conta a calidade da memoria escrita e da exposición oral. Os criterios inclúen a claridade e profundidade da introdución, a definición dos obxectivos, a adecuación do deseño metodolóxico, a calidade da revisión bibliográfica, a coherencia e expresión do documento, o uso preciso da linguaxe científica, o respecto ás normas de estilo e a capacidade para argumentar e responder ás preguntas formuladas durante a defensa.

As cualificacións outórganse nunha escala numérica de 0 a 10 e quedan reflectidas no expediente académico do estudante. Ademais, garántese a igualdade de oportunidades e a accesibilidade universal para o alumnado con discapacidade, mediante as adaptacións curriculares necesarias e co apoio do Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) da Universidade de Santiago de Compostela.

Resultados da aprendizaxe

Ao rematar o mestrado, o estudantado adquire unha serie de competencias xerais como son: 1) Coñecer os fundamentos da Neurociencia e as materias da mesma obxecto do seu interese; 2) Coñecer e saber utilizar as técnicas experimentais dos campos da Neurociencia obxecto do seu interese; 3.- Posuír un grao de especialización, o que significa o coñecemento de problemas, teorías e técnicas específicas, en polo menos un campo da Neurociencia; 4) Saber ler e obter información relevante de publicacións científicas; 5) Saber aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos. (ou multidisciplinares) relacionados coa Neurociencia; 6.- Ser capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos; 7) Saber traballar en grupos de carácter multidisciplinar; 8) Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida auto dirixido ou autónomo.

Asemade, os estudantes tamén adquiren un conxunto de competencias específicas asociadas á Neurociencia Cognitiva, que resúmense nas seguintes: 1) Comprender as bases biolóxicas da cognición e das emocións con especial énfase en procesos de atención, aprendizaxe, memoria e control executivo, tendo en conta os cambios que se producen coa idade; 2) Coñecer os principais métodos empregados pola Neurociencia cognitiva actual, con especial acento nas técnicas psicofisiolóxicas, neuropsicolóxicas e de neuroimaxe. 3) Familiarizarse coas posibles aplicacións da Neurociencia cognitiva tanto para o estudo dos procesos normais como dalgúns patoloxías; 4) Integrar as bases

conceptuais e metodolóxicas da psiquiatría na investigación básica e clínica das patoloxías psiquiátricas e das condutas aditivas; 5) Alcanzar competencia específica no manexo da técnica dos potenciais evocados no estudo dos procesos psíquicos.

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

En canto aos datos para a USC, o indicador IN46 “*Satisfacción do alumnado coa docencia recibida*” presentou a evolución seguinte desde o curso 2018/19 ata o curso 2023/24 (sobre 5 puntos): 4.29 (18/19), 4.56 (19/20), 4.04 (20/21), 4.82 (21/22), 4.25 (22/23) e 4.05 (23/24). En canto ao indicador IN47 “*Satisfacción do profesorado coa docencia recibida*”, a evolución deste o curso 2018/19 ata o curso 2023/24 foi a seguinte (sobre 5 puntos): 4.4256 (18/19), 4.0391 (19/20), 4.2857 (20/21), 4.2909 (21/22), 4.5789 (22/23) e 4.3086 (23/24). Polo tanto, pódese concluír que polo menos no caso da USC tanto no estudantado como no PDI o grao de satisfacción é bastante elevado (sempre por riba dos 4 sobre 5 puntos). Na UDC, o alumnado está tamén moi satisfeito coa actuación do profesorado (6.5 sobre 7 puntos). Por outra banda, o grao de satisfacción do alumnado da UVIGO coa actividade docente do profesorado foi moi alto (5 sobre 5 puntos).

3.6.- Máster Universitario en Bioloxía Mariña

Normativas

As tres universidades que participan no Máster Universitario en Acuicultura contan con normativas de xestión académica propias destinadas a regular os procesos formativos de títulos deste nivel (USC: <https://www.udc.es/es/normativa/academica/>; UDC: <https://www.usc.gal/es/institucional/goberno/area/normativa/organización-docente>; UVigo: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/index?0%5Btable%5D=a&0%5Bfield%5D=id&0%5Bvalue%5D=DESC>). A memoria verificada do título, para garantir a obxectividade, a información e a transparencia, ten en conta estas normas, así como calquera outra instrución que sexa de aplicación.

Por outra banda, ademais destas normas xerais, o Máster Universitario en Acuicultura conta cunha normativa propia de aplicación nos casos das Prácticas Externas e do Traballo de Fin de Máster. O cumprimento de todas estas normas garante que os egresados adquiran todas as competencias previstas na memoria do título.

Admisión do estudantado

O máster, de carácter interuniversitario, ten un dobre obxectivo: proporcionar coñecementos de base e de perfeccionamento para profesionais en tarefas relacionadas coa Bioloxía Mariña, e formar persoal investigador para a súa incorporación a centros científicos ou equipos de investigación de organismos públicos, privados ou empresas. Os requisitos de acceso ao Máster son os fixados no artigo 16 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, modificado polo Real Decreto 861/2010. Para acceder aos ensinos oficiais de Máster será necesario estar en posesión dun título universitario oficial español ou outro expedido por unha institución de educación superior pertencente a outro Estado integrante do Espazo Europeo de Educación Superior que faculte no mesmo para o acceso a ensinos de Máster. Así mesmo, poderán acceder os titulados conforme a sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior sen necesidade da homologación dos seus títulos, previa comprobación pola Universidade de que aqueles acreditan un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois e que facultan no país expedidor do título para o acceso a ensinos de pos grao. O acceso por esta vía non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo de que estea en posesión o interesado, nin o seu recoñecemento a outros efectos que o de cursar os ensinos de Máster. Os estudantes estranxeiros de fala non hispana deberán acreditar que teñen os coñecementos lingüísticos suficientes para cursar o Máster ou, na súa falta, garantir a aprendizaxe do mesmo ao longo do curso mediante compromiso escrito de matrícula nos cursos de idiomas para estranxeiros ofrecidos pola Universidade, ou noutros equivalentes. En canto aos criterios específicos, establécese unha orde de preferencia nas titulacións de acceso: 1º Bioloxía e Ciencias do Mar; 2º titulacións de Ciencias Experimentais ou Ciencias da Saúde. A selección e

admisión dos estudantes realízase tras a pre inscrición, sendo avaliada cada solicitude polas Comisións Académicas universitarias segundo dous bloques principais: o *curriculum vitae* (ata o 90% da nota), que inclúe o expediente académico (ata o 65%, con preferencia para titulados en Bioloxía ou Ciencias do Mar), experiencia investigadora e profesional en bioloxía (ata o 15% cada unha), e outros méritos formativos (ata o 5%); e as cartas de interese (ata o 10% da nota), que comprenden unha declaración persoal (ata o 5%) e unha carta de recomendación (ata o 5%). Opcionalmente, realízase unha entrevista persoal para valorar o interese do candidato, resolver dúbidas ou desempatar puntuacións. Ademais, téñense especialmente en conta as necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade. No curso 2023/24 ofertáronse 30 prazas (10 na USC, 10 na UDC e 10 na UVigo), sendo 26 os/as estudantes de primeira matrícula (8 na USC, 9 na UDC e 9 na UVigo). No caso da USC, a matrícula global foi de 17 estudantes, e rexistráronse 49 pre inscricións.

Aplicación de normativas predefinidas

A transferencia e recoñecemento de créditos no máster realízase segundo o establecido no artigo 6 do Real Decreto 1393/2007, modificado polo RD 861/2010, e conforme ás normativas propias das universidades participantes (UVigo, UDC e USC). A USC conta cunha normativa de recoñecemento de estudos e competencias (Entrada en vigor o 1/02/2025) froito dun Acordo do Consello de Goberno do 24-07-2024, que aprobou o "regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de Grao e Máster da USC". Tamén existe unha resolución reitoral do 5 de febreiro de 2025 pola que se desenvolve o "Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de grao e máster da USC, de 24 de xullo de 2024, en materia de recoñecemento de actividades e polo que se publica o catálogo de actividades susceptibles de recoñecemento e a súa equivalencia en créditos". A Comisión Académica do Máster é a encargada de valorar as solicitudes de recoñecemento, tendo en conta a equivalencia entre as competencias e coñecementos das materias cursadas e as do plan de estudos, ou o seu carácter transversal. Os créditos recoñecidos e transferidos inclúense no expediente académico e no Suplemento Europeo ao Título. Non se recoñecen créditos procedentes de ensinanza superior non universitarias, títulos propios nin experiencia profesional. Ademais, non se admite o recoñecemento de créditos correspondentes ao Traballo Fin de Máster, e en todo caso, aplícase o disposto no Real Decreto 1618/2011 sobre recoñecemento de estudos no ámbito da educación superior. No curso 2023/24 non houbo ningunha incidencia na aplicación das distintas normativas predefinidas no Máster en Biodiversidade Terrestre. Por exemplo, a normativa de permanencia e a de transferencia e recoñecemento de créditos, establecidas pola USC, aplicouse correctamente.

Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación

A Comisión Académica Interuniversitaria valora, no caso de que haxa prazas vacantes e sexa admitido alumnado de outras titulacións de ciencias, a necesidade de cursar complementos formativos, que en todo caso serán materias dos Graos de Bioloxía da UDC, USC ou UVIGO. No curso 2023/24 non se deu esta casuística no Máster, nin foron contemplados complementos formativos, cursos de adaptación ou de nivelación.

Orientación académica

No primeiro día de clase realizouse unha sesión inicial de benvida xeral os alumnos matriculados nas tres universidades, na que participaron o coordinador xeral do mesmo e os coordinadores da USC e UDC. Nesta sesión comentáronse cuestións relativas a Comisión Académica do Máster e coordinadores da UVIGO, a USC e a UDC, o plan de estudos e programación docente (estrutura, guías docentes, horarios e calendarios). Con posterioridade a esta reunión, o coordinador da USC e a Secretaria da Comisión Académica celebraron unha sesión cos alumnos/as matriculados na USC para explicarlles en detalle todo o relativo as Prácticas Externas e Traballo Fin de Máster.

Programas de mobilidade: Entrante e saínte

Na USC, a porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (IN08), este foi do 5.88% no curso 2023/24, namentres que a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (IN09) foi do 76.47.

En canto á mobilidade dos/as estudantes esta está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través da Oficina de Relacións Exteriores xestiónanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extra comunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa). A mobilidade entrante e saínte é moi reducida no Máster. A modo de exemplo, no caso da USC esta foi a evolución do indicador sobre a mobilidade allea IN18 (Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados) nos últimos anos: 0.0 (2018/19), 0.0 (2019/20), 0.0 (2020/21), 0.0 (2021/22), 6.25 % (2022/23) e 0.0 (2023/24). Non existen datos de mobilidade saínte.

Metodoloxía de ensinanza

Segundo consta na memoria do título, no Mestrado Universitario en Bioloxía Mariña empréganse metodoloxías docentes diversas e complementarias que combinan clases maxistras, seminarios, resolución de casos prácticos, traballos tutelados (individuais e en grupo), orientación personalizada e tutorías colectivas, así como prácticas en aulas de informática e en entidades colaboradoras mediante convenios específicos. Os estudantes participan activamente en actividades formativas e profesionais, incluíndo a realización dun Traballo Fin de Mestrado (TFM) guiado por un titor interno e outro externo, baseado preferentemente no método científico, que inclúe a xustificación, metodoloxía, resultados e discusión comparativa con estudos similares.

Avaliación da aprendizaxe

Os sistemas de avaliación empregados no Mestrado en Bioloxía Mariña están descritos da memoria do título. Estes baséanse nun sistema continuo e integral que contempla a asistencia, actitude, participación activa e traballo do alumnado nas distintas actividades formativas (aula, laboratorio, saídas de campo, seminarios e tutorías), así como a entrega e/ou exposición de traballos, informes e proxectos, valorando a calidade da redacción, a revisión bibliográfica e a iconografía. Ademais, realízanse probas escritas e orais para avaliar a adquisición de coñecementos teóricos e a capacidade de análise e relación, mediante diferentes formatos (test, ensaio, preguntas curtas, resolución de casos). A avaliación inclúe tamén a presentación e defensa de informes de prácticas e do Traballo Fin de Mestrado (TFM), cuxa calidade será valorada por un tribunal académico interuniversitario, tendo en conta tanto a memoria escrita como a exposición oral, así como os informes dos titores internos e externos. Finalmente, poderá realizarse unha proba final integradora ao longo do curso ou xunto coa proba escrita final. En cada materia do mestrado, a avaliación do proceso de aprendizaxe do estudantado faise por medio do sistema de avaliación incluído en cada guía docente (que é específico para as competencias contempladas nas mesmas) e por medio da avaliación de competencias que fan os Titores Externos das PE, os titores do TFM e a futura enquisa que se enviará os alumnos que vaian obtendo o título no futuro.

Prácticas externas

Debido ao perfil duplo do Máster Interuniversitario en Bioloxía Mariña (MBM), a Comisión Académica propón diferentes opcións de prácticas externas vinculadas á orientación cursada, permitindo ao alumnado desenvolver un itinerario profesionalizante ou académico-investigador. Estas prácticas, obrigatorias e cunha carga de 18 ECTS (450 horas), realízanse no primeiro semestre do segundo curso e están orientadas a complementar a formación académica mediante a integración en entidades públicas ou privadas, baixo a supervisión dun titor externo e dun titor académico. Preténdese promover a análise crítica a través da exposición a problemas reais no ámbito das empresas e laboratorios mariños. Os estudantes que opten polo perfil profesional poden realizar as prácticas en empresas do sector. A asignación das prazas faise en réxime de concorrencia competitiva, valorando o mérito e a capacidade dos solicitantes, e a súa xestión está coordinada polas Comisións Académicas (CA-MBM). O calendario inclúe fases de contacto con entidades (outubro-maio), publicación de ofertas e solicitude (xuño), resolución e asignación (xullo) e desenvolvemento das prácticas (setembro-xaneiro). A avaliación baséase nun informe do titor externo

(70%) e outro do titor académico (30%), ademais da memoria de prácticas elaborada polo estudante, que debe seguir un formato específico e incluír datos da entidade, actividades realizadas, formación recibida e valoración persoal. A normativa tamén recolle modelos de documentos e establece que calquera situación non prevista será resolta polas CA-MBM conforme ao RD 592/2014 e ás normativas internas das universidades.

Traballos Fin de Máster (TFMs)

O Traballo Fin de Máster (TFM) é unha materia obrigatoria de 12 ECTS que debe realizarse na fase final do máster, unha vez superadas todas as materias do primeiro ano e as prácticas externas do segundo. Trátase dun traballo orixinal, individual e de síntese, no que o estudante aplica os coñecementos adquiridos ao longo do máster mediante a planificación, estruturación e desenvolvemento dun proxecto baixo a supervisión dun titor académico (e opcionalmente un co titor externo). Se o perfil é académico-investigador, o titor debe ser un doutor designado pola Comisión Académica do Máster. A proposta, elaboración, presentación e defensa do TFM está regulada por un calendario anual: en abril-maio explóranse propostas, en xuño-setembro formalízanse, e de setembro a xaneiro desenvólvese o traballo. A memoria debe ter entre 25 e 35 páxinas, presentarse en formato electrónico e impreso, e a defensa consiste nunha exposición oral de ata 20 minutos ante un tribunal avaliador. A avaliación repártese entre o titor (50%) e o tribunal (50%), baseándose en rúbricas que valoran contido, presentación escrita e defensa oral. Os estudantes que non superen o TFM reciben un informe coas melloras necesarias. A normativa inclúe tamén modelos de documentos e instrucións de presentación. No caso da sede da USC do Máster Universitario en Bioloxía Mariña, no curso 2023/24 foron presentados 9 TFMs no, dos cales 3 foron defendidos en febreiro, 5 en xuño e 1 en novembro.

Resultados da aprendizaxe

O/a estudante deberá cursar os seguintes créditos para obter a titulación:

- Obrigatorios: 42 ECTS
- Optativos: 18 ECTS
- Prácticas Externas Obrigatorias: 6 ECTS
- Traballo Fin de Máster: 24 ECTS
- Total: 90 ECTS.

Os resultados da aprendizaxe que se esperan dos estudantes egresados unha vez finalizado o programa formativo, organízanse en dúas categorías principais: competencias xerais e competencias específicas. As competencias xerais inclúen habilidades transversais como a capacidade de análise e síntese, resolución de problemas con criterios científicos, aplicación de coñecementos en contextos novos e multidisciplinares, traballo en equipo, xestión e interpretación de información, uso de técnicas analíticas no laboratorio e no medio natural, manexo de ferramentas estatísticas e informáticas, e elaboración e defensa de informes técnicos. Pola súa banda, os resultados da aprendizaxe específicos divídense en dúas subcategorías: coñecemento, que abrangue aspectos como a oceanografía físico-química, biodiversidade mariña, interaccións ecolóxicas, metodoloxía científica, sustentabilidade, biotecnoloxía mariña e cartografía; e habilidades, que inclúen desde a planificación e xestión do litoral, conservación de ecosistemas, control de calidade ambiental e sanitario, ata a dirección de instalacións de acuicultura, museos mariños, programas de divulgación e elaboración de informes técnicos e socioeconómicos no ámbito mariño. Estes resultados da aprendizaxe garanten que os estudantes egresados estean preparados para afrontar os retos profesionais e científicos no ámbito mariño e costeiro.

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

En xeral, valoración dos alumnos/as doas Prácticas externas e TFM foi aceptable, aínda que é un aspecto no que o Máster debe mellorar en conxunto. Así, na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación os ítems implicados recibiron as seguintes puntuacións: 1) a oferta de prácticas é atractiva (3,28 sobre 5), 2) a xestión do TFM é axeitada (3,44 sobre 5), 3) a oferta dos TFM é interesante (3,48 sobre 5).

O grao de satisfacción do profesorado coa titorización dos TFM foi elevada (4,67 sobre 5). Neste sentido, os informes dos titores (externos e académico) dos Traballo Fin de Máster mostraron valoracións elevadas, en todos los casos por encima de 4 sobre 5, indicativos da implicación dos alumnos/as na realización dos traballos.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

4.1. Persoal académico.

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:

4.1.1. Suficiencia e adecuación: mantemento, cando menos, dos criterios incluídos nas memorias de verificación.

4.1.2. Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.

4.1.3. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos á contorna de traballo.

4.1.4. Formación do profesorado e mobilidade.

4.1.5. Actividade investigadora.

4.1.6. Detección de necesidades de persoal académico.

4.2. Persoal de apoio.

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio

4.2.1. Suficiencia e adecuación: mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.

4.2.2. Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.

4.2.3. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.

4.2.4. Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

4.1.- Persoal académico

O nivel de suficiencia e adecuación do cadro de profesorado que imparte docencia nas titulacións oficiais adscritas á Facultade de Bioloxía é bo, tal e como indican os informes externos de re verificación das titulacións de grao e máster que participaron nese proceso, así como a verificación de dous títulos novos. Non obstante, o descenso no número de profesores que se ven dando nos últimos cursos, sobre todo debido a xubilacións, está provocando que nalgúns áreas de coñecemento a dedicación docente do profesorado sexa moi elevada, estando no límite das súas capacidades docentes. De feito, durante a elaboración da memoria da 3ª edición do Grao en Bioloxía, que tivo que ser reformado como consecuencia do RD822/21 de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e de procedemento do aseguramento da súa calidade, as fichas do apartado "*Detalle del profesorado asignado al título por áreas de conocimiento*" indicaban que a maior parte das áreas presentaban suficiente profesorado altamente especializado e formado para impartir as materias do Grao en Bioloxía, pero algunhas áreas, como por exemplo Fisioloxía Vexetal (ECTS a impartir/ECTS dispoñibles: 16.5/13.3), Xenética (ECTS a impartir/ECTS dispoñibles: 20.25/11.3) ou Zooloxía (ECTS a impartir/ECTS dispoñibles: 24/-11.1), presentan un déficit moi puntual. Polo tanto, compre recordar a necesidade de incrementar o profesorado, non só a curto prazo nestas áreas xa deficitarias na actualidade, senón tamén a medio prazo en todas as áreas de coñecemento, xa que a media de idade do profesorado que imparte docencia nas distintas titulacións do centro é elevada. É necesario tamén subliñar que as áreas de coñecemento que participan na docencia do Centro teñen capacidade de captación e formación de profesorado universitario, como así o indica a participación na docencia de contratados posdoutorais de distintos programas (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Marie Curie e outros programas do Ministerio e da Xunta de Galicia) e pre doutorais (Ministerio e Xunta de Galicia). Sen embargo, este proceso de incorporación

de novo profesorado é lento, o que dificulta compensar o descenso causado polas xubilacións. Polo tanto, en concordancia co noso obxectivo de mellorar a calidade da docencia, o centro apoia as solicitudes de PDI realizadas polos departamentos que son os que teñen o encargo do desenvolvemento da docencia. Sen embargo, cómpre subliñar que o establecemento do plan de contratación para dotarse de profesorado suficiente é dependente do Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador da USC, que ten encomendadas a avaliación das necesidades de persoal docente e investigador, a elaboración e mantemento da relación de postos de traballo e a xestión integrada dos diferentes procedementos de selección e provisión de postos de persoal docente e investigador, tanto funcionario como contratado. A continuación farase unha análise polo miúdo nos diferentes graos e mestrados do persoal académico.

4.1.1.- Grao en Bioloxía

Suficiencia e adecuación

No curso 2023/24 o profesorado que participou no título contou co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a súa impartición e foi suficiente e acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada para atender a todos os estudantes. No caso do Grao e Bioloxía, a cualificación docente e investigadora do persoal académico responsable da docencia do título é boa, cun perfil adecuado.

Tipoloxía

Segundo os datos subministrados polo indicador E.15 Plan de ordenación docente: información sobre o profesorado 2022/2023, dependente da ACMP, o Grao en Bioloxía contou no curso 2022/2023 cun total de 33 docentes na 1ª edición (debido a que é un Grao en extinción) e 97 docentes na 2ª edición. No curso 2023/24, o número de docentes na 2ª edición do Grao en Bioloxía foi de 119 docentes, o que supón un incremento en comparación co curso precedente.

Tendo en conta os datos subministrados para a 2ª edición do G. Bioloxía, a evolución da tipoloxía do profesorado do título nos cursos 2022/23 e 2023/24 foi a seguinte: 20→27 catedráticos (20,62 %→23,48%), 25→25 foron titulares (25,77 →21,74%), 10→12 contratados doutores (10,31 → 10,43%), 1 →5 profesor axudante doutor LOU (1,03 → 4,35%), 4 →5 posdoutorais da Xunta de Galicia (4,12 → 4,35%), 3 →4 foron posdoutorais (outros) (3,09 → 3,48%), 9 → 11 Predoutorais do Ministerio (9,28 →9,57 %), 6 → 4 predoutoral da Xunta (6,19 → 3,48%), 3 → 6 foron Predoutorais USC (3,09 → 5,22%), 2 → 3 Predoutorais doutoramento industrial (2,06 → 2,61 %), 1 → 0 Investigador/a Programa Juan de la Cierva (1,03 → 0%), 1 → 0 Investigador/a Sara Borrell (1,03 → 0%), 1 → 0 investigador/a JIN (1,03 →0%), 1→0 Investigador/a do Programa Marie Curie (1,03 → 0%), 1 → 3 Investigadores/as do programa Ramón y Cajal (3,09 → 2,61%), 2 → 6 investigadores/as distinguidos/as (2,06 → 5,22%), 4 → 1 investigador/a Posdoutoral USC Campus Terra (1,03 → 0,87%) e 4 → 0 profesores/as interinos/as de substitución (4,12 → 0 %) (indicadores E.15 Plan de ordenación docente: información sobre o profesorado 2022/2023 e 2023/2024, ACMP). En conclusión, a cualificación do profesorado do Grao en Bioloxía é considerada boa e adecuada, cun incremento no número total de docentes entre os cursos 2022/23 e 2023/24, especialmente na 2ª edición do grao. Observouse un aumento de catedráticos e investigadores distinguidos, así como unha maior presenza de profesorado novo en formación (como Predoutorais e axudantes doutores), o que reflicte unha combinación equilibrada entre experiencia e renovación. Porén, tamén se detecta unha desaparición dalgúns perfís investigadores específicos (como os programas Juan de la Cierva, Sara Borrell ou Marie Curie), o que podería indicar unha reestruturación ou cambio nas fontes de financiamento e captación de talento investigador.

A porcentaxe de profesorado funcionario sobre o PDI total foi do 72.83 % na 1ª ed. do Grao en Bioloxía (indicador IN26G, panel de indicadores) tivo a seguinte evolución: 78.63 (2016/17), 75.89 (2017/18), 73.58 (2018/19), 78.18 (2019/20), 73.63 (2020/21), 69.57 (2021/22) e 72.83 (2022/23). No caso da 2ª ed. do Grao de Bioloxía, a porcentaxe de profesorado

funcionario sobre o PDI total (indicador IN26G, panel de indicadores) sufriu a seguinte evolución: 73.08 % (2020/21), 72.6 % (2021-22), 77.94 % (2022-23) e 73,97% (2023-24). Polo tanto, a porcentaxe de profesorado funcionario no Grao en Bioloxía mantívose maioritariamente elevada ao longo dos anos, tanto na 1ª como na 2ª edición, o que reflicte unha estabilidade e consolidación do cadro docente. Na 1ª edición, a porcentaxe oscilou entre o 69,57 % e o 78,63 % entre os cursos 2016/17 e 2022/23, mentres que na 2ª edición, entre 2020/21 e 2023/24, variou entre o 72,6 % e o 77,94 %. Esta tendencia amosa unha lixeira oscilación anual, pero sempre dentro de valores que indican unha presenza maioritaria de profesorado funcionario, o que contribúe á continuidade, calidade e experiencia na docencia do título. Estes profesores/as pertencen a moi diversas áreas de coñecemento e presenta a seguinte experiencia docente e investigadora (ver **Táboa seguinte**).

Táboa. Número de profesores/as e experiencia docente ⁽¹⁾ número de quinquenios) e investigadora ⁽²⁾ número de sexenios) do profesorado das distintas áreas de coñecemento que impartiron docencia na 2ª edición do Grao en Bioloxía no curso 2023/24. Só poden solicitar quinquenios e sexenios os catedráticos/as de universidade, os profesores/as titulares de universidade e os profesores/as contratados/as doutores/as. A información contida en dita táboa procede do indicador E.15, proporcionado pola ACMP; dita información non é completa.

GRAO EN BIOLOXÍA (2ª ed; curso 2023-2024)

Área de coñecemento	Nº prof.	Experiencia docente ⁽¹⁾	Experiencia investigadora ⁽²⁾
Análise Matemática	1	0	0
Antropoloxía Física	2	10	5
Bioloxía Celular	17	26	23
Bioquímica e Bioloxía Molecular	10	32	20
Botánica	7	29	16
Ecoloxía	13	21	20
Edafoloxía e Química Agrícola	12	39	32
Estatística e Investigación Operativa	2	12	3
Física Aplicada	5	10	6
Fisioloxía	11	23	23
Fisioloxía Vexetal	5	17	13
Matemática Aplicada	1	0	0
Microbioloxía	13	34	31
Parasitoloxía	1	6	6
Química Orgánica	6	6	8
Xenética	7	21	18
Zooloxía	6	27	19
TOTAL	119	313	243

A táboa anterior amosa unha ampla diversidade de departamentos e áreas implicadas na docencia do Grao en Bioloxía (2ª edición), cun total de 119 docentes pertencentes a 17 áreas, o que subliña a diversidade de coñecementos que son adquiridos polo estudiantado na titulación. Destaca a forte presenza dos departamentos de Bioloxía Funcional e Bioquímica e Bioloxía Molecular, que concentran o maior número de profesorado e tamén presentan altos niveis de experiencia docente

e investigadora. En xeral, a maioría das áreas contan cun profesorado con ampla experiencia investigadora e docente. Esta distribución evidencia unha estrutura docente interdisciplinar e ben consolidada, con profesionais experimentados que contribúen á calidade formativa do grao.

En canto aos indicadores IN24 (Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios, IN25 (Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total), e IN26 (Porcentaxe de PDI funcionario sobre PDI total), dentro do panel de indicadores para a 2ª ed do Grao en Bioloxía 2023/24, a evolución foi a seguinte (ver táboa):

Indicador	Definición do indicador	20/21	21/22	22/23	23/24	Media da área no curso 23/24	Media da USC no curso 23/24
IN24G	Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total	95.77	95.45	100.0	96.92	95.99	86.46
IN25G	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	98.72	95.89	97.06	98.63	98.6	83.26
IN26G	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	73.08	72.6	77.94	73.97	81.49	52.80

En conclusión, os indicadores IN24G, IN25G e IN26G para a 2ª edición do Grao en Bioloxía no curso 2023/24 reflicten un cadro docente altamente cualificado e consolidado. A porcentaxe de PDI con sexenios (IN24G) mantense moi elevada, superando o 95 % en todos os cursos e acadando o 100 % en 2022/23, o que evidencia unha intensa actividade investigadora recoñecida. A porcentaxe de PDI doutor (IN25G) tamén é moi alta, sempre por riba do 95 %, o que garante unha sólida formación académica do profesorado. A porcentaxe de PDI funcionario (IN26G), aínda que algo máis variable, mantense estable arredor do 73-78 %, o que indica unha boa estabilidade laboral e institucional do persoal docente. En conxunto, estes datos apuntan a un cadro de PDI suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes, así como con ampla experiencia investigadora, alta cualificación académica e estabilidade profesional. Polo tanto, a universidade está facer efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Se nos enfocamos agora no perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso do grao en Bioloxía (2ª ed), este pode verse na Táboa seguinte. O perfil do profesorado asignado ao primeiro curso do Grao en Bioloxía (2ª edición) no curso 2023/24 presentado na táboa destaca por unha ampla variedade de categorías profesionais, desde profesorado funcionario (como titulares e catedráticos) ata investigadores de programas competitivos (Ramón y Cajal, Juan March, Xunta, etc.). As materias de “Bioloxía da Célula” e “Bioloxía de Tecidos e Órganos”, ambas da área de Bioloxía Celular, destacan por unha notable diversidade de perfís, con 9 e 6 docentes de distintas categorías e niveis variados de experiencia docente e investigadora, respectivamente.

En contraposición, certas materias como Bioestatística, Matemáticas ou Fundamentos de Bioloxía Animal e Vexetal presentan un baixo número de perfís docentes (1-2). O resto das materias sitúanse entre 3-4 perfís docentes: Bioquímica I, Caracterización do Medio Físico, Biofísica, Química para Bioloxía ou Xeoloxía. Salvo a materia de Matemáticas para Bioloxía, que está cuberta por profesores sen apenas experiencia docente ou investigadora, o resto das materias en primeiro o están por profesorado con perfís consolidados combinado con outros en formación ou vinculados á investigación, o que contribúe a unha docencia con base científica sólida e actualizada.

En canto ao perfil do persoal académico asignado a prácticas externas ou ao Traballo Fin de Grao, non temos datos dispoñibles para subministrar dita información.

Táboa. perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado de Bioloxía (2ª ed), curso 2023/24. Datos procedentes do INF.E15. Información sobre o profesorado. Plan de Ordenación docente (ACMP)

Código	Materia	Categoría	Nº	Exp. docente	Exp. investigadora
G1022101	Matemáticas para Bioloxía	Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	1	0	0
		Profesor/a: Profesor Interino/a de substitución	1	0	0
G1022104	Xeoloxía	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	2	10	9
		Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	6	2
G1022105	Bioloxía da Célula	Profesor/a: Titular de Universidade	1	4	4
		None	2	0	0
		Posdoutoral_outros	1	0	0
		Predoutoral Ministerio	2	0	0
		Predoutoral USC	1	0	0
		Predoutoral Xunta	1	0	0
		Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	5
		Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	1	2	2
G1022106	Fundamentos de Bioloxía Animal e Vexetal	Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	4	2
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	5	4
G1022107	Bioestatística	Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	1	0	0
G1022108	Bioloxía de tecidos e órganos	Profesor/a: Titular de Universidade	3	16	8
		Profesor/a: Titular de Universidade	2	12	3
		None	2	0	0
		Posdoutoral_outros	2	0	0
G1022110	Química para Bioloxía	Predoutoral Ministerio	5	0	0
		Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	5
		Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	4	2
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	5	4
G1022111	Biofísica	Predoutoral USC	2	0	0
		Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	5
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	0	3
		Posdoutoral Xunta	2	0	0
G1022112	Bioquímica biomoléculas e enzimoloxía	Predoutoral Doutoramento Industrial	1	0	0
		Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	4	4
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	2
		Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	5
		Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	3	1

G1022113	Caracterización do Medio Físico para Bioloxía	Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	2
		Investigador/a: Ramón y Cajal	1	0	0
		Predoutoral Ministerio	1	0	0
		Predoutoral_Doutoramento Industrial	1	0	0
		Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	2	9	9

Indicadores de satisfacción

A análise da evolución da satisfacción do profesorado (PDI) co Grao en Bioloxía entre os cursos 2020/21 e 2023/24, segundo o informe 2504140_INF.23_2023_2024, revela unha tendencia xeral á baixa nas puntuacións medias das distintas dimensións avaliadas. A valoración global pasou de 4.48 en 2020/21 a 4.02 en 2023/24, cun incremento oposto na participación de 18.18% en 2020/21 a 30.58% en 2023/24. Aínda que a satisfacción segue sendo positiva (a valoración é sobre 5 puntos), esta caída progresiva reflicte un certo desgaste na percepción do profesorado sobre a titulación. As porcentaxes de cambio nas puntuacións de satisfacción do profesorado (PDI) co Grao en Bioloxía entre os cursos 2020/21 e 2023/24, ordenados de maior a menor descenso, foron as seguintes:

- As vías para participar na mellora da calidade son axeitadas? -16.42 %
- Os horarios existentes son axeitados? -15.98 %
- Coordinación do profesorado na organización do título -15.97 %
- O estudantado acode con regularidade ás clases? -15.50 %
- O estudantado está satisfeito coa titulación? -12.82 %
- A carga de traballo está ben distribuída? -11.53 %
- En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación -10.44 %
- O calendario de probas de avaliación é razoable? -10.40 %
- Valoración global -10.27 %
- Os recursos educativos dispoñibles son axeitados? -10.11 %
- A titulación está ben organizada? -10.00 %
- Atención do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos -9.20 %
- Información sobre a titulación (organización, plan de estudos, competencias) -9.05 %
- O estudantado implícase na titulación? -9.00 %
- O campus virtual facilita o labor docente -8.61 %
- A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos -8.47 %
- Calidade docente da titulación -8.00 %
- O estudantado cumpre coa planificación académica sen problemas -7.06 %
- As aulas e o seu equipamento son axeitados para o labor docente -6.57 %
- O estudantado recibe formación en competencias profesionais axeitada -1.25 %

Como se pode observar, todos os indicadores presentan unha diminución, sendo especialmente destacables os relacionados coa participación na mellora da calidade, os horarios, a coordinación docente e a asistencia do estudantado. Só a formación en competencias profesionais mantense practicamente estable.

En canto as valores absolutos no informe 2504140_INF.23_2023_2024, no curso 2023/24 as valoracións do profesorado (PDI) sobre o Grao en Bioloxía mantéñense en niveis aceptables, pero con puntuacións inferiores ás de anos anteriores. Os aspectos mellor valorados foron a atención do persoal técnico e de xestión (4.54; sobre 5 puntos), o campus virtual

(4.46) e a calidade docente da titulación (4.14). Con todo, varios indicadores clave presentan puntuacións por debaixo de 4, como a coordinación docente (3.84), a distribución da carga de traballo (3.76), os horarios (3.89) e a participación na mellora da calidade (3.97), que son xusto os aspectos que maior baixada porcentual teñen como acabamos de ver. A percepción sobre o estudantado tamén é moderadamente baixa, especialmente en asistencia ás clases (3.38) e implicación (3.64).

Estas valoracións suxiren que, aínda que a base da titulación é sólida, existen áreas que requiren atención. É recomendable reforzar a coordinación entre os docentes, revisar a planificación académica para mellorar a distribución da carga e os horarios, e fomentar a participación activa do profesorado nos procesos de mellora. Ademais, sería útil implementar estratexias que aumenten a motivación, asistencia a clase e implicación do estudantado, como metodoloxías máis participativas ou accións de seguimento académico.

Queixas e suxestións

As áreas de coñecemento que participan na docencia do Centro teñen capacidade de captación e formación de profesorado universitario, como así o indica a participación na docencia de contratados posdoutorais de distintos programas (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Marie Curie e outros programas do Ministerio e da Xunta de Galicia) e Predoutorais (Ministerio e Xunta de Galicia). Sen embargo, este proceso de incorporación de novo profesorado é lento e estase a facer moitas veces con persoal focalizado na investigación que non cubre as 240 horas de docencia anuais, o que dificulta compensar o descenso causado polas xubilacións.

Por outro lado, e en concordancia co noso obxectivo de mellorar a calidade da docencia, o centro apoia as solicitudes de PDI realizadas polos departamentos/áreas que teñen o encargo do desenvolvemento da docencia no grao. Sen embargo, cómpre indicar que o establecemento do plan de contratación para dotarse de profesorado suficiente non depende da facultade senón do Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador da USC, que ten encomendadas a avaliación das necesidades de persoal docente e investigador, a elaboración e mantemento da relación de postos de traballo e a xestión integrada dos diferentes procedementos de selección e provisión de postos de persoal docente e investigador, tanto funcionario como contratado.

Formación

En canto a si a institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente e investigadora, a análise da táboa seguinte revela que a participación do profesorado en programas de formación foi relativamente baixa e oscilante nos cursos analizados. No Grao en Bioloxía, a porcentaxe de PDI participante diminuíu progresivamente desde os cursos 2019/2020 e 2020/21 (momento da pandemia na que moitos profesores tiveron que formarse en diferentes tecnoloxías) ata o curso 2023/24 (17,17% 1ª ed e 15,28% 2ª ed). Co fin de poder comparar, os valores de participación do profesorado en programas de formación no Grao de Biotecnoloxía foron lixeiramente superiores aos do Grao de Bioloxía, pero seguiron a mesma tendencia temporal. Esta baixa participación do profesorado en cursos de formación docente poden deberse a varios factores, entre os que destacan a elevada carga de traballo docente e investigadora, a falta de incentivos ou recoñecemento institucional, ou unha oferta formativa que non sempre se adapta ás necesidades reais do profesorado. Ademais, a fatiga acumulada tras o esforzo formativo durante a pandemia, e a escasa flexibilidade horaria ou de formato dos cursos que resultan interesantes para o PDI (e que polo tanto esgotan as prazas dispoñibles pronto), poden contribuír a esta tendencia descendente. Para revertela, sería recomendable revisar e adaptar a oferta formativa e establecer mecanismos de recoñecemento que motiven a participación activa do profesorado. En canto á valoración que fai o PDI da USC destes cursos de formación, esta é moi alta: “Valora a túa

satisfacción xeral do curso". 4.59/5 puntos (Taxa de participación do 44.09%; 5010_INF.10_2023-2024).

Táboa. Participación do PDI nos plans de formación. Facultade de Bioloxía Curso 2023-2024. Datos procedentes do informe I6-17 (ACMP)

PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO TÍTULO NOS PLANS DE FORMACIÓN	Porcentaxe de PDI que realizou algún curso					
	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Grao en Bioloxía	16,90%	37,50%	34,40%	15,17%	17,79%	17,17%
Grao en Bioloxía (2a ed)	-	-	30,48%	14,42%	19,66%	15,28%
Grao en Biotecnoloxía	16,00%	47,83%	41,18%	21,50%	30,22%	18,66%

Mobilidade

En canto á participación do profesorado en programas de mobilidade (ver Táboa a continuación), no Grao de Bioloxía as porcentaxes varían entre o 1,79% (1ª ed, curso 21/22) e o 4,79% (2ª ed, curso 21/22) ou 5,04% (2ª ed, curso 23/24). Polo tanto, porcentaxes moi baixas e comparables as do Grao de Biotecnoloxía (3,33% no curso 21/22 e 5,45% no curso 23/24). Esta escasa implicación pode limitar a internacionalización do título, a proxección académica do profesorado e o intercambio de boas prácticas docentes e investigadoras. Esta baixa participación do profesorado en programas de mobilidade pode deberse á elevada carga docente e investigadora, á falta de incentivos claros, as trabas administrativas ou ao descoñecemento das convocatorias. Esta situación limita a internacionalización do título e o intercambio de boas prácticas, polo que sería conveniente promover medidas que faciliten e valoren estas estadias.

Táboa. Porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do Título. Curso 2023-2024. informe I-10 (ACMP).

Código RUCT	Plan	2018-2019		2019-2020		2020-2021		2021-2022		2022-2023		2023-2024	
		Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total
2501101	Grao en Bioloxía	-	-	-	-	-	44	1,79%	56	-	33	-	1
2503766	Grao en Biotecnoloxía	-	-	-	-	-	67	3,33%	90	-	100	5,45%	110
4310650	Máster Universitario en Neurociencia (2a ed)	4,08%	49	-	-	2,56%	39	-	38	-	36	-	38
4311748	Máster Universitario en Biodiversidade e Conservación do Medio Natural	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
4310351	Máster Universitario en Acuicultura (3a ed)	-	-	-	-	-	32	-	27	-	29	5,56%	18
4311780	Máster Universitario en Medio Ambiente e Recursos Naturais	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
4312997	Máster Universitario en Bioloxía Mariña	10,53%	19	-	-	-	12	-	11	-	9	-	10
4316672	Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión	-	-	5,26%	38	-	28	8,33%	24	-	27	11,54%	26
2504140	Grao en Bioloxía (2a ed)	-	-	-	-	-	-	4,17%	72	-	97	5,04%	119

Actividade investigadora

Como comentouse na primeira das táboas, os 119 profesores das áreas implicadas na docencia do Grao en Bioloxía contan teñen unha ampla experiencia investigadora, como o indica o N° de sexenios acumulados por estes (243) no curso 2023/24. A evolución do indicador IN24G (Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total; panel de indicadores, 2504140 - Grao en Bioloxía 2ª ed) foi a seguinte: 95.77% (2020/21), 95.45 % (2021/22), 100.0% (2022/23), 96.92 % (2023/24). Isto indica que o profesorado implicado na docencia do Grao en Bioloxía mantén un altísimo nivel de actividade investigadora, como reflicte a elevada porcentaxe de PDI con sexenios recoñecidos ao longo dos últimos cursos. A estabilidade deste indicador, con valores sempre por riba do 95% e chegando ao 100% no curso 2022/23, evidencia unha consolidación da traxectoria investigadora do cadro docente e unha incorporación no curso 2023/24 de novo PDI (con menor número de sexenios) sumado a certas xubilacións. Este feito non só garante unha docencia actualizada e baseada na evidencia científica, senón que tamén contribúe a reforzar a calidade e prestixio do título, ao contar cun profesorado

altamente cualificado e recoñecido no ámbito da investigación.

Detección de necesidades de persoal académico

Como acabamos de ver, o profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada, tal e como indican tamén os informes externos de re verificación da titulación. Non obstante, o descenso no número de profesores que se ven dando nos últimos cursos nalgúns áreas, sobre todo debido a xubilacións, está provocando que a dedicación docente do profesorado sexa moi elevada, estando no límite das súas capacidades docentes. De feito, durante a elaboración da memoria da 3ª edición do Grao en Bioloxía, que entrou en funcionamento no curso 2024/25 e substituíu a 2ª ed do Grao en Bioloxía como consecuencia do RD822/21 de 28 de setembro, evidenciouse nas fichas do apartado “*Detalle del profesorado asignado al título por áreas de conocimiento*” que a maior parte das áreas presentaban suficiente profesorado altamente especializado e formado para impartir as materias do Grao en Bioloxía, con déficits puntuais: Fisioloxía Vexetal (ECTS a impartir/ECTS dispoñibles: 16.5/13.3), Xenética (ECTS a impartir/ECTS dispoñibles: 20.25/11.3) ou Zooloxía (ECTS a impartir/ECTS dispoñibles: 24/-11.1). Polo tanto, aínda que a Universidade está a facer efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación do profesorado, compre recordar a necesidade de incrementar o profesorado, non só a curto prazo nestas áreas xa deficitarias na actualidade, senón tamén a medio prazo en todas as áreas de coñecemento, xa que a media de idade do profesorado que imparte docencia nas distintas titulacións do centro é elevada.

4.1.2.- Grao en Biotecnoloxía

Suficiencia e adecuación

O profesorado que imparte o título é suficiente para impartir todas as materias a atender aos estudantes respectando os módulos definidos pola Universidade. Este profesorado conta cun elevado nivel de cualificación.

Tipoloxía

Durante o curso 2023/24 participaron 110 profesores na docencia do grao co seguinte nivel de cualificación. A participación móstrase en porcentaxe de horas:

- Profesor/a: Catedrático/a de Universidade: 18.51%
- Profesor/a: Titular de Universidade: 35.49%
- Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor: 10.27%
- Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU: 11.24%
- Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU: 2.01%
- Profesor/a: Profesor Interino/a substitución: 0.56%
- Investigador/a Distinguido/a: 4.41%
- Investigador/a: Ramón y Cajal: 1.86%
- Posdoutoral Xunta: 2.79%
- Posdoutoral outros: 0.17%
- Predoutoral Ministerio: 3.73%
- Predoutoral USC: 3.19%

- Predoutoral Xunta: 3.69%
- Predoutoral_Doutoramento Industrial: 0.83%

Respecto a súa experiencia docente/investigadora, a media é de 2.48 quinquenios e 2.1 sexenios/profesor (Táboa):

Táboa. Número de profesores/as e experiencia docente docente ⁽¹⁾ número de quinquenios) e investigadora ⁽²⁾ número de sexenios) do profesorado das distintas áreas de coñecemento que impartiron docencia no Grao en Biotecnoloxía no curso 2023/24. Só poden solicitar quinquenios e sexenios os catedráticos/as de universidade, os profesores/as titulares de universidade e os profesores/as contratados/as doutores/as. Fonte da información: ACMP.

GRAO EN BIOTECNOLOXÍA

Área	Nº prof.	Experiencia docente ⁽¹⁾	Experiencia investigadora ⁽²⁾
Álgebra	4	6	4
Anatomía e Embrioloxía Humana	3	9	10
Bioloxía Celular	10	16	13
Bioquímica e Bioloxía Molecular	10	35	22
Dereito Mercantil	1	5	4
Economía Financeira e Contabilidade	1	0	0
Edafoloxía e Química Agrícola	1	4	3
Enxeñaría Química	13	31	29
Estatística e Investigación Operativa	3	7	0
Farmacía e Tecnoloxía Farmacéutica	3	8	8
Farmacoloxía	2	3	5
Filosofía Moral	1	0	1
Física Aplicada	1	4	3
Física da Materia Condensada	3	1	3
Fisioloxía	5	23	23
Fisioloxía Vexetal	4	8	7
Medicina	1	3	4
Medicina Preventiva e Saúde Pública	1	6	4
Microbioloxía	10	16	14
Óptica	1	5	4
Parasitoloxía	1	6	6
Produción Vexetal	4	19	11
Proxectos de Enxeñaría	1	0	0
Química Analítica	5	12	10
Química Física	1	5	4
Química Orgánica	8	8	10
Tecnoloxía de Alimentos	3	9	9
Xenética	6	12	8
Xeometría e Topoloxía	3	12	11

TOTAL	100 110	297 273	236 231
--------------	----------------	----------------	----------------

Como se pode ver na táboa, o profesorado pertence a 29 áreas (en comparación coas 17 de Bioloxía), o que subliña a diversidade de coñecementos que son adquiridos polo estudantado na titulación. Se comparamos os datos da táboa previa do curso 2023/24 cos datos da táboa equivalente na memoria do curso 2022-23, pódese ver que no Grao de Biotecnoloxía produciuse un aumento do número de profesores (de 100 a 110) e unha redución do número de quinquenios (de 297 a 273) e sexenios (de 236 a 231), probablemente como consecuencia da paulatina entrada de novo profesorado nas áreas.

Nas materias de primeiro curso o perfil do profesorado é o seguinte:

- Profesor/a: Catedrático/a de Universidade: 6
- Profesor/a: Titular de Universidade: 7
- Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor: 1
- Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU: 2
- Profesor/a: Profesor Interino/a substitución: 1
- Investigador/a Distinguido/a: 2
- Investigador/a: Ramón y Cajal: 1
- Posdoutoral Xunta: 2
- Posdoutoral_outros: 1
- Predoutoral Ministerio: 5
- Predoutoral USC: 3
- Predoutoral_Doutoramento Industrial: 1

O número medio de quinquenios e de 2.3 e o de sexenios de 1.9.

Indicadores de satisfacción

A valoración global da satisfacción do profesorado coa titulación do Grao en Biotecnoloxía pasou dun 4.09 sobre 5 puntos en 2020/21 a 4.18 sobre 5 puntos en 2023/24, o que supón un incremento do 2.20%. A participación do profesorado na enquisa pasou dun 36.76% no curso 2020/21 a un 33.04% no curso 2023/24, e polo tanto é considerada representativa. En global podemos dicir que a satisfacción do PDI co grao segue sendo positiva, aínda que hai certas preguntas que tiveron una lixeira perda na valoración que merecen atención. Así, as porcentaxes de cambio nas valoracións de cada pregunta (2020/21 → 2023/24) ordenados de maior a menor descenso son:

- | | |
|--|-----------------------|
| - Información sobre a titulación (organización, plan de estudos, competencias) | -3.07 % (4.24 a 4.11) |
| - Os horarios existentes son axeitados? | -2.91 % (4.12 a 4.00) |
| - O estudantado acode con regularidade ás clases? | -1.16 % (4.32 a 4.27) |
| - As vías para participar na mellora da calidade son axeitadas? | -0.51 % (3.91 a 3.89) |
| - Os recursos educativos dispoñibles son axeitados? | -0.24 % (4.20 a 4.19) |

Sen embargo, tamén hai algunhas preguntas que melloran as súas valoracións por parte do PDI:

- | | |
|---|------------------------|
| - O estudantado está satisfeito coa titulación? | +10.33 % (3.68 a 4.06) |
|---|------------------------|

- | | |
|--|-----------------------|
| - O campus virtual facilita o labor docente | +4.72 % (4.56 a 4.59) |
| - Coordinación do profesorado na organización do título | +4.57 % (3.72 a 3.89) |
| - A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos | +4.55 % (3.96 a 4.14) |
| - Atención do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos | +4.21 % (4.28 a 4.46) |

En canto aos valores absolutos (sobre 5 puntos), os aspectos mellor valorados foron o campus virtual (4.59), a atención do persoal técnico e de xestión (4.46), e o estado das aulas e equipamento (4.44). Tamén destacan positivamente a calidade docente (4.30) e a organización da titulación (4.24). Con todo, algunhas áreas presentan marxes de mellora (< 4 puntos), como a coordinación docente (3.89), a participación na mellora da calidade (3.89), e a implicación do estudantado (3.97). En xeral, a satisfacción do profesorado co Grao en Biotecnoloxía mantense positiva, cun lixeiro incremento na valoración global entre 2020/21 e 2023/24. A participación nas enquisas segue sendo representativa e, malia pequenas baixadas nalgúns aspectos organizativos, destacan melloras claras na percepción da satisfacción do estudantado, na coordinación docente e no uso do campus virtual. En conxunto, os resultados reflicten estabilidade e boa valoración do título xeral polo profesorado, con marxes de mellora en áreas concretas, como a coordinación docente, a participación en cuestións de calidade e a implicación do estudantado.

Queixas e suxestións

As áreas de coñecemento que participan na docencia do Centro teñen capacidade de captación e formación de profesorado universitario, como así o indica a participación na docencia de contratados posdoutorais de distintos programas (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Marie Curie e outros programas do Ministerio e da Xunta de Galicia) e predoutorais (Ministerio e Xunta de Galicia). Sen embargo, este proceso de incorporación de novo profesorado é lento e estase a facer moitas veces con persoal focalizado na investigación que non cubre as 240 horas de docencia anuais, o que dificulta compensar o descenso causado polas xubilacións.

Por outro lado, e en concordancia co noso obxectivo de mellorar a calidade da docencia, o centro apoia as solicitudes de PDI realizadas polos departamentos/áreas que teñen o encargo do desenvolvemento da docencia no grao. Sen embargo, cómpre indicar que o establecemento do plan de contratación para dotarse de profesorado suficiente non depende da facultade senón do Servicio de Planificación de Persoal Docente e Investigador da USC, que ten encomendadas a avaliación das necesidades de persoal docente e investigador, a elaboración e mantemento da relación de postos de traballo e a xestión integrada dos diferentes procedementos de selección e provisión de postos de persoal docente e investigador, tanto funcionario como contratado.

Formación

En canto a si a institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente e investigadora, durante o ano 2024 a USC programou un total de 107 acción formativas para o PDI. Estas acción inclúen un programa de acollida para novos profesores axudantes doutores cun total de 13 cursos, así como un Programa de desenvolvemento e perfeccionamento profesional. As acción formativas organízanse en 9 áreas temáticas: Ensino-aprendizaxe, Linguas, Tic e dixitalización, Organización e funcionamento da USC, Planificación e xestión, Prevención de riscos laborais e coidado da saúde, Principios e Valores, Seguridade e protección de datos e Investigación.

A análise da táboa seguinte revela que a participación do profesorado en programas de formación foi relativamente baixa e oscilante nos cursos analizados. No Grao en Biotecnoloxía, a porcentaxe de PDI participante diminuíu progresivamente desde os cursos 2019/2020 e 2020/21 (momento da pandemia na que moitos profesores tiveron que formarse en diferentes tecnoloxías) ata o curso 2023/24, seguindo a mesma tendencia temporal que no Grao de Bioloxía (aunque con valores de

participación sensiblemente máis altos). Esta baixa participación do profesorado en cursos de formación docente poden deberse a varios factores, entre os que destacan a elevada carga de traballo docente e investigadora, a falta de incentivos ou recoñecemento institucional, ou unha oferta formativa que non sempre se adapta ás necesidades reais do profesorado. Ademais, a fatiga acumulada tras o esforzo formativo durante a pandemia, e a escasa flexibilidade horaria ou de formato dos cursos que resultan interesantes para o PDI (e que polo tanto esgotan as prazas dispoñibles pronto), poden contribuír a esta tendencia descendente. Sería recomendable revisar e adaptar a oferta formativa e establecer mecanismos de recoñecemento que motiven a participación activa do profesorado. En canto á valoración que fai o PDI da USC destes cursos de formación, esta é moi alta: “*Valora a túa satisfacción xeral do curso*”. 4.59/5 puntos (Taxa de participación do 44.09%; 5010_INF.10_2023-2024).

Táboa. Participación do PDI nos plans de formación. Facultade de Bioloxía Curso 2023-2024. Datos procedentes do informe I6-I7 (ACMP)

PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO TÍTULO NOS PLANS DE FORMACIÓN	Porcentaxe de PDI que realizou algún curso					
	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
Grao en Bioloxía	16,90%	37,50%	34,40%	15,17%	17,79%	17,17%
Grao en Bioloxía (2a ed)	-	-	30,48%	14,42%	19,66%	15,28%
Grao en Biotecnoloxía	16,00%	47,83%	41,18%	21,50%	30,22%	18,66%

Mobilidade

Durante o curso 2023/24 non houbo participación do persoal docente en programas de mobilidade. A memoria non incluía compromisos de contratación ou mellora de cualificacións porque a Universidade dispoñía do persoal necesario no momento da implantación.

Actividade investigadora

A actividade investigadora do profesorado do Grao en Biotecnoloxía amosa un nivel moi elevado e sostido ao longo dos últimos cinco cursos académicos. O indicador IN24 (ver seguinte táboa), que reflicte o porcentaxe de PDI con sexenios de investigación recoñecidos, mantense por riba do 92%, alcanzando un máximo do 96.43% en 2019/20 e situándose no 94.12% en 2023/24. Pola súa parte, o indicador IN25, que mide o porcentaxe de PDI doutor sobre o total, mantense practicamente no 100% durante todo o período, con valores entre o 97.73% e o 100% (98.72% no curso 2023/24). Estes datos evidencian un cadro de persoal altamente cualificado e cunha actividade investigadora consolidada, o que contribúe de forma significativa á calidade académica da titulación.

Indicador	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
IN24 Porcentaxe de Personal Docente e Investigador (PDI) con sexenios ⓘ	96,43	95,65	92,75	95,95	94,12
IN25 Porcentaxe de PDI doutor sobre el PDI total ⓘ	100,0	98,04	98,73	97,73	98,72

Detección de necesidades de persoal académico

Como acabamos de ver, o profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada, tal e como indican tamén os informes externos de re verificación da titulación. De feito, durante a elaboración da memoria da 2ª edición do Grao en Biotecnoloxía, que entrou en funcionamento no curso 2024/25 como consecuencia do RD822/21 de 28 de setembro, evidenciouse nas fichas do apartado “*Detalle del profesorado asignado al título por áreas de coñecemento*” que a maior parte das áreas presentaban suficiente profesorado altamente especializado e formado para impartir as materias do Grao en Biotecnoloxía. Non obstante, o descenso no número de profesores que se ven dando nos últimos cursos como consecuencia das xubilacións, unido á incorporación de perfís máis investigadores que docentes nos departamentos, está provocando que a dedicación docente do profesorado sexa cada vez máis elevada, e anticipa problemas futuros se non se fai unha correcta revisión das necesidades docentes futuras nalgunhas áreas.

4.1.3.- Máster Universitario en Neurociencia

Suficiencia e adecuación

O profesorado que imparte o título é suficiente para impartir todas as materias a atender aos estudantes respectando os módulos definidos pola Universidade. Este profesorado conta cun elevado nivel de cualificación.

Tipoloxía

No curso 2023-24 participaron no Máster Universitario en Neurociencia un total de 52 docentes: 38 da USC, 9 da UDC e 5 da UVIGO. O persoal docente da USC inclúe 1 investigador distinguido, 1 investigador Ramón y Cajal, 3 profesionais externos, 5 profesores/as asociados/as LOU, 8 catedráticos/as de universidade, 1 axudante doutor/a, 4 contratados/as doutores/as e 15 titulares de universidade. Na UDC, o cadro docente está composto por 3 catedráticos/as, 4 titulares e 1 contratado/a doutor/a; na UVIGO, por 1 catedrático/a, 3 titulares e 1 investigador Ramón y Cajal.

Indicadores de satisfacción

No caso do profesorado da USC do mestrado, o indicador IN47 (Satisfacción do profesorado coa docencia impartida) sufriu a seguinte evolución desde o curso 2018/19 ata o curso 2023/24 (sobre 5 puntos):

Táboa							
Indicador	Definición	2018/19	2019/20	2020/21	2021/22	2022/23	2023/24
IN47	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	4.4256	4.0391	4.2857	4.2909	4.5789	4.3086

A evolución do indicador IN47 sobre a satisfacción do profesorado da USC coa docencia impartida no MBT entre os cursos 2018/19 e 2023/24 é positiva, con valores sempre por riba de 4 sobre 5. No curso 2023/24 non existen datos de satisfacción do profesorado coa titulación na UVigo, xa que a enquisa é bianual, e tampouco do curso 2022/23. En conxunto, si consideramos extensibles estes datos na USC ao que ocorre na UVigo e UDC, das que non se dispoñen datos, os resultados do indicador IN47 revelan que o profesorado mantén unha percepción moi favorable sobre a docencia no máster, consolidando a súa calidade e estabilidade ao longo do tempo.

Queixas e suxestións

Non existen queixas ou suxestións

Formación

Non existen datos sobre a formación do profesorado

Mobilidade

Non existen datos sobre a mobilidade do profesorado

Actividade investigadora

Na USC, o 96.3 % do PDI conta con sexenios de investigación, e o 72.22 % é persoal funcionario, mantendo cifras similares a cursos anteriores. O profesorado da USC acumula 163 quinquenios e 126 sexenios; na UDC, 30 quinquenios e 26 sexenios; e na UVIGO, 21 quinquenios e 18 sexenios. Estes datos reflicten un nivel de cualificación moi elevado do profesorado participante, suficiente para garantir o correcto desenvolvemento do Máster. A avaliación docente destaca a ampla preparación docente e investigadora do profesorado, que se traduce nunha formación esixente e actualizada para o alumnado.

Detección de necesidades de persoal académico

Non se detectan

4.1.4.- Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión

Suficiencia e adecuación

O profesorado que imparte o título é suficiente para impartir todas as materias a atender aos estudantes respectando os módulos definidos pola Universidade. Este profesorado conta cun elevado nivel de cualificación.

Tipoloxía

No curso 2023-24 participaron 72 profesores na docencia do MBio, 27 da USC, 22 da UDC e 23 da UVigo; estes profesores inclúen investigadores posdoutorais (financiados pola Xunta de Galicia, polo Ministerio ou investigadores Ramón y Cajal). Todo o profesorado é Doutor/a e mais do 60% funcionario; o total de quinquenios recoñecidos é de 250 e o de sexenios 180. No caso concreto da USC, para a que se dispón de información máis detallada, a porcentaxe de PDI doutor é de case o 95%, cunha porcentaxe de máis do 92% de PDI con sexenios fronte ao total e chegándose case un 74% de PDI funcionario. Na UVigo, nos cursos 2019-20 e 2020-21, preto do 85% teñen sexenios. Globalmente estes datos mostran que o profesorado que participa no título está altamente cualificado e é suficiente para o adecuado desenvolvemento dos seus labores docentes no MBT. Por categorías, o 9% son contratados posdoutorais (10%), 1% Axudantes Doutores, 26% Profesores Contratados Doutores, 42% Titulares de Universidade, 19% Catedráticos e o resto corresponde a outras figuras de profesorado (incluíndo profesionais que foron adscritos como Área Externa).

Indicadores de satisfacción

No caso do profesorado da USC do mestrado, o indicador IN47 (Satisfacción do profesorado coa docencia impartida) sufriu a seguinte evolución desde o curso 2018/19 ata o curso 2023/24 (sobre 5 puntos): 4.3978 (18/19), 4.1522 (19/20), 4.2963 (20/21), 4.5051 (21/22), 4.5017 (22/23) e 4.3872 (23/24). A evolución do indicador IN47 sobre a satisfacción do profesorado da USC coa docencia impartida no MBT entre os cursos 2018/19 e 2023/24 mostra unha tendencia xeral positiva, con valores sempre por riba de 4 sobre 5. A puntuación máis alta acadouse en 2021/22 (4.5051), seguida moi de preto por 2022/23 (4.5017), o que reflicte un alto grao de satisfacción nos últimos anos. Aínda que en 2023/24 se observa unha lixeira baixada ata 4.3872, esta segue sendo unha valoración elevada. Non se dispoñen datos para a UDC. e no caso da UVigo a enquisa é bianual, non habendo datos do curso 2023/24; do curso anterior, 2022/23, a valoración do profesorado foi de 3.59 sobre 5 puntos. En conxunto, si consideramos extensibles estes datos na USC ao que ocorre na UVigo e UDC, os resultados do indicador IN47 revelan que o profesorado mantén unha percepción moi favorable sobre a docencia no máster, consolidando a súa calidade e estabilidade ao longo do tempo.

Queixas e suxestións

Non existen queixas ou suxestións

Formación

Non existen datos sobre a formación do profesorado

Mobilidade

Non existen datos sobre a mobilidade do profesorado

Actividade investigadora

A actividade investigadora do profesorado do MBio no curso 2023/24 evidenciase pola presenza de investigadores posdoutorais financiados por distintas entidades e tamén investigadores Ramón y Cajal. O profesorado global do mestrado (USC, UVigo e UDC) acumula 180 sexenios recoñecidos, o que evidencia unha sólida traxectoria investigadora. No caso particular da USC, case o 95% do PDI é doutor e máis do 92% conta con sexenios, mentres que na UVigo, nos cursos 2019-20 e 2020-21, preto do 85% tiña sexenios. Dentro da USC, a evolución do indicador IN24 (Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios foi a seguinte: 91.3 (19/20), 91.3 (20/21), 95.24 (21/22), 91.3 (22/23) e 91.3 (23/24), amosando unha porcentaxe alta e bastante estable. De xeito similar, o indicador IN25 (Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total) foi de 95.83 (19/20), 92.0 (20/21), 95.24 (21/22), 95.65 (22/23) e 95.65 (23/24), indicando unha presenza maioritaria de doutores dentro do profesorado da USC. Estes datos confirman que o profesorado do MBio está altamente capacitado para garantir unha docencia de calidade e un forte vínculo coa investigación.

Detección de necesidades de persoal académico

Non se detectan

4.1.5.- Máster Universitario en Acuicultura

Suficiencia e adecuación

O profesorado que imparte o título é suficiente para impartir todas as materias a atender aos estudantes respectando os módulos definidos pola Universidade. Este profesorado conta cun elevado nivel de cualificación.

Tipoloxía

No curso académico 2032/24 participaron un total de 58 profesores/as: 44 profesores/as universitarios/as (18 da USC, 9 da UDC e 17 da UVI) e 14 profesores/as non universitarios/as. En canto ás categorías de profesores universitarios, 12 son catedráticos (27,2 %), 25 son profesores titulares (56,8 %) e 7 son profesores contratados con doutoramento (15,9 %). O profesorado non universitario é maioritariamente doutores. Todo o profesorado foi seleccionado en función dos seus currículos, garantindo que cada materia sexa impartida por expertos na materia. O máster conta cun profesorado altamente cualificado cuxa formación abrangue practicamente todos os ámbitos da acuicultura. Entre o profesorado universitario, existe un alto nivel de experiencia docente, cun total de 191 quinquenios (media de 4,2) e experiencia científica, cun total de 156 sexenios (media de 3,4) (seguinte táboa). O profesorado non universitario é fundamental para a docencia, sobre todo nos aspectos máis aplicados, xa que son expertos en contidos que non sería posible abordar unicamente con profesorado universitario. Entre os 14 profesores non universitarios: i) catro (dous deles doutores) son profesores do centro de formación profesional IGafa (Instituto Galego de Formación en Acuicultura), con entre 22 e 24 anos de experiencia como docentes e con ampla experiencia profesional en piscicultura e moluscos, ademais de ter sido profesores do máster desde o curso 2008-2009; ii) 3 son investigadores doutorais do Centro de Investigación das Mariñas (Centros de Ribadeo e Corón), cunha antigüidade entre os 30 e os 39 anos; iii) 4 (2 doutores) do Instituto Español de Oceanografía de Vigo; iv) 3 doutores da ECIMAT (Estación de Ciencias Mariñas de Toralla), todos eles con ampla experiencia no seu campo, tanto en investigación como en docencia desde o inicio deste mestrado. No caso dos investigadores dos centros de investigación, a maioría teñen máis de 20 anos de experiencia (ata 39 anos) en investigación sobre cultivos, patoloxía, inmunoloxía, etc., de especies e grupos biolóxicos moi diferentes. No caso dos profesores do IGafa (centro de formación), todos eles investigan no desenvolvemento do cultivo de novas especies, con entre 20 e 23 anos de experiencia neste campo no seu centro, e varios con experiencia previa no sector.

Participación e Experiencia Docente e Investigadora dos Profesores Universitarios do Máster de Acuicultura

		Quinq	Sexs		Cats	Tit	PCD	Total
UDC	total	45	34	n^o	3	6	0	9
	media	5,0	3,4	%	33,3	66,7	0	
UVigo	total	64	55	n^o	6	9	2	17
	media	3,8	3,2	%	35,3	52,9	11,8	
USC	total	82	67	n^o	3	11	4	18
	media	4,6	3,7	%	16,7	61,1	22,2	
Total	total	191	153		12	26	6	44
	media	4,3	3,5		27,3	59,1	13,6	

Indicadores de satisfacción

Non existen datos sobre o nivel de satisfacción do profesorado conxunto (USC, UDC, UVigo) do mestrado. No caso do profesorado da USC do mestrado, o indicador IN47 (Satisfacción do profesorado coa docencia impartida) sufriu a seguinte evolución desde o curso 2018/19 ata o curso 2023/24 (sobre 5 puntos): 4.1837 (18/19), 3.8936 (19/20), 3.9679 (20/21), 4.012 (21/22), 4.3775 (22/23) e 4.1387 (23/24). A evolución do indicador IN47 sobre a satisfacción do profesorado da USC coa docencia impartida entre os cursos 2018/19 e 2023/24 mostra unha tendencia xeral positiva, con valores nos últimos cursos por riba de 4 sobre 5. Non se dispoñen datos para a UDC, e no caso da UVigo a enquisa é bianual, non habendo datos do curso 2023/24; do curso anterior, 2022/23, a valoración do profesorado foi de 4.20 sobre 5 puntos, en liña coas da USC. En conxunto, si consideramos extensibles estes datos na USC ao que ocorre na UVigo e UDC, os resultados do indicador IN47 revelan que o profesorado mantén unha percepción moi favorable sobre a docencia no máster, consolidando a súa calidade e estabilidade ao longo do tempo.

Queixas e suxestións

Non existen datos sobre queixas e suxestións do profesorado conxunto (USC, UDC, UVigo) do mestrado.

Formación

Non existen datos sobre a formación do profesorado conxunto (USC, UDC, UVigo) do mestrado.

Mobilidade

Non existen datos sobre a mobilidade do profesorado.

Actividade investigadora

Como xa se comentou, o profesorado do mestrado conta cunha ampla experiencia investigadora, tanto no ámbito universitario como profesional. No curso 2023/24 participaron 58 docentes, dos cales 44 pertencen a universidades galegas (USC, UDC e UVigo) e 14 a centros non universitarios e especializados en temas de acuicultura. O profesorado universitario está composto maioritariamente por catedráticos e titulares, con alta produtividade investigadora (media de 3,4 sexenios). O profesorado non universitario achega unha valiosa experiencia aplicada, con máis de 20 anos de traxectoria en investigación en centros como o IGFA, o Instituto Español de Oceanografía, a ECIMAT e o Centro de Investigación das Mariñas. En conxunto, o mestrado conta cun cadro docente altamente cualificado e especializado.

Detección de necesidades de persoal académico

Non se detectan

4.1.6.- Máster Universitario en Bioloxía Mariña

Suficiencia e adecuación

O profesorado que imparte o título é suficiente para impartir todas as materias a atender aos estudantes respectando os módulos definidos pola Universidade. Este profesorado conta cun elevado nivel de cualificación.

Tipoloxía

No curso 2023/24 participaron no conxunto do Máster un total de 52 profesores, deles 30 en UVigo, 10 na USC e 12 na UDC. O perfil dos profesores vinculados á USC foi o seguinte: 4 Titulares de Universidade, 3 Profesores/as Contratado Doutor, 1 Profesor Emérito, 1 contratado Ramón y Cajal e un profesional de área externa.

Indicadores de satisfacción

Non existen datos sobre o nivel de satisfacción do profesorado conxunto (USC, UDC, UVigo) do mestrado. No caso do profesorado da USC do mestrado, o indicador IN47 (Satisfacción do profesorado coa docencia impartida) sufriu a seguinte evolución desde o curso 2018/19 ata o curso 2023/24 (sobre 5 puntos): 4.3906 (18/19), 4.25 (19/20), 3.9589 (20/21), 4.4156 (21/22), 4.4111 (22/23) e 4.3455 (23/24). A evolución do indicador IN47 sobre a satisfacción do profesorado da USC coa docencia impartida entre os cursos 2018/19 e 2023/24 mostra unha tendencia xeral positiva, con valores nos últimos cursos por riba de 4 sobre 5. Non se dispoñen datos para a UDC. e no caso da UVigo a enquisa é bianual, non habendo datos do curso 2023/24; do curso anterior, 2022/23, a valoración do profesorado foi de 4.24 sobre 5 puntos, en liña coas da USC. En conxunto, si consideramos extensibles estes datos na USC ao que ocorre na UVigo e UDC, os resultados do indicador IN47 revelan que o profesorado mantén unha percepción moi favorable sobre a docencia no máster, consolidando a súa calidade e estabilidade ao longo do tempo.

Queixas e suxestións

Non se dispoñen de datos

Formación

Non se dispoñen de datos

Mobilidade

Non se dispoñen de datos

Actividade investigadora

Na USC a porcentaxe de persoal docente e investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total foi do 100% (23 sexenios). Esta porcentaxe indica que o profesorado que participa no título conta cun nivel de cualificación moi alto, e é suficiente para o correcto desenvolvemento do máster.

Detección de necesidades de persoal académico

Non se detectan

4.2.- Persoal de apoio

4.2.1.- Grao en Bioloxía

Suficiencia e adecuación

O Persoal Técnicos de Xestión, Administración e Servizos (PTXAS) da Facultade de Bioloxía da apoio a todas as titulacións que se imparten no Centro. A Facultade de Bioloxía contou no curso 2023/24 co persoal de PAS descrito na **táboa seguinte**, integrado na Unidade de Xestión de Centros e Departamentos.

Táboa. PTXAS da Facultade de Bioloxía no curso 2023/24 [#]		
UNIDADE DE XESTIÓN DE CENTROS		DOTACIÓN
Persoal de administración (5)	Responsable de Unidade	1
	Secretaría de Decanato	1
	Responsable de Asuntos Económicos	1
	Postos base	2
PAIS (Punto de Atención, Información y Servizos) (7)	Coordinador/a Servizos Xerais	1
	Auxiliar Técnico de Servizos	6
Biblioteca (6)	Dirección	1
	Auxiliar de arquivo	4
	Axudante de biblioteca	1

Animalario (2)	Encargado Animalario Experimentación	1
	Técnico de Investigación	1
Apoio Administrativos aos Departamentos con sede na Facultade de Bioloxía (7)	Administrativos	2
	Técnicos de Investigación	5
	Total	27
# Indicador E-16 Información sobre o persoal de apoio - Facultade de Bioloxía. Curso 2022/2023, proporcionado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos).		

O **persoal de administración** é o encargado de xestionar toda a actividade administrativa derivada da programación docente, xestión académica, económica, de recursos humanos e outros servizos dos Centros e dos Departamentos con sede neles.

O persoal do **PAIS (Punto de Atención, Información e Servizos; ver táboa a continuación)** encárgase de numerosas cuestións, entre as cales se atopan a información ao público, tanto de maneira presencial como por teléfono. Tamén son responsables da apertura e peche do centro no horario oficial, a revisión das aulas e outros espazos da facultade, coidando que todas as infraestruturas (computadores, proxectores, cámaras, etc.) funcionan adecuadamente ou solicitando a reparación ou substitución daqueles elementos defectuosos. Tamén interveñen en pequenas reparacións, e taboleiros da facultade, na vixilancia de locais e dependencias da universidade, así como no control e custodia de materiais ou a recepción/envío e distribución da correspondencia oficial e paquetería, entre outras moitas.

En canto ao **persoal de biblioteca**, encárganse tamén de numerosas funcións, por exemplo a atención a usuarios tanto da facultade como externos, ou dando apoio á investigación e docencia. Por exemplo, o persoal de biblioteca colabora na elaboración de bibliografías das guías docentes das materias, xestionando os fondos bibliográficos, documentais e audiovisuais adquiridos, canalizando as novas peticións de recursos bibliográficos por parte de profesores e investigadores, administrando os recursos económicos dispoñibles para a #dicir adquisición, ou colaborando na procura e recuperación de información/documentos, entre outros. Entre as funcións do persoal de biblioteca tamén se atopan a realización de préstamos de recursos bibliográficos e computadores ou a xestión dos recursos bibliográficos para consulta en sala.

En relación co **persoal dos departamentos con sede na Facultade/Escola**, a súa función é dobre, como amosa a **táboa 1**. Por unha banda, participando en cuestións administrativas propias dos departamentos e áreas, e por outro colaborando nas prácticas das materias ou en investigación.

Finalmente, a contratación do Persoal de Administración e Servizos réxese pola normativa da USC, así como a normativa estatal e autonómica. Estas normativas garanten os principios de igualdade, mérito e capacidade que deben rexer os procesos de selección de persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia

Así mesmo, a USC preocúpase por manter actualizados os coñecementos do seu persoal, para o que se organizan cursos

de adecuación e actualización. Así, o 66.67% do PAS da Facultade de Bioloxía realizou algún curso de formación no curso 2023/2024, sendo a evolución deste indicador moi positiva no último curso: 44 % (2017/18), 2018/19 (61.54 %), 72.73% (2019/20), 52.00% (2020/21), 46.15 % (2021/22), 69.23 % (2022/23), 66.67 (2023/24) (Indicador I6-I7. *PARTICIPACIÓN DO PDI E PAS NOS PLANS DE FORMACIÓN 2023/2024*, proporcionado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos). A valoración destes cursos por parte do PAS no curso 2023/24, unha enquisa cunha taxa de resposta do 54.54% (INF.11, INFORME DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN MEDIA DO PAS COAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DESENVOLVIDAS 2023/2024), foi moi boa (valoración global de 7.98 sobre 10 puntos).

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.

Finalmente, a satisfacción do PAS da Facultade de Bioloxía co traballo desenvolvido é boa, tal e como o indica o valor do indicador 5010_INF.21_2022-2023 (curso 2023/24; taxa de resposta do 33,33%), que ten unha valoración ≥ 4 (sobre 5 puntos) en case todos os ítems, salvo os seguintes: “Estou coordinado con outras unidades da universidade” (3.50), “O meu lugar de traballo é seguro (non percibo pouca salubridade ou toxicidade no ambiente, etc.)” (3.99), “O meu posto de traballo está en boas condicións (mantemento das instalacións ou do mobiliario, por exemplo)” (3.88), “Síntome motivado/a no meu traballo” (3.99), “As miñas condicións laborais (salario, horarios, organización, etc.), son axeitadas”. (3.88), “Sinto que a persoa responsable da unidade coordina e dirixe correctamente ao equipo de traballo” (3.97) e “O sistema de reparto de cargas de traballo é axeitado” (3.93). En resposta á pregunta de “En xeral, síntome satisfeito/a co meu traballo”, esta valoración foi de 4.04 no curso 2023/24, practicamente idéntica a de 2022/23 (4,00).

Detección de necesidades de persoal de apoio a docencia

Como se pode ver, a Facultade conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, pero existen algúns problemas. Así, o/a responsable de calidade do centro (RCC) é a persoa encargada do correcto funcionamento do SGC. As numerosas funcións do/a RCC son asumidas polo Vicedecano/a de calidade no caso da Facultade de Bioloxía. En todos estas funcións o/a RCC é asistido/a polo Equipo de Dirección (ED), os membros da CCC, e os/as coordinadores/as de título. Sen embargo, a excesiva burocracia asociada aos procesos de xestión da calidade, unido a que o RCC é tamén o Coordinador do Grao en Bioloxía, fai necesario buscar xeitos a medio prazo de mitigar ese problema. O Manual do SGC da Facultade de Bioloxía permite nomear o posto de **coordinador/a de calidade** pola/o decana/o da Facultade entre o PDI que non sexa membro do equipo de dirección para a realización de funcións de apoio áo Responsable de Calidade do Centro (Plan Estratéxico 2024-26, Liña Estratéxica LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC), Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC). Deste xeito, a Acción de Mellora AM-1 do Plan de Melloras 2023-24 (memoria de calidade 2022-2023) estaba relacionada con este obxectivo estratéxico e encamiñada a facer dito nomeamento e aliviar a carga burocrática do responsable de calidade, o que redundará nunha mellora do SGC do Centro. Sen embargo, esta acción de mellora AM-1 deberá ser prorrogada no Plan de Melloras 2024-25 (memoria de calidade 2023-2024) debido a que resulta complicado atopar persoal (preferiblemente un técnico de calidade/PTXAS) que este de xeito continuado no decanato (poderías ser compartido por varios centros) e especializado en cuestións de calidade independentemente do equipo decanal ao fronte da facultade.

4.2.2.- Grao en Biotecnoloxía

Suficiencia e adecuación

Como xa se comentou, a Facultade de Bioloxía conta co seguinte persoal de administración: 1 responsable de unidade, 1

responsable de asuntos económicos, 1 secretaria de decanato e 2 postos bases. O persoal de administración aumentou en 1 persoa respecto ao contemplado na memoria. A Facultade de Biología conta tamén con 7 membros do PAIS (Punto de Atención, Información y Servicios): 1 responsábel e 6 oficiais técnicos o que supón 3 persoas máis do contemplado na memoria. A maiores os departamentos con sede na facultade contaban con 2 administrativos. Este persoal é suficiente para atender ao persoal docente e aos estudantes que maioritariamente están satisfeitos coa súa labor.

En canto ao persoal técnico asociado ao desenvolvemento das prácticas de laboratorio que da apoio a la docencia no Grao de Biotecnología que se imparte na Facultade de Biología, está composto por un total de 5 técnicos de investigación. Esta categoría está encadrada actualmente no Grupo III-2 do Convenio colectivo para o persoal laboral da USC vixente na actualidade. Trátase de tres técnicos/as de Investigación destinados na Facultade de Biología: 1 técnica Licenciada en Química asociada ao Dpto Microbiología e Parasitología, área Microbiología; 1 técnico Licenciado en CC Económicas que está asociado ao Dpto Bioquímica e Biología Molecular; 1 técnica Licenciada en Biología e Técnica superior en Producción Acuicola asociada ao Dpto Biología funcional, área Fisiología vexetal. Por outro lado, dous técnicos de Investigación que colaboran coa docencia no Grao de Biotecnología están destinadas na Facultade de Farmacia: 1 Técnico especialista de laboratorio asociada ao Dpto Farmacología, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica; e 1 Doutora en Biología que é ademais a Coordinadora de Apoio á Docencia e á Investigación da Agrupación Farmacia-Biología (Ana María García Arrese).

Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia

Así mesmo, a USC preocúpase por manter actualizados os coñecementos do seu persoal, para o que se organizan cursos de adecuación e actualización. Así, o 66.67% do PAS da Facultade de Biología realizou algún curso de formación no curso 2023/2024, sendo a evolución deste indicador moi positiva no último curso: 44 % (2017/18), 2018/19 (61.54 %), 72.73% (2019/20), 52.00% (2020/21), 46.15 % (2021/22), 69.23 % (2022/23), 66.67 (2023/24) (Indicador I6-I7. PARTICIPACIÓN DO PDI E PAS NOS PLANES DE FORMACIÓN 2023/2024, proporcionado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos). A valoración destes cursos por parte do PAS no curso 2023/24, unha enquisa cunha taxa de resposta do 54.54% (INF.11, INFORME DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN MEDIA DO PAS COAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DESENVOLVIDAS 2023/2024), foi moi boa (valoración global de 7.98 sobre 10 puntos).

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.

Na enquisa ao profesorado inclúese a pregunta “Valore a atención prestada polo persoal técnico, de xestión e de administración e servizos.” No curso 2023/24, cun 33% de participación, a valoración foi de 4.46 sobre 5. Na enquisa realizada ao alumnado, cunha participación do 14.56% a valoración foi de 3.36.

Detección de necesidades de persoal de apoio a docencia

A memoria non incluía compromisos de contratación ou mellora de cualificacións porque a Universidade dispoñía do persoal necesario no momento da implantación.

4.2.3.- Máster Universitario en Neurociencia

Suficiencia e adecuación

O persoal de apoio nas tres universidades inclúe 3 xestores de Centro, un por cada universidade, e outro persoal que inclúe persoal de servizos, administrativos, bibliotecarios, etc. En concreto, a Facultade de Biología da USC, que é a que coordina

o título, conta co seguinte persoal de administración: 1 responsable de unidade, 1 responsable de asuntos económicos, 1 secretaria de decanato e 2 postos bases. O persoal de administración aumentou en 1 persoa respecto ao contemplado na memoria. A Facultade de Bioloxía conta tamén con 7 membros do PAIS (Punto de Atención, Información y Servicios): 1 responsábel e 6 oficiais técnicos. Os estudantes da USC valoran moi positivamente a atención prestada polo persoal de administración e servizos (4.0 sobre 5), mantendo a tendencia doutros cursos. Sen embargo, aínda que a Facultade conta con persoal de apoio suficiente e cunha cualificación axeitada, existen certas dificultades en titulacións concretas, como é o caso deste Máster. Así, malia que os coordinadores e a Comisión Académica do Máster en Neurociencia contan coa colaboración dos/as xestores/as responsables en cada universidade, estes deben atender múltiples titulacións, o que obriga aos coordinadores a asumir tarefas adicionais para corrixir deficiencias no desenvolvemento da titulación. Por este motivo, considérase necesario dispoñer de persoal de apoio específico e dedicado exclusivamente á xestión do Máster.

Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia

A USC, que é a universidade coordinadora do título, preocúpase por manter actualizados os coñecementos do seu persoal, para o que se organizan cursos de adecuación e actualización. Así, o 66.67% do PAS da Facultade de Bioloxía realizou algún curso de formación no curso 2023/2024, sendo a evolución deste indicador moi positiva no último curso: 44 % (2017/18), 2018/19 (61.54 %), 72.73% (2019/20), 52.00% (2020/21), 46.15 % (2021/22), 69.23 % (2022/23), 66.67 (2023/24) (Indicador I6-I7. PARTICIPACIÓN DO PDI E PAS NOS PLANS DE FORMACIÓN 2023/2024, proporcionado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos). A valoración destes cursos por parte do PAS no curso 2023/24, unha enquisa cunha taxa de resposta do 54.54% (INF.11, INFORME DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN MEDIA DO PAS COAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DESENVOLVIDAS 2023/2024), foi moi boa (valoración global de 7.98 sobre 10 puntos).

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.

No caso da USC, que é a universidade coordinadora do título, a satisfacción do PAS da Facultade de Bioloxía co traballo desenvolvido é boa, tal e como o indica o valor do indicador 5010_INF.21_2022-2023 (curso 2023/24; taxa de resposta do 33,33%), que ten unha valoración ≥ 4 (sobre 5 puntos) en case todos os ítems, salvo os seguintes: “Estou coordinado con outras unidades da universidade” (3.50), “O meu lugar de traballo é seguro (non percibo pouca salubridade ou toxicidade no ambiente, etc.)” (3.99), “O meu posto de traballo está en boas condicións (mantemento das instalacións ou do mobiliario, por exemplo)” (3.88), “Síntome motivado/a no meu traballo” (3.99), “As miñas condicións laborais (salario, horarios, organización, etc.), son axeitadas”. (3.88), “Sinto que a persoa responsable da unidade coordina e dirixe correctamente ao equipo de traballo” (3.97) e “O sistema de reparto de cargas de traballo é axeitado” (3.93). En resposta á pregunta de “En xeral, síntome satisfeito/a co meu traballo”, esta valoración foi de 4.04 no curso 2023/24, practicamente idéntica a de 2022/23 (4,00).

Detección de necesidades de persoal de apoio a docencia

Aínda que os coordinadores e a Comisión Académica dos Másteres en Neurociencia, Biodiversidade Terrestre ou de Acuicultura contan coa axuda dos/as xestores/as académicos/as do centro en cada unha das Universidades, estes ocúpanse de numerosas titulacións no centro, de xeito que os coordinadores/comisión académica teñen que continuar suplindo determinadas deficiencias no desenvolvemento do título; polo tanto, dende os Másteres considérase que o persoal de apoio dedicado á xestión/desenvolvemento do título é insuficiente, reclamando contar con algún tipo de persoal de apoio dedicado exclusivamente a xestión dos másteres.

4.2.4.- Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre

Suficiencia e adecuación

O persoal de apoio nas tres universidades inclúe 3 xestores de Centro, un por cada universidade, e outro persoal que inclúe persoal de servizos, administrativos, bibliotecarios, etc. En concreto, a Facultade de Bioloxía da USC, que é a que coordina o título, conta co seguinte persoal de administración: 1 responsable de unidade, 1 responsable de asuntos económicos, 1 secretaria de decanato e 2 postos bases. O persoal de administración aumentou en 1 persoa respecto ao contemplado na memoria. A Facultade de Bioloxía conta tamén con 7 membros do PAIS (Punto de Atención, Información y Servicios): 1 responsábel e 6 oficiais técnicos. Aínda que os coordinadores e a Comisión Académica dos Másteres en Neurociencia, Biodiversidade Terrestre ou de Acuicultura contan coa axuda dos/as xestores/as académicos/as do centro en cada unha das Universidades, estes ocúpanse de numerosas titulacións no centro, de xeito que os coordinadores/comisión académica teñen que continuar suplindo determinadas deficiencias no desenvolvemento do título.

Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia

A USC, que é a universidade coordinadora do título, preocúpase por manter actualizados os coñecementos do seu persoal, para o que se organizan cursos de adecuación e actualización. Así, o 66.67% do PAS da Facultade de Bioloxía realizou algún curso de formación no curso 2023/2024, sendo a evolución deste indicador moi positiva no último curso: 44 % (2017/18), 2018/19 (61.54 %), 72.73% (2019/20), 52.00% (2020/21), 46.15 % (2021/22), 69.23 % (2022/23), 66.67 (2023/24) (Indicador I6-I7. PARTICIPACIÓN DO PDI E PAS NOS PLANES DE FORMACIÓN 2023/2024, proporcionado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos). A valoración destes cursos por parte do PAS no curso 2023/24, unha enquisa cunha taxa de resposta do 54.54% (INF.11, INFORME DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN MEDIA DO PAS COAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DESENVOLVIDAS 2023/2024), foi moi boa (valoración global de 7.98 sobre 10 puntos).

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.

No caso da USC, que é a universidade coordinadora do título, a satisfacción do PAS da Facultade de Bioloxía co traballo desenvolvido é boa, tal e como o indica o valor do indicador 5010_INF.21_2022-2023 (curso 2023/24; taxa de resposta do 33,33%), que ten unha valoración ≥ 4 (sobre 5 puntos) en case todos os ítems, salvo os seguintes: “Estou coordinado con outras unidades da universidade” (3.50), “O meu lugar de traballo é seguro (non percibo pouca salubridade ou toxicidade no ambiente, etc.)” (3.99), “O meu posto de traballo está en boas condicións (mantemento das instalacións ou do mobiliario, por exemplo)” (3.88), “Sintome motivado/a no meu traballo” (3.99), “As miñas condicións laborais (salario, horarios, organización, etc.), son axeitadas”. (3.88), “Sinto que a persoa responsable da unidade coordina e dirixe correctamente ao equipo de traballo” (3.97) e “O sistema de reparto de cargas de traballo é axeitado” (3.93). En resposta á pregunta de “En xeral, sintome satisfeito/a co meu traballo”, esta valoración foi de 4.04 no curso 2023/24, practicamente idéntica a de 2022/23 (4,00).

Detección de necesidades de persoal de apoio a docencia

Dende o mestrado considerase que o persoal de apoio dedicado á xestión/desenvolvemento do título é insuficiente, reclamando contar con algún tipo de persoal de apoio dedicado exclusivamente a xestión dos másteres.

4.2.4.- Máster Universitario en Acuicultura

Suficiencia e adecuación

O persoal de apoio nas tres universidades inclúe 3 xestores de Centro, un por cada universidade, e outro persoal que inclúe persoal de servizos, administrativos, bibliotecarios, etc. En concreto, a Facultade de Bioloxía da USC, que é a que coordina o título, conta co seguinte persoal de administración: 1 responsable de unidade, 1 responsable de asuntos económicos, 1 secretaria de decanato e 2 postos bases. O persoal de administración aumentou en 1 persoa respecto ao contemplado na memoria. A Facultade de Bioloxía conta tamén con 7 membros do PAIS (Punto de Atención, Información y Servicios): 1 responsábel e 6 oficiais técnicos.

Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia

A USC, que é a universidade coordinadora do título, preocúpase por manter actualizados os coñecementos do seu persoal, para o que se organizan cursos de adecuación e actualización. Así, o 66.67% do PAS da Facultade de Bioloxía realizou algún curso de formación no curso 2023/2024, sendo a evolución deste indicador moi positiva no último curso: 44 % (2017/18), 2018/19 (61.54 %), 72.73% (2019/20), 52.00% (2020/21), 46.15 % (2021/22), 69.23 % (2022/23), 66.67 (2023/24) (Indicador I6-I7. PARTICIPACIÓN DO PDI E PAS NOS PLANS DE FORMACIÓN 2023/2024, proporcionado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos). A valoración destes cursos por parte do PAS no curso 2023/24, unha enquisa cunha taxa de resposta do 54.54% (INF.11, INFORME DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN MEDIA DO PAS COAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DESENVOLVIDAS 2023/2024), foi moi boa (valoración global de 7.98 sobre 10 puntos).

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.

No caso da USC, que é a universidade coordinadora do título, a satisfacción do PAS da Facultade de Bioloxía co traballo desenvolvido é boa, tal e como o indica o valor do indicador 5010_INF.21_2022-2023 (curso 2023/24; taxa de resposta do 33,33%), que ten unha valoración ≥ 4 (sobre 5 puntos) en case todos os ítems, salvo os seguintes: “Estou coordinado con outras unidades da universidade” (3.50), “O meu lugar de traballo é seguro (non percibo pouca salubridade ou toxicidade no ambiente, etc.)” (3.99), “O meu posto de traballo está en boas condicións (mantemento das instalacións ou do mobiliario, por exemplo)” (3.88), “Síntome motivado/a no meu traballo” (3.99), “As miñas condicións laborais (salario, horarios, organización, etc.), son axeitadas”. (3.88), “Sinto que a persoa responsable da unidade coordina e dirixe correctamente ao equipo de traballo” (3.97) e “O sistema de reparto de cargas de traballo é axeitado” (3.93). En resposta á pregunta de “En xeral, síntome satisfeito/a co meu traballo”, esta valoración foi de 4.04 no curso 2023/24, practicamente idéntica a de 2022/23 (4,00).

Detección de necesidades de persoal de apoio a docencia

O desenvolvemento desde máster implica a xestión dun alto número de desprazamentos de prácticas, coordinación de profesorado e centros non universitarios, así como intelcción con empresas nacionais e internacionais e realización de convenios coas mesmas (para as prácticas en empresa dos alumnos). Todo isto carrea unha alta carga de tarefas administrativas e de xestión que deben levar a cabo os coordinadores. Aínda que se conta coa axuda dos xestores/as académicos de centro nas respectivas sedes esta axuda é insuficiente porque os xestores ocúpanse de tódalas titulacións do centro. Polo tanto desde o equipo de coordinación do máster, reclámase desde fai tempo poder contar con algún tipo de persoal de apoio dedicado exclusivamente a xestión dos másteres

4.2.5.- Máster Universitario en Bioloxía Mariña

Suficiencia e adecuación

O persoal de apoio nas tres universidades inclúe 3 xestores de Centro, un por cada universidade, e outro persoal que inclúe persoal de servizos, administrativos, bibliotecarios, etc. En concreto, a Facultade de Bioloxía da USC, que é a que coordina o título, conta co seguinte persoal de administración: 1 responsable de unidade, 1 responsable de asuntos económicos, 1 secretaria de decanato e 2 postos bases. O persoal de administración aumentou en 1 persoa respecto ao contemplado na memoria. A Facultade de Bioloxía conta tamén con 7 membros do PAIS (Punto de Atención, Información y Servicios): 1 responsábel e 6 oficiais técnicos. O coordinador do máster na USC contou coa axuda da xestora académica da Facultade de Bioloxía, persoa enormemente valiosa polo seu apoio xeneroso e constante, vital para desenvolver adecuadamente moitas das tarefas de xestión académica e administrativa do Máster.

Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia

No caso da USC, esta institución preocúpase por manter actualizados os coñecementos do seu persoal, para o que se organizan cursos de adecuación e actualización. Así, o 66.67% do PTXAS da Facultade de Bioloxía da USC realizou algún curso de formación no curso 2023/2024, sendo a evolución deste indicador moi positiva no último curso: 44 % (2017/18), 2018/19 (61.54 %), 72.73% (2019/20), 52.00% (2020/21), 46.15 % (2021/22), 69.23 % (2022/23), 66.67 (2023/24) (Indicador I6-I7. PARTICIPACIÓN DO PDI E PAS NOS PLANS DE FORMACIÓN 2023/2024, proporcionado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC). A valoración destes cursos por parte do PTXAS no curso 2023/24, unha enquisa cunha taxa de resposta do 54.54% (INF.11, INFORME DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN MEDIA DO PAS COAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DESENVOLVIDAS 2023/2024), foi moi boa (valoración global de 7.98 sobre 10 puntos). Nos dispoñemos datos no caso da UDC e UVigo.

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.

No caso da USC, que é a universidade coordinadora do título, a satisfacción do PAS da Facultade de Bioloxía co traballo desenvolvido é boa, tal e como o indica o valor do indicador 5010_INF.21_2022-2023 (curso 2023/24; taxa de resposta do 33,33%), que ten unha valoración ≥ 4 (sobre 5 puntos) en case todos os ítems, salvo os seguintes: “Estou coordinado con outras unidades da universidade” (3.50), “O meu lugar de traballo é seguro (non percibo pouca salubridade ou toxicidade no ambiente, etc.)” (3.99), “O meu posto de traballo está en boas condicións (mantemento das instalacións ou do mobiliario, por exemplo)” (3.88), “Sintome motivado/a no meu traballo” (3.99), “As miñas condicións laborais (salario, horarios, organización, etc.), son axeitadas”. (3.88), “Sinto que a persoa responsable da unidade coordina e dirixe correctamente ao equipo de traballo” (3.97) e “O sistema de reparto de cargas de traballo é axeitado” (3.93). En resposta á pregunta de “En xeral, sintome satisfeito/a co meu traballo”, esta valoración foi de 4.04 no curso 2023/24, practicamente idéntica a de 2022/23 (4,00).

Detección de necesidades de persoal de apoio a docencia

A organización deste máster supón unha complexa xestión que inclúe numerosos desprazamentos para prácticas, coordinación entre profesorado e centros non universitarios, así como a interlocución con empresas. Ademais, é necesario establecer convenios con estas entidades para facilitar as prácticas dos estudantes. Todo este proceso implica unha elevada carga de traballo administrativo e de xestión que recae sobre os coordinadores do máster. Aínda que se conta co apoio dos xestores/as académicos dos centros da USC, UDC e UVigo, esta colaboración resulta insuficiente, xa que estes profesionais

deben atender todas as titulacións do centro. Por este motivo, desde o equipo de coordinación do máster lévase tempo solicitando a incorporación de persoal de apoio específico, dedicado exclusivamente á xestión dos másteres.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oríentano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

5.1 Calidade nos recursos materiais e servizos. Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:

- *Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.*
- *Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.*
- *Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de*

reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos de reprografía; bibliografía recomendada, etc.

- Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.

5.2 Orientación académica. *Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.*

5.3 Xestión académica. *Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.*

5.4 Programas de acollida. *Os programas de acollida e apoio ao alumnado oríéntano no funcionamento da institución.*

5.5 Prácticas externas. *No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalación onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.*

5.6 Satisfacción nos recursos e servizos.

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos

5.1.- Calidade nos recursos materiais e servizos

Facultade de Bioloxía

Infraestruturas: Aulas, laboratorios, salas de xuntas e espazos para o estudantado

Os recursos cos que conta a Facultade de Bioloxía son axeitados para o desenvolvemento do procesos formativos e dos títulos que se están a impartir na actualidade, non habendo problemas de dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións ou na biblioteca. Os recursos materiais postos a disposición dos estudantes son tamén os adecuados para que os estudantes poidan adquirir as competencias e resultados de aprendizaxe descritas nas memorias dos diferentes títulos. Así, o equipamento e material científico-técnico é suficiente e constantemente está sendo renovado.

A Facultade de Bioloxía, que foi amplamente reformada e renovada de xeito integral (as obras finalizaron no ano 2013), dando lugar a uns espazos e equipamentos modernos e funcionais, presenta aulas de uso xeral con diferentes capacidades, aulas de informática, aulas de seminario, laboratorios de prácticas e outra serie de espazos para o alumnado e outros que se enumeran un pouco máis abaixo, dispoñendo de rede WIFI en todo o edificio. A Facultade dispón, en edificios satélites ao carón da facultade, de invernadoiros, incluíndo un totalmente automatizado. Igualmente, no curso 2023/24 a Facultade contaba con tres estacións biolóxicas (A “Estación de Bioloxía Mariña da Graña”, a “Estación de Hidrobioloxía Encoro do Con” e a “Estación Científica do Caurel”), pero en xullo de 2025 soamente as dúas primeiras dependen da facultade. A maior parte dos espazos son accesibles a persoas con discapacidades físicas que afecten á mobilidade e presentan prazas de aparcamento reservadas nas proximidades dos accesos. A continuación, se describen os recursos materiais e servizos dispoñibles máis polo miúdo: ENLACE:

- **13 aulas para a docencia expositiva**, de diferente capacidade: Aula 01, Charles Darwin (91 postos); Aula 02, Gregor Mendel (91 postos); Aula 03, Carl Linneo (95 postos), Aula 04, James Watson y Francis Crick (141 postos), Aula 05 (videoconferencia), Rita Levi Montalcini (58 postos), Aula 06, Diane Fosey y Jane Goodall (58 postos), Aula

07. Konrad Lorenz (75); Aula 08, Louis Pasteur (96 postos); Aula 09. Barbara McClintock (86 postos); Aula 10 (52 postos), Aula 11 (56 postos), Aula 12, Vasili Dokucháyev (49 postos). Engadese a aula do edificio do CIBUS, con capacidade para 35 postos con mesas de escritura.

- **10 laboratorios de prácticas** (Laboratorio 01, Isidro Parga Pondal; Laboratorio 02, Baltasar Merino; Laboratorio 03, Ramón Sobrino Buhigas; Laboratorio 04, José Andrés Cornide y Saavedra; Laboratorio 05, Cruz Gallástegui Unamuno; Laboratorio 06. Salustio Alvarado Fernández; Laboratorio 07, José M^a Bermúdez de Castro; Laboratorio 08, Mariano Barbacid; Laboratorio 09, Ginés Morata Pérez; Laboratorio 12, Carlos M. Herrera Maliani), con capacidades entre 20 e 32 postos, que contan cos equipos necesarios para realizar as practicas incluídas na programación docente das diferentes materias. Na páxina web do centro publícase o material de prácticas de laboratorio e campo existente.
- **5 aulas de seminario con mesas modulares** (Aula Seminario 1, Edward Osborne Wilson; Aula Seminario 2, Stephen Jay Gould; Aula Seminario 3, Félix Rodríguez de la Fuente; Aula Seminario 4, Jacques Ives Cousteau; Aula Seminario 5. Rachel Louise Carson) con capacidade entre 14-20 postos.
- **1 Aula Videoconferencia** Sir David Attenborough, con capacidade para 30 persoas.
- **1 Aula Magna Santiago Ramón y Cajal**, con capacidade para 230 persoas en butacas con mesas de escritura.
- **1 Salón de Grados Severo Ochoa**, con capacidade para 70 persoas en butacas con mesas de escritura.
- **1 Sala de Xuntas**
- **2 aulas de informática** (18-22 postos cada unha), que no caso da aula 1 e 2 contan con todos os ordenadores necesarios equipados cos programas necesarios para a realización das prácticas de bioinformática, ademais de canón de vídeo e pantalla de proxección interactiva.
- **1 espazo adicional (aula 13)** que estase tratando de dotar (mobiliario e instrumental de prácticas)
- **2 espazos para o alumnado**, conformados por un área de traballo en grupo na biblioteca (20 postos) e zonas WIFI nos corredores da Facultade de Bioloxía con mesas e bancos onde o alumnado pode traballar, descansar, ou comer. Os alumnos/as teñen á súa disposición un local de alumnos/as de 71 m² con capacidade para 25 postos e equipado con microondas e neveira para que poidan comer no Centro. Tamén contan cunha sala de traballo en grupo de 82 m² e uns 20 postos.

As aulas contan con encerado, conexión a rede, computador, canón de vídeo, pantalla de proxección, cámaras web e sistema de son adaptadas para o emprego da aplicación MS-teams e teñen excelente iluminación, tanto natural como eléctrica. Na aula de videoconferencia, aula 5, aula CIBUS e na aula seminario 4 existen sistemas de videoconferencia completos.

Accesibilidade, seguridade e medio ambiente

Todas as aulas (de docencia e informática) presentan capacidade para 2 persoas con discapacidade motriz (a Aula Magna con 4 e as aulas seminario con 1 posto destas características), a maiores do exposto anteriormente. A aula 5 está equipada cunha rampla de acceso á tarima para discapacitados. O centro ten outras rampas de acceso, baños adaptados, ascensores e unha praza de aparcadoiro cuberta para persoas con discapacidade motriz, o que é completamente necesario nun clima como o de Santiago de Compostela. En definitiva, o centro cumpre a normativa de accesibilidade universal e deseño para todos.

No centro cómprese as normativas de seguridade e hixiene, tanto nos espazos comúns como nos laboratorios onde as actividades xeran máis riscos. Os/as alumnos/as deben ler estas normas e asinar o documento acreditativo do coñecemento das normas de funcionamento correcto nas prácticas das materias, así como a que se comprometen á súa aplicación; a sinatura deste documento é obrigatoria para poder realizar as prácticas, tanto de campo como de laboratorio. Ademais, anualmente realízase un simulacro de emerxencia e revísanse os plans de auto protección nos edificios do CIBUS e da

Facultade.


Ademais, como non podía ser menos, a Facultade de Bioloxía está comprometida co medio ambiente, a axenda 2030, os ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible) e a seguridade. Así, conta con sistemas de recollida selectiva de refugallos como o papel, plásticos, pilas, recambios de impresoras, etc., así como dos produtos tóxicos empregados nos laboratorios. Tamén está comprometida coa redución do consumo enerxético e o uso de enerxías alternativas. Así, dentro da obra RAM acometida no curso 2022/23 realizáronse melloras para o illamento térmico no laboratorio 4 (5.732,68 €) e fixéronse melloras nos espazos do Decanato e Salón de Graos para mellorar a súa eficiencia enerxética con novas ventás, estores e vinilos protectores (37.436,99 €). Ademais, colaborou co plan de aforro enerxético da USC mediante a adecuación dos horarios así como no proxecto de enerxía renovable, polo cal instaláronse paneis solares nas cubertas da Facultade de Matemáticas e Bioloxía.

Biblioteca da Facultade de Bioloxía: Fondos bibliográficos e recursos documentais

A Facultade de Bioloxía conta coa Biblioteca Víctor López Seoane, un lugar excepcional de 1.071 m² distribuídos en dous niveis con capacidade para 269 postos de lectura e unha área de traballo en grupo, de 32 m², para 20 persoas . Todos os postos teñen acceso directo aos fondos bibliográficos con enchufe e sistema de luz independente. O cadro de persoal da Biblioteca está composto por seis traballadores das seguintes escalas: 2 axudantes de biblioteca (quenda de mañá) e 4 auxiliares de bibliotecas (2 en quenda de mañá e 2 en quenda de tarde). En decembro do 2024 unha das persoas auxiliares xubilábase e é substituída por outro compañeiro que ocupa dita praza en comisión de servizos.

Os fondos bibliográficos impresos da biblioteca da Facultade de Bioloxía, suman un total de 21.752 títulos e 31.227 exemplares (a 31/12/2024), dos que 8.536 son libros do fondo de alumnado e 17.628 libros do fondo de investigación. Entre os fondos que alberga esta biblioteca destaca unha extensa colección de 789 mapas, maioritariamente topográficos e xeolóxicos. Nela tamén se atopa o Centro SECS de Documentación de Ciencias do Solo en España, resultado dun acordo entre a USC e a Sociedade Española de Ciencias do Solo (SECS) do 4 do outubro de 2019. Dende a súa inauguración o 7 de xullo de 2022 fóronse incorporando fondos doados por personalidades referentes neste ámbito. Ata o 2025 xestionáronse os donativos de: Carlos Roquero de Laburu, Mariano Magister Hafner, Jaume Porta Casanelas e Georges Stoops. En menor medida, polo volume de fondos doados tamén se incorporaron exemplares doados por Jorge Mataix, Eduardo García Rodeja e outros. No curso 2023/2024 incorporáronse ao Centro SECS un total 556 títulos, todos eles doados por membros da SECS ou ben profesorado que se xubilo un este curso doando exemplares para custodialos neste fondo. Por outra banda a Biblioteca de Bioloxía encárgase de xestionar os fondos documentais do Museo de Historia Natural “Luís Iglesias” que conta actualmente con 2.993 exemplares de monografías, 59 títulos de revistas, 65 mapas e 3 folletos, en total 3.120 exemplares. No curso 2023/2024 incorporáronse á colección do MHN, 100 exemplares, todos eles sempre procedentes de doazóns.

En canto á bibliografía recomendada para os graos de Bioloxía e Biotecnoloxía, na BUSC están representados máis do 90% dos exemplares de bibliografía recomendada básica. Tódalas peticións recibidas por parte do profesorado son aceptadas e tramitadas co orzamento destinado á compra de recursos bibliográficos desta biblioteca. Na seguinte gráfica recóllense as cantidades gastadas :



Por outra banda, a Biblioteca de Bioloxía tamén destina unha parte do seu orzamento á adquisicións de coleccións de libros electrónicos, destinados fundamentalmente ao alumnado. A continuación detállase na gráfica o reparto do orzamento nestes dous anos (2023 e 2024). No 2024 reduciuse o gasto en p. periódicas e coleccións electrónicas pero non foi en detrimento do número de recursos adquiridos, senón pola baixada do prezo dos mesmos.



A través do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia(CISUG) accédese a multitude de coleccións electrónicas de editoriais e distribuidores de gran prestixio internacional de información científica como Elsevier, Springer, Wiley, Taylor and Francis, Oxford, Cambridge, etc. Algúns dos recursos electrónicos máis importantes para as áreas descoñecemento desta facultade son os seguintes: **Interdisciplinares:** WOS e Scopus **Específicos das distintas áreas de interese para Bioloxía e Biotecnoloxía:** Asfa - Aquatic Sciences & Fisheries Abstracts, Earth, Atmospheric & AquaticScience, Agris BioMed Central Cell CINAHL ClinicalKey Student Encyclopedia of Wildfires and Wildland-Urban Interface (WUI) Fires EUREKA - Editorial Médica Panamericana Ovid Health SciFinder-n US Pharmacopeia Medline Pubmed Central

O Acordo do Consello de Goberno do 5 de xullo de 2016 regula o recoñecemento de créditos nas titulacións de grao pola adquisición de **competencias en información (CI)** a través dos cursos que estableza a Universidade con base no programa de formación proposto pola Biblioteca Universitaria. A BUSC ofrece formación en CI desde o curso 2008-2009 pero non foi ata o 2018-2019 que a USC aprobou a Resolución Reitoral que faría posible o recoñecemento de créditos ECTS por esta actividade transversal. Desde entón, cada curso académico apróbase unha resolución reitoral coa programación anual de actividades CI da BUSC, nos que se enmarcan os cursos impartidos pola Biblioteca de Bioloxía. No curso 2023-24 realizáronse dúas edicións (1 en cada cuadrimestre) dos cursos básicos e avanzado de **Competencias en Información** (ver táboa). Similarmente, o curso de Nivel Básico e Avanzado sitúase dentro do marco competencial establecido por REBIUN no seu documento Definición de Competencias Informacionales (CI) (2014).


A UE integra as CI dentro da competencia dixital, e define esta como unha das oito competencias chave que todo estudante debe ter adquirido ao rematar a súa formación académica. O documento europeo DIGCOMP 2.2. (DIGCOMP 2.2.Marco de

Competencias Digitales para la Ciudadanía con nuevos ejemplos de conocimientos, habilidades y actitudes (2022)) establece 21 competencias dixitais, repartidas en 5 Áreas: Área 1: Información e tratamento de datos; Área 2: Comunicación e colaboración; Área 3: Creación de contido dixital; Área 4: Seguridade; Área 5: Resolución de problemas Estas cinco áreas están reflectidas nos cursos impartidos (nivel básico e avanzado), avaliando as competencias a través das actividades obrigatorias realizadas no mesmo. Estas cinco áreas están reflectidas nos cursos impartidos (nivel básico e avanzado), avaliando as competencias a través das actividades obrigatorias realizadas no mesmo


FORMACIÓN DE USUARIOS		
Formación non regrada. Curso 2023/2024		
Datas	Curso en liña - Campus Virtual USC	Alumnos
Oct. 2023	Competencias en Información – Nivel Básico – 1ª ed.	85
Oct. 2023	Competencias en Información – Nivel Avanzado – 1ª ed.	36
Feb. 2024	Competencias en Información – Nivel Básico – 2ª ed.	43
Feb. 2024	Competencias en Información – Nivel Avanzado – 2ª ed.	36

RESULTADOS ESTATÍSTICOS DA FORMACIÓN NIVEL BÁSICO e AVANZADO (1ª e 2ª ed.)


Nas seguintes gráficas podemos ver desagregados os datos do alumnado matriculado, así coma os aptos e non aptos dos cursos básico e avanzado nas dúas edicións.




CI BÁSICO. 1ª Edición. Out. 2023




CI BÁSICO. 2ª Edición. Feb. 2024



CI AVANZADO. 1ª Edición. Feb. 2023




CI AVANZADO. 2ª Edición. Feb. 2024




A biblioteca tamén participou en 4 horas de docencia no MU de Bioloxía Mariña; en concreto, na materia de “*Deseño Experimental e Recursos da Información*”, onde como ben indica o nome da materia inclúense recursos de información.

En canto ao equipamento, a Biblioteca da Facultade de Bioloxía conta actualmente con dous equipos de consulta ao catálogo para os usuarios e 6 portátiles de préstamo en sala. As salas de lectura están perfectamente dotadas de puntos de luz e conexións eléctricas. Dispoñemos ademais dunha sala de traballo en grupo para 20 persoas.


En canto as redes sociais, dende decembro de 2023 a biblioteca conta cun perfil de Instagram ([@busc_bioloxia](#)) coa finalidade de establecer unha nova canle de comunicación cos usuarios a través das redes sociais. No curso 23/24 fomos aumentando o número de seguidores e continuando a difusión de recursos de información, e material visual a través desta canle para conectar co alumnado e motivar a súa interacción.



En relación co repositorio MINERVA, continuouse subindo ao repositorio institucional da USC os TFG e TFM con matrícula de honor; no primeiro caso respectando os 2 anos de embargo e sempre coa autorización previa necesaria para a súa publicación en Minerva. Do Grao de Bioloxía só están subidos os do curso 21/22 e 22/23 con Matrícula de Honor. Actualmente hai un total de 21 documentos (do Grao de Biotecnoloxía soamente hai 1 TFG depositado).



En canto á produción científica subida dos departamentos, contase actualmente con 881 documentos.



En relación coas actividades dinamizadoras realizadas, a Biblioteca de Bioloxía ten como finalidade, igual que calquera biblioteca universitaria, cumprir a función de apoio ao estudo, a docencia e a investigación. Sen embargo, a visión da biblioteca é tamén moi importante en canto ao papel dinamizador da mesma, de aí as distintas actividades que organiza ao longo do ano, moitas delas complementadas coa actividade desenvolvida na propia facultade. Nesta liña temporal represéntanse a modo de exemplo as realizadas no ano 2024:

2024. Actividade dinamizadora na BUSC_Bioloxía



(*) Xullo e agosto non quedan reflectidos ao ser horario non lectivo e xornada con redución horaria.

Finalmente, en canto as cuestións medioambientais e de aforro enerxético, neste momento o horario de apertura habitual da biblioteca da Facultade de Bioloxía é de luns a venres de 8:30 h a 20:00 h, estando pechada os fins de semana e festivos. Sen embargo, en épocas de exames no Campus de Santiago de Compostela, a BUSC adoita ofertar horarios extraordinarios (1 maio a 1 xuño; 8:30-22:00 h; incluídos os sábados, domingos e festivos) que afectan á Biblioteca da Facultade de Bioloxía.

En canto á biblioteca da Facultade de Bioloxía, a Federación Internacional de Asociacións de Bibliotecarios e Bibliotecas (IFLA) impulsou que se recoñecesen ás bibliotecas como institucións fundamentais para acadar os ODS, xa que o acceso á información foi recoñecido no Obxectivo 16 (Objetivo 16.10. "Garantizar el acceso público a la información y proteger las libertades fundamentales, de conformidad con las leyes nacionales y los acuerdos internacionales"). En España, no IV Plan estratégico de REBIUN 2020-2023, a liña estratéxica número 4, Axenda 2030, está a cargo da meta 4 "Impulsar la contribución de las bibliotecas universitarias y científicas a la Agenda 2030". A USC comprometida institucionalmente coa consecución destes ODS impulsa accións encamiñadas a este fin. Neste senso a Biblioteca de Bioloxía a través de exposicións bibliográficas e do seu perfil de Instagram está intentando sensibilizar sobre os diversos ODS que directa ou indirectamente estean relacionados con algunhas áreas dos estudos impartidos na Facultade de Bioloxía.

Programas de acollida e de apoio ao estudante

Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución. Así, o 13 de setembro de 2023 (12:00 a 14:00) celebrouse na Aula Magna da Facultade de Bioloxía un acto de benvida conxunto para os/as alumnos/as de primeiro de Bioloxía, Biotecnoloxía e do Dobre Grao de Química-Bioloxía. Nese acto participaron D^a Pilar Murias Fernández, Vicerreitora de Estudantes e Cultura, quen realizou a apertura e peche do acto; D. Jesús Ángel López Romalde, Decano da Facultade de Bioloxía, quen fixo a presentación do equipo decanal e aportou información académica e recomendacións de especial interese para o estudantado; D^a M^a Lapido Silva, Xestora de centro, quen proporcionou información administrativa de especial interese para o estudantado e presentou a información contida na web da facultade; D. Javier Sampedro Jiménez, Coordinador do Grao en Biotecnoloxía, quen presentou os equipos de coordinación de Bioloxía e Biotecnoloxía, comentou aspectos prácticos de inicio de curso e realizou a enquisa de perfil de ingreso e falou das normas

xerais de seguridade nas prácticas; D^a Celia Pinaque Parrado, quen presentou o equipo do PAIS aos estudantes e enumerou as diferentes funcións que realizan; D. Anxo Doval. Director da Biblioteca da Facultade de Bioloxía, que fixo a presentación dos servizos da biblioteca e comentou os cursos de formación básico e avanzado en recursos da información; D. Javier Rico Díaz, Delegado do Reitor para o Deporte na USC, quen presentou as actividades deportivas e culturais na USC; D^a Katerina Vlasakova, Directora do Centro de Linguas Modernas da USC, quen presentou os cursos de idiomas no CLM; Alba Dieste Caamaño e Iria Bodelo Grovas, representantes do estudantado nos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía, respectivamente; representantes das organizacións de estudantes da facultade (Bota e Bata). Este evento complementou os organizados desde a Vicerreitoría de Estudantes e Cultura no mes de setembro (xornadas de inicio de curso; Do 18 ao 29 de setembro de 2023 en Lugo e Santiago).

Por outro lado, para o alumnado de cursos superiores, especialmente de 2º e 3º, no curso 2023-24 realizáronse as seguintes reunións informativas:

- **Programas de mobilidade:**
 - **Charla presentación da convocatoria Erasmus 2024 a alumnos/as do grao de Bioloxía**
 - **Charlas sobre programa SICUE 2024**
- **Programa de prácticas externas e TFG:**
 - **A charla sobre o programa de prácticas externas (Bioloxía)**
 - **A charla informativa sobre o TFG para os graos de Bioloxía e Biotecnoloxía**

O Plan de Acción Tutorial (PAT) da Facultade de Bioloxía, que xurdiu a raíz do obxectivo de calidade OC-6 e da acción de mellora AM-6 (tarefa AM-6.02) do plan de melloras do centro 2022/23 (Memoria de calidade 2020/21) e que foi aprobado pola Xunta de Facultade (18 xaneiro 2024), recolle moitas destas sesións informativas que xa e estaban a facer na facultade en relación cos programas de mobilidade SICUE/ERASMUS, o TFG e as prácticas externas, así como outras novas, como a presentación das liñas de investigación dos diferentes grupos de investigación da Facultade e do CIBUS en relación cos TFGs ou a charla sobre como elaborar un TFG experimental ou bibliográfico.

Tamén se celebraron no curso 2023/24 na Facultade de Bioloxía outras serie de actividades que creemos que contribuíron a reforzar, algunha das cales tamén forma parte do PAT. A continuación aportase unha listaxe non exhaustiva das actividades realizadas, sen ter en conta todas aquelas que foron realizadas no contexto das actividades interactivas das materias dos graos e mestrados:

- **23-27/10/2023 OutonoBioFest 2023** (1ª ed). Celebrado na Facultade do 23 ao 27 de outubro de 2023. Está orientado a formación do estudantado dos graos e mestrados, aínda que está aberto a persoas de fóra da Facultade. Combinou mesas informativas, visitas a laboratorios, charlas especializadas, mesas redondas e proxeccións audiovisuais. Participaron grupos de investigación da facultade (p. ex., BIOAPLIC, ECOTOX, NEURODEVO, BIOLINFO, AQUABIOTEC, entre outros) e entidades externas como o COBGA, BIOGA e Galbiotec. Houbo visitas aos laboratorios e ao acuario, ademais de mesas con demostracións nos corredores e charlas sobre a carreira investigadora, a divulgación científica e o papel dos biólogos en institucións como o Museo de Historia Natural. A actividade fomentou tamén a participación do estudantado, destacando a implicación da asociación “Bota e Bata” e a organización do “Coloquio con

Novas Investigadoras” pola Comisión de Normalización Lingüística, promovendo a igualdade e o uso do galego na ciencia.

- **3/11/2023-1/12/2023. Concurso “BIOpostal NADAL 2023”.** Lanzouse a convocatoria o día 21 de novembro. Presentáronse 15 biopostais (fronte as 5 do curso 2022/23). O xurado, reunido o 5 de decembro de 2023 no Decanato da Facultade de Bioloxía, acordou outorgar o premio BIOPOSTAL NADAL BIOLOXÍA 2022 a estudante María Bernárdez García.
- **13/12/2023 Faíscas Culturais de Bioloxía.** O programa Faíscas Culturais é unha iniciativa da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura que ten como obxectivo prender a reflexión cultural nas aulas da USC e complementar a formación do estudantado a través de intervencións e actividades de carácter cultural: <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/cultura/extension/faiscas-culturais> No Acto Faíscas Culturais de Bioloxía, celebrado o 13 de decembro de 2023 na facultade, presentáronse cinco obras artísticas elaboradas polo estudantado de 1º curso; dúas eran obras individuais e tres foron colectivas, sendo mulleres tódalas autoras. Cada obra foi comentada por unha autora ante o público presente. O remate do Acto cada autora foi agasallada con un libro.
- **22/12/2023 Acto Académico de Nadal.** Celebrouse o 22 de decembro de 2023 na Aula Magna da Facultade de Bioloxía. Trátase dunha actividade institucional que contou coa participación do estudantado, PDI e PTXAS. O programa incluíu unha benvinda institucional, unha conferencia titulada “¿Qué es la vida?”, impartida polo profesor Jaime Gómez Márquez, do Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular, e a entrega do premio BIOpostais 2023 e das insignias de ouro da Facultade ao persoal xubilado durante o ano. O acto rematou cun viño de Nadal.
- **26/01/2024 Entrega premios COBGA ao mellor TFG e TFM.** O 26 de xaneiro de 2024 tivo lugar o acto de entrega destes premios. A Facultade de Bioloxía participou nesta iniciativa, tanto a través do seu estudantado premiado como mediante a presenza institucional no acto.
- **30-31/01/2024 e 1-2/02/2024. “Encontros na zona USC 2024”.** Os días 30 e 31 de xaneiro e 1 e 2 de febreiro de 2024 celebrouse unha nova edición dos “Encontros na zona USC 2024”, unha iniciativa dirixida ao alumnado de bacharelato que ten como obxectivo achegar os centros universitarios aos futuros estudantes. A Facultade de Bioloxía organizou visitas guiadas ás súas instalacións e aos laboratorios do CIBUS.
- **06/02/2024. Charla “Plants in a warmer world”.** Celebrouse as 12:00 no Salón de Grados da Facultade unha charla do Dr. Raimundo Bermúdez, que realizou a súa tese doutoral na área de Ecoloxía baixo a dirección do profesor Rubén Retuerto Franco. A charla trataba sobre o impacto do cambio climático nas plantas, investigacións que está a realizar no grupo do profesor Peter Reich na Universidade de Minnesota.
- **13/2/2024. Reel en Instagram en conmemoración do DÍA INTERNACIONAL DA MULLER E NENA NA CIENCIA.** O 13 de febreiro de 2024, a Facultade de Bioloxía sumouse á conmemoración do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia (11 de febreiro) mediante a publicación dun reel na súa conta oficial de Instagram, co obxectivo de darlle visibilidade e poñer en valor o papel das mulleres na investigación científica.
- **22/02/2024 e 29/02/2024. Os alumnos da materia G1051226 – Inmunoloxía visitan as instalacións de ADOS.** Os días 22 e 29 de febreiro de 2024, o alumnado da materia G1051226 – Inmunoloxía realizou visitas formativas ás instalacións da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), organizadas pola profesora Pilar Arias Crespo en colaboración co persoal técnico da axencia e coa súa directora, Marisa López García.
- **29/02/2024. Charla “Proxería: ter un neno ancián”.** Realizada co gaio do Día Internacional das Enfermidades Raras, tivo lugar no Salón de Graos da Facultade de Bioloxía esta charla impartida polo Dr.

Ricardo Villa Bellosta, especialista nesta enfermidade rara e investigador do Departamento de Bioquímica e do CiMUS.

- **01/03/2024: Lectura do Manifesto RUIGEU (Rede de Unidades de Igualdade de Xénero para a Excelencia Universitaria).** O 1 de marzo de 2024, no marco da conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, tivo lugar na Universidade de Santiago de Compostela a lectura do Manifesto RUIGEU, promovido pola Rede de Unidades de Igualdade de Xénero para a Excelencia Universitaria.
- **08/03/2024. Exposición “Ciencia x mulleres”.** O 8 de marzo de 2024, coincidindo co **Día Internacional das Mulleres**, tivo lugar na Facultade de Bioloxía da USC a inauguración da exposición **“Ciencia x Mulleres”**, organizada pola **Comisión de Igualdade de Xénero da facultade**. A mostra foi inaugurada ás 12:00 h e estivo dedicada a **dar visibilidade ao traballo científico realizado por biólogos**, tanto no ámbito académico como no profesional.
- **Marzo 2024. “Unha enxeñeira ou científica en cada cole”** A actividade “, na que colaborou a Facultade, tivo lugar no marco da conmemoración do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia (11 de febreiro). Esta iniciativa, promovida pola Oficina de Igualdade de Xénero da USC, consistiu na realización de obradoiros en centros de educación primaria, impartidos por investigadoras e profesoras da universidade, co obxectivo de darlle visibilidade ao papel das mulleres nas disciplinas STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) e ofrecer referentes femininos ás nenas desde idades temperás. Os vídeos desta actividade poden verse no seguinte URL: <https://unhaencadacole.gal/>
- **Marzo 2024. Vídeo “Biólogas Españolas” elaborado pola Biblioteca da Facultade de Bioloxía.** En conmemoración do Día da muller e da nena na ciencia.
- **04/03/2024-19/03/2024. Exposición “Nosas amigas as cegoñas”.** Cedida temporalmente pola Asociación “Amigas das cegoñas” coa colaboración de “Ecoloxistas en Acción-Ourense”. O 5 de marzo de 2024 as 17:00 tivo lugar a inauguración a cargo da Dra. Zulema Varela Río, Investigadora María Zambrano (CRETUS, Dpto. Bioloxía Funcional) e socia de Amigas das Cegoñas.
- **19/03/2024 Conferencia “Unha carreira en Antropoloxía Física Forense: das fosas da guerra civil ás momias exipcias”.** As 12,30 h, celebrouse na Aula Magna da Facultade esta charla impartida pola Dra. María Benito Sánchez, da Escola de Medicina Legal de Madrid- Dpto. Medicina Legal, Psiquiatría e Anatomía Patolóxica.
- **20/03/ 2024. Charla “O esquecido xenoma materno”.** O 20 de marzo de 2024, ás 12:00 h no Salón de Graos da Facultade de Bioloxía, tivo lugar a charla titulada “O esquecido xenoma materno”, impartida pola doutora Aurora Gómez-Durán, investigadora do Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular e líder do grupo MitoPhenomics Lab do CIMUS. Esta actividade foi organizada polo propio alumnado do Grao en Bioloxía, en conexión coa conmemoración do 8M, Día Internacional da Muller. A charla centrouse na importancia do xenoma mitocondrial, un compoñente esencial da herdanza materna que adoita quedar relegado nas narrativas tradicionais da xenética. A través dunha perspectiva científica e divulgativa, a doutora Gómez-Durán puxo en valor o papel das mitocondrias na saúde, na evolución e nas enfermidades humanas, ofrecendo ao estudantado unha visión actualizada e crítica sobre este campo de estudo. Esta actividade tivo unha gran relevancia formativa para os graos en Bioloxía, Biotecnoloxía e o Dobre Grao en Química-Bioloxía, ao combinar contidos científicos de alto nivel cun enfoque de igualdade e reforzar a presenza das mulleres na ciencia. Ademais, ao ser organizada polo propio alumnado, promoveu a súa participación activa, a capacidade de xestión e a implicación na vida académica da facultade, reforzando así unha formación integral, crítica e comprometida coa sociedade.
- **08/03/2024 Exposición itinerante “Vacinando, Dous séculos e sumando!”.** As 12 da mañá, acompañados polo equipo de FarmaMundi, inaugurouse nos corredores da Facultade de Bioloxía a exposición itinerante “Vacinando, Dous séculos e sumando!”. Esta exposición, baseada no libro homónimo

dos autores Raquel Carneiro Gómez e Luís Marcos Nogueiras, consta dunha serie de paneis que abordan diferentes cuestións relativas ás vacinas, como a súa historia, os bulos e mentiras ao redor delas, ou o calendario de vacinas actual.

- **11/04/2024-11/05/2024. Exposición "O desastre ambiental do Prestige"**, Entre o 11 de abril e o 11 de maio de 2024, a entrada da Facultade de Bioloxía acolleu a exposición "O desastre ambiental do Prestige", organizada pola asociación Ecoloxistas en Acción. Esta mostra, centrada nun dos maiores desastres ecolóxicos da historia recente de Galicia, ofreceu unha análise crítica e documentada das consecuencias ambientais, sociais e políticas do afundimento do petroleiro en 2002. A exposición tivo un alto valor formativo para o estudantado, especialmente para os alumnos e alumnas do Grao en Bioloxía, ao permitirlles comprender de maneira directa o impacto real que poden ter os desastres ambientais sobre os ecosistemas mariños e costeiros, así como a importancia da ciencia na avaliación, mitigación e prevención destes eventos. Ademais, promoveu a reflexión sobre a responsabilidade social e ambiental da comunidade científica e a necesidade dunha cidadanía activa e informada. Esta actividade contribuíu a complementar a formación académica cunha perspectiva crítica e interdisciplinar, reforzando o compromiso da Facultade de Bioloxía coa educación ambiental e coa sensibilización sobre os retos ecolóxicos actuais
- **22/04/2024-25/04/2024. Curso COBGA sobre Ferramentas técnicas na xestión de recursos marisqueiros. Módulo 1. Avaliación dos recursos e caracterización do medio.** Desenvolveuse nas instalacións do CIBUS en horario de tarde (16:30 a 19:45 h) e estivo orientada a proporcionar coñecementos prácticos e actualizados sobre a avaliación dos recursos marisqueiros e a análise das condicións ambientais que os sustentan.
- **23/04/2024. Concurso "Pílulas da Bioloxía"**, con motivo do día do libro (23 de abril). Organizado pola biblioteca da Facultade de Bioloxía e apoiada polo Decanato. Foi realizado con motivo das exposicións temáticas "O desastre ambiental do Prestige" e "Vacinando, Dous séculos e sumando!". A actividade consistiu nunha exposición de bibliografía sobre o tema, incentivando que os estudantes consultasen dita bibliografía complementaria. Ademais, o 8 de maio, en conexión co día das aves migratorias, houbo un sorteo de tres libros (Los lugares secretos de los insectos, de José Carlos Otero; Cadros da Natureza, de Alexander Von Humboldt; e Bioloxía de Scott Freeman) entre os estudantes que respondían as preguntas dun cuestionario on-line (dispoñible ata o 7 de maio) seguindo unha serie de pílulas con pistas que foron deixadas nas mesas da biblioteca.
- **24/04/2024. Xornada formativa "As actividades profesionais dos biólogos"**. Organizado polo COBGA e a Facultade de Bioloxía. Celebrouse na Aula Magna da Facultade de 13:00-14:00. Nesta xornada interviñeron como poñentes o Dr. José Gómez Rial, Facultativo Especialista de Inmunoloxía-CHUS, D^a Cristina García Carballas, Bióloga auditora xefe, e D. Miguel Suárez Couselo, Técnico de Cartografía de Hábitats Terrestres-Tragsatec. Os poñentes falan sobre a o Biólogo Interno Residente (BIR) nos hospitais así como do traballo dos biólogos en cuestións de auditorías de calidade e en cartografía de hábitats terrestres. Esta charla forma parte do PAT e celébrase todos os anos.
- **30/04/2024. Charla do Dr. Lucian HRITCU "Natural compounds for enhancing memory and antioxidant application in neurodegenerative disorders: mechanistic approach"**. O día 30 de abril de 2024 tivo lugar no Salón de Graos da Facultade de Bioloxía unha charla impartida polo Dr. Lucian Hritcu, profesor de Fisioloxía Animal na Alexandru Ioan Cuza University of Iasi (Romanía). Esta actividade contou coa asistencia de estudantes dos graos en Bioloxía e Biotecnoloxía. A conferencia centrouse no estudo de compostos naturais con potencial para mellorar a memoria e combater o estrés oxidativo, abordando o seu posible uso terapéutico en trastornos neurodegenerativos desde unha perspectiva mecanicista.

- **15/05/2024. Ciclo de exposicións EUREKA. Exposición I: O lobo ibérico.** O 15 de maio de 2024 celebrouse na Facultade de Biología a inauguración da Exposición I do Ciclo EUREKA, titulada “O lobo ibérico”, unha iniciativa ideada e desenvolvida polo propio alumnado. Esta mostra centrouse na biología, ecoloxía e conservación do lobo ibérico, abordando tamén os conflitos derivados da súa interacción co ser humano e o seu papel clave nos ecosistemas como especie reguladora. O ciclo EUREKA, ao estar protagonizado polo propio alumnado, fomentou a súa implicación activa na vida académica da facultade e contribuíu a consolidar unha formación integral, conectada cos desafíos ambientais e sociais actuais..
- **11-13/05/2024. Curso de verán "A biología das pequenas e grandes cousas".** O Curso de Verán 2024 titulado “A Biología das pequenas e grandes cousas”, celebrado na Facultade de Biología da USC do 11 ao 13 de xuño de 2024, constitúe unha actividade formativa recoñecida con 1 crédito optativo e aberta a persoas fóra da facultade. O curso estruturouse en catro sesións temáticas que abordaron a biología desde diferentes perspectivas: saúde humana, biotecnoloxía, medio ambiente e divulgación científica, combinando conferencias impartidas por profesionais e investigadores de prestixio con actividades prácticas como visitas guiadas á Estación de Biología Mariña da Graña e ás Fragas do Eume. A programación incluíu temas de actualidade como a biotecnoloxía aplicada á saúde e á industria, a biodiversidade, a contaminación por microplásticos ou a saúde mental, ofrecendo ao alumnado unha visión ampla, interdisciplinar e aplicada da biología. Esta actividade resultou especialmente relevante para os estudantes dos graos en Biología, Biotecnoloxía e do Dobre Grao en Química-Biología.
- **03/06/2024. Ciclo de exposicións EUREKA. Exposición II: Situación da fauna na Península Ibérica.** O 3 de xuño de 2024 tivo lugar a inauguración da Exposición II do Ciclo EUREKA, titulada “Situación da fauna na Península Ibérica”, unha iniciativa creada polo alumnado da Facultade de Biología. A mostra foi presentada ás 12:00 h polos/as estudantes responsables da propia exposición, e situouse no corredor principal da facultade, onde permaneceu aberta ao público desde o 31 de maio ata o 30 de xuño, en horario de 8:30 a 20:30. Esta actividade formou parte dun ciclo de exposicións divulgativas que tiñan como obxectivo fomentar a participación activa do alumnado na comunicación científica, ofrecéndolles a oportunidade de investigar, sintetizar e presentar información relevante sobre temas de interese biolóxico. Neste caso, a exposición centrouse na análise da situación actual da fauna ibérica, abordando aspectos como a perda de biodiversidade, as especies ameazadas e os factores de risco ecolóxico.

Polo tanto, podemos concluír que o programa de acollida no primeiro curso do Grao de Biología oríentano no funcionamento básico da institución. Ademais, o enorme apoio que reciben os estudantes ao longo dos diferentes cursos do grao lles permite profundar no funcionamento da institución e tamén no proceso formativo integral.

Grao en Biología

Recursos materiais no grao

Os recursos cos que conta a Facultade de Biología son axeitados para o desenvolvemento do Grao en Biología, non habendo problemas de dispoñibilidade de 13 aulas para docencia expositiva, 10 laboratorios de prácticas, 5 aulas de seminarios, 1 aula para videoconferencia, 1 Aula Magna, 1 Salón de Graos, 1 sala de xuntas, 2 aulas de informática dotadas cos recursos informáticos correspondentes, a biblioteca da facultade e 2 espazos para o estudantado. As aulas contan con excelente iluminación, tanto natural como eléctrica. O equipamento das aulas de docencia na Facultade de Biología en xaneiro de 2025 mostra unha dotación tecnolóxica ampla e moderna. A maioría das aulas están equipadas con encerados e adaptadas para o emprego da aplicación MS-teams. É dicir, espazos docentes ben preparados para a docencia presencial e híbrida ao dispoñer de micrófonos, altosfalantes e cámaras Laia, canóns de vídeo de varias marcas (EPSON, CASIO, MAXELL, entre outras), ordenadores, conexión de rede (con e sen fíos), pantallas de proxección, tomas de corrente, e enchufes nos pupitres. Ademais, varias aulas contan con micrófonos sen fíos, monitores, televisores, amplificadores, armarios, e sistemas de

videoconferencia. Destaca a Aula Magna pola súa gran capacidade (230+4 prazas) e equipamento audiovisual avanzado. Na aula de videoconferencia, aula 5, aula CIBUS e na aula seminario 4 existen sistemas de videoconferencia completos. O equipamento e material científico-técnico dos laboratorios de prácticas é suficiente e está sendo renovado constantemente. Os recursos, polo tanto, postos a disposición dos estudantes son os adecuados para que poidan adquirir as competencias e resultados de aprendizaxe descritas na memoria do título. Finalmente, a facultade dispón, en edificios satélites ao carón da facultade, de invernadoiros, incluíndo un totalmente automatizado, así como varias estacións biolóxicas (Encoro do Con e A Graña).

Recursos materiais dos Traballos fin de Grao no Grao en Bioloxía

Durante o curso 2023-24, na Facultade de Bioloxía da USC foron lidos un total de 170 Traballos Fin de Grao (TFG), dos cales 42 pertencían ao Grao en Bioloxía (1ª ed., en extinción), 65 no Grao en Bioloxía (2ª edición) e 11 no Dobre Grao Química-Bioloxía. As temáticas tratadas abranguen unha ampla diversidade de áreas: na 1ª ed do Grao en Bioloxía destacan temas como enfermidades humanas, biodiversidade, ecoloxía, contaminación e xenética; na 2ª edición do grao, os traballos céntranse en microbiota, cancro, neurociencia, biotecnoloxía ambiental e cambio climático; mentres que no Dobre Grao aparecen temas interdisciplinares como biotecnoloxía ambiental, simulación computacional e caracterización de hábitats prioritarios.

O Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Bioloxía da USC inclúe varias accións específicas relacionadas co Traballo Fin de Grao (TFG), entre as que destaca unha sesión informativa dirixidas ao alumnado de 3º sobre as liñas temáticas dispoñibles nos grupos de investigación da Facultade de Bioloxía/CIBUS. Dita información é resumida nun documento de liñas de investigación para o TFG, organizadas en diferentes bloques (ambiental, molecular). Inclúe as liñas de traballo de grupos como BiBiCI, ACBiodiv, BIOAPLIC, GEMAP, AMBIOSOL, EcoPast, Biotecnoloxía (BIOTEC), NeuroSist, DITAPREIN, GIPA, FishTRIM, NEURODEVO ou BIOLINFO-TRIAD, entre outros, que abordan temáticas diversas como biodiversidade, conservación, edafoloxía, bioarqueoloxía, embrioxénese somática, neurociencia, inmunoterapia ou biotecnoloxía vexetal. Cada grupo presenta as súas liñas de traballo, investigadores implicados e datos de contacto, facilitando ao estudantado a elección dun tema e titor/a acorde aos seus intereses académicos e profesionais. Sen embargo, durante os curso 2023/24 os TFGs foron desenvolvidos en múltiples centros de investigación da USC e institutos asociados a maiores da propia Facultade de Bioloxía ou o CIBUS, como por exemplo o CiQUS, o CiMUS, o IDIS ou o Instituto de Acuicultura/iARCUS, entre outros. Estes centros contan con infraestruturas de vangarda, como laboratorios de bioloxía molecular, cultivos celulares, microscopía avanzada, plataformas -ómicas, animalarios, así como con recursos humanos altamente cualificados, incluíndo investigadores principais con traxectoria internacional, persoal posdoutoral e técnicos especializados. Isto garante un entorno de alta calidade científica e tecnolóxica para a formación investigadora do alumnado de grao.

Satisfacción cos recursos materiais

Na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación do curso 2023/24, elaborada pola ACMP (INF.23), o ítem “as aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuados para o meu labor docente?” presenta para o Grao de Bioloxía unha valoración de 4.20 (1ª ed) e 4.27 (2ª ed) sobre 5 puntos, se ven apreciase un lixeiro empeoramento da opinión en ambas edicións: 1ª ed: de 4.42 (2020/21) a 4.20 (2023/24); 2ª ed: de 4.57 (2020/21) a 4.27(2023/24). Por outra banda, a pregunta “Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?” (INF-22) presenta unha valoración de 4.00 (1ª ed) e 4.27 (2ª ed) sobre 5 puntos, tamén cun lixeiro empeoramento da opinión en ambas edicións: 1ª ed: de 4.15 (2020/21) a 4.00 (2023/24); 2ª ed: de 4.75 (2020/21) a 4.27 (2023/24). Polo tanto, o profesorado está razoablemente satisfeito coas aulas e o equipamento, PERO advírtese un empeoramento da opinión nos últimos anos a pesares da inversión en infraestruturas tanto nas aulas de docencia como nos laboratorios e nas prácticas de campos.

En canto ao alumnado do Grao en Bioloxía, a enquisa de satisfacción coa titulación 2023/24 (INF-22) proporcionada pola ACMP amosa que os ítems “*as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados?*” presentan unha valoración algo peor en comparación ca do PDI: 3.5 (1ª ed) e 3.26 (2ª ed) sobre 5 puntos; esta puntuación mellorou con respecto á do curso 2022/23. Por outra banda, a pregunta “*Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?*” (INF-22) presenta unha valoración de 3.25 (1ª ed) e 2.91 (2ª ed) sobre 5 puntos. En conclusión, o estudantado está medianamente satisfeito coas aulas, equipamento e recursos educativos dispoñibles.

En resumo, os datos mostran unha visión moi positiva do profesorado en relación cos recursos dispoñibles, fronte a unha satisfacción máis moderada do estudantado.

Grao en Biotecnoloxía

Recursos materiais no grao

A Facultade de Bioloxía dispón dos recursos necesarios para garantir o correcto desenvolvemento do Grao en Biotecnoloxía. Conta con 13 aulas para docencia expositiva, 10 laboratorios de prácticas, 5 aulas de seminarios, unha aula de videoconferencia, unha Aula Magna, un Salón de Graos, unha sala de xuntas, dúas aulas de informática completamente equipadas, a biblioteca da facultade e dous espazos destinados ao estudantado. As aulas presentan unha excelente iluminación, tanto natural como artificial, e están dotadas dunha infraestrutura tecnolóxica moderna e versátil. En xaneiro de 2025, a maior parte delas dispoñía de encerados, conexión á rede (con e sen fíos), ordenadores, pantallas de proxección, tomas de corrente e enchufes nos pupitres, así como sistemas audiovisuais que permiten a docencia híbrida mediante o uso de micrófonos, altafalantes, cámaras Laia e canóns de vídeo de marcas como EPSON, CASIO ou MAXELL. Ademais, algunhas aulas contan con micrófonos sen fíos, monitores, televisores, amplificadores, armarios e sistemas de videoconferencia. A Aula Magna destaca pola súa ampla capacidade (230+4 prazas) e polo seu equipamento audiovisual avanzado. A aula de videoconferencia, a aula 5, a aula CIBUS e a aula seminario 4 están dotadas con sistemas completos para este fin. Os laboratorios de prácticas dispoñen de equipamento científico-técnico suficiente, que se renova de forma continua, moi especialmente a aula 12, que é empregada case en exclusividade na docencia práctica do Grao en Biotecnoloxía. Estes recursos permiten ao estudantado adquirir as competencias e resultados de aprendizaxe establecidos na memoria do título.

Recursos materiais dos TFGs

Durante o curso 2023-24, na Facultade de Bioloxía da USC foron lidos 52 TFGs no Grao en Biotecnoloxía. As temáticas tratadas abranguen unha ampla diversidade de áreas, predominando os estudos sobre terapias celulares, senescencia, produción de compostos bioactivos, edición xenómica e medicina personalizada.

O Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Bioloxía da USC inclúe varias accións específicas relacionadas co Traballo Fin de Grao (TFG), entre as que destaca unha sesión informativa dirixidas ao alumnado de 3º sobre as liñas temáticas dispoñibles nos grupos de investigación da Facultade de Bioloxía/CIBUS. Dita información é resumida nun documento de liñas de investigación para o TFG, organizadas en diferentes bloques (ambiental, molecular). Inclúe as liñas de traballo de grupos como BiBiCI, ACBiodiv, BIOAPLIC, GEMAP, AMBIOSOL, EcoPast, Biotecnoloxía (BIOTEC), NeuroSist, DITAPREIN, GIPA, FishTRIM, NEURODEVO ou BIOLINFO-TRIAD, entre outros, que abordan temáticas diversas como biodiversidade, conservación, edafoloxía, bioarqueoloxía, embrioxénese somática, neurociencia, inmunoterapia ou biotecnoloxía vexetal.

Cada grupo presenta as súas liñas de traballo, investigadores implicados e datos de contacto, facilitando ao estudiantado a elección dun tema e titor/a acorde aos seus intereses académicos e profesionais. A maiores da propia Facultade de Bioloxía ou o CIBUS, durante os curso 2023/24 moitos dos TFGs foron desenvolvidos en múltiples centros de investigación da USC e institutos asociados, como por exemplo o CiQUS, CiMUS, IDIS ou o Instituto de Acuicultura/iARCUS. Estes centros contan con infraestruturas de vangarda, como laboratorios de bioloxía molecular, cultivos celulares, microscopía avanzada, plataformas -ómicas, animalarios, así como con recursos humanos altamente cualificados, incluíndo investigadores principais con traxectoria internacional, persoal posdoutoral e técnicos especializados. Isto garante un entorno de alta calidade científica e tecnolóxica para a formación investigadora do alumnado de grao.

Satisfacción cos recursos materias

Na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación do curso 2023/24, elaborada pola ACMP (INF.23), o ítem “*as aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuados para o meu labor docente?*” presenta para o Grao de Biotecnoloxía unha valoración de 4.44 sobre 5 puntos, e de 4.19 sobre 5 puntos para a pregunta *Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?*. Polo tanto, o profesorado está bastante satisfeito coas aulas e o equipamento e os recursos educativos.

En canto ao estudiantado, a enquisa de satisfacción coa titulación 2023/24 (INF-22) proporcionada pola ACMP amosa que os ítems “*as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados?*” presentan unha valoración algo peor en comparación ca do PDI: 3.74 sobre 5 puntos; esta puntuación mellorou con respecto á do curso 2022/23 (3.38). Por outra banda, a pregunta “*Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?*” (INF-22) presenta unha valoración de 3.74 sobre 5 puntos, mellorando bastante en comparación co curso 2022/23 (3.08). En conclusión, o estudiantado está medianamente satisfeito coas aulas, equipamento e recursos educativos dispoñibles.

En resumo, os datos mostran unha visión moi positiva do profesorado en relación cos recursos dispoñibles, fronte a unha satisfacción máis moderada do estudiantado.

Máster Universitario en Neurociencia

Para o desenvolvemento do Máster Universitario en Neurociencia, as tres universidades participantes dispoñen de salas de videoconferencia dedicadas case en exclusiva á titulación. Os laboratorios das facultades implicadas e os dos grupos de investigación empréganse tanto para as prácticas das materias como para a realización dos Traballos Fin de Máster (recollidos no documento de liñas de investigación).

O grao de satisfacción do profesorado da USC coas aulas e o seu equipamento é alto (4.08 sobre 5), ao igual que o da UDC (6 sobre 7). Pola súa parte, o alumnado da USC considera que o material de apoio (bibliografía, textos, exercicios...) é bo (4 sobre 5). A satisfacción do alumnado da USC cos recursos e infraestruturas acadou 3.33 e 4.0, respectivamente, valores superiores aos do curso anterior. O alumnado da UVIGO e da UDC tamén amosou unha alta satisfacción cos recursos materiais e servizos: 4 sobre 5 na UVIGO e 5 sobre 7 na UDC.

En canto ao campus virtual, o profesorado da USC valorouno cun 4.69 sobre 5 como ferramenta que facilita a docencia. O alumnado tamén valorou positivamente a atención do persoal de administración e servizos (4 sobre 5) e do profesorado (4.25 sobre 5). O profesorado da UDC mostrouse satisfeito cos recursos de educación a distancia como Moodle e MsTeams (6 sobre 7), así como coas aulas e servizos docentes (6.67 sobre 7). Finalmente, os trámites de matrícula foron valorados polo alumnado da USC cun 4.33 sobre 5.

Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre

Recursos materiais dos programas de prácticas externas:

No curso 2023-24 foi o quinto no que alumnos do MBio realizaron PE e TFM. No caso das prácticas realizáronse tanto en empresas privadas (fundamentalmente diversas consultoras ambientais, como por exemplo: Adantia S.L., Ecoplanin, Emberiza Estudios Ambientales S.L., etc.), en institucións públicas (p.ex., Museo de Historia Natural “Luís Iglesias” da USC, Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia – CEIDA, Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, etc.) e tamén en Grupos de Investigación ligados as universidades participantes no máster (p. ex., G.I. Análise e conservación da Biodiversidade-USC, G.I. Biodiversidade e Botánica Aplicada-USC, G.I. Estudios medio ambientais aplicados ao patrimonio natural e cultural-USC, etc.). Dadas as cualificacións obtidas polo alumnado (notas superiores ó 9 na inmensa maioría dos casos) mostran que este remata os seus estudos habendo adquirido as competencias previstas na memoria verificada do título de modo que está suficientemente capacitados para poder realizar labores profesionais trala obtención dos seus títulos.

Recursos materiais dos Traballos fin de Máster

Polo que se refire o TFM, este desenvolveuse fundamentalmente no seno de diferentes Departamentos das Facultades implicadas na docencia do MBio, por exemplo: Biología-UDC; Ecoloxía e Biología Animal-UVIGO; Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía-UVIGO; Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio-UVIGO; Biología Funcional-USC; Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física-USC, etc.

Máster Universitario en Acuicultura

Os diferentes centros poñen a disposición do máster aulas de videoconferencia practicamente en exclusiva. No caso da USC no primeiro semestre a clases do máster impártense en exclusiva na aula Sir Richard Attenborough da Facultade de Biología. No segundo curso, en función das materias optativas nas que se matriculen, poden ter clase tamén no Instituto de Acuicultura. Este último, a 5 minutos da Facultade, pon a disposición do Máster Universitario en Acuicultura as instalacións necesarias para complementar a docencia, incluíndo unha aula de videoconferencia (con todo o equipamento necesario: equipo de videoconferencia, encerrado electrónico e sistema completo de audio e imaxe) con capacidade para 15 alumnos/as, e un laboratorio para as prácticas de varias das materias (con capacidade para 16 alumnos/as). O Instituto, ademais, pon a disposición do alumnado do máster os máis de 30 volumes especializados adquiridos especialmente para este máster.

Máster Universitario en Biología Mariña

As clases do primeiro ano do Máster impártense en exclusiva na aula Sir Richard Attenborough da Facultade de Biología, aula perfectamente equipada. Adicionalmente, no segundo semestre do primeiro ano todos os alumnos/as do Máster reciben docencia práctica da Estación de Biología Mariña da Graña (Ferrol), dependente da Universidade de Santiago.

5.2.- Orientación académica e profesional, xestión académica, programas de acollida e apoio ao alumnado e satisfacción cos recursos e servizos

Grao en Biología

En canto á orientación académica, profesional, xestión e programadas de acollida, o Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Biología da USC é unha ferramenta estratéxica integrada no Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro, orientada a acompañar, orientar e formar ao alumnado dos graos desde o seu ingreso ata a finalización dos estudos. Aprobado pola Comisión de Calidade e pola Xunta de Facultade en xaneiro de 2024, o PAT responde á acción de mellora AM-6.02 recollida na Memoria de Calidade 2021-22. O PAT estrutúrase en accións grupais e individuais, planificadas segundo o proceso PC-03 (Apoio ao estudantado). Entre os seus obxectivos destacan: facilitar a integración universitaria, informar sobre aspectos académicos e profesionais (TFG, prácticas, programas de mobilidade), fomentar a participación estudantil e ofrecer orientación curricular e laboral. As accións inclúen xornadas de benvinda para o estudantado do primeiro curso, sesións informativas sobre o TFG, programas ERASMUS e SICUE, orientación profesional (en colaboración co COBGA, Bioga, Galbiatec, etc.), cursos de competencias informacionais organizados pola biblioteca, e programas específicos como o de titorización de deportistas de alto nivel ou o Programa A Ponte. A súa difusión faise a través da web, intranet e actividades de acollida.

A Facultade de Biología da USC promove a mobilidade estudantil a través de programas como ERASMUS+, SICUE e convenios bilaterais, ofrecendo ao alumnado a posibilidade de realizar estadias académicas noutras universidades nacionais e internacionais. A coordinación académica recae na profesora Otilia Reyes Ferreira, e organízanse sesións informativas anuais (actualmente recollidas no PAT) para orientar ao estudantado sobre requisitos, destinos e procedementos. A Oficina de Mobilidade da USC xestiona os trámites administrativos.

Complementando a orientación laboral proporcionada na facultade, a Área de Orientación Laboral e Emprego da USC ten como obxectivo mellorar a empregabilidade do estudantado e das persoas tituladas, facilitando a súa transición ao mercado laboral. Ofrece servizos como entrevistas individuais de orientación, información sobre prácticas, bolsas, emprego público e actividades formativas, así como asesoramento na elaboración do currículo, uso de redes profesionais e procesos de selección. Ademais, xestiona a plataforma de emprego da USC e promove iniciativas como o Proxecto Mentoring, que conecta ao alumnado con profesionais experimentados para apoiar a toma de decisións e o desenvolvemento do proxecto profesional

En canto ao apoio académico ao alumnado, o Apoio Titorial Extraordinario é unha medida regulada pola Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes da USC (modificada o 5 de abril de 2017), destinada a facilitar a superación de materias que presentan especiais dificultades para o alumnado en situación de finalización de estudos. Este sistema complementa o Plan de Acción Titorial (PAT) e está dispoñible para estudantes de grao que teñan pendentes un máximo de 18 créditos ou tres materias (excluíndo TFG, prácticas obrigatorias e prácticum), e que teñan esgotadas polo menos dúas convocatorias en cada unha delas. A metodoloxía de traballo establécese individualmente entre o profesor titor e o estudante, mediante un plan de traballo personalizado que inclúe obxectivos, sistema de avaliación, calendario de reunións e mecanismos de seguimento e revisión. A solicitude realízase de forma electrónica en dous períodos anuais (setembro e febreiro), e o procedemento implica a coordinación entre o Servizo de Xestión Académica, os centros, os departamentos e o profesorado. O apoio titorial concrétese nunha única acta por materia e titor, vinculada á convocatoria ordinaria correspondente. Non é aplicable á convocatoria extraordinaria de fin de carreira. Esta medida garante o acompañamento académico do estudantado en situacións específicas, reforzando o compromiso da Facultade de Biología coa calidade docente e a atención personalizada.

Respecto a satisfacción do estudantado do Grao en Biología cos servizos de orientación académica e profesional, xestión académica, programas de acollida e apoio ao estudantado, as puntuacións foron baixas. Así, a orientación profesional e laboral foi valorada con 2.50 (1º ed) e 2.18 (2ª ed) sobre 5 puntos, e a organización xeral da titulación con 2.50 e 2.35 sobre 5 puntos. Pola contra, o profesorado considera que o estudantado recibe unha formación en competencias profesionais

axeitada (4.00, 1ª ed; 3.95 2ª ed) e que a titulación está ben organizada (4.25 1ª ed; e 4.05 2ª ed), o que evidencia unha diferenza significativa na percepción entre ambos colectivos. En relación cos servizos de atención ao estudante, como a tramitación de documentación ou a atención administrativa, o estudantado valorou a atención do PTXAS con 2.00 (1ª ed) 3.39 (2ª ed) (IFN22), mentres que o profesorado outorgou unha puntuación máis alta (4.80, 1ª ed; 4.54, 2ª ed), o que reflicte unha boa percepción xeral destes servizos, aínda que con marxe de mellora na experiencia do alumnado. En resumo, os datos mostran unha visión moi positiva do profesorado, que destaca a calidade docente, a coordinación e os recursos dispoñibles, fronte a unha satisfacción máis moderada do estudantado, que sinala áreas de mellora especialmente na orientación profesional, na organización da titulación e na percepción da carga de traballo. Estes resultados suxiren a necesidade de reforzar a comunicación co alumnado, mellorar os servizos de orientación e fomentar a súa participación activa na mellora continua da titulación.

Por outra banda, tanto docentes como estudantes contan co Campus Virtual da USC como recurso de apoio ao proceso de ensino/aprendizaxe. Esta ferramenta está moi ben valorada no curso 2023/2024 polos docentes (4,6 e 4,46 sobre 5 puntos para o profesorado da 1ª ed e 2ª ed do Grao de Bioloxía, respectivamente; enquisa de satisfacción coa titulación; INF.23, “*O campus virtual facilita o meu labor docente?*”), e algo menos polo alumnado (3,25 e 3,78 sobre 5 para o alumnado da 1ª ed e 2ª ed dos Graos de Bioloxía, respectivamente; enquisa de satisfacción coa titulación; INF.22, “*O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?*”). Con estas valoracións, pódese concluír que o campus virtual resulta de utilidade tanto para docentes como para estudantes.

Grao en Biotecnoloxía

En canto á orientación académica, profesional, xestión e programadas de acollida, o Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Bioloxía da USC é unha ferramenta estratéxica integrada no Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro, orientada a acompañar, orientar e formar ao alumnado dos graos desde o seu ingreso ata a finalización dos estudos. Aprobado pola Comisión de Calidade e pola Xunta de Facultade en xaneiro de 2024, o PAT responde á acción de mellora AM-6.02 recollida na Memoria de Calidade 2021-22. O PAT estrutúrase en accións grupais e individuais, planificadas segundo o proceso PC-03 (Apoio ao estudantado). Entre os seus obxectivos destacan: facilitar a integración universitaria, informar sobre aspectos académicos e profesionais (TFG, prácticas, programas de mobilidade), fomentar a participación estudantil e ofrecer orientación curricular e laboral. As accións inclúen xornadas de benvinda para o estudantado do primeiro curso, sesións informativas sobre o TFG, programas ERASMUS e SICUE, orientación profesional (en colaboración co COBGA, Bioga, Galbiotec, etc.), cursos de competencias informacionais organizados pola biblioteca, e programas específicos como o de titorización de deportistas de alto nivel ou o Programa A Ponte. A súa difusión faise a través da web, intranet e actividades de acollida.

A Facultade de Bioloxía da USC promove a mobilidade estudantil a través de programas como ERASMUS+, SICUE e convenios bilaterais, ofrecendo ao alumnado a posibilidade de realizar estadias académicas noutras universidades nacionais e internacionais. A coordinación académica recae na profesora Otilia Reyes Ferreira, e organízanse sesións informativas anuais (actualmente recollidas no PAT) para orientar ao estudantado sobre requisitos, destinos e procedementos. A Oficina de Mobilidade da USC xestiona os trámites administrativos.

Complementando a orientación laboral proporcionada na facultade, a Área de Orientación Laboral e Emprego da USC ten como obxectivo mellorar a empregabilidade do estudantado e das persoas tituladas, facilitando a súa transición ao mercado laboral. Ofrece servizos como entrevistas individuais de orientación, información sobre prácticas, bolsas, emprego público e actividades formativas, así como asesoramento na elaboración do currículo, uso de redes profesionais e procesos de selección. Ademais, xestiona a plataforma de emprego da USC e promove iniciativas como o Proxecto Mentoring, que conecta ao alumnado con profesionais experimentados para apoiar a toma de decisións e o desenvolvemento do proxecto

profesional

En canto ao apoio académico ao alumnado, o Apoio Titorial Extraordinario é unha medida regulada pola Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes da USC (modificada o 5 de abril de 2017), destinada a facilitar a superación de materias que presentan especiais dificultades para o alumnado en situación de finalización de estudos. Este sistema complementa o Plan de Acción Titorial (PAT) e está dispoñible para estudantes de grao que teñan pendentes un máximo de 18 créditos ou tres materias (excluíndo TFG, prácticas obrigatorias e prácticum), e que teñan esgotadas polo menos dúas convocatorias en cada unha delas. A metodoloxía de traballo establécese individualmente entre o profesor titor e o estudante, mediante un plan de traballo personalizado que inclúe obxectivos, sistema de avaliación, calendario de reunións e mecanismos de seguimento e revisión. A solicitude realízase de forma electrónica en dous períodos anuais (setembro e febreiro), e o procedemento implica a coordinación entre o Servizo de Xestión Académica, os centros, os departamentos e o profesorado. O apoio titorial concrétese nunha única acta por materia e titor, vinculada á convocatoria ordinaria correspondente. Non é aplicable á convocatoria extraordinaria de fin de carreira. Esta medida garante o acompañamento académico do estudantado en situacións específicas, reforzando o compromiso da Facultade de Bioloxía coa calidade docente e a atención personalizada.

Respecto a satisfacción do estudantado do Grao en Biotecnoloxía cos servizos de orientación académica e profesional, xestión académica, programas de acollida e apoio ao estudantado, as puntuacións foron algo baixas (< 3 puntos). Así, a orientación profesional e laboral foi valorada con 2.91 sobre 5 puntos, que é a maior nota nos últimos anos, e a organización xeral da titulación con 2.83 sobre 5 puntos (INF.22). En canto ao profesorado, este considera que o estudantado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada (4.08 sobre 5 puntos) e que a titulación está ben organizada (4.24 sobre 5 puntos) (INF.23), o que evidencia unha diferenza significativa na percepción entre ambos colectivos. En relación cos servizos de atención ao estudante, como a tramitación de documentación ou a atención administrativa, o estudantado valorou a atención do PTXAS con 3.36 sobre 5 puntos (INF.22), mentres que o profesorado outorgou unha puntuación máis alta (4.46 sobre 5 puntos), o que reflicte unha boa percepción xeral destes servizos, aínda que con marxe de mellora na experiencia do alumnado. En conclusión, os datos recollidos evidencian unha diferenza significativa entre a percepción do estudantado e do profesorado respecto aos servizos de orientación e apoio na titulación de Grao en Biotecnoloxía. Aínda que as valoracións do alumnado melloraron lixeiramente nos últimos anos, especialmente no ámbito da orientación profesional e laboral recibida desde o centro (2.35, 2020/21; 2.82, 2021/22; 2.54, 2022/23; 2.91, 2023/24), seguen situándose por debaixo dos 3 puntos sobre 5, o que indica unha marxe clara de mellora. Pola contra, o profesorado amosa unha visión máis positiva tanto da formación en competencias profesionais como da organización da titulación. Neste contexto, resulta clave reforzar e visibilizar os recursos existentes, como o Plan de Acción Titorial, o Apoio Titorial Extraordinario e os servizos da Área de Orientación Laboral e Emprego da USC, co obxectivo de mellorar a experiencia do estudantado e reducir a fenda perceptiva entre ambos colectivos.

Por outra banda, tanto docentes como estudantes contan co Campus Virtual da USC como recurso de apoio ao proceso de ensino/aprendizaxe. Esta ferramenta está moi ben valorada no curso 2023/2024 polos docentes (4,59 sobre 5 puntos para o profesorado; enquisa de satisfacción coa titulación; INF.23, “*O campus virtual facilita o meu labor docente?*”), e algo menos polo alumnado (4.22 sobre 5 para o alumnado; enquisa de satisfacción coa titulación; INF.22, “*O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?*”). Con estas valoracións, pódese concluir que o campus virtual resulta de utilidade tanto para docentes como para estudantes.

Máster Universitario en Neurociencia

As universidades contan con Oficinas e Servizos de Atención ao Estudantado. Ademais, antes do inicio do Máster realízase unha presentación da titulación ao alumnado matriculado por parte das persoas coordinadoras. Porén, dado que o prazo de

matrícula nas tres universidades é moi amplo, parte do alumnado non asiste a esta presentación por formalizar a matrícula con posterioridade. Nestes casos, as persoas coordinadoras atenden todas as dúbidas ou aclaracións que poidan xurdir. Así mesmo, tamén informan e asesoran ao estudantado potencial durante o proceso de pre inscrición e matrícula, resolvendo consultas a través de distintos medios como o correo electrónico, o teléfono ou sistemas de videoconferencia.

Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre

Como xa se comentou anteriormente, o MBio conta cun Plan de Acción Titorial que ten como obxectivos, entre outros, informar o alumnado sobre a planificación do máster, sobre as PE e o TFM, sobre programas de mobilidade, etc. Ademais, no marco deste PAT todos os alumnos matriculados contan cun titor que pode darlles orientación sobre saídas profesionais, vías complementarias de formación, etc.

Máster Universitario en Acuicultura

O máster ten un sistema propio de atención aos alumnos en 3 fases. Fase 1. Información e asesoramento ós potenciais alumnos para a pre inscrición e matrícula, atendendo ás dúbidas por diferentes vías segundo a preferencia dos interesados: correo electrónico, teléfono ou sistemas de videoconferencia (Zoom, Teams, etc.); segunda fase, ao comezo do curso, mediante un acto de acollida, no que se describe o funcionamento do máster, as instalación e recursos a disposición dos alumnos e o sistema de coordinación das materias e de todo o máster; terceira fase, asignación dun titor para cada alumno (labor realizado nestes momentos polos coordinadores das diferentes sedes ante a falta de interese do resto dos profesores que alegaron descoñecemento do funcionamento do máster), que mediante unha atención totalmente personalizada guía e asesora ó alumno ó longo do seu proceso académico.

Máster Universitario en Bioloxía Mariña

A información relativa aos aspectos fundamentais do título está recollida na páxina web institucional da USC (<https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias/master-universitario-biologia-marina>) e na web propias do título (<https://masterbiologiamarina.uvigo.es/gl/>) dependente da Universidade de Vigo. Na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación a información dispoñible sobre a titulación foi valorada en 3,81 sobre 5.

5.3.- Calidade das instalacións onde se realizan as prácticas externas.

Grao en Bioloxía

A Facultade de Bioloxía mantén convenios con empresas e organismos públicos para a realización de Prácticas Externas, que é unha materia obrigatoria no Grao en Bioloxía e supón o primeiro contacto do alumnado coa práctica profesional. O programa de prácticas externas do Grao en Bioloxía conta cunha ampla rede de colaboración con máis de 70 entidades, entre empresas privadas, institucións públicas, centros de investigación e organizacións ambientais, tanto galegas como de ámbito estatal e internacional. Estas entidades ofrecen instalacións especializadas como laboratorios de análise biolóxica e química, centros de investigación mariña, estacións biolóxicas, museos, acuarios, hospitais e centros de conservación da biodiversidade. Os recursos materiais dispoñibles nestes centros permiten ao estudantado aplicar e desenvolver competencias clave do grao, como o manexo de técnicas de laboratorio, a análise de ecosistemas, a conservación de especies, a investigación biomédica e a divulgación científica, garantindo unha formación práctica sólida e diversificada. No curso 2023/2024 cursaron a materia 81 (+ 12 do Grao en Extinción) alumnos/as en distintos centros. As instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias, como demostran as enquisas (ver máis abaixo).

En canto á satisfacción dos estudantes do Grao en Bioloxía coas prácticas externas, o informe INF.06 (2023/2024) mostra un nivel de satisfacción moi elevado por parte do alumnado. A valoración global acada un 4.89 sobre 5, a máis alta dos últimos cursos. Todas as dimensións avaliadas recibiron puntuacións de 5.00, incluíndo a duración das prácticas, os medios materiais, a atención do persoal da empresa, a relación das actividades coa formación académica, o cumprimento das expectativas, o contacto co mercado laboral e a atención do titor/a académico/a. O informe INF.06 (2023/2024) sobre as prácticas externas do Grao en Bioloxía (2ª edición) reflicte un alto nivel de satisfacción por parte do alumnado. A valoración global acada un 4.74 sobre 5, destacando especialmente a adecuación das instalacións e medios materiais, a atención do persoal da empresa/institución, e a relación das actividades co grao, todas cunha puntuación de 4.83. A satisfacción xeral coas prácticas tamén foi moi elevada (4.83), e a valoración das actividades desenvolvidas, en termos de cumprimento de expectativas, acadou a máxima puntuación (5.00). Estes resultados reflicten unha experiencia excelente nas prácticas externas, consolidando a súa relevancia como ponte efectiva entre a formación universitaria e o ámbito profesional.

Grao en Biotecnoloxía

Recursos materiais dos programas de prácticas externas:

O programa de prácticas externas do Grao en Biotecnoloxía da USC permite ao estudantado acceder a unha ampla variedade de entidades colaboradoras, tanto públicas como privadas, que dispoñen de instalacións e recursos materiais de alto nivel que facilitan a adquisición de competencias profesionais e investigadoras nun contexto real, complementando a formación académica. As empresas participantes inclúen laboratorios como Ibonelab S.L., Geneaqua S.L., e Graphene Synthetic Feedstock S.L., que ofrecen acceso a tecnoloxías de análise química, biotecnoloxía ambiental e materiais avanzados. Participan tamén centros como o instituto de acuicultura (iARCUS), CIMUS ou CIQUS, que proporcionan infraestruturas de investigación de vangarda. Institucións como o IDIS, SERGAS, o CSIC, e a Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL) permiten ao alumnado participar en proxectos de investigación aplicada, control de calidade e desenvolvemento tecnolóxico en ámbitos como a saúde, a alimentación e o medio ambiente. A diversidade de entidades garante que o estudantado poida aplicar os coñecementos adquiridos no grao en contextos profesionais reais, desenvolvendo habilidades técnicas, analíticas e de comunicación científica, fundamentais para a súa inserción laboral ou continuidade na investigación.

O INF.06 (Informe da enquisa de satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas) para o curso 2023/2024 recolle os resultados da enquisa de satisfacción do alumnado do Grao en Biotecnoloxía respecto ás prácticas externas. Os datos mostran unha evolución positiva en case todos os indicadores avaliados respecto ao curso anterior (2022/2023). A valoración global das prácticas aumentou de 4.03 a 4.38 sobre 5. Destacan especialmente a relación das actividades co grao (5.00), a atención do persoal da empresa/institución (4.63), e a satisfacción xeral coas prácticas (4.63). Tamén melloran aspectos como a duración das prácticas (3.75) e os medios materiais dispoñibles (4.75). Sen embargo, reduciuse a valoración sobre a “información previa recibida do procedemento das prácticas”, de 3.86 (2022/23) a 3.63 (2023/24), e a atención do titor/a académico/a, de 4.29 (2022/23) a 4.13 (2023/24). En xeral, os resultados da enquisa reflicten unha experiencia moi positiva do alumnado nas prácticas externas durante o curso 2023/2024.

Máster Universitario en Neurociencia

Neste mestrado non existen prácticas externas.

Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre

As prácticas externas do Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre desenvólvense en instalacións de alta calidade, tanto en centros de investigación universitarios como en entidades públicas e privadas especializadas en medio ambiente e conservación. Entre os espazos destacan laboratorios avanzados situados no Campus Vida da USC, o Campus Terra de Lugo, e o Campus Universitario de Vigo e A Coruña, así como centros de referencia como o CEIDA, IBADER, CRETUS ou o Museo de Historia Natural da USC. Ademais, os convenios inclúen colaboracións con empresas de enxeñaría ambiental, consultoras ecolóxicas, asociacións naturalistas e entidades internacionais, o que garante un entorno profesional diverso, tecnicamente ben equipado e orientado á aplicación práctica dos coñecementos adquiridos no máster. O listado completo de convenios en vigor actualizado en maio de 2025 aparece o URL seguinte: <https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias/master-universitario-biodiversidade-terrestre-caracterizacion-conservacion-xestion/web-propia/docencia>

Máster Universitario en Acuicultura

As prácticas externas do Mestrado Universitario en Acuicultura da USC desenvólvense en instalacións de alta calidade e diversidade funcional, que inclúen acuarios educativos como os de A Coruña e Gijón, centros de investigación como ANFACO en Vigo, CTAQUA en Cádiz, o IEO en Canido (Vigo), o Instituto Tecnolóxico de Canarias ou INCAR en Chile, así como laboratorios de análise alimentaria como INGACAL. Ademais, os estudantes teñen acceso a unha ampla rede de plantas de cultivo e engorde de especies mariñas e continentais, tanto en Galicia como no estranxeiro, especializadas en rodaballo, linguado, troita, ollomol ou orella de mar. Entre estas destacan as instalacións de Insuíña (Pescanova), Galician Marine Aquaculture, Stolt Sea Farm (en Galicia, Portugal e Francia), Isidro de la Cal, Tres Mares ou CETGA. O listado completo de empresas colaboradoras coas prácticas externas figura no seguinte URL: <https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias/master-universitario-acuicultura/web-propia/docencia> Esta rede garante un entorno profesional real, tecnificado e adaptado ás distintas áreas da acuicultura moderna, ofrecendo unha formación práctica de alto nivel e en contacto directo co sector produtivo e investigador.

No curso 2023/2024 ofertáronse 14 empresas para facer prácticas externas (Acuario de A Coruña, Acuario de Gijón Aquatreck, AVRAMAR-Calpe, AVRAMAR-Villajoyosa, CETGA, Destino, INALVE, Insuíña-Mougás, MOWI, Phycosem, Rara Avis, Stolt e Tres Mares-Moaña). Todas as empresas colaboradoras do máster para a realización das prácticas en empresa son de demostrada fiabilidade para asegurar a súa adecuación á realización das mesmas. En conclusión, a variedade e especialización das entidades colaboradoras aseguran que o alumnado adquira competencias sólidas e experiencia directa en contextos reais, favorecendo a súa inserción profesional nun sector estratéxico e en constante evolución.

Máster Universitario en Bioloxía Mariña

Indícanse a continuación os centros onde se desenvolveron as Prácticas externas dos alumnos do Máster durante o curso académico 2023/24:

- Instituto Español de Oceanografía (IEO)
- Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC)
- Universidade de Sevilla
- Universidade de Málaga
- Universidade de Cádiz
- iARCUS (USC).

O Instituto Español de Oceanografía (IEO) conta con nove centros costeiros, cinco plantas de cultivos mariños, doce estacións mareográficas e unha moderna flota de buques oceanográficos como o Ramón Margalef e o Ángeles Alvariño; o

Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC) en Vigo, que ofrece laboratorios avanzados en oceanografía, biotecnoloxía e acuicultura, con forte vinculación ao sector pesqueiro e ambiental; a Universidade de Sevilla, que, aínda sen acceso directo ao mar, colabora con centros costeiros e ofrece laboratorios de ecoloxía e fisioloxía animal; a Universidade de Málaga, con acceso ao Mediterráneo e laboratorios de zooloxía mariña e ecotoxicidade, ademais de colaboración co IEO de Málaga; a Universidade de Cádiz, que destaca polo seu Campus de Excelencia Internacional do Mar (CEIMAR), o Instituto INMAR e acceso a estacións mariñas e embarcacións; e finalmente o iARCUS (USC), que ofrece instalacións punteiras en acuicultura, microbioloxía, xenética e nutrición de organismos acuáticos, con proxectos de investigación aplicada e colaboración internacional.

Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Información pública. Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.

6.1. Recollida, análise e utilización da información.

6.2. Publicación da información

6.3. Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

6.1.- Recollida, análise e utilización da información.

A información relativa aos aspectos fundamentais do centro e dos títulos que se imparten está recollida na páxina web institucional da USC e nas webs propias dos títulos, e pode consultarse nas seguintes ligazóns: [Facultade de Bioloxía](#), [Grao en Bioloxía \(3º Ed\)](#), [Dobre Grao de Química-Bioloxía \(1ª ed\)](#), [Dobre Grao de Química-Bioloxía \(2ª ed\)](#), [Grao en Biotecnoloxía \(2ª ed\)](#), [Máster Universitario en Acuicultura](#), [Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre](#), [Máster Universitario en Bioloxía Mariña](#) e [Máster Universitario en Neurociencia](#). A través destas páxinas, publícase información suficiente e relevante sobre as características de cada programa formativo.

No relativo a páxina [web institucional da Facultade de Bioloxía](#), na presentación faise unha pequena escolma da historia da facultade, preséntanse enlaces a noticias de actualidade e enlaces as páxinas dos diversos grupos de investigación que traballan tanto na facultade como no centro de investigación asociado CIBUS. Tamén dáse acceso aos diversos estudos de grao e posgrao existentes na facultade, e existen vínculos á axenda ou eventos destacables, como por exemplo cursos de verán ou charlas impartidas na facultade,

Xa máis polo miúdo, no apartado “Centro” descríbese a súa historia, órganos de goberno, plan de auto protección e prevención de riscos, equipamentos, departamentos, directorio e arquivo; neste último aparecen unha serie de documentos destacados, como o regulamento de réxime interno ou as memorias dos títulos.

A páxina dispón tamén dun apartado de “estudos”, onde existen enlaces a unha nutrida información sobre os diversos títulos de grao e posgrao impartidas no centro. Este apartado ofrece unha información obxectiva e actualizada sobre cada título, sendo coherente co contido das memorias verificadas dos títulos impartidos na facultade e as súas posteriores modificacións.

No apartado “información académica” despregase a información sobre os calendarios, horarios, prácticas académicas nos

Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía, o Plan de Acción Titorial (PAT) e os programas de mobilidade (ERASMUS+, SICUE, convenios bilaterais), TFGs dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía e do Dobre Grao de Química-Bioloxía, e os TFMs dos diferentes mestrados (Máster Universitario en Acuicultura, Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre, Máster Universitario en Bioloxía Mariña e Máster Universitario en Neurociencia).

Finalmente, a partir do curso 2017/18, e como resultado das recomendacións do Comité de Certificación, mellorouse a información pública sobre os procesos de calidade. Así, a información relativa ao Sistema de Calidade (Política de Calidade, SGC, Manual de Procesos, Protocolos Propios, Memorias de Calidade), está publicada na páxina web do Centro, no sitio 'Calidade'. Este apartado presenta varios subapartados, como son:

- **Calidade**
- **Política de calidade**, onde a facultade se reafirma no compromiso de garantir a calidade e establece a súa política baixo cinco eixos, que son os da responsabilidade, integración/participación/igualdade, orientación ao alumnado, excelencia e transparencia
- **Órganos do Sistema de Garantía de Calidade**, no que se describe a composición da Comisión de Calidade do Centro, as Comisiones de Título dos Graos en Bioloxía e Biotecnoloxía, e as Comisiones Académicas dos diferentes mestrados da facultade, ademais de dar acceso as actas da Comisión de Calidade e das Comisións de Título
- **Indicadores**, nos que se dá acceso a través de enlaces aos principais resultados de calidade dos títulos impartidos na facultade (ingreso, mobilidade, prácticas, resultados e recursos humanos).
- **Documentación do sistema de garantía de calidade**, onde está a disposición de todos os grupos de interese como destacados o manual de procesos da facultade, os informes propios do SGC, o plan estratéxico, o manual do sistema de garantía de calidade, o informe final de certificación do sistema de garantía de calidade da Facultade de Bioloxía, ou a acreditación institucional da Facultade de Bioloxía. Tamén están presentes, entre outros, as memorias de calidade, os autoinformes de cada título, e os informes propios do sistema de garantía de calidade do centro, como por exemplo os informes de coordinación dos diferentes cursos académicos. Deste xeito, a través da sección de "indicadores" e da sección da "documentación do SGC" (memorias de calidade, autoinformes, memorias semestrais de coordinación dos graos de Bioloxía e Biotecnoloxía, etc.) pode seguirse o desenvolvemento e os resultados alcanzados por cada título.

Para as cuestións de calidade que son xerais da Universidade (Procesos Institucionais, Resultados e Informes das Enquisas), a información pode ser consultada na web da Área de Calidade e Mellora de Procedementos (ACMP) da USC.

Por outro lado, desde dentro da propia páxina web institucional da USC onde se atopa a descrición dos diferentes mestrados da Facultade de Bioloxía (Máster Universitario en Acuicultura, Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre, Máster Universitario en Bioloxía Mariña e Máster Universitario en Neurociencia) pódese acceder ás páxinas web propias de cada un deles. Un exemplo é a páxina do Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión, que permite acceder a web propia de dito mestrado: URL: <https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias/master-universitario-biodiversidade-terrestre-caracterizacion-conservacion-xestion/web-propia>

Outro exemplo era a páxina web propia do Máster de Neurociencia, que estaba dispoñible para todos os grupos de interese e contiña información como guías docentes, horarios do curso, as liñas de investigación que ofertaban TFM, así como os Libros das Xornadas de Xoves Investigadores en Neurociencia que cada ano celébranse nunha das tres universidades, e

nas que os alumnos defenden o seu Traballo Fin de Máster. Ademais eran públicos os listados de egresados de cada curso académico, así como os TFM defendidos en cada curso académico (Alumno, Título e Titores). Sen embargo, actualmente non está dispoñible dita web propia, polo que toda a información está sendo depositada na web institucional da USC.

A xestión de toda esta información desenvólvese segundo o proceso de soporte PS-06 *Información pública* do SGC do Centro, que permite garantir que se faga pública toda a información relevante das titulacións e que se revise e actualice periodicamente co fin de manter informados aos distintos grupos de interese. Como parte desta mellora, nos últimos anos implementouse una nova web institucional, cunha estrutura que lle da maior visibilidade a todos os grupos de interese. A partir dela, dende o Centro estamos a traballar nos distintos apartados co fin de mellorar a información do Centro e dos títulos que coordina. A acción de mellora AM-10 dentro do Plan de Melloras da Memoria de Calidade 2020/21 (**Actualización da información contida na web da Facultade de Bioloxía para mellorar os niveis de transparencia na información pública subministrada. Adaptación, reestruturación e actualización dos contidos da web da Facultade de Bioloxía a nova web institucional**) desenvolveuse no curso 2021/22 con ese propósito. Como xa se comentou previamente, a reestruturación e actualización da web da Facultade de Bioloxía mellorou notablemente a parte que fai referencia a Facultade. De feito, a información contida na web da Facultade de Bioloxía foi mellorada, actualizada e simplificada, con fin de conseguir un maior nivel de transparencia e accesibilidade. Así, actualizáronse os órganos de Goberno unipersoais (Decano, Vicedecano e Vicedecano, Secretario) como a composición da Xunta de Facultade e Comisións delegadas: Comisión Permanente, Comisión de Docencia, Recoñecemento de Estudos e Actividades Culturais, Comisión de Xénero, Comisión de Normalización Lingüística e Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazos e Equipamentos. En canto a área de calidade da facultade, actualizouse a política de calidade da Facultade de Bioloxía, que agora presenta un Anexo I coa política de calidade asinada polo decano actual. Tamén actualizouse o nome do responsable de calidade do centro e a composición da Comisión de Calidade e das Comisións de Título dos Graos en Bioloxía e Biotecnoloxía. Finalmente, mellorouse a información relativa as enquisas de satisfacción e o apartado da documentación do Sistema de Garantía de Calidade, reducindo o número de documentos aos máis importantes de cara a sociedade (manual de procesos, manual do Sistema de Garantía de Calidade, Protocolos, Acreditación Institucional, memorias de calidade, informes de seguimento e finais, etc.) e prestando atención a que toda a información presentada tanto en galego como en castelán fose idéntica.

6.2.- Publicación da información.

Por outra banda, no curso 2023/24 a Facultade utilizou para a difusión da información os seguintes medios:

- **Páxina web da Facultade de Bioloxía**
- **Páxinas web dos másteres** xestionadas pola propia Facultade e os coordinadores dos mesmos, no caso dos coordinados pola USC. Máster Universitario en Acuicultura, Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre, Máster Universitario en Bioloxía Mariña e Máster Universitario en Neurociencia
- As dúas **pantallas informativas electrónicas** instaladas nas entradas principais do Centro.
- **Correo electrónico:** Periodicamente remítense desde a dirección de correo electrónico do decanato diversas informacións dirixidas ao estudantado, PDI, PAS sobre convocatorias, prazos, charlas, conferencias, etc.
- **Redes sociais da Facultade de Bioloxía** (YouTube, Facebook, Twitter/X, Instagram). No curso 2023/24 as redes sociais da Facultade de Bioloxía contaban con 15 subscritores en YouTube, 790 seguidores en Facebook, 243 seguidores en X, e 558 seguidores en Instagram (01/06/2024). Sen embargo, en decembro de 2024 a Universidade de Santiago decidiu cesar as súas publicacións na plataforma X (previamente Twitter) tras un acordo do Claustro, polo que tras dita decisión a Facultade de Bioloxía deuse de baixa tamén nesa rede social. Actualmente (maio 2025) as RRSS da Facultade de Bioloxía contan con 17 subscritores en YouTube, 794 seguidores en Facebook e

707 seguidores en Instagram (01/06/2024). En xuño de 2025 a facultade de Bioloxía aumentou as súas canles de comunicación abrindo un novo espazo para difundir a actualidade da institución nas RR SS en Tik-Tok.

- **Redes sociais da Biblioteca da Facultade de Bioloxía:** Dende decembro de 2023 a biblioteca conta cun perfil de Instagram (@busc_bioloxia) coa finalidade de establecer unha nova canle de comunicación cos usuarios a través das redes sociais. En febreiro de 2024 as redes sociais da Biblioteca da Facultade de Bioloxía contaban con 112 seguidores (16/02/2024), e actualmente (maio 2025) con 249 seguidores. As redes sociais son unha nova forma de dar a coñecer e difundir os fondos bibliográficos da biblioteca, tanto físicos como electrónicos, incrementar o seu uso e tamén darlle visibilidade os servizos da biblioteca ademais de interconectar dun xeito máis informal cos usuarios.
- **Reunións informativas** como o acto de presentación para o alumnado de primeiro, reunións informativas sobre mobilidade, elaboración de calendarios de clase e exames, información sobre programas de Prácticas Externas, Traballos Fin de Grao, bolsas de colaboración, etc. Moitas destas reunións están programadas en forman parte do Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Bioloxía..
- **Participación do profesorado mediante charlas informativas no Programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC”.**

Igualmente, dentro do Plan Estratéxico 2024-26 e a Liña Estratéxica LE 5: **Relacións coa Sociedade** existe un **Obxectivo Estratéxico OE 5.1 (Potenciar a divulgación, promoción e difusión)** con dúas accións. A Acción 1 pretende aumentar o número de actividades de divulgación ofertadas polo PDI e estudantes á sociedade ou a centros da USC ou ensino secundario. A Acción 2 ten como obxectivo **aumentar as canles de difusión para dar a coñecer á sociedade as actividades docente-investigadoras realizadas por PDI e alumnado**. Esta última xurde pola necesidade de fomentar o uso de redes sociais, xa que a visibilidade que ten a facultade a través de Facebook e Instagram é aínda pequena, con poucos seguidores e un número reducido de interaccións. Tendo en conta que a maioría dos estudantes empregan como rede sociais sobre todo Instagram, Whatsapp, Youtube e Pinterest, e en menor medida outras como Facebook (enquisa realizada pola Biblioteca da Facultade de Bioloxía), cómpre potenciar sobre todo canles de comunicación como Instagram, Youtube ou Pinterest para chegar dun xeito máis óptimo (pero informal) aos estudantes. Como trátase dunha actividade que consume tempo, será necesario centralizar/profesionalizar dita función a nivel do PTXAS. O Obxectivo de calidade 11 (OC-11) do Plan de Melloras 2023/24 (Aumentar as canles de difusión (redes sociais) para dar a coñecer á sociedade as actividades docente-investigadoras realizadas por PDI e alumnado) coincide precisamente coa acción 2 do obxectivo estratéxico OE 5.1.

6.3.- Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Polo tanto, dos apartados anteriores pódese deducir que estase a garantir un fácil acceso á información relevante dos títulos a todos os grupos de interese. De feito, no curso 2023/24, o alumnado e o profesorado do Grao en Bioloxía valoran positivamente a información pública dispoñible sobre a titulación. Así, na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación (INF.22), o alumnado dos graos impartidos no curso 2023/24 na Facultade de Bioloxía valoran con 3 (1º ed G. Bioloxía) e 3,43 (2ª ed G Bioloxía) (sobre 5 puntos) o ítem “*consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?*”. Do mesmo xeito, o profesorado que impartiu docencia nos graos da Facultade de Bioloxía no curso 2023/24 teñen incluso unha mellor opinión que os alumnos sobre a información dispoñible sobre a titulación (INF.23; enquisa de satisfacción do PDI coa titulación; ítem “*consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada?*”): 4,40 (1ª ed G. Bioloxía) e 4,32 (2ª ed G. Bioloxía) (sobre 5 puntos). Finalmente, a satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (panel de indicadores; indicador IN23G Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible) é de 3.07 sobre 5 para o curso 2018/19, último curso do que hai datos dispoñibles para a 1ª edición do Grao en Bioloxía; non existe información deste indicador para a 2ª ed do Grao de Bioloxía. A conclusión principal que se pode extraer é que **a información pública**

dispoñible sobre o Grao en Bioloxía está a ser ben valorada polos diferentes grupos de interese, especialmente polo profesorado e, en menor medida, polo alumnado e os egresados, polo que haberá se seguir traballando neste último aspecto no curso 2024-25.

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 277 de 318

3 Plan de Melloras do centro

Co obxectivo de reforzar a calidade educativa e a xestión académica, a Facultade de Bioloxía presenta un conxunto de accións de mellora que se implementarán no curso 2024-2025. O novo plan de melloras para o curso 2024-25 da Facultade de Bioloxía da USC está enmarcado no Plan Estratéxico 2024-26 e contempla unha serie de accións activas que buscan reforzar a calidade institucional, mellorar a formación do alumnado, dinamizar a vida universitaria e integrar novas tecnoloxías no ensino. Estas accións derivan tanto de obxectivos estratéxicos como de autoinformes de acreditación de másteres, e están programadas para ser desenvolvidas entre 2024 e 2026. No ámbito do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), prevese a dotación dun posto específico de coordinación de calidade, a revisión e actualización dos documentos do sistema (como o manual de procesos), e a posta en marcha de campañas de concienciación para fomentar a participación nas enquisas de avaliación. Tamén se contempla evitar duplicidades do persoal nos órganos do SGC, co obxectivo de optimizar a súa estrutura e funcionamento. En relación á formación e á docencia, o plan inclúe medidas para facilitar a incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación fóra das prácticas obrigatorias, así como a racionalización das actividades docentes en másteres como o de Biodiversidade Terrestre. Tamén se propón identificar materias optativas con baixa matrícula recorrente e actualizar os criterios de admisión no Máster en Neurociencia, tendo en conta a diversidade formativa do alumnado. Outro eixo fundamental do plan é o impulso á mobilidade internacional. Preténdese aumentar a participación tanto do estudiantado como do profesorado (PDI) en programas de intercambio, como parte dunha estratexia para reforzar a formación e a internacionalización da facultade. En conxunto, todas estas medidas buscan impulsar unha contorna académica que fomente a aprendizaxe, a investigación de calidade e a participación activa de toda a comunidade universitaria.

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 278 de 318

Obxectivo a conseguir: OC-1_23/24 dotar o posto de coordinador/a de calidade			
Responsable do obxectivo: Decano		Data inicio: 01/09/2024	Data fin: 31/10/2025
Obxectivo estratéxico relacionado	Liña estratéxica do Plan Estratéxico 2024-26 N° LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC		
Procesos clave relacionados	PE-02 <i>Revisión e mellora</i> , PC-05 <i>Análise de resultados e mellora dos programas</i>		
Indicador/es de medición	Nomeamento	Meta a conseguir	- Nomear un coordinador/a de calidade, unha persoa nomeada pola/o decana/o da Facultade <u>entre o PDI</u> que non sexa membro do equipo de dirección que realice funcións de apoio á/ao Responsable de Calidade do Centro
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-1_23/24 Dotar o posto de coordinador/a de calidade		

Obxectivo a conseguir: OC-2_24/25 Reducir a taxa de abandono nos Másteres impartidos na Facultade			
Responsable do obxectivo: Decano e Coordinadores de Másteres		Data inicio: 1/10/2024	Data fin: 31/12/2025
Obxectivo estratéxico relacionado	A orixe deste obxectivo de calidade está no autoinforme de acreditación 2022/2023 do Máster de Neurociencia (AM-04)		
Procesos clave relacionados	PC-05 <i>Análise de resultados e mellora dos programas</i>		

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 279 de 318

Indicador/es de medición	Taxa de abandono	Meta a conseguir	Analizar a taxa de abandono a nivel de Máster
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-2_24/25 Elaboración dun informe derivado do cálculo da taxa de abandono en Másteres		

Obxectivo a conseguir: OC-3_24/25. Actualizar a información sobre os Másteres recollida na páxina web institucional			
Responsable do obxectivo: Decano e Coordinadores do Máster		Data inicio: 1/10/2024	Data fin: 31/12/2025
Obxectivo estratéxico relacionado	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 5: Relacións coa Sociedade. Obxectivo estratéxico OE 5.1.- Potenciar a divulgación, promoción e difusión. Obxectivo relacionado co Autoinforme de acreditación 2022/2023 do Máster de Neurociencia (AM-03)		
Procesos clave relacionados	PS-06 <i>Información pública</i>		
Indicador/es de medición	Información actualizada	Meta a conseguir	Actualización da información contida na web sobre os Másteres impartidos na Facultade de Bioloxía
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-3_24/25. Revisar e actualizar a información sobre Másteres na páxina web institucional		

Obxectivo a conseguir: OC-4_23/24 Desenvolvemento de campañas de concienciación para o enchemento das enquisas a nivel de Grao e Máster			
Responsable do obxectivo: Decano e Coordinadores de Máster		Data inicio: 1/10/2024	Data fin: 31/12/2025
Obxectivo estratéxico relacionado	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 4.1.- Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC.		

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 280 de 318

	Relacionada tamén coas seguintes accións de mellora dos mestrados: - Autoinforme para acreditación 2022-23 do MU en Acuicultura: AM-01 - Autoinforme para acreditación 2022-23 do MU en Biodiversidade Terrestre: AM-04 - Autoinforme para acreditación 2022-23 do MU en Neurociencia: AM-05		
Procesos clave relacionados	PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades		
Indicador/es de medición	Número de formularios/enquisas cubertos tanto polo profesorado como polo estudiantado	Meta a conseguir	Nivel Grao: Incrementar nun 25% o número de formularios cubertos (estudiantado e prof.) Nivel mestrado: Conseguir que polo menos o 50% do estudiantado do mestrado cubra a enquisa.
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-4_23/24. Desenvolvemento de campañas de concienciación sobre a importancia do enchemento das enquisas.		

Obxectivo a conseguir: OC-5_24/25 Fomentar a participación do estudiantado en órganos colexiados			
Responsable do obxectivo: Decano		Data inicio: 1/10/2024	Data fin: 31/12/2025
Obxectivo estratéxico relacionado	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 1: Estudiantado e comunidade universitaria. Obxectivo Estratéxico OE 1.1.: Dinamización da facultade		
Procesos clave relacionados	PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades		

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 281 de 318

Indicador/es de medición	Nº de estudantes na Xunta de Facultade e representación nas distintas Comisións	Meta a conseguir	Incrementar nun 20% a asistencia do alumnado na Xunta de Facultade e garantir a súa representación no 100% dos postos dispoñibles para este colectivo nas Comisións
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-5_24/25. Incrementar a participación do estudantado en órganos colexiados		

Obxectivo a conseguir: OC-6_23/24 Aumentar a participación do PDI nas Xuntas de Facultade			
Responsable do obxectivo: Decano		Data inicio: 1/9/2024	Data fin: 31/12/2025
Obxectivo estratéxico relacionado	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 1: Estudantado e comunidade universitaria. Obxectivo Estratéxico OE 1.1.: Dinamización da facultade		
Procesos clave relacionados	PS-04 <i>Satisfacción, expectativas e necesidades</i>		
Indicador/es de medición	Nº de PDI que participa nas Xuntas de Facultades	Meta a conseguir	Incrementar polo menos nun 25% o Nº de PDI que participa nas Xuntas de Facultade
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-6_23/24. Aumentar a participación do PDI nas Xuntas de Facultade		

Obxectivo a conseguir: OC-7_24/25 Evitar duplicidades do persoal nos órganos do SGC

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 282 de 318

Responsable do obxectivo: Decano e coordinadores de mestrado		Data inicio: 01/11/2024	Data inicio: 1/9/2024 Data fin: 31/12/2025	
Obxectivo estratéxico relacionado	Liña estratéxica do Plan Estratéxico 2024-26 Nº LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC			
Procesos clave relacionados	PE-02 <i>Revisión e mellora</i> , PC-05 <i>Análise de resultados e mellora dos programas</i>			
Indicador/es de medición	Nº de duplicidades eliminadas	Meta a conseguir	- Eliminación de polo menos dúas duplicidades do PDI nos órganos do SGC	
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-7_24/25 Evitar duplicidades do persoal nos órganos do SGC.			

Obxectivo a conseguir: OC-8_23/24 Desenvolver un marco normativo que facilite a incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación a maiores do TFG/TFM e prácticas externas			
Responsable do obxectivo: Decano		Data inicio: 1/9/2024	Data fin: 31/12/2025
Obxectivo estratéxico relacionado	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 2: Formación e a docencia no novo contexto. Obxectivo Estratéxico OE 2.2.: Mellorar a formación do alumnado		
Procesos clave relacionados	PC-03 <i>Apoio a estudantes</i> , PC-04 <i>Desenvolvemento das ensinanzas</i>		
Indicador/es de medición	Marco normativo elaborado	Meta a conseguir	Elaboración do marco normativo

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 283 de 318

Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-8_24/24. Desenvolver un marco normativo que facilite a incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación a maiores do TFG/TFM e prácticas externas
--	---

Obxectivo a conseguir: OC-9_24/25. Definir un calendario detallado de actividades docentes no Máster de Biodiversidade Terrestre para racionalizar a distribución temporal de tarefas			
Responsable do obxectivo: Coordinador do Máster e Comisión Académica do Máster		Data inicio: 15/09/2025	Data fin: 31/06/2026
Obxectivo estratéxico relacionado	Obxectivo derivado do Autoinforme de acreditación 2022/2023 do Máster de Biodiversidade Terrestre (AM-01). Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 2: Formación e a docencia no novo contexto. Obxectivo Estratéxico OE 2.2.: Mellorar a formación do alumnado		
Procesos clave relacionados	PC-02 <i>Planificación das ensinanzas</i>; PC-04 <i>Desenvolvemento das ensinanzas</i>		
Indicador/es de medición	Calendario de actividades docentes	Meta a conseguir	Elaboración do Calendario de actividades
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-9_24/25. Racionalización das actividades docentes do Máster de Biodiversidade Terrestre		

Obxectivo a conseguir: OC-10_24/25. Fomentar a participación do estudiantado e PDI dos Graos e dos Másteres en programas de mobilidade			
Responsable do obxectivo: Decano e coordinadores dos títulos		Data inicio: 15/09/2025	Data fin: 31/03/2026
Obxectivo estratéxico relacionado	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 2: Formación e docencia no novo contexto. Obxectivos estratéxicos OE 2.1 (Reforzar a función docente do PDI; AC 2.1.4.- Fomentar a participación do PDI en programas de intercambio) e OE 2.2. (Mellorar a formación do alumnado; AC 2.2.2.- Fomentar a participación do alumnado en programas de intercambio).		

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 284 de 318

	Obxectivo derivado tamén do Autoinforme de acreditación 2022/2023 do Máster de Biodiversidade Terrestre (accións de mellora AM-02 e AM-03).		
Procesos clave relacionados	PC-03 Apoio a estudantes; PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas; PS-01 Xestión dos recursos humanos		
Indicador/es de medición	Incremento da participación	Meta a conseguir	Nivel Grao: Incremento dun 10% a participación do profesorado e do alumnado nestes programas Nivel mestrado: Incremento dun 5% e dun 10% para o profesorado e o alumnado, respectivamente
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-10_1_24/25 Aumentar a participación do estudantado dos Graos e dos Mestrados en programas de mobilidade AM-10_2_24/25 Aumentar a participación do PDI dos Graos e dos Mestrados en programas de mobilidade		

Obxectivo a conseguir: OC-11_24/25. Detectar desequilibrios na participación dos alumnos en materias optativas de Grao e Máster		
Responsable do obxectivo: Coordinadores de título	Data inicio: 1/10/2024	Data fin: 31/12/2025
Obxectivo estratéxico relacionado	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 2. Formación e docencia no novo contexto. Obxectivo estratéxico OE 2.2.- Mellorar a formación do alumnado. Obxectivo relacionado co Autoinforme de acreditación 2022/2023 do Máster de Neurociencia (AM-01).	
Procesos clave relacionados	PE-02 <i>Revisión e mellora</i> , PC-02 <i>Planificación das ensinanzas</i>	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 285 de 318

Indicador/es de medición	Identificación de baixa matriculación	Meta a conseguir	Elaborar un informe que permita obter información sobre a matriculación en materias optativas nos últimos cursos
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-11_24/25. Identificar casos de baixa matriculación recorrente en materias optativas		

Obxectivo a conseguir: OC-12_24/25. Revisar os criterios de admisión do Máster en Neurociencia			
Responsable do obxectivo: Decano e Coordinador do Máster		Data inicio: 1/10/2024	Data fin: 31/12/2025
Obxectivo estratéxico relacionado	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 2: Formación e docencia no novo contexto. Obxectivo estratéxico OE 2.2.- Mellorar a formación do alumnado. Obxectivo relacionado co Autoinforme de acreditación 2022/2023 do Máster de Neurociencia (AM-02), que xurdiu pola alta diversidade da bagaxe formativa dos alumnos matriculados		
Procesos clave relacionados	PC-01 <i>Análise do perfil de ingreso e captación</i>		
Indicador/es de medición	Documento co listado de criterios de admisión do mestrado	Meta a conseguir	Elaborar 1 novo listado de criterios de admisión homoxéneos para as tres Universidades das que depende o Máster de Neurociencia
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-12_24/25. Actualizar os criterios de admisión do Máster en Neurociencia		

Obxectivo a conseguir: OC-13_24/25. Reforzar a función docente no novo contexto		
Responsable do obxectivo: Decano e coordinadores de título	Data inicio: 1/9/2025	Data fin: 31/12/2025

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 286 de 318

Obxectivo estratéxico relacionado	Plan Estratéxico 2024-26. Liña estratéxica LE 2: Formación e docencia no novo contexto. Obxectivo Estratéxico OE 2.1.: Reforzar a función docente do PDI		
	Memoria actual		
Procesos clave relacionados	PS-01 <i>Xestión dos recursos humanos</i>		
Indicador/es de medición	Nº de actividades de formación realizadas Nº de reunións realizadas Nº de campañas realizadas	Meta a conseguir	- Incrementar o número de actividades de formación realizadas polo PDI polo menos nun 10% - Realizar polo menos unha reunión das comisión de título e calidade para abordar o impacto da IA na docencia - Incrementar o número de TFGs experimentais nun 10%.
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-13_1_24/25.- Fomentar a actualización do PDI en novas metodoloxías docentes, formación en destrezas/competencias e na aplicación da intelixencia artificial na docencia AM-13_2_24/25.- Analizar nas comisións de título e na de calidade o impacto (positivo e negativo) da intelixencia artificial na formación do alumnado e nas metodoloxías de avaliación que se están a aplicar en graos e mestrados.		

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 287 de 318

	AM-13_3_24/25.- Realizar campañas e materiais informativos sobre uso responsable da intelixencia artificial e ética académica.
--	--

Obxectivo a conseguir: OC-14_23/24. Actualización dos documentos do SGC do Centro			
Responsable do obxectivo: Decano e RCC		Data inicio: 1/9/2024	Data fin: 31/12/2025
Obxectivo estratéxico relacionado	Liña estratéxica do Plan Estratéxico 2024-26 Nº LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC		
Procesos clave relacionados	PE-02 <i>Revisión e mellora</i>		
Indicador/es de medición	Documentos do SGC do Centro actualizados	Meta a conseguir	- Actualizar o Manual de Procesos e o Manual do SGC para incorporar o novo documento dos “Informes e enquisas propios do SGC da Facultade de Bioloxía”.
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-14_23/24. Actualización dos documentos do SGC do Centro (Manual de Procesos, Manual do SGC, etc.)		

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 288 de 318

LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-1_23/24	Liña estratéxica do Plan Estratéxico 2024-26 Nº LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC	Dotar o posto de coordinador/a de calidade	Activa	Decano	31/10/2025	Non
AM-2_24/25	Derivada do auto informe de acreditación 2022/2023 do Máster de Neurociencia (AM-04)	Elaboración dun informe derivado do cálculo da taxa de abandono en Másteres	Activa	Decano e Coordinador de Máster	31/12/2025	Non
AM-3_24/25	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 5: Relacións coa Sociedade. Obxectivo estratéxico OE 5.1.- Potenciar a divulgación, promoción e difusión. Obxectivo relacionado co Autoinforme de acreditación 2022/2023 do Máster de Neurociencia (AM-03)	Revisar e actualizar a información sobre Másteres na páxina web institucional	Activa	Decano e Coordinadores do Máster	31/12/2025	Si
AM-4_23/24	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 4.1.- Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC. Relacionada tamén coas seguintes accións de mellora dos mestrados: A) Autoinforme para acreditación 2022-23 do MU en Acuicultura: AM-01; B) Autoinforme para acreditación 2022-23 do MU en Biodiversidade Terrestre: AM-04; C) Autoinforme para acreditación 2022-23 do MU en Biodiversidade Terrestre: AM-05	Desenvolvemento de campañas de concienciación para a cumplimentación das enquisas	Activa	Decano e Coordinadores de Máster	31/12/2025	Non
AM-5_24/25	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 1: Estudiantado e comunidade universitaria. Obxectivo Estratéxico OE 1.1.: Dinamización da facultade	Incrementar a participación do estudiantado en órganos colexiados	Activa	Decano	01/04/2025	Non
AM-6_23/24	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 1: Estudiantado e comunidade universitaria.	Aumentar a participación do PDI nas Xuntas de Facultade	Activa	Decano	31/12/2025	Non

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 289 de 318

	Obxectivo Estratéxico OE 1.1.: Dinamización da facultade					
AM-7_24/25	Liña estratéxica do Plan Estratéxico 2024-26 Nº LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC	Evitar duplicidades do persoal nos órganos do SGC.	Activa	Decano e coordinadores de mestrado	31/12/2024	Non
AM-8_23/24	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 2: Formación e a docencia no novo contexto. Obxectivo Estratéxico OE 2.2.: Mellorar a formación do alumnado	Desenvolver un marco normativo que facilite a incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación a maiores do TFG/TFM e prácticas externas	Activa	Decano	31/12/2025	Non
AM-9_24/25	Obxectivo derivado do Autoinforme de acreditación 2022/2023 do Máster de Biodiversidade Terrestre (AM-01). Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 2: Formación e a docencia no novo contexto. Obxectivo Estratéxico OE 2.2.: Mellorar a formación do alumnado	Racionalización das actividades docentes do Máster de Biodiversidade Terrestre	Activa	Coordinador do Máster e Comisión Académica do Máster	31/03/2026	Non
AM-10_1_24/25	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 2: Formación e docencia no novo contexto. Obxectivos estratéxicos OE 2.1 (Reforzar a función docente do PDI; AC 2.1.4.- Fomentar a participación do PDI en programas de intercambio) e OE 2.2. (Mellorar a formación do alumnado; AC 2.2.2.- Fomentar a participación do alumnado en programas de intercambio). Obxectivo derivado tamén do Autoinforme de acreditación 2022/2023 do Máster de Biodiversidade Terrestre (accións de mellora AM-02 e AM-03).	Aumentar a participación do estudiantado dos Graos e dos Mestrados en programas de mobilidade	Activa	Decano e coordinadores dos títulos	31/03/2026	Non
AM-10_2_24/25	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 2: Formación e docencia no novo contexto. Obxectivos estratéxicos OE 2.1 (Reforzar a función docente do PDI; AC 2.1.4.- Fomentar a participación do PDI en programas de intercambio) e OE 2.2. (Mellorar a formación do alumnado; AC 2.2.2.- Fomentar a participación do	Aumentar a participación do PDI dos Graos e dos Mestrados en programas de mobilidade	Activa	Decano e coordinadores dos títulos	31/03/2026	Non

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 290 de 318

	alumnado en programas de intercambio). Obxectivo derivado tamén do Autoinforme de acreditación 2022/2023 do Máster de Biodiversidade Terrestre (accións de mellora AM-02 e AM-03).					
AM-11_24/25	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 2. Formación e docencia no novo contexto. Obxectivo estratéxico OE 2.2.- Mellorar a formación do alumnado. Obxectivo relacionado co Autoinforme de acreditación 2022/2023 do Máster de Neurociencia (AM-01).	Identificar casos de baixa matriculación recorrente en materias optativas	Activa	Coordinadores de título e Máster	31/12/2025	Non
AM-12_24/25	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 2: Formación e docencia no novo contexto. Obxectivo estratéxico OE 2.2.- Mellorar a formación do alumnado. Obxectivo relacionado co Autoinforme de acreditación 2022/2023 do Máster de Neurociencia (AM-02), que xurdiu pola alta diversidade da bagaxe formativa dos alumnos matriculados	Actualizar os criterios de admisión do Máster en Neurociencia	Activa	Decano e Coordinador de Máster	31/12/2025	Non
AM-13_1_24/25	Plan Estratéxico 2024-26. Liña estratéxica LE 2: Formación e docencia no novo contexto. Obxectivo Estratéxico OE 2.1.: Reforzar a función docente do PDI Memoria actual	Fomentar a actualización do PDI en novas metodoloxías docentes, formación en destrezas/competencias e na aplicación da intelixencia artificial na docencia	Activa	Decano e coordinadores de título	31/12/2025	Non
AM-13_2_24/25	Plan Estratéxico 2024-26. Liña estratéxica LE 2: Formación e docencia no novo contexto. Obxectivo Estratéxico OE 2.1.: Reforzar a función docente do PDI Memoria actual	Analizar nas comisións de título e na de calidade o impacto (positivo e negativo) da intelixencia artificial na formación do estudiantado e nas metodoloxías de avaliación que se están a aplicar en graos e mestrados.	Activa	Decano e coordinadores de título	31/12/2025	Non
AM-13_3_24/25	Plan Estratéxico 2024-26. Liña estratéxica LE 2: Formación e docencia no novo contexto. Obxectivo Estratéxico OE 2.1.: Reforzar a función docente do PDI	Realizar campañas e materiais informativos sobre uso responsable da intelixencia artificial e ética académica.	Activa	Decano e coordinadores de título	31/12/2025	Non

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 291 de 318

	Memoria actual					
AM-14_23/24	Liña estratéxica do Plan Estratéxico 2024-26 N° LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC	Actualización dos documentos do SGC do Centro (Manual de Procesos, Manual do SGC, etc.)	Activa	Decano	31/12/2025	Non

	MEMORIA DE CALIDADE	
	Páxina 292 de 318	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-1_23/24
		Tipo	Liña estratéxica do Plan Estratéxico 2024-26 N° LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
	Definición	Análise causa	As funcións do responsable de calidade do centro (RCC) son asumidas polo Vicedecano no caso da Facultade de Bioloxía. Aínda que o RCC é asistido polo Equipo de Dirección (ED), os membros da CCC, e os coordinadores de título, a complexidade da burocracia asociada aos procesos de xestión da calidade fai necesario buscar un apoio adicional. O Manual do SGC da Facultade de Bioloxía permite dotar o posto de coordinador de calidade, que correspondería a unha persoa nomeada polo decano entre o PDI que non sexa membro do equipo de dirección, precisamente para a realización de funcións de apoio ao RCC.
		Definición/descrición proposta	Dotar o posto de coordinador/a de calidade
		Data prevista de finalización	31/10/2025
		Data inicio	01/09/2024
	Responsables		Responsable da implantación
Tarefa1	Código	am-1_23/24	
	Descrición tarefa	Dotar o posto de coordinador de calidade	
	Data prevista de finalización	31/10/2025	
	Persoa responsable	Decano	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 294 de 318

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-2_24/25
		Tipo	Derivada do auto informe de acreditación 2022/2023 do Máster de Neurociencia (AM-04)
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
	Definición	Análise causa	Como indica o auto informe AUTOINFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN do Máster en Neurociencia (Curso 2022-23), a taxa de abandono (RD1397/2007) na USC foi do 25 %, e polo tanto superior á do curso anterior (10 %). Na UVIGO a taxa de abandono foi do 11.11 %, e na UDC do 66.7 %; esta última, polo tanto, unha taxa moi elevada. Para unha mellor comprensión dos datos, é necesario realizar unha análise detallada do alumnado a tempo completo/a tempo parcial, dos traslados de expediente, do alumnado que abandona o Título e das causas que orixinan dito abandono, así como do alumnado que consta como matriculado e non cursou ningunha das materias en cada unha das universidades. Por exemplo, na USC, dos 18 alumnos/as de novo ingreso, dous alumnos/as nunca cursaron ningunha materia, outros dous abandonaron o Título, un deles para volver ao seu país de orixe por cuestións familiares. Dos 14 alumnos/as restantes, 12 defenderon o seu TFM no curso 2023-24. Na UVIGO, dos 6 matriculados, dous alumnos/as nunca cursaron ningunha materia, dous matriculáronse a tempo parcial, e dos dous restantes, un deles defendeu o seu TFM no curso 2023-24. Na UDC, dos 3 alumnos/as de novo ingreso, un deles defendeu o seu TFM no curso 2023-24, e dos dous restantes, un abandonou o Máster por cuestións familiares, e ao outro resultoulle imposible completar o Máster, xa que ao mesmo tempo estaba cursando outro Máster noutra Comunidade Autónoma. Polo tanto, é de gran importancia facer este tipo de análises para dispor de valores globais da titulación e facer unha valoración máis obxectiva dos resultados obtidos, sobre todo en relación coa taxa de abandono

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 295 de 318

			no Máster de Neurociencia.
		Definición/descrición proposta	Elaboración dun informe derivado do cálculo da taxa de abandono en Másteres
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Data inicio	1/10/2024
Responsables		Responsable da implantación	Decano e Coordinadores de Máster
Tarefa1		Código	am-2_24/25
		Descrición tarefa	Elaboración dun informe que incluía datos referidos ao estudiantado das tres universidades (matriculados a tempo completo, matriculados a tempo parcial, alumnos que abandonan o máster e a causa de dito abandono. Coa elaboración deste informe o obxectivo a acadar é obter a información necesaria para adoptar as medidas/decisións que se consideren oportunas en relación ao calculo da taxa de abandono en futuros auto informes.
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Persoa responsable	Decano e Coordinador de Máster

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-3_24/25
		Tipo	Plan Estratégico 2024-26. Liña Estratégica LE 5: Relacións coa Sociedade. Obxectivo estratéxico OE 5.1.- Potenciar a divulgación, promoción e difusión. Acción de mellora relacionada co Autoinforme de acreditación 2022/2023 do Máster de Neurociencia (AM-03)
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 6. Información pública
	Definición	Análise causa	Na USC, a información pública das titulacións xestiónase segundo o

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 296 de 318

			proceso PS-06 do SGC, que asegura a súa revisión e actualización periódica. Neste contexto, a USC renovou a súa páxina web institucional para mellorar a visibilidade e accesibilidade da información. Outras universidades galegas tamén contan con procesos específicos para garantir a calidade da información pública: o PC12 na UDC e o DO-0301 P1 na UVigo. Dado que o máster xa non dispón dunha web propia desde o curso 2023-24, cómpre actualizar a información dispoñible na web institucional da Facultade de Bioloxía da USC (que coordina o título) para garantir a transparencia e facilitar o acceso aos grupos de interese.
		Definición/descrición proposta	Revisar e actualizar a información sobre Másteres na páxina web institucional
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Data inicio	01/10/2024
Responsables		Responsable da implantación	Decano e Coordinador de Máster
Tarefa1		Código	am-3_24/15
		Descrición tarefa	Revisar e actualizar a información sobre Másteres na páxina web institucional
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Persoa responsable	Decano e Coordinador de Máster

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-4_23/24
		Tipo	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 4.1.- Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC. Relacionada tamén coas seguintes accións de mellora dos mestrados:

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 297 de 318

			- Autoinforme para acreditación 2022-23 do MU en Acuicultura: AM-01 - Autoinforme para acreditación 2022-23 do MU en Biodiversidade Terrestre: AM-04 - Autoinforme para acreditación 2022-23 do MU en Biodiversidade Terrestre: AM-05
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade; Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
	Definición	Análise causa	Baixa participación nalgunhas enquisas do PDI e alumnado tanto a nivel de Grao como Máster, pese aos intentos de impulsar a participación a través de mensaxes de correo electrónico aos actores implicados e a mención nas xornadas de presentación. Cumpre prorrogar a acción.
		Definición/descrición proposta	Desenvolvemento de campañas de concienciación sobre a importancia do enchemento das enquisas
		Data prevista de finalización	31/12/2025
Data inicio		1/10/2024	
Responsables		Responsable da implantación	Decano e Coordinadores de Máster
Tarefa1		Código	am-4_23/24
		Descrición tarefa	Desenvolvemento de campañas de concienciación ao alumnado para a cumplimentación das enquisas e recordatorios a través do correo electrónico
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Persoa responsable	Decano e Coordinadores de Máster

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 298 de 318

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-5_24/25
		Tipo	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 1: Estudantado e comunidade universitaria. Obxectivo Estratéxico OE 1.1.: Dinamización da facultade
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
	Definición	Análise causa	Descenso da participación do estudantado en órganos colexiados
		Definición/descrición proposta	Incrementar a participación do estudantado en órganos colexiados
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Data inicio	1/10/2024
Responsables		Responsable da implantación	Decano
Tarefa1	Código		am-5_24/25
	Descrición tarefa		Desenvolvemento de campañas de concienciación ao alumnado para Incrementar a participación do estudantado en órganos colexiados e comisións a través do correo electrónico
	Data prevista de finalización		31/12/2025
	Persoa responsable		Decano

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-6_23/24
		Tipo	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 1: Estudantado e comunidade universitaria. Obxectivo Estratéxico OE 1.1.: Dinamización da facultade

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 299 de 318

	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
	Definición	Análise causa	Asistencia do PDI nas Xuntas de Facultade relativamente baixa
		Definición/descrición proposta	Aumentar polo menos nun 25% a participación do PDI nas Xuntas de Facultade
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Data inicio	1/9/2024
Responsables		Responsable da implantación	Decano
Tarefa1		Código	am-6_23/24
		Descrición tarefa	Concienciar sobre a importancia da participación do PDI nas Xuntas de Facultade mediante mensaxes emitidas por correo electrónico e outros comunicados (p. ex., na Xunta de Facultade)
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Persoa responsable	Decano

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-7_24/25
		Tipo	Liña estratéxica do Plan Estratéxico 2024-26 Nº LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
	Definición	Análise causa	Algúns membros do PDI participan en múltiples comisións, como a Comisión de Calidade do Centro e as diferentes comisións de título: Grao en Bioloxía, Grao en Biotecnoloxía, Comisión Académica do Máster en Neurociencia, Comisión Académica do Máster de Acuicultura, Comisión Académica do Máster Biodiversidade Terrestre.

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 300 de 318

			Un exemplo é o RCC.
		Definición/descrición proposta	Evitar duplicidades do persoal nos órganos do SGC. Para elo, tratarase de que non se acumulen varios cargos nunha soa persoa, de xeito que se limite ao máximo posible o atoparse en varias comisións ao mesmo tempo. Por exemplo, que o RCC non sexa tamén o coordinador de título do Grao en Bioloxía, que fai que teña que estar na CCC e na maioría das Comisións de Título dos graos e mestrados. Outro exemplo é a Coordinadora de 3.º Curso do Grao en Bioloxía, que participa na Comisión de Título do Grao en Bioloxía, na Comisión de Título do Grao en Biotecnoloxía e na Comisión Académica do Máster de Acuicultura; tamén a Coordinadora de 4º do Grao en Biotecnoloxía, que é membro ademais do Comisión Académica do Máster de Bioloxía Mariña.
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Data inicio	1/09/2024
Responsables		Responsable da implantación	Decano e coordinadores de mestrado
Tarefa1		Código	am-7_24/25
		Descrición tarefa	Evitar duplicidades do persoal nos órganos do SGC.
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Persoa responsable	Decano e coordinadores de mestrado

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-8_23/24
		Tipo	Plan Estratégico 2024-26. Liña Estratégica LE 2: Formación e a docencia no novo contexto. Obxectivo Estratégico OE 2.2.: Mellorar a formación do alumnado

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 301 de 318

	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
	Definición	Análise causa	Valoración insuficiente da formación práctica por parte do estudantado. Demanda unha mellora da formación nos laboratorios dedicada á resolución de problemáticas biolóxicas.
		Definición/descrición proposta	Desenvolver un marco normativo que facilite a incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación a maiores do TFG/TFM e prácticas externas
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Data inicio	1/9/2024
Responsables		Responsable da implantación	Decano
Tarefa1		Código	am-8_23/24
		Descrición tarefa	Desenvolver un marco normativo que facilite novas posibilidades de incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Persoa responsable	Decano

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-9_24/25
		Tipo	Obxectivo derivado do Autoinforme de acreditación 2022/2023 do Máster de Biodiversidade Terrestre (AM-01). Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 2: Formación e a docencia no novo contexto. Obxectivo Estratéxico OE 2.2.: Mellorar a formación do alumnado
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 302 de 318

	Definición	Análise causa	O auto informe de acreditación 2022/2023 do Máster de Biodiversidade Terrestre indica uns resultados de satisfacción polo estudiantado relativamente baixos debido a unha sobrecarga de traballo en momentos puntuais do curso.
		Definición/descrición proposta	Racionalización das actividades docentes do Máster de Biodiversidade Terrestre
		Data prevista de finalización	31/06/2026
		Data inicio	15/09/2025
Responsables		Responsable da implantación	Coordinador do Máster e Comisión Académica do Máster
Tarefa1		Código	am-9_24/25
		Descrición tarefa	Definir un calendario detallado de actividades docentes no Máster de Biodiversidade Terrestre para racionalizar a distribución temporal de tarefas
		Data prevista de finalización	31/06/2026
		Persoa responsable	Coordinador de Máster e Comisión Académica do Máster

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-10_1_24/25
		Tipo	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 2: Formación e docencia no novo contexto. Obxectivo estratéxico OE 2.2. (Mellorar a formación do alumnado; AC 2.2.2.- Fomentar a participación do alumnado en programas de intercambio). Acción de Mellora derivada tamén do Autoinforme de acreditación 2022/2023 do Máster de Biodiversidade Terrestre (acción de mellora AM-02).

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 303 de 318

	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
	Definición	Análise causa	Participación do estudantado dos Másteres en programas de mobilidade relativamente baixa
		Definición/descrición proposta	Aumentar nun 10% a participación do estudantado en programas de mobilidade
		Data prevista de finalización	31/03/2026
		Data inicio	15/09/2025
Responsables		Responsable da implantación	Decano e Coordinadores dos títulos
Tarefa1		Código	am-10_1_24/25
		Descrición tarefa	Fomentar e facilitar nos Graos es Másteres a participación do estudantado en programas de mobilidade
		Data prevista de finalización	31/03/2026
		Persoa responsable	Decano e Coordinadores dos títulos

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-10_2_24/25
		Tipo	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 2: Formación e docencia no novo contexto. Obxectivos estratéxicos OE 2.1 (Reforzar a función docente do PDI; AC 2.1.4.- Fomentar a participación do PDI en programas de intercambio). Acción de Mellora derivada tamén do Autoinforme de acreditación 2022/2023 do Máster de Biodiversidade Terrestre (accións de mellora AM-03).
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
	Definición	Análise causa	Participación de PDI dos Graos e Másteres en programas de

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 304 de 318

			mobildade relativamente baixa
		Definición/descrición proposta	Aumentar nun 5% a participación do PDI dos Graos e Másteres en programas de mobildade
		Data prevista de finalización	31/03/2026
		Data inicio	15/09/2025
Responsables		Responsable da implantación	Decano e Coordinadores de Título
Tarefa1		Código	am-10_2_24/25
		Descrición tarefa	Fomentar e facilitar nos Másteres a participación en programas de mobildade
		Data prevista de finalización	31/03/2026
		Persoa responsable	Decano e Coordinadores de Título

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-11_24/25
		Tipo	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 2. Formación e docencia no novo contexto. Obxectivo estratéxico OE 2.2.- Mellorar a formación do alumnado. Acción de mellora derivada do Autoinforme de acreditación 2022/2023 do Máster de Neurociencia (AM-01).
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
	Definición	Análise causa	Baixo número de matriculados en certas materias optativas de Grao e Máster. Por exemplo, no Autoinforme de acreditación 2022/2023 do Máster de Neurociencia detectouse que nos últimos cursos e nalgúñas materias optativas das 22 ofertadas, a matrícula de

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 305 de 318

			alumnado era moi baixa, sendo nalgúns casos inferior a 3 alumnos/as. Esta cuestión tamén foi observada polos coordinadores da UDC e da UVIGO, e foi comentada nalgunhas das reunións mantidas. Por iso, considerase útil realizar un histórico do alumnado matriculado nas distintas materias optativas ofertadas neste mestrado. O mesmo está a acontecer nas materias optativas doutros mestrados e tamén nas dos Graos de Bioloxía/Biotecnoloxía.
		Definición/descrición proposta	Identificar casos de baixa matriculación recorrente en materias optativas
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Data inicio	01/10/2024
Responsables		Responsable da implantación	Coordinadores de Título
Tarefa1		Código	am-11_24/25
		Descrición tarefa	Rexistrar o número de matriculados en materias optativas de Grao e Máster para detectar casos extremos de baixa matriculación recorrente de cara a revelación de causas que poidan ser abordadas
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Persoa responsable	Coordinadores/as de título

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-12_24/25
		Tipo	Obxectivo relacionado co Autoinforme de acreditación 2022/2023 do Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 2: Formación e docencia no novo contexto. Obxectivo estratéxico OE 2.2.- Mellorar a formación do alumnado.

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 306 de 318

			Acción de mellora procedente do Autoinforme de acreditación 2022/2023 do Máster de Neurociencia (AM-02), que xurdiu pola alta diversidade da bagaxe formativa dos alumnos matriculados
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
	Definición	Análise causa	O perfil académico de unha fracción dos alumnos interesados no Máster en Neurociencia está as veces demasiado lonxe das ciencias experimentais e da saúde
		Definición/descrición proposta	Actualizar os criterios de admisión do Máster en Neurociencia
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Data inicio	01/10/2024
Responsables		Responsable da implantación	Decano e Coordinador de Máster
Tarefa1		Código	am-12_24/25
		Descrición tarefa	Definir mais concretamente os criterios de admisión do Máster en Neurociencia
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Persoa responsable	Decano e Coordinador de Máster

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de	Código	AM-13_1_24/25

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 307 de 318

		Tipo	Plan Estratéxico 2024-26. Liña estratéxica LE 2: Formación e docencia no novo contexto. Obxectivo Estratéxico OE 2.1.: Reforzar a función docente do PDI Memoria actual
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
	Definición	Análise causa	Necesidade detectada, a través de procesos de avaliación interna (memoria de calidade; p. ex., caída nos últimos cursos do número de TFGs experimentais), de adaptar a docencia universitaria aos retos e oportunidades que presenta a intelixencia artificial, tanto no desenvolvemento profesional do PDI como na formación do estudiantado (coñecementos e conductas éticas), así como de garantir que as metodoloxías de ensino e avaliación empregadas nos títulos se manteñen actualizadas e son eficaces.
		Definición/descrición proposta	Fomentar a actualización do PDI en novas metodoloxías docentes, formación en destrezas/competencias e na aplicación da intelixencia artificial na docencia
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Data inicio	01/09/2025
	Responsables	Responsable da implantación	Decano e coordinadores de título
Tarefa1		Código	am-13_1_24/25
		Descrición tarefa	- Incrementar o número de actividades de formación realizadas polo PDI polo menos nun 10%
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Persoa responsable	Decano e coordinadores de título

ACCIÓNS DE MELLORA

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 308 de 318

Definición	Acción de mellora	Código	AM-13_2_24/25
		Tipo	Plan Estratéxico 2024-26. Liña estratéxica LE 2: Formación e docencia no novo contexto. Obxectivo Estratéxico OE 2.1.: Reforzar a función docente do PDI Memoria actual
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
	Definición	Análise causa	Necesidade detectada, a través de procesos de avaliación interna (memoria de calidade; p. ex., caída nos últimos cursos do número de TFGs experimentais), de adaptar a docencia universitaria aos retos e oportunidades que presenta a intelixencia artificial, tanto no desenvolvemento profesional do PDI como na formación do estudantado (coñecementos e conductas éticas), así como de garantir que as metodoloxías de ensino e avaliación empregadas nos títulos se manteñen actualizadas e son eficaces.
		Definición/descrición proposta	Analizar nas comisións de título e na de calidade o impacto (positivo e negativo) da intelixencia artificial na formación do estudantado e nas metodoloxías de avaliación que se están a aplicar en graos e mestrados.
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Data inicio	01/09/2025
Responsables		Responsable da implantación	Decano e coordinadores de título
Tarefa1	Código	am-13_2_24/25	
	Descrición tarefa	- Realizar polo menos unha reunión das comisión de título e calidade para abordar o impacto da IA na docencia	
	Data prevista de finalización	31/12/2025	
	Persoa responsable	Decano e coordinadores de título	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 309 de 318

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-13_3_24/25
		Tipo	Plan Estratéxico 2024-26. Liña estratéxica LE 2: Formación e docencia no novo contexto. Obxectivo Estratéxico OE 2.1.: Reforzar a función docente do PDI Memoria actual
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
	Definición	Análise causa	Necesidade detectada, a través de procesos de avaliación interna (memoria de calidade; p. ex., caída nos últimos cursos do número de TFGs experimentais), de adaptar a docencia universitaria aos retos e oportunidades que presenta a intelixencia artificial, tanto no desenvolvemento profesional do PDI como na formación do estudantado (coñecementos e conductas éticas), así como de garantir que as metodoloxías de ensino e avaliación empregadas nos títulos se manteñen actualizadas e son eficaces.
		Definición/descrición proposta	Realizar campañas e materiais informativos sobre uso responsable da intelixencia artificial e ética académica.
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Data inicio	01/09/2025
	Responsables		Responsable da implantación
Tarefa1	Código	am-13_3_24/25	
	Descrición tarefa	- Incrementar o número de TFGs experimentais nun 10%	
	Data prevista de finalización	31/12/2025	
	Persoa responsable	Decano e coordinadores de título	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 310 de 318

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-14_23/24
		Tipo	Liña estratéxica do Plan Estratéxico 2024-26 N° LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
	Definición	Análise causa	O SGC busca propiciar a mellora continua da Facultade. É un sistema dinámico que require a constante actualización dos seus documentos. A recente modificación do documento dos “informes e enquisas propios” do SGC da Facultade de así como os cambios na documentación de calidade da USC (p. ex., Manual de Procesos Institucionais, etc.) obriga a realizar certos axustes no Manual de Procesos e no Manual do SGC da Facultade de Bioloxía.
		Definición/descrición proposta	Actualización dos documentos do SGC do Centro
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Data inicio	01/09/2024
	Responsables		Responsable da implantación
Tarefa1	Código	am-14_23/24	
	Descrición tarefa	Actualización dos documentos do SGC do Centro	
	Data prevista de finalización	31/12/2025	
	Persoa responsable	Decano e RCC	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 311 de 318

4 Modificacións nos diferentes títulos

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS		
TÍTULO	MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Grao e Bioloxía (2ª ed)	No curso 2023-24 non houbo modificacións non substanciais na titulación	
Grao en Biotecnoloxía (1ª ed)	No curso 2023-24 non houbo modificacións non substanciais na titulación	
Dobre Grao en Química-Bioloxía	No curso 2023-24 non houbo modificacións non substanciais na titulación	
MU Neurociencia	No curso 2023-24 realizáronse modificacións non substanciais na titulación seguindo a normativa vixente. Estas consistiron en cambiar a denominación de dúas materias optativas	Cambio na denominación da materia P2012205, optativa do segundo semestre do Máster en Neurociencia. A denominación actual da materia é: "Exploracións Nucleares en Neuroloxía: SPET e PET. Neuroimaxe Dixital" e a nova denominación que se propón é: "Neuroimaxe PET/SPECT: preprocesado, análise e aplicacións clínicas". Os motivos que levaron a suxerir este cambio son os seguintes: SPET é unha abreviatura obsoleta, usada no seu momento no ámbito dos EUA. O correcto é SPECT. Mencionar "Dixital" na actualidade é redundante, xa que non existe ningunha tecnoloxía de imaxe que non sexa dixital. "Exploracións nucleares" tamén é unha terminoloxía en desuso. Cambio na denominación da materia P2012209, optativa do segundo semestre do Máster en Neurociencia. A denominación actual da materia é: "Fundamentos de Neuroloxía" e a nova denominación que se propón é: "Neurociencia aplicada á Neuroloxía clínica". O motivo que levou a suxerir este cambio é: O contido da materia baséase principalmente no coñecemento de técnicas,

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 312 de 318

		modelos preclínicos in vitro e in vivo, así como na metodoloxía de investigación traslacional en Neurociencias para mellorar o diagnóstico e/ou tratamento das enfermidades neurolóxicas.
MU en Acuicultura	No curso 2023-24 non houbo modificacións non substanciais na titulación	
MU en Biodiversidade Terrestre	No curso 2023-24 non houbo modificacións non substanciais na titulación	
MU en Bioloxía Mariña	No curso 2023-24 non houbo modificacións non substanciais na titulación	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 313 de 318

5 Listaxe de evidencias e indicadores

Directrices	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
2,3	E1	Memoria vixente do título	Grao en Bioloxía (3ª ed) Grao en Biotecnoloxía (2ª ed) Dobre Grao en Química e en Bioloxía Máster Universitario en Acuicultura Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión Máster Universitario en Neurociencia Máster Universitario en Bioloxía Mariña
2,3	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
2,3	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web da Facultade de Bioloxía Web propia do: - Máster Interuniversitario en Acuicultura - Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión - Máster Universitario en Bioloxía Mariña
1,2,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Comisión de Título do Grao en Bioloxía Comisión de Título do Grao en Biotecnoloxía Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía
2,3	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	<i>Non dispoñible</i>
2,3	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de	Memoria, Directrices 2 e 3

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 314 de 318

		egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	
1, 2, 3	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Panel de indicadores_2023-2024
			INF.16_2023-2024 (información por título)
			INF.CiUG_2023-2024 (información por título)
1, 2, 3	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	I2_2023-2024 (información por título)
1, 2, 3	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	Panel de indicadores_2023-2024
			INF.03_2023-2024 (información agrupada por centro)
6	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	<u>Web da USC</u>
			<u>Web da Facultade de Bioloxía</u> Web propia do: - <u>Máster Interuniversitario en Acuicultura</u> - <u>Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión</u> - <u>Máster Universitario en Bioloxía Mariña</u>
			<u>Grao en Bioloxía (3ª ed)</u> <u>Grao en Biotecnoloxía (2ª ed)</u> <u>Dobre Grao en Química e en Bioloxía</u> <u>Máster Universitario en Acuicultura</u> <u>Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión</u> <u>Máster Universitario en Neurociencia</u> <u>Máster Universitario en Bioloxía Mariña</u>
1	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<u>Web da Facultade de Bioloxía</u>

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 315 de 318

1	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	<u>Web da Facultade de Bioloxía</u>
1, 2, 3	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<u>Web da Facultade de Bioloxía</u>
1, 2, 3	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Memoria, Directrices 1, 2 e 3
Todas	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Panel de indicadores_2023-2024 Informes de enquisas (docencia, PDI, PAS, egresados, prácticas, mobilidade...)
1	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	Panel de indicadores_2023-2024
1	E14	Informe de certificación da implantación do SGC	<u>ACSUG</u> <u>Documentación do SGC</u>
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.)	E15_2023-2024 (información por título)
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	E16_2023-2024
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Memoria, Directriz 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_2023-2024 (información agrupada por centro)
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_2023-2024 (información agrupada por centro)
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	INF.13_2023-2024 (información por título)
			INF.14_2023-2024 (información por título)

	MEMORIA DE CALIDADE		
	Páxina 316 de 318		

4	I9	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos.	<i>Non dispoñible</i>
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	I10_2023-2024 (información agrupada por centro)
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<u>Web da Facultade de Bioloxía</u>
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	<u>Web da Facultade de Bioloxía</u>
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	<u>Web da Facultade de Bioloxía</u>
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	<i>Non dispoñible</i>
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<u>Campus Virtual</u>
2,3	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, polo menos, os últimos cursos académicos (título, titor y cualificación)	<i>Non dispoñible</i>
2,3	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	INF.15_2023-2024 (información por título)
2,3	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Memoria, Directrices 2 e 3
2, 3	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	Panel de indicadores_2023-2024 (información agrupada por centro)
			INF.17_2023-2024 (información por título)
			INF.18_2023-2024 (información por título)
			INF.19_2023-2024 (información por título)
			SIIU_2023-2024 (información por título)
2, 3	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	Panel de indicadores_2023-2024 (información agrupada por centro)
			INF.CiUG_2023-2024 (información por título)
2, 3	I14	Resultados de inserción laboral	EIL-SIIU_2023-2024 (información por título)

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 317 de 318

			EIL-ACSUG_2023-2024 (información por título)
2, 3, 4, 5	115	Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva...)	Panel de indicadores_2023-2024 (información agrupada por centro)